CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 13

2011

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
ANXO M. LORENZO SUÁREZ

Coordinador científico do CIRP
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística
GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2011

Autor Varios

Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 2011

Periodicidade Anual.

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L. C 3206-2011

Imprime: Grafinova, S. A. - Santiago de Compostela

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CIRBIRC, DICE, DIALNET, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Facultades de Letras, Humanísticas e de Tradución de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden baixarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es e tamén na Biblioteca Letras Galegas do Instituto Cervantes (**http://www.cervantesvirtual.com/**). A presentación, revisión e aceptación de orixinais nesta revista segue estándares internacionais que se explican nas *Notas para a presentación de colaboracións* (páxs. 505-507).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 13

2011

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Secretaria: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Cristina Rodríguez Nieto (Porto do Son)
Emma Mª Salgueiro Veiga (CEIP de Sillobre, Fene)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Xacinta Varela Martínez (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Cristina Veiga Novoa (Santiago de Compostela)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseológos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente a noventa e cinco dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse integramente en formato PDF da Rede en http://www.cirp.es

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseológica, está redactada en lengua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a noventa y cinco de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en http://www.cirp.es

Cadernos de Fraseoloxía Galega, annual review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by ninety-five of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at http://www.cirp.es

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue spécialisée en Phraséologie, est rédigée en galicien car non seulement elle prétend stimuler la collecte et la recherche de la Phraséologie galicienne et de la Phraséologie universelle présente en Galice, mais aussi parce qu'elle fait partie d'un projet social de normalisation de la propre langue galicienne. D'importants phraséologues d'Europe et d'Amérique prêtent généreusement leur collaboration à ce projet d'écologie linguistique en publiant des travaux inédits en galicien dans cette revue, qui est envoyée gratuitement à 95 des plus éminents phraséologues du monde entier, et à toutes les bibliothèques universitaires d'Espagne et du Portugal, en modalité d'échange. Elle sera également remise à toutes les autres bibliothèques universitaires qui veuillent bien la solliciter en échange. Les numéros antérieurs, déjà épuisés, peuvent être déchargés intégralement en format PDF sur la Toile au site: http://www.cirp.es

Cadernos de Fraseoloxía Galega, ist eine phraseologische Zeitschrift, die auf galicischer Sprache verfasst wird. Sie hat als erstes Ziel, die Zusammenstellung und Analyse des phraseologischen Bestandes des Galicischen aber auch anderer europäischer Sprachen zu fördern. Als Bestandteil eines weiteren gesellschaftlichen Projekts in Galicien leistet diese galicische Publikation dem Standardisierungsprozess der eigenen Landessprache eine wichtige Unterstützung. Wichtige Phraseologen aus Europa und Amerika tragen mit ihren Artikeln auf galicischer Sprache zu diesem sprachnormativen Projekt großzügig bei. Unsere Zeitschrift wird kostenlos mittlerweile von fünfundneunzig der renomiertesten Phraseologen aus aller Welt und -im Austausch-von allen spanischen und portugiesischen Universitätbibliotheken erhalten. Weitere Universitätbibliotheken können die Zeitschrift auf Antrag im Austausch bekommen. Die früheren und vergriffenen Zeitschriftsnummer können vollständig im Internet im PDF-Format unter http://www.cirp.es heruntergeladen werden

Журнал «Тетради Галисийской Фразеологии», посвящённый фразеологическим исследованиям, выходит на галисийском языке, так как он издаётся в первую очередь с целью стимулировать сбор материала и проведение исследований по галисийской фразеологии и по универсальной фразеологии в Галисии, а также потому что он является составной частью социального проекта нормализации собственного языка Галисии. Видные фразеологи Европы и Америки щедро сотрудничают в рамках этого проекта по лингвистической экологии, публикуя свои неизданные труды на галисийском языке в этом журнале, который распространяется бесплатно среди девяноста пяти наиболее выдающихся фразеологов мира, а также высылается по межбиблиотечному обмену во все университетские библиотеки Испании и Португалии. Журнал будет также отсылаться во все те университетские библиотеки, которые запросят его по межбиблиотечному обмену. Предыдущие номера, тираж которых уже исчерпан, можно скачать полностью из сети в формате PDF с адреса http://www.cirp.es

Presentación

A sección de ESTUDOS de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13,2011 ofrece trece traballos que tocan os seguintes ámbitos de numerosas linguas: as colocacións en inglés no artigo de I. Lareo Martín *Colocacións con 'make', 'take' e 'do' + nome nun corpus do século XIX de textos ingleses científicos e literarios escritos por mulleres*; a perspectiva cognitiva no artigo de Luis González García, *Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas* e noutro de Claudia Herrero Kaczmarek: *O encontro e o desencontro expresado a través dos fraseoloxismos do campo cognitivo FALAR*; a xeografía fraseolóxica nunha nova entrega de Elisabeth Piirainen (agora con certo carácter histórico): *Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do "Lexicon of Common Figurative Units"*; aspecto histórico tamén presente no artigo de Manuel José Aguilar Ruiz, *Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: 'Los refranes que dizen las viejas tras el fuego'*; a xeografía aplicada á paremioloxía meteorolóxica trátaa un novo artigo de Pilar Río Corbacho: *BADARE: A personificación nos espazos de tempo.* A linguaxe xuvenil en comparación bilingüe está presente no traballo de Eva Fernández Álvarez *Refráns e linguaxe xuvenil en alemán e español. Unha análise empírica.* A capacidade xeradora de fraseoloxía en galego faise patente desde o mundo equino en '*Onde hai eguas , poldros nacen*'. *A realidade vista dende os equinos* de Fernando Groba Bouza e, desde o mundo infantil, en *Interaccións verbais entre rapaz-adulto ou rapaz-rapaz. Contribución á fraseoloxía* de María do Rosario Soto Arias. A fraseoloxía na literatura analízaa Xesús Ferro Ruibal con *Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía.* A didáctica fraseolóxica reúne tres achegas: *Do literal ó figurado: descodifica-las expresións idiomáticas na clase de LE*, de Florence Detry; *Consideracións sobre a didáctica da fraseoloxía italiana a estudantes galegófonos*, de María Montes López; e *O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)*, de Fernande Ruiz Quemoun.

Na sección de RECADÁDIVAS publícase o traballo de Evaristo Domínguez Rial, *Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)* que reuniu unhas 3000 unidades.

Na sección de RECENSIÓNS, coméntanse primeiramente cinco dos dez volumes que xurdiran ó abeiro do Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía (Santiago de Compostela, 19-22.9.2006) (USC): Xacinta Varela Martínez describe *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*, de María Álvarez de la Granja (ed.); *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*, de Germán Conde Tarrío (ed.) e tamén os dous volumes que coordinou Mª Isabel González Rey: *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras* e *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources*. Emma Mª Salgueiro Veiga analiza *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation* de Mª Isabel González Rey (ed.). Tamén se comentan outras cinco obras, que xa nada teñen que ver co devandito congreso: Xesús Ferro Ruibal recensiona dúas obras coordinadas por José Enrique Gargallo Gil: *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos* e I

proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza; M. Carmen Losada Aldrey dá conta de *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología*, de Lucía Luque Nadal; Mª do Rosario Soto Arias valora o *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego* de Xosé A. Pena en formato electrónico; e, finalmente, Carme Mellado Blanco examina *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography*, de Stefaniya Ptashnyk, Erla Hallsteinsdottir e Noah Bubenhofer.

Esta sección complétase coa de NOVAS na que se dá conta dos 134 artigos ou libros chegados a esta Revista e que dan fe da actual vitalidade produtiva desta póla da ciencia. Tamén se dá conta da aparición dunha aplicación para Iphone con case 10.000 refráns para consultar offline: *O Refraneiro Galego*. Comunícase a celebración do *Tercer Seminario Internacional sobre Refranes Meteorológicos. Geoparemiología Romance* da Universitat de Barcelona (6-7.6.2011); do Seminario "*La Fraseología en el Corrido Mexicano*" da Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo, México impartido por Raúl Eduardo González Hernández (17.6. 2011) na UCM; do Seminario Internacional. *Unidades Fraseológicas y TICS* o 5-7.10.2011 na Universidad Complutense de Madrid; e da *II International Conference on Phraseology and Paroemiology. I Brazilian Conference on Phraseology. Topic Current Trends in Descriptive and Applied Research on Phraseology and Paremiology*, en Brasilia, do 13-18.11. 2011; do *Congreso Internacional de Fraseoloxía Contrastiva Alemán-Español/Galego* celebrado en Santiago de Compostela os días 24-25.11.2011. Tamén se informa do próximo Congreso *Fraseología, Didáctica de las Lenguas y Traducción* (USC. Lugo 29-31.10.2012) e da Exposición Virtual: *Refranes y Aforismos en la España del S. XVII* na Biblioteca Histórica de Madrid.

Neste número están representadas a Universidad de Salamanca; Universidade da Coruña; Universidade de Santiago de Compostela; Universitat d'Alacant; Universitat de Girona; Universitat de València; Universidad Europea de Madrid; Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga); CEIP de Sillobre, Fene; C.E.I.P. Bormoio-Agualada; Centro de Linguas Modernas da USC; IES Eusebio da Guarda da Coruña; Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e tamén Steinfurt (Alemaña).

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece os textos recibidos, a colaboración dos tradutores que se citan ó pé de cada traballo e as traducións ó inglés de Emma Mª Salgueiro Veiga, Fernando Pazó Fernández e de Raquel González Pérez. Agradece xa as colaboracións que se anuncian e a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa, África e América. E, como algúns dos números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede http://www.cirp.es

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 1 de marzo do 2012 e a data de aceptación é o 15 de maio de 2012. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** solicítalles ós futuros colaboradores que se ateñan estritamente ás normas de publicación que se inclúen ó final deste número e á folla de estilo que se pode consultar na nosa páxina web (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_presenta).

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS..... 15

AGUILAR RUIZ, Manuel José. *Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: 'Los refranes que dizen las viejas tras el fuego'*..... 17
DETRY, Florence. *Do literal ó figurado: descodifica-las expresións idiomáticas na clase de LE*..... 49
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Eva. *Refráns e linguaxe xuvenil en alemán e español. Unha análise empírica*..... 65
FERRO RUIBAL, Xesús. *Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía*..... 77
GONZÁLEZ GARCÍA, Luis. *Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas*..... 113
GROBA BOUZA, Fernando. *'Onde hai eguas , poldros nacen' . A realidade vista dende os equinos*..... 149
HERRERO KACZMAREK, Claudia. *O encontro e o desencontro expresado a través dos fraseoloxismos do campo cognitivo FALAR*..... 177
LAREO MARTÍN, I. *Colocacións con 'make', 'take' e 'do' + nome nun corpus do século XIX de textos ingleses científicos e literarios escritos por mulleres* 191
MONTES LÓPEZ, María. *Consideracións sobre a didáctica da fraseoloxía italiana a estudantes galegófonos* 215
PIIRAINEN, Elisabeth. *Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do 'Lexicon of Common Figurative Units'*..... 227
RÍO CORBACHO, Pilar. BADARE: *A personificación nos espazos de tempo*..... 247
RUIZ QUEMOUN, Fernande. *O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)*..... 263
SOTO ARIAS, María do Rosario. *Interaccións verbais entre rapaz-adulto ou rapaz-rapaz. Contribución á fraseoloxía*..... 279

RECADÁDIVAS..... 299

DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo. *Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)* 301

RECENSIÓNS..... 405

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*. Por Xacinta Varela Martínez..... 407
CONDE TARRÍO, Germán (ed.) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*. Por Xacinta Varela Martínez 411
GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos. José Enrique Gargallo Gil (coordinador) Maria-Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana i Tous y Antonio Torres Torres*. Por Xesús Ferro Ruibal..... 416
GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. Por Xesús Ferro Ruibal..... 423
GONZÁLEZ REY, Isabel (Ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras*. Por Xacinta Varela Martínez 427
GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources*. Por Xacinta Varela Martínez 430
GONZÁLEZ REY, Isabel (ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*. Por Emma Mª Salgueiro Veiga..... 433
LUQUE NADAL, Lucía (2010): *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología*. Por M. Carmen Losada Aldrey..... 437
PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*. Por Mª do Rosario Soto Arias 440
PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestützte Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography*. Por Carmen Mellado Blanco 446

NOVAS 451

Libros, revistas ou artigos recibidos..... 453
Tercer Seminario Internacional sobre Refranes Meteorológicos. Geoparemiología Romance. Universitat de Barcelona (UB) 466
Seminario *La Fraseología en el Corrido Mexicano.* Centro de Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo. México..... 467
Seminario Internacional *Unidades fraseológicas y TIC.* Universidad Complutense de Madrid..... 467
Nace o refraneiro galego, unha aplicación para iphone con case 10.000 refráns para consultar offline..... 469
II Jornadas de Lengua y Comunicación: La fraseología y la paremiología (60 años después de la Introducción a la lexicografía moderna de D. Julio Casares)..... 470
II International Conference on Phraseology and Paroemiology. I Brazilian Conference on Phraseology. Topic "Current trends in descriptive and applied research on phraseology and paroemiology". Brasilia... 470
Congreso Internacional de Fraseoloxía Contrastiva Alemán-Español/Galego. Santiago de Compostela..... 470
Exposición virtual *Refranes y Aforismos en la España del S. XVII.* Biblioteca Histórica de Madrid..... 474
International Conference under the Auspices of the European Society of Phraseology (EUROPHRAS) *Phraseology and Culture*, will take place in Maribor, Slovenia, from August 27 - 31, 2012. <http://www.europhrasmaribor.si/ .>..... 474
Coloquio Internacional FRADITRAD: Fraseología, Didáctica de las Lenguas y Traducción. Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Lugo (Facultade de Humanidades). 29-31.10.2012. 474

BALANCE 475

Índice temático dos trece primeiros números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 13,2011..... 477
Índice de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* por números..... 499
Notas para a presentación de colaboracións 505
Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2011..... 509

Contents

PAPERS 15

AGUILAR RUIZ, Manuel José. *Knowing the late medieval Hispanic world through its sayings: 'Los refranes que dizen las viejas tras el fuego'*..... 17
DETRY, Florence. *From literal to figurative meaning: decoding idioms in a foreign language Class*..... 49
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Eva. *Proverbs and youth language in German and Spanish. An empirical Analysis*..... 65
FERRO RUIBAL, Xesús. *Álvaro Cunqueiro and Paroemiology* 77
GONZÁLEZ GARCÍA, Luis. *Phraseological units and figurative language. People seen as objects or Machines*..... 113
GROBA BOUZA, Fernando. *'Onde hai eguas, poldros nacen' The reality seen through Horses*..... 149
HERRERO KACZMAREK, Claudia. *The agreement and disagreement expressed through phraseological units belonging to the cognitive field 'TO TALK'*..... 177
LAREO MARTÍN, I. *Verb-noun collocations with 'to make', 'to take' and 'to do' + noun in a corpus of nineteenth century containing English texts of literary and scientific women Writings*..... 191
MONTES LÓPEZ, María. *Some Considerations about the Methodology of Italian Phraseology for Galician Students*..... 215
PIIRAINEN, Elisabeth. *Widespread Idioms in Europe and Beyond: The oldest layers of the 'Lexicon of Common Figurative Units'* 227
RÍO CORBACHO, Pilar. BADARE: *The personification in time Spaces.* 247
RUIZ QUEMOUN, Fernande. *The field of the translation of idioms in a FLE Class*. 263
SOTO ARIAS, María do Rosario. *Verbal interactions between child-adult or child-child. Contribution to the Phraseology* 279

COMPILATIONS..... 299

DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo. *Phraseology and Paroemiology of Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo and Coristanco)*..... 301

REVIEWS..... 405

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008) : *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*. By Xacinta Varela Martínez..... 407
CONDE TARRÍO, Germán (ed.) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*. By Xacinta Varela Martínez 411
GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos. José Enrique Gargallo Gil (coordinador) Maria-Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana i Tous y Antonio Torres Torres*. By Xesús Ferro Ruibal..... 416
GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. By Xesús Ferro Ruibal..... 423
GONZÁLEZ REY, Isabel (Ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras*. By Xacinta Varela Martínez 427
GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources*. By Xacinta Varela Martínez 430
GONZÁLEZ REY, Isabel (ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*. By Emma Mª Salgueiro Veiga..... 433
LUQUE NADAL, Lucía (2010): *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología*. By M. Carmen Losada Aldrey 437
PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*. By Mª do Rosario Soto Arias 440
PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography*. By Carmen Mellado Blanco 446

NEWS 451

Books, journals or papers received 453

Third International Seminar on Meteorological sayings. Romance Geoparemiology. Universitat de Barcelona (UB) 466
Seminar: *Phraseology at the Mexican Corrido.* Centro de Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo. México..... 467
International Seminar: *Phraseological units and ICTs.* Universidad Complutense de Madrid 467
A "Galician proverbs collection" is born, an iphone application with nearly 10,000 proverbs to view offline..... 469
II Conferences of Language and Communication. Phraseology and Paremiology (60 years after Introducción a la lexicografía moderna by Julio Casares) 470
II International Conference on Phraseology and Paremiology. I Brazilian Conference on Phraseology. Topic "Current trends in descriptive and applied research on phraseology and paremiology". Brasilia 470
International Congress of Contrastive Phraseology (German-Spanish/Galician). Santiago de Compostela 470
Virtual Exhibition "*Proverbs and aphorisms in Spain in the 17th Century*". Madrid Historical Library 474
International Conference under the Auspices of the European Society of Phraseology (EUROPHRAS) *Phraseology and Culture*, will take place in Maribor, Slovenia, from August 27 - 31, 2012. <http://www.europhrasmaribor.si/ .>..... 474
Coloquio Internacional FRADITRAD: Fraseología, Didáctica de las Lenguas y Traducción. Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Lugo (Facultade de Humanidades). 29-31.10.2012..... 474

OUTCOME..... 475

Index by topics of the first thirteen numbers of *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 13,2011..... 477
Index of *Cadernos de Fraseoloxía Galega* by numbers..... 499
Notes for the presentation of papers..... 505
Publications of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2011..... 509

Estudos

Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego*

Manuel José Aguilar Ruiz[1]

Universitat de València

O obxectivo do presente artigo é destacar brevemente algúns aspectos socioculturais, políticos e económicos da baixa Idade Media do reino de Castela (e, por extensión, nalgúns casos, dos restantes reinos cristiáns peninsulares), extraíbles da fosilización formal de enunciados pluriverbais que coñecemos como refráns. Baséase, primeiro, na consideración do refrán como reflexo, en maior ou menor medida, da sociedade do seu tempo (e tamén de épocas anteriores) e, segundo, como depositario non só do saber tradicional que se transmite de xeración en xeración, senón tamén da cultura socioeconómica, material e ambiental de épocas pretéritas. Para iso emprégase como corpus textual os *Refranes que dizen las viejas tras el fuego,* unha compilación paremiolóxica de finais do século XV atribuída ó Marqués de Santillana.

Palabras clave: paremioloxía, baixa Idade Media, refráns, Marqués de Santillana.

This work aims to study some sociocultural, political and economic aspects of Late Middle Ages in Castilla kingdom (and by extension, some aspects of other Christian kingdoms), which are to be extracted from sayings. First of all, this is based on the conception of sayings as a reflection of society; second, sayings are expected to contain not only traditional knowledge but socioeconomic, material and environmental culture of previous ages. In order to develop this research it is used the text corpora Refranes que dizen las viejas tras el fuego, a compilation of sayings from 15th century, attributed to the Marquess of Santillana.

Keywords: paremiology, Late Middle Ages, proverb, Marquess of Santillana.

Los [*refranes*] *castellanos son tomados de dichos vulgares, los más dellos nacidos y criados entre viejas tras del fuego, hilando sus ruecas.* (Valdés 2008:105)

¿Qué ley fonética, qué sistema semántico, qué nueva rama de la lingüística podrá guiarnos hasta la esencia entrañable de los modismos? Leyendas

Data de recepción 01/03/2011 Data de aceptación 26/07/2011

[1] Tradución de Minia Ferro Fernández.

> *desaparecidas, supersticiones ahuyentadas, ritos, costumbres, juegos populares, oficios venidos a menos, rivalidades entre pueblos vecinos, minúsculos sucesos memorables para una aldea o familia… Toda la psicología, toda la vida íntima y social, toda la historia no historiable de nuestros antepasados, ha ido dejando sus huellas en esas fórmulas elípticas, que se acuñaron para dejarlas en herencia a los que vinieran después.* (Casares Sánchez 1969:241)

1. Introdución

Os aspectos lingüísticos e culturais que desprenden os refráns fascinaron os investigadores de fraseoloxía e paremioloxía en xeral, e os estudosos do refraneiro castelán en particular. Se é certo que un estudo atento da lingua do refraneiro é capaz de nos proporcionar datos moi valiosos sobre a situación do castelán en determinadas periodizacións diacrónicas da lingua[2] e sobre a evolución histórica desta, non menos certo é que, como indica Olaeta Rubio (1997:454), a través do refraneiro pódese chegar a reconstruír, dunha forma aproximativa, a maneira de ser e de ve-la vida dun pobo, é dicir, a vida real dunha sociedade, o seu sistema de traballo, a súa organización social e laboral, a súa cultura e pautas de conduta individual (moral) e social, ademais dos preceptos morais e coñecementos prácticos que se consideran dignos de se transmitir de xeración en xeración[3]; e non só da época á que se adscriba ou na que se rexistre un refrán concreto, senón que é posible, ademais, retrotraerse a etapas históricas anteriores, xa que os refráns experimentaron un proceso de fixación e institucionalización que dura longos períodos de tempo[4], quedando fosilizados como un reflexo de épocas pasadas, máis remotas cá data da súa documentación escrita. Daquela, partindo deste principio no presente traballo pretendemos destacar brevemente algúns aspectos socioculturais da baixa Idade Media, extraíbles da fosilización de diversos tipos de construcións fixas pluriverbais ás que se lles deu o nome xenérico de refráns, baseándonos nunha recompilación de finais do século XV, a coñecida co suxestivo título de *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*[5].

2. Os *Refranes que dizen las viejas tras el fuego* e o refraneiro medieval

Para esta breve cala no refraneiro medieval castelán empregamos como corpus os *Refranes que dizen las viejas tras el fuego* (de agora en diante, RVF), unha compilación paremiolóxica non moi extensa atribuída ó Marqués de Santillana, que conseguiu unha ampla difusión manuscrita a finais do século XV e que se imprimiu por primeira vez en 1508. Partimos da excelente edición de Bizzarri (Santillana 1995), de

[2] Como afirma García-Page Sánchez (2008:353), constituíndo unha "proba da participación da diacronía na formación da sincronía".

[3] Por exemplo, lembrémo-la importancia outorgada á fraseoloxía na actualidade como eficaz instrumento didáctico na ensinanza de linguas ata o punto de que o *Marco común europeo de referencia para as linguas,* ó regula-la dodencia dos refráns baixo competencia sociocultural, enténdeos como "sabiduría popular acumulada" (*Marco común europeo* § 5.2.2.3.).

[4] Véxase Zuluaga Ospina (1980:27; 97-13) e Echenique Elizondo (2003:551-52).

[5] Sobre a consideración das vellas como depositarias do saber colectivo, transmitido de xeración en xeración, pode consultarse Bizzarri (1997:221, nota 25).

quen seguimos a súa fixación textual, aparato crítico e numeración. Ademais, o seu elaborado índice de concordancias (Santillana 1995:111-59) foinos de utilísima axuda para configurarmos este breve percorrido polo refraneiro baixomedieval que aquí ofrecemos. Este autor, no estudo preliminar da obra, presenta unha análise moi completa da tradición textual da presente compilación, dos seus problemas de autoría (Santillana 1995:47-3) e un resumo desta cuestión en Bizzarri (1997) e (2008)[6].

Pero temos que advertir que no presente traballo manexarémo-lo concepto de refrán tal e como se entendía na época, dado que se encadraban baixo este termo diversos tipos de combinacións fixas pluriverbais en forma de enunciado breve que, de maneira xeral, compartían as características de presentar tanto unha relativa fixación e idiomaticidade coma unha máis ou menos tenue estrutura bimembre, recursos mnemotécnicos como rima e ritmo e, sobre todo, un carácter e uso popular (Sevilla Muñoz 1993:16). Así, os refraneiros concibíanse como compilacións nas que tiñan cabida moi diversos tipos de enunciados aínda que, iso si, na súa maioría recollían o que se correspondería coa acepción actual de enunciados fraseolóxicos –é dicir, enunciados completos en si mesmos que son actos de fala e presentan fixación interna e externa (véxase Zuluaga Ospina 1980:192; Corpas Pastor 1996:132)– e máis concretamente cos refráns propiamente ditos. Polo tanto, era unha concepción máis ancha e xeneralizadora do que nos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos actuais coñecemos con este termo. En RVF incluíronse nun mesmo caixón de xastre todo tipo de enunciados autónomos claramente diferenciados –de maneira xeral– de locucións e colocacións, que hoxe en día podemos clasificar, grazas ós estudos actuais, como enunciados fraseolóxicos e que igualmente estamos en condicións de analizar coas denominacións de frases proverbiais, refráns propiamente ditos, citas, etc[7].

Desta maneira, dentro do que segundo Corpas Pastor (1996) podemos considerar como paremias, en RVF podemos atopar:

1) Enunciados de valor específico (Corpas Pastor 1996:137-43), é dicir, as frases proverbiais na terminoloxía de Casares Sánchez (1969:185-91): *Los perros de Çorita: pocos* [*y*] *mal auenidos* [387], *El alfayate del cantillo fazia la costura de balde* [*y*] *ponia el filo* [280], etc.
2) Citas (é dicir, enunciados extraídos de textos escritos ou de fragmentos falados postos en boca dun personaxe, real ou ficticio), diferenciadas dos refráns por teren unha orixe coñecida, de moi diversa procedencia (Corpas Pastor 1996:143), e que se corresponderían coas "palabras aladas" na nomenclatura de Baránov e Dobrovol'skij (2009:72-6). Así, Bizzarri

[6]Noutra orde de cousas, temos que sinalar que, fronte á existencia de diversas compilacións paremiolóxicas actuais centradas no Medievo, como o refraneiro de O'Kane (1959), a nosa eleción do RVF débese, en primeiro lugar, a que se trata dun corpus moi breve, máis acorde co noso cometido, e en segundo lugar, á importancia capital que tivo esta pequena recompilación paremiolóxica en compilacións posteriores, xa que teñen moi presente o *Diálogo de la lengua* de Juan de Valdés –que, facéndose eco do refraneiro castelán, recolle gran cantidade dos refráns aquí tratados–, os *Refranes o proverbios* en romance de Hernán Núñez e a *Filosofía vulgar* de Juan de Mal Lara, por citar só algunhas dese mesmo século.

[7] Para un achegamento a fondo ós termos anteriores, pode consultarse Corpas Pastor (1996) e Ruiz Gurillo (1997:55-2).

(Santillana 1995:164-170) presenta a procedencia bíblica dos enunciados *Cantarillo que muchas vezes va a la fuente o dexa el asa o la fruente* [141], *Mas vale saber que auer* [437] e *Gato maullador: nunca buen caçador* [335], entre outros, rastreando a súa posible orixe nas respectivas traducións bíblicas o que fai que o receptor as recoñeza como citas.

3) Fórmulas rutineiras, é dicir, enunciados fraseolóxicos que, a diferenza das paremias, carecen de autonomía textual, dado que a súa aparición vén condicionada por unhas situacións comunicativas determinadas, e portan un significado de tipo social, expresivo ou discursivo, ademais de dependencia situacional (Corpas Pastor 1996:170-77). Corresponderíanse coas "fórmulas pragmáticas" na terminoloxía de Ruiz Gurillo (1997:60): *Xo, cagara el prior* [716], *A otro perro con ese hueso* [34], *Anda perro tras tu dueño* [92], *Buenas son mangas despues de Pascua* [112], etc.
4) Adaxios, ou "paremias de carácter frecuentemente culto e cun sentido pragmático" (Sevilla Muñoz 1993:17), como *Beato quien tiene, maharon quien menanda* [109] ou *Quien quiere a Beltran, bien quiere a su can* [610] (véxase Santillana 1995:163 e 174)[8].
5) Wellerismos, é dicir, un tipo de "texto citado […] de estructura triádica, a menudo bien conocido y serio, seguido de un caso particular al cual se aplica tan mal e incongruentemente que resulta cómico por lo inesperado de su aplicación" (Orero Clavero 1997:459-60), como *Ueo mal, no se que me diga: assi dezia la mal adeuina* [711], ou ben enunciados interpretables coma tales, do tipo *Ajonje, dixo Luzia al odre* [45], nos que tal vez non se rexistrou a parte contextualizadora do mesmo.
6) Outros tipos dificilmente clasificables, de "dichos populares de formulación comparativa y tenue estructura bimembre", tal como propón Bizzarri (Santillana 1995:13) ó tratar estruturas como *Callar como negra en baño* [179], *Erguido como gallo de cortijo* [298], etc.

No noso corpus mesmo é posible atopar, baixo a etiqueta de refráns, algúns fraseoloxismos que, á luz dos estudos actuais, podiamos considerar como locucións nominais (ou, polo menos, sitúanse nesa fronteira difusa na que é posible confundir locucións –verbais e oracionais– e enunciados fraseolóxicos)[9], como sería o caso de *Andar toda la noche y amanecer en la posada* [86], *Cantar mal y porfiar* [148], *Lleuar mala noche* [*y*] *parir fija* [380], etc.

Porén, a maior parte dos enunciados fraseolóxicos rexistrados en RVF si que conforman o que podiamos catalogar na actualidade, e sen maiores problemas, como refráns propiamente ditos. Dentro destes, de acordo co seu tema e formulación, é posible achar diferentes tipos, como propuxo Sevilla Muñoz (1993) na súa clasificación:

[8] Porén, as delimitacións entre termos como *refrán, adaxio* e outros tipos paremiolóxicos tales como *proverbio, dito, aforismo,* etc seguen sendo na actualidade moi vagas e imprecisas; véxase Sevilla Muñoz (1993:16-7), Corpas Pastor (1996:149-151) e García-Page Sánchez (2008:22-23).

[9] Para estes problemas de límites, véxase Álvarez de la Granja (1999) e García-Page Sánchez (2008:137-138; 158-159).

1) Refráns xeográficos: *Aldeana es la gallina* [*y*] *comela el de Seuilla* [40], *Llueua o no llueua pan ay en Orihuela* [404].
2) Refráns temporais: *Sant Juan es venido, mal aya quien bien nos fizo* [664], *Para cada puerco ay su Sant Martin* [529].
3) Refráns referentes ó traballo ou a actividades laborais: *Sol puesto, obrero suelto* [660].
4) Refráns supersticiosos: *El que te da vn hueso no te querria ver muerto* [244].
5) Refráns truncados: *Xo, que te estrego* [717], dado que, segundo Covarrubias (s. v. *estregar*), conta cun segundo membro, aquí omitido, que é [*burra de mi suegra*] (véxase Santillana 1995:176).
6) Dialoxismos ou refráns dialogados: *Dixo el asno al mulo: tirate alla orejudo* [208], *Dixo la sarten a la caldera: tirate alla culnegra* [213], *Dixo el tiñoso al peyne: esto era lo que no aviamos menester* [218].

Polo tanto, o corpus analizado consta de pouco máis de 700 enunciados (na súa maioría, enunciados fraseolóxicos que se poden encadrar na categoría do que entendemos hoxe en día como refrán) de moi variada tipoloxía, como acabamos de comprobar; de tódolos xeitos, de agora en diante empregaremos o termo refrán con carácter xeral, isto é, como hiperónimo de tódalas fórmulas paremiolóxicas (mesmo cando, nalgún caso concreto, se poidan tratar de frases proverbiais, fórmulas rutineiras, wellerismos, etc) xa que como tales foron entendidas no seu tempo.

Ademais, no estudo preliminar da súa edición, Bizzarri ofrece unha minuciosa análise lingüística da tipoloxía dos refráns recompilados na coleción, da natureza rítmica destes e das peculiaridades da lingua que presentan (Santillana 1995:12-46). Non obstante, optamos por reducir ó mínimo as posibles aclaracións no que respecta á significación dos refráns concretos que recollemos, feito que sobardaría os límites da nosa breve aproximación a estas unidades pluriverbais que foron recompiladas, ademais, sen ningún tipo de glosa ou comentario[10]. Seguindo a Bizzarri (1997:218-20) cómpre advertir que, malia que os lexicógrafos e paremiógrafos antigos adoitan retratar costumes, usos e outros aspectos culturais cos que se relacionan gran parte dos refráns aquí recollidos, algúns deles poden presentar serias dificultades de interpretación ó lector actual, dado que, continuando coa reflexión de Bizzarri, por seren paremias sen contexto, resulta moi difícil aprehender o sentido do refrán, ó que lle hai que suma-los que puideron te-la súa orixe no préstamo do refraneiro árabe, que deixaron de ser entendidos co paso do tempo. Tamén en moitos destes refráns sobreviviron incrustados un gran número de arcaísmos léxicos, "palabras que han envejecido, y su uso, aun obsoleto, está en la actualidad prácticamente limitado a ciertas fórmulas, rezos, locuciones, etc" (García-Page Sánchez 1991:238), ademais de prácticas, hábitos e obxectos da cultura material obsoletos e en desuso, dado que, como afirma García-Page Sánchez (2008:358), "la fraseología está plagada de nombres que designan objetos

[10] Ora ben, a significación de gran parte das paremias aquí rexistradas recóllese, xeralmente, noutras compilacións paremiolóxicas antigas, como *Seniloquium*, *Refranes o Proverbios en romance*, *Teatro Universal de Proverbios* e en *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*, ou en obras lexicográficas como o *Tesoro de la lengua castellana* de Covarrubias.

(prendas de vestir, unidades de medida, monedas, utensilios, etc) que no tienen vigencia o están en franca decadencia".

3. Aproximación ó mundo cotián baixomedieval hispánico a través dos *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*

O noso estudo parte da proposta paremiolóxica da aproximación ó refrán como actividade cognitiva. Na formulación lingüística dun refrán quedaron fraguados os aspectos socioeconómicos, políticos e culturais da vida humana. Desta maneira, podemos chegar a ver nos refráns un espello, máis ou menos fiel, da sociedade do seu tempo, ó se inspiraren no próximo e cotián e nas coordenadas que organizan a existencia humana. Así o expresan as seguintes palabras de Forment Fernández (2000:322), referíndose á fraseoloxía hispanoamericana:

> *Las expresiones fraseológicas de una lengua permiten realizar una radiografía de la sociedad que las emplea, de manera que creencias, costumbres, hábitos, productos y objetos de la vida diaria quedan cristalizados en las frases hechas que la comunidad utiliza.*

Nos últimos anos medrou paulatinamente o número de estudos que explotan o valor etnolingüístico do refrán e que fan uso do material paremiolóxico como a valiosa fonte histórica que constitúe. Entre este conxunto de estudos non só atopamos traballos de natureza teórica, como Forgas Berdet (1993), Cascajero (1995), Fernández Sánchez (1999), Sevilla Muñoz (2004) ou Sevilla e Barbadillo (2004), senón tamén monografías que se centran en cuestións concretas que achegan o presente artigo á intención e finalidade destes, como, por exemplo, unha aproximación á situación da muller na antigüidade clásica grecorromana en Cascajero (2001) e (2002), ou á consideración de determinadas profesións e actividades artesanais en Sevilla Muñoz (1999) e Ould (2005), ou sobre os conceptos do traballo e o descanso en Conde Tarrío (2008) –todos desde unha perspectiva contrastiva interlingüística e intelectual. Igualmente, algunhas edicións actuais das primeiras compilacións paremiolóxicas castelás resaltan as posibilidades cognitivas do refrán, como a edición da *Philosophía vulgar* de Mal Lara por parte de Bernal Rodríguez (1996), de *Refranes y Proverbios en Romance* de Hernán Núñez por Combet, Sevilla, Conde e Guia (2001), do *Teatro Universal de Proverbios* de Sebastián de Horozco por Alonso Hernández (2005) ou a edición do *Seniloquium* por Cantalapiedra e Moreno (2006). Seguindo nesta liña, Forgas Berdet (1993:36), pola súa parte, resume as posibilidades cognitivas dos refráns coas seguintes palabras:

> *El hombre actual puede obtener del estudio y análisis detallado de estos refranes tanto la reconstrucción pormenorizada de las costumbres y la organización social de una comunidad, como la información sobre los valores morales y los códigos de conducta que la han regido a lo largo de los siglos. De esta manera, la Paremiología, ciencia que estudia los refranes, puede aportar una información cultural de carácter histórico que ha estado generalmente poco o nada aprovechada por los estudiosos de otros ámbitos –Sociología,*

> *Historia, Economía– que podrían haber obtenido de la interpretación literal o traslaticia del refrán una información que les resultara pertinente.*

Ademais, esta reconstrución aproximativa pode levarse a cabo non só a partir da realidade lingüística do refrán en si, senón tamén, como nos casos de Bernal Rodríguez (1996) e Cantalapiedra e Moreno (2006), mediante glosas e comentarios que o recompilador orixinal engadiu a cada refrán concreto, como veremos a continuación.

Daquela, as construcións fixas pluriverbais configuradas e recompiladas durante a Idade Media baixo o nome xenérico de *refráns* non son menos, e a breve compilación que constitúe RVF ofrécenos a posibilidade de nos aproximarmos ó mundo cotián do medievo nunha área xeográfico-lingüística determinada, como é o reino cristián de Castela[11]. Estes refráns experimentaron un longo proceso de repetición en etapas sucesivas que, ademais de provoca-la súa forte fixación, afirmou o seu carácter convencional ou de institucionalización, é dicir, unha aceptación xeral colectiva que xustificou a súa reprodutibilidade e, polo feito da maior pluriverbalidade destes enunciados, multiplicou a aparición de modificacións e variantes. A través deles podemos observar, por exemplo, o teocentrismo e a férrea xerarquía feudal que organizaban a sociedade (ademais de refráns de contido relixioso, aparecen constantemente reis, cabaleiros, fidalgos, ricoshomes, clérigos, monxes, labradores, etc); as diversas actividades humanas e profesións exercidas polo home medieval (labores agrícolas e gandeiros, profesións liberais urbanas que configurarán a pequena burguesía, etc); diferentes tipos humanos, algúns moi estereotipados, e as súas relacións entre eles (zapateiros, ferreiros, costureiros, ladróns, prostitutas, vedoiros 'vedores' , xudeus, tolos, coxos, avaros); a vestimenta que empregaban (gabáns, toucas, cofias, capas, camisas), as ferramentas domésticas que empregaban normalmente na súa vida cotiá (albardas, arados, artesas, odres, cántaros) os animais que os rodeaban (burros, mulas, galiñas, porcos, vacas, ovellas, lebres, lobos, corvos) ou as prácticas relixiosas que realizaban (festividades, celebracións eucarísticas, peregrinacións e romarías, enlaces matrimoniais). Como veremos, moitos deles parecen circunscribirse a un horizonte xeográfico moi limitado, como os que nos amosan o mundo rural ou o interior da aldea, onde a cidade parece ser o nome abstracto dun mundo afastado e insólito (así, os referidos a faenas agrícolas ou gandeiras, ou os enmarcados na aldea); porén, outros espellan núcleos urbanos consolidados[12], como os que fan referencia ó artesanado ou ás profesións liberais.

Para levar a cabo este intento de aproximación podemos partir, de maneira xeral, de tres métodos de reconstrución da cultura popular e material contida nos diferentes enunciados fraseolóxicos, que son os seguintes:

1) En primeiro lugar, mediante a análise do léxico e o referente ou significante lingüístico que contén explícito a paremia que se analice

[11] Aínda que xa desde o ano 1230 os reinos de Castela e de León quedaron unidos de maneira definitiva baixo o rei Fernando III o Santo (Riu 1999:340 e ss.), ó longo do presente artigo limitarémonos a citar unicamente esta unidade política como Castela, centrándonos na dominación lingüística do castelán.

[12] Porén cómpre recordar, como anota Riu (1999:294), que unha cidade como Zaragoza, que contaba cunha poboación de algo máis de vinte mil habitantes, débese ter xa como un núcleo urbano considerable.

(véxase Forgas Berdet 1993:36), isto é, o estudo da formulación lingüística que esta recolle de maneira explícita, que podiamos identificar coa "forma". Así, por exemplo, o refrán *En casa del alboguero todos son albogueros* [296] conservou na súa formulación un termo referido a unha profesión xa desaparecida, como era o fabricante (ou executante) de *albogues*, isto é, un instrumento musical parecido a unha frauta, propio de xograres ou pastores como informan *Covarrubias* e *Autoridades* (s. v. *alboge* e *albogue*). Outro oficio que daquela, coma hoxe, tiña algún peso económico era o da prostitución (a *puta* e o seu parasito *rufián*): *Cuando la puta hila, el rufián devana* (e as súas variantes) e *Todo es menester quanto Marta hila y Pedro deuana* [678]. Para entender estes refráns debemos lembrar que *fiar* e *devanar* son fases sucesivas e previas no proceso de elaboración do pano ou tea e que esta era unha actividade exclusivamente feminina á que as mulleres adultas dedicaban todo o tempo que outros traballos lles permitían estaren sentadas e coas mans libres. O refrán di que, cando a prostituta non ten clientes, o seu proxeneta (*rufián*) tampouco ten ingresos e, nesas circunstancias, ela e mais el vense obrigados a traballar; pero o refrán explicita que el debe participar nun traballo esencialmente feminino, se quere comer: este refrán, ademais de confirma-la existencia do rufianismo nesa época, lanza unha mirada degradante sobre a figura parasitaria do rufián e dignificante sobre o traballo feminino da elaboración do pano ou tea. Véxase tamén Calero Fernández (1993:246-47). Mediante este procedemento, podemos rescatar gran número de utensilios, profesións, relacións sociais ou costumes, moitas delas obsoletas ou extintas, que se conservaron atrapadas na verbalización dun enunciado.

2) En segundo lugar, a través da significación do refrán, é dicir, do significado –denotativo literal ou translaticio– que o enunciado pretendía dar a entender mediante a súa formulación, vinculado ó pensamento xeral da comunidade (véxase Fernández Sánchez 1990:181-182), que expresa verdades xerais de validez atemporal, crenzas ancestrais ou valores e coñecementos compartidos (Corpas Pastor 1996:160-161); consonte o método anterior, no presente centrámonos no que identificariamos co "contido". Por exemplo, algúns refráns deixan albiscar certos sentimentos de desprezo e odio que o pobo podía chegar a ter ás clases altas, ós seus privilexios e ós seus abusos de poder: *De ombre heredado no te veras vengado* [238], *En burla*[*s*] *ni en veras con tu señor no partas peras* [301], etc. Outros refráns, como *De hora a hora Dios mejora* [203], *Quien no fabla no le oye Dios* [626], espellan unha sociedade profundamente relixiosa –ou, polo menos, dunha vida intensamente marcada pola relixión–, aínda que se amosa en ocasións irreverente coa xerarquía eclesiástica e os seus apetitos desordenados (*Amor de monjas, fuego de estopas* [52], *El abad donde canta ende yanta* [275], etc). Tamén sería un bo exemplo o refrán *O avn el rabo esta por desollar* [520], que alude, como comenta Corpas Pastor (1996:161), ó antigo oficio dos esfoladores

de animais, dado que se finalizaba polo rabo, e esta era a parte máis ardua da dita ocupación.

3) Unha terceira vía de reconstrución pódese realizar mediante as glosas ou comentarios á marxe cos que o compilador[13] pretendía ilustrar ou comenta-la orixe, emprego, contido ou outros aspectos culturais do enunciado glosado. Por exemplo, o mestre Correas, para glosa-lo refrán *El físico de Orgaz que cataua el pulso en el ombro* [285] comenta o emprego, que lle parece arcaico, do vocablo *físico* e propón a súa substitución por *médico* (véxase Bizzarri 2008:37); desta maneira, o comentario anterior axúdanos a aprehender máis claramente o sentido do refrán, ó informarnos sobre unha denominación obsoleta de quen exercía a profesión médica, como informan *Covarrubias* e *Autoridades* (s. v. *físico*). Tamén a partir de Correas podemos extraer apreciacións sobre a arte da cetrería, cando pretende aclara-la orixe do refrán *Mas vale paxaro en mano que no bueytre bolando* [419]: "Parece que salió este refrán de la volatería, en que es mejor tenerse el halcón en la mano que soltarle a un buitre y andarle volando, que es mala ave y poderosa a matar el halcón". Igualmente, Covarrubias (s. v. *repicar*) acompaña a significación do refrán *En saluo esta el que repica* [281] coa explicación de que "en costas de la mar descubren desde las torres cuando hay enemigos, y al punto el que está allí tañe a rebato, y éste no tiene peligro, porque está encastillado en la torre", referíndose sen dúbida –como comenta Buitrago Jiménez (2008:485) ó explica-la motivación orixinaria da locución oracional *No hay moros en la costa*– ós vixías que se apostaban en atalaias litorais para avisaren da presenza de piratas berberiscos preto da costa.

No presente estudo limitarémonos ó primeiro método, é dicir, a describi-las posibilidades de aproximación á cultura material e popular que quedaron fraguadas nun enunciado fraseolóxico dentro da súa formulación lingüística, empregando para a súa enunciación– sexa cal sexa a súa finalidade enunciativa –o léxico referente á realidade máis próxima e cotiá ó ser humano de finais do medievo. Para articula-lo noso traballo realizamos unha agrupación temática de gran parte dos refráns compilados en diversos tipos de categorías culturais, como son a cultura social, a material e a ambiental, mesmo sendo conscientes das continuas interaccións entre elas, como se pode comprobar coa reaparición dalgúns refráns, que poden integrarse en dúas ou máis categorías. Omitiremos calquera tipo de cuestión relativa ás súas consideracións formais ou lingüísticas[14], para centrarnos nos seus aspectos cognitivos.

[13] Neste caso, referíndonos a paremiógrafos como Hernán Núñez, Gonzalo Correas, Sebastián de Horozco, o autor anónimo do *Seniloquium* etc, ou a lexicógrafos como Sebastián de Covarrubias.

[14] Como serían a concorrencia de fenómenos rítmico-métricos de rima ou disposicións rítmicas, unha estrutura en maior ou menor medida bimembre, feitos destacables da lingua en diacronía, etc, para o que se pode consulta-lo estudo previo da edición de Bizzarri (Santillana 1995:1-46), ademais dos estudos de Lázaro Carreter (1980), Hernando Cuadrado (1997), Anscombre (1999) e diversos traballos que García-Page Sánchez dedica ó tema: (1990a), (1990b), (1992), (1993) e (1997).

3.1. Para comeza-lo noso breve percorrido debemos ter en mente unha sociedade medieval caracterizada por unha concepción do mundo e das relacións humanas fundamentalmente teocéntrica. Como resume Riu (1999:314; 499-500), en abolindo o concilio de Burgos o rito visigótico-mozárabe en 1080, conseguiuse a unidade de rito con Roma, vivindo a Igrexa hispana, a partir de comezos do século XIII, un período de esplendor, para entrar rapidamente nunha época de profunda crise. Así, Bizarri, na súa edición de RVF (Santillana 1995:158) chega a contabilizar 18 concorrencias do substantivo "Dios", entre as que atopamos:

A quien Dios bien quiere la casa le sabe. [79]
De hora a hora Dios mejora. [203]
Los dichos en las gentes [*y*] *los fechos en Dios.* [386]
Mas vale traque que Dios vos salue. [431]
Quien no fabla no le oye Dios. [626]

De maneira xeral, estes refráns normalmente presentan un Deus xusto e bondadoso, distribuidor de galardóns ós homes que realizan boas accións e favorecedor dos que o merezan; estes refráns incitan á piedade e á relixión[15]. Desta maneira, a maioría destes enunciados son encadrables nas categorías temáticas que estableceron Ferro Ruibal (1997) e Calero Fernández (1998) para clasifica-la paremioloxía referente a Deus ("Deus é bondadoso", "Deus é xeneroso", "Deus cóidanos e protéxenos", "Deus premia e castiga", etc).

Ademais, unha parte considerable da xerarquía eclesiástica (como abades, bispos, monxas, frades e priores) protagoniza un gran número de refráns:

A mal abad, mal monazillo. [27]
Adelante es la casa del abad. [66]
Abad y ballestero. [74]
Obispo por obispo, sealo don Domingo. [525]
Otro abad ay muerto sin el del puerto. [526]

entre os que non é difícil atopar alusións irónicas á vida licenciosa do clero ([53]), á gula e á afección á comida por parte dos relixiosos ([275], [676]), e desacralizacións e irreverencias en xeral ([425], [716]):

Amor de monjas, fuego de estopas. [52]
El abad donde canta ende yanta. [275]
Mas valen coçes de monje que falagos de escudero. [425]
Tanto monta como meaja en capilla de frayle. [676]
Xo, cagara el prior. [716]

Tal como observa Bernal Rodríguez no estudo introdutorio da súa edición da *Philosofía vulgar* (2005: XXIII-XXIV) e nas glosas dalgúns dos refráns alí compilados, a condición privilexiada do clérigo e as súas boas condicións de vida non pasaban inadvertidas para o pobo, feito que reflicten estes refráns ó critica-la abundancia de

[15] Tal e como se desprende dalgunhas das glosas coas que Correas pretende ilustrar algúns dos seus refráns; por exemplo, o caso de *A quien Dios bien quiere la casa le sabe* [79] (*Correas* núms. 846, 855 e 856): "Porque Dios lo sabe todo; quiere decir que no le visita Dios ni en uno ni en otro, porque no le halla digno; al bueno, sí").

bens na que vivían os clérigos, a soberbia dos altos cargos eclesiásticos e os seus comportamentos luxuriosos e interesados, non sempre axustados ás normas de exemplaridade e moralidade que lles correspondía observar.

Atopamos tamén alusións ó demo (en dous refráns parcialmente traducidos do galego: [42] e [514]) ou ós demos ([49], [227b]), e a preceptos relixiosos como o xaxún ([178], [276], [420]), á penitencia ([659]) ou á asistencia á celebración eucarística ([420], [251], [291], [603]):

Ayunas gallego a pesar de o demo. [42][16]
O demo a los suyos quiere. [514]
Andar, diablos, tras aquel finado, que no [*nos*] *mando nada.* [49]
Dineros y diablos no se pueden encobrir. [227*b*]
El diablo no es puerco [*y*] *gruñe.* [257]
¿Con quien lo aueys, Quaresma? Con quien no vos ayunara. [178]
El harto, del ayuno no tiene cuydado ninguno. [276]
Mas vale yr fartos a missa que ayunos a bisperas. [420]
Sobre cuernos penitençia. [659]
El lobo faze entre semana por que el domingo no va a missa. [251]
En ora buena Antona fuestes a missa, venistes a nona. [291]
Quien con cuñados va la yglesia sin parientes sale della. [603]

A través dos refráns podemos enxergar, tamén, as diversas festividades relixiosas que enmarcaban a vida común, como a Pascua –época de amores e de citas amorosas, como nos informa Correas– en [408] e [112], a penosa Coresma ([442]), o tradicional aguinaldo do Nadal ([195]), romarías e peregrinacións ([575], [628], [144]), vodas ([465]), o día de San Xoán ([664]) ou de San Martiño ([529]), etc, ou oímo-lo repenique das campás([174]):

Buenas son mangas despues de Pascua. [112]
La Pascua del aldeano: la barua fecha y el tejuelo en la mano. [408]
Mas pobre esto que puta en Quaresma. [442]
De casa de ruyn nunca buen aguilando. [195]
Camino de Santiago, tanto anda el coxo como el sano. [144]
Mal aya romero que dize mal de su bordon. [448]
Quien enferma y sana romeria es que anda. [575]
Romero hito saca çatico. [628]
No ay boda syn tornaboda. [465]
Sant Juan es venido, mal aya quien bien nos fizo. [664]
Para cada puerco ay su Sant Martin. [529]
Canpanillas de Toledo, oygo vos y no vos veo. [174]

A pesar desta presenza constante da relixión, hai lugar tamén para as supersticións populares, e atopamos refráns referidos ás adiviñas ([711]), á fada particular do

[16] Os orixinais galegos son o dialoxismo -*Xexúas, galego? -A pesar do demo!* e mailo refrán *O demo ós seus quere.* Nótese que, se en galego a forma *demo* é case exclusiva, o portugués sempre preferiu a variante *Demónio* (coma o castelán) ou, mellor aínda, "*Diabo*" (semellante ó castelán *Diablo*, o fr. *Diable* e o italiano *Diavolo*). Eses refráns son, logo, estritamente galegos.

individuo ([142], [158]) que predetermina a vida do ser humano ([363], [365], [537], [580]):

Ueo mal, no se que me diga: assi dezia la mal adeuina. [711]
Cada vno con su ventura. [142]
Comer verdura y echar mala ventura. [158]
Hadas malas [*y*] *coraçon ancho.* [363]
Hadas malas me fizieron negra, que yo blanca era. [365]
Poco qued[*a*] *de las hadas malas.* [537]
Quien hadas malas tiene en cuna o las pierde tarde o nunca. [580]

3.2. En RVF tamén podemos advertir distintos tipos de relacións sociais entre persoas no período tardomedieval. Para empezar, un considerable número de refráns constitúe un reflexo do sistema feudal dos distintos reinos cristiáns peninsulares (véxase Riu 1999:271-84), das complexas relacións de vasalaxe e das mutuas prestacións político-militares entre señores e vasalos, como a protección e cesión de terreos (feudos) e a prestación militar e a axuda financeira, mesmo tendo en conta o carácter especial do sistema feudal dos reinos hispánicos de Aragón, Navarra, Castela e León[17]. Desta maneira, amosan unha xerarquía social organizada en estamentos sociais: a nobreza (*bellatores*), o clericato (*oratores*) e os traballadores. Por enriba deles está a figura do rei, máxima autoridade política e xudicial. Estes refráns manifestan con diversos matices a autoridade real do monarca, as relacións entre señores e servos, aparecendo os diferentes tipos da estratificación social tales como cabaleiros, escudeiros, amos, viláns ricos, labradores, etc

Alla van leyes do quieren reyes. [81]
El rey va do puede [*y*] *no do quiere.* [296]
Biua el rey, daca la capa. [129]
Mata, que el rey perdona. [434]
Todo es dicha comer en palaçio. [684]
Mas valen migajas de rey que çatico de cauallero. [429]
A escudero pobre, rapaz adeuino. [6]
Tan bueno es Pedro como su amo. [689]

Se ben é certo que algúns reflicten certa condescendencia co poderoso ([320], [640]), son numerosos os que constitúen unha forte crítica social, concentrada nos estamentos superiores ([81], [238], etc) e nos novos ricos, os viláns enriquecidos[18] ([466], [573]):

Donde no esta su dueño esta su duelo. [210]
En lugar de señorio no hagas tu nido. [313]
Faz lo que te manda tu señor y posate con el a la mesa. [320]
Sirue a señor noble, avnque sea pobre. [640]
De ombre heredado no te veras vengado. [238]
Dueños dan [*y*] *sieruos lloran.* [214]

[17] Recordemos a coñecida afirmación do historiador Sánchez Albornoz, que consideraba Castela como un illote de homes libres fronte á Europa feudal.

[18] Orixinados fundamentalmente, como analiza Riu (1999:287-288), pola doazón e repoboación de terras castelán-leonesas ó longo do val do Douro.

En burla[*s*] *ni en veras con tu señor no partas peras.* [301]
Ni siruas a quien siruio, ni pidas a quien pidio. [466]
Quando el villano esta rico ni tiene pariente ni amigo. [573]
Uno piensa el vayo y otro el que lo ensylla. [699]

Como podemos observar nos refráns anteriores, parece que o home tardomedieval tiña unha concepción nítida da forte xerarquización social e dos poderes das clases dominantes fronte ás esferas sociais inferiores; a acritude, cando se dá, é claramente manifesta nos casos de medrío social e económico do novo rico, do vilán enriquecido. Normalmente, esta crítica social desemboca, sen orientala a unha figura social concreta, nunha invectiva contra as propiedades do diñeiro ([539], [625]), en ocasións estremecedora ([401]):

Por el dinero bayla el perro. [539]
Quien dinero tiene alcança lo que quiere. [625]
La pobreza es [*escala*] *del infierno.* [401]

Pola contra, moitos dos refráns amósannos as relacións entre iguais, en concreto, entre o pobo. Podemos observar, así, os tratos entre aldeáns compadres ([14], [207], etc), ou consellos para o casamento ([20], [209]):

Al buen conpañon, buena conpañia. [14]
Del pan de tu compadre buen çatico al ahijado. [207]
De conpadre a conpadre chinche en el ojo. [222]
Comadre andariega donde vo alla vos hallo. [161]
Mal me quieren mis comadres por que digo las verdades. [410]
Antes que te cases cata que fazes, que no es ñudo que assi desates. [20]
De la mala muger te guarda y de la buena no fies nada. [209]

Dentro destas relacións entre iguais, tamén podemos observa-las complicadas relacións co veciño, algunhas veces positivas ([165], [590], [696], etc) aínda que outras desprendan certa desconfianza ([199], [248], [712], etc):

Cierra tu puerta y alaba a tu vezino. [165]
Quien ha buen vezino, ha buen maytino. [590]
Uezinas a vezinas a las vezes se dan harinas. [696]
No ay reyna syn su vezina. [473]
Quando touieres vn mal vezino, no ruegues que se te vaya [*porque*] *no venga otro peor.* [593]
El que no tiene casa de suyo en cada barrio es vezino. [314]
Duerme con tu enemigo y no con tu [*vezino*]. [199]
El mal vezino vee lo que entra [*y*] *no lo que sale.* [248]
Mal que no te sabe tu vezino, ganancia te es. [438]
Uezina mala haze a su vezina con alhaja. [712]
Quien solo come su gallo, solo ensylle su caballo. [595]
Fue a mi vezina [*y*] *avergoçeme; bolvi a mi casa* [*y*] *consoleme.* [333]

Dos refráns anteriores despréndense os tratos de igual a igual, a camaradería entre os compoñentes da mesma clase social –a máis humilde– (como en [14], [207], [222] ou [410]), as recomendacións éticas e normas de comportamento ante o semellante ([165],

[696], [199], [248], etc) e ante a toma de esposa –non exento de misoxinia– ([20] e [209]).

Outros moitos baséanse nas relacións familiares e grazas a eles podemos ser testemuñas dos enredos da vida doméstica do mundo baixomedieval. Estes refráns poñen de manifesto as relacións conxugais ([95], [452], [271]), –algúns deles maliciosos ([478], [574], [356]), onde sobrevoa o adulterio ou unha feroz misoxinia ([209], [374]):

A cabo de çiento años, marido, soy[*s*] *zarco.* [95]
¡Hablando [*y*] *andando, marido, a la horca!* [356]
No creays marido lo que vierdes, sino lo que yo os dixere. [478]
Marido, lleuad el artesa y yo el çedaço, que me pesa como el diablo. [452]
Pense que no tenia marido y comime la olla. [559]
¿Que placer de marido? La çera ardida y el biuo. [574]
¿Donde eres ombre? Del aldea de mi muger. [234]
En casa del mezquino mas manda la muger que el marido. [271]
De la mala muger te guarda y de la buena no fies nada. [209]
La muger [*y*] *la gallina por andar se pierde*[*n*] *ayna.* [374]

Boa parte deles empregan para a súa formulación lingüística –sexa cal sexa a súa intención enunciativa– a realidade inmediatamente circundante, como son os distintos membros familiares:

¿De que murio mi padre? De achaque. [231]
Fijo eres [*y*] *padre seras: qual fizieres, tal avras.* [323]
Halle quien lo demandasse a mi madre y no quien lo diesse a mi padre. [367]
Bien cuenta la madre, mejor cuenta el ynfante. [134]
Castigame mi madre, y yo tronpogelas. [166]
A mi fijo loçano no me lo çerquen quatro. [33]
Bien se que me tengo en mi fija Marihuela. [139]
Fijo no auemos y nombre le ponemos. [317]
Fijo ageno: metelo por la manga [*y*] *saldrá al seno.* [321]
Lleuar mala noche [*y*] *parir fija.* [380]
Llorarte he abuelo agora que [*no*] *puedo.* [398]
Mas çerca tengo mis dientes que mis parientes. [456]
Cuando el villano esta rico ni tiene pariente ni amigo. [573]
Quien con cuñados va a la yglesia sin parientes sale della. [603]
Quien ha mal diente, ha mal pariente. [618]

Mentres que algúns revelan as actividades domésticas ás que quedaban reducidas as mulleres ([384], [407]), atopamos outros nos que se poden rexistrar temas que nos poden resultarnos tan actuais coma a arrogante concepción das madrastas ([449], [583]), as difíciles relacións cos sogros ([77], [98] [666]) ou os enfrontamentos do testamento e a herdanza ([127], [428]):

La muger que poco vela tarde faze luenga tela. [384]
Las manos en la rueca [*y*] *los ojos* [*en*] *la puerta.* [407]
Madrastra, el nombre le abasta. [449]

Quien no cree a buena madre crea a mala madrastra. [583]
Avnque mi suegro sea bueno, no quiero perro con çençerro. [77]
Suegra, ni de barro buena. [666]
¿Como se entiende? Como ruyn en casa de suegro. [177]
A vos lo digo nuera, entendeldo vos mi suegra. [98]
Haxa la enlodada: ni biuda ni casada. [360]
Buena olla y mal testamento. [127]
Mete el gallo en tu muladar y saldra heredero. [428]

Por outro lado, algúns refráns evidencian a complicada relación do home medieval castelán co diferente: móstrannos a difícil convivencia das tres culturas e espellan a desconfianza ante a cultura descoñecida, é dicir, a de xudeus e árabes. A poboación xudía habitaba barrios separados e exercían a medicina ou dedicábanse ó comercio ou ó préstamo, actividades económicas que lles reportaban considerables beneficios e que motivaba a animadversión dos cristiáns (véxase Riu 1999:321). Esta xenreira concrétase nunha visión xeralmente pexorativa do pobo xudeu ([373], [397]), chamando á desconfianza pola práctica da usura ([62]), ademais de amosar un lixeiro coñecemento das súas prácticas relixiosas e do seu modo de vida (sobre todo, da festa do Sabbat: [105], [283], [371]):

Judio haz tahabula, sy no perdid[*o*] *has la mula.* [373]
La labor de la judia: afanar de noche [*y*] *folgar de dia.* [397]
Al judio dalde vn palmo y tomara quatro. [62]
Achacoso como judio en viernes. [105]
El judio por medrar y el sabado a la puerta. [283]
Judio toma buen sabado [*y*] *no quiere gallina furtada.* [371]

Unha aversión semellante á dos xudeus era a sentida polos habitantes dos reinos cristiáns peninsulares cara á poboación que profesaba a relixión islámica, tanto a que residía en al-Ándalus como a que habitaba nos reinos cristiáns (mudéxares e muladís), sobre todo durante a baixa Idade Media, época de claro predominio cristián, xa que trala derrota almohade das Navas de Tolosa en 1212, o territorio andalusí foise reducindo progresivamente ata consolidarse o reino nazarí de Granada, ultimo reino islámico peninsular (véxase Riu 1999:523 ss.). A desconfianza e a degradación do conxunto islámico é xeneralizada ([265], [307]), en ocasións herdeira da memoria das cruzadas e das loitas seculares ([341], [450]). Porén, chama a atención a presenza de antropónimos árabes ou mozárabes (Haxa, Maçote, etc), tal vez debida ó trato cotián e natural entre ámbalas culturas:

En casa del moro no fables algarauia. [265]
En vino ni en moro no pongas tu tesoro. [307]
Guay de ti Iherusalem que estas en poder de moros. [341]
Mientras mas moros mas ganancia. [450]
Horro Mahoma: çient años por seruir. [361]
Haxa no tiene que comer [*y*] *combida huespedes.* [349]
[*Hazelo*] *Haxa* [*y*] *açotan a Maçote.* [355]
¿De donde a donde Haxa con aluanega? [242]
Haxa la enlodada: ni biuda ni casada. [360]

3.3. Do conxunto de refráns analizado despréndense algunhas das diversas ocupacións e oficios que desempeñaba o home castelán medieval, reflectindo na súa formulación, en moitos casos, os tópicos e prexuízos que normalmente se lles atribuían. Destacan os referentes ó artesanado nos núcleos urbanos (como analiza Riu 1999:487), tales como ferreiros, zapateiros, muiñeiros, costureiros, etc, que comezan a unirse e a organizarse en corporacións gremiais, á parte de pousadeiros, barbeiros, médicos e outros, algúns deles conformarían a pequena burguesía emerxente:

A rio buelto ganançia de pescadores. [82]
Pescador de anzuelo a su casa va con duelo. [561]
Barbero: loco o parlero. [108]
De al me vengue Dios que del pastor agua [*y*] *nieue.* [228]
Por mas que me digades, mi marido es el pastor. [560]
Fazeys la cuenta sin la huespeda. [332]
Buena prenda tiene la hornera. [133]
Tornaos a vuestro menester, que çapatero soliades ser. [691]
El perro del ortelano: ni come las verças ni las dexa comer. [261]
Entre dos amigos: vn notario [*y*] *dos testigos.* [273]
En casa del herrero cochillo mangorrero. [278]
El fisico de Orgaz que cataua el pulso en el ombro. [285]
Miedo guarda viña que no viñadero. [435]
Por demas es la citola en el molino, si el molinero es sordo. [531]
Ese pierde feria el que no tiene que venda. [304]

Moitas destas profesións desapareceron hoxe en día (balesteiros, albardeiros, *cosarios*, odreiros, *albogueros, gritaderas*, etc) ou cambiaron a súa denominación (alfaiate por xastre):

Ballestero [*que mal*] *tira presta tien la mentira.* [117]
Ballestero tuerto: quebralde el ojo, cataldo moerto. [134*b*]
Ballestero malo a los suyos tira. [111]
Alegrías alba[*r*]*deros que el valago se arde.* [29]
De cosario a cosario no se pierden sino los barriles. [232]
Eso me da odrero que baruero. [252]
En casa del alboguero todos son albogueros. [269]
Hallado aueys la gritadera. [351]
¿Donde venis, Rascada? D'casa del rabadan de mi cuñada. [190]
Fizeme albardan [*y*] *comime el pan.* [318]
El alfayate del cantillo fazia la costura de balde [*y*] *ponia el filo.* [280]

Tamén aparecen determinadas profesións marxinais ou estigmatizadas socialmente (coma os casos do ladrón, a prostituta ou a alcaiota[19]); á parte doutras profesións reservadas ás mulleres (véxase Riu 1999:456; 507), como fiadeira ou ama de cría,

[19] Probablemente, estas dúas últimas profesións sexan as que máis interese poden espertar na reconstrución sociolóxica na actualidade; para unha análise con maior profundidade, véxase o estudo de Calero Fernández (1993) sobre as figuras da prostituta e a alcaiota no refraneiro español. Por outro lado, a mesma autora (1991) analiza o refraneiro que inclúe profesións e oficios que eran considerados propios de mulleres.

ademais de carpideira (*supra*, [351]) e adiviña; refráns que empregan normalmente tales oficios cun sentido pexorativo na súa formulación:

Pelean los ladrones y descubrense los hurtos. [528]
Por vn ladron pierden çiento meson. [546]
Ladron [*y*] *boz mayor.* [390]
A dineros tomados, braços quebrados. [8]
Fabla Marta, responde Justa: vna puta a otra busca. [327]
Mas pobre esto que puta en Quaresma. [442]
Ni de estopa buena camisa, ni de puta buena amiga. [468]
Putas y tuertos, todos somos bueltos. [556]
No ay espada syn vuelta, ni puta syn alcahueta. [479]
Tanto se da por mi como las putas por Apariçio. [672]
Ama sodes, ama, mientra el niño mama. [64]
Dueña que mucho mira poco fila. [237]
Todo es menester quanto Marta hila y Pedro deuana. [678]

Por outro lado, atopamos un refrán que se fai eco da atribución do salario ([510]), e incluso outro deixa claro o fin da xornada laboral ([660]):

Obra fecha, dinero espera. [510]
Sol puesto, obrero suelto. [660]

3.4. Nos refráns que integran RVF é posible atopar gran variedade de tipos humanos. Así comprobamos que polo noso refraneiro pasean todo tipo de personaxes prototípicos, física e moralmente, tales como bebedores, tolos, cornudos, coxos, tiñosos, beatas, calvos, tortos, cobizosos, etc. Trátase, en boa medida, de estereotipos configurados pola mentalidade popular (estreitamente relacionados en ocasións co apartado anterior no que analizabámo-las profesións), ós que se lles atribuíron trazos arquetípicos que perduraron durante séculos[20]:

¡Que tacha beuer con borracha! [587]
So mala capa yaze buen bebedor. [648]
Avnque el dezidor sea loco, el escuchador sea cuerdo. [76]
El loco do falla vn dinero busca otro. [282]
Mas sabe el loco en su fazienda que el cuerdo en el ajena. [422]
Otro loco ay en el baño. [505]
Quien de locura enferma, tarde sana. [596]
Uayase Mocho para cornudo. [714]
Yo a vos por onrrar y vos a mi por encornudar. [722]
Camino de Santiago, tanto anda el coxo como el sano. [144]
Cuando del coxo de amor muere, ¿que fara el que andar puede? [616]
Dixo el tiñoso al peyne: esto era lo que no aviamos menester. [218]

[20] Por exemplo, desta maneira estes mesmos personaxes poboan e son branco de gran parte da literatura satírica aurisecular castelá; recordemos como mostra, as tan coñecidas composicións satírico-burlescas de Quevedo nas que apunta contra os anteriores prototipos, tratándose, na maioría dos casos, de personaxes estereotipados pola tradición. Por outra parte, contamos cun interesante estudo de Combet (1971) sobre a sociedade aurisecular, a súa xerarquización e tipos sociais a través do refraneiro de Correas, no que se recolle parte dos refráns anteriores.

Sea, que el tiñoso por pez verna. [639]
Beata con deuoçion: tocas baxas [*y*] *el rabo ladron.* [119]
¿Como te feziste caluo? Pelo a pelo pelando. [151]
Caluo verna que caluo vengara. [155]
Mas vale tuerto que çiego. [432]
El cobdiçioso [*y*] *el reboltoso presto se avienen.* [297]
El debdor no se muera, que la debda pagarse ha. [245]

3.5. Unha cantidade considerable de refráns amósanos os seres vivos que rodeaban o ser humano do baixo medievo, especies animais que podían resultar tanto beneficiosas como molestas, daniñas ou perigosas. Entre as primeiras atopamos animais domésticos e de compañía, como cans e gatos, ademais dos que reportaban algún tipo de beneficio económico, como as distintas bestas de labranza, tiro e carga e as aves de curral:

A otro perro con ese hueso. [34]
Can con rauia a su dueño muerde. [154]
Ladreme el perro y no me muerda. [375]
Quien quiere a Beltran, bien quiere a su can. [610]
Uidose el perro en bragas de çerro. [707]
A la luenga toma el galgo a la liebre. [51]
Buen amigo es el gato si no que rascuña. [115]
Gato maullador: nunca buen caçador. [335]
Mandan al gato [*y*] *el gato manda a su rabo.* [430]
Sardina que gato lieua galduda va. [646]
Cada gallo en su muladar. [157]
Erguido como gallo de cortijo. [298]
Aldeana es la gallina [*y*] *comela el de Seuilla.* [40]
Biua la gallina con su pepita. [128]
Holgar gallinas, que muerto es el gallo. [350]
La mujer [*y*] *la gallina por andar se pierde*[*n*] *ayna.* [374]
Los pollos de Marta piden pan y danles agua. [381]

Ós anteriores teriámoslles que engadi-las recorrentes referencias ós distintos tipos de gando vacún, ovino, porcino e cabalar. A aparición constante destes animais na masa paremiolóxica do noso corpus parece evidenciar o gran peso que tiñan na economía, o que nos amosa a intensa actividade pecuaria que despegou a partir do século XI, tanto nos reinos cristiáns coma en al-Ándalus[21], como anota Riu (1999:285-86):

A do yra el buey que no are. [75]
A buey viejo, çençerro nueuo. [83]
Buey suelto bien se lame. [116]
Pelean los toros y mal para las ramas. [550]
Mata vacas [*y*] *carneros,* [*y*] *dame vn cornado de bofes.* [457]
Cuando te dieren la vaquilla, acorre con la soguilla. [600]

[21] Ademais contamos con diversos estudos que analizan a presenza do mundo equino no conxunto paremiolóxico na antigüidade clásica (Cascajero 1999 e Cantera 2006) e no refraneiro inglés (Márquez 1994). Para o refraneiro galego pode verse Groba (2010, 317-372) e tamén a análise dese corpus que fai neste mesmo número de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (páxs. 149-176).

Quando cae la vaca aguzan los cuchillos. [604]
Bezerrilla mansa mama a su madre y al agena. [140]
Oveja que bala, bocado pierde. [522]
Cabra va por viña, qual madre tal fija. [164]
Mal se cubre la cabra con el rabo. [426]
A cauallo comedor, cabestro corto. [5]
Mas quiero asno que me lieue que cauallo que me derrueque. [423]
O me daras la yegua o te matare el potro. [524]
Uno piensa el vayo y otro el que lo ensylla. [699]
Hallado ha Sanch[*o*] *su roçin.* [353]
Asno malo cabe casa aguija. [47]
Dixo el asno al mulo: tirate alla orejudo. [208]
Mula blanca o vieja o manca. [418]
Si el juramento es por nos, la burra es nuestra. [651]
Bien sabe el asno en cuya casa rebuzna. [134*a*]
De rabo de puerco nunca buen virote. [215]
El diablo no es puerco [*y*] *gruñe.* [257]
Onbres con frio y cochinos fazen grand roydo. [521]

Entre os animais prexudiciais poderiamos destaca-la constante ameaza para o gando que representan o lobo e o raposo, a perigosidade da serpe ou a molesta presenza das chinchas, piollos e moscas:

Asno de muchos, lobos lo comen. [54]
Arremetiose Morilla y comieronla lobos. [63]
Burla burlando, base el lobo al asno. [137]
Ducha es la loba de la soga. [241]
El lobo faze entre semana por que el domingo no va a missa. [251]
Zorros en zorrera, el humo los echa fuera. [724]
Zorrilla que mucho tarda, caça aguarda. [725]
Con agena mano saca la culebra del forado. [145]
De conpadre a conpadre chinche en el ojo. [222]
Assi se mete como piojo en costura. [72]
En boca çerrada no entra moxca. [268]

E non falta a alusión erudita ó león

No es tan brauo el leon como lo pintan [472]

Moitos destes animais teñen motivada a súa aparición nunha base metafórica que a mentalidade medieval lle atribuía a cada animal: a astucia ó raposo e ó lobo; a voracidade ó lobo; a braveza e forza ó león e ó touro; a mansedume á ovella e ó boi; etc. Outros orixínanse ó enfatiza-lo trazo distintivo polo que destacaba cada animal: a velocidade da lebre ou a cor negra do corvo:

Burla burlando, base el lobo al asno. [137]
De lo contado come el lobo. [193]
Del lobo vn pelo y ese de la frente. [216]
Quien al lobo embia, carne espera. [564]
Zorrilla que mucho tarda, caça aguarda. [725]

El lobo y la [*golpeja*] *todos son de vna conseja.* [312]
Caldo de raposa: esta frio y quema. [176]
Asno de muchos, lobos lo comen. [54]
Arremetiose Morilla y comieronla lobos. [63]
No es tan brauo el leon como lo pintan. [472]
Pelean los toros y mal para las ramas. [550]
Oveja que bala, bocado pierde. [522]
El poluo de la oveja alcohol es para el lobo. [243]
A la luenga toma el galgo a la liebre. [51]
Bau que corre mas que liebre. [138]
Yo a buenas y vos a malas, no puede ser mas negro el cueruo que sus alas. [718]

3.6. A partir de algo cotián como a súa vestimenta, un pobo pode chegar a confeccionar gran cantidade de refráns para poder expresar unha ampla gama de significados metafóricos e translaticios, como podemos comprobar, por exemplo, no estudo de Biosca e Ripollés (1998) sobre as pezas de vestir na fraseoloxía catalá. O léxico sobre a indumentaria inserto no material paremiolóxico de RVF pódenos facilitar, igualmente, unha breve ollada á vestimenta medieval. Podemos atopar, desta maneira, diferentes tipos de pezas de vestir, tales como abrigos, camisas, togas, calzado, capas, bolsas de coiro para garda-lo diñeiro, etc:

A buey viejo no cates abrigo. [1]
Bolsa syn dinero digole cuero. [121]
Dos amigos de vna bolsa: el vno canta y el otro llora. [200]
Ni de estopa buena camisa, ni de puta buena amiga. [468]
Beata con deuoçion: tocas baxas [*y*] *el rabo ladron.* [119]
En cabeça loca no se tiene toca. [311]
La muger loca por los cabos merca la toca. [376]
Cada ruyn çapato de lazo. [173]
Çapato roto o sano mas vale en el pie que en la mano. [180]
Botas y gauan encubren mucho mal. [120]
Por deseo de çuecos mety el pie en vn cantaro. [557]
Ronron, tras la capa te ando. [638]
So mala capa yaze buen beuedor. [648]
Uaste feria y yo sin capa. [702]
Biua el rey, daca la capa. [129]

Algunhas destas pezas xa non se usan na actualidade ou o seu uso entrou en franco retroceso (como gabáns, carapuchas, calzas, *albanegas*, etc), engrosando o número de refráns que conservan no seu enunciado verdadeiros arcaísmos léxicos[22] referentes a obxectos obsoletos e desusados ós que antes fixemos referencia:

¿De donde a donde Haxa con aluanega? [242]

[22] Recordemos que Anscombre di que unha das características que se ofrecen normalmente do refrán é que no enunciado deste "han sido depositados objetos y costumbres pasados" (Anscombre 1999:25).

Por si o por no, marido señor, poneos vuestro capirote. [536]
Yo le digo que se vaya y el descalçase las bragas. [720]

Outros refráns non fan referencia a pezas de roupa específicas, senón a materiais como as teas para confecciona-la vestimenta ([36]) ou a outros utensilios para a hixiene persoal ([218]), ademais de distintos complementos ornamentais como aneis ou alfaias ([509], [649], [712]):

Adoba tu paño, y pasaras tu año. [36]
Dixo el tiñoso al peine: esto era lo que no aviamos menester. [218]
Onrra syn prouecho, anillo en el dedo. [509]
Sy se perdieron los anillos, aqui quedaron los dedillos. [649]
Uezina mala haze a su vezina con alhaja. [712]

3.7. No noso corpus textual documéntase diverso enxoval doméstico característico do medievo. Desta maneira, na enunciación destes refráns atopamos utensilios para actividades caseiras como o fiado (fusos, rocas, madeixas, alfinetes) ou utensilios de cociña e outros obxectos para a manipulación de alimentos (coitelos, mazos, farneiros, artesas, borteis, olas, caldeiras, etc):

Guay del huso quando la barua no anda de suso. [340]
Rehilar tortero, que el huso es de madero. [632]
Las manos en la rueca [*y*] *los ojos* [*en*] *la puerta.* [407]
Assi se consuela quien sus madexas quema. [90]
Guay de gachas: a tal hora comidas con punta de alfilel. [337]
En casa del herrero cochillo mangorrero. [278]
Corta maço, que de fierro eres. [169]
Agua coje por farnero[23] *quien cree de lijero.* [37]
Marido, lleuad el artesa y yo el çedaço, que pesa como el diablo. [452]
Al hombre pobre, taça de plata [*y*] *olla de cobre.* [73]
Buena olla y mal testamento. [127]
Ollilla que mucho hierue sabor pierde. [517]
Si [*se*] *quebro la olla. Sino he aqui los caxcos.* [663]
Dixo la sarten a la caldera: tirate alla culnegra. [213]
El viejo y el horno por la boca se escallentan. [263]

Ademais rexistran instrumentos de labranza e utensilios de uso agrícola ([56], [70], etc) ou aparellos para a caza e a pesca ([45], [150], [215]), ademais de cántaras para o transporte de líquidos e mercadorías ([101], [61], [141], etc):

Assi se sacude como granizo [*de*] *albarda.* [56]
A la vejez alad[*a*]*res de pez.* [70]
A buey viejo, çençerro nueuo. [83]
Quien bueyes ha menos, çençerros se le antojan. [570]

[23] A palabra *farnero*, segundo o *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española*, con este significado aparece por primeira vez recollida no dicionario de Salvá (1846), remitindo á forma *harnero*. Con tal forma, xa se recolle no *Vocabulario* de Nebrija (1495), que lle dá o valor de *cribrum*. Podería ser equivalente da locución galega *coller auga cun cribo* "realizar unha acción inútil", porque o cribo non garda líquidos.

Ajonje, dixo Luzia al odre. [45]
Cedaçuelo nueuo tres dias en estaca. [150]
De rabo de puerco nunca buen virote. [215]
Achaque al odre que sabe a la pez. [101]
Al lauar de los çestos faremos la cuenta. [61]
Cantarillo que muchas vezes va a la fuente o dexa el asa o la fruente. [141]
Cobdiçia mala saco rompe. [146]
De cosario a cosario no se pierden sino los barriles. [232]

Entre os obxectos destinados ó lecer, chama a atención un conxunto de refráns que fan mención de diversos instrumentos musicais (como cítolas, zanfonas, pandeiros, *albogues*, etc):

Ayna faremos nada syn vn pandero. [102]
En casa del alboguero todos son albogueros. [269]
En manos esta el pandero de quien lo sabra tañer. [299]
Lo que dize el pandero todo es vero. [392]
Por demas esta la citola en el molino, si el molinero es sordo. [531]
Uiejo es el alcaçer para fazer çampoñas. [708]

A presenza –e riqueza– deste tipo de léxico nestes refráns é testemuña da importancia concedida á música e á súa execución na vida cotiá da baixa Idade Media, como se desprende do estudo de Fasla (1998), centrado nos termos musicais no refraneiro español tardomedieval.

3.8. Por outra parte, un considerable número de refráns fan referencia ós aspectos alimenticios e gastronómicos da época. O pan –e, por ende, a súa materia prima, a fariña– constitúe a base alimenticia: moitos son os refráns referidos ó pan como alimento indispensable, do que é posible apreciar diferentes calidades ([50], [585], [549]). O viño tamén está presente en diversos refráns:

Agua tras harina va. [103]
Der[*r*]*amadora de la harina, allegadora de la çeniza.* [205]
Mollina en la casa que no ay farina. [433]
Uezinas a vezinas a las vezes se dan harinas. [696]
A pan duro, diente agudo. [3]
A pan de quinze días, hambre de tres semanas. [23]
A mengua de pan, buenas son tortas. [48]
A mal venta, pan pintado. [50]
A poco pan, tomar primero. [67]
Bocado de mal pan: no lo comas ni lo des a tu can. [132]
Del pan de tu compadre buen çatico al ahijado. [207]
El pan comido, la conpañia desfecha. [286]
Llueua o no llueua, pan ay en Orihuela. [404]
Pedaço de pan de çenteno: primero en el cuerpo que en el [*suelo*]. [549]
Quien no quiere pan de trigo comalo de çeuada. [585]
Tanto pan como queso. [675]
Todos los duelos con pan son buenos. [686]
En la mesa del rey cabe vn panezillo. [277]

Dineros en manga, tanto vino como agua. [226]
En vino ni en moro no pongas tu tesoro. [307]
Suelas y vino andan camino. [657]

Outros alimentos e comidas que satisfacían o apetito medieval, tal e como se desprende do noso corpus, son a carne de porco ou de ave, o peixe, gran diversidade de froitos, verduras e hortalizas, etc, que relacionan, en ocasións, estes alimentos coas esferas de menor extracción social ([633], [416]), ou que se erguen como prototipo da insignificancia e humildade ([59], [122]):

A do pensays que ay toçinos, no ay estacas. [17]
A mengua de carne buenos son pollos con toçino. [106]
Tribulaçion, hermanos, entre dos, tres pollos. [685]
Echa otra sardina que otro ruyn viene. [303]
Quien peçes quiere el rabo se remoje. [589]
Manos duchas comen truchas. [447]
Reuanete y queso tienen la corte en peso. [633]
Gracias a Gerena que lleua las mançanas o cales. [345]
Al ombre harto las çeresas le amargan. [59]
Blanca con frio no vale vn figo. [122]
Poco por vuas quando no las ay. [533]
Comer vua y cagar razimo. [167]
Mas quiero cardos en paz que no salsa agraz. [416]
Sabeldo coles que espinacas ay en la olla. [647]
El perro del ortelano: ni come las verças ni las dexa comer. [261]
Regostose la viaje: a los bledos ni dexo verdes ni secos. [627]

Tamén se poden atopar outros produtos de orixe vexetal para a forraxe ou usos non alimenticios:

Cada gorrion con su espigon. [143]
Con estos derechos salen los co[*g*]*onbros retuertos.* [149]
Huy del perexil y nasçiome en la frent.e [347]
Entre gauilla [*y*] *gauilla fanbre amarilla.* [316]
No este la tienda syn alheña. [490]
Uiejo es el alcaçer para fazer çampoñas. [708]

Como pode comprobarse, algúns dos refráns anteriores reflicten a acción de comer como acto social ([67], [286]); outros evidencian o cultivo da vide, faenas agrícolas ([533], [167], [362]) ou actividades pesqueiras ([303], [589], [447]).

A poco pan, tomar primero. [67]
El pan comido, la conpañia desfecha. [286]
Poco por vuas quando no las ay. [533]
Comer vua y cagar razimo. [167]
Harre alla por çepas. [362]
Echa otra sardina que otro ruyn viene. [303]
Quien peçes quiere el rabo se remoje. [589]
Manos duchas comen truchas. [447]

3.9. Algúns dos refráns rexistrados enmarcan determinados lugares ou contornas naturais onde o home desenvolvía a súa actividade laboral, xeralmente agraria (viñas, esterqueiras, muíños, quintas, soutos, ríos) ou gozaba do lecer (vendas, tabernas, mesóns), ou ben onde as mulleres tiñan a posibilidade de desenvolve-la súa vida social (a fonte); en definitiva son paraxes naturais, rurais ou edificacións particulares para o traballo ou a diversión:

A mala venta, pan pintado. [50]
A los pies y al soto. [65]
Si beuo en la tauerna, sino fuelgome en ella. [650]
Por vn ladron pierden çiento meson. [546]
Andar toda la noche y amanecer en la posada. [86]
Cada gallo en su muladar. [157]
Mete el gallo en tu muladar y saldrá heredero. [428]
El pajar viejo quando se enciende, malo es de apagar. [267]
Asna con pollino no va derecha al molino. [39]
Por demas es la citola en el molino, si el molinero es sordo. [531]
Erguido como gallo de cortijo. [298]
Cantarillo que muchas vezes va a la fuente o dexa el asa o la fruente [141]
Casa en canto y viña en pago. [168]
Miedo guarda viña que no viñadero. [435]
Mete el gato en el garuançal que el dira la verdad. [421]
De [*monte*] *o de rio: oras cargado,* [*oras*] *vazio.* [185]
¿Donde eres ombre? Del aldea de mi mujer. [234]
En el aldehuela, mas mal hay que suena. [262]

Por outro lado, os topónimos que se rexistran son, na súa gran maioría, peninsulares. Entre estes, os máis setentrionais son Burgos, Jaca e Dueñas; o máis meridional Sevilla. Aparecen tamén Olmedo, Zoria, Toledo, Orgaz e Andújar, sendo Orihuela o punto máis oriental. Contamos tamén entre estes o Camiño de Santiago, que xa atraía daquela un elevado número de peregrinos europeos desde o século XI (Riu 1999:312):

A cabo de rato, Andujar. [12]
Aldeana es la gallina [*y*] *comela el de Seuilla.* [40]
Alça el rabo, ruçia, que vanse los de Olmedo. [44]
Camino de Santiago, tanto anda el coxo como el sano. [144]
Campanillas de Toledo, oygo vos y no vos veo. [174]
En Jaca a dinero vale la vaca. [274]
El fisico de Orgaz que cataua el pulso en el ombro. [285]
El dardillo de Burgos: quitaldo y sease vuestro. [308]
Los perros de Çorita: pocos [*y*] *mal auenidos.* [387]
Llueua o no llueua pan ay en Orihuela. [404]
Ruyn con ruyn, que assi casan en Dueñas. [635]
Sabeys a Orihuela, desde juego soys fuera. [667]

Os topónimos extrapeninsulares son Flandes, Roma e Xerusalén (dous centros de peregrinación da cristiandade):

Quien lengua ha, a Roma va. [563]

Guay de ty Iherusalem que estas en poder de moros. [341]
O todo a Flandes o todo a fondo. [512]

Algúns dos refráns anteriores, como podemos ver en [40] ou [44], pretenden confronta-la vida aldeá fronte a urbana; pero outros non parecen motiva-la aparición do topónimo máis que pola conformación da rima intencionada nunha estrutura bimembre ([274], [404], [667], [174], [144] e [563]).

3.10. Moitos reflicten as actividades cotiás nas que o home tardomedieval debía emprega-lo seu tempo. Así, podemos atopar diversas actividades agrícolas ([71], [362], [520], [661]), domésticas ([310], [678]), lúdicas ([482], [57]) e incluso punitivas ([32], [8]), ou ben actividades humanas naturais como comer ([247], [620], [158]) ou parir ([380] e [540]), por exemplo:

A este preçio vendimiado es lo mollar. [71]
Harre alla por çepas. [362]
O avn el rabo esta por desollar. [520]
Segar o gauillar o guardar la era. [661]
Avn no ensyllays [*y*] *ya caualgays.* [30]
Quien solo come su gallo, solo ensylle su caballo. [595]
Açotenme en concejo y no lo digan en mi casa. [32]
A dineros tomados, braços quebrados. [8]
Este lugar no fila delgado sino gordo y mal filado. [310]
Todo es menester quanto Marta hila y Pedro deuana. [678]
No juego a los dados, mas fago peores baratos. [482]
A cuenta vieja, baraja nueua. [57]
En casa llena ayna se faze çena. [247]
Quien a mesa agena yanta, mucho come y nunca se farta. [620]
Comer verdura y echar mala ventura. [158]
Lleuar mala noche [*y*] *parir fija.* [380]
Peor es parir a medias y no saber de quien. [540]

A maioría das actividades cotiás citadas, para a súa enunciación dentro do refrán, reflicten os labores e as faenas propias do campesiñado e dos estratos sociais máis humildes, feito que pode evidencia-la motivación popular destes refráns.

3.11. Neste corpus textual atopamos tamén numerosos refráns de natureza gnómica. Trátase de auténticos preceptos morais que, como afirma Olaeta Rubio (1997:451, tomado de Combet), encerran unha das funcións principais do refrán, que é a de constituírse como un "código del saber y de la moral de una comunidad"[24]. Son, en definitiva, normas de comportamento social e individual, de carácter sentencioso, universal, que pretenden guia-la vida en sociedade ([89], [60], [96], etc), ou erixirse como preceptivas éticas que invitan á precaución e á discreción ([113], [197], [279],

[24] O refrán como reflexo da sabedoría popular e a súa capacidade moralizadora respecto á comunidade vense repetidos xa desde as máis antigas compilacións paremiolóxicas castelás; véxase Bernal Rodríguez (1996:XVIII-XX) en relación a *Philosophía Vulgar*, ou Alonso Hernández (2005:16) verbo do *Teatro Universal de Proverbios*. Esta intención moralizadora, ademais, foi na práctica lexicográfica hispánica un recorrente criterio de selección e inclusión de paremias na macroestrutura da obra.

[682]), a actuar correctamente ([254], [654], [584], etc), a paga-las débedas ([227], [227b], [552]), e a outros tipos de preceptos morais:

Ayamos paz, y morremos viejos. [89]
Allegate a los buenos y seras vno dellos. [60]
A mal fecho, ruego y pecho. [96]
En buen dia, buenas obras. [254]
Lo que de de noche se faze de dia pareçe. [388]
No digas quien eres, que tu te lo diras. [469]
Quien merca y miente su bolsa lo siente. [584]
Ue do vas, como vieres assi faz. [705]
Buena es la tardança que faze la carrera segura. [113]
Di tu secreto a tu amigo y seras siempre su catiuo. [197]
Entonçe perdi mi honor quando dixe mal y oy peor. [279]
Tras pared nin tras seto no digas tu secreto. [682]
Duerme quien duerme y no duerme quien algo deue. [227]
Dineros y diablos no se pueden encobrir. [227*b*]
Paga lo que deues, sanaras del mal que tienes. [552]

Este grupo entraría no que Sevilla Muñoz cualificou como "paremias propiamente dichas", isto é, paremias relacionadas "con aquellos consejos o soluciones dignas del ser humano a situaciones vivenciales y con las observaciones sobre el comportamiento del hombre" (Sevilla Muñoz 1993:15). "De tono aleccionador –continúa a devandita autora– critican los defectos y nos ofrecen modelos de conducta". Podemos atopar máis exemplos nos seguintes:

Agua coje por farnero quien cree de lijero. [37]
Echate a enfermar: veras quien te quiere bien o quien te quiere mal. [246]
El bien suena y el mal buela. [249]
En luengo camino y en cama angosta se conoçen los amigos. [256]
El corcouado no vee su corcoua sy no el agena. [290]
Faz lo que te manda tu señor y pósate con el a la mesa. [320]
Mas vale verguença en cara que manzilla en coraçon. [413]
Mas vale rato presuroso que dia perezoso. [455]
No faze poco quien bien se defiende de otro. [462]
No con quien nasçes syno con quien paçes. [487]
Quien bien tiene y mal escoje por mal que le venga no se enoje. [622]
Sanan las cuchilladas y no las malas palabras. [654]

A modalidade exhortativa é característica destes últimos enunciados; de feito, nestes formúlase unha variada gama de ordes, prohibicións, consellos e recomendacións que presentan o verbo en imperativo (ou subxuntivo, no caso das exhortacións negativas), de manifesta función conativa ([320], [682], [705], etc). É recorrente ademais a estrutura condicional bimembre integrada por imperativo + futuro ([89], [60], [197] e [246], entre outras).

Algúns destes refráns, por outro lado, teñen un carácter máis intimista; trátase de reflexións existenciais acerca da vida e a morte ([417], [572], [715], [721]), da soidade humana ([484], [700]), ou melancólicas meditacións verbo do amor afastado ou

perdido ([126], [677]), cargadas de forte lirismo e ton pesimista que exteriorizan o intimismo do corazón humano medieval:

Muchos van a casa del muerto [*y*] *cada vno llora su duelo.* [417]
Quien bien te hara o se [*te*] *yra o se te morra.* [572]
Ya me mori y vi quien me lloro. [721]
Uno muere de atafea y otro la desea. [715]
No ay bien conosçido fasta que es perdido. [484]
Un alma sola ni canta ni llora. [700]
Bien ama quien [*nunca*] *oluida.* [126]
Tan lueñe de ojos, tanto de coraçon. [677]

3.12. Por último, temos que salientar un pequeno grupo de refráns de natureza e fins humorísticos, onde a graza e a comicidade son as notas dominantes, pretendendo resalta-lo fondo festivo, algareiro ou ridículo da vida:

¿A como vale el quintal del fierro? Dame vn' aguja. [97]
Echa otra sardina que otro ruyn viene. [303]
Justicia, mas no por nuestra casa. [369]
Mas vale con mal asno contender que la leña a cuestas traer. [444]
No es seso traer el asno en peso. [474]
Tu que no puedes, lleuame a cuestas. [688]

Na ledicia dalgúns deles é posible detectar certos matices irónicos e maliciosos:

Asna con pollino no va derecha al molino. [39]
Freylde un hueuo, que dos mereçe. [324]
Preguntaldo a Muñon, que miente mas que yo. [562]
Quien juro no me engaño. [613]

Mentres que o humorístico doutros raia poeticamente no surrealista:

¿Creeys en Dios? En çinta esta la grulla y no lo sabe el [*puerco*]. [170]
De mas estaua la grulla al fuego dando la teta al asno. [202]
No cabemos al fuego y pario mi suegr[*a*]. [497]
Por deseo de çuecos mety el pie en vn cantaro. [557]

Como podemos observar, nos enunciados anteriores, a nota de humor baséase tanto na ironía ([369], [303], [562], [613] ou [39]) coma na expresión hiperbólica ([474], [444], [97], [557]), á parte das que presentan situacións imposibles ou ridículas pola súa extravagancia e irrealidade ([202], [170], [497]).

3.13. Para finalizar este breve percorrido polo refraneiro medieval, temos que destaca-lo feito significativo de que refráns forxados en épocas moi remotas do noso devalar histórico gocen aínda hoxe de gran vitalidade. Ó longo da evolución histórica do castelán, estes refráns experimentaron un proceso de actualización e anovamento (como observa García-Page Sánchez 1997:276) mediante procedementos de adaptación, variación e reformulación que os configuraron paulatinamente tal como os coñecemos na actualidade. É ampla a lista destes refráns que nos acompañaron ós falantes da lingua castelá ó longo de varios séculos; dos rexistrados en RVF poderiamos cita-los seguintes

A otro perro con ese hueso. [34]
A mengua de pan buenas son tortas. [48]
A rio buelto ganançia de pescadores. [82]
Cantarillo que muchas vezes va la fuente o dexa el asa o la fruente. [141]
Cria cueruo, sacarte ha el ojo. [152]
En casa del herrero cochillo mangorrero. [278]
El alfayate del cantillo fazia la costura de balde [*y*] *ponia el filo.* [280]
Mas vale paxaro en mano que no bueytre bolando. [419]
Mientras mas moros mas ganancia. [450]
No cabemos al fuego y pario mi suegr[*a*]. [497]
Para cada puerco ay su Sant Martin. [529]
Quien peçes quiere el rabo se remoje. [589]
Ue do vas, como vieres assi faz. [705]

Podemos comprobar como a actualización dos refráns anteriores se foi realizando mediante diversos procedementos, tales como a variación fónico-ortográfica (*cuchillo* por *cochillo* [278], *veces* e *deja* por *vezes* e *dexa* [141], *peces* por *peçes* [589], etc), a morfoloxía (*cuervos* por *cuervo* [152]), a transmutación léxica (*ciento* por *bueytre* [419], *abuela* por *suegra* [497]) ou a substitución sinonímica (*cerdo* por *puerco* [82]), entre outros.

4. Conclusións

No presente traballo, partindo da concepción do refrán como un reflexo da sociedade do seu tempo, tratamos de realizar unha breve aproximación a algúns dos aspectos socioculturais, políticos e económicos que caracterizaban Castela e os restantes reinos cristiáns peninsulares a finais da Idade Media. Pretendemos comprobar como, a partir dun pequeno corpus de refráns fixado por escrito –como demostra Bizzarri– cara á fin do século XV, podiamos coñecer dunha maneira xeral e aproximativa determinados trazos que marcaban a existencia cotiá do ser humano tardomedieval. Desta maneira poderíase ratifica-lo carácter interdisciplinar da paremioloxía como instrumento moi valioso á hora de intentar coñecer e comprende-la cultura e a sociedade dun pobo nunha época determinada, pretérita ou actual, corroborando así unha tese presentada e desenvolvida por diversos autores. Polo tanto, no noso traballo pretendemos establecer un itinerario para a análise dunha pequena cata no refraneiro da última fase da Idade Media; así nesta aproximación ó mundo cotián da fin do Medievo tivémo-la posibilidade de observar, a través da formulación lingüística dos diversos refráns recompilados en RVF, as prácticas relixiosas que rexían a vida diaria do ser humano da época, a xerarquía feudal organizadora da sociedade, as diversas actividades humanas e profesionais exercidas polo home medieval, a súa vestimenta, os utensilios domésticos e os animais que formaban parte da vida cotiá del. Porén, unha análise pormenorizada desta masa paremiolóxica aquí recollida constituiría un traballo que, como apunta Forgas Berdet (1993:39), só podería ser realizado por especialistas nas diversas materias que analizamos –historia, economía, socioloxía, gastronomía, etc–, mediante un labor conxunto con paremiólogos e etnolingüistas. Este tipo de traballo sería capaz de manifestar toda a riqueza cultura que contén o presente refraneiro.

5. Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (1999): "Locucións e enunciados fraseolóxicos. Un límite difuso", en *Paremia* 8, 20-4.

ANSCOMBRE, Jean-Claude (1999): "Estructura métrica y función semántica de los refranes", en *Paremia* 8, 25-6.

BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2008/2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

BIOSCA I POSTIUS, Mercè e RIPOLLÉS I DE LA FRAGUA, Roser (1998): "Les peces de vestir i la fraseologia", en *Paremia* 7, 69-4.

BIZZARRI, Hugo Óscar (1997): "Una nota textual a los *Refranes que dizen las viejas tras el fuego* a propósito del refrán 'más vale traque que Dios vos salue'", en *Scriptura* 13, 217-23.

(2008): "El refrán en el tránsito del Humanismo al Renacimiento. (La invención de la ciencia paremiológica)", en *Paremia* 17, 27-0.

BUITRAGO JIMÉNEZ, Alberto (1995/2008): *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid: Espasa.

CALERO FERNÁNDEZ, M.ª Ángeles (1991): *La imagen de la mujer a través de la tradición paremiológica española* (*lengua y cultura*). Barcelona: Publicaciones de la Universidad de Barcelona (tesis doctoral, en microfichas).

(1993): "El mundo de la prostitución en el refranero español", en *Paremia* 2, 245-56.

(1998): "Acerca de Dios y del demonio en la fraseología española y catalana", en Gerd WOTJAK (ed.) (1998): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Frankfurt/Madrid: Vervuet/Iberoamericana, 155-94.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2006): "Dieciséis expresiones y proverbios latinos con el asno como protagonista", en *Paremia* 15, 9-6.

CASARES SÁNCHEZ, Julio (1950/1969): *Introducción a la lexicografía moderna*, Anejo LII de la Revista de Filología Española. Madrid: CSIC.

CASCAJERO, Juan (1995) "Oralidad e historia antigua: una nueva motivación para el estudio del universo paremiológico", en *Paremia* 4, 105-16.

(1999) "A la sombra del asno. Asnos, burros y jumentos en la Paremiología antigua", en *Paremia* 8, 113-17.

(2001) "La descalificación de la mujer en la Paremiología latina", en *Paremia*, 10, 23-0.

(2002): "La descalificación de la mujer en la Paremiología griega. Los *Monósticos* de Menandro", en *Paremia* 11, 31-8.

COMBET, Louis (1971): "La societé à travers le *Vocabulario de refranes* de Correas", en *Recherches sur le Refranero castillan*. Paris: Les Belles Lettres, 181-85.

CONDE TARRÍO, Germán (2008): "Un alto en el trabajo: el *descanso* en los refraneros castellano, francés y gallego", en *Paremia* 17, 59-9.

CORPAS PASTOR PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

CORREAS, Gonzalo (1627/1992): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. (Edición de Víctor Infantes). Madrid: Visor.

COVARRUBIAS Y OROZCO, Sebastián de (1611/1995): *Tesoro de la lengua castellana o española*. (Edición de Felipe C. R. Maldonado revisada por Manuel Camarero). Madrid: Castalia.

ECHENIQUE ELIZONDO, M.ª Teresa (2003): "Pautas para el estudio histórico de las unidades fraseológicas", en GIRÓN ALCONCHEL, José Luis et alii (eds.): *Estudios ofrecidos al profesor José Jesús de Bustos Tovar*. Madrid: Universidad Complutense, 1, 545-60.

FASLA, Dalila (1998): "Conmutación y sinonimia en el léxico musical del refranero español del bajomedievo", en *Paremia* 7, 53-0.

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, Eulalio (1999): "El refranero desde una perspectiva cognitiva: convencionalización de las estructuras paremiológicas", en *Paremia* 8, 179-82.

FERRO RUIBAL, Xesús (1997): "Deus e mailo demo no refraneiro galego", en *Paremia* 6, 207-22.

FORGAS BERDET, Esther (1993): "Cultura popular y cultura material: el refranero", en *Paremia* 1, 35-4.

FORMENT FERNÁNDEZ, M.ª del Mar (2000): "Hacer novillos, hacer campana o hacer vaca: ¿Qué fraseología enseñar?", en MARTÍN ZORRAQUINO, M.ª Antonia e DÍEZ PELEGRÍN, Cristina (eds.) (2000): *¿Qué español enseñar?: norma y variación lingüísticas en la enseñanza del español a extranjeros. Actas del XI Congreso de ASELE*. Alcalá: Universidad, 317-26.

GARCÍA DE CASTRO, Diego (¿1480?/2006) *Seniloquium*. (Tradución e edición crítica de Fernando cantalapiedra Erostarbe e Juan Moreno Uclés). València: Publicacions de la Universitat de València.

GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (1990a): "Propiedades lingüísticas del refrán (I)", en *Epos. Revista de filología* 6, 499-10.

(1990b): "Aspectos fónicos en la configuración de los refranes", en *Notas y estudios fraseológicos* 5, 77-21.

(1991): "Locuciones adverbiales con palabras "idiomáticas"", en *Revista Española de Lingüística* 21:2, 211-64.

(1992): "Lengua y estilo del refranero: repetición y (re)creación", en *Anuario de Letras* 30, 89-31.

(1993): "La función lúdica en la lengua de los refranes", en *Paremia* 2, 51-8.

(1997): "Propiedades lingüísticas del refrán (II): el léxico", en *Paremia* 6, 275-80.

(2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.

GROBA BOUZA, Fernando (2010): "'*A cabalo regalado non se lle mira o dente*' Compilación da fraseoloxía equina galega actual" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010, 317-372.

HERNANDO CUADRADO, Luis Alberto (1997): "Estilística del refrán", en *Paremia* 6, 327-32.

HOROZCO, Sebastián de (1580/2005[2]): *Teatro Universal de Proverbios*. (Edición, introdución, índices e glosario de José Luis Alonso Hernández). Salamanca: Ediciones de la Universidad de Salamanca.

INSTITUTO CERVANTES (2002): *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

LÁZARO CARRETER, Fernando (1980): "La lengua de los refranes, ¿espontaneidad o artificio?". *Estudios de lingüística*. Madrid: Cátedra, 219-32

MAL LARA, Juan de (1566/1996): *Philosophía vulgar* (*Obras Completas*, I). (Edición de Manuel Bernal Rodríguez). Madrid: Fundación José Antonio de Castro.

MÁRQUEZ, Luis Francisco (1994): "El mundo equino en las paremias inglesas y sus correspondencias españolas e italianas", en *Paremia* 3, 131-37.

NÚÑEZ, Hernán (1555/2001): *Refranes o proverbios en romance*. Madrid: Guillermo Vázquez. (Edición crítica de Louis Combet, Julia Sevilla Muñoz, Germán Conde Tarrío e Josep Guia i Marín).

O'KANE, Eleanor S. (1959): *Refranes y frases proverbiales españolas de la Edad Media*. (Anejo 2, de *Boletín de la Real Academia Española*). Madrid: RAE.

OLAETA RUBIO, Roberto (1997): "Las paremias, un recurso didáctico para la enseñanza de la lengua española", en *Paremia* 6, 451-58.

ORERO CLAVERO, Pilar (1997): "El wellerismo en la tradición paremiológica española", en *Paremia* 6, 459-64.

OULD MOHAMED-BABA, Ahmed-Salem (2005): "Los refranes relativos a la actividad artesanal y los oficios en la colección paremiológica de Abū Yahyà Azzajjālī alqurtubī (s. XIII)", en *Paremia* 14, 175-80.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española* (NTLLE) [CD-ROM].

RIU RIU, Manuel (1999[2]): *Edad Media* (711-500). *Manual de historia de España,* 2. Madrid: Espasa Calpe.

RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española* (Anejo XXIV de *Cuadernos de Filología*). Valencia: Universitat de València.

SANTILLANA, Íñigo López de Mendoza, Marqués de (1398-1458 / 1995): *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*. (Edición de Hugo Óscar Bizzarri). Kassel: Reichenberger.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (1993): "Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa", en *Paremia* 2, 15-0.

(2004): "El valor etnográfico del refrán", en *Cuadernos de etnología de Guadalajara* 36, 307-20.

SEVILLA MUÑOZ, Julia e SEVILLA MUÑOZ, Carmen (1999): "Los oficios a través de la Paremiología: la Construcción en francés/español", en SIERRA, Lina; BARRUECO, Sebastián; HERNÁNDEZ, Esther (coord.) (1999): *Lenguas para fines específicos VI. Investigación y enseñanza*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares, 363-70.

SEVILLA MUÑOZ, Julia e BARBADILLO DE LA FUENTE, M.ª Teresa (2004): "El valor didáctico del refrán", en *Paremia* 13, 196-04.

VALDÉS, Juan de (2008): *Diálogo de la lengua*. Edición preparada y dispuesta para la imprenta por M.ª Teresa ECHENIQUE ELIZONDO y DE LA CAMPA GUTIÉRREZ, Mariano, a partir de la edición de LAPESA MELGAR, Rafael. Valencia: Tirant lo Blanch.

ZULUAGA OSPINA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt / Berna: Peter D. Lang Verlag.

Do literal ó figurado: descodifica-las expresións idiomáticas na clase de LE[1]

Florence Detry

Universitat de Girona / Universidad Europea de Madrid

Dentro do ámbito da aprendizaxe das expresións idiomáticas (EI) nunha lingua estranxeira (LE), este estudo céntrase no gran papel cognitivo que pode ter unha reflexión analítico-inferencial sobre a imaxe literal. Máis precisamente, examinarémo-la posibilidade de fomentar unha comprensión metafórica das EI que lle permita ó alumnado tanto fixarse máis na súa dimensión icónico-literal como acceder, de maneira útil para a aprendizaxe, ó seu significado figurado. Para isto, explicarémo-las principais etapas cognitivas deste procesamento fraseolóxico (comprensión e visualización da dimensión literal; rexeitamento da literalidade; descodificación metafórica e acceso inferencial á dimensión figurada) e os diversos aspectos da nova EI (características do sintagma literal; graos de iconicidade, de literalidade e de transparencia semántica da súa imaxe) que, para un alumno de LE, poden facilitar ou dificulta-la realización de cada unha destas etapas. Ademais, amosaremos, mediante propostas de actividades aplicadas ó caso específico do español, como o profesor podería estimula-la implicación cognitiva dos aprendices, e orientar adecuada e eficazmente este tipo de procesamento arredor da iconicidade fraseolóxica.

Palabras clave: fraseodidáctica, expresións idiomáticas, procesamento cognitivo, iconicidade fraseolóxica, motivación semántica, español como lingua estranxeira.

In the field of idioms learning in a foreign language (L2), this study focuses on the leading cognitive role that an analytical-inferential reflection based on the literal image could have. More precisely, the possibility of encouraging a metaphorical comprehension of idioms, that allows the L2 learners not only to pay more attention to its iconic-literal dimension, but also to get access, in a useful learning way, to the figurative meaning, will be contemplated. To this end, the main cognitive stages of this phraseological processing (comprehension and visualization of the literal dimension; literal meaning rejection; metaphorical decodification and inferential access to the figurative dimension) will be explained, as well as several aspects of the new idiom (characteristics of the literal syntagm; the image and its iconic, literal and semantic-transparency degrees) that, for a L2

Data de recepción 14/04/2011 Data de aceptación 03/10/2011

[1] Tradución de Laura Ríos Liñares.

learner, could make easier or more difficult the achievement of every stage mentioned before. Furthermore, by means of some proposals of activities related to the specific case of Spanish idioms, we will show how the teacher could stimulate the learners' cognitive implication and orientate, in an adequate and effective way, this kind of processing concerning the iconic aspect of idioms.

Keywords: didactics of phraseology, idioms, cognitive processing, iconic phraseological aspect, semantic motivation, Spanish as a foreign language.

1. Introdución

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira (LE), as expresións idiomáticas (EI) e a linguaxe figurada en xeral adoitan ser elementos particularmente difíciles de comprender e de memorizar. Por isto, é recomendable aplicarlles vías metodolóxicas específicas, é dicir, que se adapten ás súas peculiaridades e axuden o alumnado a supera-las dificultades que adoitan implicar. En relación cos aspectos que contribúen ó carácter particular das EI, podemos facer fincapé no seu semantismo xa que, ademais de formar unha combinación de palabras que pode ser máis ou menos longa e fixa nun nivel formal (Zuluaga 1980; Gross 1996; Ruiz Gurillo 1997), estas expresións fundaméntanse na creación dunha imaxe, con certos valores metafóricos (Greciano 1983; Lafleur 1991; González Rey 1995; Penadés Martínez 2008), caracterizada por unha dobre dimensión significativa: a literal e a figurada. Agora ben, a alta iconicidade que caracteriza moitas EI e a relación *motivada* que, para o usuario, pode manter co significado idiomático (Belinchón 1999:361; Mogorrón Huerta 2002:55; Penadés Martínez e Díaz Hormigo 2008:58; etc)[2] levaron a numerosos especialistas en didáctica da fraseoloxía (Irujo 1993; Lazar 1996; Lennon 1998; Boers 2000; Boers, Eyckmans e Stengers 2007; etc) a insistir na relevancia cognitiva dun achegamento á nova EI de tipo inferencial, baseado entón na análise non tanto de chaves contextuais senón máis ben das pezas fraseolóxicas en si e da imaxe que constrúen. Deste modo, daríaselle a oportunidade ó alumnado estranxeiro de comprende-la dimensión literal da nova expresión, de visualiza-la imaxe que a fundamenta e, ademais, de desenvolver unha reflexión metafórica sobre as súas posibilidades interpretativas. O aprendiz tería entón un papel dinámico no desenvolvemento da comprensión idiomática, activando estratexias cognitivas que, ó dárenlle a posibilidade de restablecer un nexo no arbitrario entre o literal e o figurado, pódenlle facilita-la memorización e a aprendizaxe da nova EI:

> *Teaching students strategies for dealing with figurative language will help them to take advantage of the semantic transparency of some idioms. If they can figure out the meaning of an idiom by themselves, they will have a link from the idiomatic meaning to the literal words, which will help them learn the idiom.* (Irujo 1993:217)

Pero, no desenvolvemento da tarefa inferencial, é imprescindible que o profesor desempeñe un papel de supervisión e orientación. Para isto, o docente debe ser

[2] Sobre este tema, lémbrense tamén as teorías lingüísticas e/ou psicolingüísticas de enfoque máis ben *composicional* (Gibbs e Nayak 1989; Gibbs 1993; Cacciari 1993; Kövecses e Szabó 1996).

consciente non só das diferentes etapas cognitivas que abarca este tipo de procesamento, senón tamén dos principais factores que poden, segundo o tipo de EI atopado, facilitar ou dificulta-la súa boa execución. Seguindo este enfoque, neste estudo centrado principalmente no caso do español como LE, propoñémonos tanto explicar cada unha destas etapas e os diversos aspectos que poderían influír no seu desenvolvemento, como ofrecerlle ó docente algunhas propostas concretas de posibles actividades de clase[3].

2. Arredor da dimensión literal da EI

Esta primeira etapa, que se pode chamar de *comprensión literal,* constitúe unha fase preliminar decisiva para o procesamento cognitivo das novas EI. Como detallaremos a continuación, implica que o estudante de LE non só entenda correctamente a combinación de palabras que a nova expresión presenta, senón que tamén poida decatarse da imaxe que este conxunto de palabras constrúe.

2.1. Comprensión do sintagma literal

Esta comprensión literal require en primeiro lugar que o alumnado poida recoñecer e entende-los elementos léxicos que o sintagma fraseolóxico ofrece e os vínculos sintácticos que os alicerzan. De aí que o grao de dificultade e complexidade desta combinación de palabras teña unha primeira influencia no procesamento fraseolóxico dos alumnos, podendo frear, bloquear ou incluso desviar do seu camiño correcto a operación de transposición semántica posterior. Dito isto, debemos ter en conta que esta combinación ten varias características que poden contribuír a dificulta-la tarefa de comprensión literal.

Un primeiro factor que pode facer que a EI lle pareza complexa ó estudante de LE reside na cantidade de palabras que abarca. De feito, estas expresións presentan unha dimensión moi variada (compárese a de *echar flores* [*a alguien*] coa de *venir con un pan debajo del brazo*) e esta dimensión variable implica que o aprendiz non nativo terá que enfrontarse a un número máis ou menos elevado de compoñentes para procesar e, logo, memorizar. Un segundo aspecto importante, que se relaciona directamente co lexicón mental na LE, constitúeo o grao de familiaridade que o alumnado poida ter coas palabras implicadas no sintagma literal. Neste sentido, certas palabras pódenlle suscitar de entrada dificultades de comprensión por non seren coñecidas ou recoñecidas. En xeral, e a pesar do bo dominio que o aprendiz poida ter do vocabulario xeral na LE, estes problemas adoitan producirse ante palabras que se caracterizan por un índice de frecuencia de emprego bastante baixo considerando o ámbito das conversas cotiás (Cooper 1999:249). Emporiso, isto ocorre principalmente cando o

[3] Este estudo, que se beneficiou dunha axuda do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía (FFI2009-07635 (subprograma FILO)), inspírase en parte do marco teórico da nosa tese de doutoramento (dirixida pola Dra Elisabet Serrat i Sellabona e lida o 20 de xaneiro do 2010 na Universitat de Girona) enfocada no papel cognitivo da iconicidade fraseolóxica na aprendizaxe dunha LE (véxase a nosa bibliografía). Algunhas das propostas didácticas que desenvolveremos aquí tamén se atopan suxeridas en estudos anteriores nosos (Detry 2008a, 2008b e 2008c).

alumnado se atopa fronte a unha palabra que pertence a un campo onomasiolóxico moi específico (por exemplo, a agricultura en *buscar una aguja en un pajar*, as ferramentas en *apretar las clavijas* [*a alguien*] ou as plantas en *importar* [*a alguien*] *un bledo*), ou ben cando o seu emprego estea moi restrinxido a un rexistro de fala específico e pouco empregado na clase de LE (coma, no caso dun rexistro moi coloquial e incluso vulgar, a palabra *carajo* en *me importa un carajo*), ou finalmente cando o uso literal quedou obsoleto na actualidade (palabra diacrítica como *quid* en *dar en el quid*). Un terceiro aspecto que cómpre ter en conta reside na posible polisemia que os compoñentes fraseolóxicos poden presentar: vemos por exemplo a importancia de non interpretar *cabos* nun sentido xeográfico na EI *atar cabos*[4].

Finalmente, o grao de complexidade e/ou irregularidade gramatical que pode ofrece-la estrutura morfosintáctica do sintagma fraseolóxico representa un factor adicional que terá unha influencia na comprensión literal (Irujo 1986a: 238). Entre moitos outros casos susceptibles de dificulta-la dita comprensión, poderíamos cita-los sintagmas que se constrúen só en forma negativa (*no cabe ni un alfiler*), os que conteñen unha subordinada (*estar que se sube por las paredes*), os que inclúen un pronome sen referente claramente definido (*vérselas y deseárselas* [*para algo*]) ou os que presentan irregularidades referentes á categoría gramatical dos seus compoñentes (por exemplo, adxectivando un suposto substantivo, como en *estar mosca*).

2.2. Visualización da imaxe literal

No procesamento dunha nova EI, o usuario analiza o seu sintagma literal e adoita crear unha imaxe mental da escena ou situación que denota (por exemplo, Cacciari e Glucksberg 1995). Esta imaxe, aínda que a súa activación non garanta o acceso á dimensión figurada, adoita desempeñar un papel importante para a aprendizaxe fraseolóxica, tal como nos recordan Boers e Demecheleer (2001:255): "In a language-learning context, a high degree of imageability may enhance the semantic transparency of idioms". En efecto, ademais de fomentar no alumnado a comprensión global do sintagma literal e de estimula-la memorización dos seus compoñentes (por exemplo, *tirar / casa / ventana* no caso de *tirar la casa por la ventana*) e da súa combinación específica (tírase *la casa por la ventana* e non, por exemplo, *la ventana por la casa*), ofrece un apoio visual para reforza-la reflexión sobre as posibilidades interpretativas da EI e unha axuda para vence-la súa opacidade semántica de maneira máis doada.

Agora ben, se a comprensión literal dos compoñentes fraseolóxicos e do sintagma que forman representa unha etapa preliminar e necesaria para a correcta visualización mental desta imaxe, non é o único factor que a condiciona. En efecto, a súa formación depende tamén moito do grao de iconicidade que a combinación fraseolóxica leva aparellado. Polo xeral (aínda que non sempre), a imaxe fraseolóxica responde a unha necesidade de expresar en termos concretos un concepto máis abstracto (González Rey 2002:56-57); o cal significa que as EI adoitan ser bastante icónicas cando implican unha imaxe precisa dunha situación e/ou acción bastante concreta(s): por exemplo,

[4] Nun dos seus estudos, Boers, Demecheleer e Eyckmans (2004:67) constataban este mesmo tipo de erros de comprensión por parte de alumnos de inglés como LE.

podemos decatarnos do elevado nivel de iconicidade que presentan expresións como *levantar castillos en el aire* ou *dar las uvas* [*a alguien*], ó incluíren compoñentes léxicos altamente icónicos. Porén, certas EI poden ofrecer un nivel de iconicidade moito máis feble (coma tal, *ir de tiros largos* e *dar las tantas* [*a alguien*]): isto acontece maiormente con expresións compostas de elementos que teñen un sentido máis abstracto (polo menos no contorno fraseolóxico no que aparecen) e que, polo tanto, son máis difíciles de visualizar[5] (como é o caso dos sintagmas *tiros largos* e *las tantas*)[6].

2.3. Perspectivas didácticas

Fronte a estes diversos aspectos que poden caracteriza-la combinación fraseolóxica, o docente deberá estar ben á espreita para dar previsto e anticipado as posibles dificultades que o alumnado podería atopar no proceso de análise e comprensión levado a cabo a nivel literal.

En primeiro lugar, para fomenta-la comprensión e a memorización posterior do sintagma literal da nova EI, o profesor podería propoñerlle ó alumnado unha actividade na cal, mediante o uso de debuxos sinxelos presentados un por un, poderían descubri-la realidade que cada compoñente fraseolóxico denota (por exemplo, no caso de *tirar la casa por la ventana*, presentaríanse tres debuxos que reflectisen respectivamente a acción de tirar, unha casa e unha ventá), buscar xuntos a palabra na LE que corresponde a cada debuxo e reconstruír finalmente o sintagma da expresión que podería abarca-las palabras atopadas coa axuda dun dicionario fraseolóxico, se for preciso (Galisson 1984:29; Detry 2008c:212-214).

En segundo lugar, para non reduci-lo procesamento da dimensión literal a unha simple operación de recoñecemento de palabras e de significados, cabe insistir na utilidade de tarefas que estimulen a correcta visualización, na medida do posible, do sintagma fraseolóxico e nisto debemos lembrar que non tódalas EI son icónicas. Por un lado, esta visualización poderíase incentivar a nivel puramente mental. Coma tal, unha actividade consistiría na descrición detallada por parte do alumno da escena que a combinación de palabras o impulsa a imaxinar. Por outro lado, esta escenificación da imaxe literal podería tamén ir máis aló dunha simple visualización mental grazas ó emprego do debuxo (Galisson 1983; Irujo 1986a/b; Cooper 1998; Penadés Martínez 1999; González Rey 2007): ou ben é o alumnado o que debuxa a escena que imaxinou a partir da combinación fraseolóxica, ou ben trabállase na clase cun debuxo xa elaborado (polo profesor ou atopado nos materiais de LE). Esta segunda opción podería servir de punto de partida ó achegamento fraseolóxico xa que lles dá a oportunidade ós aprendices non só de describiren a escena debuxada, senón tamén de formularen hipóteses sobre a combinación fraseolóxica á que corresponde.

---

[5] De feito, os estudos sobre imaxinario cadran en que é máis doado crear unha imaxe mental a partir de conceptos concretos que a partir de conceptos abstractos (Paivio, Yuille e Madigan 1968; Schwanenflugel 1991).

[6] Neste caso, podiamos dicir que a descodificación da dimensión literal das novas EI implica un proceso de transposición semántica que parte do abstracto para chegar a outro nivel (máis) abstracto que sería o do concepto que denota o sentido figurado (González Rey 2002:142).

3. Cara á dimensión figurada da EI

Pero, en facendo a análise léxica e morfosintáctica dos compoñentes fraseolóxicos, a correcta comprensión do sintagma literal e a posible visualización da unidade de sentido que constitúe, o estudante de LE necesita decatarse do valor non literal da nova EI e reflexionar sobre as súas posibilidades interpretativas. Estas dúas etapas son as que o levarán ata a dimensión figurada da nova expresión. Porén, existen numerosos factores que xogan un papel decisivo no correcto desenvolvemento desta operación de transposición semántica, tal como explicaremos a continuación.

3.1. O rexeitamento da interpretación literal

Referímonos aquí á toma de conciencia por parte do estudante da obriga de pasar do literal ó figurado, é dicir, sobre todo no caso das EI máis icónicas, do concreto da súa imaxe ó abstracto do concepto que denota. Pero, fronte a unha EI totalmente descoñecida e descontextualizada (ou, polo menos, incluída nun contexto pouco significativo), este proceso non se activará necesariamente de forma automática a nivel mental. De feito, ademais da familiaridade que o individuo poida ter coa linguaxe figurada e certas metáforas da LE, outro factor poderá condicionar esa activación: trátase principalmente do grao de literalidade que poida percibir na imaxe fraseolóxica.

Porque, se as EI poden presentar unha certa gradación na súa iconicidade, tamén a poden ofrecer na literalidade. Por unha banda, o sintagma literal pode conter indicios do seu carácter non literal: isto significa que, se o aprendiz de LE os detecta, reconsiderará o enunciado fraseolóxico e a imaxe que constrúe nun plano figurado. Isto adoita acontecer coas EI que presentan unha *incompatibilidade semántica* entre os seus formativos (González Rey 1995 e 1998), o que leva aparellado o rexeitamento do seu sentido literal: por exemplo, *caérsele* [*a alguien*] *el alma a los pies, no pegar ojo, hacer la vista gorda,* etc). Fronte a este tipo de expresións, o alumnado poderase decatar facilmente do desaxuste de sentido que o seu sintagma implica e da imaxe orixinal e impactante que fundamenta, unha imaxe que só poderá interpretar se reconsidera algunhas partes de modo metafórico.

A presenza de certos recursos estilísticos no seo da combinación fraseolóxica (Ruiz Gurillo 2001; González Rey 1997, 2002 e 2010; Mogorrón Huerta 2002) pode tamén incentiva-la necesidade de ir máis aló do sentido literal, sobre todo se o estudante de LE percibe os seus efectos na iconicidade resultante. Así, por exemplo, moitos sintagmas fraseolóxicos forman un enunciado hiperbólico que produce unha imaxe moi esaxerada: *tirar la casa por la ventana, dar cien mil vueltas* [*a alguien*] [*en algo*], *estar a años luz*, *estar que se sube por las paredes*, etc; outros implican unha comparanza máis ou menos explícita que resulta moi inhabitual (sobre todo sabendo que se aplican a persoas): *estar como un tren, estar hecho un brazo de mar, estar hecho una sopa, quedarse como un fideo,* etc; tamén se dan casos de procedemento de antítese onde resulta bastante obvio decatarse do xogo de contrastes que fundamenta a orixinalidade

da imaxe: *no dejar ni a sol ni a sombra, estar gordo como un fideo*[7]*, poner una vela a Dios y otra al diablo, ser como la noche y el día, sacar fuerzas de flaqueza,* etc; ás veces a combinación de palabras pode incluso parecer demasiado rebuscada estilisticamente como para quedar nas esferas do literal, tal como podería ocorrer cando se perciben casos de aliteración: *poner pies en polvorosa*, *estar al cabo de la calle, estar como lo chorros del oro*, *ir de la Ceca a la Meca*, etc; finalmente, e para non alongar máis a lista de procedementos existentes[8], tamén o sintagma fraseolóxico pode ser visto como máis metafórico cando crea un certo efecto de redundancia ó combinar compoñentes moi parecidos en sentido ou incluso ó repeti-los mesmos elementpos formativos: *aguantar carros y carretas*, *echar rayos y centellas, estar de bote en bote, llamar al pan pan y al vino vino,* etc.

Por outra banda, e en contraste co detallado anteriormente, a combinación fraseolóxica tamén pode ofrecer un alto grao de literalidade, o que non só pode frear (e incluso bloquear) o procesamento metafórico da nova expresión, senón tamén dificulta-la súa posterior aprendizaxe tal como subliña Irujo (1986a: 236): "Most idioms also have literal counterparts, which makes them even harder to learn". En xeral, ocorre cando os formativos das EI constitúen un homófono literal, por seren entre eles *semanticamente compatibles* (González Rey 1995 e 1998): por exemplo, *echar leña al fuego, romper el hielo, echar toda la carne en el asador, perder los estribos,* etc. Un estudante de LE, ante este tipo de EI, podería entón experimentar problemas de interpretación e mesmo quedar co significado puramente compositivo do sintagma fraseolóxico (sobre todo se o seu emprego literal na actualidade é posible e se aparece sen contexto esclarecedor). Ademais, podemos engadir que esta tendencia a quedar atrapado nas esferas do literal vese aínda máis estimulada cando os compoñentes fraseolóxicos ofrecen un sentido recto que resulta moi familiar para o aprendiz estranxeiro (Cornell 1999:10), como podería acontecer con expresións sinxelas que inclúen palabras frecuentes e máis ben de nivel básico: por exemplo, *echar flores* [*a alguien*]*, tomar el pelo* [*a alguien*] ou *abrir la mano.*

3.2. O proceso de inferencia do sentido figurado

O correcto procesamento analítico-inferencial dunha nova EI (sen contexto esclarecedor) depende principalmente da comprensión literal que a persoa non nativa poida ter da imaxe formada polos compoñentes fraseolóxicos e do valor metafórico que lle aplicará. Trátase, entón, dunha operación de transposición semántica na que o resultado estará moi condicionado polo grao de transparencia-opacidade que se poida percibir ante o sintagma fraseolóxico e a imaxe global que constitúe (Belinchón 1999; Boers e Demecheleer 2001; Mogorrón Huerta 2002; González Rey 2010). Sobre este tema, débese insistir na variedade de factores que poden contribuír á dita percepción, tal como nos propoñemos detallar a continuación.

---

[7] No caso da EI *estar gordo como un fideo* tamén se podería falar de antífrase (Mogorrón Huerta 2002:59), exactamente coma na expresión *brillar por su ausencia*.

[8] De feito, centrámonos aquí sobre todo nos recursos estilísticos que máis facilmente unha persoa non nativa poderá percibir polo carácter orixinal do sintagma e/ou da imaxe fraseolóxica resultante.

En primeiro lugar, fronte a unha nova expresión, o estudante de LE pode atopar mediante a análise semántica do seu sintagma literal un camiño que o leve ata a dimensión figurada. Por unha banda, esta posibilidade darase máis facilmente se as expresións conteñen un ou varios compoñentes fraseolóxicos que teñan un sentido literal que garde unha estreita relación co sentido figurado da EI. En certas expresións é o elemento verbal o que pode conserva-lo seu significado extrafraseolóxico a nivel idiomático: por exemplo, *llover a cántaros*, *defender* [*algo*] ou [*a alguien*] *a capa y espada, hablar por los codos* o *dormir como un tronco*[9]. Porén, noutras ocasións, o aprendiz deberá busca-la chave de acceso á interpretación figurada noutro(s) compoñente(s) fraseolóxico(s), tal como sería o caso con *hacer la vista gorda, tirar de la lengua* [*a alguien*]*, echar un vistazo*, etc. Por outra banda, este acceso ó figurado pode ser facilitado non tanto polo semantismo dun compoñente illado senón pola transparencia que ofrece o sintagma literal global. De feito, certas expresións forman unha imaxe literal que reflicte unha escena bastante concreta e o valor metafórico dela pódese deducir facilmente: por exemplo, *estar entre la espada y la pared* ou *caer en saco roto*; en cambio, outras, a pesar do seu gran valor icónico, poden ofrecer unha imaxe moito máis opaca e difícil de interpretar: *cortar el bacalao*, *beber los vientos* [*por alguien*] ou [*algo*] ou *ir de tiros largos*.

Ás veces, esta opacidade pódese deber ó feito de que a simple comprensión e visualización da imaxe non é suficiente para deducir e poder aplicarlle un sentido figurado xa que a súa construción repousa en recursos expresivos específicos que requiren unha descodificación particular que non é necesariamente obvia e doada de realizar para o alumnado. Por exemplo, se tomámo-la figura retórica da comparación, podemos constatar que existe unha certa gradación na transparencia que ofrece (González Rey 2002:184-191): de feito, certas EI presentan unha comparación explícita e transparente (*estar más claro que el agua*, *dormir como un lirón*, etc), mentres que outras, se nos situamos ó outro extremo da escala, poden ofrecer unha comparación máis implícita (por exemplo, *caer chuzos de punta*, equivalente a *llover como si cayeran chuzos de punta*)*,* que pode custar moito máis recoñecer e interpretar. O mesmo adoita ocorrer con recursos retóricos que crean un efecto estilístico que pode ser máis ou menos difícil de recoñecer e de entender a nivel figurado. Por exemplo, podiamos cita-la metonimia (Ruiz Gurillo 2001:21) en *echar una mano* [*a algo*] ou [*a alguien*] ou en *(no) dar su brazo a torcer*, a lítote (Mogorrón Huerta 2002:60) en *no haber inventado la pólvora* ou en *no tener un pelo de tonto,* a hipérbole en *caérsele* [*a alguien*] *la casa encima* ou en *no tener ni la menor idea*, o eufemismo en *irse al otro barrio* ou en *ser corto de luces*, etc.

En segundo lugar, e en relación co grao de transparencia-opacidade que a EI presenta, debemos resalta-la importancia que adoita ter na operación inferencial a familiaridade experimentada pola persoa non nativa fronte á imaxe atopada. De feito, o recoñecemento de algo familiar na iconicidade desencadeará e orientará o paso á súa

[9] Nestes casos, o estudante estranxeiro percibirá facilmente o peso semántico de cada infinitivo, contrariamente ó que podería ocorrer con verbos como *ser, estar, hacer, volverse*, *ponerse,* etc, e o matiz adverbial de modalidade (respectivamente, no caso dos nosos catro exemplos, *intensamente, tenazmente, mucho, profundamente*) que o sintagma acompañante adoita conferirlle.

interpretación metafórica. Sobre este tema, débese precisar que son diversos os factores que poden contribuír a esta percepción de familiaridade. Por un lado, é importante lembrar, tal como os estudos de base semántico-cognitiva (Lakoff 1987; Lakoff e Johnson 1991; Gibbs 1993) destacaron, que certas EI se constrúen ó redor dunha metáfora conceptual de carácter máis ben universal, mentres que outras ofrecen un caso metafórico máis particular e illado. Loxicamente, este primeiro tipo de expresión será, en xeral, percibido a nivel cognitivo como máis familiar e máis transparente que o segundo (Boers e Demecheleer 2001:256). Así, por exemplo, vemos que expresións como *quitar* [*a alguien*] *de la cabeza* [*algo*] ou *echar chispas* pertencen a esta primeira categoría xa que a súa imaxe respectiva reflicte temas metafóricos ("la cabeza es como un contenedor para meter cosas o ideas"; "el enfado es como el calor del fuego") moi presentes na linguaxe figurada[10] e compartidos por numerosas linguas[11]. Tamén poderían entrar nesta categoría as expresións que teñen unha imaxe procedente de xestos e/ou actitudes concretas (humanas ou non) de significado interculturalmente estendido[12], coma tal, *tirar* [*a alguien*] *de las orejas, enseñar los dientes* ou *volver con el rabo entre las piernas*. En cambio, entre as metáforas que lle presentarán máis problemas de comprensión ó estudante estranxeiro pola particularidade da súa imaxe, atópanse as que proveñen de realidades, crenzas ou valores socioculturais propios da colectividade de persoas que emprega o idioma (Lazar 1996; Deignan, Gabrys e Solska 1997; etc). Tal sería o caso das EI españolas *ser un judío* e *ser un cuento chino,* orixinadas por crenzas populares verbo das características atribuídas a outras civilizacións, e das numerosas expresións inspiradas no mundo taurino (*echar un capote; estar para el arrastre; estar hasta la bandera*; etc).

Por outra banda, a sensación de transparencia-opacidade fronte a unha nova expresión tamén pode variar en función do grao de distanciamento etimolóxico percibido. De feito, as expresións que inclúen unha imaxe de orixe totalmente escura para o usuario adoitan ser máis difíciles de interpretar que aquelas de procedencia máis familiar e clara. Por exemplo, *dar la lata* [*a alguien*] ou *pelar la pava* son casos claros de expresións que perderon a súa relación metafórica de orixe (Belinchón 1999:362)[13]; polo tanto, resultarían moito máis complicadas de interpretar que EI como *tirar la toalla* o *arrojar el guante* [*a alguien*], cunha imaxe que presenta unha etimoloxía probablemente máis transparente (unha en relación co mundo do boxeo e a outra cos costumes feudais dos cabaleiros).

---

[10] Por exemplo, en español, a partir do esquema metafórico *cabeza-recipiente*, atopamos *meter* [*a alguien*] *en la cabeza* [*algo*], *pasarle* [*a alguien*] [*algo*] *por la cabeza*, etc. Sobre este tema e en relación coa didáctica dunha LE, véxanse os estudos de Forment Fernández (1997 e 1998).

[11] Por exemplo, en francés e en inglés temos *jeter feu et flammes* e *to breathe fire,* onde o enfado se constrúe tamén arredor dunha imaxe de calor.

[12] Porén, en numerosas EI a imaxe provén dun comportamento xestual arraigado nuns valores socioculturais máis específicos e limitados: por exemplo, *rascarse la barriga* en español e *se tourner les pouces* en francés, onde as imaxes xestuais non coinciden (Mogorrón Huerta 2002:58).

[13] De feito, co paso do tempo e coa súa frecuencia de uso, moitas expresións perden a transparencia da súa imaxe e sofren esta desmotivación (González Rey 2002:141-142 e 2010:184-186). Ás veces esta opacidade pódese deber a un só compoñente fraseolóxico que teña un sentido orixinal na formación da imaxe que hoxe resulte descoñecido; sobre este tema e con exemplos en español, véxase o traballo de García-Page (2010).

Finalmente, en relación coa familiaridade percibida fronte a certas imaxes fraseolóxicas, debemos insistir, maiormente tratándose dun alumno de LE, no papel relevante desempeñado pola linguaxe figurada da lingua materna (LM) (e/ou de outra(s) LE). É sabido que, por moi opaca que sexa a imaxe literal dunha nova EI, unha persoa non nativa pode percibila como fácil de interpretar metaforicamente, se nela recoñece algo que a vincule coa expresión equivalente na súa LM. Por suposto, o grao de semellanza dos sintagmas fraseolóxicos (e das imaxes que constitúen) nas dúas linguas terá unha grande influencia nesta operación de asociación interlingüística. Aínda que a similitude total entre estes sintagmas sexa a que permita incentivar ó máximo a transferencia de sentido dunha lingua á outra (por exemplo, un francófono entenderá a EI castelá *jugar con fuego* por asociación coa expresión francesa *jouer avec le feu*), a semellanza parcial tamén a pode fomentar (Irujo 1986b: 294): neste caso, o alumnado estranxeiro pode recoñecer estas conexións interlingüísticas ou ben pola presenza dalgúns formativos fraseolóxicos iguais (no caso do castelán-francés: *construir castillos en el aire* / *bâtir des châteaux en Espagne*) ou ben unicamente pola semellanza das metáforas implicadas (por exemplo, *consultar* [*algo*] *con la almohada* / *la nuit porte conseil*). Agora ben, este tipo de conexións non sempre teñen un papel positivo no proceso inferencial xa que tamén poden desviar e dificulta-la correcta interpretación idiomática se as asociacións interlingüísticas se fan entre expresións parecidas pero non sinónimas. Esta posibilidade pódese dar tanto con expresións que son idénticas nas dúas linguas (por exemplo, *andar con pies de plomo* / *y aller avec des pieds de plomb*), como coas que só presentan similitudes (*tener el corazón metido en un puño* / *avoir le coeur sur la main*), tal como Cornell (1999:9) ou Boers e Demecheleer (2001:258) comentaron no caso do inglés.

3.3. Perspectivas didácticas

Podemos constatar que son numerosos os factores que poden facilitar ou dificulta-la operación de inferencia do sentido idiomático. Por isto, é importante que o aprendiz de LE poida atopar, detrás da comprensión literal da EI, as chaves correctas que lle permitan saír do simplemente literal e acceder ó ámbito figurado. Nesta tarefa, a colaboración do profesor tamén pode ser necesaria. O docente tería entón que proporcionarlle ó alumnado unha orientación útil e adecuada que lle axude, por un lado, a decatarse da obriga de rexeita-la interpretación literal e, por outro, a inferir por si mesmo o significado da expresión.

En primeiro lugar, para fomenta-lo paso á dimensión figurada, o docente pode reforza-lo carácter non literal da EI. Por unha banda, fronte ás expresións para as cales o alumnado pode intuír facilmente a necesidade dunha interpretación idiomática, aconsellaríase facelo reflexionar sobre o que provoca o carácter non factible da escena ou situación denotada pola imaxe fraseolóxica. Por exemplo, a partir da expresión *no pegar ojo*, poderíaselle preguntar: *¿Qué se pode pegar habitualmente?; ¿Unha parte do corpo adoita pegarse?* Se a orixinalidade da iconicidade da expresión provén en parte do emprego dun recurso retórico, tamén o docente podería salienta-los seus efectos: *¿Parécevos normal chamarlle gorda a unha persoa se se parece a un fideo?* (para a EI *estar gordo como un fideo*).

Por outra banda, fronte a expresións que admiten un homófono literal, o profesor deberá axuda-lo alumno a poñer en reparo esta posible interpretación literal. Para isto, a posta en contexto da EI pode converterse nunha grande aliada. Seguindo este enfoque, o docente, despois de explotar na clase a representación visual e insistir na *factibilidade* da acción ou situación que a imaxe fraseolóxica presenta, podería presenta-la nova expresión nun contexto de emprego que obrigue a rexeita-la interpretación literal, pero que, ó mesmo tempo, non sexa totalmente transparente; deste modo, evítase que o aprendiz poida deriva-la interpretación figurada da expresión antes de tempo e só por medio de claves contextuais. Outra posibilidade consistiría en facer reflexiona-lo estudante sobre o que chamaremos unha *frase enigmática* que, mediante unha aparente contradición, amose claramente a obriga de ir máis aló do puramente literal: por exemplo, *No necesito tener flores para echártelas* (para a EI *echar flores* [*a alguien*]).

En segundo lugar, despois de estimular no alumnado a necesidade de ir máis aló do que o sintagma fraseolóxico representa e significa literalmente, aconsellaríase orientalo, se o necesita, no desenvolvemento da tarefa inferencial, proporcionándolle certas pistas de interpretación que se adapten ó tipo de transparencia-opacidade que a EI presenta para el. Polo tanto, segundo as características da imaxe e a conexión non arbitraria que se poida establecer entre a súa dimensión literal e o seu sentido figurado, o profesor terá a opción de:

- resalta-lo significado da(s) palabra(s) que é (son) relevante(s) para a comprensión metafórica (por exemplo, mediante unha pregunta pertinente: *¿Comomira as cousas unha persoa, se a súa vista no é fina?,* no caso de *hacer la vista gorda*);

- facer fincapé na acción ou situación reflectida na imaxe e nas súas eventuais consecuencias lóxicas con preguntas deste tipo: *¿Paga a pena botar unha moeda nun saco roto?,* para a EI *caer en saco roto*;

- (no caso de imaxes máis opacas) orienta-lo alumnado sobre o campo onomasiolóxico co cal se relaciona a EI: coma tal, a expresión *ir de tiros largos* emprégase para falar da maneira de vestir; a continuación, o docente pode ir delimitando cada vez máis a dimensión figurada da expresión, apoiándose en certas características da súa imaxe: *¿Qué tipo de roupa feminina pode ser moi longa?* (resposta esperada: *un elegante vestido de noite*);

- axuda-lo alumno a recoñecer e entende-lo efecto de certos recursos retóricos presentes na EI: *É un xeito moi suave de falar dun acontecemento que implica marchar para sempre a outro mundo...* (no caso do eufemismo empregado en *irse al otro barrio*);

- insistir no tema metafórico de tipo conceptual que a imaxe implica: por exemplo, *¿Que elemento bota chispas normalmente?; ¿Que sentimento negativo se asocia co lume?* no caso da EI *echar chispas*;

- explicar aspectos relacionados coa raíz cultural da imaxe. Por exemplo, ante a EI *estar para el arrastre,* informar sobre o estado en que se atopa o touro no momento do *arrastre*;

- axuda-lo alumno a recoñece-la orixe da imaxe [14]: por exemplo, *¿Que significaba que un cabaleiro quitase un guante e que tirase ós pés doutro?*, no caso de *arrojar el guante* [*a alguien*];

- salienta-las semellanzas interlingüísticas que presenta a EI: *¿Que expresión na túa LM comparte a mesma idea de nocturnidade e de necesidade de consulta ou consello?* (no caso dos pares *consultar* [*algo*] *con la almohada - la nuit porte conseil*[15]).

Finalmente, detrás desta operación inferencial, o profesor podería presentarlle ó alumno a EI empregada nunha situación comunicativa (oral e/ou escrita) totalmente esclarecedora para que este poida verificar e afina-la súa interpretación mediante claves contextuais[16].

4. A modo de conclusión

Neste estudo, destacámo-la importancia cognitiva dun procesamento analítico-inferencial das EI que lle brinde a oportunidade ó alumno de reparar mellor na dimensión literal e icónica delas e nas conexións non arbitrarias que a poden vincular coa súa interpretación figurada. En relación con este procesamento, destacámo-la necesidade de ter en conta as principais etapas que implica e os aspectos que poden contribuír a facilitar ou dificulta-lo seu desenvolvemento por parte dos aprendices de LE. Neste sentido, suxerimos diversas actividades que se poden realizar na clase arredor deste enfoque inferencial. Con estas propostas didácticas, desexamos poder orienta-lo docente sobre unha maneira de promover na aula de LE unha achega inicial ás novas expresións que, ademais de estimular potentes estratexias de aprendizaxe (entre outras, asocia-lo verbal co visual, razoar de maneira dedutiva, interpretar metáforas, asocia-lo novo con algo familiar ou establecer nexos interlingüísticos útiles), confírelle ó alumnado unha grande implicación cognitiva non só nas tarefas de comprensión e interpretación, senón tamén na loita contra a opacidade semántica da imaxe fraseolóxica.

---

[14] Naturalmente é o profesor quen terá que decidir se a explicación etimolóxica resulta útil ou non para facilita-la comprensión e a memorización dunha determinada EI (Ettinger 2008: 113-114).

[15] Para máis detalles sobre o traballo contrastivo e as actividades que permite, véxase un estudo anterior noso (Detry 2008c).

[16] Porén, no caso dunha EI cun grao moi débil de iconicidade, o alumnado podería primeiro realizar unha inferencia semántica a partir dos indicios do contexto de uso e, logo, pescuda-las súas hipóteses cos elementos léxicos da expresión (Boers e Demecheleer 2001:260).

5. Referencias bibliográficas

BELINCHÓN, Mercedes (1999): "Lenguaje no literal y aspectos pragmáticos de la comprensión", en DE VEGA, Manuel e CUETOS VEGA, Fernando (coords.): *Psicolingüística del español*. Madrid: Trotta.

BOERS, Frank (2000): "Metaphor awareness and vocabulary retention", en *Applied Linguistics* 21(4), 553-71.

BOERS, Frank e DEMECHELEER, Murielle (2001): "Measuring the impact of cross-cultural differences on learners' comprehension of imageable idioms", en *ELT Journal* 55(3), 255-62.

BOERS, Frank; DEMECHELEER, Murielle; EYCKMANS, June (2004): "Etymological elaboration as a strategy for learning idioms", en BOGAARDS, Paul e LAUFER, Batia (eds.): *Vocabulary in a Second Language: Selection, Acquisition and Testing*. Philadelphia: John Benjamins.

BOERS, Frank; EYCKMANS, June; STENGERS, Hélène (2007): "Presenting idioms with a touch of etymology: more than mere mnemonics?", en *Language Teaching Research* 11(1), 43-62.

CACCIARI, Cristina (1993): "The place of idioms in a literal and metaphorical world", en CACCIARI, Cristina e TABOSSI, Patrizia (eds.): *Idioms: Processing, Structure and Interpretation*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates.

CACCIARI, Cristina e GLUCKSBERG, Sam (1995): "Imaging idiomatic expressions: literal or figurative meanings?", en EVERAERT, Martin; VAN DER LINDEN, Erik-Jan; SCHENK, André; SCHREUDER, Rob (eds.): *Idioms: Structural and Psychological*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates.

COOPER, Thomas (1998): "Teaching idioms", en *Foreign Language Annals* 31(2), 255-66.

(1999): "Processing of idioms by L2 learners of English", en *TESOL Quaterly* 33(2), 233-62.

CORNELL, Alan (1999): "Idioms: an approach to identifying major pitfalls for learners", en *IRAL* 37(1), 1-21.

DEIGNAN, Alice; GABRYS, Danuta; SOLSKA, Agnieszka (1997): "Teaching English metaphors using cross-linguistic awareness-raising activities", en *ELT Journal* 51(4), 352-60.

DETRY, Florence (2008a): "Consideraciones metodológicas para el tratamiento de las expresiones idiomáticas en clase de español como lengua extranjera (ELE)", en *Lingüística en la red* VI, 1-25 (www.linred.es/articulos_pdf/LR_articulo_246042008.pdf).

(2008b): "El papel de la imagen en el aprendizaje de las expresiones idiomáticas: pistas metodológicas para la clase de LE", en LÉPINETTE, Brigitte e GÓMEZ ÁNGEL, Brisa (eds.): *Actas del VII Congreso Internacional de Lingüística Francesa: Linguistique plurielle*. Valencia: Universidad Politécnica de Valencia

(2008c): "Pourquoi les murs auraient-ils des oreilles?: Vers un apprentissage par l'image des expressions idiomatiques en langue étrangère", en *Synergies (Espagne)* 1, 205-218.

(2010): *Estrategias memorísticas y aprendizaje de las expresiones idiomáticas en lengua extranjera: El papel cognitivo de la iconicidad fraseológica*. Tese de doutoramento (http://www.tesisenxarxa.net/TESIS_UdG/AVAILABLE/TDX-0607110-131837/tdf.pdf)

ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 95-127.

FORMENT FERNANDEZ, María del Mar (1997): "La didáctica de la fraseología ayer y hoy: del aprendizaje memorístico al agrupamiento en los repertorios de funciones comunicativas", en ALONSO, Kira; MORENO FERNÁNDEZ, Francisco; GIL BÜRMANN, María (dirs.): *Actas del VIII Congreso Internacional de ASELE. La enseñanza del español como lengua extranjera: Del pasado al futuro*. Madrid: ASELE.

(1998): "La fraseología metafórica en la didáctica de segundas lenguas (emparentadas o no con la L1)", en *RILCE* 14(2), 225-241.

GALISSON, Robert (1983): *Des mots pour communiquer*. Paris: CLE International.

(1984): Les mots mode d'emploi. Les expressions imagées. Paris: CLE International.

GARCÍA-PAGE, Mario (2010): "Contribución del léxico en la opacidad de las locuciones", en MOGORRÓN HUERTA, Pedro e MEJRI, Salah (eds.): *Opacidad, idiomaticidad, traducción. Encuentros mediterráneos* 3. Alicante: Universidad de Alicante.

GIBBS, Raymond W. (1993): "Why idioms are not dead metaphors", en CACCIARI, Cristina e TABOSSI, Patrizia (eds.): *Idioms: Processing, Structure and Interpretation*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates.

GIBBS, Raymond W. e NAYAK, Nandini P. (1989): "Psycholinguistic studies on the syntactic behaviour of idioms", en *Cognitive Psychology* 21, 100-138.

GONZÁLEZ REY, María Isabel (1995): "Le rôle de la métaphore dans la formation des expressions idiomatiques", en *Paremia* 4, 157-67.

(1997): "La valeur stylistique des expressions idiomatiques en français", en *Paremia* 6, 291-296.

(1998): "Estudio de la idiomaticidad en las unidades fraseológicas", en WOTJAK, Gerd (comp.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana.

(2002): *La phraséologie du français*. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.

(2007): *La didactique du français idiomatique*. Fernelmont: InterCommunications / E.M.E.

(2010): "L'opacité dans les expressions idiomatiques: un écart à la norme ou un échec de l'esprit?", en MOGORRÓN HUERTA, Pedro e MEJRI, Salah (eds.): *Opacidad, idiomaticidad, traducción. Encuentros mediterráneos* 3. Alicante: Universidad de Alicante.

GRECIANO, Gertrud (1983): *Signification et dénotation en allemand: la sémantique des expressions idiomatiques*. Metz: Centre d'Analyse Syntaxique / Faculté des Lettres et Sciences Humaines.

GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français, noms composés et autres locutions*. Paris / Gap: Ophrys.

IRUJO, Suzanne (1986a): "A piece of cake: learning and teaching idioms", en *ELT Journal* 40(3), 236-42.

(1986b): "Don't put your leg in your mouth: transfer in the acquisition of idioms in a second language", en *TESOL Quarterly* 20, 287-304.

(1993): "Avoidance in the production of idioms", en *IRAL* 31(3), 205-19.

KÖVECSES, Zoltán e SZABÓ, Péter (1996): "Idioms: a view from cognitive semantics", en *Applied Linguistics* 17(3), 326-55.

LAFLEUR, Bruno (1991): *Dictionnaire des locutions idiomatiques françaises*. Ottawa: Duculot.

LAKOFF, George (1987): *Women, fire, and dangerous things. What categories reveal about the mind*. Chicago: University of Chicago Press.

LAKOFF, George e JOHNSON, Mark (1991): *Metáforas de la vida cotidiana.* Madrid: Cátedra.

LAZAR, Gillian (1996): "Using figurative language to expand students' vocabulary", en *ELT Journal* 50(1), 43-51.

LENNON, Paul (1998): "Approaches to the teaching of idiomatic language", en *IRAL* 36(1), 12-30.

MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2002): *La expresividad en las locuciones verbales españolas y francesas.* Alicante: Universidad de Alicante.

PAIVIO, Allan; YUILLE, John; MADIGAN, Stephen (1968): "Concreteness, imagery and meaningfulness", en *Journal of Experimental Psychology* 76(1), 1-25.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (1999): *La enseñanza de las unidades fraseológicas*. Madrid: Arco Libros.

(2008): "Análisis cognitivo de locuciones somáticas nominales del español, catalán y portugués", en MORENO SANDOVAL, Antonio (ed.): *El valor de la diversidad* [*meta*]*lingüística. Actas del VIII Congreso de Lingüística General (25-28 de junio de 2008)*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada e DÍAZ HORMIGO, María Tadea (2008): "Hacia la noción lingüística de motivación", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*. Valencia: Universitat de Valencia.

(2001): *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arco / Libros.

SCHWANENFLUGEL, Paula (1991): "Why are abstract concepts hard to understand?", en SCHWANENFLUGEL, Paula (ed.): *The psychology of word meanings*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter D. Lang.

Refráns e linguaxe xuvenil en alemán e español. Unha análise empírica[1]

Eva Fernández Álvarez

Universidad de Salamanca

O presente artigo combina dous campos de investigación aparentemente opostos: os refráns, pertencentes á sabedoría tradicional e popular, e a linguaxe xuvenil, moderna e innovadora. Porén, ambos os dous parecen converxer en diversos puntos que sentan as bases para unha análise contrastiva en alemán e español. Investígase, así, a popularidade destas paremias entre os falantes mozos de ambas as linguas, atendendo a diversos factores: índices de comprensión e de uso, diferenciacións derivadas do sexo, da idade e da procedencia dos informantes e fenómenos de desviación, unha tendencia recorrente e moi representativa. Estas variables analízanse, así mesmo, dende a perspectiva translativa. O enfoque empírico permite non só investigar o grao de difusión dos refráns entre os falantes mozos de ambas as dúas linguas, senón tamén trasladar a cuestión ao ámbito da tradutolóxico.

Palabras clave: refrán, paremioloxía, mozos, tradución

This paper goes into two areas of investigation that are apparently opposed: proverbs, part of traditional and popular wisdom, and youth language, modern and innovative as it is. However, both fields seem to converge on several points that lay the foundations for a comparitive German-Spanish analysis. This paper researches the popularity of proverbs among young German and Spanish native speakers, focussing on a number of diverse factors: understanding, use, sex, age and regional differentiations and deviation phenomena, the latter being a recurrent and very representative trend. These variables are also considered from a translation-related perspective. The empirical approach allows not only the investigation of the diffusion of proverbs among young speakers of both languages, but also a translation-oriented analysis.

Keywords: proverb, paremiology, youth, translation

Data de recepción 10/06/2011 Data de aceptación 28/07/2011

[1] Tradución de Laura Ríos Liñares.

1. Introdución

Este artigo pretende pór de relevo as dificultades que afronta un tradutor do alemán ao español en relación coas paremias. Os parámetros de frecuencia de uso, grao de coñecemento e, incluso, nivel estilístico non coinciden sempre nos pares de equivalencias interlinguais alemán - español. Para iso, investigáronse as tendencias de uso e os niveis de coñecemento dunha selección de paremias –en concreto, de refráns[2] – dende unha consideración innovadora ao relacionar o asunto coa linguaxe dos mozos. Esta vertente da investigación paremiolóxica, aínda por explorar, conxuga nas súas liñas de investigación dous elementos aparentemente opostos: a linguaxe xuvenil, marcada polas modas e tan transitoria coma elas, e os refráns, *verdadeiros monumenta humana* (Mieder, Litovkina, 2002:6).

A linguaxe xuvenil está baixo a influencia dos medios de comunicación, especialmente a dunha publicidade prescritiva que nos di que debemos facer, como nos debemos comportar e mesmo como nos debemos expresar; asemade, esta publicidade recolle influencias paremiolóxicas, porque bota man de refráns para potenciar a actitude consumista (Bass, 2006:7). Queda patente, deste xeito, unha das relacións establecidas entre dous conceptos a priori antagónicos: linguaxe xuvenil e refráns. Ambos os dous atópanse vinculados, tamén, na función que desempeñan: o refrán emprégase como símbolo de pertenza a unha comunidade e, precisamente, ningún outro grupo coma o dos mozos concede maior importancia a tal identidade grupal.

Por outra parte, os mozos parecen inclinarse polo uso desviado do refrán orixinal, unha tendencia que representa o futuro da investigación paremiolóxica. As modificacións intencionadas que os falantes introducen no refrán responden, entre outros, a un cambio nas normas morais que rexen a sociedade actual. Os mozos, críticos co tradicional, axeitan a paremia aos seus estándares ou mófanse da ensinanza obsoleta que presentan. Desta forma, convértense en auténticos creadores de novos refráns, achegando mobilidade ao sistema paremiolóxico dunha lingua.

2. Metodoloxía

Este traballo toma como inspiración as acertadas palabras de Mieder (1989:193), quen defende que a paremioloxía e a paremiografía actuais deben nutrirse de estudos prácticos e centrados na vertente oral e non tanto na recompilación de testemuños escritos fóra de uso:

> *Wir brauchen nicht unbedingt weitere Kompilationen, die schriftlich überlieferte Sammlungen seit dem 16. Jahrhundert ausschreiben. Was gebraucht wird, ist eine wirklich neue und neuartige Sprichwörtersammlung,*

[2] A efectos clasificatorios, adoptamos a proposta de Corpas Pastor (1997:270-271), que inclúe as paremias como termo hiperónimo que engloba outras tres unidades: os enunciados fraseolóxicos, as citas e os refráns. De agora en diante, porén, empregaremos os termos 'paremia' e 'refrán' indistintamente.

> *die die bekanntesten und geläufigsten, heute mündlich tradierten Sprichwörter registriert. Das muss nicht unbedingt eine Massensammlung sein*[3].

Con esta motivación, dispuxémonos a levar a cabo un estudo práctico sobre o uso real de certas paremias en alemán e español, centrando a cuestión nun grupo de falantes determinado. Deste xeito, entrevistamos 90 informantes co seguinte perfil: mozos estudantes de idades comprendidas entre os 15 e os 30 anos, de orixe xeográfica variada (a maioría dos 45 mozos enquisados con lingua materna alemá procede de Alemaña e, á súa vez, a maioría dos 45 informantes co español como idioma materno procede de España, pero tamén participou un menor número de mozos austríacos, tiroleses, mexicanos e ecuatorianos). Catro deles, para cada idioma, teñen entre 15 e 20 anos, nun intento certamente experimental de analizar a influencia dunha experiencia lingüística máis breve en relación co uso e o recoñecemento de paremias.

Presentóuselles unha selección de 47 refráns, para os que eles debían marcar diversas variables: comprensión, recoñecemento, utilización e percepción de modificacións. As paremias extraéronse de fontes diversas, utilizando como criterio para a súa selección a carga de advertencia ou ensinanza moral que contiñan. Malia o sucinto deste repertorio, tratamos de incorporar varios dos refráns máis populares en alemán (*Morgenstund' hat Gold im Mund; Was du heute kannst besorgen, das verschiebe nicht auf morgen*, etc.), así coma outros menos comúns (*Mit Geduld uns Spucke fängt Kaspar eine Mücke; Der beste Schuster trägt immer die schlechtesten Stiefel*). Renunciamos conscientemente a recorrer a estudos sobre o mínimo paremiolóxico para o proceso de selección; desta forma, a investigación enriquécese ao analizar, tamén, paremias menos populares en alemán que, no entanto, resultan moi coñecidas en español (por exemplo, os equivalentes en castelán dos dous últimos refráns mencionados: *Con la paciencia se gana el cielo; En casa del herrero, cuchillo de palo*).

A recompilación parte de refráns en alemán e dos seus equivalentes en español. Nos casos de sinonimia en español, inclúense todas as alternativas; de aí que, para os informantes hispanofalantes, a lista se ampliara a 51 refráns.

A orientación final é tan tradutolóxica coma contrastiva. Por este motivo, tamén as conclusións e a análise dos resultados se enfocan dende a vertente translativa. A continuación presentamos as conclusións que resultaron do devandito estudo, organizadas arredor de seis variables: comprensión, frecuencia de uso, sexo, idade, procedencia e desviación.

3. Análise e presentación dos resultados

3.1 Comprensión

Os informantes entenden o significado da maioría dos refráns, independentemente de que non os escoitaran ou empregaran nunca. Nos dous idiomas, non obstante,

[3] "O que cómpre non son, necesariamente, máis recompilacións que describan as colecções de refráns transmitidos a través de textos escritos desde o século XVI. O que cómpre é unha recompilación de refráns nova e novidosa, que recolla os exemplos máis coñecidos e empregados, transmitidos oralmente na actualidade. Non ten por qué ser unha recompilación de gran tamaño". (A tradución é nosa).

evidénciase a dificultade de comprensión de determinadas paremias. Destacamos a este respecto que non se trata das mesmas para o alemán e para o español. Aos falantes do primeiro desconcértaos, sobre todo:

Spinnen am Morgen –Kummer und Sorgen; Spinnen am Abend– erquickend und labend
Mit Geduld uns Spucke fängt Kaspar eine Mücke
Der Schuster trägt immer die schlechtesten Stiefel

Pola súa parte, os hispanofalantes deben encarar dificultades de comprensión ante as paremias:

Las trampas salen palancas.
El que no nace, Salamanca no lo hace.
Muchas manos en un plato hacen mucho garabato.
Quien mala cama hace en ella se yace.

Vemos que unhas e outras difiren nos dous idiomas, o que carrexa importantes consecuencias tradutolóxicas. En primeiro lugar, ao tradutor nativo de español resultaralle relativamente sinxelo comprender o significado de determinados refráns alemáns, dada a popularidade e frecuencia de uso dos seus equivalentes en español (excluíndo desta afirmación o primeiro deles): *Con la paciencia se gana el cielo e En casa del herrero, cuchillo de palo* son coñecidos pola maioría dos falantes –todos os mozos enquisados afirmaron comprender os devanditos refráns; moitos, telos oído; e varios deles, ter empregado o segundo nalgunha ocasión.

No outro extremo sitúanse as paremias alemás cuxos equivalentes en español resultan de difícil comprensión. As implicacións para o tradutor radican en atopar un equivalente paremiolóxico satisfactorio na lingua meta. A solución translaticia máis equivalente podería resultar difícil de comprender na lingua de chegada. Ao referírmonos ao corpus, unha vez máis, os niveis de comprensión e uso das paremias *Was Hänschen nicht lernt, lernt Hans nimmermehr ou Wer einem andern eine Grube gräbt, der fällt selbst hinein* son moi elevados. A súa (proposta de) tradución ao español *El que no nace, Salamanca no lo hace* e *Las trampas salen palancas* sofren de falta de popularidade entre as persoas enquisadas hispanofalantes, o que pode producir –e produce, tal e como reflicte a análise do corpus– dificultades de comprensión. Neste sentido, o tradutor tería lexitimidade para propor outras alternativas que compensaran estas carencias.

A diferenza máis rechamante ao contrastarmos os resultados das persoas alemás e españolas enquisadas radica en que no caso das primeiras é comprensible o significado da maioría das paremias, aínda que nunca as tivesen escoitado como tal. Os falantes españois, en cambio, afirman descoñecer o concepto ao que remiten varios refráns, con independencia de telos oído algunha vez ou non. Os datos porcentuais globais que ilustran a afirmación concrétanse nun 6% de carencias de intelección no caso do alemán e un 13% para o español.

Sen menoscabo do resto de paremias que se inclúen na selección, desexamos incluír unha breve explicación ao respecto do refrán *Spinnen am Morgen –Kummer und Sorgen; Spinnen am Abend– erquickend und labend*, posto que se trata dun dos máis

controvertidos do corpus. Podemos comezar facendo unha distinción ben clara: quen coñece o seu significado e quen o ignora. É curioso que, dentro do segundo grupo, varios dos informantes afirmen ter escoitado a expresión algunha vez. Este contacto co refrán debería ter achegado certo contexto e, polo tanto, ter facilitado a comprensión, pero non foi así. Canto ao grupo de informantes que o coñecen –léase 'din coñecelo'– , varias persoas enquisadas achegan desviacións para o refrán.

Un dos informantes pregúntase: *"Warum Spinnen? Ein Knäckebrot am Morgen vertreibt Hunger und Sorgen, ein Knäckebrot am Abend ist köstlich und labend. Lässt sich natürlich mit allen Lebensmittel beliebig machen"*. Esta acertada versión reproduce o significado da paremia con toda aceptabilidade, pero entendemos que a persoa en cuestión se equivoca ao afirmar que o *Knäckebrot* pode substituírse por calquera alimento. Esta reflexión fortuíta deriva no feito de que se activa o mecanismo non intencionado de tradución. Así, unha tradución coa estrutura *De lunes a viernes pesca el pescador, el fin de semana pesca el vividor* podería resultar aceptable, se se trata de ofrecer unha equivalencia.

Outra informante propón a alternativa *Spinne am Morgen bringt Kummer und Sorgen; Spinne am Abend –erquickend und labend*. Neste caso, trátase, sen dúbida, dunha incorrecta comprensión do refrán. A interpretación errónea débese á tendencia dos xermanofalantes a considerar que *Spinnen* se refire a 'arañas', en lugar de a *Spinnen*, 'tecer'.

3.2. Frecuencia de uso

O corpus que aquí analizamos acompañaba unha investigación que pretendía, entre outras cousas, demostrar a actualidade dos refráns na sociedade actual, especialmente, entre o grupo de falantes que conforma o público xuvenil. En contra de todas as voces que apostan polo contrario, as enquisas parecen erixirse como exemplo representativo da presenza, non só pasiva, das paremias na linguaxe dos mozos. En alemán, detectamos frecuencias de uso próximas ao 47% por refrán (sempre referíndonos a datos globais) que dan boa mostra do recorrente das paremias en situacións reais de uso. En español, os datos achéganse ao 43%, co que a frecuencia é lixeiramente inferior, pero, sen dúbida, igualmente significativa.

De forma máis específica, podemos comentar que, no alemán falado, as paremias máis comúns entre as presentadas aos informantes parecen ser as seguintes, en orde descendente:

Wer im Glashaus sitzt, soll nicht mit Steinen werfen
Erst die Arbeit, dann das Vergnügen
Aus den Augen, aus dem Sinn
Was du heute kannst besorgen, das verschiebe nicht auf morgen

En español, as paremias que presentan unha frecuencia de uso máis elevada son:

Aunque la mona se vista de seda, mona se queda
Ojos que no ven, corazón que no siente
Más vale lo malo conocido que lo bueno por conocer
Más vale pájaro en mano que ciento volando

O único refrán que coincide en ambas as dúas linguas cunha elevada frecuencia de uso é *Aus den Augen, aus dem Sinn*, que ten como equivalente funcional en español *Ojos que no ven, corazón que no siente*. As equivalencias dunhas e outras, porén, reúnen unha destacable frecuencia de uso nos respectivos idiomas, a pesar de non apareceren en ningún dos catro primeiros postos.

Cómpre comentar, por outra parte, que só un falante alemán afirmou ter usado algunha vez a típica sentenza española *Más vale lo malo conocido que lo bueno por conocer* (*Lieber das bekannte Übel als das unbekannte Gute*). Se ben o seu significado é comprensible para a maioría (só oito informantes aseguraron o contrario, case un 18%), a paremia é descoñecida como tal (só seis informantes a escoitaran algunha vez, pouco máis do 13%).

3.3. Diferenciacións derivadas do sexo dos informantes

Desexamos recoñecer, de novo, o limitado do corpus que ilustra estas reflexións. Tras esta mención á súa modesta extensión, é posible afirmar que a análise do corpus non amosa diferenzas de relevancia no uso dos refráns por un e outro sexo nin no referente á frecuencia de uso, nin á preferencia por unhas paremias ou outras.

3.4. Diferenciacións derivadas da idade

As persoas enquisadas teñen entre 15 e 30 anos, aínda que predominan, tanto nun coma noutro idioma, os informantes de entre 20 e 25. Apréciase un descenso paulatino no coñecemento de paremias a medida que diminúe a idade dos informantes. Esta tendencia deriva tanto da súa experiencia como falantes (obviamente, os falantes de menor idade enfrontáronse a un número menor de situacións comunicativas), coma dun posible resentimento do uso de paremias entre os falantes máis novos, dado que encerran unha autoridade que nenos e mozos relacionan co mundo adulto, con relacións de poder e obediencia á marxe do seu grupo (Cf. Mechling, 2004:121).

Tanto en alemán coma en español, os informantes de menor idade entrevistados afirman descoñecer o significado de moitos refráns pero, ao mesmo tempo, recoñecen telos escoitado algunha vez. De aí que se poida presumir que, a medida que avance a súa experiencia lingüística e exerciten a práctica paremiolóxica, adquirirán coñecementos no campo dos refráns dos que hoxe carecen.

Por outra parte, tivemos a sorte de recibir cuestionarios de dous mozos (unha informante alemá de 15 anos e un informante español de 17) de familias exquisitamente cultivadas e con inquedanzas lingüísticas. Ambos os dous marcaron a cela ‘enténdoo‘ do cuestionario con maior frecuencia que outros mozos da súa mesma idade e nacionalidade. Non é o noso desexo extraer conclusións precipitadas, pero apuntamos este dato con ánimo de fomentar unha reflexión ao respecto.

3.5. Diferenciacións derivadas da procedencia dos informantes

A investigación recolle respostas, na súa inmensa maioría, de informantes alemáns e españois. Porén, tamén varios mozos de Austria, Ecuador, Chile e México completaron o cuestionario. Non se detectaron diferenzas de especial relevancia entre as respostas

de alemáns e austríacos xa que, a pesar das evidentes particularidades da mesma lingua en países fronteirizos, o pasado histórico, relixioso e cultural común e o achegamento xeográfico aínda desempeñan un papel unificador ao respecto.

Pola contra, os refráns de América Latina si recollen unha esencia idiosincrásica característica. Vallan de exemplo as paremias das que informou un falante ecuatoriano: *Ladrón que roba a ladrón, traidor a la cárcel; Quién a buen árbol se arrima, buena papaya le cae encima*. Estes refráns van ineludiblemente unidos á cultura e ao modo de vida das latitudes meridionais. Faise practicamente tanxible no último refrán, que presenta un elemento cultural ausente en España. Así mesmo, tanto o falante ecuatoriano coma a informante mexicana descoñecen o significado da paremia *No se hacen tortillas sin cascar huevos*. O compoñente cultural e culinario da España peninsular non atopa representación no mundo latino, onde, por outra parte, as tortillas difiren en ingredientes e presentación.

3.6. Desviación

Recóllense, a continuación, varias das propostas máis recorrentes canto a desviacións da forma canónica ou estándar dos refráns. O simple feito de que os informantes recoñezan un refrán que, polo demais, empregaron ou escoitaron sempre cunha estrutura diferente, fala a favor da difusión paremiolóxica. A este respecto, cabe mencionar, brevemente, que entendemos por 'variante' un cambio non intencionado no refrán orixinal, unha alteración da forma canónica no nivel do sistema; por outra parte, con 'modificación' referímonos a aquelas alteracións que se producen na fala, ben porque o emisor altera por erro o refrán do seu discurso (por exemplo, ao mesturalo con outro) ou porque o modifica con vontade creativa, para provocar un efecto determinado co seu discurso rechamante. Neste caso, o falante comeza a frase cun refrán e establece, así, unhas premisas comunicativas para o receptor. Porén, introduce un cambio inesperado na paremia, cunha clara intención, que rompe os esquemas de dito interlocutor. O fenómeno tamén se coñece como 'manipulación', 'variabilidade' ou 'desviación' que son os termos que eliximos como hiperónimos (vide Burger, Buhofer, Sialm, 1982:67; Mieder, 2006:195).

En alemán, as paremias seleccionadas para a nosa enquisa que presentan maior grao de desviación son as seguintes:

Überall wird mit Wasser gekocht
Mit Geduld und Spucke fängt Kaspar eine Mücke
Niemand kann über seinen Schatten springen
Einem geschenkten Gaul guckt man nicht ins Maul
Die dümmsten Bauern haben die größten Kartoffeln
In der allergrößten Not, schmeckt die Wurst auch ohne Brot
Wer einem andern eine Grube gräbt, der fällt selbst hinein

O tipo de desviación que sofren varía dunhas a outras. Así, para o primeiro refrán (para o que un 40% dos informantes marcou 'coñézoo con algunha variación'), recóllense alternativas do tipo: *Andere kochen auch nur mit Wasser, Hier wird auch nur mit Wasser gekocht, Dort wird auch nur mit Wasser gekocht, Der kocht auch nur mit Wasser, Die kochen auch nur mit Wasser*. Calquera desviación supón un atranco máis

na tarefa do tradutor, pois ao xa de por si complicado labor de recoñecer unha paremia na súa forma estándar, engádeselle a dificultade de identificala cunha ou varias alteracións. En todo caso, neste exemplo, a palabra clave non cambia (*Wasser*), polo que se se identifica o refrán como tal, a pesar de descoñecer o seu significado, é probable que o tradutor poida recorrer aos medios adecuados para inferilo correctamente.

Noutros casos, o cambio é léxico: *Mit Geduld und Spucke fängt man eine Mücke*, onde o suxeito do refrán, *Kaspar*, se torna impersoal por medio do pronome *man*; *Die dümmsten Bauern haben die dicksten Kartoffeln*, onde o adxectivo *groß* se transforma en *dick*; *Einem geschenkten Gaul schaut man nicht ins Maul*, onde o verbo xa non é *gucken*, senón *schauen*. As implicacións son similares ás que acabamos de describir, coa excepción de que a variación é mínima e tan recorrente que é probable que a obra de referencia consultada recolla ambas as dúas versións. A comprensión, en calquera caso, semella non verse especialmente afectada por tales alteracións e será o proceso de transferencia lingüística e cultural o que presente maiores dificultades.

Atopamos, tamén, elipses e adicións. Canto ás elipses: no refrán *Wo kein Kläger, da kein Richter* omítense os verbos e o adverbio *auch* que conten a versión máis extensa *Wo kein Kläger ist, da ist auch kein Richter*; na paremia *Wer andern eine Grube gräbt, fällt selbst hinein* tamén se suprimen varios elementos que aparecen na variante *Wer einem andern eine Grube gräbt, der fällt selbst hinein*. Verbo das adicións, podemos mencionar a contida no refrán *Niemand kann über seinen eigenen Schatten springen*, que tamén se recolle sen *eigenen*. Estes cambios axilizan a expresión, acentúan o enunciado categórico do refrán e, coma os exemplos anteriores, case non interfiren na fase de identificación e comprensión da paremia.

Por último, referirémonos ás modificacións intencionadas que buscan, a través dun paralelismo cunha paremia xa asentada, imprimir un efecto especial no discurso. Por exemplo, na cidade de Nuremberg podemos escoitar que *Selbst der Teufel (Nürnberger Brat-)Würste auch ohne Brot schätzt.* Trátase dunha manipulación que parece mesturar dous refráns, a saber: *In der allergrößten Not schmeckt die Wurst auch ohne Brot* e *In der Not frisst der Teufel Fliegen*. Así mesmo, lonxe da advertencia moral que persegue a paremia *Wer im Glashaus sitzt, soll nicht mit Steinen werfen* atopamos a variante *Wer im Glashaus sitzt, soll sich im Dunkeln umziehen* ou a forma con contido sexual *Wer im Glashaus sitzt, soll im Keller vögeln*. O carácter groseiro desta última expresión podería convertela en impropia para figurar nun artigo destas características. Porén, non esquezamos que se analiza a linguaxe coloquial e da mocidade e esta paremia adulterada ilustra un tipo de relación das moitas existentes entre a fala xuvenil e os refráns. Na mesma liña sitúase a modificación *Lieber die Stumme im Bett, als die Taube auf dem Dach*. Estas dúas últimas expresións apoian, ademais, a tese de cantos se refiren á enorme riqueza de vocabulario da mocidade (por herdanza ou por nova creación) en torno ao sexo, como en Nierenberg, 1994:552 ou en Mieder, Litovkina, 2006:26-35, os cales citan en primeiro lugar a sexualidade como tema ao que os refráns modificados adoitan facer referencia.

Reflectimos, seguidamente, os refráns máis propensos a variar en español:

Al que al cielo escupe, en la cara le cae
El que no nace, Salamanca no lo hace
Adonde fueres, haz lo que vieres
No se puede hacer una tortilla sin romper huevos
Todos los caminos llevan a Roma
A caballo regalado no le mires el diente

Destaca neles que as alteracións son mínimas e ningunha persoa enquisada informou dunha modificación atípica como as que tratamos ao falar das paremias alemás. Polo contrario, as desviacións que encontramos nos refráns españois concrétanse en pequenos cambios para conseguir a rima (*A caballo regalado no le mires el dentado*) ou simples modificacións léxicas (*Todos los caminos van / conducen / llegan a Roma*, *Al que al cielo escupe, a la cara le cae*, *Allí donde fueres haz lo que vieres*, *No se hacen tortillas sin cascar huevos,* etc.). Verbo disto cómpre facer unha reflexión: ¿Conta o alemán con máis recursos expresivos? ¿Son as súas partículas e prefixos, en parte, responsables deste potencial creador? O sistema paremiolóxico español parece presentarse máis estable có alemán (Sosa Mayor, 2006:406, tamén se refire a iso ao analizar as fórmulas rutineiras). Autores como Regales (1988:83) aducen o sintetismo do alemán para xustificar unha elevada variación fraseolóxica. Porén, entendemos que a relación entre sintetismo e variabilidade non está clara, polo que reflectimos estas cuestións de maneira aberta, deducindo como única conclusión que o asunto da variabilidade parece ser, precisamente, o futuro das investigacións paremiolóxicas. Será a análise contrastiva a que poida achegar resultados máis interesantes na investigación das variantes nos próximos anos.

Por último, digno de mención resulta o feito de que a maioría das desviacións dos refráns, tanto nun coma noutro idioma, se produzan na segunda parte da sentenza. Vémolo, claramente, nos seis exemplos que citamos en español e, liñas atrás, os refráns alemáns avalan a afirmación. Esta característica repercute, fundamental e favorablemente, no traballo do tradutor. A palabra clave permanecerá, invariable, na primeira parte da paremia e será a que o tradutor utilice para buscar a entrada no dicionario que, con sorte, alivie a súa tarefa.

4. Conclusión

O estudo deste corpus é unha análise da situación actual dun conxunto de refráns entre os mozos alemáns e españois. De aí a pertinencia de revisar a investigación ao cabo de varios anos, para poder, entón, determinar o fluxo de transformación paremiolóxica dentro dun mesmo grupo de idade, introducindo unha soa variación: a xeracional.

Tamén a análise da variedade rexional pode resultar interesante, ao introducir nas enquisas a procedencia xeográfica dos informantes como variable. Localizados rexionalmente, poderían analizarse tanto o uso de determinados refráns en áreas concretas, coma a diversidade nos coñecementos paremiolóxicos nos devanditos

territorios[4]. O corpus desta investigación, dado o seu carácter limitado, non pode aventurarse a extraer conclusións neste sentido. Paralelamente a esta consideración, preséntansenos outras variables dignas de ter en consideración en futuros estudos de maiores pretensións; por exemplo, a actividade profesional ou escolar, a orixe familiar, o nivel sociocultural, etc.

Da análise do corpus despréndese que os refráns gozan de moi boa saúde entre os falantes novos. A conclusión máis destacable que se deduce das enquisas é que os mozos de hoxe coñecen e empregan unha gran variedade de refráns con tinturas de todo tipo. Se ben a frecuencia de uso parece diminuír, paulatinamente, a medida que o fai a idade dos informantes, os índices finais son máis elevados do que cabería esperar.

Atrevémonos a definir os niveis de uso como elevados, se ben hai que recoñecer que se aprecia certo grao de estancamento en determinadas paremias. Porén, a pouca popularidade de algúns refráns non adoita coincidir nun e noutro idioma, o que non deixa de ser un bo síntoma de recuperación: o contacto entre países e culturas e o conseguinte intercambio (e extrapolamos, aquí, a conclusión á tradutoloxía en xeral) favorecerán o transvasamento lingüístico de paremias entre linguas e a reactivación daquelas menos populares en cada idioma.

Máis alá de distinguir entre variantes (os cambios que poida presentar unha unidade fraseolóxica dentro do sistema lingüístico) e modificacións (os cambios no nivel da fala, intencionados ou non), entendemos que o realmente interesante é ter comprobado e constatado a mobilidade, a inestabilidade do sistema paremiolóxico. En especial, porque as desviacións apoian a hipótese de que os refráns están de plena actualidade, aínda que se discuta a súa modernidade. Podería discutirse que isto supón, á súa vez, que o uso tradicional (sentencioso e moral) das paremias está deixando paso a un novo uso moderno e pragmático. Esta particularidade obsérvase sobre todo, pero non só, entre os falantes novos, que recorren a todo tipo de estratexias para modificaren unha paremia e provocaren un efecto, unha reacción de sorpresa no interlocutor. Porén, outras características propias do refrán permanecen intactas, pois os falantes, mesmo os novos, continúan empregando a paremia en situacións comunicativas diversas, con intención de convenceren, argumentaren ou faceren valoracións.

Aínda sendo reducida a mostra de refráns que recolle o corpus, ilustra que é posible atopar equivalentes paremiolóxicos para a maioría dos refráns presentados. Tamén esta investigación precisou dunha fase de tradución, ao partir de paremias alemás asentadas en dita lingua para as que se necesitou buscar os seus equivalentes en español. Todas estas afirmacións exprésanse, polo tanto, con coñecemento de causa. O primeiro paso para unha correcta tradución radica en recoñecer o conxunto de palabras que conforma un refrán como un todo, como unidade fraseolóxica cerrada e completa; esta identificación é fundamental para inferir, posteriormente, o seu significado. Na actualidade, as numerosas recompilacións electrónicas (por exemplo, o proxecto

[4] Non nos referimos, necesariamente, a variedades xeográficas transoceánicas –que, por outra parte, destacarían polo seu colorido e intensidade–, senón ás diferenzas que, con certeza, encontrariamos entre territorios non tan afastados dentro dun mesmo país.

europeo *SprichWort*, dirixido por Vida Jesenšek, e a páxina web administrada polo Instituto Cervantes, http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx), ademais dos recursos en papel, resultan de inestimable axuda para o tradutor e responden ao interese crecente pola investigación paremiolóxica.

Porén, precisamente os recursos dixitais, accesibles cun simple golpe de rato, destacan non só polas súas dimensións, senón tamén polo desacertado dos mesmos. De aí que o tradutor deba exercer unha función de filtro para desbotar as opcións menos aqueladas. Se ben internet é un innegable banco de datos, útil e de rápido acceso, no caso de tradución paremiolóxica a súa maior achega é que pode esclarecer as dúbidas canto a significados, pero non sempre proporciona equivalencias fiables.

5. Referencias bibliográficas

AA.VV. (2005-2010): CVC. *Refranero multilingüe* (http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/) [Data de consulta: 10/02/2010].

BASS, Nicole (2006): *„Muescht Knorr probiere, s'gaht über's Schtudiere!". Phraseologismen und Modifikationen in der Anzeigenwerbung 1928-1998.* Essen: Schneider Verlag Hohengehren.

BURGER, Harald; BUHOFER, Annelies; SIALM, Ambros (1982): *Handbuch der Phraseologie.* Berlín: Walter de Gruyter.

CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Eva (2008): *Problemas traductológicos del alemán coloquial al español: el lenguaje de los jóvenes y su relación con las paremias* (Manuscrito).

JESENŠEK, Vida (coord.) (2008-2010): *SprichWort-Plattform* (http://www.sprichwort-plattform.org/) [Data de consulta: 10/02/2010].

MECHLING, Jay (2004): "'Cheaters Never Prosper' and Other Lies Adults Tell Kids. Proverbs and the Culture Wars over Character", en LAU, Kimberly J.; TOKOFSKY, Peter; WINICK, Stephen D. (eds.*): What Goes Around Comes Around. The Circulation of Proverbs in Contemporary Life*. Utah: Utah State University Press, 107-126.

MIEDER, Wolfgang (1989): "Moderne Sprichwörterforschung zwischen Mündlichkeit und Schriftlichkeit", en RÖHRICH, Lutz; LINDIG, Erika (eds.): *Volksdichtung zwischen Mündlichkeit und Schriftlichkeit*. Tubinga: Gunter Narr, 187-208.

(2006): *"Andere Zeiten, andere Lehren". Sprichwörter zwischen Tradition und Innovation*. Baltmannsweiler: Schneider-Verlag Hohengehren.

MIEDER, Wolfgang; LITOVKINA, Anna T. (2002): *Twisted Wisdom. Modern Anti-Proverbs.* Tasmania: DeProverbio.com.

(2006): *Old Proverbs Never Die, They Just Diversify. A Collection of Anti-Proverbs*. Veszprém: University of Veszprém Press.

NIERENBERG, Jess (1994): "Proverbs in Graffiti. Taunting Traditional Wisdom", en MIEDER, Wolfgang (ed.): *Wise Words. Essays on the Proverb*. Nueva York / Londres: Garlend publishing, 543-561.

REGALES SERNA, Antonio (1988): "Sobre el valor de algunos de los verbos más frecuentes en los giros idiomáticos del alemán y del español", en WOTJAK, Gerk (ed.): *Studien zur Sprachkonfrontation. Materialien der I. Internationalen Arbeitstagung zum Romanisch-Deutschen Sprachvergleich*. Berlín: Akademie der Wissenschaften der DDR, 72-87.

SOSA MAYOR, Igor (2006): *Routineformeln im Spanischen und im Deutschen. Eine pragmalinguistische kontrastive Analyse*. Viena: Praesens Verlag.

Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía

Xesús Ferro Ruibal[1]

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

O presente artigo ofrece a edición de dous breves pero substanciosos artigos paremiolóxicos do escritor galego Álvaro Cunqueiro: o primeiro é un artigo inédito sobre refráns galegos de tema sexual escrito en 1951; o segundo é un esquecido artigo publicado no *Faro de Vigo* en 1955 e reeditado con numerosos retoques en 1957 en *La Voz de Galicia* e nos que Cunqueiro expón a matizada valoración que el fai do refraneiro e tamén deixa ve-la súa tan característica erudita fantasía. Ofrécense despois sete mostras de como Cunqueiro definía fraseoloxismos e paremias, non á maneira académica, senón por simple contextualización, como fan os usuarios espontáneos e finalmente sitúase Cunqueiro na polémica dos escritores do seu tempo contra o uso da fraseoloxía no xornalismo e na literatura.

Palabras clave: paremioloxía erótica galega, paremiografía galega, fraseoloxía como recurso literario, Álvaro Cunqueiro.

This paper offers an edition of two brief and meaningful paremiological articles written by the Galician writer Álvaro Cunqueiro. The first one, which was written in 1951, is an unpublished paper about Galician proverbs whose main topic is the sexual one. The second one is a paper already published in Faro de Vigo *in 1955 and reprinted with many slight changes in 1957 in* La Voz de Galicia*. In this paper Cunqueiro shows his own appreciation of the colllection of provers and also shows his characteristic fantasy. Then this article offers seven examples of how Cunqueiro defined phraseologisms and proverbs, not in an academic way, but just by simple contextualization as spontaneous users do; and finally discusses what is the position of Cunqueiro in the controversy between the writers of his time against the use of fraseology in journalism and literature.*

Keywords: Galician erotic paremiology, Galician paremiography, phraseology as literary resource, Álvaro Cunqueiro.

Data de recepción 01/09/2011 Data de aceptación 07/10/2011

[1] As fontes deste artigo proceden do arquivo da Real Academia Galega, de Miguel Anxo Seixas Seoane e da hemeroteca dos xornais *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia.* A todos vai a miña gratitude. Teño que agradecer tamén algunha noticia a Wolfgang Mieder e observacións valiosas a María Xesús Fernández Lopo, Luís Alonso Girgado, Miguel Angel Pousada Cruz, Antonio Fernández Guiadanes e tamén ós revisores anónimos. Agradézolles diversas axudas a Xacinta Varela Martínez e mais a Carmen Mellado.

Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo 1911 – Vigo 1981) foi un escritor galego (poeta, novelista, dramaturgo, xornalista e gastrónomo) que está considerado un dos grandes autores do século XX tanto na literatura galega coma na literatura castelá. A súa obra é grandiosa en volume, variedade e calidade; está construída cun imaxinario propio e cunha estética orixinal: *Merlín e familia, Si o vello Sinbad volvese ás illas* e *As crónicas do sochantre* son algunhas das obras que lle mereceron os premios máis relevantes que existen na Península Ibérica. Dotado dunha fantasía homérica, díxose del moitas veces (García Márquez entre outros) que debía te-lo Premio Nobel e, cando morreu, estábase xestando precisamente a súa candidatura.

Na súa oceánica produción xornalística encontrei dous breves artigos paremiolóxicos, menores pero non irrelevantes, dos que un é inédito. Os dous artigos están vinculados á convocatoria (1951) e ó fallo (1955) dun concurso para premia-lo mellor Refraneiro Galego, convocado pola Editorial de Bibliófilos Gallegos, pioneira na resistencia cultural galega e que, para este concurso dispuxo en 1954 un premio de 12.000 pts. e maila edición. Dese premio, do que aínda está pendente a edición, xa demos toda a documentación imprescindible no prólogo á edición do Refraneiro de Francisco Vázquez Saco, que foi un dos participantes na primeira fase (VAZQUEZ SACO 2003:XXVIII-XXXI): o lector interesado pode acceder a ela tamén en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.pub_detalle2?p_id=142.

A convocatoria suscitou en Cunqueiro un artigo titulado *Por si ou por non*. E a inminencia do fallo, que el debía de coñecer por amigos, suscitou un segundo titulado *Los refraneros*. Polas razóns que se verá, é ben reproducilos. Empezarei polo primeiro.

1. “Por si ou por non” (1951)

Posible escolio a una paremiología gallega

Convocado un concurso para premiar la mejor colección de refranes gallegos, puede sospecharse que de esta Summa Philosophica del galaico, quedarán, porque el pudor moderno así lo exige, ausentes dos o tres docenas de refranes; precisamente aquellos que forman el fondo del saber amoroso del gallego. Pero, más atentos nosotros a aquello que decía el P. Baltasar Gracián de que la *cólera natural del español pide la libertad de palabra,* o a aquellos latines que enseñan así: *Antiqua comoedia facundissimae libertatis,* convenimos en publicar aquellos que más nos tememos queden fuera de la paremiología en ciernes. Por ejemplo: *Cando arrumba a teta, a nena quer caralleta*, refrán que facilmente se completa con estos otros tres: *Amor primeiro, dándolle parte, dasllo enteiro*, *Cona lavada, cona estrenada* y *Moza que fode e non trae nada, tén o virgo hastra que paira*. (Por lo que al hombre en estos casos toca, hay éste: *Pixa dereita non crê en Dios*). Ya metidos en materia, estos otros dos refranes son de suma importancia para la vida humana: *O que en pelos repara, nunca cona cata* y *Tira máis pelo de cona que cabestrante de navío*. Considerando que *Terra arenisca, tendencia a putas*, se pone uno a escoger mujer: *Muller delgada, ben enconada*, saber, por cierto, muy antiguo. Hay que tener en cuenta que *Muller laimeira, ou puta ou meiga*, y que *Moza mainiña, crego secreto ou niñada veciña*, y es conveniente en sumo grado saber que *Muller fanegueira, catro cás lle lamben a cona i-outros catro lle mexan á porta*, y no olvidando que *Perna tesa e peito lampo, en muller levas engano*, el más lerdo va advertido. *Cando un está de sorte, hastra a muller lle pare de outro*, es la moraleja del caso. *Home cabrón e muller puta, nin o demo os xunta*, esta es otra. Y no perdiendo el sentido optimista de la existencia, quedamos avisados. *Pícanme os collós, tres dias bós*. Y ya puede el Casanova gallego echarse a dormir.

IMAXE 1

POR SI OU POR NON

Posible escolio a una paremiología gallega

Convocado un concurso para premiar la mejor colección de refranes gallegos, puede sospecharse que esta **Summa Philosophica** del galaico, quedarán, porque el pudor moderno así lo exige, ausentes dos o tres docenas de refranes; precisamente aquellos que forman el fondo del saber amoroso del gallego. Pero, más atentos nosotros a aquello que decía el P. Baltasar Gracián de que *la cólera natural del español pide la libertad de palabra*, o a aquellos latines que enseñan así: *Antiqua comedia fecundissimae libertatis*, convenimos en publicar aquellos que más nos tememos queden fuera de la paremiología en ciernes. Por ejemplo: *Cando arrumba a teta, a nena quer caralleta*, refrán que fácilmente se completa con estos otros tres: *Amor primeiro, dándolle parte, daallo enteiro, Cona lavada, cona estrenada*, y *Moza que fode e non trae nada, fén o virgo hastra que paira.* (Por lo que al hombre en estos casos toca, hay éste: *Pixa dereita non crê en Dios*). Ya metidos en materia, estos otros dos refranes son de suma importancia para la vida humana: *O que en pelos repara, nunca cona cata* y *Tira máis pelo de cona que cabestrante de navío.* Considerando que *Terra areniaca, tendencia a putas*, se pone uno a escoger mujer: *Muller delgada, ben enconada*, saber, por cierto, muy antiguo. Hay que tener en cuenta que *Muller laimeira, ou puta ou meiga*, y que *Moza mainiña, crego secreto ou nifada vecifa*, y es conveniente en sumo grado saber que *Muller fanegueira, catro cás lle lamben a cona i-outros catro lle mexan á porta*, y no olvidando que *Perna tesa e peito lampo, en muller levas engano*, el más lerdo va advertido. *Cando un está de sorte, hastra a muller lle pare de outro*, es la moraleja del caso. *Home cabrón e muller puta, nin o demo os xunta*, esta es otra. Y no perdiendo el sentido optimista de la existencia, quedamos avisados: *Picanme os collós, tres días bós.* Y ya puede el Casanova gallego echarse a dormir.

Cunqueiro

50 dias de indulgencia al posible lector.

IMAXE 2



"POR SI OU POR NON"

Posible escolio a una paremiología gallega

Convocado un concurso para premiar la mejor colección de refranes gallegos, puede sospecharse que esta Summa Philosophica del Galaico, quedarán, porque el pudor moderno así lo exige, ausentes dos o tres docenas de refranes; precisamente aquellos que forman el fondo del saber amoroso del gallego. Pero, más atentos nosotros a aquello que decía el Padre Baltasar Gracián de que "la cólera natural del español pide la libertad de palabra" o a aquellos latines que enseñan así: "Antiqua comedia fecundissimae libertatis", convenimos en publicar aquellos que más nos tememos queden fuera de la paremiología en ciernes. Por ejemplo: "cando arrumba a teta, a nena quer caralleta", refrán que fácilmente se completa con estos tres: "Amor primeiro, dándolle parte, daallo enteiro", "Cona lavada, cona estrenada" y "Moza que fode y non trae nada, fén o virgo hasta que para" (por lo que al hombre, en estos casos toca, hay este: "Pixa dereita non crê en Dios"). Ya metidos en materia estos otros dos refranes son de suma importancia para la vida humana: "O que en pelo repara, nunca cona cata" y "tira máis pelo de cona que cabestrante de navío". Considerando que "terra areniaca, tendencia a putas", se pone uno a escoger mujer: "muller delgada, ben enconada", saber, por cierto, muy antiguo. Hay que tener en cuenta que "muller laimeira ou puta ou meiga" y que "moza mainiña, crego secreto ou nifada vecifa", y es conveniente en sumo grado saber que "muller fanegueira, catro cás lle lamen a cona, outros catro lle mexan á porta", y no olvidando que "perna tesa os peito lampo, en muller levas engano", el más lerdo va advertido. "Cando un está de sorte hatra a muller lle pare de outro" es la moraleja del caso. "Home cabrón e muller puta, nin o demo os xunta" esta es otra. Y no perdiendo el sentido optimista de la existencia, quedamos avisados: "picanme os collós, tres días bós". Y ya puede el Casanova gallego echarse a dormir.

Copia del impreso.

(Hoja anónima, salida en el mes de Abril de 1951, que se atribuye con certeza al poeta mindoniense Álvaro Cunqueiro)

[Nota manuscrita do orixinal]
Cunqueiro
50 dias de indulgencia al posible lector

[Nota manuscrita do mecanoscrito]
Copia del impreso.
Hoja anónima, salida en el mes de abril de 1951, que se atribuye con certeza al poeta mindoniense Á. Cunqueiro.



Cunqueiro

50 dias de indulgencia al posible lector.

Deste texto paremiolóxico galego, inédito ata hoxe, temos dúas versións: a que chamarei *orixinal* (imaxe 1) e unha *copia mecanoscrita* (imaxe 2). Non localicei máis exemplares deste texto en bibliotecas ou arquivos galegos.

1.1. Descrición

O orixinal é unha folla impresa sen pé de imprenta. As dúas últimas liñas están manuscritas con letra de Álvaro Cunqueiro. Aínda que lle chamo orixinal, o exemplar ó que eu tiven acceso é unha fotocopia que me facilitou Miguel Anxo Seixas Seoane: el recibiuna de X.F. Armesto Faginas, morto en novembro de 2006 e sucesor de Cunqueiro na dirección do xornal *Faro de Vigo* e, por parte, un dos máis informados

biógrafos do escritor mindoniense. A letra da sinatura e do comentario humorístico da concesión de indulxencias é de Cunqueiro, segundo me recoñece o seu fillo César Cunqueiro. Aínda que resulta indispensable face-la advertencia de que eu non teño nin vin o papel coa sinatura autógrafa de Cunqueiro, senón a fotocopia, eu dou por feito que a sinatura e maila concesión de indulxencias están no orixinal, porque outra cousa resultaría impensable na devota relación de Armesto Faginas con Álvaro Cunqueiro.

A copia mecanografiada (imaxe 2) carece da sinatura e da concesión de indulxencias e, no seu lugar, ten unha nota manuscrita que especifica a data e a autoría. Este mecanoscrito está no arquivo da Real Academia Galega (fondo Fermín Bouza Brey), coa sinatura C-171/67 e a letra paréceme de don Fermín. Aínda que afirma que é *copia del impreso*, ademais doutras miudezas[2], carece da sinatura de Cunqueiro e da humorística concesión de indulxencias, o que quere dicir que o mecanógrafo tivo diante un exemplar que carecía (ou aínda carecía) deses dous elementos autógrafos finais e que, en consecuencia, o exemplar asinado que chamamos *orixinal* é, polo menos parcialmente, posterior ó mecanoscrito.

Non coñezo ningún outro exemplar nin testemuño deste breve escrito paremiolóxico. Non existe, dende logo, nos dous arquivos nos que podería esperarse, a Biblioteca Penzol (Vigo) e a do Museo de Pontevedra, que garda toda a documentación do aludido concurso de refráns.

1.2. Autoría

Se non tivésemos ningunha indicación da autoría, calquera galego pensaría en Camilo José Cela como autor deste texto, por se-lo autor do voluminoso e inacabado *Diccionario secreto* (Cela 1968-1974) e do *Diccionario del erotismo* (Cela 1988). Pero Cunqueiro tamén escribiu moito de temas eróticos, aínda que toca estes temas cun estilo persoal, feito de realismo refinado pola elegancia da erudición e do humor, como pode verse nos 63 artigos que César Antonio Molina reuniu baixo o título *La bella del dragón. De amores, sabores y fornicios* (Cunqueiro 1991). Cunqueiro fóraos publicando en 1977-1978, trala chegada da democracia, en revistas como *Bazaar* e *Primera Plana* e en 1979-1980 en *Sábado Gráfico* ou *Faro de Vigo.* Só un deses artigos é anterior á democracia (*Faro de Vigo* 11.10.1956). Este, que agora ve a luz, sería o primeiro, o menos elaborado, o máis descarnado.

A humorística concesión de *50 dias de indulgencia al posible lector* é verosímil en Cunqueiro (pero tamén o sería en Cela), tendo en conta que, naquela sociedade controlada polo clero, a lectura deste texto consideraríase pecaminosa e necesitada dalgunha absolución eclesiástica.

Contamos con dous testemuños de diferente natureza pero concordantes: Armesto Faginas e Bouza Brey, xa falecidos, atribuíron sen dúbida a Álvaro Cunqueiro este breve apunte paremiolóxico. Miguel Anxo Seixas asegúrame que Armesto Faginas lle explicou que Cunqueiro de cando en vez imprimía cousas que non difundía e que as

[2] O mecanoscrito encabeza algúns refráns con minúscula e ademais escribe *escolia* por *escolio; Galaico* por *galaico; comedia* por *comoedia; y non tray nada* por *e non trae nada; hastra que para* por *hastra que paira; non cree en Dios* por *non crê en Dios; O que en pelo repara* por *O que en pelos repara; Muller lameira por Muller laimeira; lamen* por *lamben; outros catro* por *i-outros catro; Perna tesa ou peito lampo* por *Perna tesa e peito lampo.* O tipo de erratas evidencian unha persoa pouco afeita a escribir en galego e, polo tanto, parecen excluír que sexa Fermín Bouza Brey o autor da copia.

reservaba unicamente como agasallo persoal para un amigo ou un moi reducido número de amigos.

Non parece posible que persoas tan próximas a Cunqueiro, como Bouza Brey e Armesto, puidesen equivocarse ou falsificar esta atribución de autoría. A aceptala axuda algún outro indicio coherente que ofrece o propio texto.

1.3. Impresión e circulación deste texto paremiolóxico

¿É esta folla a proba de imprenta dun artigo que finalmente a dirección ou o propio Cunqueiro decidiu que non se publicaría pero que o autor quixo gardar e finalmente darlla en agasallo a algún amigo? ¿Sería un artigo abortado polas circunstancias políticas? Non mo parece, porque un home tan intelixente coma Cunqueiro sabía ben, antes de poñerse a escribir, que o *Faro de Vigo* en 1951 non daría cabida a un texto coma este, e se cadra tampouco outro xornal do momento[3]. Máis aínda: non encontrei este tipo de letra nin estas dimensións de caixa nesa época no *Faro*. Polo tanto, coido que hai que descartar que Cunqueiro escribise isto pensando publicalo no *Faro de Vigo*, xornal no que por estes anos empeza a colaborar e no que pasaría a ser redactor fixo en 1961, subdirector (1964-1965) e director (1965-1970). Redondamente, este artigo de refráns eróticos non encaixa no *Faro* de 1951.

¿Onde se imprimiría este texto? Descartado o *Faro de Vigo* e descartada quizais a simple utilización dos seus tipos, habería que pensar nalgún outro prelo que Vigo tiña capaz de atreverse a imprimir textos difíciles[4].

Queda dito que non dei levantado máis exemplares deste texto cós dous descritos. A difusión debeu de ser moi reducida, se espreitadores tan atentos coma Fermín Penzol[5] e Filgueira Valverde[6] non o apañaron: non hai copia nin na Biblioteca Penzol de Vigo nin na do Museo de Pontevedra. Polo que se verá na epígrafe 1.7. ningún dos paremiólogos posteriores cita a totalidade destas paremias e iso que algún deles (Vicente Llópiz, sobre todo) tiña certa pretensión de exhaustividade. Que tan atentos paremiólogos non o citen reforza a sospeita de que o exemplar que manexamos tivo unha circulación extremamente restrinxida.

Todo indica que estamos ante o texto dun autor que escribe e quizais mesmo imprime algo do que nunca máis se preocupa e que llo dá a algún amigo, sen nunca gardar copia: talmente coma quen fai unha repenicada paxariña de papel e lla regala a quen ten

---

[3] O *Faro de Vigo* desa época, coma tódolos xornais contemporáneos, ten poucas páxinas e conxuga nelas unha importante porcentaxe de noticias de asuntos procedentes da actividade relixiosa (xerarquía, parroquias, asociacións e confrarías) cos da actividade militar e política do *Régimen* de Franco e cunha selección de política internacional en sintonía coa ideoloxía vixente. E o resto son noticias locais, deportes, publicidade, notas necrolóxicas e, nalgúns días, algunhas colaboracións de asunto cultural.

[4] Podiamos pensar en *Gráficas Numen*, que estaba na rúa Velázquez Moreno, a poucos metros dos talleres do *Faro*, e que naqueles anos de extrema dificultade para a lingua galega foi unha verdadeira catacumba na que se fixeron algunhas edicións de resistencia cultural clandestina.

[5] Rexistrador da propiedade e bibliófilo que dedicou toda a súa vida a adquirir todo tipo de textos que sobre Galicia lle poñían nas mans libreiros de vello de toda España. A súa selectísima biblioteca doouna á cidade de Vigo (Biblioteca Penzol).

[6] Profesor, membro de varias Academias, cofundador do Seminario de Estudos Galegos e do posterior Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, director do Museo de Pontevedra durante moitos anos, onde conseguiu ordena-la procura, catalogación e difusión de todo tipo de materiais da cultura de Galicia.

cabo del e nunca máis pensa nesa minucia. Esas son, polo que parece, as trazas de Álvaro Cunqueiro.

1.4. A ocasión

Ese ablativo absoluto inicial (*Convocado un concurso*) remítenos ó xa mentado concurso de paremioloxía galega da Editorial de Bibliófilos Gallegos. A convocatoria é de xaneiro de 1951. O *Faro de Vigo* dá noticia dela o 2 de febreiro seguinte na súa páxina 6. A nota manuscrita de Bouza Brey sitúa a saída desta folla en abril dese mesmo 1951. Pero o moderno servizo de hemeroteca dixital do *Faro de Vigo*, que me acolleu con hospitalidade que agradezo, permíteme asegurar que este artigo non se publicou nese xornal en todo o 1951 nin nos inmediatamente posteriores.

Cunqueiro prevé, en 1951, que ninguén se vai atrever a consignar nun refraneiro estes refráns escabrosos: *quedarán, porque el pudor moderno así lo exige, ausentes dos o tres docenas de refranes*: esa é a súa premonición. ¿Pero foi así?

Nisto trabucouse Cunqueiro: o gañador dese concurso, Vicente Llópiz Méndez, presentará na segunda convocatoria un refraneiro monumental (aínda que de valor desigual) ordenado en 77 temas e un deles que titula *Coprológicos* non ten *dos o tres docenas de refranes* senón 388 refráns (sen contar variantes) referidos ó sexo e ós excrementos. Así que o *pudor moderno* non impediu que se consignasen. Para unha sucinta pero significativa noticia do que é ese *Refraneiro* véxase Ferro (1997: 205-206).

1.5. Contido. Pedindo licenza

É condición dos grandes escritores escribir non tanto para os lectores contemporáneos deles senón para os do futuro. E o texto, que no 2011 podemos ler sen escrúpulo e mesmo con perspectiva filolóxica, xa tiña ese interese en 1951. Esta íntima independencia do verdadeiro escritor é a que o leva a imprimir un texto maldito e darllo en forma anónima a algún(s) amigo(s) utilizando como pasaporte unha cita libre do xesuíta aragonés Baltasar Gracián (1601-1658):

> *La cólera natural del español pide la libertad de palabra.*

Non encontrei a cita exacta pero o CORDE da Real Academia Española permíteme encontra-lo que probablemente é o texto real de Gracián:

> *En España siempre hubo libertad de ingenio, o por gravedad, o por nativa cólera de la nación, que no por falta de inventiva* (Gracián: 682).

Se non hai cita máis exacta, habería que dicir que o noso autor aínda mellora o estilo aforístico de Gracián, dándolle concisión e rotundidade: unha rotundidade especialmente atrevida e reivindicativa na situación política que se vive en España en 1951. A esta cita-escudo dun eclesiástico, o autor engádelle outra cita-escudo dun autor latino:

> *Antiqua comoedia*[7] *facundissimae libertatis*[8]

[7] O orixinal di erroneamente *coemedia.*

[8] En realidade o texto completo é este *Antiqua comoedia cum sinceram illam sermonis Attici gratiam prope sola retinet, tum facundissimae libertatis, et si est in insectandis vitiis praecipua, plurimum tamen virium*

Tamén esta cita está simplificada. O carácter español e o espírito humorístico, polo tanto, pretenden converterse en pasaporte ou escudo para o escritor que vai falar en papel impreso dun tema tabú pero que, con esta maña, pretende saír indemne da materia na que entra. As dúas citas están feitas de memoria como corresponde a un escritor capaz de crear historias, personaxes e mesmo lugares ben máis interesantes cós reais. Como se ve, se non o dixeron exactamente así, así é como o debían dicir. O obxectivo está cumprido.

Non é banal que a cita sexa máis concisa e rotunda có orixinal. Máis adiante veremos que Cunqueiro devecía por consegui-la concisión dos refráns, o que chama *el contar prieto, medido y vivo del refrán.* Velaí unha proba complementaria de que esta é xa a pluma de Álvaro Cunqueiro.

Nesta forma velada de pedir licenza con armas eruditas Cunqueiro fai o que calquera paisano rural faría para pronunciar algún destes refráns. Explícome. Podería pensarse que estes son refráns de xente dun nivel socioeconómico moi baixo, afeitas a viviren permanentemente nun nivel de informalidade e que, precisamente por iso, serían máis propensas a usar sen rubor estas palabras e estes conceptos. Pero calquera persoa afeita a observar en Galicia a comunicación no mundo rural e mariñeiro sabe que as persoas dese medio, por pobres que sexan, son moi reacias a utilizaren palabras relativas non só ás partes xenitais do corpo senón mesmo a algunhas outras partes do corpo e nunca as pronuncian sen poñeren antes algún inciso eufemizador, como *dispensando..., con perdón da palabra..., dispensando a súa cara..., con perdón da súa cara...* e similares. Ben, pois Cunqueiro fai igual: entra en materia amparado no dereito á liberdade de expresión que postula Gracián e que Quintiliano considera sempre moi fecunda.

1.6. Contido. Localización destas paremias

O autor desta escolma non dá en ningún caso referencias de onde se usa cada unha desas paremias. Dá por sentado que son paremias galegas e, implicitamente, que son coñecidas en toda Galicia coa única limitación de que o tema produce un escurecemento da súa existencia. Para o autor desta escolma o refraneiro galego é patrimonio de tódolos galegos, sen distincións xeográficas. O usuario dos refráns sería tamén o galego común pero, como o léxico e os conceptos que expresan estas paremias esixen un uso moi informal e mesmo vulgar, o usuario posible redúcese ás persoas capaces de utilizaren este tipo de palabras e esta linguaxe tan rachada en situacións comunicativas de extrema informalidade.

A análise da lingua destes refráns cadra case totalmente co galego estándar. Só noto catro palabras que se arredan del *collós, cás* (por *collóns, cans*), *quer* (por *quere*) e *estrenada* (por *estreada*). Todo leva unha vez máis ó galego mindoniense e, polo tanto, tamén a facer verosímil a atribución da autoría a Álvaro Cunqueiro. Veremos en 1.8. que o propio título do artigo ten unha característica que volve levarnos ó galego mindoniense.

---

etiam in ceteris partibus habet ("A antiga comedia é a case a única que conserva non só a típica graza espontánea da fala ática senón tamén a da liberdade máis expresiva. E, se para critica-los vicios é a máis eficaz, é moi capaz para todo o resto"). Se non marro, o texto é das *Institutiones oratoriae* de Quintiliano (10,1,65); e non parece ser Cunqueiro o primeiro que usa a forma comprimida *antiqua comoedia facundissimae libertatis*.

1.7. Contido. Difusión destas paremias

Fagamos agora unha proba da extensión do uso destes refráns; vexamos qué outros paremiólogos anotan estes refráns ou mesmo qué paremiólogos posteriores puideron coñecer esta escolma de refráns eróticos de Cunqueiro. Para iso vou poñer en negriña e a unha columna o refrán que cita Cunqueiro e, en baixo, a dúas columnas, os que máis se aproximan entre os que xa están anotados no Tesouro Fraseolóxico Galego e, separadamente, os que localicei no refraneiro, aínda inédito, de Vicente Llópiz Méndez

1. Cando arrumba a teta, a nena quer caralleta.	
Tesouro Fraseolóxico Galego	Vicente Llópiz Méndez (inédito)
Cando á muller lle apunta a teta, adiante caralleta. [MOREI2070] *A muller é muller cando lle apunta a teta.* [MOREI2070] *Cando ó mozo lle apunta o bozo e á rapaza a teta, cascaralleta!* [MOREI1129] *Cando á nena lle apunta a teta, adiante caralleta. [23911249]* *Cando ó mozo lle apunta o bigote e á nena a teta, tris-caralleta.* Trata dos cambios na adolescencia e da aparición da atracción sexual. [41202,333] *Cando ó mozo lle apunta o bozo e á muller a teta, ¡castañeta!* Comienzan para ellos las fiestas. [VSACO3: 541] *Cando ao mozo lle apunta o bozo e á moza a teta, ¡chis, caralleta!* [CABANA] *Apunta la teta, caralleta.* Dícese que cuando a la mujer le empiezan a salir los pechos, comienza a tener ganas de juerga. [7BIER211]	*Cando a nena lle aponta a teta e ao rapaz lle naz o bozo, doucho ao demo tal retouzo.* [Soto Torrente, Coruña ref. 1287 // Coprológicos 82]. *Cando ao mozo lle pinta o bozo e â rapariga a teta, xa queren festa.* [M. Lois Vazquez, médico festivo, Orense 1885. Ref. 688 // Coprológicos 82a].
2. Amor primeiro, dándolle parte, dásllo enteiro.	
O amor primeiro é o máis duradeiro. [VSACO1: 5004]	
3. Cona lavada, cona estrenada.	
Cona de cortesana, lavada, é cousa sana. [7BIER222]	*A p... canto mais se lava, mais descobre a falta.* [Bernabé Naveiras, Miño (Puentedeume) // Coprológicos 52a].
4. Moza que fode e non trae nada tén o virgo hastra que paira	
5. Pixa dereita non crê en Dios	

Pixo direito non cree en Dios. [7BIER71] *Carallo dereito non cre en Dios.* [00001] *Carallo dereito non ten respeito.* [TABOA2]	*Pi... tésa, tira a pena.* [L. Tejedor, Sobradelo (Orense) ref. 1309 // Coprológicos 385].
6. O que en pelos repara, nunca cona cata.	
O que a pelos mira, nunca carne[9] *come.* [VSACO1:10705] *O que moito medo ten, nunca boa cona fode.* [43816]	
7. Tira máis pelo de cona que cabestrante de navío.	
Vale mais pelo de cono que calabrote de navío [TABOA2] *Pode máis un pelo de cona que unha corda de maroma.* [TABOA2] *Ten máis forza un pelo de cona que unha xunta de bois.* [45406] *Tira máis un pelo da cona ca unha parella de bois.* [40307] *Tira máis unha teta que cen bois por unha carreta.* [VSACO1: 15484] *Máis tiran dúas tetas ca dúas carretas.* [CARRA4270608, CARU24111888, 23911248, MOREI2061] *Tiran máis dúas tetas ca unha parella de bois.* [40307] *Máis tiran dúas tetas ca dúas carretas* [CABANA]	*Ainda mais tira unha c... que unha córda.* [S.A. -Santigoso, ref. 48 // Coprológicos 15]. *Mais tira muller de tetas que parella da carreta.* [F. Perez Barreiro, Ferrol // Mujer 184g]. *Mais turra muller que parella de bois.* [Martin Calado, *Fungueirazos*, Villalba // Mujer 75a]. *Mais val unha muller roxa do que sete marelas.* [*Marela*, macilenta, pajiza, enfermiza; *roxa*, sanguínea. Eulalia Requejo, Castrelo-Lubian, Sanabria. Con lig. var. fig. *Colec. prov. judeo-esp. S. XVI*, Foulché // Mujer 75b].

[9] A dici-la verdade e vendo os paralelos doutras fontes, a palabra *carne* podería ser unha encriptación eufemizadora realizada por este sacerdote colector. Lémbrese que, cando editámo-lo seu refraneiro (VAZQUEZ SACO 2003: CV-CIX) non só detectamos numerosos comentarios de teólogo e de eclesiástico senón mesmo algunha manipulación eufemizadora do texto, coma esta *A muller, cando é rapaza, é reina; cando moza, tola; cando é vella, bruxa* e honestamente comenta: *No es tola precisamente lo que dice el refrán, sino palabra más dura* [pola rima sobreenténdese *puta*] *que nos permitimos sustituír* (VAZQUEZ SACO 2003: CX). Polo tanto tamén aquí é posible que Vázquez Saco limase o refrán.

8. Terra arenisca, tendencia a putas.	
Este refrán, estraño por se-lo único que utiliza a palabra abstracta *tendencia* e unha palabra non patrimonial galega (*arenisca*), só se localiza na cidade de Lugo[10]: aparece aquí, no Refraneiro de Vázquez Saco (tamén lugués) e Cunqueiro vólveo usar no índice onomástico co que pecha o seu fantástico *Merlín e familia*[11], cando define: *AQUITANIA. Provincia de Francia deitada á man dreita asegún se vai de Lugo polo camiño francés. É terra mui afamada en viños, e doada en mulleres, asegún o refrán: Terra arenisca, tendencia a putas* [Cunqueiro: 135].	
Terra arenisca, tendencia a putas [VSACO1: 14686]	
9. Muller delgada, ben enconada.	
Muller flaca, cona de vaca. [TABOA2, 45741, 20301] *Muller delgada, boa ama.* [VSACO1: 15324]	*Non [h]ai muller mais delgada, que a de tres meses barazada (empreñada).* V. Risco, *Colec. de refranes*. Orense 1953. Porque [por] la fuerza con que accionan los trastornos gastrogenitales, no ingiere suficiente alimento y tiene pérdidas físicas de variado origen. // Coprológicos 218].
10. Muller laimeira, ou puta ou meiga.	
Muller laimeira, ou puta ou meiga. [21602 Goá. Cospeito] *Muller salameira ou puta ou meiga.* [15327] *Muller sularmeira, puta ou meiga.* [21002] *Muller lasmeira, ou puta ou meiga.* [13201,246] *Muller larmeira, ou puta ou meiga.* [42007; 20310,30; 20301] *Muller lermeira, ou puta ou meiga.* [FRANCO585] *Muller laida, ou puta ou meiga.* *Laida* significa laimeira, que fala moi suave, moi lentamente. [27001] *Muller prosmeira, ou puta ou meiga.* *[MOREI2065. CABANA]* *Muller rideira ou puta ou meiga.* Tamén se dicía que non era boa a muller que ría alto e forte, tiña que falar tamén quediño. Cousas doutros tempos. (Sempre oín *'rindeira'*). [35115] *Muller rideira, puta ou meiga.* [210070817]	*Muller rideira, ou p... ou parleira* [Ribadavia, V. Risco, *Papeletas para un refranero*, Orense 1954. // Coprológicos 207]. *Muller risqueira, ou p... ou parleira.* [*Risqueira*, atrevida en sus modales, retozona. // Coprológicos 207c]. *Moza rincheira ou p... ou parleira.* [*Rincheira*, persona que rie con imprudencia. Carré Aldao, *A nosa terra*. Var. *rideira, riseira* y *risqueira* por *rincheira*. Es var. del grupo num. 207. Ve. // Coprológicos 197]. *Muller ventaneira ou p... ou meiga.* [V. Risco, *Notas para...*, Orense 1954. // Coprológicos 209]. *P... na ventana, anda a caza com'as gatas* [Coprológicos 295]. *P... na ventana, algo cata.* [Coprológicos 295a]. *P... na ventana, está â cata.* [Y tambien los plurales. *Ensayos filol.* de V. Risco, Orense 1946. // Coprológicos 295b]. *P... e vella, canto mais compón, mais*

[10] Outro lugués cita ese refrán: *Lugo era gris e mesetario; nas gándaras habitadas eu recordaba aquel refrán castelán que me aprendera Pepepe, o Mestre que creo que xa morreu: 'Tierra arenisca, tendencia a putas', logo línllo a Álvaro Cunqueiro, que vivía sempre en atardeceres, entre Vigo e Mondoñedo* (VIDAL:2010).

[11] Disque empezou a escribilo en 1953 (dous anos despois deste artigo); e publicouno en 1955.

Muller riseira, ou puta ou meiga. Outra variante: Muller zalameira, /ou puta ou meiga. [24402,1398	*larpeira (meiga).* [I.F.R., de Chapela (Vigo), ref. 464.- C. Estripot, Ferrol. // Coprológicos 358a].
11. Moza mainiña, crego secreto ou niñada veciña.	
A muller que de solteira é mainiña, de casada quita as uñas e rabuña. [23911250]	*Aquela vella que vende os angazos, anda preñada do crego de Pazos.* [B. Fernandez Alonso, Entrimo (Bande). // Coprológicos 57].
12. Muller fanegueira, catro cás lle lamben a cona i-outros catro lle mexan á porta.	
	Veúda rica e lanzal, e froita de dous sabores. [Val de Cancelada, *Enchoyadas* // Mujer 195c]. *Mais val unha vella con diñeiro que rapariga con bon pelo.* [Mujer 191b].
13. Perna tesa e peito lampo, en muller levas engano.	
A muller que cría do seu seo é máis nai cá que dá o fillo a peito alleo. [MOREI2022]. *Non hai coxo bo* [23911257].	*Bóa era a moza se non fora coxa.* [Moure Mariño, Hervás-Ordenes. // Mujer 90f]. *A ovella pol-a lana e a muller pol-as mamas.* [Mujer 184c]. *Pol-as lâs a ovella, e a moza pol-as tetas.* [M. Colomba Bolivar, *Vilegas* Ref. 1530. // Mujer 184d]. *Muller de bos peitos, muller de arreitos.* [*Arreitos*, actos obscenos producidos en los hombres por la presencia de mujer de senos pronunciados[12].// Coprológicos 200].
14. Cando un está de sorte, hastra a muller lle pare de outro.	
Cando un está de sorte, hasta a muller lle pare de outro. [VSACO1:6785] *Ó que está de sorte, hasta os mulos lle paren potros.* [23911198] *A quen non ten sorte nin fortuna, crébanselle os dentes na manteiga dura.* [VSACO1:ms16:Sober] *Ao que non tén sorte por o cu lle vén a morte.* [210070166] *O que non ten sorte, polo cu colle a morte.* [20301, 23911277]	*Ao malpocado a pórca párelle cadelos.* [Xaniño, *Ferretes*, nº 60 // Ironía 806b].

[12] Llópiz no fascículo "Coprolóxicos" n. 104. define *arreitos* como "propensión a la lascivia", cando comenta *Comer pouco e beber menos, aos arreitos pon freio*. Dr. Lois Vazquez, Orense 1885. Ref. 688.

O que non ten sorte, na cama se escalaza. *O que non ten sorte, o demo lle caga no camiño.*	
15. Home cabrón e muller puta, nin o demo os xunta.	
Home cabrón e muller puta nin o demo os xunta. [MOREI1030]	
16. Pícanme os collós, tres dias bós.	
Pícanme os collós, tres días bós. [TABOA2] *Si te pican os collóns, tres días bons.* [TABOA2]	

Como se ve, o autor de *Por si ou por non* anota dezaseis paremias das que cinco aparecen literalmente noutro paremiólogo (8, 10, 14, 15, 16); outras cinco aparecen case literalmente (1, 3, 5, 7, 9); de unha hai un refrán que se aproxima algo no contido (6); e cinco delas (2, 4, 11, 12, 13) só aparecen neste artigo de Cunqueiro.

A conclusión é que un 66% destes refráns son coñecidos e un 34% non. Está dentro do normal, tratándose dunha escolma tematicamente tan selectiva.

En cambio, para tantea-la difusión que este escrito puido ter, debemos limitarnos a observar qué paremiólogos posteriores a este escrito citan algún destes refráns. E son Vázquez Saco, Moreiras Santiso, Taboada Chivite e Darío Xohán Cabana: todos con un refrán ou dous. Non parece, polo tanto, que isto acredite que coñeceron o texto de Cunqueiro. O feito de que uns e outros citen algún refrán pero non a totalidade pon en evidencia que coñecían eses refráns por outras vías, non por este texto de Cunqueiro. Ten certa importancia que non o coñeza Vázquez Saco, participante na primeira fase do concurso de Bibliófilos, que chegou a xuntar máis de 20.000 refráns, aínda que, curiosamente, é quen recolle dun lugués anónimo a sorprendente paremia n. 8. Pero o máis sorprendente é que non o coñeza Vicente Llópiz Méndez, que foi o máis exhaustivo paremiólogo do seu tempo, que resultaría gañador do tal concurso que suscita este texto cuns 40.000 refráns, que estivo atento neses anos ó *Faro de Vigo*, que mesmo cita algunhas cousas de Cunqueiro e, sobre todo, que dedica a este asunto escabroso un capítulo enteiro do seu refraneiro.

Esta é unha proba máis, indirecta pero certa, de que este escrito non tivo circulación. De xeito que curiosamente foi Álvaro Cunqueiro quen exerceu o seu recato literario dándolle a isto unha circulación mínima. Dalgunha maneira el forma parte do que chama *pudor moderno*.

1.8. *Por si ou por non*, locución da área mindoniense

Mondoñedo, patria de Cunqueiro, está na Galicia nororiental. Nesa zona luguesa o galego achégase moito ó galego estándar. Con todo mantén certas características dialectais que o fan peculiar (xa o vimos en 1.6.). Por iso quero agora observar que no título do artigo Cunqueiro use a forma *por si ou por non.* Esta locución, que obviamente denota dúbida e vacilación e que equivale a "como precaución; por se

acaso; por un se acaso; polo que poida pasar", úsase en case toda Galicia como *polo si ou polo non*, con artigo: así se rexistra, por exemplo, en sitios distantes coma Moraña, Celanova, A Gudiña e Pantón; así aparece nestes refráns *Polo si ou polo non leva posto o chapeirón / capeirón*[13](Llópiz1/177 e 47d) que Vicente Llópiz explica así: "Dícese para prevenir a alguien de buena fé. Eq. cast. *Por si o por no, maridito, poneos el capillo* (Llópiz1/177). Así aparece nestoutro: *Inda que non teña medo, polo si ou polo non, ben está o can no palleiro* (Couceiro Freijomil, "Miudezas".) e *Polo si ou polo non, o ramo da palma, non* (PORTELA18,279).

O antropólogo Marcial Gondar considera que esta locución é moi característica da psicoloxía colectiva dos galegos, cando di

> *O trasacordo non ten que ver tanto coa infidelidade canto coa falta de seguridade na opción escollida. Hai ducias de expresións que reforzan esta inseguridade...: 'Por se acaso', 'Polo si ou polo non', 'Se cadra', 'Nunca se sabe', 'Demo non digas'..."* (GONDAR5047).

Así a usan Curros Enríquez[14], López Ferreiro[15], Labarta Posse[16], Rodríguez López[17], Carré Aldao[18], García Barros[19], Xavier Prado "Lameiro"[20], Vázquez Taboada[21] e, entre os actuais, Bieito Iglesias[22].

En Asturias, en cambio, está viva a forma *por si ou por non* tal e como se rexistra neste texto humoristico de tradición oral de Onís, referido a un defunto:

---

[13] *Chapeirón* era un sombreiro de aba ancha, probablemente o *chapirón* (ou chápiro) militar de vellos tempos que aparece nos refráns de Hernán Núñez: "*Davalle vento no chapiraon, quer lle de, quer naon*. El portogués. *Dávale el viento en el capirón, quier le de, quier non.* Que ay algunos que no se les da nada por los casos que acaescen, ora sean prósperos, ora adversos" [CORDE].

[14] *Non é en honor do Patrón/ que esta noite bailar veño./ Anque a teña ó Santo, teño/ á Patria máis devoción./ Eu, polo si ou polo non,/ cos santos quero estar ben;/ mais quero estalo tamén coa terra en que fun nacida.*

[15] *Nunca é tarde se a dita é boa, Picado -saiu Casal- e polo si, polo non, procura ensaiarte ben* (LOPFE3228).

[16] *Eisí e todo, polo sí ou polo non, o tío Sanfona, enantes de casar con ela, quixo poñerlle a proba virtú tan pouco común* (LABAR239).

[17] *Con tal que se empeñe a xente, /Aunque non teña razón, /Que o teu can está doente, /Mata axiña ô can, Vicente, /Pol-o sí ou pol-o non* (RODLO2260).

[18] *Polo si ou polo non, como non tiña conta a man para lle valer, correu ás alforxas da besta por se nelas atopaba algo para facelo rexurdir* (CARRÉ:139).

[19] *O médico, que tiña bo ollo clínico, axiña lle conoceu o mal, mais, pol-o sí ou pol-o non, os primeiros días deixouno rebaixado de servicio* (GARBA1071). *Maruxa opuxo que quizáis non lle deixaran facer máis os xudeus. Polo sí ou polo non, deixárono* (GARBA2054). *xa falarei co pai do 'Cachazas' a ver se as cousas se poñen en craro. E, polo sí ou polo non, xa te podes ir porparando* (GARBA2090). *...vóucheme a vel-o médeco, por que, asi com'así, xa vai con dous anos que lle pago o arrendo sin que o ganara en nada, e pol-o si ou pol-o non quen entende, entende* (GARBA1168).

[20] *Boeno..., eu, polo sí ou polo non, vou á bufardiña onde me paparonos cartos a pidir que mos devolvan* (PRADO1264).

[21] *Polo si ou polo non, nadia debe poñer o xuramento por fianza do que pormeta* (VAZTA,104).

[22] *Para escribir á máquina non me ían chamar a min, que tecleo con dous dedos, que poño acentos para diante e que llos reparta o corpo. Polo si ou polo non, mentres guiaba o coche pola Ponte Vella fixen memoria do que sabía do defunto* (IGLEAR039).

> *Si vas pal cielo, ben vas, / si vas pal purgatorio, xa salirás, / Si vas pal infierno, xa vas, / Por sí ou por non, / Pater noster Kyrie eleysón*[23].

Por certo que esta última debe de se-la forma plena, aínda non implicitada, do orixinal tamén en Galicia.

Só coñezo outra persoa que usase por escrito a forma *por si ou por non*: o escritor de Ribadeo, na raia con Asturias, Daniel Cortezón.

> *tamén se fixeron rogativas polas colleitas nas sequías, pregas e oracións polas chuvias, polas augas: para que chovera e para que arrazara, por si ou por non.* (CORTEZÓN 1981:109).

É certo que o propio TILG detecta o uso de *por si ou por non* en 1980 nunha obra de Neira Vilas[24] pero o escritor de Gres infórmame de que en Gres (Vila de Cruces) tamén se di *polo si ou polo non*, con artigo, coma en case toda Galicia, e que el usou a forma sen artigo nesa obra, porque nela trata de reflecti-lo galego falado en Centroamérica.

Polo tanto é posible que ese *por si ou por non* nos achegue a esa parte nororiental de Galicia, onde radica Mondoñedo, e, en consecuencia, achéganos unha vez máis a Cunqueiro.

2. Un novo artigo paremiolóxico cunqueirán

2.1. « Los refraneros » (1955) « Sobre los refranes » (1957)

Imos agora co segundo artigo. O fallo do xurado do concurso de Refraneiros de Bibliófilos Gallegos produciuse o día 21.3.1955 en favor de Vicente Llópiz Méndez, un comandante separado do exército[25]. Poucos días antes, o 3 de marzo de 1955 *Faro de Vigo* publicaba en portada (na sección *Las crónicas*) un breve artigo de Álvaro Cunqueiro titulado *Los refraneros*. O curioso é que dous anos máis tarde, exactamente o 31 de xullo de 1957, Álvaro Cunqueiro ía publicar en *La Voz de Galicia*, xornal coruñés, unha reelaboración do mesmo artigo, baixo o título *Sobre los refranes*. Foi na sección *El mundo y su sombra*[26].

A segunda versión (da que debo a noticia a Luís Alonso Girgado) é máis completa e matizada cá primeira e excepcionalmente permítenos ver en vivo un gran escritor como Cunqueiro mellorando o seu propio texto. Por esa razón vounas emparellar para que o lector xulgue.

---

[23] [*Asociación Folklórica Onís: http://danzatradicional.com/v_portal/informacion/informacionver.asp?cod=962&te=53&idage=964&vap=0*] .

[24] *o rapaz sinte o andacio da morriña, e os calores do Trópico, e vanlle chegando noticias sobre os españoles reforzando as súas posicións no Riff contra dos mouros rebeldes, e Weyler discutindo en Melilla; os lerios de por si ou por non do presidente Zayas cos ianques; a chegada de Amundsen a un recanto de Alaska; furacáns en Xénova...* (Neira 1980:177).

[25] *Faro de Vigo* tardaría case un mes en da-la noticia (20.4.1955; p. 4).

[26] O nome desta sección lembra outra que naquela época mantiña no *Faro de Vigo* o seu amigo Xosé Sesto titulada *El refrán y su sombra* e da que Patricia Buján deu mostras en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003 (BUJÁN 2003)

IMAXE 3

FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA DE GALICIA Y VICEDECANO DE LA DE ESPAÑA

Siglo II - Año 102 — Fundado por Angel de Lema y Marina — N.º 28.069

TELEFONO: DIRECCIÓN, 1119; REDACCIÓN, 2140; ADMINISTRACIÓN, 2040 y 2041; Y TALLERES, 1988.

Precio del ejemplar 50 céntimos | Jueves, 3 de Marzo de 1955 | Dirección y talleres: Colón, 18 y 20

LAS CRÓNICAS

LOS REFRANEROS

Tengo un amigo que tras, para cada ocasión, fácil el refrán, y aun para alguna dos refranes que se contradicen. Leí estos días pasados un sabroso ensayo de Jung sobre el refranero, un intento de psicología del refrán, que de lo que me convenció es de que, aparte cierta socarronería inmoralista, un algo de experiencia de oficio o aparato-meteorológico-pecuaria, y la posible gracia del consonante, todo lo que resta, en la universal creación paremiológica, es sensata estupidez, torpe rutina, doblemente torpe, pues presume de sutileza, y probada carencia de imaginación. Me extraña que alguien haya visto en el refranero una posible justificación del pensamiento filosófico, igual y en cualquier otra parte. El refranero, para mí, tiene que ver con lo que llamamos filosofía desde Sócrates a Santayana, lo mismo que el "Repertorio zaragozano" con la ciencia meteorológica. Y digo todo esto yo, persona a quien gusta el hablar refranero de Sancho en el "Quijote", y los refranes y sentencias que me encuentro en el "Libro del Buen Amor" del Arcipreste, y los refranes con que escribió una balada François Villon, Uno del arcipreste Juan Ruiz lo oí, vino como una flor, en el toledano Vino de San Juan, y se lo decían a un mozo impaciente: "Quien amores tiene no les puede celar":

"Madre, ¿yes non podedes conocer si amar
si me amo la dueña, o si no querrá amar?
Que quien amores tiene non les puede celar,
en gestos o en rosqueos, en color o en hablar."

Jung nota que el refrán hoya la fantástica, la aventura, el ejercicio de la imaginación, y que es decididamente pragmático; esta es la base de su inmoralidad, y en el mismo sentido en que son inmorales las fábulas de La Fontaine, y no sólo porque predicuen el derecho del más fuerte, y conceden la victoria en todo caso a las virtudes menores; es muy del gusto de La Fontaine que el lobo devore, porque por caso, a San Francisco. ¿Quién se maravilla de San Francisco de la? Pero hay algo en el sabor del refrán, por de Pero Grullo o hoera que sea su advertencia, que me lo hace grato, y por razones que atañen a mi oficio de escritor, y no lo que, generalmente, en el refrán una lengua condensa de expresión, vivacidad y claro decir significativo. Quisiera tener yo el contar sonrisa, medido y vivo del refrán, o alguna, siquiera, tener algo de paciencia para ejercitarme en ello.

La universalidad del refranero, especialmente en lo que toca a las relaciones del hombre con el hombre es cosa comprobada, y descansa en un hecho que parece también universalmente adquirido: el hombre es un lobo para el hombre. Y que no hay más medicina que la malicia. "Menos besa el hombre que quisiera ser cortesía", sentencian las Cortelles por boca de Juan Ruiz, y esto vale para todas las naciones y todas las políticas. Jung estima que en conjunto el refranero no suele ser pesimista. Refrán es el que enseña que "no hay mal que cien años dure". Pero, por lo menos en lo que se refiere a la humana naturaleza, no es optimista. Y no hablemos, mejor dicho, que no hable el refrán de las mujeres.

En François Villon, en la "Balade des proverbes", el "envoi" viene por primer verso que yo oía en gallego tempra cuando muchacho: "Tanto ve o tolo, que encorda". "Prince, fond ui fol qu'il s'oublie". Pudiera titular así Cervantes el capítulo donde trata de la cristiana muerte acogida de Alonso Quijano el Bueno. Pero en el Decameron hay una versión florentina, más profunda: "Locura de cuerdo al loco ocelen". En la misma balada de Villon hay dos refranes contradictorios. Uno dice: "Tan lejos se va, tanto se olvida", y el otro: "Tanto se va, tanto se vuelve". El profesor Nagel, el gran estudioso de Villon, encuentra estos dos refranes en un verso de Quidio o de Horacio, no recuerdo: "Tan lejos quieres irte, que regreses". Quizás sea un verso melancólico del dulce desterrado. Podíamos decir otro refrán de Villon: "Tanto corre una canción, que se la aprende"; y pues es verdad, en lo que a la memoria sentimental del hombre, al menos, toca, podíamos decir del verso otro refrán que René Laporte pone al comienzo de un poema: "Las aves conmuse se mantienen paz": "las canciones conocidas no mientan"... A lo largo del refranero vamos tropezando con algún que otro refrán en el que un saber sentimental, y por ello mismo imaginativo, ha tomado forma. Pero no nos dejemos engañar: estos detalles nos dejan ser la sólida sequedad del bosque.

Bajo el patrocinio del nombre de Cornelio Agripa circuló un "refranero secreto" para astrólogos y alquimistas. "Las propiedades cuchas", estudiadas por Nuel, refrenaron los simples, el sol y las estrellas, y las ocultas afinidades entre el macrocosmos y el cuerpo humano. El hígado es solaciano, y en el hígado residen la porcos y la imaginación. Debe, pues, ser planeta que sobre mí rige gracioseamente. Saturno compuesto. Tengo que leer ese "refranero secreto", para averiguar por él la economía de mis humores, aunque ya por Paracelso conozco medicina para restablecer el hígado, de un papel soberano, en una posición más modesta, en el "aura medioritas" que la consiente. La "flema argéntea". Sólo me falta saber en qué consiste esta flema, la cuarta de las flemas solemnes que hacen fluidos y concordantes los humores enzacados en el humano y frágil recipiente. "Tanto vive o tolo, que encorda".

ALVARO CUNQUEIRO

Los refraneros FV 3.3.1951

IMAXE 4

La Voz de Galicia

EL MUNDO Y SU SOMBRA

SOBRE LOS REFRANES

Por ALVARO CUNQUEIRO

Tengo un amigo que tras para cada ocasión fácil el refrán, y aun para alguna dos refranes, que generosamente se contradicen. Leí estos días pasados un sabroso ensayo de Jung sobre el refranero, un intento de psicología del refrán, que de lo que me convenció es de que, aparte cierta socarronería inmoralista, un algo de experiencia de oficio o aparato-meteorológico-pecuaria, y la posible gracia del consonante, todo lo que resta, en la universal creación paremiológica, es sensata estupidez, torpe rutina, doblemente torpe, pues presume de sutileza, y probada carencia de imaginación. Me extraña que alguien haya visto en el refranero una posible justificación del pensamiento filosófico, igual y en cualquier otra parte. El refranero, para mí, tiene que ver con lo que llamamos filosofía desde Sócrates a Santayana, lo mismo que el "Repertorio zaragozano" con la ciencia meteorológica. Y digo todo esto yo, persona a quien gusta el hablar refranero de Sancho en el "Quijote", y los refranes y sentencias que me encuentro en el "Libro del Buen Amor" del Arcipreste, y los refranes con que escribió una balada François Villon. Uno del arcipreste Juan Ruiz lo oí, vino como una flor, en el toledano Vino de San Juan, y se lo decían a un mozo impaciente: "Quien amores tiene no les puede celar":

"Madre, ¿yes non podedes conocer si amar
si me amo la dueña, o si no querrá amar?
Que quien amores tiene non les puede celar,
en gestos o en rosqueos, en color o en hablar."

Jung nota que el refrán hoya la fantástica, la aventura, el ejercicio de la imaginación, y que es decididamente pragmático; esta es la base de su inmoralidad, y en el mismo sentido en que son inmorales las fábulas de La Fontaine, y no sólo porque predicuen el derecho del más fuerte, y conceden la victoria en todo caso a las virtudes menores; es muy del gusto de La Fontaine que el lobo devore, porque por caso, a San Francisco. ¿Quién se maravilla de San Francisco de la? Pero hay algo en el sabor del refrán, por de Pero Grullo o hoera que sea su advertencia, que me lo hace grato, y por razones que atañen a mi oficio de escritor, y no lo que, generalmente, en el refrán una lengua condensa de expresión, vivacidad y claro decir significativo. Quisiera tener yo el contar sonrisa, medido y vivo del refrán, o alguna, siquiera, algo de paciencia para ejercitarme en ello.

La universalidad del refranero, especialmente en lo que toca a las relaciones del hombre con el hombre es cosa comprobada y descansa en un saber que parece también universalmente adquirido: el hombre es un lobo para el hombre, y que no hay más medicina que la malicia. "Menos besa el hombre que quisiera ser cortesía", sentencian las Cortelles por boca de Juan Ruiz, y esto vale para todas las naciones, y así para todas las políticas. Jung estima, sin embargo, que el refranero, en conjunto, no suele ser pesimista. Refrán es el que enseña que "no hay mal que cien años dure", y otro que "Que aprisa, pero no ahoga." Pero por lo menos en lo que se refiere a la humana naturaleza, no es optimista. Y no hablemos, mejor dicho, que no hablen los refranes de mujeres.

En François Villon, en la "Balade des proverbes", en el "envoi", viene por primer verso un refrán que yo oía en gallego tempra cuando muchacho: "Tanto ve o tolo, que encorda." "Prince, fond ui fol qu'il s'oublie". Pudiera titular así Cervantes el capítulo donde trata de la cristiana muerte acogida de Alonso Quijano el Bueno. Pero en el Decameron hay una versión florentina, más profunda: "Locura de cuerdo al loco ocelen". En la misma balada de Villon hay dos refranes contradictorios. Uno dice: "Tan lejos se va, tanto se olvida", y el otro: "Tanto se va, tanto se vuelve". El profesor Nagel, el gran estudioso de Villon, encuentra estos dos refranes en un verso de Ovidio o de Horacio, no recuerdo: "Tan lejos quieres irte, que regreses". Quizás sea un verso melancólico del dulce desterrado. Podíamos decir otro refrán de Villon: "Tanto corre una canción, que se la aprende"; y pues es verdad, en lo que a la memoria sentimental del hombre, al menos, toca, podíamos decir del verso otro refrán que René Laporte pone al comienzo de un poema: "Las aves conmuse se mantienen paz": "las canciones conocidas no mientan"...

A lo largo del refranero vamos tropezando con algún que otro refrán en el que un saber sentimental, y por ello mismo imaginativo, ha tomado forma. Pero no nos dejemos engañar: estos detalles nos dejan ser la sólida sequedad del bosque.

Bajo el patrocinio del nombre de Cornelio Agripa, y con el lema "Quem spiro spero" —«a decir, mientras respiro, espero; mientras hay vida hay esperanza; un precursor español del XVII, en sermón de Santo Encuentro, en Viernes Santo—, «nos a el señor Moreno —parafraseaba esta decir con un refrán leonés: "mientras haya cacha, habrá fajina"—», dijo que corre por de Cornelio Agripa un refranero secreto para astrólogos y alquimistas. "Las proverbios chuchas", donde se refrenaron los simples, el sol, la luna y las estrellas, y las ocultas afinidades entre el macrocosmos y el cuerpo humano. El hígado es solaciano, y en el hígado residen la porcos y la imaginación. Debe, pues, ser planeta que sobre mí rige graciosamente. Saturno compuesto. Tengo que leer ese "refranero secreto", para averiguar por él la economía de mis humores, y por Paracelso conozco medicina para restablecer el hígado, de un papel soberano, en una posición más modesta, en el "aura medioritas" que la consiente: "la flema argéntea". Sólo me falta saber en qué consiste esta flema, la cuarta de las flemas solemnes que hacen fluidos y concordantes los humores" enzacados en el humano y frágil recipiente. "Tanto vive o tolo, que encorda."

Sobre los refranes LVG 31.7.1957

Faro de Vigo 3.3.1955; p. 1	*La Voz de Galicia* 31.7.1957; p. 4
Las crónicas Los refraneros Álvaro Cunqueiro Tengo un amigo que trae, para cada ocasión, fácil el refrán, y aun para alguna dos refranes que se contradicen. Leí estos días pasados un sabroso ensayo de Jung sobre el refranero, un intento de psicología del refrán, que de lo que me convenció es de que, aparte cierta socarronería inmoralista, un algo de experiencia de oficio o agrario-meteorológico-pecuaria, y la posible gracia del consonante, todo lo que resta, en la universal creación paremiológica, es sesuda estupidez, torpe rutina, doblemente torpe, pues presume de avisada, y probada carencia de imaginación. Me extraña que alguien haya visto en el refranero una posible sustitución del pensamiento filosófico, aquí y en cualquier otra parte. El refranero, para mí, tiene que ver con lo que llamamos filosofía desde Sócrates a Santayana, lo mismo que el *Repertorio zaragozano* con la ciencia meteorológica.	El mundo y su sombra Sobre los refranes Álvaro Cunqueiro Tengo un amigo que trae, para cada ocasión, fácil el refrán, y aun para alguna dos refranes que generosamente se contradicen. Leí estos días pasados un sabroso ensayo de Jung sobre el refranero, un intento de psicología del refrán, que de lo que me convenció es de que, aparte cierta socarronería inmoralista, un algo de experiencia de oficio o agrario-meteorológico-pecuaria, y la posible gracia del consonante, todo lo que resta, en la universal creación paremiológica, es sesuda estupidez, torpe rutina, doblemente torpe, pues presume de avisada, pedantesca suficiencia y probada carencia de imaginación. Me extraña que haya alguien visto en el refranero una posible sustitución del pensamiento filosófico, aquí, en España, y en cualquier otra parte. El refranero, para mí, tiene que ver con lo que llamamos filosofía desde Sócrates a Santayana y Ortega, lo mismo que el *Repertorio zaragozano* con la ciencia meteorológica. (Y entre paréntesis: Don Mariano del Castillo, amén del repertorio anual, con un mes de anticipación predecía el tiempo en un periódico de Zaragoza; a fines de abril estaba haciendo la predicción de mayo, cuando entraron a saludarlo las hijas, que venían de paseo. *¿Qué haces, papá?*, le preguntaron. *La predicción de mayo. ¿Y qué tiempo hará el 15?* Don Mariano se leyó a sí mismo: *Viento frío del NO., con lluvia. **Nieve el Moncayo.* Se alborotaron las hijas: *Papá, no puede ser; es el día de San Isidro y estrenamos vestido!* Don Mariano, bondadoso, corrigió: *15 de mayo, viento bonancible del SO. Día claro y soleado.* Tengo para mí que desde la alta ocasión de las nubes, el Criador sonrió.) Digo todo esto de los refranes yo,

Y digo todo esto yo, persona a quien gusta el hablar refranero de Sancho en el *Quijote*, y los refranes y sentencias que me encuentro en el *Libro del Buen Amor* del Arcipreste, y los refranes con que escribió una balada François Villon, Uno del arcipreste Juan Ruiz lo oí, vivo como una flor, en el toledano Viso de San Juan, y se lo decían a un mozo impaciente: *Quien amores tiene no les puede celar*:	persona a quien place el hablar refranero de Sancho en el *Quijote*, y los refranes y sentencias que me encuentro en el Libro del Arcipreste Juan Ruiz, y los refranes con que escribió una balada François Villon. Uno del arcipreste lo oí, vivo como una flor, en el toledano Viso de San Juan, y se lo decían a un mozo impaciente: *Quien amores tiene no los puede celar*:
Madre, ¿vos non podedes conocer u osmar *si me ama la dueña, o si no querrá amar?* *Que quien amores tiene non los puede celar,* *en gestos o en sospiros, en color o en fablar.*	*Madre, ¿vos non podedes conocer u osmar si* *me ama la dueña, o si no querrá amar?* *Que quien amores tiene non los puede celar,* *en gestos o en sospiros, en color o en fablar.*
Jung nota que el refrán huye lo fantástico, la aventura, el ejercicio de la imaginación.	Jung nota que el refrán huye lo fantástico, la aventura, el ejercicio de la imaginación, y que es decididamente pragmático; esta es la base de su inmoralidad, y en el mismo sentido en que son inmorales las fábulas de La Fontaine, y no sólo porque prediquen el derecho del más fuerte, y concedan la victoria en todo caso a las virtudes menores; es muy del gusto de La Fontaine que el león devore, pongo por caso, a San Francisco. ¿Quién le mandaba a San Francisco serlo?
Esto es, también mi reproche, pero algo hay en el sabor del refrán, por de Pero Grullo o huera que sea la advertencia, que me lo hace grato, y por razones que atañen a mi oficio de escritor, y es lo que, generalmente, en el refrán una lengua condensa de expresión, vivacidad y claro decir significativo. Quisiera yo tener el contar prieto, medido y vivo del refrán, o siquiera, tener algo de paciencia para ejercitarme en ello.	Pero hay algo en el sabor del refrán, por de Pero Grullo o huera que sea la advertencia, que me lo hacen grato, y por razones que atañen a mi oficio de escritor, y es lo que, generalmente, en el refrán una lengua condensa de expresión, vivacidad y claro decir significativo. Quisiera yo tener el contar prieto, medido y vivo del refrán, o siquiera algo de paciencia para ejercitarme en ello.
La universalidad del refranero, especialmente en lo que toca a las relaciones del hombre con el hombre, es cosa comprobada, y descansa en un hecho que parece también universalmente adquirido: el hombre es un lobo para el hombre. Y que no hay más medicina que la malicia. *Manos besa el hombre que quisiera ver cortadas*, sentencian las Castillas por boca de	La universalidad del refranero, especialmente en lo que toca a las relaciones del hombre con el hombre, es cosa comprobada, y descansa en un hecho que parece también universalmente adquirido: el hombre es un lobo para el hombre, y que no hay más medicina que la malicia. *Manos besa el hombre que quisiera ver cortadas*, sentencian

Juan Ruiz, y esto vale para todas las naciones y todas las políticas. Jung estima que en conjunto el refranero no suele ser pesimista. Refrán es el que enseña que *no hay mal que cien años dure*. Pero, por lo menos en lo que se refiere a la humana naturaleza, no es optimista. Y no hablemos, mejor dicho, que no hable el refrán de las mujeres.	las Castillas por boca de Juan Ruiz, y esto vale para todas las naciones y todas las políticas. Jung estima, sin embargo, que el refranero, en conjunto, no suele ser pesimista. Refrán es el que enseña que *no hay mal que cien años dure*, y otro que *Dios aprieta, pero no ahoga.* Pero, por lo menos en lo que se refiere a la humana naturaleza, no es optimista. Y no hablemos, mejor dicho, que no hablen los refranes de las mujeres.
En François Villon, en la *Ballade des proverbes*, en el *envoi*, viene por primer verso que yo oía en gallega lengua cuando muchacho: *Tanto ve o tolo, que encorda*. *Prince, tant vit fol qu'il s'advise*[27]. Pudiera titular así Cervantes el capítulo donde trata de la cristiana muerte sosegada de Alonso Quijano el Bueno. Pero en el Decamerón hay una versión florentina, más profunda: *Locura de cuerdo al loco avisa*: En la misma balada de Villon hay dos refranes contradictorios. Uno dice: *Tan lejos se va, tanto se olvida*, y el otro: *Tanto se va, tanto se vuelve* El profesor Nagel, el gran estudioso de Villon, encuentra estos dos refranes en un verso de Ovidio o de Horacio, no recuerdo: *Tan lejos quieres irte, que regresas*. Quizás sea un verso melancólico del dulce desterrado. Podíamos decir otro refrán de Villon: *Tanto corre una canción, que se la aprende*; y pues es verdad, en lo que a la memoria sentimental del hombre, al menos, toca, podíamos decir del verso otro refrán que René Laporte pone al comienzo de un poema: *Les airs connus ne mentent pas*: 'las canciones conocidas no mienten'...	En François Villon, en la *Ballade des proverbes*, en el *envoi*, viene por primer verso que yo oía en gallega lengua cuando muchacho: *Tanto vive o tolo, que encorda*. *Prince, tant vit fol qu'il s'advise*. Pudiera titular así Cervantes el capítulo donde trata de la sosegada muerte cristiana de Alonso Quijano el Bueno. Pero en el Decamerón hay una versión florentina, más profunda: *Locura de cuerdo al loco avisa*: En la misma balada de Villon hay dos refranes contradictorios. El uno dice: *Tan lejos se va, tanto se olvida*; y el otro: *Tanto se va, tanto se vuelve.* Sí, ausencia aumenta amor. El profesor Nagel, el gran estudioso de Villon, encuentra estos dos refranes en un verso de Ovidio o de Horacio; no recuerdo: *Tan lejos quieres irte, que regresas*. El sueño lo regresa; quizá sea un verso melancólico de Ovidio, el dulce desterrado. Podríamos decir otro refrán de Villon: *Tanto corre una canción, que se le aprende*; o aquel que dice: *Las canciones conocidas no mienten.*
A lo largo del refranero vamos tropezando con algún que otro refrán en el que un saber sentimental, y por ello mismo imaginativo, ha tomado forma. Pero no nos dejemos engañar:	A lo largo del refranero vamos tropezando con algún que otro refrán en el que un saber sentimental, y por ello mismo imaginativo, ha tomado forma. Pero no nos dejemos engañar;

[27] No *Faro de Vigo* di *adviso*, pero é unha errata, porque nese poema os versos pares riman todos en *-ise*.

estos árboles no nos dejan ver la sólita sequedad del bosque. Bajo el patrocinio del nombre de Cornelio Agripa circuló un *refranero secreto* para astrólogos y alquimistas.	estos árboles no nos dejarían ver la sólita sequedad del bosque. Bajo el patrocinio de Cornelio Agripa, y con el lema *Dum spiro spero* –es decir, mientras respiro, espero; mientras hay vida hay esperanza; un predicador español del XVII, en sermón de Santo Encuentro, en Viernes Santo–, anota el señor Herrero– parafraseaba este decir con un refrán leonés: *mientras haya cecina, habrá fajina*–; digo que corre por de Cornelio Agripa un refranero secreto para astrólogos y alquimistas.
Les proverbes cachés, estudiados por Mielt, refranean los simples, el sol y las estrellas, y las ocultas afinidades entre el macrocosmos y el cuerpo humano. El hígado es saturniano, y en el hígado residen la pereza y la imaginación. Debe, pues, ser planeta que sobre mí rige graciosamente, Saturno compañero. Tengo que leer ese *refranero secreto*, para averiguar por él la economía de mis humores, aunque ya por Paracelso conozco medicina para restablecer al hígado, de un papel soberano, en una posición más modesta, en el *aur[e]a mediocritas* que le conviene: la *flema argéntea*.	*Les proverbes cachés*[28], donde se refranean los simples, el sol, la luna y las estrellas, y las ocultas afinidades entre el macrocosmos y el cuerpo humano. El hígado es saturniano, y en el hígado residen la pereza y la imaginación. Debe ser Saturno el planeta que sobre mí rige graciosamente. Averiguo con ese refranero secreto la economía de mis humores, y por Paracelso conozco medicina para restablecer al hígado, de su papel soberano, en una posición más modesta, en el *aur[e]a mediocritas* que te conviene: la *flema argéntea*.
Sólo me falta saber en qué consiste esta flema, la cuarta de las flemas solemnes que hacen fluídos y concordantes los humores envasados en el humano y frágil recipiente, *Tanto ve o tolo, que encorda*.	Sólo me falta saber en qué consiste esta flema, la cuarta de las flemas solemnes químicas, que hacen flúidos y concordantes los humores envasados en el humano y frágil recipiente, *Tanto vive o tolo, que encorda.*

2.2. Visión cunqueirana dos refraneiros

Os refráns suscitan opinións encontradas. A primeira vez que un se encontra con eles, adoitan producir respecto, xa que, se a xente os di, por algo é: é a época na que tendemos a consideralos a voz do *sentido común*, a *voz do pobo*, *evanxeos pequenos*: é a tese.

Nunha segunda etapa, medrando os coñecementos técnicos ou humanísticos, empeza un a ver que algúns refráns son cientificamente erróneos e que non poucos son expresión da ferocidade da vida, unhas veces como *aviso para mareantes* que han de sufri-las calamidades da vida, e outras veces como expresión do maquiavelismo ideolóxico para domina-los outros. Nesta segunda etapa, que é a antítese, moitos renuncian para sempre ó uso de refráns. Non hai moito tempo, ofrecinlle eu certos

[28] Errata no xornal *chachés* por *cachés*

refráns meteorolóxicos que toman como premonitorio o comportamento dos animais a un veterinario, moi atento tanto ó comportamento dos animais coma á vitalidade dos refráns. E deume unha resposta moi precisa que se resume nisto: nas paremias meteorolóxicas con referente animal hai tres fallos moi frecuentes: **falacia do consecuente** (en lei dereita a consecuencia non se deriva da premisa), **vinculación de feitos independentes** e **xeneralización sen base estatística** (Ferro:2011). É un exemplo de lexítima antítese, que xa formulou en 1726 o P. Feixoo primeiramente no primeiro capítulo do seu *Theatro Crítico* titulado *Voz del pueblo* (Feyjoo:1726) e despois, en 1750, na súa carta erudita titulada *Falibilidad de los adagios*:

> *No negaré yo a Vmd. que los más de los Adagios, con grande exceso son verdaderos, y que entre ellos hay algunos muy agudos, que incluyen hermosísimas sentencias. Pero basta que haya muchos falsos, y ruínes, para que legítimamente se recuse por prueba de cosa alguna la autoridad de un Adagio* (Feyjoo: 1750)[29].

Polo que di Cunqueiro, Jung estaría tamén na antítese pero, a falta de encontrar ese texto que cita o escritor mindoniense, paréceme máis probable que Jung estivese, como me parece que está o propio Cunqueiro, na síntese[30].

---

[29] A senlleira posición de Feixoo é obxecto de frecuentes citas. Unha das máis recentes é a de Jesús Cantera Ortiz de Urbina (CANTERA 2009).

[30] Na busca dese texto de Jung preguntei a varios expertos e Carmen Mellado levou a consulta a Wolfgang Mieder que encontrou un magnífico texto no que Jung fala da capacidade de certos proverbios de seren expresión de actitudes e de se converteren tamén en actitudes, en pautas positivas de vida, como aquel evanxélico de que *O primeiro será o derradeiro* e, por esa capacidade, os educadores utilízan certos proverbios como ideais de vida que acaban tomando posesión da persoa case como espíritos. Aínda que neste texto o discípulo de Freud non fai unha valoración global do refraneiro e el non podía descoñecer que hai refráns que formulan os máis reaccionarios instintos e que tamén se poden converter en pautas de conducta negativa (e seguramente ese é o outro texto que leu Cunqueiro), coido que é suficiente para percibir que a visión de Jung é moi matizada e non se sitúa na antítese. Polo que di e por quen o di, vouna reproducir con algunha extensión: *The attitude or disposition, then, can thrust itself on consciousness from outside or from inside, like an affect, and can therefore be expressed by the same figures of speech. An attitude seems, at first glance, to be something very much more complicated than an affect. On closer inspection, however, we find that this is not so, because most attitudes are based, consciously or unconsciously, on some kind of maxim, wich often has the character of a proverb. In some attitudes one can immediately detect the underlying maxim and even discover where it was picked up. Often the attitude is distinguished only by a single word, wich as a rule stands for an ideal. Not infrequently, the quintessence of an attitude is neither a maxim nor an ideal but a personality who is revered and emulated.*

Educators make use of these psycological facts and try to suggest suitable attitudes by means of maxims and ideals, and some of them may indeed remain effective throughout life as permanent guiding principles. They take possession of a person like spirits. On a more primitive level it is the vision of the Master, the shepherd, the poimen or poimandres, who personifies the guiding principles and concretizes them in a symbolical figure.

Here we approach a concept of "spirit" that goes far beyond the animistic frame of reference. Aphorisms and proverbs are as a rule the result of much experience and individual effort, a summing up of insights and conclusions in a few pregnant words. If you subject the Gospel saying "The first shall be last" to a thorough analysis, and try yo reconstruct all the experiences that have been distilled into this quintessence of life's wisdom, you cannot but marvel at the fullness and mellowness of the experience behind it. It is an "impressive" saying, which strikes upon the receptive mind with great power, and perhaps retains possession of it for ever. Those sayings or ideals that store up the richest experience of life and the deepest reflection constitute what we call "spirit" in the best sense of word (Jung 1969:331).

Porque hai unha terceira etapa, que é a síntese. Nela, sen negar que hai paremias bárbaras e inmundas e que son auténticos contravalores, sen negar incluso que hai nos refráns numerosas inexactitudes (ou exactitudes parciais), apréciase, en cambio, un núcleo de paremias de valor universal, non só porque formulan millóns de observacións repetidas e coincidentes feitas por seres humanos (en certo sentido, prehistoria da ciencia) senón tamén porque estas observacións se condensan nunha forma intuitiva e fascinante: non se pode dicir máis e mellor con menos recursos.

Neste texto Álvaro Cunqueiro, trala lectura do texto non identificado de Jung, declárase convencido de que o refraneiro non é ciencia nin filosofía, senón só retranca; no fondo estupidez, rutina e pouca imaxinación. Engade que o refraneiro asenta nas actitudes selváticas: o home é lobo para o home e non hai máis medicina cá malicia (*Manos besa el hombre que quisiera ver cortadas*). E, aínda que Jung diga que o refraneiro non é pesimista (*No hay mal que cien años dure*), Cunqueiro bótalle unha mirada ós refráns das mulleres e non lle chega para cualificalo de optimista. Cando Álvaro Cunqueiro escribe estes artigos, parece ter na idea, aínda que non os mente, algúns dos refráns máis reaccionarios ou máis erróneos que todos coñecemos (entre eles varios do primeiro artigo que nunca publicou) e expresa aquí coa contundencia do especialista e coa concisión do artista a posición habitual dos científicos ante estas reliquias do pensamento antigo e vulgar.

¿Está o pensamento paremiolóxico de Cunqueiro instalado na antítese? Como xa dixen, coido que non. Cunqueiro recoñécelles ós refráns algunhas virtudes: algo de experiencia de oficio, maiormente agrario ou mariñeiro, e o engado da forma. E nisto especifica que a el lle gustaría, como escritor, ter ese *contar prieto, medido y vivo del refrán, o siquiera algo de paciencia para ejercitarme en ello*: é dicir, o refrán é pensamento traballado, puído, vernizado. Recoñecendo que desexaría ter el esa forma maxistralmente concisa de dicir ou desexando adquirila con esforzo, está eloxiando *a arte formal dos refráns.* Non é pouca homenaxe ó refraneiro se tal di quen certamente era un escritor de moi alto nivel. Álvaro Cunqueiro parece estar instalado na síntese.

DEFECTOS E VALORES DO REFRANEIRO PARA ÁLVARO CUNQUEIRO (1955-1957)	
NEGATIVO	POSITIVO
Me extraña que haya alguien visto en el refranero una posible sustitución del pensamiento filosófico, aquí, en España, y en cualquier otra parte.	... un algo de experiencia de oficio o agrario-meteorológico-pecuaria...
es sesuda estupidez, torpe rutina, doblemente torpe, pues presume de avisada, pedantesca suficiencia y probada carencia de imaginación.	… y la posible gracia del consonante...

un saber sentimental, y por ello mismo imaginativo	(me) gusta el hablar refranero de Sancho en el *Quijote*, y los refranes y sentencias que me encuentro en el *Libro del Buen Amor* del Arcipreste, y los refranes con que escribió una balada François Villon,
[expresión do pesimismo] el hombre es un lobo para el hombre, y no hay más medicina que la malicia.	lo que... en el refrán una lengua condensa de expresión, vivacidad y claro decir significativo. Quisiera yo tener el contar prieto, medido y vivo del refrán, o siquiera algo de paciencia para ejercitarme en ello.

Esta é a opinión de Cunqueiro. Pero o corpus paremiolóxico de calquera lingua é tan vasto, trata temas tan heteroxéneos, contén tantas paremias antitéticas sobre o mesmo asunto, e está aínda tan pouco estudado, que eu coido que aínda é cedo para podermos establecer cal é o corpus doutrinal da nosa paremioloxía; e mesmo se hai un corpus doutrinal. Nalgúns casos o refrán condensa nunha fórmula feliz millóns de observacións reiteradas e asépticas dun mesmo feito: neses casos o refrán é o resultado do principio científico de indución e resulta indiscutible. Mesturados con eses refráns hai outros que, seguindo un principio semellante, están viciados dunha visión pervertida da realidade, de prexuízos de relixión, de raza, de clase ou de xénero, e nese caso convértense en vehículo dos peores sentimentos humanos e carecen de valor científico ou humanístico. Entre estes dous extremos hai unha ampla variedade de graos de obxectividade. E, se cadra, unha exhaustiva investigación do uso real dalgúns refráns podería desvelar intencións que a literalidade enmascara, coma en calquera peza literaria. Sen iso podería ser prematura unha valoración unívoca do refraneiro, positiva ou negativa.

Cunqueiro, en cambio, parece condenar aquí o refraneiro pero, se ben se mira, a condena tampouco é unívoca e total: porque non só confesa que a el lle encanta o falar refraneiro de Sancho e a inserción dos refráns no *Libro del buen amor* e na obra de Villon. Ben mirado, Cunqueiro non valora o contido da maior parte dos refráns pero valora a forma de todos eles. Gústalle a concisión, a vivacidade e maila transparencia que teñen os refráns. E engade que, como escritor, gustaríalle ter esa concisión (*el contar prieto, medido y vivo del refrán, o siquiera, tener algo de paciencia para ejercitarme en ello*).

2.3. Prince, tant vit fol qu'il s'avise - Tanto ve o tolo, que encorda

Cunqueiro cita o falar refraneiro de Sancho e a inserción dos refráns no *Libro del buen amor*. Pero eloxia especialmente a *Ballade des proverbes* do escritor parisino François Villon (1431-?), na que el encontra o verso *Prince, tant vit fol qu'il s'avise*, que lle fai lembrar un refrán da súa infancia mindoniense: *Tanto ve o tolo, que encorda*. Dado que

para el é o precedente dun refrán galego (para min, único) e, dende logo, éo de diversos refráns pan-románicos. Voume deter nisto para comentar catro cousas.

A primeira é que ese *vit* pode ser do verbo *voir* (e daquela significaría *Tanto viu*) ou do verbo *vivre* (e daquela significaría *Tanto vive*). Cunqueiro en 1955 tradúceo como *ve* (*Tanto ve...*) pero a doutrina máis frecuente do refraneiro é que o sentidiño, a sensatez, vén co paso dos anos: por iso parece máis acaído interpretar ese *vit* como *vive (Tanto vive o tolo que se fai cordo, que encorda)* E, de feito, na edición de 1957 Cunqueiro traduce xa *Tanto vive...*

A segunda cousa é que ese verso de Villon non é un simple refrán. Encabeza a estrofa final da *ballade* e é ben sabido que no final das cantigas medievais a estrofa final era importante. Os franceses chamábanlle *envoi* ("despedida"[31]) e os provenzais *retornada* e nela, máis ou menos en clave, indicaban a quen se dirixía ou dedicaba o poema. Os italianos chamábanlle *commiato* ("despedida") e os galegos *fiinda* (finalización, remate)[32] . Polo tanto ese *Prince* ("Príncipe") indica que o poema de Villon vai dirixido ó Príncipe (*Prince, tant vit fol qu'il s'avise*) e, polo tanto, se iso é refrán, empezará na palabra *tant*, coma tódolos versos anteriores.

Terceira. O refrán mindoniense *Tanto vive o tolo, que encorda* é novo para min. É a primeira vez que anoto esta paremia; e mesmo o TILG non rexistra o verbo *encordar* con ese valor de "acadar sensatez [unha persoa]". As paremias máis parecidas que con esa mensaxe lembro poderían ser estas:

> *Tras dos anos vén o siso... senón é tolo o que o dixo. Anótao Llópiz no seu capítulo Filosóficos co nº 286.*
>
> *Após das amoladuras chegan as corduras* (MAREVA:10).
>
> *Cando vexas a corda, acorda* (23911225, GEG07136, R1636).

Como dixen, non coñecía ese refrán pero o concepto da cordura dos vellos si que está ben asentado no refraneiro. Este refrán que coloca a sensatez no final da vida expresa o tópico de que a mocidade é tola pero que a vellez é sensata: o ser humano coa idade vólvese máis sensato: *encorda*. É convicción moi antiga: Esparta e Roma xa se dotaran da Gerousía e do Senatus, como fórmula para que os vellos lle puxesen sentidiño ás decisións políticas importantes. O refraneiro galego, coma outros refraneiros, tamén fala da mocidade como época non só da enerxía física[33] senón tamén de tódalas tolemias: *¡Quén fora mozo, e non fora tolo!* (SACO2325); ata o punto de que é mal

[31] Literalmente *envoi* significa "envío" pero esa palabra úsase, aínda hoxe, en Francia para referirse ó *Ite, missa est*, con que na misa o sacerdote dá por rematada a cerimonia e "envía" os asistentes ó mundo a daren testemuño da súa fe: de aí que *envoi* en francés signifique tamén "despedida".

[32] Na poesía medieval galega as *fiindas* son remate e, por veces, recapitulación pero non indican a quen se dirixe ou dedica o poema. Véxase a voz fiinda no DiTerLi [http://www.cirp.es/pls/bal2/f?p=106:2:10143067939573468682::NO:2:P2_TERMO:fiinda] [12/09/2011].

[33] *Forza de mozos e consello de vellos* (19205, 23911259, 41815, CARRA4060508, CARREA1134, CARU22111888, TABOA2,D.V.). *Os mozos, para loitar; e os vellos, para aconsellar* (23911265, MOREI1130, RODGO2656).

indicio unha mocidade moi sensata[34]. A vellez acumula experiencia de vida e iso tradúcese en sensatez[35]. O noso refraneiro só fai tres excepcións a esta regra universal da sensatez progresiva: as gaivotas, as cabras e ... as mulleres que, segundo as paremias, empeoran co paso dos anos[36].

Cuarta. Como polo *medio* desa serie de versos intensivos e antitéticos, probablemente hai tamén algunha primeira documentación de diferentes refráns románicos de hoxe, presta reproducir íntegra a *Ballade des proverbes* de François Villon, que Álvaro Cunqueiro nos incitou a lembrar.

Tant gratte chevre que mal gît,
Tant va le pot a l'eau qu'il brise,
Tant chauffe on le fer qu'il rougit,
Tant le maille on qu'il se débrise,
Tant vaut l'homme comme on le prise,
Tant s'élogne il qu'il n'en souvient,
Tant mauvais est qu'on le déprise,
Tant crie l'on Noel qu'il vient.

Tant aime on chien qu'on le nourrit,
Tant court chanson qu'elle est apprise,
Tant garde on fruit qu'il se pourrit,
Tant bat on place qu'elle est prise,
Tant tarde on que faut l'entreprise,
Tant se hâte on que mal advient,
Tant embrasse on que chet la prise,
Tant crie l'on Noel qu'il vient.

Tant parle on qu'on se contredit,
Tant vaut bon bruit que grace acquise,
Tant promet on qu'on s'en dédit,
Tant prie on que chose est acquise,
Tant plus est chere et plus est quise,
Tant la quiert on qu'on y parvient,
Tant plus commune et moins requise,
Tant crie l'on Noel qu'il vient.

Tant raille on que plus on n'en rit,
Tant dépent on qu'on n'a chemise,
Tant est on franc[37] *que tout y frit,*
Tant vaut "Tiens !" que chose promise,
Tant aime on Dieu qu'on fuit[38] *l'Eglise,*
Tant donne on qu'emprunter convient,
Tant tourne vent qu'il chet en bise,
Tant crie l'on Noel qu'il vient.

Prince, tant vit fol qu'il s'avise,
Tant va il qu'après il revient,
Tant le mate on qu'il se ravise,
Tant crie l 'on Noel qu'il vient

(Favier 1962: 127-128; 289-291).

---

[34] *O que de mozo non tolea, de vello perde a cabeza* (11308, 23911314, MOREI1104, R3377, TABOA2). *O que non tolea de mozo, tolea de vello* (18603, 27003191, RODGO3377). *Quen de novo non tolea, de vello perde a cabeza* (RABA-GEG).

[35] *No máis vello está o bo consello* (RODGO3408). *Do vello, o consello* (23911234, CAJARA90). *Atende os consellos dos sabios e dos vellos* (CARRA4190508). *O can vello, se ladra, dá consello* (R1460). *Si ques bon consello, pídeo a home vello* (SACO2327) (Núñez). *Se queres bo consello, pídelle ó home vello* (23911224, MOREI1140, R1611). *Non hai vello que non poida dar un consello* (R3408).

[36] *A muller e a gaivota, canto máis vella, máis tola* (42901, C.A., MOREI2025, R2660). *A muller e a gaivota canto máis vellas máis tolas* (43815,158, 44307). *A muller e a gaivota, de vella, é cando tolea* (CARRA4040208). *A muller e as cabras todas, canto máis vellas, máis tolas* (23911247).

[37] Franco, exento de imposto.

[38] Outras edicións din *fuit. Fuit* e *suit* escribíanse igual no século XV pero a diferenza é importante: *suit* significa "segue" e *fuit* "foxe de" ("Tanto se ama a Deus, que se foxe da Igrexa"). Coido que esta lectura é máis coherente co significado global e antitético da balada e por iso a escollo.

Deste tipo de construcións, que expresan as funestas consecuencias de todo o que é excesivo, a fraseoloxía galega ten tamén algúns bos exemplos[39].

3. Cunqueiro define frasemas e paremias contextualizando

A fraseografía e a paremiografía teñen, como é natural, normas académicas para definilas súas unidades. Pero é ben sabido que, por ben feito que estea un dicionario, o lector que aprendeu un fraseoloxismo nese dicionario non sempre atina a usalo con propiedade de significado ou de rexistro, véndose así algunha vez e sen querelo en situacións hilarantes ou esperpénticas.

O usuario non académico, en cambio, aquel a quen o dito lle chegou non pola lectura de libros senón polo uso espontáneo de parentes ou veciños, aquel a quen ese dito lle lembra situacións, lugares e voces concretas que provocaron o seu uso e memorización, ten na súa cabeza, tacitamente pero detalladamente claros, todos eses matices de substancia e de contorno. E cando este usuario espontáneo e non académico define un dito non se mete no corsé fraseográfico senón que o contextualiza. E o contexto deixa o oínte perfectamente preparado para reproducir el o uso correcto.

Sen esa contextualización que dá o uso espontáneo é imposible facer unha boa definición académica. En cambio, cunha definición, aínda que estea ben feita, non sempre se garante que o usuario novo atine no uso acaído do fraseoloxismo. Da vida vaise á abstracción pero da abstracción non sempre se volve á vida.

Álvaro Cunqueiro, a pesar das lexítimas matizacións sobre os refráns, valoraba como xoias da linguaxe os primores da fraseoloxía e da paremioloxía. Non só cita 16 refráns no primeiro dos artigos expresamente paremiolóxicos e 12 no segundo: el sabía engarzalos na súa belida prosa; e demorábase en definilos á maneira do usuario non académico: contextualizábaos, deixando o lector preparado para utilizalos el tamén.

---

[39] *Tantas lle din ó home, que mal corazón lle poñen. Tantas lle din ó hom, que tal corazón se lle pon. // Tantas oe a raposa pola semana, que o domingo non pode ir á misa. Tantas ve a rapaza pola semana, que o domingo non pode ir á misa. // Tantas veces vai o xarro á fonte que dunha rompe. Tanto vai a ola á fonte que ó fin se rompe. Tanto vai o cántaro á fonte que ó fin se esfachica e se rompe. // Tanto che quero, tanto che adoro, que non che quito a vida porque non podo. // Tanto dá a auga na pedra, que a pedra creba. // Tanto dirán heilas, heilas! que veñan cuendas xaneiras. Tanto dirán ¡elas! ¡elas! que veñan cando as Xaneiras. // Tanto bailei coa sobriña do cura, tanto bailei, que me deu quentura. // Tanto fixo meu pai coa aguillada dos bois, que pariu miña nai nove meses despois. // Tanto lle quer o demo ós fillos que lle arrinca os ollos ~ que lle quita os ollos ~ que lles quita os fuciños ~ que lles saca os ollos ~ que lle arranca os ollos ~ que os quere ver asados e cocidos. Tanto lle quer o demo ós fillos que os quer ver asados e cocidos ~ que lles arrinca os ollos. Tanto quixo o demo ós seus fillos, que lles bot'os ollos. // Tanto ben lle fixo o demo á súa nai, que lle comeu os ollos. Tanto lle fai o demo á súa nai que lle quita os ollos. Tanto lle quere o demo á súa nai que lle quita os ollos. Tanto lle quería o demo á súa nai que lle quitou os ollos ~ que lle arrincou os ollos. Tanto lle quixo facer o demo á súa mai que lle quitou os ollos. Tanto o demo lle fai [a] súa nai, qu'hasta que lle quita os ollos, non para. // Tanto lle quixo o corvo á súa mai que lle quitou os ollos. // Tanto lle tarda a saúde ó enfermo que, cando lle vén, non ten remedio. // Tanto pica a pega no trobisco que creba o pico. // Tanto quixo a vella fiar, que non se puido levantar. // Tantos eran os difuntos que nin a dous reás tocaban.*

Por iso vou ofrecer sete exemplos de contextualización definidora que Álvaro Cunqueiro realiza nun único libro (o xa citado *La bella del dragón*). Trátase, en xeral, de frases proverbiais que quedaron na memoria dos galegos e, nalgún caso, de refráns.

Aquí están os nosos ósos, agardando polos vosos

> *Carpe diem: "aprovéchate ahora que eres joven y hermosa, luminosa y alegre, que ya vendrá la muerte con sus vermes". Que ya están los huesos de los otros esperando por los nuestros, como dice otra sentencia que puede leerse en algunos camposantos de Galicia: Aquí están os nosos ósos, agardando polos vosos* (CUNQUEIRO 1991:196).

Fode todo o que foder quer

> *Ya les conté en estas mismas páginas de un deán de Cádiz, contra el cual el rey Alfonso hizo una cantiga de maldecir, porque el deán tenía libros de astrología, y con ellos, ayudado, fode todo o que foder quer...* (CUNQUEIRO 1991:150).

O xudeo rubio e capado

> *Aún conservo una libreta de por allá los años cincuenta, en la que iba anotando nombre y circunstancias de capados, encontrados al azar de las cotidianas lecturas. Tengo anotados conocidos tiples de la capilla papal, dos o tres capados bizantinos, otros ingleses y sicilianos, un espía veneciano... y otros más modestos, como un judeo-gallego de Orense en la Edad Media, que haciéndose un padrón por barrios de los que habían de pagar cierto impuesto, lo incluyeron, y no sabiendo el empadronador el nombre suyo, lo apuntó simplemente con estas señas irrefutables: O xudeo rubio e capado* (CUNQUEIRO 1991:155).

¡Todos estes comedores de xarda énchense de fillos!

> *Hace años, pasando unas semanas del cálido verano en una playa de las rías bajas gallegas, y comentando que en el vecino pueblo de pescadores todas las familias merecían bien el calificativo de numerosas, me dijo el párroco: Todos estes comedores de xarda, énchense de fillos* (CUNQUEIRO 1991:67).

Soña a cocha co farelo

> *Hay un refrán gallego que escuché por vez primera en junio de 1931, en una mesa de clérigos, festejando el San Juan. Un cura comentaba que había leído en un periódico que la ley iba a permitir casarse a los ordenados. Y un tío mío, bromista, lo miró a los ojos y comento: ¡Soña a cocha co farelo!* (CUNQUEIRO 1991:122).

Lo que han de comer los gusanos, lo pueden ver los cristianos

> *Es curioso que el gran alegato en favor del desnudo femenino, es decir, de su sabrosa contemplación, sea hispánico, o por mejor decir, carpetovetónico. Lo creo refrán de las Castillas, y se me antoja invención de clérigo, del Arcipreste de Hita, que parece que fue menos arcipreste de allí que canónigo de Palencia y de Burgos. Está el clérigo medio oculto en el portal de una casa, en la plaza, y*

> *entra apresurada una moza lozana, a la que algo le ha pasado con sus faldas o las ligas de sus medias, o con el corpiño, y se desnuda para arreglar la avería sin fijarse en que allí está, en la sombra, el clérigo espiante. Y cuando lo ve y da un gritito, el clérigo la tranquiliza, como si estuviese en el púlpito explicando la más santa e indiscutible de las doctrinas. Lo que han de comer los gusanos, lo pueden ver los cristianos* (CUNQUEIRO 1991:195).

Sete xastres fan un home; e catorce, un testigo

> *En mi Galicia todavía es posible escuchar historias y refranes. Uno de éstos dice que Sete xastres fan un home, e catorce un testigo. Y cuando a mí, niño, me daban de cena papas de maíz, que aún me gustan, muy calientes, y cada cucharada que va a la boca añadiéndole otra de leche fría, una de las criadas de casa –y nunca mejor empleada la expresión, porque llegaron de niñas y ya iban por los cincuenta en la ocasión– me contaba que una vez le dieron de cena a un sastre, en la casa a la que había ido a hacer calzones para toda la familia, unas buenas papas, mientras que al zuequero y al albañil que repasaba el palomar, les daban tortilla de torreznos, caldo y queso. Papas a un hombre de oficio? ¡Que las pape el demonio que las hizo!* (CUNQUEIRO 1991:88).

Por certo que este último está ben localizado no galego nororiental:

> *¿Papas pra home d'oficio? Pape o demo / vello a quen as fixo. Fala o xastre. ¿Papas me dan? Papas quedarán. Se pone en boca de los canteros, que se quejan, como en los anteriores los sastres, de la mala alimentación, que no les permite trabajar.*

Anótase nas dúas beiras do río Eo (F. Lanza e Cotarelo), en Mondoñedo (Noriega Varela), en Pol (Rielo Carballo) e en Lugo (Vázquez Saco (VSACO1:16897 e 16898). Tamén o anota no galego de Asturias X. Babarro: *Papas a un home de oficio, pape el demo a quen las fixo* (Babarro 1993:479).

4. ¿Ten Cunqueiro a posición dos escritores do seu tempo ante a paremioloxía?

Para nos achegarmos aínda máis ó significado real das valoracións que Cunqueiro fixo dos refráns, aínda cómpre situalo no seu tempo e lembrar que certos escritores que. coma el, foran vangardistas antes da Guerra Civil (1936-1939) e que sobreviviron a ela, asumiron despois en España unha moda que viña do outro lado dos Pirineos e que consistía en considera-la uso da fraseoloxía e, sobre todo, da paremioloxía como unha evidencia de falta de orixinalidade, como unha verdadeira chata literaria.

En pouco tempo comenzaron unha batalla literaria contra o uso xornalístico e literario da fraseoloxía e da paremioloxía. A primeira trincheira foi a revista *La Codorniz* (na súa primeira época); pero despois seguiron cadaquén na súa obra persoal experimentando coloca-la fraseoloxía en contextos impredicibles e, polo tanto, sumamente orixinais e creativos: entre outros Laín Entralgo, Rafael Laffón, Adriano del Valle, Blas de Otero e, sobre todos eles, Tono, que só admitía o uso dos fraseoloxismos como material para desconstruír e, así, crear algo novo. *Hay que*

mantener una lucha encarnizada contra las frases hechas: esta era a doutrina das preceptivas literarias de principios dos anos sesenta (ALONSO 1962: 105-109), que cita uns parágrafos de *Conchito*, un libro que Tono publicou en 1957:

> *Mi respetable y anciana abuelita, que también ha comido lo suyo y posiblemente algo de los demás... [...] Según dice mi robusta chacha, a nuestra casa viene mucha gente gorda. Una de las gentes más gordas que suele venir es una señora delgada que es marquesa. [...] ... han venido a tomar el té, que es unos bocadillos, y una tarta, y unas pastas, y unas tostadas con mantequilla y mermelada. También creo que tiene algo de té, pero menos [...] las marquesas y las duquesas se han puesto a tomar el té como leones, frase que he oído decir a mi respetable y anciana abuelita, aunque se me hace muy cuesta arriba el creer que a los leones les pueda gustar el té.* (Tono 1957).

Observando esta posición estética dende o século XXI, percibimos que en boa medida triunfaron, porque a desconstrución leva decenios sendo o ingrediente máxico da publicidade e do humor gráfico. Tamén en galego.

¿E Cunqueiro? Para comprender ben esa posición temos que reler un longo traballo de Luísa Blanco verbo do léxico de Cunqueiro (Blanco 1990: 109-120): nel demostrou con plena erudición que o escritor mindoniense coñecía aquel movemento estético e que en certa medida buscaba tamén ese tipo de orixinalidade.

E, cando non quere usar frases feitas, remoza algúns refráns vellos, incluíndo un arcaísmo (*diz que*), ou cambia unha palabra (*rey* por *enano*):

> *Su sobrino Evaristo me repetía una aleluya: Diz que el pescador de caña pierde más de lo que gana.* (Otra Gente:175).
>
> *A enano muerto, enano puesto.* (Merlín: 121).

Outras veces renova a forma dos refráns, dándolles forma de metáfora aposicional, unhas de contido máis práctico e outras de significado máis filosófico:

> *Tales tierras, tales nabos.* (Sochantre, 59). *-¡Mujer lavada, mujer estrenada! -comentaba Alpestor, experimentado.* (Ulises, 73). *-¡Moribundo a la noche, muerto al alba!* (Ulises, 204). *Dos que bien se quieren, uno son.* (Orestes, 172). *Contra tajo, estocada, y viceversa* (Orestes, 59).

Outras veces liga o refrán directamente ó contexto, adaptando a súa mensaxe a unha circunstancia particular:

> *Que él no había sido tan castrado como la mujer dijera, pues allí estaba lo heredado, y de donde no hay no se quita.* (Sochantre, 73).

Pero tamén crea personaxes que parece que inventan ou que se atribúen algunha sentencia para impresiona-los interlocutores:

> *Era muy famoso en fiebres secretas, y tan caro como famoso. -Más afamado -cortó el médico Sabat-, era por cabrón consentido. -La-fama, venga de donde venga, siempre hay que pagarla -dijo el escribano.* (Sochantre, 50).
>
> *Se llevan los mismos ojos al amor que a la guerra -sentenció el hidalgo,* (Sochantre, 118).

Outra solución é introduci-las paremias ou frases sentenciosas cun vocativo previo que chama a atención do interlocutor e así intensifica a mensaxe do refrán:

> *-Madame, los nuevos tiempos no quitan la gorra a nadie.* (Sochantre, 122). *El lino, señor escribano, nació para ser mazado.* (Sochantre, 93). *-Señor sochantre, el que no duerme de noche, duerme de día.* (Sochantre, 104).

Pero Cunqueiro non foxe dos refráns, mesmo cando escribe en castelán ou traduce un orixinal galego a esa lingua:

> *y predicó muy sensato el exclaustrado de Goás, poniendo muy aparentes las vanidades de este mundo, que "la mujer casada, la pierna quebrada y en casa".* (Merlín: 78).
>
> *¡No ofendo a tu parentela, rico señor! Donde menos se piensa salta la liebre.* (Ulises: 253).
>
> *-No dejes para mañana lo que puedas hacer hoy -dijo Sinbad a Sari leyéndole el letrero-.* (Sinbad: 105).
>
> *-En primer lugar, hermanos, los caminos del Señor son imprevisibles. En segundo lugar, ya dice el refrán que el que la sigue la consigue.* (Otra Gente: 131).
>
> *Tierra muy afamada en vino y fácil en mujeres, según el refrán: Tierra arenisca, tendencia a putas.* (Merlín:196).
>
> *-Sosiega, sosiega mi Felipe -me dijo palmeándome en la espalda- No se cogen truchas a bragas enjutas,* (Merlín, 104).

nin tampouco foxe das citas eruditas

> *y Fanto le escuchó decir, se lo escuchó verdaderamente porque Flamenca lo dijo, quizá las palabras recuerdo del refrán de una canción provenzal: La vida de hombre es como una mañana de pájaros.* (Fanto Fantini: 114).
>
> *E imitante en todo a su padre en el decir y en gestos, me suelta una sentencia: -¡Que toda la vida es sueño, y los sueños, sueños son!* (Otra gente: 185).
>
> *Pero ya dijeron los poetas, señora Alicia, usando para ello un solo endecasílabo, aquello de "desesperado, la tiniebla es tuya!" ...*

Álvaro Cunqueiro non podía ser aquel Rogelio Rivero, que tiña a fraseoloxía e paremioloxía como estrutura da súa prosa hilarante. Nin tampouco é Lamas Carvajal, para quen a fraseoloxía era o rexistro que lle permitía conectar co proletariado rural e convocalo a erguerse na procura da liberdade e do progreso. Cunqueiro, aínda que

tamén está comprometido co futuro do seu pobo galego e da súa lingua, xa viviu outros mundos e ten outra estética. Luísa Blanco observa que o uso da paremioloxía é máis intenso nas primeiras novelas de Cunqueiro.

Álvaro Cunqueiro ten a mesma raíz cós escritores mindonienses, pioneiros en descubrir, anotar e difundi-la fraseoloxía daquelas terras (Lence Santar, Leiras Pulpeiro e Noriega Varela); ten tamén a mesma paixón ca eles pola lingua que nos fai alguén e que nos fai, como el dicía, donos das cousas que con esta lingua nomeamos. Pero Cunqueiro é dun tempo diferente, dunha estética diferente. Por iso, na miña idea, está equidistante do entusiasmo dos descubridores da fraseoloxía mindoniense e do horror á fraseoloxía que no seu tempo predominaba no ámbito do castelán entre os escritores de semellantes ideas estéticas. ¿Por qué?

Porque a obra de Álvaro Cunqueiro forma parte dun proxecto moi íntimo de restauración e dignificación da lingua galega, unha lingua que resiste un proceso de plurisecular de absorción e para a que el formulou o desexo (hoxe xa fraseoloxismo galego de pleno dereito) de que viva *mil primaveras máis*. Esa é a razón de que fraseoloxía e paremioloxía non formen para Cunqueiro un material risible senón, aínda, un factor de autenticidade que as novas xeracións teñen que percibir e recuperar e transmitir. Cunqueiro é galego e é de Mondoñedo.

5. Referencias bibliográficas

5.1. Claves do Tesouro Fraseolóxico Galego (TFG)

00001 Algún lugar de Galicia. Información de Xesús Ferro Ruibal.

11308 Santa Minia de Brión. Brión (C). Información de Jesús González Castro [VSACO1].

13201 Curtis, Curtis (C). MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Mª Rosario (1970) *El habla de Curtis y sus cercanías Tesis de Licenciatura.* Universidad de Santiago de Compostela. Febrero de 1970. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba, anexo 27*. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

15327 Mintiráns, Caberta, Muxía (C). Información de Francisco Canosa Quintáns.

19205 Bamiro. Vimianzo (C): Información de Daniel García Blanco. [VSACO1].

20301 Lebesende, Queixeiro, Antas de Ulla (LU). Información de M. do Carme Lamela Villaravid.

20310 Antas de Ulla, Antas de Ulla (LU). LAMELA VILLARAVID, Carme (1993): *A literatura popular de tradición oral -cántigas, adiviñas e refráns- no concello lugués de Antas de Ulla*. 1993. Inédito

21002 Pradeda, Cartelos, Carballedo (LU). Información de Pilar Guerra Otero.

21007 Carballedo, Carballedo (LU). RIELO CARBALLO, Nicanor (1972,1973,1974,1975): "Refranero Popular de Carballedo" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII,1972,1º-2º,145-156; XXIX,1973,1º-2º,131-153; XXX,1974,3º-4º,429-452; XXXI,1975,1º-4º,111-135.

21602 Goá, Cospeito (LU). Información de Mª Xesús Anido Silvosa.

23911 ASOCIACIÓN XUVENIL "OS ESTRALOXOS" (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra.* Pantón: Concello de Pantón. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

24402 RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Sada: Ediciós do Castro. *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos* 35. Os catro últimos díxitos indican o número de cantiga.

27001 REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1991): *A fala do norte da Terra Cha Memoria de Doutoramento.* Universidade de Santiago de Compostela. Abril de 1991.

35115 Ourense. Información de Emma Palacios Rodríguez.

40307 Bretoña, Curro, Barro (PO). Información de Xosé Manuel Corredoira Varela.

41202 VIDAL MEIJÓN, Ana (1944): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade).* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Setembro de 1994.

41815 Soutelo de Montes. Forcarei (PO). Información de Valentín González Gil [VSACO1].

42007 A Golada (PO). Información de José Barrio.

42901 Moaña (PO). Información de Carlos Galansky Koper.

43815 Poio (PO). APARICIO CASADO, Buenaventura (1992): *A tradición oral en Poio. Claves interpretativas.* Pontevedra: Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

43816 Casal, Poio Grande, Poio (PO). Información de Mercedes Ferreira Arís.

44307 O Porriño (PO) Información de Mª Flor De Dios Díez.

45406 Goián, Tomiño (PO). Información de Mª Adoración Estévez Gómez.

45741 Vigo (PO). Información de Mª Flor De Dios Díez.

60023 CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero Berciano*. León: Ediciones Lancia.

CABANA CABANA, Darío X. (1974): *Libro do amor*. Vigo: Castrelos.

CAJARA CAJARAVILLE, M. (1983): *Debullando folklore.* La Coruña: *La Voz de Galicia*.

CARRA4 CARRÉ ALDAO, Eugenio (1908): *Refranero gallego*. A Coruña: A Nosa Terra. Os seis últimos díxitos indican día, mes e ano (do século XX) en que se publicaron.

CARRÉ CARRÉ ALDAO, Uxío (2000): *Obra narrativa en galego.* Xunta de Galicia. Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

CARREA1 CARRÉ, Lois (PAZ ROCA, M. Carmen ed.): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 129-141. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

CARU C(ARUNCHO), R(icardo) (1888): "Cantares y refranes gallegos Recogidos directamente del pueblo por R.C.", en *Diario de Avisos de La Coruña*. Os oito díxitos indican o día, o mes e mailo ano.

FRANCO FRANCO GRANDE, X.L. (1972[2]): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. Vigo: Editorial Galaxia.

GARBA1 GARCIA BARROS, Manoel (Ken Keirades) (1931): *Contiños da terra*. A Cruña: Nós, Pubricacións galegas e Imprenta, volume XLII. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

GARBA2 GARCIA BARROS, Manoel (1976): *Aventuras de Alberte Quiñói*. Vigo: Castrelos MCMLXXVI. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

IGLESIAS IGLESIAS, Bieito (1994): *Miss Ourense*. Vigo: Galaxia. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

LABAR2 LABARTA POSE, Enrique (1897-1995): "O sacreto do Tío Sanfona. Conto popular", en *Contos.* Reed. de Lema, X.M. e Varela, X.M. Vigo: Galaxia. Os dous últimos díxitos indican a páxina.

LOPFE3 LOPEZ FERREIRO, Antonio (1895-1985): *A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestorea de Compostela no sigro XVI por* ... A Cruña: Andrés Martínez, 1895. Reed. Vigo: Edicions Xerais de Galicia; 1985.

MAREVA MAREVA, Xepe: (1999): *Refráns galegos por orden alfabético. Sentencias - adaxios - aforismos - paremias*. Follato nº1. Palas de Rei: Edicións Lakinfil.

MOREI1 MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Lugo: Edición do autor. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

MOREI2 MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978): *Os mil e un refráns galegos da muller. Apéndice: mulleres cregos, ¿si ou non?* Lugo: Editorial Alvarellos. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

PORTELA PORTELA PAZOS, Salustiano (1920): "Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra", en *Ultreya* 18,1920, 279 [Os díxitos 6-7 indican nº da revista e 8-9-10 a páxina].

PRADO PRADO "LAMEIRO", X.(1928): *Monifates. Primeiro tomo d'a coleución de obras teatrás" (Almas sinxelas, Tratos, Luis de Castromouro, A retirada de Napoleón, Todo ten goberno, Un home de sorte).* Ourense: Imprenta de *La Región*.

RABA-GEG RÁBADE PAREDES, Xesús: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. s.v. *amor*.

RODGO2 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio (1960): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo II*. Vigo: Galaxia. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

RODGO3 RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo III*. Vigo: Galaxia. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

RODLO2 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (1974): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Ediciones Celta.

SACO2 SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881-1987): *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por .... Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid.* Vigo: Servicio de Publicacións, Diputación Provincial de Ourense.

Esta edición corresponde ó manuscrito que se estaba imprimindo en 1881 cando o autor morreu.

TABOA2 TABOADA CHIVITE, Xesús (2000) *Refraneiro galego*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2, 2000. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

VAZTA VÁZQUEZ TABOADA, Ángel (1888-2001): *As noites no fogar e outros textos*. *Coleución de lendas e contos morás*. Reedición de Cabaleiro Carro, Mª Alexandra. Xunta de Galicia. Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.

VSACO1 VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Edición de BELOSO GÓMEZ, Josefa, BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús e PAZ ROCA, Mª Carmen. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

VSACO3 PAZ ROCA, Mª Carmen (2007): VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 2007, 247-293.

5.2. Outra bibliografía citada

ALONSO SCHÖKEL, Luís, S.I. (1962): *La formación del estilo. Libro del alumno*. Santander: Sal Terrae.

ARMESTO FAGINAS, Xosé Francisco (1991): *Cunqueiro. Unha biografía*. Vigo: Xerais.

BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (1993): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

BLANCO, Luísa (1990): *El léxico de Álvaro Cunqueiro*. Anexo 33 da revista *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago. Especialmente pertinente o capítulo 3 «'Lenguaje popular e imaginativo': Los refranes; sentencias familiares y proverbiales».

BUJÁN OTERO, PATRICIA (2003): "El refrán y su sombra (*Faro de Vigo*) por José Sesto", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 345-370.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2009): " 'Los adagios son evangelios breves'. Encendida réplica contra esta sentencia por parte del Padre Feijoo en su carta titulada 'Falibilidad de los adagios'", en *Paremia* 18, 21-30.

CELA, Camilo José (1968-1974): *Diccionario secreto.* 1968-1971 Madrid - Barcelona: Alfaguara (2 vol). Nova edición ampliada (2.t en 3 vol.) 1974 Madrid: Alianza Editorial.

(1988): *Diccionario del erotismo.* Barcelona: Ediciones Grijalbo. 2 vol.

CORTEZÓN ÁLVAREZ, Daniel (1981): *A vila sulagada*. Sada: Ediciós do Castro.

CUNQUEIRO, Alvaro (1991): *La bella del dragón. De amores, sabores y fornicios.* Edición de César Antonio Molina. Barcelona: Tusquets editores.

(1994): *Entrevistas a Cunqueiro.* Edición a cargo de Ramón Nicolás Rodríguez. Prólogo de Armesto Faginas. Vigo: Editorial Nigra.

CURROS ENRIQUEZ, Manuel (1992): *Poesía Galega Completa de Manuel Curros Enríquez.* Edición de Carlos Casares. Vigo: Galaxia.

DiTerLi EQUIPO GLIFO (dir.) (2003): *Base de datos do Dicionario de Termos Literarios*. Santiago de Compostela. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. [http://www.cirp.es/pls/bal2/f?p=106:2:10143067939573468682::NO:2:P2_TERMO:fiinda] [12/09/2011].

FAVIER, Jean (1962): *François Villon*. *Œuvres.* Paris: Éditions Garnier Frères. Fayard.

FEYJOO Y MONTENEGRO, Fr. Benito Jerónimo (1726): "Voz del Pueblo" en *Teatro crítico universal Discursos varios en todo género de materias,para desengaño de errores comunes:escrito por el muy ilustre señorD. Fr. Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro,Maestro General del Orden de San Benito,del Consejo de S. M. &c.*Tomo primero. Discurso I. Reedición de 1778. Madrid: Por D. Joaquín Ibarra, Impresor de Cámara de S. M. [http://www.filosofia.org/bjf/bjft101.htm] [07/02/2011].

FEYJOO Y MONTENEGRO, Fr. Benito Jerónimo (1750): "Falibilidad de los adagios" en *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Teatro Crítico Universal, impugnando, o reduciendo a dudosas, varias opiniones comunes: escritas por el muy ilustre señor D. Fr. Benito Jerónimo Feijoo y Montenegro, Maestro General del Orden de San Benito, del Consejo de S. M. &c.*Tomo tercero; Carta I. Reedición de 1774 Madrid: Imprenta Real de la Gaceta; 1-10. [http://www.filosofia.org/bjf/bjfc301.htm]. [07/02/2011].

FERNÁNDEZ Y FERNÁNDEZ, Marcelino (1898): *El Franco y su Concejo*. Luarca. Clave XLVIII.

FERRO RUIBAL, Xesús (1997): "Centenario de Vicente Luís Llópiz Méndez (Olavarría, Buenos Aires 19.4.1896 / Barcelona 22.7.1965). O máis importante e inédito paremiólogo galego", en *Paremia* 6, 205-206).

(2011) : "Paremias meteorolóxicas galegas: crítica e hipótese interpretativa". en *Tercer Seminari Internacional sobre Refranys Meteorològics.* Universitat de Barcelona (no prelo).

GRACIÁN, Baltasar (1642-1648 /1993): *Agudeza y arte de ingenio.* Madrid, Emilio Blanco, Turner 1993. [Cito por http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll] [04/08/2011].

JUNG, C.G. (1969[2]): *The Structure and Dinamics of the Psyche*. Translated by R.F.C. Hull. Bollingen Series XX. Princeton: Princeton University Press. "Spirit and Life" no V, 319-337.

LLÓPIZ MENDEZ, Vicente (1954): *Refranero gallego.* Inédito. Museo de Pontevedra. Fasciculo 1º de locuciones. Fascículos "Coprológicos", "Mujer", "Ironía". Véxase tamén Ferro (1997).

NEIRA VILAS, Xosé (1980): *Galegos no golfo de México*. Sada: Ed. do Castro.

TONO (1957): *Conchito o Memorias de un niño tonto*. Madrid: Taurus.

VAZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003. Edición de BELOSO GÓMEZ, Josefa; BUJÁN OTERO, Patricia; FERRO RUIBAL, Xesús e PAZ

ROCA, MªCarmen. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

VIDAL VILLAVERDE, Manuel (2010): "A fin da tregua: os Reis Meigos", en *Atlántico Diario* 6.1.2010. Opinión.

Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas[1]

Luis González García

Universidade da Coruña

Neste artigo analízanse os fraseoloxismos orixinados pola metáfora "as persoas son obxectos/máquinas" en galego e castelán. Partindo de postulados próximos aos da lingüística cognitiva, en primeiro lugar estudamos os fundamentos semánticos e pragmáticos deste tipo de metáforas (e procesos relacionados como metonimias e comparacións). De seguido, analizamos as expresións que aparecen nun corpus formado polos principais dicionarios fraseolóxicos do galego e o castelán. No estudo propiamente dito, analizamos estas unidades tomando como base tanto o dominio meta (as persoas e as calidades súas resaltadas neste tipo de idiomatismos) como o dominio fonte (obxectos e máquinas que orixinan a metáfora). Por tratarse dun dominio en constante cambio, veremos como as novas tecnoloxías se van incorporando rapidamente a este proceso de metaforización.

Palabras clave**:** fraseografía**,** fraseoloxismos, metáfora.

In this paper the idiomatic expressions originated by metaphor "people are objects/machines" are analysed en Galician and Spanish. Taking as a starting point some principles or tenets which could be included within Cognitive Linguistics, I have decided to analyse first the semantic and pragmatic foundations of this sort of metaphors (and other related processes such as metonymies and comparisons). Next, these expressions will be examined according to the contents of the main Spanish and Galician phraseological dictionaries. In the study itself, these units will be analysed considering not only the target domain (people and qualities that are relevant in this kind of idioms) but also the source domain (objects and machines that bring about metaphors): Since this is a constantly changing domain, I will try to demonstrate how new technologies get quickly incorporated into this process of metaphorisation.

*Keywords: phraseografy**,** idioms, metaphor.*

Data de recepción 10/06/2011 Data de aceptación 28/07/2011

[1] Este traballo enmárcase no proxecto de investigación "El léxico de la vida cotidiana (1868-1936)" [0PXIB104235PR] subvencionado pola Consellería de Economía e Industria, Dirección Xeral de I+D+I.

1. Introdución

Con frecuencia en castelán e en galego e noutras linguas fálase da *muller obxecto*. Deixando de lado canto de discrimatorio hai nesta expresión lingüística, é o certo que a cousificación das persoas vai máis alá do xénero feminino. A lingua da vida cotiá está chea de metaforizacións nas que as persoas somos vistas como obxectos e máquinas. Recentemente nun xornal nacional podíase ler nas páxinas de deportes o seguinte texto:

> *Exprimida la veta de la Copa, una fijación para Mourinho, que en un torneo así se ve más cerca del Barça, el portugués* movió las teclas *(...). El equipo juega* con el gas a tope *y tiene en Özil a un guía fluido (...). Cristiano es un atleta superlativo y* tiene muelles en los gemelos*. De su cabeza* salió un obús*.* (*El País* 06/02/2011[2]).

Poderíase pensar que construcións metafóricas como as resaltadas no texto anterior (*movió las teclas, juega con el gas a tope, tiene muelles en los gemelos, de su cabeza salió un obús*) son esperables só nunha lingua de especialidade como é a do xornalismo periodístico, tan afeccionada á retórica. Pero non é o caso. Como todos apreciamos doadamente, algunhas das anteriores combinacións son comúns e están fixadas na norma do castelán. Outras son creacións esporádicas dun coñecido xornalista (J. Sámano) que non fan máis que desenvolver imaxes metafóricas compartidas por moitas linguas, nas que se equiparan as persoas con obxectos e máquinas.

Seguindo esta metaforización, podemos dicir dunha persoa que *é unha figura decorativa*, que *está oxidada,* ou que *ten unha avaría*, que *actúa como un autómata* ou que *romperon o molde* cando a fixeron, o que se xustifica en castelán afirmando que *es un fuera de serie*, aínda que ás veces *necesite desconectar* porque *traballa como unha máquina,* a non ser que *teña enchufe*… Incluso algo tan humano como ser nai se pode cousificar (cast. *madre de alquiler*). Algunhas destas metáforas son construcións libres ou afectan unicamente a un elemento léxico (polo que son de interese para a lexicoloxía ou a semántica) pero noutros casos topámonos ante combinacións fixadas na lingua. Son estas entidades fraseolóxicas as que analizaremos neste traballo.

Este tipo de expresións, como máis adiante se verá, é común a moitas comunidades, quizais universal. Con todo, o noso estudo céntrase nas linguas galega e castelá. Soamente deste xeito cremos que o tratamento pode ser suficientemente pormenorizado. En concreto, partimos dun corpus formado a partir da selección de todas as unidades deste tipo presentes nos dicionarios de Seco, Andrés e Ramos (2004), para o castelán, e López e Soto (2008), para o galego, que abreviamos respectivamente

[2]http://www.elpais.com/articulo/deportes/Fiesta/masaje/Chamartin/elpepudep/20110206elpepudep_21/Tes [Data de consulta: 06/02/2011]). Véxase outro exemplo similar do coñecido escritor <aA. Pérez-Reverte: "Pero hablo hoy de sentimientos, no de razones. De impulsos. Yo no elijo cómo me siento. Cómo me salta el automático"
(http://xlsemanal.finanzas.com/web/firma.php?id_firma=9091&id_edicion=4307 [Data de consulta: 03/03/2011]).

como DFDEA e DFG[3]. Consecuentemente, recóllense locucións no sentido máis amplo, fórmulas oracionais e fórmulas expletivas pero non refráns. Só en casos excepcionais mencionaremos fraseoloxismos recollidos doutras fontes (como a oral, internet, prensa, etc.).

O tratamento que se dá das dúas linguas obxecto de estudo non é propiamente contrastivo, senón máis ben acumulativo. Neste punto, estamos ante linguas próximas nas que son grandes as semellanzas. Aínda así, poderemos comprobar que cuantitativamente algúns ámbitos están máis representados nunha lingua que na outra e, incluso, comprobaremos que en ocasións se tornan complementarias para explicar unha imaxe.

2. Fraseoloxismo e metáfora

A metáfora é unha das figuras literarias máis extensamente estudadas. Nos últimos decenios este interese aumentou considerablemente, como se pode apreciar nas compilacións bibliográficas dirixidas por Van Noppen (Van Noppen, De Knop e Jongen 1985; Van Noppen e Hols 1990). Non é o noso propósito adentrarnos no seu estudo nestas páxinas, o que quedaría fóra da especialidade desta revista. Abonde para o noso propósito introdutorio apuntar brevemente algunhas precisións que nos parecen importantes para enfocar o que máis adiante desenvolveremos:

A partir do traballo clásico de Lakoff e Johnson (1980), no ámbito lingüístico gañou peso e aceptación a idea de que a metáfora (e outros tropos relacionados como a metonimia e a sinécdoque) non son figuras reservadas á lingua literaria, senón que constitúen un mecanismo esencial da produción lingüística dos falantes comúns dunha lingua. Nunha visión, quizais excesivamente extrema, Lakoff e Johnson consideran que a metáfora é o procedemento fundamental para interpretar e categorizar o mundo:

> *...la metáfora no es solamente una cuestión del lenguaje, es decir, de palabras meramente. Sostenemos que, por el contrario, los procesos del pensamiento humano son en gran medida metafóricos. Esto es lo que queremos decir cuando afirmamos que el sistema conceptual humano está estructurado y se define de una manera metafórica*. (Lakoff e Johnson 1980:42)

É certo que a metáfora constitúe un mecanismo importante na creación lingüística. Esta transcendencia aumenta, se aínda for posible, no ámbito máis específico da fraseoloxía. Na lingüística tradicional a noción de "linguaxe figurada" vai intimamente unida ao estudo das unidades paremiolóxicas e fraseolóxicas. Nas últimas décadas, diversos investigadores e, seguindo os pasos de Lakoff e Johnson, a lingüística cognitiva desenvolveron dun xeito máis rigoroso esta constatación (Cfr. por exemplo Soriano [no prelo], Tristá Pérez 1985, Ontony 1988, 1993, Lakoff 1993, Gibbs 1994, 2008, González Rey 1995, Cuenca e Hilferty 1999, Iñesta e Pamies 2002, Angélova 2008): nocións como *metaforicidade*, *metaforización* ou *imaxinabilidade* (Iñesta e Pamies 2002:40-41) convértense en caracterizadoras das unidades fraseolóxicas.

[3] Sinálanse entre comiñas simples as definicións que recollen os dous dicionarios. Para facilitar a lectura, complétanse as abreviaturas empregadas nesas obras, agás *u.c. (unha cousa) e u.p. (unha persoa)* no DFG.

Na lingua ordinaria, e especialmente no subconxunto formado polas unidades fraseolóxicas, a metáfora (e xunto con ela a comparación, a metonimia e a sinécdoque) conforma un mecanismo cognitivo que permite, dun xeito plástico, comprender e expresar situacións complexas (ou cun alto grao de abstracción) en termos máis concretos, máis facilmente perceptibles e máis próximos á nosa experiencia vital (experiencialismo). Por outra banda, a expresividade, a creatividade subxectiva dese falante colectivo que é a suma dos falantes individuais dunha comunidade, mediante estes procedementos, dá vida a unha lingua colorista, humorística ou irónica, apartada da fría obxectividade denotativa da linguaxe lóxica ou das linguas artificiais:

Púxoselle a cara vermella, perdoando, como a caralla dun can (oral).

...ojos fondos, bermejos como pies de perdizes (Juan Ruiz 1974:93)

Entre estas dúas citas, separadas por case sete séculos (unha recollida da lingua oral hai máis de trinta anos nun dos interminables e típicos xantares de día de festa nas aldeas galegas, do que se pide desculpas polo ton pouco eufemístico empregado, a outra dun crego que compuxo a súa obra no centro da Península na primeira metade do século XIV, Juan Ruiz, máis coñecido como *Arcipreste de Hita*), compróbase o latexo dunha imaxe común, tirada da realidade circundante, dunha experiencia compartida que busca na natureza próxima a ilustración palpable do que non pode quedar reducido á soa mención dunha color.

Do mesmo xeito, utilizando idénticos mecanismos mentais, a linguaxe fraseolóxica énchese de imaxes que, se nun primeiro momento xurdiron da creación individual dun falante (*parole*), co tempo acabarían formando parte da imaxinación colectiva (*langue*). No que aquí nos interesa, o punto de partida serán aquelas representacións nas que o dominio fonte, xerador da frase feita, é un elemento material, un obxecto físico:

atar cabos
dar en el clavo
dar una en el clavo y ciento en la herradura
romperse la cuerda
apretarse el cinturón
un jarro de agua fría
ley del embudo
tirar de la manta
estar la moneda en el aire
salvar los muebles
tirar [algo] *a la papelera*
clavarle un puñal en la espalda [a alguien]
caer en las redes [de alguien]
caer/echar [algo] *en saco roto*
llegar y besar el santo
salirle [a alguien] *el tiro por la culata*
caérsele [a alguien] *la venda de los ojos*
non caber unha agulla
caerlle os aneis [a alguén]
poñerlle areas nos zapatos [a alguén]
arma de dous fios
apañar auga na peneira
cerrar a billa
como se falara co botón da súa camisa
estar [alguén] *entre o caldeiro e a cruz*
deixar o can coa roca
facer as cordas antes de ter as cabras
dar unha no cravo e outra na ferradura
O falar non ten cancelas.
mallar/machucar en ferro frío
dar co fío do nobelo
andar as huchas de arrastro
como embude á boca de xerro
non dar puntada sen fío

Como se pode apreciar nos exemplos anteriores, a mesma imaxe pode servir para efectos distintos nunha mesma lingua ou na comparación interlingüística. Na anterior listaxe as expresións cast. *caer/echar en saco roto* [algo], gal. [*Ser u.c.*] *(como) apañar auga coa/na peneira*[4] e [*Ser u. p. unha*] *hucha sen fondo*, *arca sen fondo* aproveitan a idea dun recipiente sen fondo ou con el roto ou aburatado para significar respectivamente 'no ser tenido en cuenta o hacer caso omiso [de ello]'/ 'No tenerlo en cuenta o hacer caso omiso [de ello]' (DFDEA), 'Pretender un imposible; facer algo en balde' e '(Ser) persoa gastadora' (DFG). Do mesmo xeito, un mesmo significado pode ser representado por imaxes parcial ou totalmente diferentes: gal. *Non caber unha agulla* [*nun lugar*] / cast. *No caber un alfiler* [*en un sitio*]; gal. *Como embude á boca de xerro* / cast. *Como anillo al dedo*; gal. *Estar entre o caldeiro e a cruz* / cast. *Con un pie en el estribo, con un pie en la sepultura*; gal. *A chave e tranca* / cast. *A cal y canto*; gal. *Estar como o cortello dos porcos* / cast. *Como una leonera*; gal. *Entre a porta e o portelo, Entre a bigornia e o martelo* / cast. *Entre la espada y la pared*, etc.

En ocasións unha mesma imaxe orixina expresións complementarias. Así, por exemplo, o fraseoloxismo galego *arrolarlle a cabeza a unha persoa* ('pensar cousas disparatadas, estar medio chalado') manifesta unha das consecuencias da locución castelá *faltarle* [a alguien] *un tornillo*. É evidente que, se a nosa cabeza se concibe como unha peza suxeita ao tronco, ao faltar os elementos de fixación, aquela arrolará, co conseguinte deterioro da saúde mental da persoa.

2.1. Motivación e iconicidade

Unha das conclusións que se derivan directamente do carácter intrinsecamente metafórico das unidades fraseolóxicas, e así o pon de manifesto a lingüística cognitiva, vén contradicir un dos principios básicos da lingüística clásica: o carácter inmotivado (arbitrario) do signo lingüístico, tal como foi definido por Saussure, vese complementado polas nocións de motivación e iconicidade.

En realidade, esta contradición non é tal. Que os signos básicos (morfemas) sexan esencialmente inmotivados non implica que os complexos tamén o sexan. Os primeiros son uns poucos miles de elementos que é factible memorizar, os segundos aumentan considerablemente o número de unidades de xeito que, se non houbera algún tipo de motivación, o esforzo mental sería inasumible (de aí os conceptos funcionais de dobre articulación e economía da linguaxe). Nun ámbito inferior a motivación é de natureza morfolóxica (derivación e composición); no nivel superior, en cambio, a motivación é basicamente semántica: entre unha situación A e outra B hai unha relación de semellanza que se converte en metáfora ou comparación. Nun importante estudo, R. Jakobson (1974) comproba que metáfora e metonimia gardan paralelismo coas relacións de selección (paradigmáticas) e de combinación (sintagmáticas) da lingüística estrutural: no caso das metáforas dáse unha relación de semellanza ao igual que ocorre entre as unidades que conforman un paradigma; pola contra, a metonimia baséase nunha relación de contigüidade como sucede entre os membros dun sintagma. Este tipo

[4] López e Soto (2004 s. v. *auga*) recollen tamén os sinónimos *(Como) apañar auga cun/nun cesto* ou *cun/nun cribo.*

de motivación (por semellanza, por contigüidade) constitúe, pois, un dos principios organizadores das unidades fraseolóxicas[5].

Evidentemente, isto non implica que todas as unidades fraseolóxicas estean motivadas. Nos casos extremos de idiomaticidade, a motivación, se é que algún día existiu, queda totalmente anulada: gal. *Ser unha baraza de la* 'pusilánime', *tíralle do aire* 'expresa admiración ante algo negativo, moi complicado ou sorprendente' (DFG), cast. *Enterarse de lo que vale un peine* 'conocer el aspecto incómodo o desagradable de algo'*, cortar/hacer un traje* [a alguien] 'hablar mal [de él]' (DFDEA), etc.

Nestas manifestacións de linguaxe figurada sempre se produce unha situación polisémica ou dilóxica porque a interpretación literal coexiste coa figurada en maior ou menor grado. Nos casos de desmotivación, a interpretación literal queda automaticamente desbotada porque orixina unha interpretación absurda, pero nos casos de metaforización a interpretación literal permanece coexistindo coa figurada porque é a fonte a partir da cal se produce o sentido derivado[6]. Como indican Lakoff e Johnson (1980:41): "La esencia de la metáfora es entender y experimentar un tipo de cosa en términos de otra".

2.2. Comparación, metáfora e metonimia

Seguindo con estas reflexións de tipo xeral, convén que fagamos unha breve consideración que nos axude a completar a análise do corpus que manexamos. Referímonos a diferenza entre comparación, metáfora e metoninia.

A metáfora e a comparación fundaméntanse nunha relación de semellanza entre dúas entidades, A e B. Agora ben, o que nesta se reduce a unha mera constatación do parecido, naquela convértese nunha identificación. Consecuentemente, expresións como *ese home traballa como unha máquina* ou *dá voltas como un sarillo*, desde o punto de vista interpretativo (coñecemento do mundo) ou de valor de verdade lóxica, poden ser cualificadas como "verdade" sen necesidade de que os elementos constituíntes da frase experimenten cambio de significado. En cambio, a súa versión metafórica, "ese home é unha máquina" deberá ser considerada como "falsa" (home e máquina son entidades de natureza moi distinta) salvo que se produza unha reinterpretación. Desde este punto de vista, a metáfora e a comparación ou símil son figuras moi diferentes. A comparación séntese, por tanto, máis natural e espontánea[7], polo que se converte nun recurso básico e universal da lingua coloquial. Así se entende que Ferro Ruibal no seu exhaustivo estudo sobre o tema (2006:179-264) poida recoller

[5] Jakobson comproba, por outra parte, que estes tipos de relación se corresponden con diferentes casos de afasia infantil (trastornos de contigüidade e semellanza) e conclúe (1974:229) que os dous se poden poñer en relación con lesións localizadas en diferentes zonas do córtex cerebral, do que podemos concluír que ambos os dous procesos se localizan tamén en distintas zonas cerebrais, o que acentúa o seu carácter netamente diferenciado.

[6] Incluso, nos casos de desautomatización, se pode xogar coa coexistencia simultánea das dúas interpretacións: *hai que baixarlle os fumes á industria contaminante, debido a las inundaciones la gente estaba con el agua al cuello.*

[7] Como sinala Arutiúnova (*cit. apud* Tristá 1983:52): "El esfuerzo mental en la creación y comprensión de la metáfora estriba en superar la incompatibilidad de los significados, en restablecer la armonía semántica".

"un total de 9713 ocorrencias de locucións ou fórmulas comparativas ou simplemente elativas galegas". Pola contra, a metáfora implica forzar nalgún punto a lingua. Dado que a lectura literal nos di que alguén é unha máquina, o cal non é verosímil, o proceso cognitivo leva a buscar unha lectura alternativa que, como no caso da comparación, determine que propiedades dunha máquina son aquí aplicables[8].

Como se observa e foi posto de manifesto na bibliografía sobre o tema, no caso da metáfora destácanse as propiedades das entidades. Na metonimia, en cambio, interesa máis a capacidade referencial, fundada no principio de contigüidade (causa-efecto, parte-todo, continente-contido, axente-instrumento, etc.)[9]:

> *batas blancas* 'conjunto de médicos, farmacéuticos o personal e laboratorio' (DFDEA).
>
> *primer(a) espada* 'torero principal, persona sobresaliente en una actividad o profesión' (DFDEA).

Neste sentido, as metonimias están cuantitativamente menos representadas no noso corpus. Con todo, cabe salientar que, aínda que metáfora e metonimia constitúen procesos distintos, con relativa frecuencia as dúas combínanse e interactúan (Barcelona 2000). As metonimias poden xerar metáforas e viceversa[10]:

> *It is well known that metaphor and metonymy often interact with each other, sometimes in fairly intricate ways*. (Barcelona 2000:10)
>
> *In metonymy studies, a hot topic has always been the interrelation between metaphor and metonymy. Since the early nineties, researchers (...) have pointed out that metaphors not only interact with metonymies in the structuring of conceptual domains but that many metaphors are conceptually grounded on metonymies*. (Ibarretxe-Antuñano 2005:190)

Deste xeito, unha imaxe formada por semellanza (metáfora) en canto adquire un valor de xeneralización adquire unha extensión metonímica (parte por todo). Do mesmo xeito, unha relación metonímica pode adquirir carácter metafórico cando se asocia por similitude con outra situación. En locucións como as seguintes cremos que se dá esta interferencia: gal. *darlle ás agullas* 'falar moito e con pouco tino'*, non ter nin cadela, darlle ao zoco,* cast. *colgar la sotana, farolillo rojo, primer(a) espada* 'persona sobresaliente…', *tirar la toalla, encefalograma plano* 'actividad mental nula'*,* etc. Por exemplo, neste último caso a expresión *encefalograma plano* pode considerarse unha

[8] Nas metáforas mortas ou durmidas, asentadas na lingua, este proceso que se deu na súa orixe xa está lexicalizado polo que en moitas ocasións os falantes non son conscientes do tropo, o que non implica que non exista. Lakoff e Johnson (1980) insisten, con todo, na súa vixencia.

[9] "*Múltiples han sido las propuestas para diferenciar a la metáfora de la metonimia. Sin duda, los criterios de diferenciación sobre los que hay más consenso son dos: (a) carácter de la proyección conceptual entre A y B y (b) función de ambas figuras. Por lo que se refiere al primer aspecto la metáfora permite una proyección ontológica externa mientras que en la metonimia se produce una proyección ontológica interna. En cuanto al segundo aspecto, la metáfora se usa principalmente para* concebir *mientras que la metonimia se emplea para* hacer referencia." (Velasco, Fuertes e Samaniego 2005, 157)

[10] Dirven (2002:93) propón un continuum de casos no que a metáfora se situaría nun extremo e a metonimia no outro.

construción metonímica (efecto por causa); non obstante, convértese en metafórica cando non se aplica á actividade bioeléctrica cerebral medicamente comprobable senón á vagancia intelectual (*A estos programas de televisión solo traen gente con encefalograma plano y poca vergüenza*) ou á falta de actividade en xeral (*Encefalograma plano en la economía española*).

2.3. Xerarquización das imaxes

Entre as conclusións ás que chegan Lakof e Johnson (1980) hai algunhas que nos parecen especialmente importantes. Unha delas refírese ao carácter sistemático das expresións metafóricas. Sen saír do ámbito deste artigo, se como indican eses dous autores, a vida é unha viaxe, o esperable será que nos atopemos cunha serie de expresións metafóricas nas que se desenvolva esa idea nas distintas peripecias que nos poden ocorrer ao longo da travesía (por terra, mar…). É o que sucede: cast. *abandonar o barco, perder el último tranvía/tren, recoger velas, ir a la deriva, bajarse en marcha, echar el ancla/echar anclas* 'detenerse o quedarse por tiempo indefinido [una persona]', gal. *ir vento en popa, estar en vía morta, poñer proa* [u.p. a alguén], *recoller/pregar velas, irse a pique, estar na gamela de dúas proas* 'morrer', *caer nas redes, vogar a dous remos, levar o temón…*

Do anterior deriva esta implicación: toda esta multitude de expresións metafóricas debe estar organizada. Así, a partir de Lakoff e Johnson véñense realizando diversas aproximacións de xerarquización neste campo. Estes autores diferencian metáforas estruturais, metáforas orientacionais e metáforas ontolóxicas por oposición ás expresións metafóricas particulares. Cuenca e Hilferty (1999) diferencian só dous niveis: metáforas conceptuais (equivalentes ás estruturais) e expresións metafóricas. Pola súa banda, Iñesta e Pamies (2002) establecen tres niveis: modelo icónico, arquimetáfora e metáforas particulares. Independentemente da terminoloxía que se adopte e dos niveis que se teñan en conta, o certo é que factores como a existencia desta xerarquización, as propiedades de coherencia e consistencia das expresións metafóricas (Lakoff e Johnson 1980:82-84) e o feito de que as proxeccións de nivel inferior herden as estruturas das proxeccións superiores (Lakoff 1993:222) determinarán a constatación de series como as seguintes:

Nivel 1. Estrutura de metáforas conceptuais.

Nivel 2. AS PERSOAS SON OBXECTOS.

Nivel 3. AS PERSOAS SON MÁQUINAS.

Nivel 4. A MENTE DAS PERSOAS É UN CONTEDOR, A MENTE DAS PERSOAS É UN COMPUTADOR, A LINGUA DAS PERSOAS É UN OBXECTO MÓBIL, A CABEZA DAS PERSOAS É A PARTE SUPERIOR DUN OBXECTO, ENTIDADE OU MÁQUINA…

Das que se derivarán as expresións metafóricas particulares que examinaremos:

Nivel 2: Síntome unha figura decorativa.

Nivel 3: Pedro é unha máquina.

Nivel 4: Teño que ampliar a memoria RAM, non para de darlle á tarabela, seica andas mal da cheminea…

3. Metáforas *obxectuais* ou cousificadoras

3.1. Corpus

Entre os modelos icónicos ou –chamémolas así– macrometáforas dun nivel máis alto figuran as metáforas ontolóxicas, "é dicir, formas de considerar acontecementos, actividades, emocións, ideas, etc., como entidades e substancias" (Lakoff e Johnson 1980:64). Entre os seus subtipos pódense mencionar as personificacións, as metáforas zoomórficas e as que, a falta dun termo mellor, imos denominar, metáforas cousificadoras ou *obxectuais*[11], en consonancia cos tres tipos de entidades prototípicas da gramática tradicional: persoa, animal e cousa.

A utilización de entidades físicas (entidades de primeira orde na linguaxe lóxica) na fraseoloxía (obxectos, máquinas, instrumentos, ferramentas, cousas, produtos, aparellos, pezas, prendas…) baséase no principio indicado de dar conta de conceptos e situacións complexas a partir de elementos máis concretos próximos á nosa experiencia cotiá. No apartado 2 incluímos unha pequena mostra deste uso.

Deste xeito palabras como *carro, muíño, gaita, fol, pano, cesta*… aparecen en múltiples fraseoloxismos. Este tipo de fraseoloxismos ofrece sumo interese pois facilita múltiples perspectivas de aproximación. Permite analizar qué obxectos seleccionan as comunidades como máis relevantes ou fontes de creación metafórica (no mundo rural, mariñeiro, urbano ou industrializado). Igualmente, ofrece a posibilidade de comprobar que valores se lles asignan a esas entidades (ás veces contraditorios). Como sinala Fernández Ferreiro (2007:3659):

> *Las metáforas condicionan (ayudan a construir) la visión del mundo, y son una clara manifestación de los modelos cognitivos de un grupo humano (ofrecen datos muy útiles para la lingüística y la antropología culturales, así como para la etnografía de la comunicación).*

Finalmente, entre outras posibilidades, o que aquí nos parece tamén importante é que este tipo de unidades fraseolóxicas permite comprobar a evolución dos fraseoloxismos ao longo do tempo. Os instrumentos créanse nunha época determinada e constantemente van sendo substituídos por outros que ofrecen mellores prestacións. Algúns como *a roda, o carro, o arado, o barco* teñen unha longa historia e aínda perviven, pero noutros casos topámonos con obxectos de recente creación (eléctricos, electrónicos, informáticos) que nos mostran *en tempo real, en vivo e en directo* como van xurdindo as novas expresións. Noutras ocasións, polas súas especiais características de fixación, imaxes / termos antigos perviven na fraseoloxía cando na sincronía actual case non se usan. É o caso que máis adiante veremos de *dar corda* e da expresión *aguja de marear/agulla de marear* (documentada na Península desde a época alfonsí, posteriormente substituída por sinónimos como cast. *brújula*, gal. *compás*).

[11] Seguindo o modelo *concepto*: *conceptual, obxecto*: *obxectual*, debido a que a palabra *obxectivo* está bloqueada para esta acepción.

Así, xunto co cast. *perder la brújula* 'perder la orientación o el tino" (DFDEA), na fraseoloxía sobrevive aínda a antiga denominación:

> *Aguja de marear* `brújula' (DFDEA), que, aínda que os redactores non o indican, soe aparecer en combinación cos verbos *perder* e *conocer*, como se mostra na documentación que acompañan[12].
>
> *Collerlle* [u.p. a alguén] *a agulla de marear* 'coñecer o seu punto débil; lograr con astucia o que se pretende de alguén'(DFG).
>
> *Coñecer/saber a agulla de marear* [u. p.] 'saber actuar con destreza e astucia na vida'(DFG).

En total, facendo unha sinxela estatística, o número de expresións fraseolóxicas nas que aparece un obxecto material como dominio fonte orixinador dunha imaxe non é desprezable. Para completar a nosa análise cuantitativa dividiremos as unidades fraseolóxicas do corpus nos seguintes grupos:

-Tipo 1. Fraseoloxismos nos que aparece unha entidade material fabricada polo home pero que non implican identificación entre persoa e obxecto, como os vistos no apartado 2: *cerrar a billa, apañar auga na peneira, caerlle os aneis* [a alguén], *arma de dous fios, balón de osíxeno…*

-Tipo 2. Fraseoloxismos nos que aparece (implícita ou explicitamente) unha entidade material fabricada polo home aplicable a persoas e a outras entidades non humanas (animais, situacións, sucesos, accións…): *irse a pique* 'hundirse una embarcación', *2 irse a pique* 'malograrse o estropearse [algo, especialmente un asunto], *3 irse a pique* 'arruinarse' (entidade implícita: un barco que só na terceira acepción se equipara cunha persoa), *como un colador, como una esponja, a todo gas…* (DFDA); *dar de si* [u.p./u.c.] ('xa veremos o que dá de si o conto, nunca se sabe o que pode dar de si unha persoa en apuros'), *estar feita un nobelo* [u.p./u.c.] ('el guindou a carta para o chan feita un nobelo; o rapaz estaba na cama con febre, feito un nobelo'), *de moito pistón* ('un negocio de moito pistón, unhas rapazas de moito pistón'), etc. (DFG).

-Tipo 3. Fraseoloxismos nos que aparece unha entidade material aplicable principalmente a persoas: *poñer a antena, ser un disco raiado,* [ter u.p. algo] *na recámara* (DFG).

Da análise dos dous dicinarios que utilizamos como base do noso corpus obtemos os seguintes resultados (Cadro 1 e gráficos 1 e 2):

[12] "MGaite *Retahílas* 115: 'La abuela aunque no la habíamos incapacitado ni recluido, iba perdiendo progresivamente la aguja de marear'" (DFDEA, s. v. *aguja*).

	Total	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipos 2-3	Tipos 1-2-3
Seco (2004) DFDEA	16000	310	95	175	270 1,69%	580 3,63%
López e Soto (2008) DFG	12000	335	42	190	232 1,93%	567 4,725%

Cadro 1. Número de fraseoloxismos



Gráfico 1. Seco (2004)



Gráfico 2. López e Soto (2008)

Como se observa, esta clase de expresións fraseolóxicas (especialmente os tipos 2 e 3, que son os que realmente nos interesan neste traballo) constitúe un grupo importante (e homoxéneo) dentro do inventario fraseolóxico das dúas linguas, aproxímandose ao 2% do total de idiomatismos recollidos (porcentaxes algo maiores en galego que en castelán). O noso corpus redúcese ao estudo do galego e o castelán, pero non sería difícil documentar noutras linguas construcións semellantes: fr. *serrer la vis* [à quelqu'un], ing. *have a screw loose*[13]. Cómpre sinalar que a distinción entre unidades do tipo 1, 2 e 3 non é absoluta. As obras lexicográficas recollen os usos consolidados nunha lingua, pero os falantes recrean constantemente na súa fala o material que a tradición lles proporciona. Por ese motivo, expresións como *al/en ralentí* 'a la mínima velocidad de rotación de un motor' (DFDEA)*, balón de osíxeno* 'unha solución ocasional para unha situación difícil' (DFG) e outras máis que, segundo o tratamento recibido en DFDEA e DFG pertencen ao grupo 1, por metaforización máis ou menos ocasional poden ser aplicadas tamén a persoas: *jugaron al ralentí y, aún así, nos ganaron; este novo socio é un balón de osíxeno para o negocio*.

O mesmo sucede con termos non incluídos nos dicionarios que conforman o noso corpus. A pesar de ser obras completas, non figuran algunhas locucións ausentes do fondo documental (por esencia limitado) que manexaron, caso de *piloto automático* ou *ser a locomotora*: 'levo tantos anos na empresa que case traballo co piloto automático posto; con só vinte anos converteuse na locomotora que tira de todos na familia'.

3.2. Persoas e máquinas. Bases cognitivas da comparación

A asociación entre persoas e máquinas ten uns evidentes fundamentos na nosa experiencia. Como as máquinas e os intrumentos, as persoas realizamos funcións e tarefas (por iso non deixa de ter sentido que moitas palabras designen simultaneamente a persoa e o instrumento que realiza un mesmo traballo: cast. *lavaplatos, salvaguarda, salvavidas, guardamuebles*, etc.). As funcións tamén se desenvolven dentro do propio organismo, así o cerebro desempeña uns cometidos que se poden comparar doadamente cos dun computador (procesar datos, memorizalos).

As persoas, coma as máquinas, necesitamos enerxía para funcionar e movernos. Atendendo á forma, o noso organismo préstase tamén a múltiples comparacións: partes móbiles (lingua, mans, pernas), partes redondas (cabeza, xenitais masculinos), condutos internos (veas, arterias, intestinos), etc. Por tal motivo, na lingua coloquial as

[13] Obsérvese como as seguintes expresións inglesas se corresponden en castelán cun sinónimo case perfecto ou cunha metáfora tamén cousificadora: *have a screw loose* 'faltarle [a alguien] un tornillo', *put the screws on, turn/ tighten the screw (screws)* 'apretarle las clavijas [a alguien]', *a turn of the screw* 'una vuelta de tornillo', *have one's head screwed on (the right way)* 'tener la cabeza bien amueblada'.

A bibliografía proporciona abundantes exemplos noutras linguas: Lakoff e Johnson (1980:66) identifican entre as metáforas ontolóxicas do inglés A MENTE É UN OBXECTO (da que son derivación A MENTE É UNHA MÁQUINA, A MENTE É UN OBXECTO FRÁXIL). Iñesta e Pamies (2002) exemplifican en múltiples linguas arquimetáforas como *la persona delgada es un recipiente (casi) vacío* (2002:187-188), *la persona rápida es una máquina* (2002:203-205) nas que se exemplifican comparacións similares ás que aquí analizaremos: *(delgado como) un saco de osos/un cravo/un arame/ o pau dunha escoba/un riel; a toda máquina, a todo gas, a toda vela*, etc. Finalmente, por non estendernos neste aspecto, Ferro (2008:158) proba a extensión noutras linguas da metáfora *o que come moito é como un obxecto*.

persoas podemos ter problemas de *cañerías*, *tuberías* ou *manguitos*, o que pode orixinar equívocos graciosos como un vivido por nós recentemente: unha persoa de idade avanzada preséntase nunha ferretería indicando que tiña "mal un manguito" para de seguido aclarar que o obxecto avariado era o que levaba na man e amosou[14]. A imaxe non é difícil de localizar nos corpus escritos:

> 'Afirmaba que o alcohol, o güisqui principalmente, estimula a circulación dos líquidos nas covas e canais e tuberías do cerebro. Unha boa irrigación é a base dos grandes pensamentos' (X. C. Caneiro, *Un xogo de apócrifos*, 1997, *cit. apud* CORGA [Data de consulta: 04/04/2011]).

> '¿Qué derecho tiene usted a llamarse plomero? ¡El auténtico plomero es el médico, que destapa las cañerías del cuerpo!' (F. del Paso, *Palinuro de México*, 1982, *cit. apud* CREA [Data de consulta: 04/04/2011]).

A fraseoloxía bota man de todas estas e outras posibilidades cunha riqueza expresiva en cantidade e matices digna de resaltar.

4. Análise do corpus

A metaforización que analizaremos nas páxinas que seguen pode presentarse explicitamente. Por exemplo, unha frase recollida da lingua oral de boca dunha muller facendosa (Deza), *se falto eu, falta o parafuso do medio*, mostra dun xeito directo a identificación *dona de casa=peza de unión de varios elementos (parafuso)*. Agora ben, en moitos casos a *obxectualización* da persoa prodúcese dunha maneira secundaria, indirecta ou implícita. Deste xeito, expresións do tipo (*está namorado) ata as cachas* cobran sentido tras un proceso cognitivo de implicitacións polo que se nos indica que así como unha navalla se pode clavar ata as cachas cando o fai profundamente, do mesmo xeito alguén que está profundamente namorado pode ser comparado cunha navalla cravada ata as cachas. O mesmo sucede con *(abrir) de par en par* ('enteramente […]. También en sentido no material, especialmente referido al corazón o al alma' [DFDEA]), que se entende mediante a metáfora implícita previa *corazón/alma = ventá/porta*.

Un trazo que caracteriza estas unidades, e que xa foi sinalado con anterioridade (Ferro 2008:153-155) é o uso frecuente de desprazamentos significativos. Como calquera unidade léxica, unha expresión idiomática pode admitir distintas interpretacións (significados ou sentidos, segundo os casos). A locución castelá *áspero como la lija/como el papel de lija* aplícase con distinto valor en 'la corteza de este árbol es áspera como la lija' e en 'tu hermana tiene un carácter áspero como la lija'. Agora ben, nas comparacións estereotipadas desenvoltas arredor dunha unidade polisémica é frecuente que un dos membros da comparación se aplique a un dos significados e o outro membro ao outro, segundo o modelo que podemos ver en *raro*[1] 'pouco denso, pouco espeso' e *raro*[2] 'estraño, extravagante', de onde a expresión *persoa máis rara ca unha criba*, é dicir, "persoa máis rara ('extravagante') ca unha criba ('pouco espesa')": [estar/quedar u.p.] *fría como o mármore, amolecer* [u.p. a alguén] *como a manteiga,*

[14] En ocasións a metáfora pode implicar creación léxica, como é o caso do cast. *a ojímetro* 'a ojo (a bulto o por aproximación' DFDEA), creado segundo o modelo de *taxímetro, velocímetro* ou *parquímetro*.

ser [u.p.] *máis torta cás cambas do carro* 'dise do que actúa de mala fe ou ten un carácter moi difícil' (DFG); *estar más colgado que una lámpara* (aplícase sobre todo a drogodependientes)*, ser* [alguien] *pesado como el plomo, más quemado/caliente que el palo de un churrero, más corto que las mangas de un chaleco* (DFDEA).

A polisemia e a homonimia son empregadas nas locucións que nos ocupan tamén doutros xeitos. Por exemplo, as dúas definicións que acompañan no DFDEA as expresións cast. *como una carraca / hecho una carraca* e *2 como una carraca / más que una carraca*, respectivamente, 'construcción de sentido comparativo usada para ponderar el estado caduco o de deterioro de una persona o cosa' e 'construcción de sentido comparativo usada para ponderar lo mucho que habla una persona o el ruido que hace una cosa' proceden da existencia dos homónimos *carraca*[1] 'barco viejo o tardo en navegar; Artefacto deteriorado o caduco' e *carraca*[2] ' instrumento de madera, en que los dientes de una rueda, levantando consecutivamente una o más lengüetas, producen un ruido seco y desapacible', segundo as definicións recollidas no DRAE (s.v. *carraca*[1] e *carraca*[2], respectivamente). O mesmo sucede, por polisemia, nas expresións castelás e galegas formadas a partir da palabra *corda*, como *dar/ter corda* (*vid. infra* nota 34).

Non é infrecuente que un mesmo dominio fonte poida dar lugar a diferentes expresións metafóricas. O proceso polo que se producen estes casos de polisemia está adecuadamente xustificado na lingüística cognitiva. Dado que a proxección do dominio fonte sobre o dominio meta é parcial, é posible en cada caso seleccionar distintos trazos relevantes do seu significado, *meaning focus* (Soriano: no prelo). Por exemplo, da imaxe dun barco que agarda nun dique seco a oportuna reparación pode ser resaltada a idea de falta de actividade ('en situación de inactividad' DFDEA) pero tamén está presente o trazo 'ausencia de líquido', que é o dominante na acepción coloquial 'sin beber' (DFDEA). Do mesmo xeito, a palleta dun instrumento musical, peza que produce o son ao vibrar, pode identificarse coa lingua das persoas, que tamén axuda á produción dos sons, de onde *darlle (gusto) á palleta* ('darlle á lingua' DFG). Igualmente, como vai introducida na boca, soe acabar mollada polo cuspe do intérprete. Como hai outros medios para humedecela, xorde simultaneamente a expresión *mollar a palleta* 'beber, xeralmente viño'(DFG).

Exemplos como os anteriores, e outros moitos, ilustran outras características relevantes das locucións que conforman o noso corpus: a abundancia das expresións humorísticas, cando non irónicas, do coloquial (incluso vulgar), da ponderación dos aspectos negativos sobre os positivos, etc. Todos estes trazos iranse comprobando na análise que agora segue[15].

Un corpus tan extenso e variado como o que manexamos permite múltiples aproximacións. A primeira dicotomía coa que nos topamos é a que permite partir do dominio fonte ou do dominio meta. Na terminoloxía cognitiva é común afirmar que

[15] Moitas das características apuntadas por Ferro (2008) para as comparacións son aplicables aquí. Entre elas merece ser salientada a seguinte: seguindo unha observación de A. Pamies, sinala Ferro que ao igual que en francés, o galego prefire a ironía onde o castelán gusta da hipérbole. (Ferro 2008:163)

acudimos a un dominio metafórico (fonte, orixe) para dar conta doutro dominio conceptual (meta, destino) mediante unha proxección parcial de atributos[16]. Debe quedar claro que se trata de dúas perspectivas distintas para estudar un único obxecto e, por tanto, son complementarias. No primeiro caso tomaremos como punto de partida aqueles obxectos (ferramentas, aparellos mecánicos, aparellos eléctricos, electrónicos, etc.) dos que botamos man para dar contra de propiedades humanas. No segundo caso, o foco de interese recaerá sobre esas cualidades das persoas que son obxecto de cousificación (a persoa na sua totalidade, os seus membros ou as súas cualidades / accións particulares). No noso estudo, adoptaremos as dúas perspectivas, de acordo con cada circunstancia, en busca da maior xeneralización posible. Comezaremos polo dominio meta.

4.1. Dominio meta (persoas)

4.1.1. Aspecto físico

A primeira impresión que temos das persoas, a máis perceptible, vén dada polo aspecto físico. É un tópico da literatura moral desde hai séculos a crítica da excesiva atención que lle dedicamos á aparencia externa ou da tentación de xulgar polas aparencias. De aí que o corpo sexa fonte de numerosas representacións metafóricas e fraseolóxicas (somatismos). As metáforas que xorden neste ámbito son dun baixo grao de abstracción, pois tanto o dominio fonte como o dominio destino son entidades físicas (entidades de 1ª orde).

Na linguaxe técnica é usual recorrer a metáforas deste tipo para aludir ás distintas partes do corpo (*caixa torácica, columna vertebral, tabique nasal, válvula mitral*, etc.). A lingua non especializada aproveita este recurso tamén para conformar locucións nominais sinxelas. Así temos

DFG:

> *Arca/caixa do peito, tampa do peito* 'caixa torácica'; *arelo/aro do lombo, fío do lombo* 'columna vertebral', *a tampa dos sesos/miolos* 'parte superior do cranio',

[16] As expresións *dominio fonte/orixe* e *dominio destino/meta* (en inglés *source domain, target domain*) son de uso xeneralizado na lingüística cognitiva para referirse respectivamente ao *termo imaxinario* e ao *termo real* dun tropo: "La metáfora conceptual es un fenómeno de cognición en el que un área semántica o dominio se representa conceptualmente en términos de otro. Esto quiere decir que utilizamos nuestro conocimiento de un campo conceptual, por lo general concreto o cercano a la experiencia física, para estructurar otro campo que suele ser más abstracto. El primero se denomina *dominio fuente*, puesto que es el origen de la estructura conceptual que importamos. El segundo se denomina *dominio meta* o *destino*. Tal como se vio en capítulos anteriores (…), existe la convención tipográfica de indicar los dominios conceptuales en versalita (DOMINIO) y las metáforas conceptuales mediante la fórmula EL DOMINIO META ES EL DOMINIO ORIGEN. Así, por ejemplo, la metáfora conceptual según la cuál conceptualizamos el tiempo en términos de dinero se denomina convencionalmente EL TIEMPO ES DINERO". (Soriano: no prelo)

Isto pódese representar en cadros coma o seguinte:

Dominio meta	Dominio fonte	Metáfora
TEMPO	DIÑEIRO	O TEMPO É DIÑEIRO
AMOR	VIAXE	O AMOR É UNHA VIAXE
PERSOA	OBXECTO/MÁQUINA	AS PERSOAS SON OBXECTOS/MÁQUINAS
CABEZA	BÓLA DE BILLAR	A CABEZA DE ALGUÉN É UNHA BÓLA DE BILLAR

levantarlle a tampa dos sesos [u.p. a alguén] 'asasinalo, darlle un tiro na cabeza; causar molestia ou fastío'.

DFDEA:

Caja del pecho, caja de cambios 'pecho (parte del cuerpo que contiene el corazón y los pulmones)', *tapa de los sesos* 'parte superior del cráneo', *las telas del corazón* 'el corazón'.

Sen saír do meramente físico, outro aspecto recollido máis abundantemente na fraseoloxía refírese ás dimensións do corpo ou fortaleza. Neste sentido son especialmente significativas as expresións referidas á gordura ou delgadeza extremas, como se pode comprobar na seguinte relación[17]:

1. Tamaño e fortaleza

DFG:

Mans como *cepos* 'mans grandes e fortes', [*ser u.p.*] *(dereita/forte) coma un esteo*[18], *(forte) como unha proa,* [*ser u.p.*] *(lisa) como unha táboa* '[referido ao corpo dunha muller] con moi pouco peito, de peitos pequenos'.

DFDEA:

Armario ropero, armario de dos/tres cuerpos 'persona muy fuerte y corpulenta'

2. Gordura

DFG:

[*Estar u.p.*] *como un bocoi/un cepo/un pipote/un pote,* [*estar/ser u.p.*] *como unha meda* 'estar ou ser moi gorda', [*ser u.p.*] *como un saco de patacas* '(ser) moi torpe ou moi gorda'.

DFDEA:

Saco de patatas 'se usa […] para ponderar la condición de peso inerte de una persona o cosa, o la gordura de una persona'.

3. Delgadeza

DFG:

[*Ser*] *un espeto* [u.p.] '(estar) extremadamente delgada', [*estar u.p.*] *(delgada/fraca) coma un fío, fol de media libra* 'home moi delgado', *¡Arriba, fol de media libra!* 'dise cando se colle a un neno pequeno no colo'.

DFDEA:

En el chasis 'en delgadez extrema', *como/hecho una oblea* 'construcción […] usada para ponderar la delgadez o el aplastamiento'.

---

[17] *Fraqueza*, *gordura* e *fortaleza* figuran polo número de referentes entre os termos de comparanza máis frecuentes no Tesouro Fraseolóxico Galego, concretamente co número 1, 5 e 14 respectivamente (Ferro:2008, 135). Outros termos incluídos nesa listaxe como *comer* (4), *ira* (10), *grande* (12), *rapidez* (15), *correr (*17), *dureza* (18), *fealdade* (21) e *pequeno* (23) están representados tamén no noso corpus.

[18] *Esteo*: piar, columna, estaca (DdD).

O aspecto físico suscita entre nós valoracións de tipo estético (a beleza, a fealdade) que, loxicamente, orixinan fraseoloxismos nas distintas linguas. O inventario fraseolóxico dunha lingua recolle ademais numerosas locucións que aluden a outros trazos físicos das persoas que se consideran relevantes: a cor ou a calidade da pel, a calvicie, a forma da cara, etc. Os obxectos materiais tamén se utilizan para dar conta doutros contidos relacionados coa aparencia como é o vestido e outras facetas da nosa presenza:

4. Beleza, fealdade

DFG:

Cara de pote fendido 'dise da persoa moi fea', *estar* [u.p.] *como un tren* 'ser moi guapa, ter moi bo corpo'.

DFDEA:

Estar cañón 'estar muy bueno o estupendo', *(estar) como un tren* 'muy bien. Referido a la belleza o atractivo físico de una persona'.

5. Outros trazos físicos

DFG:

[*Ser u.p./u.c.*] *(moura/negra) como un chamizo* 'moi mouro, moi negro'.

DFDEA:

Bola de billar 'se usa […] para ponderar lo calva o rapada que está una cabeza', *como/hecha una pepona* 'construcción […] usada para ponderar el aspecto redondo y colorado del rostro de una mujer', *de porcelana* '[cosa, especialmente cutis] muy fina y delicada'.

6. Vestimenta

DFG:

[*Ser u.p.*] *como un figurino/estar feita un figurino* '(ser ou estar) moi elegante, moi ben enfeitada', [*estar u.p.*] *como un pincel/feita un pincel* '(estar) moi coidada, moi adobiada ou moi elegantemente vestida'.

DFDEA:

Hecho un paquete '[hombre] muy compuesto y acicalado', *como/hecho un pincel* 'construcción […] usada para ponderar limpieza y arreglo esmerados'.

7. Aspecto

DFG:

[*Andar/estar u.p.*] *feita un cangallo* '(estar) moi fraca ou moi desmellorada', [*estar u.p.*] *feita un garlocho*[19] '(estar) descoidada, pouco aseada', [*estar u.p.*] *feita un trapo* '(estar) acabada, derrotada, cansa', [*estar u.p.*] *feita unha braga/un farrapo* 'estar moi decaída física, anímicamente'.

[19] Na lexicografía galega non localizamos a palabra *garlocho*. Probablemente sexa (como *galorcho* e *galorcha*) unha variante de *galocha* ou *galocho* 'zoca ou zoco, madroña' (DdD), significado que lle cadra ben ao fraseoloxismo por tratarse dun calzado rústico deseñado para andar na lama.

DFDEA:

Como/hecho un mapa 'usada para ponderar […] que alguien o algo está lleno de heridas o cardenales', *como/hecho un estropajo* '[…] usada para ponderar el mal estado de alguien o algo'.

4.1.2. Comportamento, actitude, carácter

Un carácter máis abstracto mostran as imaxes que se refiren ao comportamento das persoas (metáforas eventivas). Neste caso os falantes acudimos a distintos obxectos fabricados polo home para dar conta, por exemplo, do carácter das persoas (alegre, tranquilo, inquedo, teimudo, indolente, áspero, etc.) ou doutros trazos da súa personalidade:

1. Carácter

DFG:

[*Ser u.p.*] *(coma) unha capa/capela/manela de la* '(ser) unha persoa tranquila'.

[*Ser u.p.*] *(alegre) como unha pandeireta,* [*estar/ser u.p.*] *(alegre) como unhas castañolas* 'expresión que pondera a alegría ou o carácter bulideiro dunha persoa', [*ser u.p.*] *coma un trinquete* '(ser) inqueda, rebuldeira'.

[*Ser u.p.*] *(coma) unha lima/*[*ter un humor*] *de lima (xorda)* 'dise da persoa que é obstinada, teimosa, pesada'.

[*Ser u.p.*] *un fol de cinza* '(ser) pusilánime', [*ser u.p.*] *(coma) unha maza* branda '(ser) un indolente', [*ser*] *un cesto* [u.p.] 'ser torpe, preguiceiro', *non valer para tacos de escopeta* [u.p.] 'ser unha persoa inepta ou incapaz'.

Cara de cemento armado '(persoa) atrevida, desvergoñada'.

DFDEA:

(Seco) como una alpargata '[…] usada para ponderar la sequedad, física o moral', *(áspero/duro) como la lija*, más pesado que el plomo.

2. Outras características da personalidade dunha persoa

DFG:

[*Ser u.p.*] *máis porca ca un batán*.

[*ser u.p.*] *unha hucha sen fondo* '(ser) persoa gastadora', [*ser u.p.*] *un saco sen fondo* 'persoa que come ou gasta moito'.

DFDEA:

Perder aceite un hombre 'ser homosexual'.

Bala perdida 'individuo juerguista y de poco juicio'.

Cabeza bien amueblada 'cabeza lúcida, o capaz de razonar con claridad', *como/más que una esponja* 'usada para ponderar la capacidad de absorber, frecuentemente en sentido moral'.

Relacionado co carácter das persoas está o seu comportamento. O carácter correspóndese co "ser" dunha persoa (colérico, sanguíneo, flegmático, apático…) en tanto que o comportamento ou actitude responde ao "facer" ou "actuar". O primeiro implica unha xeneralización en tanto que o segundo manifestase nunha coordenada espacial concreta: unha persoa que cualifiquemos como preguiceira pode actuar dilixentemente en moitas ocasións, alguén flegmático pode sufrir un ataque de ira, etc. Característico do corpus que manexamos é o predominio da valoración negativa neste tipo de fraseoloxismos. Especialmente significativo é o grupo que pondera o comportamento desequilibrado (tolo, chalado, pouco asisado, insensato, etc.). Neste apartado utilízanse as máis variadas imaxes para aludir á cabeza (*tellado, cheminea, pelota, tarro*), a algún problema provocado por non estar ben asentada (*arrolar, patinar, faltar algún tornillo, salir de quicio*) ou funcionar como un obxecto inapropiado (*unha chaviña, pandeireta, cafetera*):

3. Comportamento atolado

DFG:

Arrolarlle/barrenarlle a cabeza [a alguén] 'pensar cousas disparatadas, estar medio chalado', [*ser u.p.*] *un chaviña louca* 'ter pouco siso', *estar mal do tellado* [u.p.], *andar/estar mal da cheminea* [u.p.]*/non lle funcionar a cheminea* [a alguén] 'estar louca ou actuar con insensatez', *patinarlle o embrague* [a alguén] 'non estar ben da cabeza', *patinarlle as neuronas* [a alguén] 'falar ou actuar con pouco siso', [*estar u.p.*] *coma unha pandeireta* '(ser) pouco asisada'.

DFDEA:

Tener la cabeza llena de serrín/no tener más que serrín en la cabeza, como una cafetera 'construcción […] usada para ponderar locura', *estar como un cencerro* 'estar chiflado', *estar mal de la chimenea, encefalograma plano* 'actividad mental nula', *patinarle las neuronas* [a alguien] 'pensar [esa persona] con falta de claridad o de cordura', *secársele las neuronas* [a alguien] 'quedarse sin capacidad para pensar, o para hacerlo con cordura', *estar mal de la pelota* 'estar mal de la cabeza, o estar loco', *faltar algún tornillo* [a alguien]*/tener* [alguien] *flojo (suelto) algún tornillo* 'estar loco', *fuera de quicio* 'con el equilibrio psicológico o nervioso alterado', *sacar de quicio* [a alguien], *salirse de quicio* [alguien], *comerse* [alguien] *el tarro* 'dedicarse a pensar o a cavilar', *comerle el tarro* [alguien] 'convencer[le], imbuir[le] determinadas ideas, especialmente aprovechando su buena fe o su ingenuidad'.

4. Outros comportamentos

DFG:

Acendérselle a cheminea [a alguén] 'volverse irascible', *botar chispas polos ollos/botar chispas* [*u.p. contra alguén*] 'manifestar ira, carraxe ou enfado'.

DFDEA:

Como un mueble/hecho un mueble '[…] usada para ponderar la inmovilidad o inactividad de alguien', *(ir/llevar) a remolque* 'a rastras, o siguiendo una

persona o cosa que mueve o dirige. En sentido moral', *(estar/poner) a cien/a mil* 'en estado de gran excitación o de gran irritación'.

4.1.3. Funcións fisiolóxicas (comer, beber, falar, fumar, etc)

O comportamento das persoas maniféstase tamén na nosa maneira de actuar ante distintas necesidades psicofísicas inherentes á nosa condición humana: comunicarnos, comer, beber e outros apremios fisiolóxicos (ouriñar, durmir, fumar, drogarse, etc.):

DFG:

Durmir [u.p.] *coma un cepo* 'durmir profundamente'.

[*Funcionar/ir u.p./u.c.*] *como un reloxo* '[referido a p. normalmente alude ao funcionamento do intestino] perfectamente; con escrupulosa regularidade'.

DFDEA:

Como una piedra 'construcción […] usada para ponderar la profundidad del sueño'.

Aflojársele [a alguien] *los muelles* 'perder la capacidad de controlar la emisión de orina o de excrementos', *tener los muelles flojos, flojo de muelles; planchar la oreja* 'dormir'; *(fumar) como una chimenea;(estar) más colgado que una lámpara* (referido a drogadictos).

Como se observa nos exemplos anteriores e en consonancia co xa mencionado, o máis frecuente é que estas necesidades se vexan na súa faceta negativa.

Comer, beber e falar merecen un tratamento especial pola súa relevancia na cultura dunha comunidade. En principio tamén aquí se ponderan principalmente as condutas negativas (comer moito, tomar bebidas alcohólicas, falar de máis). Por outra parte, os dous primeiros casos aluden a accións relacionadas coa inxestión dun elemento sólido ou líquido, de aí que un modelo icónico usado universalmente con diversos propósitos (RECIPIENTE) veña aquí como embude na boca de xerro para orixinar expresións metafóricas derivadas da imaxe UNHA PERSOA É UN RECIPIENTE plenamente encadrables no obxecto do noso estudo (unha persoa e unha arca, saco, odre, depósito de gasolina, dique, etc.). Con menos frecuencia acódese a outro tipo de imaxe metafórica máis (*esponxa, lastre*) ou menos (*lima, palleta*) relacionados co anterior:

1. Comer

DFG:

Arca/saco sen fondo 'persoa que come moito e non se dá saciado; por extensión, insaciable en xeral', [*poñerse u.p.*] *como un aro* 'dise cando un enche a barriga a máis non poder', *facer lastre* [u.p.] 'comer algo sólido para poder termar da bebida', *ser* [u.p.] *unha lima/comer como unha lima* 'ser moi comedora'.

DFDEA:

Alhaja con dientes 'persona a la que hay que mantener. Frecuentemente en la construcción *no querer alhajas con dientes*', *ser* [alguien] *una lima/comer como una lima* 'ser voraz o comer mucho, especialmente de manera habitual',

dar/pegar el/un reventón [alguien] 'morir, especialmente por indigestión o por exceso de fatiga'.

2. Beber

DFG:

[*Estar/poñerse u.p.*] *coma un odre/máis chea de viño que un odre* '(estar) bébeda', [*estar u.p.*] *(borracha) coma unha pelica/como un pelello*[20]*, mollar a palleta* [u.p.] 'beber, xeralmente viño'.

DFDEA:

Como/más que una esponja '[…] usada para ponderar la capacidad de beber', *ser una esponja* 'beber mucho. Referido normalmente a bebidas alcohólicas', *echar gasolina* 'echar un trago (tomar bebidas alcohólicas)', *(estar/ir/ponerse) como una moto* 'en estado de gran excitación, frecuentemente por consumo de drogas o alcohol'.

En (el) dique seco 'sin beber'.

Máis abundantes e variadas son as locucións relacionadas con *falar* e o seu complementario *oír*. Neste caso tamén se crítica o exceso (falar moito, escoitar o que non interesa) ou o defecto (excesivo hermetismo) aínda que tamén hai expresións que aplauden saber calar. Con todo, cuantitativamente o maior grupo de expresións corresponde a aquelas que censuran falar moito, non saber gardar un segredo ou mentir. As metáforas que se empregan en maior medida ilustran a imaxe da lingua como un obxecto móbil ou solto (*motor, badalo, martabela, sarillo, tarabela*) ou algo que produce un son, ás veces repetitivo (*palleta, diapasón, disco raiado*). A persoa indiscreta vese como un obxecto que deita líquido ou permite o paso (*cesta, regadeira, porta*), entre outras imaxes. A lingua maldicente é un obxecto cortante (*de dobre fío*). Pola contra, para sonsacar á pesoa discreta ou calada utilízanse como termo de comparación instrumentos que permiten tirar para sacar algo con forza (*sacacorchos* ou *tenazas*):

3. Oír

DFG:

Estar coa antena posta [u.p.]*/poñer a antena* 'escoitar con disimulo e unha certa curiosidade de máis as conversas alleas'.

DFDEA:

Poner la antena 'escuchar a escondidas o disimuladamente'.

4. Falar

DFG:

Darlle ao motor [u.p.], *darlle ao badalo/á badela* [u.p.], *darlle á palleta* [u.p.]*/darlle gusto á palleta* 'darlle a lingua', *darlle á martabela* [u.p.] 'falar

[20] Aínda que non o documentamos na lexicografía galega, supoñemos que *pelica* e *pelello* son sinónimos de *odre* neste caso.

moito, insistir con teimosía nunha cousa', *ter a buxa frouxa* [u.p.] 'mentir', *darlle ao sarillo/ao tarabelo (da lingua)/á tarabela* [u.p.], *ter correa* [u.p.] 'falar moito'.

Deitar/ser como unha cesta [u.p.] 'contar todo, non saber gardar os segredos', *ser* [u.p.] *como unha regadeira* 'dise da persoa que fala moito e fálao todo', [*parecer/ser u.p.*] *(unha) porta faxeira*[21] 'dise da persoa que non garda segredo ningún', *botar/sacar a lingua a clareo* [u.p.] 'murmurar, falar de máis, falar de xeito inoportuno e inconveniente'.

[*Ter u.p.*] *unha lingua que corta como un coitelo,* [*ter u.p.*] *unha lingua que fura as paredes/que fura sete paredes* '(ter) lingua ferinte, mordaz'.

Disco raiado 'persoa ou cousa que se repite moito'.

Ser [u.p.] *unha arca pechada* 'ser discreta, reservada, que sabe gardar un segredo'.

DFDEA:

Tener mecha [alguien] *(o quedarle mecha* [a alguien]*)* 'tener tema para hablar o matera para actuar'.

Sacar con sacacorchos [algo a alguien] 'conseguir, a fuerza de preguntas, que [lo] diga', *sacar con tenazas/hacer falta tenazas* 'se usa para ponderar el hermetismo o la resistencia a la comunicación de alguien'.

Cambiar de/el disco 'cambiar de tema de conversación, especialmente por ser reiterado o pesado', *colocar el disco* 'exponer un tema conocido y que resulta pesado, especialmente por su reiteración', *disco rayado* 'cosa que se repite continuamente. Frecuentemente en construcción comparativa referido a persona'.

Lengua de doble filo 'lengua viperina, lengua mordaz y maldicente', formada sobre o modelo de *arma/espada de doble filo (*o *de dos filos).*

Subir/bajar el diapasón 'subir/bajar el tono de voz'.

4.2. Dominio fonte (obxectos e máquinas)

O procedemento máis doado para proceder á cousificación dunha persoa é recorrer á comparación ou identificación con materiais (preferentemente metais: ouro, prata, chumbo…) dos que se queren resaltar cualidades que se consideran prototípicas: a dureza ou brandura, a frialdade, suavidade, etc.

No DFG topamos fraseoloxismos introducidos baixo palabras clave como *cemento armado, manteiga, ouro, pedra, ferro, ferruxe, mármore, la, pólvora, prata,* entre outras, que se aplican preferentemente a persoas:

[21] A Porta Faxeira era unha das que permitían a entrada no recinto amurallado de Compostela e era lugar tradicional de encontros e tertulias. Hoxe é tamén unha praza de moito tránsito pero conserva o seu carácter de punto de encontro.

Cara de cemento armado 'atrevida, desvergoñada'.

Ter o corazón de manteiga [u. p.] 'ser boa, branda de corazón, misericordiosa ou moi xenerosa', [*Ser u.p./u.c.*] *(branda) como a manteiga,* [*Ser*] *de manteiga* '[referido a u. p.] criada con moito mimo'.

Ter o corazón de ouro, (Ter) mans de ouro '(Ter) moita maña ou habilidade para o traballo; ter capacidade ou acerto nas cousas'.

Ter o corazón de pedra, [*Estar/quedar u. p.*] *(fría) como o mármore*.

De ferro '[referido a saúde, vontade, ou outra cousa inmaterial'] excelente; tenaz; inflexible; [referido a p.] enérxica, forte', *man de ferro.*

Estar de ferruxe [u. p.], ter ferruxe 'Mostrar enfado, anoxo'.

[*Estar/ser*] *como a prata* '[Referido a persoa] moi limpa; por extensión, moi sa, como nova'.

[*Andar u.p.*] *con/en pés de la/manteiga* '(andar) con coidado, con precaución, delicada, silenciosamente ou en segredo'.

Ser [u.p.] *como a pólvora* 'ter moito xenio'.

No DFDEA podemos recoller locucións nas que aparecen termos como etc.

*Como el acero (*o *más que el acero), de acero* úsanse para ponderar a dureza, frialdade ou resistencia (en sentido físico ou figurado): *nervios* ou *voluntad de acero*.

Ser un azogue, tener azogue (en el cuerpo) aplícase á persoa activa *azogue, cartón piedra, piedra, pedernal, cemento, oro, hierro, plata, plomo, porcelana, diamante,*, inqueda ou en continuo movemento.

Cara de cemento, cara de hormigón (armado) 'frescura u osadía'.

De cartón piedra 'insensible'.

Tener un corazón de oro, hacerse de oro.

De hierro '[persona] de carácter muy enérgico', *mano de hierro* 'dureza en el castigo y la represión', *salud de hierro.*

Como el pedernal, de pedernal '[cosa no material, especialmente corazón] sumamente dura'.

Como una piedra '…usada para ponder la dureza, la solidez o la insensibilidad' o 'la profundidad del sueño', *quedarse/dejar de piedra, no ser de piedra* 'insensible, especialmente a los estímulos sexuales'.

Manos (o manitas) de plata 'gran habilidad manual'.

Con pies de plomo 'con suma cautela', [*pesado*] *como el plomo (o más que el plomo)* en sentido físico e figurado.

De porcelana '[cosa, especialmente cutis] muy fina y delicada'.

Diamante en bruto 'Persona o cosa valiosa en potencia, pero sin pulir o refinar'.

E aínda se poden mencionar outras expresións que, por máis que explicitamente non leven a marca de 'persoa' nos dous dicionarios que manexamos, pódense aplicar aos seres humanos, segundo se constata nos exemplos que acompañan as definicións de *como se fose de goma* 'pondera a elasticidade', *(suave, amorosa) como unha seda, de veludo* 'moi suave' [DFG]; *como una goma, de goma*, *de manteca, como la mantequilla, de mantequilla* (DFDEA) (*uno tiene el corazón de mantequilla*).

Como se aprecia, en xeral, os elementos fonte de comparación son semellantes nas dúas linguas, aínda que hai algunha discordancia curiosa como gal. *andar con pés de la/manteiga*, cast. *andar con pies de plomo*.

4.2.1. Obxectos do mundo campesiño e mariñeiro

Certamente, en exemplos como os anteriores prodúcese unha cousificación da persoa. Máis próximos ao obxecto central do noso estudo, con todo, son aquelas expresións nas que o elemento fonte é un obxecto elaborado polo home. Nun compoñente da lingua como é o fraseolóxico, formado por fixación ao longo dos séculos, é de esperar que os elementos materiais da vida rural teñan unha relativamente alta representación. Cremos que esta suposición se cumpre, especialmente en galego: os tecidos e a súa elaboración, prendas e calzado, o carro, o arado, as huchas, muíños, potes, olas, etc. todo vale para a imaxinación popular, que aproveita as súas propiedades (obxectos móbiles, que dan voltas, dereitos, brandos, tortos, etc.) para crear imaxes ás veces sorprendentes. Véxanse os seguintes exemplos:

1. Tecidos e a súa elaboración

DFG:.

[*Ser u.p.*] *como unha capa/capela/manela de la* '(ser moi tranquila)', [*ser u.p.*] *de bo percal* 'de boas calidades, boa xente', [*estar u.p.*] *feita un farrapo* 'en pésimas condicións físicas ou psíquicas'.

[*Bailar/ moverse u.p.*] *como un argadelo, dar voltas como un argadelo/como unha debandoira,* [*ser u.p.*] *(dereita/recta/tesa) como un fuso* '(ser) moi dereita, tesa, orgullosa, soberbia', *dar* [u.p./u.c.] *voltas como un sarillo*.

DFDEA:

(Estar, dejar, quedar) como la seda 'en actitud o disposición muy afable', *de terciopelo* 'sumamente suave'.

2. O muíño e as súas partes e pezas:

Dar máis voltas [u.p.] *ca un muíño, darlle á tarabela/ao tarabelo (da lingua)* [u.p.] 'falar moito', *ter a buxa frouxa* [u.p] 'mentir'[22] (DFG).

[22] Ademáis de ser unha parte ou peza do muíño, *tarabela*, *tarabelo* e *buxa* aplícanse tamén a pezas doutros obxectos como a gaita, a roda de afiador ou o carro (DdD).

3. Carro e arado

DFG:

Ser [u.p.] *máis torta cás cambas do carro* 'dise do que actúa de mala fe ou ten un carácter moi difícil', [*Ser u.p.*] *(como) un carro ferrado* '(Ser) moi grande', [*ser u.p.*] *un carro cansón* '(ser) unha persoa moi lenta'.

[*Ser u.p.*] *(bruta/burra) como un arado (de pau/de ferro), ata as abeacas* 'ata ben arriba, ata as coxas'.

4. Outros obxectos da vida cotiá

DFG:

Deitar como unha cesta [u.p.] 'contar todo', [*ser*] *un cesto* [u.p.] '(ser) torpe, preguiceira'.

¡Arriba, fol de media libra! '[dise cando se colle a un neno pequeno no colo]', *Mallar* [u.p. en alguén] *como nun fol (vello),* [*ser u.p.*] *un fol de cinza* '(ser) pusilánime'.

Quentarlle a pota [u.p. a alguén] 'dar a roncha', *Ser* [u.p.] *coma o pote ao lume* 'estar sempre nun sitio, xeralmente estorbando', [*Estar/ser u.p.*] *como un pote* 'estar ou ser moi gorda', *cara de pote fendido* 'díse da persoa moi fea'.

[*Andar u.p.*] *coa canga baixa* '(Andar) coa cabeza baixa por abatemento, tristeza, preocupación ou vergoña'[23]. (DFG).

Pasarlle a garlopa [u.p. a alguén] 'refinalo, ensinarlle modos correctos e cortesía'.

No DFDEA a proporción deste tipo de fraseoloxismos é menor, pero aínda así recóllense:

(Bruto/burro) como un arado, (simple/inocente) como el asa de un cubo '...usada para ponderar la simpleza o inocencia de una persona'.

Estar como un cencerro 'estar chifaldo'.

Dar/recibir más (palos) que una estera 'dar/recibir muchos palos'

Ser [alguien] *una lima (*o *comer como una lima)* 'ser voraz o comer mucho, especialmente de manera habitual'.

Comer la olla 'comer el coco'*, írsele la olla* [a una persona] 'volverse loca [esa persona]; perder la noción de la realidad'.

Más serio que el rabo de un badil[24]*/ que el rabo de una escoba* 'sumamente serio'.

[23] O cepo que se pon arredor do pescozo dalgúns animais (DdD, s.v. *canga*) por metonimia aplícase á cabeza das persoas.

[24] "Paleta de hierro o de otro metal, para mover y recoger la lumbre en las chimeneas y braseros" (DRAE).

Soltar(se) la tarabilla 'soltar(se) la lengua'.

Sinala Ferro (2008:165) a propósito do Tesouro Fraseolóxico Galego que "hai máis comparanzas do mundo agrícola e gandeiro ca do mundo mariñeiro". O noso corpus, parcialmente coincidente pero menor en número, confirma tal afirmación. Aínda así, tanto en galego como en castelán hai un grupo homoxéneo de locucións de orixe náutica, algunhas de abundante uso, que destacan pola variedade de metáforas e valores empregados, como se pode comprobar na seguinte relación.

DFG:

Ter a cabeza boiada [u.p.] 'estar atordada'.

Facer lastre [u.p.] 'comer algo sólido para poder termar da bebida'[25].

Darse proa [u.p.] 'presumir, alardear', *de proa levantada* 'con soberbia, con altivez', [*ser u.p.*] *(forte) como unha proa, poñer a proa ao mar* 'fig., sortear unha discusión e en xeral, sortear dificultades', *poñerlle a proa* [u.p. a algo/alguén] 'ir en contra de alguén; obstaculizar algo'.

Ir [u.p./u.c.] *a pique* 'arruinarse, estragarse'.

Recoller velas [u.p.], *pregar velas* 'rectificar moderando as palabras ou a actitude; repregarse, dar marcha atrás'.

A toda máquina, táboa de salvación.

DFDEA:

A toda máquina 'a toda la potencia con que puede funcionar un motor. Frecuentemente figurado'[26], *a toda vela, a todo trapo*.

Buque insignia 'persona o cosa que tiene la primacía y máxima representación en un grupo'.

(Ir) a la deriva 'sin rumbo o a merced de las circunstancias; en decadencia'.

En (el)dique seco 'en situación de inactividad. Generalmente referido a deportista lesionado; sin beber'.

Aguantar cada palo su vela 'ser cada uno responsable de sus asuntos o hacer frente a sus obligaciones. Generalmente en la construcción *que cada palo aguante su vela', a palo seco* 'sin más ni más, o sin razón o justificación'.

Capear el temporal 'arreglárselas para salir de una situación difícil"[27].

---

[25] O significado marítimo pode consultarse en Lorenzo, Murga e Ferreiro (1865, s.v. *lastre*).

[26] "Se dice andar, navegar á toda máquina cuando funciona el vapor libremente, es decir, cuando entra en el cilindro todo el tiempo que permite la válvula corredera: entonces la máquina produce el máximum de potencia y por tanto de impulsion" (Lorenzo, Murga e Ferreiro 1865, s. v. máquina).

[27] *Capear á palo seco, Correr á palo seco* 'correr sin vela alguna'; *Capear*: '…disponer el aparejo de manera que el buque pueda aguantarse todo lo posible en el punto en que se halla (…) cuando se encuentra con un viento muy duro y contrario a la derrota que se quiere seguir (…). Como son varios los modos de ejecutar esta maniobra, así también hay diversas frases que los designan, conforme el aparejo ó velas con

Irse a pique 'arruinarse'.

Como una carraca/hecho una carraca 'construcción […] usada para ponderar el estado caduco o de deterioro de una persona o cosa'.

Expresións como *echar el ancla* o *echar anclas*, *levar anclas*, que se poderían incluír no apartado anterior, xunto con outras como *calentar motores*, parécennos sumamente interesantes porque nos mostran as dificultades de interpretación (ambigüidades) que poden orixinar as imaxes metafóricas. A interpretación que dá sentido a esas frases feitas pode ser AS PERSOAS SON BARCOS / VEHÍCULOS, co que entrarían no noso estudo. Pero tamén é factible un esquema icónico no que nos imaxinemos unha persoa dentro dun coche ou a bordo dun barco realizando as accións mencionadas (máis claro noutros fraseoloxismos como *pisar o acelerador*). Se esta última é a interpretación adecuada habería unha proxección entre dúas situacións, unha máis concreta, outra máis abstracta, pero non cousificación de persoa. O mesmo sucede coa locución gal. *darlle ás agullas* 'darlle á lingua, falar moito e con pouco tino', que se pode fundamentar na proxección metafórica A LINGUA É UN OBXECTO MÓBIL / PUNZANTE pero tamén nunha proxección metonímica moi diferente orixinada na visión dun grupo de costureiras traballando ao tempo que se entreteñen falando (asociación estereotipada na nosa sociedade, que pode topar paralelismo en *estar de palique*).

4.2.2. Instrumentos musicais

Un lugar importante entre os fraseoloxismos que nos ocupan está representado por aquelas unidades que parten da asociación persoa-instrumento musical. A música constituíu e constitúe un dos principais medios de diversión na sociedade rural tradicional coas súas romerías e foliadas, papel que non perdeu na sociedade moderna, polo que non deixa de ser esperable este protagonismo. Os instrumentos musicais, tal como se mostran na fraseoloxía, caracterízanse ademais polas múltiples e discrepantes connotacións que presentan: poden implicar alegría ou diversión, pero tamén ruído, aturdimento, desconsideración, etc. Incluso, como de seguido se verá, un mesmo instrumento (*gaita, bombo, pandeireta*) pode presentar varios valores.

DFG:

[*Andar/estar u.p.*] *coma a gaita na festa, máis leda cá gaita na festa* '(andar) moi alegre', *¡Que gaita grileira!* 'expresión de rexeitamento', *non valer farrapo de gaita* [u.p./u.c.] 'non valer nada'.

[*Poñer/ter u.p.*] *a cabeza como un bombo/ a cabeza feita un bombo* 'expresión que pondera o forte atordamento', *levar no bombo* 'estar embarazada unha muller'.

[*Estar/ser u.p.*] *(alegre) como unhas castañolas.*

[*Ser u.p.*] *(alegre) como unha pandeireta* 'moi alegre', [*estar u.p.*] *como unha pandeireta* '(ser) pouco asisada'.

---

que se practica; y cuando se hace sin ninguna de estas, sino con solo el timon cerrado á la banda para orzar, se dice *capear á palo seco,* ó *á la bretona*." (Lorenzo, Murga e Ferreiro 1865, s.v. *palo, capear*).

Facer un pandeiro [u.p. de alguén] 'tratar con desconsideración, sen respecto; dominalo', *facer un pandeiro do seu (cu)* [u.p.] 'actuar con total liberdade nos asuntos propios'.

Voz de frautín 'voz aguda, que chirla', *caixa de resonancia* 'persoa, institución ou cousa que pola súa relevancia actúa como elemento dinamizador e difusor no seu ámbito de acción'.

DFDEA:

Como un sonajero/como un bombo/ hecho un bombo 'construcción (…) usada para ponderar el estado de fuerte aturdimiento. Referido a la cabeza y generalmente con verbos como *tener* o *poner', hacer un bombo* [a una mujer] 'dejar[la] embarazada'.

Como una carraca/más que una carraca 'construcción […] usada para ponderar lo mucho que habla una persona o el ruido que hace una cosa'.

Asomar la gaita [alguien] 'asomar el cuello o la cabeza'.

Como una pandereta 'con mucha alegría', *poner* [a alguien] *el culo como un pandero* 'pegarle fuerte en el trasero'.

Voz de pito 'voz muy aguda'.

4.2.3. Máquinas

Deixamos para o final os fraseoloxismos fundamentados na metáfora conceptual AS PERSOAS SON MÁQUINAS, unha especificación da máis xeral, AS PERSOAS SON OBXECTOS. As máquinas son obxectos complexos que desenvolven funcións variadas, necesitan unha forza que as faga funcionar, soen estar formadas por varias pezas ben engranadas entre si e, desde a orixe das civilizacións históricas, véñennos acompañando, marcando cos seus avances os da humanidade. Hoxe en día a vida sería inimaxinable sen elas: vehículos, reloxos, electrodomésticos, ordenadores…

As expresións enmarcables neste apartado poden ter un carácter xeral no que se resaltan os trazos positivos da equiparación home-máquina (traballo constante sen cansazo) ou negativos (automatismo, uniformidade, ausencia de creatividade) pero tamén poden responder a variadas facetas particulares dentro da imaxe xeral.

DFG:

Acendérselle/disparárselle as alarmas [a alguén], *dispararlle as alarmas* [u.c. a alguén] 'poñerse ou poñelo en garda'.

DFDEA:

(Trabajar) como una máquina '[…] usada para ponderar la uniformidad, el automatismo o la capacidad de producción'.

Ser una máquina (como una máquina) 'trabajar mucho y de manera automática'.

Como un autómata 'construcción […] usada para ponderar la falta de voluntad o de atención con que actúa alguien'.

Encendérsele (iluminársele) [a alguien] *la bombilla* 'ocurrírsele una buena idea'.

Nesta serie pódese incluir tamén *poñer o piloto automático* [unha persoa], aínda que a expresión non se recolle no corpus[28].

1. Vehículos:

Os medios de transporte, os vehículos e en especial o coche, definen en boa medida o noso ritmo de vida para o bo e para o malo. Todos pasamos moitas horas ao cabo da semana dentro dun, todas as familias dispoñen dun ou máis, de xeito que nos resulta difícil imaxinar a vida sen eles. Non é de estrañar, logo, que sirvan de base de múltiples comparacións no ámbito da fraseoloxía. As metáforas fundamentadas nos vehículos (e os seus compoñentes: motor, embrague, freos, acelerador, faros, etc.) poden aludir ao aspecto físico, comportamento, situación ou estado das persoas, etc.

DFG:

Patinarlle o embrague [a alguén] 'non estar ben da cabeza', *patinarlle as neuronas* [a alguén] 'falar ou actuar con pouco siso', sinónimos de *estar como unha carriola* (oral, Vimianzo).

Darlle ao motor [u.p.] 'darlle á lingua'.

Andar mal dun faro [u.p.] 'ser birollo'.

Dar marcha atrás [u.p.] 'retroceder; mudar de idea ou de opinión'.

Estar [u.p.] *como un tren* 'ser moi guapa, ter moi bo corpo'.

Estar en vía morta [u.p./u.c.].

DFDEA:

Calentar motores 'prepararse para el comienzo de una actividad'.

En el chasis 'en condiciones lamentables o bajo mínimos'.

Dar/pegar el/un reventón [alguien o algo]'sufrir una crisis violenta'.

Dar (echar) marcha atrás [en algo] 'desdecirse o arrepentirse [de ello]', *marcha atrás* 'acción de interrumpir el coito inmediatamente antes de la eyaculación'.

Patinarle las neuronas [a alguien] 'pensar [esa persona] con falta de claridad o de cordura'.

Chupar rueda 'marchar detrás [de alguien]; aprovecharse de algo ajeno, especialmente de un esfuerzo'.

[28] *Piloto autómático* "Dispositivo que permite gobernar automáticamente un barco o un avión" (DRAE); *piloto automático* "dispositivo que permite dirixir e mante-lo rumbo nun avión, nave, foguete, etc., sen intervi-la tripulación" (DRAG).

A piñón fijo 'de manera fija o invariable', *a piñón libre* 'de manera libre o en libertad'.

Bajar el pistón 'moderar las pretensiones'.

Pasarse de revoluciones [alguien] 'excederse y perder el control en sus actos o palabras', *(estar/poner) a cien/a mil* 'en estado de gran excitación o de gran irritación', *poner como un tren* [a alguien] 'excitar[le] sexualmente.

(Estar/ir/ponerse) como una moto, perder aceite [un hombre]*, echar gasolina,* e outras expresións do mesmo tipo, frecuentemente humorísticas, xa foron comentadas, especialmente en § 4.1.2 e § 4.1.3.

En el coche de san Fernando 'a pie'[29].

Echar el freno (de mano) [a alguien o algo]*, echar el freno* [alguien o algo] 'frenar o detenerse'[30], *al/en ralentí* 'a cámara lenta, o en ritmo más lento de lo normal'.

Todo terreno ' [persona o cosa] válida para cualquier situación', *furgón de cola* 'persona o colectividad que ocupa el último lugar de un conjunto'.

Un grupo numeroso destes fraseoloxismos alude á velocidade ou rapidez:

DFG:

A toda máquina/vela, a todo trapo adquiren continuación en *a toda marcha, a todo tren, a todo gas, a escape*, etc.

Correr [u.p.] *máis có tren* 'correr moito; anticiparse a algo'.

[*Andar/ ir u.p.*] *coma un riguilete/trinquete, ir* [*u.p. montada en algo*] *coma nun trinquete* 'ir rápido e ben; con dominio', *a todo filispín* 'a moita velocidade'[31].

DFDEA:

Meter (poner) la directa [alguien] 'imprimir el máximo impulso a su acción', *como un bólido/hecho un bólido, como un cohete/ más que un cohete*.

Pisar el acelerador 'aumentar la velocidad o el esfuerzo en una acción o un proceso'.

2. Presión, cohesión das máquinas

Como dixemos, as máquinas soen estar formadas por moitas pezas que deben estar en óptimas condicións para o seu correcto funcionamento. Elementos como cast. *clavijas, tornillos, resortes, muelles*, gal. *caravillas, parafusos*, etc. permiten que o mecanismo enteiro garde a debida tensión e cohesión. Cando estes elementos non están a punto, por exceso (cast. *pasarse de rosca*) ou por defecto (cast. *aflojarse un tornillo*) o

[29] Implicitación de *En el coche de San Fernando, un poquito a pie y otro andando.*

[30] Máis antiga é a expresión *tascar el freno* [una pers.] 'aguantar(se) con irritación reprimida' (DFDEA), que implica unha animalización do ser humano.

[31] Probablemente deturpación do inglés marítimo *(at) full speed* ou *full speed (ahead).*

mecanismo deixa de funcionar correctamente e móvese forzado. A fraseoloxía aproveita estas situacións como fonte de numerosas expresións metafóricas aplicadas ás persoas.

DFG:

Apertarlle as caravillas [u.p. a alguén] 'premelo, acosalo, poñelo nun transo apurado'.

Faltar o parafuso do medio (oral, Deza).

Arrolarlle a cabeza [a alguén] 'pensar cousas disparatadas, estar medio chalado'.

[*Erguerse/levantarse u.p.*] *como un resorte* 'con presteza propia dun mecanismo automático'.

DFDEA:

Apretar las clavijas [a alguien] 'aumentar el nivel de exigencia o de rigor [respecto a él]'[32], *apretar los tornillos* [a alguien], *apetar las tuercas* [a alguien].

Faltar algún tornillo [a alguien]/ *tener* [alguien] *flojo (suelto) algún tornillo* 'estar loco'.

Pasarse de rosca 'ir [alguien], en sus actos o palabras, más allá de lo discreto y razonable'.

Flojo de muelles 'incapaz de controlar la emisión de orina o de excrementos' e os derivados *aflojársele* [a alguien] *los muelles, tener los muelles flojos*.

Como un resorte, como movido/impulsado por un resorte 'con gran rapidez. Se usa para ponderar la inmediatez con que alguien actúa'.

Doblar la bisagra 'doblar el espinazo o trabajar'.

3. Fonte de enerxía das máquinas

Finalmente, as máquinas necesitan enerxía para funcionar e cables ou outros dispositivos para conduciren esa enerxía. Ao longo da historia os procedementos para lograr esa forza motriz foron variando. As máquinas máis antigas funcionaban movidas pola auga ou o vento. Pero a invención de dispositivos mecánicos permitiu que as máquinas puidesen funcionar dentro dos edificios sen necesitade de depender deses elementos naturais. Unha corda atada nun extremo a un peso e enrolada no outro arredor dun eixe producía a forza necesaria para mover primitivos reloxos e outros mecanismos autómatas. De aí derivan numerosos fraseoloxismos (*dar corda, ter corda*) que se mantiveron incluso cando ese dispositivo (a *corda*) se deixou de usar nos reloxos substituído por resortes máis pequenos e manexables. A descoberta e manexo da electricidade, con cables, pilas e baterías, supuxo unha nova forma de almacenar enerxía que orixinou novas expresións fraseolóxicas, algunhas recentes (*cargar pilas*).

[32] Sinala Cejador (1921 [2008] s.v. *clavija*) que as locucións *apretar la clavija* o *apretar la llave* foron aplicadas primeiramente á guitarra.

Como nos casos anteriores, tamén estes sistemas poden avariarse orixinando locucións de carácter negativo que se suman ás vistas máis arriba (*cruzársele los cables, fundírsele los plomos, sufrir un cortocircuito*)[33]:

DFG:

Acabárselle a corda [a alguén] 'morrer', *ter corda* [u.p.] 'ter resistencia, enerxía, aguante'.

Ter correa [u.p.] 'aguantar moito; falar moito'.

DFDEA:

Acabársele [a alguien] *la cuerda* 'acabársele el impulso o la resistencia, o lo que tenía que decir', *como si le hubieran dado cuerda* '[…] usada para ponderar el modo imparable en que alguien habla o actúa', *tener cuerda/quedarle cuerda* [a alguien o algo] 'tener impulso o resistencia, frecuentemente con el imcremento expresivo *para rato*'[34].

Cargar (recargar) las baterías 'recuperar fuerzas [una persona]', *agotársele* [a alguien] *las pilas* 'agotárse[le] las fuerzas o energías', *cargar* [alguien] *(las) pilas* 'recuperar las fuerzas o energías', *poner las pilas* [a alguien], *ponerse las pilas* 'prepararse y ponerse en acción', *desconectar (desenchufar) las pilas/la pila* 'dejar de atender o de prestar atención'.

Cruzársele [a alguien] *los cables (un cable)* 'nublárse[le] la mente; enfadarse o irritarse'.

Fundírsele (saltársele) [a alguien] *los plomos* 'paralizársele el cerebro, especialmente por pensar mucho'.

4. Computadoras. Tecnoloxía informática

A última revolución tecnolóxica da humanidade é a informática, capaz de crear un mundo virtual que compite nalgúns casos co real. As computadoras e, en xeral, internet e as chamadas TICS (tecnoloxías da información e da comunicación) mudaron o noso modo de vida facendo o acceso á información moito máis doado. Deste xeito o tradicional *averígüelo Vargas,* para quen os fraseólogos buscan referente (Iribarren 1994:14-15), vai deixando lugar a *San Google* ao tempo que a nosa lingua se enche de metáforas procedentes do ámbito informático. Xa se indicou máis arriba que os computadores funcionan como o noso cerebro efectuando tarefas do tipo de gardar ou memorizar grandes cantidades de datos, realizar cálculos rapidísimos e outras operacións semellantes. Por tal motivo, pode aludirse ao noso cerebro utilizando tecnicismos como *disco duro, memoria RAM, ampliación de memoria,* etc. Algunhas

[33] O anglicismo *stand by*, aplicado a aparatos eléctricos con consumo en espera, tamén coñece un uso metafórico: "O asunto queda en *stand by* ata a próxima reunión".

[34] Cast. *dar cuerda* [a alguien] 'dejar[le] hablar, o animar[le] a seguir hablando' (DFDEA), gal. *darlle corda* [u.p. a alguén] 'entreter con dilacións; prolongar un prazo, aprazar' (DFG) teñen unha orixe distinta, xa que se refiren á corda que solta o pescador para que o peixe non escape. Con todo, aínda que no corpus non se recolla, as dúas expresións aceptan tamén unha interpretación acorde coa do resorte mecánico *(Ao rapaz parece que lle deran corda. Non para de correr*).

destas proxeccións metafóricas poden ser ocasionais (como cando se alude a unha adolescente *tan pequeña como un archivo RAR*, é dicir, un arquivo comprimido[35]). Non hai moito tempo, unha coñecida nosa, que preparaba unhas duras oposicións, pedíalle aos Reis Magos na consabida carta "un aumento de memoria, pero non do ordenador". Do mesmo xeito, hai poucos anos na prensa unha docente queixábase nunha carta ao director do "declive da cultura xeral" nos seguintes termos:

> *La degeneración de ese invento llamado evaluación continua ha compartimentado los conocimientos almacenados en la memoria de nuestros estudiantes en pequeños archivos que se vuelcan cada dos semanas en una hoja de examen sin hacer antes una copia de seguridad con el consiguiente resultado: examen aprobado, archivo eliminado* (*El País* 27/11/2006[36]).

Noutros casos estas expresións metafóricas teñen o suficiente éxito para formar parte xa do inventario fraseolóxico do castelán e o galego:

> *Cambiar o/de chip* [u.p.] 'mudar de actitude ou de maneira de pensar' (DFG).
>
> *Cambiar el chip* 'cambiar de mentalidad o de actitud'[37] (DFDEA).
>
> *Disco duro* 'memoria o mente de una persona' (DFDEA).

5. Conclusións

Nas páxinas anteriores, seguindo os postulados da lingüística cognitiva, analizamos un grupo de expresións idiomáticas que desenvolven a idea xeral 'as persoas son obxectos / máquinas'.

De acordo cos principios de xerarquía e sistematicidade, comprobamos que estas expresións metafóricas podían organizarse en niveis coherentes, desde o máis xeral ata o das variadas expresións de tipo particular.

Este conxunto de fraseoloxismos constitúe un grupo homoxéneo que se aproxima ao 2% do corpus idiomático do galego e do castelán, algo máis numeroso no primeiro caso.

---

[35] http://unabichacualquiera.tumblr.com/post/1457504189/trimardita-unabichacualquiera-adivinen-quien [Data de consulta: 2/03/2011].

[36] http://www.elpais.com/articulo/opinion/declive/cultura/general/elpepuopi/20061127elpepiopi_9/Tes [Data de consulta: 25/02/2011].

[37] Véxase esta reflexión sobre o inapropiado da frase: "La gente emplea esta expresión con una ligereza que resulta, como mínimo, molesta. La mayoría de la gente que utiliza la expresión no sabe lo que es un *chip*. Un *chip* (o circuito integrado) es (…) un dipositivo electrónico que sirve para muchas cosas. Uno de sus múltiples usos es como CPU (Central Processing Unit) de un ordenador. No me voy a extender demasiado en tecnicismos, pero ese *chip* puede servir para almacenar programas o para otras cosas. Caso de que se quiera cambiar un programa, o sea, que un ordenador ejecute una tarea diferente a la que está realizando, NO HACE FALTA CAMBIAR EL CHIP. Sí, lo digo gritando y no voy a pedir perdón. Para ejecutar una tarea distinta, se carga otro programa, no se *cambia el chip*." [http://infulas.blogspot.com/2008/10/destripando-frases-hechas-cambiar-el.html [Data de consulta: 09/03/2011].

A análise do corpus permite destacar aquelas facetas da realidade que se toman como fonte das expresións metafóricas (focos significativos), pero tamén nos permite comprobar a súa evolución e constatar como os elementos da sociedade rural tradicional van sendo substituídos paulatinamente polos propios da era das novas tecnoloxías.

Unha característica salientable destas expresións idiomáticas é a súa polivalencia e a abundancia de marcas como humorística e coloquial.

6. Referencias bibliográficas

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka (2008): "La comparación, la metáfora y la metonimia: recursos principales para la creación de las unidades fraseológicas", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología.* Frankfurt am Main: Ed. Peter Lang, 19-28.

BARCELONA, Antonio (ed.) (2000): *Metaphor and metonymy at the crossroads: a cognitive perspective*. Berlin: Mouton de Gruyter.

CEJADOR Y FRAUCA, Julio (1921 [2008]): *Fraseología o Estilística castellana*: *Diccionario Fraseológico del Siglo de Oro*. Edición de A. Madroñal e D. Carbonell. Barcelona: Eds. del Serbal.

CUENCA, Mª Josep; HILFERTY, Joseph (1999): *Introducción a la lingüística cognitiva*. Barcelona: Ariel.

DdD = SANTAMARINA, Antón (2003): *Diccionario de Diccionarios.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza (Edición electrónica CD-ROM). Dispoñible tamén en http://sli.uvigo.es/ddd/index.html.

DFDEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Madrid: Aguilar.

DFG = LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Xerais.

DIRVEN, René (2002): "Metonymy and metaphor: Different mental strategies of conceptualization", en DIRVEN, René e PÖRINGS, Ralf (eds.): *Metaphor and Metonymy in Comparison and Contrast.* Berlin / New York: Mouton de Gruyter.

DRAE= REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe (http://buscon.rae.es/draeI/).

DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (1997): *Diccionario da Real Academia Galega.* A Coruña: Real Academia Galega (http://www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp).

FERNÁNDEZ FERREIRO, M. (2007): "La (re-)interpretación de metáforas en sociolingüística", en CANO, Pablo; FERNÁNDEZ, Isabel; GONZÁLEZ, Miguel; PREGO, Gabriela; SOUTO, Montserrat: *Actas del VI Congreso de Lingüística General*, vol. III. Madrid: Arco/Libros, 3657-3669.

FERRO RUIBAL, Xesús (2006): "Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 179-264.

GIBBS, Raymond W. Jr (1994): *The poetics of mind. Figurative thought, language, and understanding*. Cambridge: Cambridge University Press.

(2008): *The Cambridge Handbook of Metaphor and Thought*. Cambridge: Cambridge University Press.

GONZÁLEZ REY, M. (1995): "La rôle de la métaphore dans la formation des expressions idiomatiques", en *Paremia* 4, 157-167.

IBARRETXE-ANTUÑANO, Iraide (2005): "Limitations for cross-linguistic metonymies and metaphors", en OTAL, José Luis; NAVARRO, Ignasi; BELLÉS, Begoña (eds.), 187-200.

IÑESTA MENA, Eva Mª; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Granada Lingvistica.

IRIBARREN, José Mª (1194): *El porqué de los dichos*. Pamplona: Gobierno de Navarra.

JAKOBSON, Roman (1974): *Lenguaje infantil y afasia*. Madrid: Ayuso.

LAKOFF, George (1993): "The contemporary theory of metaphor", en ORTONY, Andrew (ed.), 202-251.

LAKOFF, George; JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors we live by*. Chicago: The University of Chicago Press. Tradución española de C. González Martín, (1995): *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra.

LORENZO, José de; MURGA, Gonzalo de; FERREIRO, Martín (1865): *Diccionario marítimo español*. Madrid: Establecimiento Tipográfico de T. Fortanet (http://books.google.com/books?id=HmBGAAAAYAAJ&printsec=frontcover &hl=es#v=onepage&q&f=false).

ORTONY, Andrew (ed.) (1988/1993): *Metaphor and thought*. Cambridge: Cambridge University Press.

OTAL, José Luis; NAVARRO, Ignasi; BELLÉS, Begoña (2005): *Cognitive and Discourse Approaches to Metaphor and Metonymy*. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I.

RUIZ, Juan (Arcipreste de Hita) (1974): *Libro de Buen Amor*. Ed. de J. Joset. Madrid: Espasa Calpe.

SORIANO, Cristina (no prelo): "La metáfora conceptual", en I. IBARRETXE-ANTUÑANO, Iraide; VALENZUELA, Javier (coords.): *Lingüística Cognitiva*. Barcelona: Anthropos. (http://www.unmsm.edu.pe/ceupseducacion/ecp/Ibarretxe-valenzuela-LC_CAP_2.3.pdf)

TRISTÁ PÉREZ, Antonia Mª (1983): "La metáfora: sus grados de revelación en las unidades fraseológicas", en CARNEADO, Zoila e TRISTÁ, Antonia Mª: *Estudios de fraseología.* La Habana: Academia de Ciencias de Cuba, 47-65.

VAN NOPPEN, Jean-Pierre; HOLS, Edith (comps.): *Metaphor II. A Classified Bibliography of Publications 1885 to 1990.* Amsterdam: John Benjamins Publishing Company.

VAN NOPPEN, Jean-Pierre; DE KNOP, Sabine; JONGEN, René (comps.) (1985): *Metaphor. A Bibliogrphy of Post-1970 Publications.* Amsterdam: John Benjamins Publishing Company.

VELASCO, Mª Sol; FUERTES, Pedro; SAMANIEGO, Eva (2005): "La metáfora cultural de género en el discurso publicitario: ejemplo de proyección metafórica de origen metonímico", en OTAL, José Luis; NAVARRO, Ignasi; BELLÉS, Begoña (eds.), 157-173.

Onde hai eguas, poldros nacen[1]. A realidade vista dende os equinos

Fernando Groba Bouza[2]

Análise e interpretación do contido da "Compilación da fraseoloxía equina galega actual" que publicamos no número anterior de *Cadernos de fraseoloxía galega*. Este novo estudo pretende amosar os alicerces sobre os que se asentan 1951 unidades fraseolóxicas relacionadas co mundo equino dende un enfoque zoolóxico e antropolóxico. Asemade, dá a coñecer un animal que, logo da gran transcendencia que tivo para a nosa cultura, está a ser un gran descoñecido para as novas xeracións, cada vez máis urbanizadas.

Palabras clave: équidos, interpretación fraseolóxica, zooloxía, antropoloxía.

Analysis and interpretation about the content of the "Compilation of the present Galician equine phraseology" wich was published in the previous issue of the Notebooks of Galician phraseology. This new study tries to show the foundations of the 1951 phraseological units related to equine world from a zoological and anthropological focus. At the same time, this article presents an animal wich despite having been very important to our culture, is being a great unknown to new generations, more and more built-up.

Keywords: equidae, phraseological interpretation, zoology, anthropology.

1. Introdución

Este artigo nace como unha necesidade latente de interpretar o contido da "Compilación da fraseoloxía equina galega actual" que publicamos no número anterior

Data de recepción 25/04/2011 Data de aceptación 19/09/2011

[1] Incluímos este refrán no título por ser representativo da produtividade fraseolóxica equina que hai en Galicia. A existencia de case 50 000 equinos no noso país é a orixe directa dos case 2000 fraseoloxismos que recollemos na nosa compilación.

[2] Ex-bolseiro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e secretario actual da Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga). Agradecemos encarecidamente a colaboración de Francisco Pereira Diz e de Ignacio Alonso Rodríguez da Clínica Equina O Cabalo que nos ofreceron o seu asesoramento técnico; tamén agradecemos as observacións e suxerencias dos diversos correctores que permitiron mellorar o texto; especialmente a Xesús Ferro Ruibal as noticias das notas 31 e 32.

de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Groba 2010). A finalidade deste traballo que agora presentamos é dobre. Por unha banda, quere debuxar o esqueleto que lle dá soporte a esa compilación de 1951 unidades, a través dun enfoque máis zoolóxico que filolóxico que intenta espir a literariedade do fraseoloxismo e, xa que logo, a súa orixe. Por outra banda, pretende esmiuzar as entrañas e dar a coñecer un animal que, despois da grande axuda que lle prestou á comunidade galega, está a ser un gran descoñecido para as novas xeracións que medran nunha Galicia cada vez máis urbana.

Para artellar unha lingua e expresar mellor aquilo que quere comunicar, o ser humano trata de escoller todas aquelas cousas que ten máis próximas. Para iso, intenta captar o que cada obxecto, animal, etc. ten de especial. Por exemplo, da auga destaca que é incolora e insípida; que molla; que pode estar conxelada, fría, morna ou quente; e pode atoparse en estado sólido, líquido ou gasoso. A continuación elabora, moitas veces incluso a través de figuras ou recursos retóricos, sintagmas como: *auga de colonia* (OR), *auga forte* (OR), *claro coma a auga* (DCS21), *facerse a boca auga* (DCS21), *romper augas* (DCS21) ou *Auga que non debas beber, déixaa correr* (OR). No caso dos equinos, a humanidade tratou de recoller tamén aquelas particularidades que presenta este fermoso animal (un cuadrúpede, grande, forte pero un pouco teimudo - maiormente o burro-, que posúe un período de xestación bastante longo) para crear toda unha interpretación da realidade a través da fraseoloxía que recollemos na nosa compilación: *cabaliño do demo*, *ser testudo coma unha burra*, *ser un parto coma o dunha burra* ou *Cabalo farto non ten fame*.

Toda esa esencia especial, toda esa singularidade é a que queremos analizar e transmitir no presente traballo. Agora ben, cómpre ter en conta que non nos resultou nada doado intentar artellar todo este *totum revolutum*. A relación entre literariedade e grao de afastamento do referente é moi diferente dunhas unidades a outras. Gustaríanos que fosen tan fáciles de clasificar coma os ouros cos ouros e as espadas coas espadas nunha baralla de cartas cos paus mesturados; mais non é así.

Por último, e como valor engadido a este artigo, incluímos entre os exemplos paremias novas que recollemos nestes últimos meses. Consideramos que era unha mágoa deixalas no tinteiro e decidimos regalárllelas aos lectores. Estas unidades son as únicas que presentan a fonte ao seu carón para saber a súa procedencia e poder recoñecelas. Só usamos tres: OR-fonte oral; TVG-Televisión de Galicia; e DCS21-*Gran dicionario século21 da lingua galega*.

2. O cabalo como referente fraseolóxico

Como acabamos de mencionar na introdución, os équidos foron e seguen a ser un referente dun calado importantísimo na nosa fala (case 2000 construcións fraseolóxicas). A súa morfoloxía, o seu comportamento, os seus costumes e a súa necesaria e fácil domesticación deixaron unha pegada moi fonda no acervo lingüístico e fraseolóxico galego.

O cabalo leva connosco dende o principio dos tempos. Aínda que no inicio só fose presa de cazadores, levamos 5000 anos a domesticar neles, a usalos como medio de transporte en viaxes e guerras, como forza motriz para o traballo, como ferramenta para

o deporte e o ocio, etc. A este respecto, Galicia conta con dúas especies equinas autóctonas propias, o *Burro Fariñeiro* e o *Cabalo de Pura Raza Galega*, que levan connosco dende que nolos trouxeron os nosos devanceiros. Esta longa tradición ecuestre reflíctese nos case douscentos certames que se desenvolven en Galicia ao longo do ano (feiras, rapas, xuntanzas, concursos, carreiras, etc.) e en todas as nosas artes: na literatura, na pintura, na escultura, no cinema, na música, na escultura e mesmo na arquitectura.

2.1. A súa morfoloxía e a súa fisioloxía

2.1.1. O **corpo equino**, dunha fermosura excepcional, serviu como fonte de inspiración para bautizar outras realidades semellantes. Así, en *cabalo/cabaliño do demo* ou *cabalo de mar* a súa silueta deulles o seu nome. Isto acontece tamén co parecido que poidan ter as súas partes do corpo con outros obxectos: *cola de cabalo*, *dentes de burro/cabalo*, *ollos de cabalo*, *orella de mula*[3], *orellas de burro*, *Home orelludo, señal de burro*, *Besta sen rabo, o demo a aparella* ou *medrar como rabo de cabalo*, que, por caer cara abaixo o rabo, indica o declive económico de alguén. Incluso o tamaño do seu corpo, ao ser un dos animais domésticos máis grandes que habitan os lares galegos, serve en locucións como *non ver un burro a tres/catro pasos* para reforzar a falta de visibilidade ou *andar buscando a besta e ir/andar a cabalo/de acabalo dela* ou *ir a cabalo do burro e andar ao seu precuro* para resaltar o despiste dunha persoa.

Esta figura corporal incluso chega a crear unha serie de paremias que nos orientan sobre a calidade ou as preferencias dos posibles compradores: *Burro/cabalo grande, ande, non ande*; *O boi peludo; e o cabalo, barrigudo*; *O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo*; *O cabalo, pando, e o boi, corvado*; *Boi corvo, burro combo e cabalo fondo*; *Boi longo, cabalo redondo*; *Boa pata e boa orella, sinal de boa besta*; *Non existe o cabalo perfecto* (OR) ou *Se queres o cabalo perfecto, píntao* (OR). (Ver *mercado* na epígrafe 2.4).

2.1.2. Á parte da súa aparencia exterior, algunhas das súas particularidades fisiolóxicas tamén teñen servido como base para crear fraseoloxía. A primeira delas é a abundancia de **gases** que expulsa polo seu ano. Úsase, por exemplo, *ter/coller máis ca unha burra peidos* ou *darse como á burra os peidos* para sinalar abundancia. Na dixestión equina, todo o que non foi absorbido no intestino pasa ao cego e ao intestino groso. Nestas estruturas é onde ocorren os procesos de fermentación. Nesta parte da dixestión unhas bacterias específicas que viven no intestino rompen os compoñentes da comida para producir enerxía, un subproduto da fermentación é o gas que expulsa en forma de "peidos".

2.1.3. O **celo** é outra das necesidades fisiolóxicas dos equinos que deu moito xogo. O tempo máis apropiado para o ciclo ovular da egua é a primavera e, en concreto, o mes de maio. A luz e a temperatura deste mes son as máis apropiadas para que a femia ovule e pretenda buscar un macho que a cubra. Neste proceso, expulsa un líquido vaxinal, composto por unha mucosidade de feromonas que proceden das glándulas vaxinais e pequenas cantidades de urina, que emite un olor especial que o macho

[3] Planta comestible en ensalada.

detecta e identifica inmediatamente. Ese fluxo indica tamén que é o momento ideal de ovulación para quedar preñada: *Egua mexada, egua preñada; vaca cagada, vaca preñada* (TVG). Neste momento de revolución hormonal, as femias e, sobre todo, os machos están especialmente alterados: *En maio*, *a besta é cabalo*, *En maio unha besta vella parece cabalo*, *En maio, calquera besta/burro é cabalo*, *En maio, o barrufeiro faise cabalo*. Por iso, non é normal que nesta temporada os sementais estean tranquilos e haxa persoas que digan: *Dou ao demo o poldro que en vendo eguas non relincha* porque expresa unha anomalía no comportamento esperable. Este comportamento extrapolámolo tamén ás persoas en *estar/andar/vir quente coma un burro/burra* que empregamos cando unha persoa está sexualmente excitada ou ten moitas ganas de practicar sexo.

O cortexo equino semella unha acción violenta porque antes da cópula pode haber couces e mordeduras -*Amor de burro, couce e bocado*-. Ademais, cando os animais se atopan en liberdade, os sementais loitan ata a extenuación por seren os que cubran as eguas. Despois da loita chega a cópula mais tampouco está exenta de inconvenientes porque *Se non fora o rabo, empreñaba a burra* que 'se di cando hai algún inconveniente para facer algo'.

A femia equina, xa sexa burra ou egua, pare unha vez ao ano porque o seu período de xestación é bastante longo -12 e 11 meses, respectivamente-, por iso se di *ser un parto coma o dunha burra* para un asunto é lento en resolverse ou facerse. En estado natural a femia volve coller o macho unha vez que pasan quince días. No entanto, a que está estabulada ten que a persoa que a coida *ir coa egua á venda*, é dicir, que ten que levala ao cabalo a que a cubra. Esta longa duración ten servido tamén para ironizar en *Mentras a burra non paire, non se sabe que cría sae* para referirnonos a unha muller.

Por último, o acto sexual equino deixounos un variado repertorio de denominacións para nos referir a eles como: *cabalo cubridor*, *cabalo de parada*, *cabalo de semente*, *cabalo semental*, *cabalo enteiro*[4], *cabalo pai*. E incluso un refrán como: *Home viúvo, cabalo picado*[5] 'refírese á súa experiencia de vida en parella que é moito maior cá dunha persoa que non a ten'.

2.1.4. O son que provoca o burro para se comunicar, o **orneo**, é outra característica fisiolóxica que xerou moita fraseoloxía. En moitos dos casos aplícase a persoas para criticar ou reflectir a súa ignorancia (ver *ignorancia* na epígrafe 2.1): *O fillo do burro ben sabe ornear*; *Orneadas/Orneos de burro non chegan ao ceo*[6]; *Se che dixeren dous que eres burro, ornea*; *¡Ah! A primeira orneada que o burro dá*; ou a súa sabedoría: *Ben sabe o burro en que casa ornea*. Alén destas construcións, temos outras que se refiren ao burro, ora como indicador ou aviso en *Onde canta un crego e ornea un burro, alí nunca falta un peso duro*, *Se os burros ornean moito, non sairás enxoito*, ora como unha actividade que molesta ao oído do ser humano: *A muller bailar e ao burro ornear, o diaño debeullo ensinar* (ver *muller* na epígrafe 2.6).

---

[4] Un *cabalo enteiro* é aquel que ten os seus órganos reprodutores intactos, en oposición ao ***cabalo capado***.

[5] Un *cabalo picado* é o que xa mantivo relacións sexuais cunha egua. Xeralmente, un cabalo que está picado mostra un comportamento máis inquedo en presenza das femias do que un cabalo sen picar.

[6] Indica indiferenza ou despreocupación perante comentarios estúpidos.

2.1.5. Falabamos no primeiro parágrafo desta epígrafe da locución ***dentes de burro/cabalo*** e é que nestes animais a dentadura é dobremente valiosa. Primeiro, porque é a súa ferramenta trituradora de alimento e unha das tres maneiras de defensa fronte aos depredadores e, segundo, porque é o lugar máis fiable no que o ser humano pode deducir a súa idade. Esta característica deu como resultado o refrán con máis variantes e máis fontes que recollemos na nosa compilación (Groba 2010): *A cabalo regalado non se lle mira o dente*. *A cabalo regalado non se lle mires o dentado***.**

2.1.6. A **esperanza de vida** dun cabalo está nuns 25-30 anos. Esta peculiaridade serviu para explicar a idade dun ser humano con este refrán *Un home, tres bestas; unha besta, tres cans; un can, tres sebes; e unha sebe, tres anos*. Na súa idade de poldro, o animal pasa a súa infancia e xuventude, xa que logo, trátase dunha idade difícil na que teñen que aprender a vivir -*Os poldros caendo e os mozos brincando, van asisando*-. O carácter inquedo e inmaturo dos poldros resultounos moi práctico para nos referirmos o comportamento humano: *como poldros* ou *ser un bo poldro* 'dise das persoas inquietas, nada axuizadas, especialmente dos rapaces', *ser unha moza coma unha poldra*. Cando o animal pasa dos 15-20 anos xa comeza a ser considerado vello. Cando acontece isto, o comportamento e o coidado mudan. Por exemplo, a besta vella vólvese reacia a aprender cousas novas (*A besta vella non entra en varas* ou *Besta vella non colle andadura e, se a colle, pouco lle dura)*; presenta un aspecto propio da idade (*Á besta vella nunca lle faltan esparaváns/sobreosos*) que non lle permite ter a vitalidade de antano (*A besta vella que non come, osma*); muda a alimentación (*A burro vello, múdalle o alimento e darache o pelello*; *A burro vello, pouco verde*; *Ao burro vello, a mellor cebada e o peor aparello*). Mais ante esta situación na que *Señores pobres e bestas vellas acaban coas terras* moitas persoas optan por devolvelas ao monte para desfacerse delas: botan a *Besta vella, ao toxo* porque á *Besta vella, cómena os lobos*. Xa que logo, se a idade de poldro é complicada e a vellez tamén, entón os exemplares que se atopan entre unha e outra son os máis valorados.

2.1.7. O **pelo** tampouco pasou desapercibido para a nosa lingua. Atopámolo en construcións como: *Besta peluda, engana a tres; Bestas en pelo, hainas en Monterroso; Nunca pela un burro anque non teña o pelo moi duro*; ou *Mula con remuíño doulla ao meu veciño.* E menos desapercibidas pasaron as diferentes pigmentacións ou capas: *besta moura; (ser unha) besta negra; Nin bo Pedro nin bo burro negro nin bo lameiro por riba do rego; ser unha besta parda; Besta roxa de Laxosa; Besta ruán, ou pobre ou san; Cabalo alazán non o teñas contigo en San Xoán; Besta branca non a come o lobo e A besta e o señor, todo dun color.* De todas formas, a pesar de seren moitas as capas que existen hoxe en día (torda[7], alazá, pía, palomina, isabela, etc.) as referencias maioritarias son a dúas, á parda e á negra. A explicación podería ser que as razas que estiveron sempre connosco, o Burro Fariñeiro e o Cabalo de Pura Raza Galega, mostran só tres cores: o pardo do burro e o castaño e o negro do cabalo. Xa que logo, é salientable tamén que só haxa unha referencia ás manchas brancas que teñen moitos cabalos nas patas ou na cara: P*otro estrelado, nin na corte*

[7] Dentro da capa torda inclúense os cabalos de cor branca porque os cabalos con esta pigmentación nacen tordos ou negros. Só os cabalos albinos nacen brancos.

nin no prado nin en ningún lado. Se cadra tamén ten que ver con que as nosas razas autóctonas tampouco as teñen. Lembraremos tamén este refrán meteorolóxico: *Cando o ceo está de panza de burro, chove duro*, porque é ben sabido que a inmensa maioría tena branca ou abrancazada[8].

2.1.8. Outro aspecto morfolóxico dos équidos que nos serviu e serve para expresar a realidade foi o seu **movemento**. Estes cuadrúpedes móvense a través das súas patas en tres tipos de marcha: o paso, o trote e o galope. O paso é un andar normal, pausado, por iso *andar a/ao paso* significa 'con xeito, ao xeito'. O trote xa é unha marcha máis rápida, a dous tempos. Cando un cabalo vai *ao trote* o xinete vai dando botes na sela (*Non hai home quedo a cabalo*). A partir deses movementos tan bruscos que produce ese tipo de paso, *trote* pasou a designar tamén 'faena fatigosa' en *de/para (todo) trote* 'para uso diario e continuado [peza de vestir]' e en *non estar para eses/estes trotes*. Por último, o galope é a marcha máis veloz do cabalo, *ir a galope*. É tamén a marcha máis cobizada polo animal *Galope que o meu cabalo non leva, no corpo queda*, aínda que non está ausente de riscos *Cabalo corredor, home rifador, vaso de vidro e tinalla de viño, sempre están en perigo*. Estes movementos fan que o montar a cabalo non sexa, xa que logo, unha actividade relaxada porque *O que ten burro non pode ir calado; cando ¡arre burro! cando mandando aquedalo*.

En comparación cos outros animais de transporte, o cabalo é o máis rápido (*Corre máis un galgo dun mes ca un burro de tres*); esta velocidade que o caracteriza é un valor moi prezado no animal e a lentitude un defecto. Así, *a unlla de cabalo* significa 'a todo correr' e *ser máis lento ca o cabalo da paciencia* e *ser máis lento ca o cabalo do malo* 'ser [alguén] moi lento facendo as cousas, tardar en facelas máis do que é normal, obrar con moita lentitude'. Esta rapidez é moitas veces envexada polos outros cohabitantes da granxa: *Dicían as ovellas cando falaban: "Sácame a marzo, verás cómo pazo; sácame abril, xa me verás fuxir; sácame a maio, que hei correr como un cabalo"*. Asemade, o cabalo domesticado non só anda para adiante senón que tamén é capaz de andar marcha atrás. Trátase dun paso antinatural, que este animal non emprega en liberdade. Cando alguén se move así, pódeselle dicir que *anda para atrás como as burras* (OR).

Outro tipo de marcha, que tampouco é innata aos equinos senón que é aprendida, é a andadura. Para ensinarlles a andar deste xeito, o domador precisa unhas argolas que lles suxeita nas patas traseiras, exactamente nos pexadoiros. Esta marcha ensínaselles porque permite un paso cómodo e rápido para o xinete. Actualmente existe un campionato oficial e diferentes probas anuais que organiza a Federación Hípica Galega. Existen dúas modalidades de paso: a andadura a dous tempos ou andadura serrada e a andadura a catro tempos ou andadura chapeada. Na serrada, o cabalo marca dous tempos dobres coas extremidades do mesmo lado, a man e o pé dereito marcan o primero, a man e o pé esquerdo marcan o segundo, sempre coas extremidades laterais a un tempo. Na chapeada, o cabalo marca catro tempos, mais en ocasións coloca o pé

[8] A raza de burro máis común en Galicia é o *burro fariñeiro*, de cor mesturada entre negra e branca (capa torda), que adoita ter branco o fuciño, o contorno dos ollos, por baixo do pescozo, a parte de abaixo do ventre, e tamén nas axilas e bragadas [http://www.rios-galegos.com/burrofar.htm].

antes cá man e noutras a man antes có pé; esta marcha é máis rápida e estable que a anterior e o cabalo pode alcanzar unha velocidade de 10 km/h. Así e todo, non todos os cabalos son capaces de aprender o paso, polo menos correctamente e, polo tanto, os poucos que o aprenden ben son moi valorados: *Dúas cousas quere o cabalo: paso de andadura e pescozo de galo*. Pero, malia ser un paso cómodo para o xinete, trátase dunha actividade que provoca un gran desgaste físico: *Cabalo de andadura, pouco dura*; *Zapato burgués e besta de andadura, pouco dura*; *Besta andadora, nunca a vella chega*.

2.1.9. As últimas características corporais dos equinos que recoñecemos na fraseoloxía equina galega son **a forza e a dureza**. Disto falaremos máis detalladamente en 2.3.9. Estas dúas facultades tamén son valores engadidos no animal. Así, hai persoas que teñen que *aguantar os cabalos*[9] expresión que se emprega para 'exhortar alguén ao acougo ou á calma', ou que teñen un coche con moitos *cabalos de potencia* 'unidade de medida da potencia fiscal dun motor mecánico', *teñen (unha) forza coma un cabalo* 'ter moita forza' ou *son máis duros ca un cabalo* 'ter boa saúde, ser rexo'. Esta dureza fai que os equinos sexan, por exemplo, moi resistentes ao frío: *A egua: xear, xear, ata o coiro regañar. Dixo a besta: "Non teño medo á morte ata que o aire veña do norte"* ou *Negra é a pementa e cómena os fidalgos, branca é a neve e trípana os cabalos*.

2.2. O comportamento

2.2.1. Autodefensa. Antes que animal doméstico, o cabalo foi ante todo un herbívoro perseguido por moitos depredadores. Durante séculos, unha destas ameazas vitais foi o propio ser humano que o cazaba para obter a súa carne. Outro foi e segue a ser o lobo: *Díxolle san Froilán ao lobo: "Xa que me comiches o burro, lévame os libros a Lugo"*, *Besta vella*, *cómena os lobos* (ver *idade* na epígrafe 2.1) ou *A besta de todos cómena os lobos* (ver *propiedade* na epígrafe 2.5). Para se defenderen, os equinos empregan as patas (para fuxiren ou para coucearen) e mais a boca. Por iso, cando un cabalo se atopa nunha situación na que se sente ameazado e necesita protexerse entón foxe, coucea ou morde. Este instinto ancestral dificulta moitas veces a súa vida ao lado do ser humano que teme ser couceado ou mordido. Ás veces, podemos atopar animais que, ou ben por sufriren maltrato ou ben por teren un carácter difícil, chéganse a rebelar: ***vólvense as*** *bestas aos arrieiros*[10]. Estas bestas rebeldes provocan que haxa persoas que pensan que son animais malignos: *Sogra, cabalo e león son malos de corazón* ou *ter alma/corazón de cabalo* 'non ter escrúpulos'.

Cando unha persoa merca un cabalo ten que ter moito coidado con estes sistemas de defensa. Deste xeito, se o prende cunha corda nun campo ten que atalo ben porque lle pode escapar. Eles non entenden de lindes nin de determinadas prohibicións á hora de non comer alimentos que os propietarios non queren que coman. É moi fácil, sobre todo ao principio, que *se lle vaia a burra [a alguén]*, que significa 'dicir algo inconveniente'; que haxa que tanguelas para que non coman o que non queiramos (*De*

[9] Ex.: *¡¡¿Pero como te atreviches a publicar isto sen me consultares?!! –Aguanta os cabalos, que eu non tiven nada que ver no asunto*.
[10] 'Rebelarse a un superior'

aquí a alá ou morre a burra ou quen a tangue 'dise cando falta moito tempo para algo'; *tan bo é o burro coma quen o tangue* 'aplícase a dúas persoas que son iguais, do mesmo estilo, normalmente en sentido negativo'); que haxa que ter moito coidado con que non vaia para os terreos da veciñanza ou cultivos que poidan ser estragados (*Amigos, amigos, pero a burra á linde* 'amigos si, pero a cada un o seu'; *¡Outra besta no trigo!* 'utilízase cando alguén fai ou di algo mal que xa fixera ou dixera outra persoa mal'; ou *¡Volta a burra ao millo!* 'dise cando alguén teima nunha cousa'; *Dixo(lle) o burro ás coles: pax vobis*); ou incluso que haxa que ter coidado para que non escape coa carga: *¡Alá vai o burro coas noces!* 'expresión de forte contrariedade cando algo é desbaratado ou se estraga'[11]. É conveniente, polo tanto, *ter a burra* presa *no pau*[12] para que non faga trasnadas. Mais sempre hai persoas que son menos respectuosas ou que teñen facilidade para conseguir do veciño o que quere e logra *botar o burro*[13] onde o desexe.

Á parte da fuxida, outro aspecto ao que debe temer alguén que nunca tivo un cabalo é o couce. Cando un cabalo, ou metaforicamente unha persoa, *amosa as ferraduras*, *ergue os candeeiros*[14] ou *é lixeiro de cascos*[15] (OR) hai que ter moito coidado, sobre todo porque *As peores patadas viñeron dos cabalos/burros máis mansos*[16] (OR). Outras construcións que resultan do couce como sistema de defensa son: *andar a couces* 'discutiren varias persoas entre si e de forma irada', *baixar do ceo a couces* 'ter mal carácter, ser de condición rabuda' ou *dar couces contra a(s) parede(s)* 'desesperarse ante o imposible', *dar un couce coma unha burra (a alguén)*, 'facer unha persoa algo malo a outra que non o esperaba' ou *ser un santo baixado do ceo a couces* ironicamente 'ser persoa mala', *erguerse aos couces* 'volverse unha persoa intratable' e *Bico de burro e couce de home, han de ir dar sempre ao probe* 'sinala a mala sorte das persoas pobres de padecer as peores situacións'. Asemade, os seus pés ou a súa traseira son propensos a faceren dano. *[Estar] aos pés dos cabalos* significa '(estar) en perigo, (estar) ao borde do desastre; ser desprezada' e alí onde pisan só están próximas as cousas de pouco valor: *andar polos pés dos cabalos* 'ser algo tan barato que ninguén o aprecia, ter moi pouco valor'. Ademais, refráns como *Arrédate dos pés da besta, así da grande como da pequena* ou *Líbrate de dianteira de viúva e de traseira de mula* aconséllannos manternos á marxe destas zonas de perigo.

Así e todo *A patada da besta non lle fai mal ao poldro* 'os castigos xustos e dados con amor, non fan dano a ninguén' e *Por unha besta dar un couce non se lle corta a perna*. Ademais, cando un equino dá un couce, ás veces, avisa ou ameaza co xemido *hin!* Deste xeito, cando atopemos un animal que o fai entón temos que aplicar o refrán *Mula que fai hin e muller que sabe latín, nunca fixeron bo fin* polo perigoso que poida ser.

---

[11] Ex.: *Agora si que a foi, ¡alá vai o burro coas noces!, o coche sen gasolina e eu sen carteira*.

[12] Non saber que facer, estar indeciso. *Quero ir á feira, mais agora téñoche a burra no pau, se vén a miña filla queda de porta a fóra*.

[13] Normalmente significa 'ser [unha persoa] a que consegue facerse con algo ao que están optando varias, ou ser a primeira que consegue facer algo o que aspiran varias'

[14] Os *candeeiros* son as extremidades traseiras do cabalo.

[15] Dise da persoa que é pouco seria ou que abusa da confianza dos demais dun xeito pouco respectuoso.

[16] Esta expresión tamén se pode referir ás persoas que son tranquilas e boas mais, de súpeto e inesperadamente, fan algunha cousa mala.

2.2.2. Outra característica do comportamento equino, que ten moito que ver con coucear ou morder, é a súa **falsidade**, nomeadamente do burro e da mula[17]. Tanto un coma o outro, sexa porque se usan máis como animais de tiro[18] sexa porque o seu manexo é máis lateral que vertical, teñen unha fama ben lograda de daren couces. Así as locucións *(ser) coma unha burra vella*, *burra fateira*, *ser falso coma unha besta*, *ser falso coma unha mula*, *ser máis falso ca a burra dun panadeiro* refírense a persoas falsas e mal intencionadas e o refrán *Da muller e do burro, canto máis lonxe máis seguro* aconséllanos precaución. Esta falsidade, ás veces, chega a comprometer o propio dono: *facelas os burros e pagalas os arrieiros* (ver *arrieiro* na epígrafe 2.3).

2.2.3. Propias do burro e da mula tamén son a **teimosía** e a **ignorancia**. Trátase de dous aspectos do comportamento equino que máis fraseoloxía teñen producido. Así, temos locucións como: *ser (testán)/teimoso coma unha mula* que se refire a unha persoa moi teimuda ou *O trote que colle a mula, todo o día lle dura*. Esta produtividade provocou que as palabras *burro* e *mula* pasasen a significar en moitas da locucións 'anoxo, enfado dunha persoa' como por exemplo en *pillar/agarrar/coller o/un burro*, *de burro* ou *estar na mula*. Esa teimosía tamén é propia: dunha persoa que está en estado de embriaguez en casos como *andar na mula* 'estar borracho', *botar a mula* 'vomitar [alguén], devolver o que comeu ou bebeu', ou *comprar unha mula* 'embebedarse'; e de alguén que non quere razoar e quere aferrarse ao que afirma en exemplos como *non baixar da burra*, *non (querer) baixar/apear/caer da burra* que incluso, ás veces, *volven/voltan coa burra* (OR) 'manter de xeito teimoso [alguén] unha actitude ou opinión xa manifestada, mesmo tendo practicamente a evidencia de que é errada'. O seu antónimo atopámolo en *baixar/caer da burra (abaixo)* 'decatarse do erro en que estaba; caer na conta, por fin, de algo que non se daba entendido'.

2.2.4. No que se refire á **ignorancia** ou a **pouca intelixencia** que se lle atribuíu sempre ao burro, presenta unha extensión tan grande na fraseoloxía que o seu propio nome chegou a lexicalizarse nun adxectivo que significa 'persoa de pouco alcance ou ignorante': *ser (burra) coma un arado de pau*, *ser máis burro ca feito de encarga*, *ser máis burro ca os que andan aparellados*, *(ser) burro como unha porta*, *A á é a primeira letra que o burro dá*, *Pensando morreu un burro*, *Dixo(lle) o burro ao mulo: arre/tírate alá, orelludo*, *Toda a vida ensinando burros e teño a corte chea* (OR) ou *ser máis besta que un burro*, que indica a máxima ignorancia. Esta caracterización veulle por servir unicamente para o traballo de carga xa que para o transporte humano sempre foi máis rápido e máis cómodo o cabalo.

De todos os modos, atopamos refráns que nos aconsellan que non subestimemos a intelixencia dos equinos porque *A burra non é chosca* que se di 'para non subestimar a intelixencia dunha persoa' e *Ben sabe o burro cando é día de misa* ou *Ben sabe o burro*

[17] É a primeira vez que nomeamos este animal neste traballo. A mula non é unha especie equina en si mesma, senón que é froito do cruzamento entre un burro e unha egua ou dunha burra e un cabalo. O resultado é un animal traballador coma o burro e resistente e forte coma o cabalo. Normalmente chámaselle *mula* á femia e *macho* (que procede do latín *masculum*) ao macho.

[18] *Animal de tiro* é aquel que é enganchado a un carro, arado, etc. para puxar por el.

en que casa ornea, *Ben sabe a besta a quen leva e o demo a quen atenta* ou *Ben sabe o demo a quen atenta e a besta a quen leva*.

2.2.5. O burro e a mula serán os equinos máis falsos e os máis ignorantes pero son, con todo, **traballadores, sufridos**, e resisten moi ben a dureza do traballo agrícola e as cargas máis pesadas. Deste xeito cando unha persoa *traballa coma un burro /unha burra/mula de carga; traballa máis ca un burro/unha burra/besta /mula de carga* quere dicir que traballa arreo ou cando alguén *comprou unha burra* (OR) díselle a un home que na súa vida matrimonial é un pouco preguiceiro e é a muller a que fai os traballos todos. Por outra banda, *besta de arrieiro*, *besta/burro de carga* designan unha 'persoa moi castigada, moi sufrida'. Esta resistencia fai que soporten no seu lombo pesos enormes. Así, cando unha persoa vai *cargado/a coma un burro/a* é que vai 'moi cargado'.

Despois de tanta fuxida, couce e falsidade, a nobreza e a mansedume son, polo tanto, valores moi prezados e positivos nun équido. Este equilibrio entre a falsidade e a nobreza dos equinos ten xerado contos como:

> *Un home estaba nunha tasca cun seu amigo. Este señor tiña un burro que era máis falso cá burra dun panadeiro e díxolle ao seu compañeiro: -Sabes que? Que teño que vender o meu Maluco. Dáme moita mágoa porque é tan boíño de manter e tan tan manso que parece que só lle falta falar.- Este seu amigo quixo aproveitar a situación de necesidade do seu compadre para lle sacar un bo prezo e abofé que o conseguiu.*
>
> *Despois dunhas semanas dende o trato, volvéronse atopar na mesma taberna. Entón, o home que mercara o burro achégase ao outro e dille: -Con que o burro era manso, eh! Morde coma un can e cando está na corte non hai quen lle bote a man porque así como o vas coller vira o cu e dá couces!- E respóndelle o amigo: -Non si, ti fala así do animal que despois a ver quen cho compra.*

Para interpretar dunha maneira axeitada estes comportamentos que acabamos de describir, debemos ter en conta que son fraseoloxismos moi topificados nos que o ser humano humaniza o comportamento animal, isto é, interpreta a realidade dende o seu punto de vista sen unha base científica real e obxectiva. A suposta ignorancia do burro ou a falsidade da mula son falsos estigmas que responden a esa interpretación humana, sen base científica ningunha; do mesmo xeito, a nobreza dos cabalos obedece máis ao estatus do xinete e á figura do cabalo na imaxinería. Esta sona que deu pé a tanto refráns e elementos comparativos, porque semella que estas cualidades son así percibidas polos falantes, pero non é un feito obxectivo senón un tópico.

2.2.6. Existe, por último, un elemento externo ao equino que o incomoda moito: os **insectos voadores**. Chegan co inicio da primavera coa calor e coa luz do sol, os gomos das plantas e as flores. As moscas, os mosquitos e os tabáns zugan o sangue dos animais e provocan intranquilidade. Esta molestia tampouco pasou desapercibida e deu fraseoloxismos como *mosca burriqueira*, *pesada coma unha mosca de cabalo*, *En maio vai a mosca do boi* ao *cabalo*, *e se é de lei*, *vai* ao *cabalo e non deixa o boi* ou *-O*

cabalo branco está tumbado no campo; éntranlle as moscas pola boca e sáenlle por baixo do rabo. -¿Logo morreu?[19].

2.3. A práctica equina. A doma

2.3.1. Liberdade. Din que *Onde hai eguas, poldros nacen* e Galicia ten a sorte de ser un lugar privilexiado porque *Bestas no monte e barcos no mar nunca faltan*. O noso país posúe unhas extensións de monte excelentes para a cría cabalar, aínda que a dureza do clima chuvioso e frío, da bravía vexetación e dos ameazantes depredadores sexan só superadas polo Cabalo de Pura Raza Galega ou polos seus cruzamentos. Esta cría en liberdade provocou que se creasen acontecementos anuais como as rapas das bestas nas que as persoas agrupan, rapan, marcan e venden os animais que teñen no monte (ver *mercado* na epígrafe 2.4). Este monte forxou nos cabalos unha dureza e resistencia incribles e inculcou nos nosos cabalos unha bravura moitas veces especial. De aí xorde *besta do monte* que é unha 'persoa bruta, desapiadada ou cruel', *besta brava* 'persoa que provoca odio ou rexeitamento', *O que non viu mundo é como unha besta brava* 'dise das persoas rudas de comportamento' e *A besta brava, monte longo* 'aconsella deixar un espazo amplo ás bestas e ás persoas que son bravas'.

O carácter salvaxe e bravo dos poldros do que xa falamos na morfoloxía (epígrafe 2.1) esixe un trato con moita man dereita: *Ao poldro e ao mozo, albardón novo e apertado o bozo* ou *Horta e torta, moza e poldra e muller que mira mal, quérense saber tratar*. Esa bravura non fixo fácil a súa domesticación e o ser humano "amansou" estas bestas coa súa forza e violencia[20] ou con instrumentos que facilitasen o seu manexo (as esporas ou o aceal); porén *De homes é equivocarse; de bestas, amansarse*. O amansado é unha tarefa pouco aconsellable (*Nunca amanses poldros nin chufes a muller doutro*) polos golpes que poden propinar os equinos novos e a mellor metodoloxía é mercar un cabalo adulto domado e deixar que *A viña e o poldro que o críen outros*. Os machos son os que mostran, en xeral, máis resistencia e peores actitudes de seren amansados. Cando isto acontece, hai criadores e criadoras que os castran para baixarlles o nivel de testosterona e, ao mesmo tempo, a rebeldía. Para facer esta operación non vale calquera época do ano, senón que *Potro e becerro que haxas de castrar, de outubro nunca ten que pasar*[21].

2.3.2. A baixa do monte para unha casa muda o destino do animal dunha vida de liberdade a unha vida de traballo. Coma o ser humano, o equino tamén ten o seu destino marcado e *O cabalo que ha de ir á guerra non morre no ventre da egua*. Esta acción de separar o poldro da grea significa para el a separación da súa nai. A nai para el significa até o momento o seu sustento e protección: *Alá vai, alá vai, o burro atrás da nai* que se usa habitualmente para insultar aos que seguen os consellos dos pouco

[19] Ridiculiza os rodeos que se dan para dicir as cousas á cara ou tamén se pode referir aos obstáculos que se salvan con rodeos.

[20] A violencia ten unha contraindicación que recolle o refrán *O que ameaza o cabalo, ás veces faino malo* e ademais *Pola forza nin os burros beben*.

[21] Chámanos moito a atención este refrán porque a tradición fala precisamente de castrar durante o outono e o inverno, estacións nas que hai menos moscas que poidan molestar ao animal na ferida. De todos os xeitos, a castración hoxe en día non ten unha época establecida; faise en calquera momento do ano.

avisados ou par rirse de alguén que anda sempre debaixo da saia da nai. Esta situación sempre é dura para o animal e hai quen aconsella que *Para destetar a burra nova non hai como matar a vella* que figuradamente pode facer referencia a separar ou matar a nai da muller que acaba de casar.

2.3.3. A doma. Unha vez que o cabalo chega á casa, o primeiro que se adoita facer é afacelo ao trato das persoas, a andar de ramal (*Pola corda vai a besta*) ou a estar preso (aínda que parece ser que hai discrepancia en canto ao manexo e hai quen di que *O burro debe ir detrás* e hai quen di *O burro diante para que (a recua) non se espante*[22]). Para manexar o animal e levalo por onde queiramos, usamos a corda ou o ramal mais a distancia que lle debemos deixar varía segundo o estado ou o carácter do animal: *A besta falsa, corda longa* ou *Besta folgada, reata curta*. Esta doma foi tradicionalmente brusca e excesivamente violenta. Expresións como as que seguen dan fe deste maltrato: *bourar en alguén coma nun faco* 'darlle [unha persoa] a outra moitos golpes, zoscarlle ou baterlle moito'; *despois/encima/por riba de burro, apaleado/aparellado/mazado* 'dise cando a unha contrariedade lle sucede outra'; *non poder dar no burro e dar na albarda* 'castigar ao inocente por non atreverse co culpable'; *poñer pexa(s)*[23] 'impedir ou poñer atrancos'; *Onde cae o burro, alí lle dan os paus*; *Á besta boa, dálle vara e espora*; *A burra e a muller a paus hainas que tanguer*; *É lidar en van cun burro sen un pau*. Normalmente estas aldraxes fanse cunha vara. A vara é coa que se zorrega, coa que se ameaza, coa que se manda. Así, quen *ten a vara e (mais) a besta* a persoa que manda ou decide nun asunto. Con este panorama de violencia e cos traballos forzados aos que son sometidos os equinos, non é estraño que *A besta amatada de lonxe ve vir a albarda* ou *de lonxe ve vir as pegas* ou que ninguén queira *verse na pel da burra* 'verse nun aperto'. A este respecto, o trato animal ten mudado considerablemente nos últimos anos porque a etoloxía ten demostrado que tratar de educar, comprender, achegarse ao animal e facerse aceptar para que se converta no noso aliado é moito máis eficiente que domalo ou coaccionalo. Refráns como os que seguen dan fe desta tendencia: *A boa man, de rocín fai cabalo, e a ruín, de cabalo fai rocín*; *A boa vida bon cabalo (che) cría*; *O cabalo torto pode dar carreira dereita*; *No pisar coñécese o cabalo, e o cabaleiro no gobernalo* (ver *calidade* na epígrafe 2.4).

Cómpre sabermos que no período de domesticación créanse unha serie de vínculos socio-afectivos entre o animal e o ser humano que marcará as súas vidas para sempre. Podemos cifrar a domesticación na relación de confianza entre un e o outro. Se o trato é bo, o animal tómao como a persoa que lle dá de comer e na que máis confía, por iso é polo que *Ninguén lle tira polo rabo á burra coma o seu dono /como seu amo*.

2.3.4. Ferradura. A continuación, e unha vez que o animal é manexable, a persoa propietaria chama o ferrador[24] ou *vai o burro a ferrar*[25] para protexer os cascos dun

[22] Estas dúas expresións úsanse para 'mofarse de alguén que quere ir diante'.

[23] A *pexa, solta* ou *traba* é unha corda ou cadea coa que se traban as patas dun animal para que non salte ou fuxa.

[24] Son os profesionais encargados de ferrar os animais que levan ferraduras: cabalos, burros, mulas e bois. Para exercer esta profesión, en principio, non facía falla unha formación específica: *Nin meu pai nin meu avó foron veterinarios e eu metinme ferrador*. (Véxase a nota 32).

excesivo gasto e ao animal dunha coxeira. Temos un refrán que o recomenda: *Ferra a besta lixeiro e andarás cabaleiro*. O coidado do casco é fundamental xa que *Sen pé non hai cabalo* (OR) e por iso se prefiren os animais cun bo casco *Boi frontudo e cabalo cascudo*. O ferrador ten o seu protocolo de actuación mais *Férrase o burro á vontade do dono*; non todos os animais son igual de bos para lles poñer as ferraduras e hai algúns que non deixan *nin ferrar nin deixar o banco*. No momento no que o animal mostra reticencia e imposibilita o traballo, entón é cando se lle pon o aceal[26]; unha especie de tenaces coas que se suxeitan polo fociño os animais. *Non se deixar ferrar sen aceal/arreal* refírese ao acto de 'non se someter facilmente á obediencia', 'ao que non obedece' ou 'ás mozas que non se deixan meter man'. Tanto se ten as ferraduras gastadas como non, cada dous meses deberíanse de amañar as uñas dos cabalos para evitar uns cascos demasiado longos que lles provoquen molestias ou deformacións. Por iso di o refrán que *Non hai que esperar o día do mercado para ferrar o cabalo*.

As ferraduras suxéitanse con cravos ao casco, innovación que, como diremos produciuse no século IX (GIMPEL 2002:54-55). Para metelos, o ferrador golpea cun martelo mais, ás veces, falla e dá un golpe inútil na ferradura. Esa acción de *dar unha no cravo e outra na ferradura* úsase noutro tipo de contextos 'cando se acerta unhas veces e outras se erra: *A vida é así, ás veces dás unha no cravo e outra na ferradura, pero é preciso arriscar mentres hai unhas mínimas posibilidades*. O ferrador ten que amarralas ben porque *Por un cravo perdeuse unha ferradura; por unha ferradura, un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; por un cabaleiro, unha guerra; e por unha guerra, un reino* que 'nos mostra tanto o delicada que pode ser esta situación como calquera unha que nos xurda na vida'; pero por moi ben cravadas que queden, as ferras acaban caendo co desgaste. É difícil de saber moitas veces o lugar no que se perderon, sobre todo se o animal ía correndo no momento no que se desprendeu do casco: *O burro por onde pasa sempre deixa as ferraduras*. Cando un lugar ou algo está *onde perderon as ferraduras os cabalos dos mouros* significa que está 'moi lonxe'; ademais os mouros andaron por toda a Península Ibérica durante a súa conquista. Cando a ferra está para caer, normalmente vai perdendo os cravos até que se desprende do casco e comeza a facer un ruído especial: o chouqueleteo ou chouqueleo. Este son tan peculiar da ferradura pode darnos unha pista do que vai acontecer: *Ferradura que chouqueletea, cravo lle falta*.

2.3.5. Superstición. Na Galicia meiga non podía faltar algún tipo de superstición sobre o cabalo. A ferradura de sete buratos é un amuleto e símbolo da boa sorte mais cando alguén *ten as ferraduras da morte* quere dicir que 'ten moi mala cara'. Asemade, este

---

[25] Esta expresión tamén se usa para se referir ao acto sexual humano: *Ponlle unhas bragas de certa cor (...) Púxollas verdes a ver se ía o burro a ferrar, e nada*.

[26] O *aceal* é un pau forte, como dun terzo de longo, en cuxa extremidade hai un burato onde se atan os cabos dun cordel formando un lazo no que se mete o labio superior do fociño das bestas e, co cal, retorcendo o cordel, se manteñen suxeitas cando se ferran ou se lles fai outra operación. En Arbo constrúese o aceal con dous paus que se atan por un dos seus respectivos extremos de maneira que formen unha especie de V, en cuxa abertura se introduce o labio superior das cabalarías, as que permanecen quietas apertando cunha corda os extremos libres dos ditos paus.

invento, a ferradura, incluso serviu para darlles nome a outras realidades como: *herba da ferradura*, *camiño de ferradura* ou *arco de ferradura*.

2.3.6. Carga. Unha vez amansado e ferrado, o cabalo é sometido á súa segunda doma: ten que aprender a soportar e a transportar unha carga, humana ou material. No traballo, a súa axuda era fundamental, sobre todo nas costas arriba: *Para costas arriba quero o meu mulo, que as costas abaixo eu as subo*. Para designar a acción de ir enriba dun cabalo ou para ir unha persoa enriba doutra persoa ao xeito de como se vai nun cabalo, atopamos arredor dunhas vinte locucións distintas das que salientamos: *a cabaleiro, a cabaleirogas* ou, a máis común, *a cabalo*. Cando montamos nun cabalo podemos facelo de dúas maneiras: a pelo -sen poñer nada no lombo do animal para protexer o cu- ou usar algún tipo de asento que nos faga cómoda a viaxe: unha manta, unha albarda ou unha sela. Relacionado con andar nun cabalo sen nada debaixo do cu, atopamos a expresión *estar para cabalgar a pelo* que se usa para referirse a que un home ou unha muller é desexable sexualmente.

Para transportar algo enriba dun equino, normalmente úsase a albarda. A albarda é unha peza do aparello das cabalarías de carga, composta de dúas almofadas recheas de palla e unidas pola parte que dá no lombo. Ao ser de palla e tea, o seu peso é lixeiro tanto que *A albarda non carga a besta* e serve para colocar sobre ela a carga ou cabalgar o xinete. Esta parte do aparello tende a achegárselle á cruz[27] do animal e vai golpeándoa constantemente co movemento. A acción repetida deste golpeo pode provocar bochas e feridas que se ven cando sacamos o aparello: *Non se ven as amatas ata quitar as albardas*. Xa que logo, deben levar unha protección especial para non danar o lombo do equino. A albarda aparece en construcións como *correrlle/achegar a albarda [a un]*, *achegar[lle] a albarda adiante [a alguén]* ou en *asentarlle a albarda (nas nádegas) [a alguén]* que se refiren ao maltrato físico ou verbal dunha persoa. A albarda tamén aparece en expresións como *albarda sobre albarda* e refírese a cando unha persoa leva varias pezas de roupa sobrepostas sen que sexa necesario; en *encherlle a albarda de palla [a alguén]* para designar o 'aproveitamento de alguén mediante enganos'; ou en *ser coma sacar pallas dunha albarda* que significa 'ser moi fácil'. O encargado de fabricar as albardas era o albardeiro[28], *O alabardeiro fai da palla diñeiro*. El era o encargado de montar a estrutura de palla e de coser o recheo.

2.3.7. Arrieiro e xinete. Para encamiñar e guiar o gando de carga nas viaxes, existía unha profesión exclusiva. A persoa que tiña como ocupación exclusiva conducir as bestas de transporte de mercadorías (especialmente viño), xa para comerciar cos xéneros que transporta, xa mediante pagamento de condución, era o arrieiro. Tratábase, xa que logo, dun oficio errante e duro, tanto que *O que ha de ser arrieiro*, *ten que nacer entre as albardas*. Ademais, incluía unha serie de coñecementos sobre a carga que atopamos nos refráns: *Onde non hai burro non se pode botar carga*, *Á burra axeonllada, dobrarlle a carga*, *Ao burro e ao carro, a carga ao rabo*, *Sofre o burro a carga, mais non a sobrecarga*, *A besta preñada cargala ata que paira; e dispois de*

[27] Figura que nalgúns animais fan os ósos na parte máis alta do lombo, enriba dos brazos.

[28] Este artesán aparece tamén no refrán *Entender de todo un pouco e de albardeiro dúas puntadas* para referirse a que 'é preciso saber de todo un pouco'.

parida, cargala cada día, *Besta que xeme, á carga non teme* ou *A besta pola carga, e o home pola palabra*. Tratábase dunha tarefa moi dura na que para gañar algo tiñan que ter un volume de traballo bastante alto: *Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana*. O esforzo incluso se compara con 'ter unha muller a menstruación' en *andar ao/de arrieiro*. Os seus animais tiñan un traballo tamén duro e recibían un trato abusivo e de aí que se diga *ser coma a mula/o burro do arrieiro* ou *ser mula do arrieiro* daquel de quen todos abusan. Ademais, a súa vida ambulante parece que comportaba unha certa promiscuidade que se reflicte en *En morrendo o arrieiro*, *sábese de quen era o gando* e facía deles persoas pouco fiables: *Cando o arrieiro vende a bota, ou sabe ao pez, ou é que está rota*.

Como comentabamos ao nos referir á ferraxe, os animais non todos se comportan igual e, no que atinxe ao transporte, acontece o mesmo: *Besta que pouco anda, nunca falta quen a tanga*. Isto implica unha adecuación entre o tipo de animal e o tipo de xinete: *A besta tonta, arrieiro louco*; *A burro frouxo arrieiro tolo que lle malle o lombo*; *A burro pardo, arrieiro arroutado*; *A cabaleiro novo, cabalo vello*; *A cabaleiro vello, cabalo novo*. Segundo a nosa compilación, Lugo é o lugar de Galicia no que podemos atopar os mellores xinetes: *De Lugo, nin boa besta nin bo burro; pero montadores, os mellores*.

2.3.8. Albarda e alforxa. Agora ben, cando mercamos a albarda, que normalmente se fai despois ter a besta e non como fai moita xente que *primeiro a albarda e despois a besta*[29], debemos ter en conta: que *A albarda debe ser conforme ao burro* (*Para o burro que é, ben chega a albarda* sinala a adecuación de algo a unha persoa) ou que, coma na ferraxe ou no transporte, non todos os equinos son iguais á hora de lle poñer a albarda (*Nunca tal burra albardei* mostra a sorpresa que produciu sobre alguén a actitude dunha persoa).

Unha vez que xa temos o aparello completo, atamos o animal e poñémosllo no lombo suxeitado coa cincha. Isto indica para el o principio da viaxe. Neste senso temos a expresión *pórlle os aparellos [a alguén]* que 'é cando se lle administra o sacramento da unción de enfermos e se prepara para iniciar a viaxe da morte'. Cando o xinete quere subir ao animal e este non está quieto, precisa de alguén que *pegue do burro pra que outro o monte*, que pode significar 'facer unha cousa en proveito doutro'. Cando estamos de volta temos que baixar e *gardar o aparello* (que pode significar 'retirarse da actividade que se estea exercendo'). A ida e o regreso nunha viaxe destas características nunca duran o mesmo porque *A moza para a festa e para a casa a besta* andan sempre máis rápido.

Á parte da albarda, a alforxa ou as alforxas tamén se usan para levar mercadorías miúdas no lombo dun animal. Composta por unha banda de tea forte ou coiro con bolsas nos extremos, este complemento lévase colgado ao ombreiro ou sobre o lombo das cabalarías. Así, cando alguén *leva a alforxa ao lombo* é que 'se prové do necesario'; ás veces, o tamaño dos compartimentos é excesivo para unha carga pequena

[29] Esta expresión úsase normalmente para referirse a situacións nas que unha ou varias persoas alteran o proceso normal dunha cousa.

e *non fan falta tantas alforxas [para algo]*; figuradamente significa 'non ser preciso un esforzo especial para facer algo'. Estas bolsas de transporte tamén simbolizan a riqueza en *ter a alforxa chea* ou a dureza da vida e da pobreza en *A alforxa do pobre con todo pode*. Ademais, proporciona do seu interior o que o/a viaxante precise, incluso ten sacado del a súa salvación vital (alimentos ou armas). Porén, non nos pode estrañar que simbolice tamén 'valentía, decisión' en *sacar/quitar os pés das alforxas* 'actuar con decisión, con ousadía; moverse dilixentemente para obter resultados favorables; mostrar unha actitude arrogante ou desprezativa'. Con este mesmo sentido de 'ter valor, determinación' atopamos *ter arreos*[30]. Por último, para os seres vivos existe unha viaxe que non ten volta, que só ten ida, a viaxe da morte, e *Para esa viaxe non fan falla alforxas*.

2.3.9. Sela, estribo e esporas. Actualmente emprégase a sela para cando montan as persoas. A sela, ao igual que a albarda, tamén se suxeita cunha cincha e aguanta de dúas pezas, metálicas ou plásticas, nas que o xinete apoia os pés. Estes utensilios son os estribos. Neles o xinete fai a forza que precisa para se equilibrar enriba do animal. Se por acaso se lle escapa un pé entón pode perder o equilibrio e, xa que logo, perder o control e mesmo caer. Esta perda de control percibímola en *perder os estribos* ou *perder as estribeiras* 'perder [alguén] a paciencia e o dominio de si mesmo, o cal o leva a obrar ou falar sen tino'.

Os especialistas din que a sela xa a coñecían as tribos das estepas asiáticas 1000-2000 anos a.C. pero a Europa tardou en chegar. Os romanos coñecían a sela pero non coñecían o estribo, como aínda se ve na estatua ecuestre de Marco Aurelio (séc. II d.C.) no Capitolio de Roma que ten os pés colgando[31]. Pola contra, algúns din que o cabalo de Atila (séc. V d.C) xa traía estribo e que esa innovación técnica explica os seus fulgurantes éxitos militares e acelerou a caída do imperio romano, porque un xinete ben asentado e ben firme no seu cabalo convírtese precisamente nunha forza extremamente poderosa e agresiva e iso cambiou a historia. Pero hai medievalistas que retrasan a verdadeira difusión do estribo por Europa ata o século VIII e a da ferradura con cravos ata o IX (GIMPEL 2002:52-57 e 244)[32]. Do refrán *En Castela o cabalo leva a sela*

---

[30] *O arreo* ou *os arreos* é o conxunto que conforma a albarda e as correaxes que se lles poñen ás cabalarías para suxeitalas, guialas e así montalas e traballar con elas. Tamén se lle chama *aparello*.

[31] http://www.google.es/imgres?q=%22Marco+Aurelio%22&hl=es&gbv=2&tbm=isch&tbnid=7emaqXh6upe0rM:&imgrefurl=http://atenasvalladolid.blogspot.com/2009_04_11_archive.html&docid=mHvIS6yxou9fbM&imgurl=http://www.benno-kuppler.de/images/Benno_Kuppler_Roma_2003_Capitolio_Campidoglio-Marco_Aurelio_19_WEB.JPG&w=1232&h=1840&ei=6ePhTpXqCIj04QT9iKS_BQ&zoom=1&iact=hc&vpx=389&vpy=123&dur=109&hovh=274&hovw=184&tx=103&ty=255&sig=108013189635646218897&page=3&tbnh=130&tbnw=85&start=28&ndsp=14&ved=1t:429,r:9,s:28&biw=1020&bih=511. O descoñecemento do estribo explica que, polo que parece, os *equites* no exército romano non pelexaban e a súa misión, certamente importante, era a do que hoxe chamamos *telefonía móbil*: correr a un lado e a outro do exército (as *alae*) transmitindo o máis rapidamente posible as ordes do xeneral (*dux*) que dirixía a batalla. É verosímil que non pelexasen, porque un xenete sen estribo non ten moito a que agarrarse e exponse a que calquera dende terra poida tumbalo cun simple pau e, xa tumbado no chan, matalo.

[32] O cabalo como animal de tiro supera a capacidade de arrastre dun boi pero isto non se descubriu ata que na Idade Media alguén observou que o xugo que se utilizaba para os cabalos, semellante ó dos bois,

algúns deducen que a sela chegou a Galicia dende Castela pero non é seguro que esa sexa a verdadeira lectura dese refrán.

No momento en que o équido xa se deixa montar e guiar sen ningún tipo de problema, o xinete debería de aplicar un wellerismo que describe a idealidade do trato do animal durante a viaxe dende unha perspectiva moi etolóxica: *Dixo a besta ao montador: - Para riba non me afrontes, para baixo non me montes e polo chan non me aforres/perdoes* ou *Dixo a besta: "Abaixo non me montes, arriba non me afrontes, e diante non me perdoes"*. O animal, personificado, fálanos e dinos como o debemos tratar se imos a cabalo del. Loxicamente, apurar o animal en calquera tipo de desnivel, sexa unha subida ou unha baixada, produce un cansazo maior porque as extremidades sofren moito máis. Nunha subida, sofren os membros anteriores e nunha baixada, os posteriores. Xa que logo, o terreo ideal para apurar o equino no que o seu físico sufra o menos posible é o terreo chan (*polo chan non me aforres/perdoes)*. Ás veces, poden montar varias persoas no mesmo cabalo, porén hai individuos que *non levan dous a cabalo* 'non aturan chanzas ou bromas pesadas, nin tampouco aldraxes' ou *Van dous burros nun animal, á moda de Portugal*[33].

Á hora de montar, as esporas foron e seguen a ser empregadas polo xinete para castigar o animal, ou ben para que ande, para que corra máis ou para que faga calquera outra manobra que este desexe. Así, temos *esporear o cabalo*, *picar de esporas* ou *bater o cabalo* para referirnos a esa acción. Asemade, as esporas tamén indican

presionáballe a xugular e o cabalo afogaba e sacudía a cabeza cara atrás tal como quedou inmortalizado nas esculturas do Partenón (Gimpel 2020:53) e negábase a avanzar. Pero no século IX chegou da estepa que está entre China e floresta siberiana o invento dun colar que se axeitaba ó pescozo do cabalo sen ferilo e da rexión siberiana do Ienisei chegou tamén o invento de axusta-las ferraduras á uña do cabalo con cravos de ferro (*ferra-lo cabalo*). A partir deste momento en moitos países de Europa o cabalo empezou a substituí-los bois non só no arrastre de grandes pedras senón tamén na agricultura, porque un cabalo, debidamente aparellado e calzado, supera a capacidade de arrastre dun boi, xa que arrastra 54 k a unha velocidade de 1 m/segundo, mentres que un boi arrastra os 54 k a unha velocidade de 0'73 m por segundo e, por parte, un cabalo pode traballar dúas horas diarias máis ca un boi. Pero en Galicia foi distinto. Resulta sorprendente que os cluniacenses e os cistercienses que viñan do leste de Francia e que organizaron a agricultura en Galicia non introducisen o cabalo. Aínda na segunda metade do século XVIII (na súa *Obra de 660 pliegos*) o P. Sarmiento modificaba o refrán *¿A onde irás boi, que non ares? Á cortadoría* desta maneira *¿A onde irás boi, que non ares? Á Castilla,* porque a el, que era galego, resultáballe raro ver que en Castela se araba con cabalos e mulas, sendo que en Galicia se araba con bois ou vacas (Sarmiento 1772: 6857-6859; Ferro 2002: 363-364). E dicía que en Galicia se facía así, porque o consumo de cebada por parte dos equinos é tan caro que leva boa parte do beneficio: *Tengo idea de haber leído que al principio del siglo pasado se había hecho el cómputo de que en España había seiscientas mil mulas de labranza; y otras tantas de acarreo y de paso. Cada mula come cincuenta fanegas de cebada; y para recoger esta cantidad se necesitan cinco heredades de una hanega de trigo de sembradura; y así las seiscientas mil mulas de labranza, ocupaban tres millones de hanegas de tierra. Y siendo cierto que esas dichas tierras, para cebada de las mulas, se podrían sembrar de trigo para los hombres; y que dos hanegas de tierra dan trigo para que un hombre coma pan todo el año; se deduce que millón y medio de personas se podrían, y podrán hoy, alimentar, con lo que gastaban las seiscientas mil mulas de labranza* (Sarmiento 1752: 881). Polo visto no Sudeste de Francia tampouco entraron inicialmente os cabalos na agricultura e alí a razón que dan é que a natureza do terreo non era axeitada para a produción de avea, que é o cereal indispensable para os cabalos (Gimpel 2002:57).

[33] Esta fórmula tamén se emprega para insultar a dúas persoas que van enriba dun cabalo ou dun medio de transporte semellante (unha bicicleta, por exemplo).

metaforicamente 'prevención' cando alguén *está coas esporas postas* ou 'luxo' en *Quen calza espora, a fibela aforra*.

2.3.10. Rendas. Para controlar a velocidade e o xiro cando montamos, o xinete usa unhas correas que pasan polo lateral do pescozo do animal e van fixadas ao freo. Estas fitas son as rendas. *A renda solta* significa 'libremente' e *afrouxar as rendas* 'ser máis permisible cunha cousa'. Ademais, as indicacións das rendas van apoiadas pola voz con palabras como *arre* ou *xo*. O *arre* indica avance e o *xo* detención. Destas dúas voces onomatopeicas xurdiron: *arre aquí xo, torna alí peor* dise para indicar que non hai elección posible; *(non dicir/ser) nin arre nin xo* é unha expresión coa que se comenta a indefinición dunha persoa ou unha cousa. Equivale a *nin unha cousa nin outra*; *Desque a burra vai no po, ¡xo, burra, xo!* úsase cando xa é tarde para facer algo que cumpría facer antes; *(ou) arre ou xo* díselle a unha persoa indecisa para que decida. Esta mesma indecisión é a que lle dá significado a *non estar a pé nin a cabalo*.

Coas rendas manéxase, xa que logo, o freo, xa sexa de picadeira, de filete ou de bocado. O tipo de freo escóllese dependendo da obediencia que mostre o équido ás ordes do xinete. Normalmente comézase polo máis sinxelo, un filete de goma simple, e se o animal non obedece entón vanse probando outros modelos ata que se chega ao apropiado. Hai cabalos remisos a parar cando lles mandan e incluso chegan a desbocarse[34]. Cando de alguén dicimos que *é un desbocado,* queremos dicir que está afeito a falar desconsideradamente, de maneira groseira, insolente ou blasfema.

De todos os xeitos, o aspecto máis negativo da práctica equina é que non está exenta de riscos e un exceso de esforzo físico empeora e acurta a vida do animal: *Cabalo de andadura, pouco dura* (ver *andadura* na epígrafe 2.1); *Cabalo corredor, home rifador, vaso de vidro e tinalla de viño, sempre están en perigo* (ver *movemento* na epígrafe 2.1); ou *Odre de bo viño, cabalo saltador e home rifador, nunca dura moito co seu señor*.

Se algo pode deixar en ridículo a un bo xinete, iso é unha caída (*Dixo o que caeu do burro*: "*Xa me quería baixar*" ou *Eu ía a cabalo daquel burro, caín del embaixo e entón eu fun o burro*). Na equitación valórase moito, como comentamos na epígrafe 2.2, a mansedume do cabalo e a habilidade do xinete ou da amazona para permanecer enriba del. É obvio, xa que logo, que *Quen non monta a cabalo, nunca cae do cabalo*. Como contraste, podemos lembrar os rodeos americanos ou as súas imitacións galegas en diferentes puntos xeográficos de Lugo ou Ourense nos que se premia a persoa que máis tempo aguante enriba dun cabalo ou dun touro bravo. Mais esta caída é socialmente burlesca, xa que logo, *poñer/pór a caer dun buro/dunha burra* significa 'criticar [unha persoa] a alguén moi duramente, falar mal del' e *estar a caer da burra* (OR) úsase para referirse a unha persoa que está nunha mala situación económica. Noutras expresións tamén pasou a designar o momento no que alguén entendeu algo que non entendía *caer da burra* (ver *teimosía* na epígrafe 2.2).

[34] Facerse unha cabalaría insensible ao freo ou dispararse.

Levar un cabalo de ramal e non montar nel tamén se presta á burla social: *Ben burro é o home que ten besta e anda a pé*; *O que ten besta e anda a pé ben burro é* ou *É pecado borrical ter besta e levala de ramal*.

Cando un cabalo non é quen de se adaptar á nova vida á beira do ser humano ou cando o propietario xa non precisa os servizos do animal, entón ten a posibilidade de volver ceibalo no monte. Mais é unha decisión importante porque pode ser comido polo lobo ou, se cadra, non o volve ver ata a próxima rapa. *Non botes o cabalo ao monte* é unha expresión con que se dá a entender que o futuro é imprevisible e que as vindeiras circunstancias nos poden forzar a facer cousas que nunca pensamos facer. Agora ben, cando a besta é vella a decisión é fácil de tomar: *Besta vella*, *botala aos toxos* (ver *idade* na epígrafe 2.1).

Por último, o exército domesticou e usou os cabalos para moverse e loitar na guerra. Permitíalle ao xinete atacar dende o alto, xa que logo, dende un lugar máis seguro e, á súa vez valíalle de escudo. Este uso bélico tamén funcionou como fonte de creación para a fraseoloxía: *cabalaría andante*, *cabalaría lixeira*, *cabalo de batalla*[35], *novela de cabalarías* ou *Para pasar boa vida*, *cabalo de militar*, *can de rico*, *servizo de garda civil*, *ou chaqueta de camiñeiro*. Hogano, só os emprega con finalidade militar a policía montada.

2.4. O mercado. A feira; as rapas e curros. A calidade

O mundo equino moveu moito capital económico ao longo da historia e ségueo movendo. Actualmente o mundo das competicións equinas e das apostas fai que haxa *cabalos* que *son dos que cagan billetes* (OR) 'cabalo que posúe un valor económico altísimo ou ben por destacar nun deporte ou ben por ser dunha morfoloxía especial'. Estes animais chegan a acadar prezos realmente astronómicos que superan os 300 000 €. Mais ese tipo de animal, normalmente, conforma unha porcentaxe moi baixa do censo equino. En xeral, as persoas que son propietarias dun équido teñen animais economicamente moito máis accesibles. Aconséllase, xa que logo, que *Besta que non poidas manter débela vender /levala a vender* ou *Besta que non poidas pagar, deixala pastar*.

As feiras (incluímos nestas as **rapas das bestas**) eran e son lugares de reunión para tratantes e público en xeral nos que se xuntan todos aqueles animais que están á venda. Normalmente, o animal que vai á feira vai para ser vendido e non volver: *ida sen volta, coma os poldros á feira* 'non regresar á casa'. Por este motivo, non sempre vai de boa gana: *Que queira que non queira, o burro ha de ir á feira*.

Existen lugares e feiras de longa tradición en Galicia que son de visita obrigatoria para os tratantes e simpatizantes deste tipo de gando: a Pascua en Padrón, a Ascensión ou o Apóstolo en Santiago de Compostela, As San Lucas en Mondoñedo, a Feira de Santos en Monterroso ou o San Martiño no Faramello[36]: *Aí vén San Martiño co seu cabaliño*;

[35] Tamén pode significar 'factor principal nunha controversia ou á hora de determinar a mestría de alguén: *O novo plano de Infraestruturas do Estado, o cabalo de batalla ao que se terá que enfrontar...*'.

[36] É unha parroquia do concello de Teo que está situada na estrada N-550 entre Padrón e Santiago.

Polo Santiago non hai mal cabalo; *Para bestas, Monterroso*; *Bestas en pelo*, *hainas en Monterroso*; *Veu un home de Monterroso cunha besta e un burro coxo*. A estas feiras non só van negociantes galegos, senón tamén doutras partes da xeografía peninsular. Antigamente, estes compradores viñan en tren e ateigaban os vagóns con animais que mercaban aquí.

Nestes mercados, os gandeiros vendían, mercaban ou incluso trocaban un animal por outro, normalmente un peor por un mellor. Así, ás veces, pódese escoitar nunha conversa entre homes que tal fulano *cambiou de burra* (OR) para referirse a que 'trocou de muller' e dino como se fose unha gran xesta. Esta promiscuidade masculina é moito máis agravante en *A muller e a burra, cada día a súa*. Mais a compra ou o cambio non sempre sae como un quere; deste xeito, dicimos ironicamente *¡Boa burra mercamos!* cando se fai un mal negocio ou non saíu algo como se esperaba. Non nos podemos fiar moito nin dos feirantes nin dos posibles compradores porque *O ollo do amo engorda ao cabalo* (lembremos o conto dos dous amigos da epígrafe 2.2) e *O que fala mal da egua*, *é o que a leva*.

A compra-venda de equinos baséase en que *O negocio das bestas, canto dá, canto pesca*; dáse un prezo de saída mais despois vaise axustando entre o que pide o vendedor e o que ofrece o comprador. O vendedor xa pide un prezo ao cal lle pode baixar para sufrir a menor perda económica posible. De todos os xeitos, algúns excédense demasiado e recoméndaselles que: *Se queres saber o que valen os poldros, vende os teus e merca os de outros*.

A calidade e o tipo de equino que unha persoa necesita (*Para andar*, *unha mula*; *para correr*, *un cabalo*; *e para marchar de andadura*, *un burriño castellano*) é outra das características que serviu de inspiración para crear moita fraseoloxía. Cando unha persoa vai mercar un cabalo precisa asegurarse de que vai facer unha boa compra e de que vai facerse cun bo animal. Cómpre, xa que logo, observar o pelo que é o indicador principal da saúde do cabalo; asegurarse de que non ten defectos nas patas; de que non coxea; de que non sexa moi vello, etc. Ten que fixarse, en definitiva, nos seus defectos e virtudes, tanto da súa morfoloxía como do seu comportamento. Segundo o que comentamos na morfoloxía (epígrafe 2.1), o cabalo ideal ten que ser redondo, curto, cascudo, traballador e andador. Ademais, debemos saber, por exemplo, que: *Besta que vai a todas as feiras algún defecto ten*; *Boa pata e boa orella son sinal de boa besta*; *Nunca compres besta coxa pensando que sandará, que inda enferma a que está sa, canto máis a que está xa*; *Nin burra coxa nin bolsa frouxa*; *A besta, polo medo, e o boi, polo meimo*; *A besta e a porca, pola máis descomposta*; *Os machos, velos vir, e as mulas, velas ir*[37]; *De besta mular e de home de pouco falar*; *No pisar coñécese o cabalo; e o cabaleiro, no gobernalo*; *Poldro de poldrela, becerro de vaca vella*; *Non compres burro de recueiro nin te cases con filla/fillo de mesoneiro*; *Besta de monte, a orella cortada*[38]; *Besta cega ben a ves*. Se non nos fixamos podemos comprar sen

[37] Ós machos son admirados e elixidos pola estampa que presentan por diante: peito, etc. Ás mulas, ao revés.

[38] É costume e tradición en moitas rapas das bestas, aínda que cada vez menos, cortarlles as orellas para marcalas. O estilo de corte é diferente segundo a zona. En lugares elaboran un corte que comeza na punta da orella ata a base dividíndoa en dúas. Noutras só lles cortan as puntas.

querer un *burro cansado* 'persoa con pouco ánimo para emprender algo', un *burro cego* 'persoa moi pouco intelixente, moi torpe ou parva', un que *pareza un cabalo montado* 'dise do home dominado pola muller' ou pode *saírnos a burra capada* 'saírnos as cousas mal ou ao revés'. Malia estas orientacións, quen queira mercar tamén ten que ser un pouco flexible porque *Quen queira mula sen chata, ten que andar a gatas* e *Mulleres e mulas hai poucas sen zuna*, como diciamos na epígrafe 2.1 sobre a morfoloxía *Non existe o cabalo perfecto*. Ademais, mercar un cabalo demasiado bo require moita atención porque *Quen ten un bo cabalo e unha bonita muller, nunca está sen aflición*. Por último, neste mercado, existe un tipo peculiar de feirante, o xitano: *Pra entender de burros, os xitanos*.

Nalgunhas vilas queda hoxe unha rúa que se chama *corredeira* e que era en tempos o lugar destinado nas feiras de cabalos para facelos pasear e correr e así observalos ben antes de mercalos.

A compilación que tomamos como base para este estudo reflicte unha diferenza de calidade entre os distintos tipo de équidos, así, de peor a mellor: burro, rocín, cabalo e mula. Así, o cabalo é intelixente e o burro parvo (ver *ignorancia* na epígrafe 2.2): *arrancada de cabalo e parada de burro* 'dise dos que acometen un traballo con moito ímpeto para abandonalo ao pouco'; *¡Chámalle burro ao cabalo!* 'dise de alguén que nos parecía pouco esperto mais que demostrou con algún feito ou dito ser persoa aguda'. Atopamos tamén toda unha serie de locucións nas que se compara un animal de maior calidade cun de menor para referirse á ignorancia de alguén e ao acto de non querer aprender nada: *De burro abaixo non hai máis r[u]ín besta*; *Máis vale ruín besta que bo burro*; *O que queira ter unha ruín besta, que compre un burro bo*; *foi por burro e volveu por asno*; *ir por cabalo e volver por burro / ir por besta e volver albarda*[39]; *picar de burro para besta*; *No mes de maio o enxame vale un cabalo*[40]*; o de san Xoán non vale un can, e o da sega, unha cadela*. Calidades que se trasladan ao ámbito humano e, en concreto, á categoría e ao ascenso social: *O que nace burro, burro morre* ou *O que nace para burro non chega a cabalo*. Esa valía do cabalo sobre os outros équidos débese á súa forza, velocidade e estampa. De todos os xeitos, as persoas máis prudentes prefiren montar nun de peor calidade que sexa máis seguro que subir nun de moita calidade pero que sexa malo: *Máis quero burro que me leve ca cabalo que me derrengue/mate*.

Posuír un cabalo ou unha besta incluso pode dar prestixio social -*Agora que ten poldro parece outro*- e *Quen rico queira ser estas cousas ha de ter: ovella, abella e a pedra terbella, egua parideira e muller gobernadeira*. Ademais, *Ao rico empréñalle a besta e maila vaca; e ao pobre, a muller e a gata*. Esta mellora social tamén a atopamos en *andar enriba da besta* que se usa para censurar a quen se gaba moito; en *¡Quen fora rei, para andar a cabalo!* 'dise cando alguén ten envexa doutra persoa por algo que non pode posuír'; en *(ir/pasar) de cabalo regalado a cabalo barrufeiro* 'dise de quen pasa da prosperidade á desgraza; que baixa de categoría social'; en *éche un herdeiro fresco: ten tres vacas e un besto* 'para encarecer a conveniencia dun mozo'; ou en

[39] Aquí compárase coa albarda para contrastar porque o burro é o peor dos equinos.
[40] Aparece o cabalo para reforzar a calidade, como equino máis valioso.

tirado aos sete cabalos 'de moito nivel, de moito luxo'[41]. Porén, existen bestas que teñen que facer méritos para ser valoradas: *Ben vale a besta unha cabezada nova* 'dise cando o beneficio obtido vale con creces o que se sacrifica'.

2.5. A propiedade e o coidado

2.5.1. Propiedade. A decisión de mercar ou ser propietario/a dun equino implica unha responsabilidade para o seu coidado e alimentación e un custo económico constante que debemos estar preparados para sufragar. A maneira de adquirir un equino pode ser variada; pode ser froito dun regalo ou dunha compra, por exemplo. Así como tamén o tipo de propiedade pode ser diferente: un propietario individual ou colectivo, un empréstito ou alugueiro, etc.

Cando nos fan un agasallo destas dimensións debemos aceptalo sen ningún tipo de miramento: *A cabalo dado non lle mires o dente* ou *A cabalo dado non se lle olla a boca*. Mais sempre atopamos persoas que son máis avariciosas que non se conforman co que lles dan e queren máis. Esta xente é a que di: *Dábanme o ramal pero eu quería a besta*.

A diferenza entre a propiedade individual e a colectiva estriba no nivel de coidado e de responsabilidade. Así, cando un equino ten máis dun dono corre o risco de sufrir abandono por parte dos seus propietarios ao non asumir unha responsabilidade seria e compartida: *Besta de moitos, cómena os lobos* ou *Tres cunha besta perdidos van: un agarra, outro ten man e outro arréalle a carga para o chan*. Pola contra, cando a persoa propietaria é individual, o vínculo afectivo-social que se desenvolve entre animal e persoa do que falamos na epígrafe 2.3 é moito máis profundo e a responsabilidade do coidado moito máis seria. Xa que logo, é a mellor modalidade de pertenza: *Ben vai a vella na burra cando é súa*; *É mellor ser dono/arrieiro dun burro /dunha besta ca criado dunha recua*. Incluso o dono chega a sentirse máis orgulloso do animal, tanto que é o que ve o animal con mellores ollos: *O mellor penso do cabalo está no ollo do amo*.

Se a propiedade colectiva era pouco conveniente polo abandono do animal, aínda menos o é o empréstito ou o alugueiro do animal. Estes animais que andan en mans alleas para traballos de todo tipo son os que sofren os peores tratos: *Ansias alleas matan os asnos*. Por iso, cando unha persoa ten un équido de seu é mellor que non o empreste: *Mula de aluguer, se non leva dous leva tres*; *A besta e a muller, que a preste quen quixer*; *A muller e a besta a ninguén se empresta (que cha poden foder)*; *A cabalo alleo, espora propia*. E menos a alguén que non ten un: *Non prestes besta a quen non ten besta*. O mellor é que *A muller e a besta seu amo a teña*.

2.5.2. Coidado. Da tenza dun equino sempre se espera un beneficio, sobre todo, económico e *Besta que non fai esterco, fóra da corte*. Mais este lucro depende, en maior medida, do seu coidado. Xa que logo, a persoa coidadora necesita ser moi responsable e saber cousas como que: *O que quere ter besta, ten que ser el besta dela*; *O que abusa da montura nin vai lonxe, nin lle dura*; *Con ferradura ou sen ferradura,*

[41] Ex.: *Este si que foi un casamento tirado aos sete cabalos. Non faltou de nada, había fartura de todo*.

coida ben a túa mula; *Carreira que o cabalo non dá, no corpo a ten*; *O que ten mulleres, cabras e bestas sempre ten novidades frescas*; *A besta e a pistola nunca se deixa andar soa*. Ademais, un cabalo, un burro ou un macho son coma un fillo que reflicte o coidado e a personalidade do amo: *Polo can e o cabalo coñécese o amo*.

No coidado, debemos considerar todo o que engloba o benestar do animal para acadar un mellor resultado físico e psíquico posible del. Di o refraneiro que *O que o burro ha de ter, burro ha de ser* 'ten que sufragar os gastos que comporta o seu coidado e intentar poñerse no lugar do animal para comprendelo o mellor posible' e que *A boa vida bon cabalo cría*. A alimentación e o descanso son fundamentais para a súa calidade de vida. Cómpre sabermos que *Unha hora dorme o galo e dúas o cabalo*, que *A cabalo cansado, (hai que) mudarlle o prado* ou que *Ao amigo e ao cabalo non hai que cansalo*.

2.5.3. Alimentación. Os cabalos son animais de pastoreo. O seu método natural de alimentación é estar a pastar nunha zona ampla, comendo pouco e a miúdo. Un cabalo salvaxe case sempre ten comida no estómago, pero non tanta como para non poder correr para escapar do perigo. Os cabalos estabulados, pola súa parte, levan unha vida artificial.

O alimento principal dos equinos é a herba, tanto na corte (*palla para o burro*, ver ignorancia, *De palla ou palleiro enche á besta o comedeiro* ou *Tódolos burros comen palla, o caso é saber darlla*) coma no monte (*Bestias do monte non comen cebada*). O noso refraneiro ata chega a recoller algunha especie das máis axeitadas para alimentar: *Serradela boa herba, meu cabalo come dela*. Os cabalos que viven en liberdade nas serras galegas comen moito toxo, unha planta de carácter leñoso que os fornece con bastante enerxía mais que lles provoca unhas dixestións moi pesadas e uns abdomes bastante arredondados. Xa na casa, ás veces, o toxo tamén forma parte da alimentación do equino mais a abundancia de herba é moito maior. Ademais, dánselle cereais e, actualmente, pensos que calibran a alimentación co traballo que realiza o animal. Estas achegas enerxéticas tenden a gustarlles moito e ofrécenlles un bo resultado alimenticio, tanto que unha besta que só come herba é considerada como un animal de mala calidade (*Besta de herba*, *besta de merda/perda*). Quen non alimente ben corre o risco de que o animal non aguante o trafego: *O que mal pensa*, *cánsalle a besta*[42] ou *Besta sen cebada, nunca fixo boa cabalgada*. Ademais, unha boa alimentación non ofrece resultados inmediatos xa que a *Cebada do día non fai andar cabalaría*, en consecuencia, *O que en agosto non dá cebada, en xaneiro colga a albarda* ou *Se no inverno queres besta, colle no verán herba seca*. O noso inverno, frío, chuvioso e tan pouco solleiro obríganos a gardar a herba no verán para despois alimentar o resto do ano. Asemade, estes complementos enerxéticos que lles damos na alimentación tamén deixaron pegadas nos nosos fraseoloxismos: *gañar a cebada* 'envorcallarse [as cabalarías polo chan (humoristicamente tamén as persoas)]' é sabido que, cando un cabalo sae da corte ou se ve libre, o primeiro que fai é escofarse contra a terra para se rañar: adóitase dicir que para o animal é unha parte importantísima do seu aseo, porque mata tódolos insectos que teña pegados ó lombo. Na locución hai como un contraste de

[42] *Pensar* significa 'dar penso ao gando, alimentalo e acomodalo'.

sensacións: o tomar a cebada (alimentación) e o escozarse (aseo). Outrros fraseoloxismos son *mula criada ao pan* 'persoa ignorante e bondadosa', *¡Soña o burro co farelo!* 'dise cando alguén soña ou pretende un imposible', *¡Cantos burros mantén a fariña!* 'dise das persoas que se aproveitan doutras con máis diñeiro ou doutro tipo de abundancia; tamén se pode referir aos traballadores ou ás traballadoras das institucións administrativas, políticos ou civís', *dar sopas de mel a un burro* 'dar algo valioso a quen non o sabe apreciar' (ver *calidade* na epígrafe 2.4) e *O pan de millo moita besta cria*.

A cantidade que pode comer un equino ao final do día oscila entre 10 e 15 quilos de forraxe e entre 1 e 5 quilos de gran -máis ou menos a cantidade de cereal que comen seis galiñas e un galo: *Seis galiñas e un galo comen a ración dun cabalo*-. Este, se cadra, é o custo económico que máis debemos ter en conta á hora de querermos ser propietarios dun destes animais porque, aínda que non traballe, come igual: *Besta na *coadra, se non come paga*; *Besta atada, se non come, paga*; ou *A besta pola cebada non é paga*. Este volume de alimento é unha cantidade desmesurada se a comparamos coa que dixiren os seres humanos. Deste xeito, *comer coma mulos* e *comer coma un burro/mulo* significan 'comer moito' e *estar farto coma un burro* 'sentirse moi saciado despois dunha enchenta'. Mais as eguas galegas non son moi coñecidas por comer moito, senón que máis ben teñen a fama de ser fracas e de pasar fame: *estar a dente como egua galega* 'pasar fame e penalidades'. Esta situación é consecuencia directa da escaseza dos pastos nos montes galegos en determinadas zonas ou en determinadas épocas do ano. De todos os xeitos, o equino posúe un estómago moi pequeno para o tamaño corporal que ten; mide máis ou menos o que un balón de rugby por iso é un animal que come constantemente en cantidades pequenas. Esta estrutura fisiolóxica obriga o coidador a ter que distribuírlles o alimento en racións e, como animal de costumes que é -*Afíxose o burro ás berzas, e non deixou verdes nin secas*- a crearlles unha rutina alimentaria que lles altere o menos posible a súa flora intestinal. Asemade, o cabalo posúe un aparato dixestivo delicado que é moi propenso a padecer cólicos. O desenvolvemento do intestino groso (e, en conxunto, dos dous intestinos) e as grandes diferenzas de tamaño das distintas rexións do seu intestino, así como a incapacidade dos équidos de vomitar e a rapidez co que o alimento pasa polo estómago ó intestino (o que resulta especialmente perigoso se se trata de grans ou penso) fan que os cólicos por torsión ou compactación sexan frecuentes nestes animais.

Como nas persoas, non todos os equinos comen igual. Ás veces uns animais comen máis ca outros dependendo do seu apetito: *A besta lambona, taleiga*[43] *de area* 'aconsella sofrear o apetito', *A cabalo comedor, ramal curto* ou *O cabalo farto non é comedor*; outras depende do traballo que faga e do seu tamaño en cuestión: *O burro, canto máis grande, máis lambe*. Mais, coma moito ou coma pouco, a proba irrefutable do que come reflíctese nas súas feces: *Como come a besta, dío a besta, e tamén o di a bosta*.

Cando o animal está estabulado, polo regular, a forraxe bótaselle nun comedeiro especial que se lle chama *presebe, comedeira, manxadoira* ou *pesebre*. Este recipiente

[43] A *taleiga* é unha bolsa na que se acebadan as cabalarías.

tense usado co significado de 'nivel económico' en *Non sei se chegará a burra ao pesebre* ou *chegar o burro ao pesebre* 'ir gastando mentres se teña para vivir' e como símbolo de 'fame' en *choverlle no pesebre ao faco* 'estar morto de fame'.

Existe algún tipo de propietario que é criticado ou burlado polo tipo de alimentación ou de coidado que lles dan aos seus animais: *como o cabalo do mesquiño, farto de auga, mal mantido e ben corrido* 'dise de quen é tratado mal, que non se lle dá nada pero que se lle esixe moito'; *pasar [a alguén] coma ao burro dos xitanos (que cando xa se acostumara a non comer, morreu)* 'dise de quen come pouco' (é normal que *O burro do xitano, en vendo o pan alonga o paso*); *facer como a besta do arrieiro que leva /carreta viño e bebe aug; facer como os burros dos arrieiros que levan/carretan viño e beben auga*; *é como as bestas do arrieiro que levan viño e beben auga* ou *é coma os burros da Limia, que apañan viño e beben auga* 'dise das persoas excesivamente económicas'.

2.5.4. Albeites e veterinario. Por último, como axuda auxiliar, podemos chamar o veterinario. El é o facultativo encargado de revisar periodicamente a saúde do animal e de receitar os tratamentos precisos que se axusten o máximo posible ás necesidades do animal. É certo que *Ao albeite non lle doe a carne da besta* porén pode evitar e curar moitas das enfermidades ou males que o animal poida padecer. Noutros casos, a persoa coidadora, en caso de que teña xa moita experiencia coidando este tipo de animais, dependerá menos do facultativo porque *As amatas do meu burro fixeron de min albeite*.

2.6. A muller e os equinos

Os equinos servíronlle e sérvenlle ao home para explicar os comportamentos, o trato e a propiedade de ter unha muller. A maioría deles teñen actualmente un forte valor marcadamente machista ou misóxino e empréganse nun ton sobre todo burlesco ou humorístico. O refrán *Mulleres, mulas e muletas escríbanse-empezan (todas) coas mesmas letras* fai a caracterización máis xeral. Mentres, *A muller bailar/falar e ao burro ornear, o diaño debeullo ensinar* intentan explicar aqueles aspectos femininos que lles resultan máis incomprensibles do seu comportamento.

A muller que asubía e as mulas que fan "hin" douchas para ti, *Muller que asubía, mula que griñe e galiña que canta como capón, na miña casa non, non*, *Muller que axubee e mula que faga "iii", garda pra ti que pra min non sirve* ou *Muller que sabe latín e mula que fai ¡hin!, arrenega dela ata o fin* alertan os homes sobre as mulleres que asubían ou que saben demasiado para que non se acheguen a elas. *A muller, a cabra e a burra, a máis cabezuda* e *Mulleres e mulas hai poucas sen zuna* tamén lles axuda a facer unha boa elección e unha muller que *baila como un cabalo* é aquela que brinca máis do debido ao bailar.

Para controlar ese comportamento rebelde aconséllase a violencia que antano se empregaba para domar e facer obedecer os burros e as bestas (ver *doma* na epígrafe 2.3): *A muller e a burra, con paus se cura*; *Á muller e á burra, cada día unha zurra*; *Á muller e á mula vara dura* ou *A muller e a mula, cada día súa tunda; e o que así non fixer, nin terá boa mula nin boa muller*.

Compárase tamén a propiedade dos equinos coa dunha esposa. Recoméndase non emprestala en: *A muller e a besta a ninguén se empresta/presta*; *A muller e a besta a ninguén as emprestes que chas poden foder*; *A muller, a escopeta e o cabalo, non prestalo* ou *A muller, o cabalo e a espada a ninguén se debe ceder*. Asemade, aconséllase que *A muller e a besta seu amo a teña*.

O último aspecto que se compara é a alimentación: *Á muller (, ao cabalo) e á mula, pola boca lles entra a fermosura*.

3. Conclusión final

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), en Galicia hai xa máis de 1400 aldeas que están abandonadas e máis de 750 que teñen só un veciño. Galicia é, polo tanto, cada vez máis urbana. Este cambio de hábitat ten provocado unha mudanza importantísima no contacto que había antano entre seres humanos e equinos. A relación entre as persoas e estes fermosos animais mudou do mesmo xeito que cambiaron as relacións sociais entre os propios seres humanos (pasamos dunhas redes sociais densas a unhas redes sociais difusas[44]). Hogano, incluso no campo apenas os precisan porque agora son os coches e os tractores os que se utilizan como transporte e como forza motriz para o traballo agrícola.

Malia esta situación, a pegada que estes animais deixaron na nosa lingua foi moi profunda e precisámolos como referentes para expresar a nosa vida, para expresar a realidade. Ben é certo que non estamos a augurar un perigo de extinción para estes fermosos mamíferos. Eles seguen limpando os nosos montes, enchendo os curros nas rapas das bestas e, como non, funcionando como entretemento no noso ocio e no noso deporte.

Neste traballo queriamos dar a coñecer o interior destes animais e debuxar o esqueleto que lle daba forma á nosa fraseoloxía equina pero a riqueza e a expresividade tan intensa que emerxe desta compilación fraseolóxica case nos levou a crear un manual equino. Aínda así, alertamos de que este artigo non esgota o seu obxecto de estudo senón que semella abrir outros moitos novos enfoques e estudos máis amplos nos que cómpre traballar.

4. Referencias bibliográficas

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2006): "Dieciséis expresiones y proverbios latinos con el asno como protagonista" en *Paremia 15*. Madrid.

CASCAJERO, Juan (1999): "A la sombra del asno. Asnos, burros y jumentos en la Paremiología antigua" en *Paremia 8*. Madrid.

DEUTSCH, Julie (*sine data*): *El comportamiento del caballo*. Madrid, Tikal Ediciones.

SARMIENTO, Fr. Martín (1772): *Volume 5 y último de la Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray MARTIN SARMIENTO, Benedictino que*

[44] No ámbito rural as relacións son densas por existir un contacto continuado entre as mesmas persoas (veciñanza, amigos, etc.); mentres que no urbano son difusas xa que o contacto é moito máis puntual e ocasional e a profundidade do coñecemento moito máis superficial.

trata De Historia natural, y de todo genero de Erudicion, con motivo de un papel que parece se havia publicado por los Abogados de la Coruña contra los Foros, y Tierras, que poseen en Galicia los Benedictinos: Y lo escriviò en Madrid por los años de 1762. y siguientes. Sacada esta Copia de su Original, para el Uso de el Excelentissimo Señor Duque de Medina-Sidonia. En Madrid, Año de 1772. Edición en microfilm da Universidade de Santiago de Compostela. Véxase FERRO RUIBAL, Xesús (2002): "Lingua, vida cotiá e corridas de touros. Miscelánea inédita de Fr. Martín Sarmiento" en *Boletín da Real Academia Galega* 363,2002, 63-93.

SARMIENTO, Fr. Martín (1752): *Notas al Privilegio concedido por Ordoño II al monasterio de Samos y reflexiones sobre archiveros*. Véxase SANTOS PUERTO, José (ed.) (2010). *Notas al Privilegio concedido por Ordoño II al monasterio de Samos y reflexiones sobre archiveros*. *Estudio preliminar, edición e índices de* ... La Laguna: Universidad de La Laguna. Museo de la educación. http://webpages.ull.es/users/medull/pedagogos/SARMIENTO/Reflexiones_sobre_Archiveros.pdf.

FERRO RUIBAL, Xesús (2010): "Dentes e moas na fraseoloxía galega" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010, 69-126. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

FITZPATRICK, Andrea (2007): *Guía completa de razas de caballos*. *Sine loci*, Lisma Ediciones.

GIMPEL, Jean (2002): *La revolution industrielle du Moyen Âge.* Paris: Éditions du Seuil.

GONZÁLEZ GUERRA, Anxo (2010): "Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)" en *Cadernos de fraseoloxía galega 12*. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

GROBA BOUZA, Fernando (2010): "*A cabalo regalado non se lle mira o dente*. Compilación da fraseoloxía equina galega actual" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010, 317-372. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MÁRQUEZ, Luis Francisco (1994): "El mundo equino en las paremias inglesas y sus correspondencias españolas e italianas" en *Paremia 3*. Madrid.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2010): "120 locucións verbais galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 2010, 373-386. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

PAMIES BERTRÁN, Antonio (2010): "El componente (inter)cultural en la metáfora: el caso de la ictionimia", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 33-53.

PAMIES BETRÁN, Antonio; TUTÁEVA, Kamilla (2010): "El árbol como referente linguo-cultural y su huella fraseo-paremiológica", en MELLADO, Carmen et alii (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Romanistik, tomo 6. Berlín: Frank & Timme. Verlag für wissenschatliche Literatur, 169-190.

PENA, Xosé Antonio (dir..) (2006): *Gran dicionario século21 da lingua galega*. Vigo, Editorial Galaxia e Edicións do Cumio.

RUSELL, Alán (1999): Caballos. *Razas y procedencia*. Barcelona, Ultramar Ediciones.

SANTAMARINA, Antón (coord.) (*sine data*): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Referencias electrónicas

http://hospitalequino.com [Data de consulta 24/02/2011]

http://www.fhgallega.com [Data de consulta 04/03/2011]

http://elprogreso.galiciae.com/nova/24772.html [Data de consulta 04/03/2011]

O encontro e o desencontro expresado a través dos fraseoloxismos do campo cognitivo FALAR[1]

Claudia Herrero Kaczmarek[2]

Universidade de Santiago de Compostela

O obxecto deste traballo é a análise e o estudo contrastivo alemán-español das imaxes conceptuais do campo cognitivo FALAR. O artigo pretende centrarse especialmente naqueles fraseoloxismos que están relacionados co principio colaborador de Grice (1975:45) e o seu cumprimento ou non dentro da comunicación. A fonte principal do material idiomático é o corpus cognitivo do proxecto de investigación do grupo FRASESPAL, que está clasificado en subcampos e, para elaboralo, seguiuse unha metodoloxía indutiva e unha análise no marco da teoría comunicativa dos actos de fala e da lingüística cognitiva.

Convén destacar que son especialmente numerosos os fraseoloxismos que mostran que o principio colaborador foi transgredido, o que confirma a tendencia na fraseoloxía a destacar e dar maior expresividade ó negativo. Isto é observable en ámbalas dúas linguas. Tamén encontramos outras similitudes como imaxes conceptuais idénticas ou moi parecidas. Neste punto, non obstante, hai que considerar con máis vagar os fraseoloxismos de ámbalas dúas linguas, xa que existen varios falsos amigos. A presenza de imaxes conceptuais similares pode levar a pensar que ámbalas dúas unidades posúen un mesmo significado, cando non sempre é así. Por esta razón, o coñecemento destes falsos amigos será de grande importancia tanto para a tradución coma para o ensino de linguas estranxeiras.

Palabras clave: fraseoloxía contrastiva alemán-español, lingüística cognitiva, fraseodidáctica, pragmática, falsos amigos.

The purpose of this paper is the analysis and contrastive study of the conceptual images in German and Spanish of the cognitive field TO TALK. The article aims to focus especially on those

Data de recepción 07/04/2011 Data de aceptación 01/08/2011

[1] Tradución de Xacinta Varela Martínez.

[2] A autora pertence ó grupo de investigación FRASESPAL. Este artigo xurdiu no marco do proxecto de investigación FRASESPAL financiado con fondos FEDER e subvencionado polo *Ministerio de Educación y Ciencia* (HUM2007-62198/FÍO). Trátase dun estudo interlingüístico de fraseoloxía hispano-alemá, dirixido pola profesora titular Carmen Mellado Blanco na Universidade de Santiago de Compostela.

idioms that are related to Grice's cooperative principle (1975:45). Some of these idioms show compliance to this principle whereas others do not. The main source of the linguistic material is the FRASESPAL corpus.

This cognitive corpus is classified into different subfields. We followed the inductive methodology and analysis in the context of the communicative theory of speech acts and cognitive linguistics. It should be noted that there are many idioms showing the transgressions of the collaborative principle. This is observable in both languages and confirms the trend in phraseology to emphasize the negative. Although there are more similarities such as the same conceptual images, we have to be careful and watch for false friends. The fact that two or more idioms have/share a similar picture can lead us to assume that than the meaning is the same, but this is not always like that. Therefore it is important to know these false friends well, because this knowledge will be useful for the translation and the teaching of foreign languages.

Keywords: contrastive phraseology German Spanish, cognitive linguistics, didactic transmission of phraseology, pragmatics, false friends.

1. Introdución

Segundo Schemann (1989:XXXVI), a linguaxe concíbese como un instrumento lóxico e intuitivo que dota o ser humano de capacidade para establecer unha relación co seu ámbito. Esa relación a miúdo implica a interacción con outros seres humanos e isto, á súa vez, exprésase en encontros e desencontros entre as persoas. Un ámbito no que se desenvolven estes encontros e desencontros é a conversación, sobre todo na parte na que se realiza o intercambio e o diálogo. Para que unha conversación sexa fluída e respectuosa cómpre que os interlocutores teñan en conta unha serie de pactos socialmente preestablecidos que están relacionados co tema, coa duración de cada intervención e dos silencios ou co pacto de alternancia. Estes pactos poden variar segundo cada cultura.

Neste artigo preténdese analiza-lo encontro e o desencontro na comunicación humana dende a perspectiva fraseolóxica, contrastando as imaxes conceptuais dos fraseoloxismos alemáns e españois do campo FALAR e tendo en conta as distintas asociacións e valoracións que están por baixo desas imaxes. Os fraseoloxismos foron extraídos do corpus cognitivo do proxecto de investigación FRASESPAL *La estructura idiomática del alemán y del español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico*[3]. Ademais, consultáronse diversos dicionarios específicos como se detalla na bibliografía.

Baseámonos na teoría cognitiva das metáforas, que entende que as metáforas conceptuais forman relacións estruturais complexas que organizan a nosa visión do mundo (Lakoff & Johnson 1980:4; Jäkel 2003:26,33). Como advirte Coenen (2002:218,219), segundo esta teoría as metáforas conceptuais axudan a relaciona-lo pensamento abstracto-conceptual co mundo que captamos cos sentidos, o que lle dá maior fundamento e coherencia ó que aprendemos a través das nosas experiencias. Do

[3] A parte española dos campos FALAR e CALAR foi investigada pola profesora titular da Universidade de Murcia, a doutora Ana Mansilla Pérez. Eu, pola miña banda, investiguei o relativo ós fraseoloxismos alemáns. Xuntas procedemos ó estudo comparativo, polo que quero mencionala aquí, xa que dese estudo conxunto xurdiron os resultados que expoñerei a continuación.

mesmo xeito, Baránov e Dobrovol'skij (2009:114) apuntan que "as particularidades das imaxes relevantes a nivel semántico se manifestan nun nivel de abstracción medio, orientado ós coñecementos cotiáns".

Mentres a concepción tradicional consideraba a metáfora un fenómeno do uso da fala con repercusións no pensamento, a lingüística cognitiva, en cambio, concíbea como algo ligado ó pensamento que repercute no uso da fala. Estas imaxes conceptuais poden coincidir en diferentes linguas dun mesmo ámbito cultural (e mesmo de diferente ámbito), tal e como mostran diversos somatismos de imaxes coincidentes en moitas linguas. Non obstante, dentro deste grupo existen algúns fraseoloxismos que presentan variacións de matices; e isto ten repercusións á hora de traducir, xa que, como dicía Zybatow (1998:148, 150), os fraseoloxismos supoñen un reto para o tradutor, porque a través deles se estandarizan determinados conceptos e ideas. O coñecemento fraseolóxico previo que se adquire da lingua materna pode axudar á hora de descubri-lo significado dos fraseoloxismos da outra lingua que se está a contrastar, pero hai que estar alerta ante as posibles trampas, xa que son precisamente as pequenas diferenzas formais, as que poden levar a unha imaxe errónea.

Danse equivalencias cando nas dúas linguas que se contrastan hai correspondencia no significado. Existen diferentes tipos de equivalencias: plenas, parciais ou nulas e é precisamente entre as parciais onde encontrámo-lo maior número de falsos amigos. Neste artigo mencionaranse algúns. Á hora de analizar esas equivalencias, hai moitos aspectos que cómpre ter en conta, como son o contexto (Kühn 1987, Lüger 2004), a frecuencia (Ettinger 1994:121), a entoación (Hirschfeld 1996), o tipo de texto no que aparecen, etc. Pero aínda que a prudencia sexa necesaria, non deixa de ter interese contrasta-la fraseoloxía en distintas linguas, ben para encontrar similitudes, ben para buscar posibles interferencias (Hallsteinsdóttir 2011). Isto axudaranos a identificar mellor os falsos amigos e, mesmo, os chamados "amigos verdadeiros" (Ettinger 1992:132), porque os coñecementos fraseolóxicos previos que cada falante trae da súa lingua materna poden ser unha axuda á hora de descifra-lo significado dos fraseoloxismos noutro idioma. Os exemplos extraídos do noso corpus porán de manifesto que no español e no alemán hai varias imaxes conceptuais coincidentes.

Piirainen (2001:152) considera que o parecido dos fraseoloxismos atópase máis na súa estrutura interna e nas imaxes que evoca ca no plano da expresión. Piirainen (2001:160) sinala, ademais, que as imaxes específicas para unha soa cultura son escasas.

Para busca-los exemplos prestamos unha especial atención a aqueles subcampos que están relacionados co principio colaborador estudado por Grice (1975:45).

Dende a pragmática xa se analizou en profundidade a existencia de numerosas variables que determinan e inflúen no discurso: o contexto é fundamental, tanto a situación coma os diferentes interlocutores e o tipo de relación que os une. Esta relación pode ser de familiaridade ou de distancia, segundo o grao de coñecemento mutuo, o afecto ou a simpatía que teñan os interlocutores uns cos coutros ou a relación de autoridade ou subordinación entre eles. De tódolos xeitos, a pesar de que poida existir máis ou menos conexión entre os diferentes suxeitos que participan no discurso, podemos partir dun principio colaborador que se acha resumido nas máximas de Grice

(1975:41-58). Trátase dun acordo tácito entre os interlocutores, segundo o cal para que unha conversación sexa considerada boa ten que cumprir unha serie de factores. A primeira das máximas é a da cantidade e está relacionada coa información que se debe dar. Suponse que esta debe ter unha extensión suficiente para que sexa completa, pero tamén se ten que elimina-lo innecesario. A segunda máxima é a da calidade, que se refire a que a contribución debe ser verdadeira. A máxima da relevancia pide que a contribución sexa pertinente e que se seleccione o que realmente é de interese, deixando de lado o superfluo; mentres que a máxima da modalidade esixe claridade, orde e ausencia de ambigüidades.

Un aspecto importante para tódolos subcampos é o da perspectiva da que se parte, que pode ser a do emisor ou a do receptor. Un bo exemplo para iso encontrámolo en Robles i Sabater (2005:48) dentro do subcampo "falar moito". Como mostra da perspectiva do emisor sérvese do fraseoloxismo alemán *sich die Seele aus dem Leib reden* (algo así como "falar a alma do corpo"). O exemplo para a perspectiva do receptor é *jmdm. den Kopf vollreden* ("encherlle a alguén a cabeza falando"). En ámbolos dous casos témolas metáforas do envase e da direccionalidade. No primeiro caso, a dirección é de DENTRO A FÓRA e no segundo, de FÓRA A DENTRO. Isto é así precisamente pola perspectiva adoptada en cada caso.

2. Os subcampos CONCISIÓN / BREVIDADE, PROFUSIÓN e FALAR MOITO en relación co interlocutor

No subcampo "profusión", topámonos coa imaxe conceptual de 'UNHA PERSOA QUE FALA MOITO É UN ANIMAL' (falar moito, ou ben, falar máis da conta dicindo inconveniencias). Esta asociación entre a persoa e o animal leva consigo unha descualificación implícita da persoa que non cumpre co "negociado" (non falar demasiado) e supón, polo tanto, unha violación da máxima de calidade. Tanto en alemán coma en castelán se recorre para a comparación ó loro, un animal que se caracteriza por emitir sons repetitivos que carecen de significado (al. *reden / schwatzen/ plappern wie ein Papagei*, es. *hablar como un loro, hablar como una cotorra, hablar como un papagayo*). Noutros casos, en vez de nomea-lo animal utilízase unha das súas partes para facer alusión a el: en al., *bei jmdm. steht der Schnabel nicht still* ("o peteiro [de alguén] non para quedo") onde o peteiro substitúe a boca. Aquí temos a imaxe dunha parte do corpo (a boca) que non para de moverse. Algo similar acontece cando a cantidade se expresa por medio da metáfora dunha máquina que se caracteriza por ser rápida, eficaz e producir moito (non parar). A arquimetáfora que hai detrás destes fraseoloxismos co significado de falar moito e moi rápido é 'FALAR MOITO É FUNCIONAR SEN DESCANSO' (Mellado Blanco 2010:21). De novo temos unha descualificación coma no caso da comparación cun animal, pero aquí trátase dun obxecto. Encontramos exemplos como o al. *jmds Mundwerk steht nicht still* ("o 'aparato bucal' non para"). A palabra "Mundwerk" recorda a outra parecida, "Uhrwerk", que significa reloxo, un obxecto que, se funciona, está sempre en movemento.

No al. *wie ein Maschinengewehr sprechen* vólvese referir á abundancia e á rapidez utilizando a metralleta como imaxe, algo parecido ó que sucede no es. *bombardear a*

alg. con preguntas. En ámbolos dous casos, a imaxe é a dun obxecto agresivo co que se ataca a outro individuo. No es. *dar la brasa* é o lume o que fere e en *dar la vara* trátase dun obxecto longo e duro que serve para mancar. A imaxe conceptual que hai detrás é 'FALAR MOITO E DE FORMA INSISTENTE É PERFORAR OU FERIR' (falar moito para influír en alguén, querer convence-lo emisor para que faga algo, falarlle a alguén moito e insistentemente sobre algo). Utilízase cando se fala moito e sobre todo con demasiada insistencia molestando o interlocutor como no al. *jmdn. ein Loch in den Bauch fragen* ("preguntarlle [a alguén] un burato na barriga") ou ben o al. *jmdm. das Ohr abkauen* ("morderlle a alguén a orella") ou o es. *comerle el coco a alg*. Na primeira locución o burato aparece porque a insistencia das preguntas resulta tan agresiva que perfora a barriga. A insistencia nestes casos é debida a que o falante quere extraerlle ó seu interlocutor información que este non quere dar, ou debida a que desexa influír nel para que leve a cabo unha acción que de entrada non tiña pensado facer. Por iso o receptor adoita percibilo como algo agresivo.

Outra imaxe conceptual relacionada coa cantidade é a de 'FALAR MOITO É CONTAR UNHA HISTORIA' (falar moito desviándose do tema). Isto é así debido á extensión das historias que non só informan, senón que describen e páranse en numerosos detalles: al. *erzähl (jmdm.) keine langen Geschichten* ("non me contes historias longas"). Aquí temos unha negación e ínstase ó falante a que sexa breve e informe só do necesario, para non aburri-lo interlocutor con informacións peregrinas. Detrás está ademais a idea de que o que se encontra no centro é o relevante e aquilo que se acha na periferia é secundario. No exemplo son as informacións triviais as que se apartan do tema principal do discurso.

Hai que destacar que, cando as historias son ficcionais, como sucede no caso dos contos, en ámbalas dúas linguas se achan preto da mentira. En alemán está o caso dos *Ammenmärchen* ("contos da ama") e en español os *cuentos chinos*, onde o inverosímil se relaciona cun lugar remoto do que se descoñece a cultura.

A extensión tamén se mostra coa imaxe de 'FALAR MOITO É PERDE-LA FORMA' (falar moito sen ser escoitado). No al. *sich den Mund fusselig reden* ("falar de forma que queda peluxe na boca") non só quere indicar que se fala moito, senón que o discurso é en van. Neste caso, o que incumpre o principio colaborador de Grice non é o que fala, senón o receptor que se nega a atender. O mesmo sucede en *sich Fransen an den Mund reden* (algo así como "rematar esfiañándose [a boca]"). Este fraseoloxismo enlaza coa arquimetáfora 'O PENSAMENTO É UN TECIDO' que analiza Jäkel (2003:150). Este autor comenta ó respecto que esta metáfora ontolóxica é un bo exemplo para mostrar como converter algo abstracto como unha idea, en algo sólido como un tecido, o que lle axuda ó interlocutor a entendelo mellor apelando á súa experiencia sensitiva.

Varios fraseoloxismos están vinculados co propio discurso e coa súa estrutura en partes. Existe o consenso de que, por conte-la información principal, o corpo dun discurso debería se-lo máis extenso, mentres que a introdución e a conclusión deberían ser máis breves. Por iso atopamos fraseoloxismos como o al. *sich (nicht lange) bei den Präliminarien aufhalten,* que significa non se deter en preámbulos. No noso corpus,

estes fraseoloxismos encóntranse no subcampo "concisión / brevidade". Aquí temos a imaxe conceptual de 'FALAR DE FORMA CONCISA É CONCENTRARSE NUN PUNTO', como no es. *ir directamente al grano* ou no al. *auf den Punkt kommen*. Estes fraseoloxismos poden usarse para describi-lo tipo de discurso que trata o esencial de forma clara, sen estenderse ou ben poden ser un convite ó interlocutor a ser máis breve e suprimi-lo innecesario.

Preto desta imaxe conceptual están outros fraseoloxismos relacionados cun ámbito máis xeral, como son o es. *dar en en blanco* e *dar en la diana* ou o al. *ins Schwarze treffen*. Significan "atinar" e non están relacionados necesariamente co campo léxico de FALAR e CALAR, senón que teñen un uso máis amplo.

A imaxe contraria témola na arquimetáfora 'O DISCURSO REPETITIVO É UN MOVEMENTO CIRCULAR', onde o circular vai asociado á extensión: al. *im Kreis reden* ("falar en círculo"). Ese movemento circular tamén se pode referir a unha situación paradoxal ou a algo que non encontra solución, como o al. *da beißt sich die Katze in den Schwanz* ("alí morde o gato o propio rabo") ou o es. *la pescadilla que se muerde la cola*, aínda que estes fraseoloxismos se apartan do campo de FALAR e se refiren a unha situación máis xeral. Outra ocasión na que se recorre a esta imaxe é cando o falante non é directo (es. *hablar con rodeos*).

A pesar dos numerosos exemplos nos que demasiada cantidade de produción verbal está considerada como algo negativo, existe un subcampo dentro de "falar moito" con connotacións máis positivas: o que recolle os fraseoloxismos que significan conversar dilatadamente (es. *echar una parrafada con alguien*, *darle a la sin hueso*, *estar de cháchara*, *estar de palique*). Aquí, a cantidade de produción verbal relaciónase cun ambiente relaxado no que os interlocutores se senten cómodos e non necesitan medi-las súas palabras nin organiza-lo seu discurso de forma ríxida. Chama a atención que haxa un maior número de fraseoloxismos neste subcampo no castelán ca no alemán, xa que isto se adoita expresar a través de verbos específicos. Algúns destes verbos son máis neutrais como é o caso de *plaudern*, mentres que outros, coma *labern* ou *sabbeln*, teñen unha connotación negativa, de discurso necio. *Sabbeln* tamén pode significar "botar baba", o que intensifica a sensación de rexeitamento.

Unha imaxe conceptual que encontramos en moitos fraseoloxismos alemáns para designar que se molesta a alguén cun discurso necio é: 'MOLESTAR A ALGUÉN CUN DISCURSO NECIO É ENGADIRLLE ALGO INNECESARIO OU ENCHELO CON ALGO'. Utilízanse imaxes que provocan sensación de asco como o cuspe, ou ben que causan risa por conter un elemento absurdo: "engadirlle a alguén por medio da fala unha hamburguesa ó xeonllo", "engadirlle a alguén por medio da fala un borde ós xenitais" ou "engadirlle a alguén por medio da fala un botón / unha chuleta á meixela" (al. *jmdm. eine Bulette ans Knie labern*, *jmdm. eine Kante an den Sack labern*, *jmdm. einen Knopf an die Backe quatschen / labern / reden*, *jmdm. ein Kotelett an die Backe labern / schwatzen / quatschen / sabbeln, jmdn. volllabern*). Trátase de fraseoloxismos que se utilizan nun rexistro informal e que son máis frecuentes entre os falantes mozos. Estes fraseoloxismos alemáns pertencen a dous subcampos: o que se refire a falar

moito en relación cun interlocutor (o que acabamos de comentar) e o subcampo de discurso necio, que trataremos a continuación.

3. Os subcampos DISCURSO NECIO E/ OU INADECUADO e DISCURSO OFENSIVO

Unha imaxe conceptual habitual que pertence a dous subcampos é a da falta de estrutura. Encontrámola relacionada coa cantidade e coa máxima da relevancia e da modalidade que insta a ser ordenado e claro. No alemán temos *ungereimtes Zeug (daher)reden / sprechen* ("dicir cousas sen rima") que significa dicir cousas sen sentido. A arquimetáfora ligada a esta idea é 'O DISCURSO NECIO É BRANDO E / OU AMORFO' (palabras sen contido): al. *Quark reden* ("Quark" = requeixo), *Käse reden* ("Käse" = queixo) ou ben *Mist reden* ("Mist" = esterco) ou *Scheiß / Scheiße reden* (= merda), onde entraría ademais o elemento da sucidade. Algo similar sucede en 'O DISCURSO POUCO RELEVANTE É AIRE'. Cando no alemán se quere expresar que algo carece de valor e é insubstancial dise *etw. ist nur heiße Luft* ("[algo] só é aire quente"). Isto está estreitamente ligado á arquimetáfora 'O DISCURSO SEN CONTIDO É BALEIRO', para a que temos como exemplos no al. *nichts als leere Worte* ("nada máis que palabras baleiras") ou no es. *palabras de relleno*, *hablar/ decir a humo de pajas*.

Por tanto, a metáfora do aire está presente nos fraseoloxismos que describen o discurso necio, xa que o devandito elemento non ten unha forma definida e caracterízase por non poder ser atrapado nin suxeitado e, en consecuencia, por carecer de consistencia. Mais o aire ou o vento non só se relacionan co que non ten forma nin substancia, senón tamén co volátil, aquilo que se esfuma e se perde. Esta idea está reflectida nos fraseoloxismos onde aparece a palabra "aire" ou "vento" relacionada coa falta dun interlocutor ou ben cun interlocutor pouco atento, que non escoita, como no al. *in den Wind reden* ("falarlle ó vento") ou no es. *hablar al aire*. Aquí a arquimetáfora é a de 'FALAR SEN SER ESCOITADO É MANDAR PALABRAS Ó VENTO'. Isto recorda a paremia no castelán *Las palabras se las lleva el viento*, aínda que ámbolos dous fraseoloxismos son distintos e, polo tanto, estamos ante un falso amigo. No primeiro caso, destácase a falta dun interlocutor ou ben, como diciamos, a presenza dun interlocutor que non escoita; no segundo faise máis ben alusión a que o que non está impreso, o discurso oral, acaba esvaéndose. Esta imaxe procede do adaxio latino "*Verba volant, scripta manent"* ("As palabras lévaas o vento, mais o escrito permanece."). Si son parcialmente equivalentes o al. *ein Prediger / Rufer in der Wüste sein* e o es. *predicar en el desierto*. No alemán temos un suxeito (o que predica) e no español, non; pero en ámbolos dous casos o significado é que o discurso non encontra resposta. Unha imaxe orixinal témola no al. *den Eindruck haben als redete man zum Fenster heraus* ("te-la impresión como se se falase cara a fóra da xanela"). A imaxe conceptual que hai detrás é 'O DISCURSO NECIO É FALAR Ó BALEIRO'. Algo similar sucede en 'FALAR DE COUSAS INSUBSTANCIAIS É PERDERSE NO INFINITO' como no al. *sich ins Uferlose verlieren* ("perderse no que non ten beira"). Isto tamén o encontramos no al. *nichts als Schall und Rauch sein* ("non ser máis que son e fume"), onde se poden aprecia-las imaxes do son e do fume que se esvaen.

É moi frecuente a imaxe conceptual 'FALAR DE COUSAS INSUBSTANCIAIS É APARTARSE DUN CAMIÑO' (es. *irse por los cerros de Úbeda*, *salirse por la tangente*, *andarse por las ramas*, *salir por los de Pavía,* al. *vom Thema abschweifen*), que está ligada á arquimetáfora 'A VIDA É UN CAMIÑO'. Segundo a análise feita por Kispál (2010:108), trátase da conceptualización metafórica máis frecuente no ámbito da VIDA.

No subcampo "falar de xeito vaidoso e vangloriarse", abonda a imaxe conceptual de 'FALAR DE XEITO VAIDOSO É INFLARSE / ENGORDARSE OU BEN ESTAR INFLADO / SER GORDO' como no al. *den dicken Max spielen*, *den dicken Wilhelm spielen* ("xogar a se-lo gordo Max / Wilhelm") (en ámbolos dous casos faise referencia a un personaxe histórico que era rexente e tiña autoridade), *geschwollen reden* ("falar inflado") ou *den Mund zu voll nehmen* ("encher demasiado a boca"). No al. *ein Schaumschläger sein* ("ser [unha persoa] *batedora* de escuma") faise alusión a un botaporela. Neste caso, a imaxe da escuma está relacionada indirectamente co aire que esta contén.

Dicir algo inapropiado no alemán tamén se asocia coa imaxe de queimarse: *sich den Mund / das Maul / den Schnabel verbrennen* ("queima-la boca / o fociño / o peteiro"). Os fraseoloxismos que indican de forma máis clara o desencontro son aqueles pertencentes ó campo do discurso ofensivo. Este campo foi analizado con detemento por Toledo (2003) a través dun estudo contrastivo do alemán e do castelán. Trátase do subcampo coa connotación máis negativa, xa que aquí transgrídese por completo o principio de colaboración. É o caso de desencontro máis manifesto, onde a agresividade non é camuflada ou controlada, senón que as palabras pretenden ferir, polo que non é casual que se utilicen metáforas como as armas, o veleno ou a tortura. Dentro do discurso ofensivo encontramos, ademais, moitas metáforas relacionadas coa loita. Isto é así porque se parte da concepción máis ampla de 'A VIDA É LOITA' (Kispál 2010:212), extrapolándoa ó ámbito do discurso.

En 'AS PALABRAS OFENSIVAS SON ARMAS OU INSTRUMENTOS', como no es. *tener la lengua afilada, al. eine spitze Zunge haben, eine scharfe Zunge haben*, o afiado evoca un coitelo ou unha espada. Nestes casos, trátase dunha característica da persoa, á diferenza doutros exemplos, que van máis unidos á crítica ou á aldraxe, como no es. *darle caña a alg*. ou no al. *seine Giftpfeile abschießen,* (*wieder einmal/...) sein Gift verspritzen* ("dispara-las súas frechas velenosas" ou "salpicar con veleno"). A arquimetáfora 'AS PALABRAS OFENSIVAS SON FORMAS DE TORTURA' vese reflectida no al. *jmdn. auf die Folter spannen, jmdn. zappeln lassen*, no es. *despellejar vivo a alg*., *sacarle a alg. la piel a tiras* e*, no dejar hueso sano*. Dentro do ámbito do desencontro temos ademais as arquimetáforas 'O AGRESIVO É QUENTE', al. *jmdn. schmoren lassen* ("deixar a alguén cocer a lume lento") ou o es. *poner a caldo* e 'DISCUTIR É UNHA GUERRA' no al. *eine Schimpfkanonade loslassen.*

Timofeeva (2007:1031-1033) resalta que determinadas imaxes son utilizadas para mostra-los sentimentos de vergoña, noxo ou rexeitamento que xeran determinadas situacións desagradables. Estas imaxes parten do coñecemento do mundo que teñen os falantes que, por exemplo, relacionan o chan co que está abaixo. A arquimetáfora coa

que nos atopamos nestes fraseoloxismos é que 'O MALO ESTÁ ABAIXO', no al. *jmdn. in Grund und Boden reden* ("falar a alguén ó chan") ou *jdn. herunterputzen* (coloquial); no es. *poner a alg. por los suelos*, *poner a alg. a caer de un burro*.

Tamén pertence ó coñecemento do mundo saber que o lodo, a merda ou o po están unidos á sucidade. Por iso, a arquimetáfora que se deriva disto é 'AS PALABRAS OFENSIVAS SON SUCIAS': no al. *eine Dreckschleuder sein* ("ser unha catapulta de sucidade"), *ein grobes/ ungewaschenesMundwerk haben* ("te-la boca sen lavar"), parecido ó es. *tener la boca sucia*, ó al. *jdn. durch den Dreck ziehen* ("arrastrar a alguén pola sucidade"). *jmdn. durch den Dreck ziehen*, *jmdn. in den Staub ziehen* ("arrastrar a alguén ó lixo"), *jmdn. durch den Schmutz ziehen* ("arrastrar a alguén pola sucidade") ou ben no eufemismo *jmdn. durch den Kakao ziehen* ("arrastrar a alguén polo cacao"), o es. *hablar/ decir/ echar pestes de alguien, cubrir de fango a alg., cubrir de lodo a alg.*

4. O subcampo DISCURSO ADECUADO

Os fraseoloxismos que reflicten mellor o encontro son aqueles referidos ó bo discurso. Este ten que ver coa elocuencia, a graza e o enxeño (es. *tener mucha labia)*, coa desenvoltura (es. *tener facilidad de palabra)*, coa empatía cara ó interlocutor e a capacidade para escoita-los demais, coa claridade e a organización e cun coñecemento en profundidade do tema ó que un se refire. Un fraseoloxismo que resume varias destas características é *hablar como un libro abierto*, que significa falar moi ben, con perfección e claridade (Seco 2004), parecido ó fraseoloxismo alemán *reden wie ein Buch*, que non se debe confundir con outro similar *wie ein offenes Buch sein*, que non pertence ó campo de FALAR e que se refire a unha persoa aberta, de intencións doadas de ver.

O bo discurso tamén está moi ligado á retórica que Seco (2004) define como a "Arte de ben dicir, de dar á linguaxe escrita ou falada eficacia bastante para deleitar, persuadir ou conmover", como ben se pode observar no es. *tener mucha retórica* ou *tener buen pico.* Neste subcampo encontrámonos ademais con arquimetáforas como 'O DISCURSO COIDADO VAI Á PROFUNDIDADE' cando alguén intenta analiza-las cousas detidamente e de forma meticulosa: es. *ir al fondo de la cuestión* ou o al. *den Dingen auf den Grund gehen*. Como ademais do fondo tamén importa a forma, temos a imaxe conceptual de 'O BO DISCURSO ESTÁ BEN VESTIDO' (al. *etw. in schöne Worte kleiden* – "vestir algo en bonitas palabras").

A arquimetáfora 'O BO DISCURSO É ALGO VALIOSO' reflíctese no es. *tener un piquito de oro*. En alemán, en cambio, hai un exemplo que, á primeira vista, pode parecer similar, *Gold in der Kehle haben* ("ter ouro na garganta"), pero trátase dun falso amigo, xa que o seu significado é o de cantar moi ben. Si coinciden en presenta-lo ouro, un metal precioso, como exemplo de algo que ten valor. Esa idea do excepcional encontrámola tamén en 'O BO DISCURSO É ALGO FÓRA DO COMÚN' al. *mit Engelszungen reden* ("falar con lingua de anxo") ou o es. *tener don de palabra*.

5. Os subcampos FALAR CON CLARIDADE e FALAR CON POUCA CLARIDADE

A máxima da modalidade esixe claridade, orde e ausencia de ambigüidades. Isto correspóndese no noso corpus cos subcampos "falar con claridade" e "falar con pouca claridade". Aquí é onde nos encontramos coa maior parte dos casos ambiguos, é dicir, diferentes fraseoloxismos dun mesmo campo que unhas veces teñen connotacións positivas e outras negativas. Isto ás veces débese a motivos persoais ou culturais: hai culturas máis dadas a un tipo de comunicación máis directa e outras que valoran máis a comunicación indirecta. Segundo a personalidade de cada un (máis extravertida ou introvertida), elíxese ou prefírese unha comunicación máis aberta e clara ou máis diplomática e prudente. A claridade, describi-las cousas tal como son e "o ser directo" van unidos; por iso, fraseoloxismos como o es. *llamar a las cosas por su nombre*, *al pan, pan; y al vino, vino* ou o al. *das Kind beim Namen nennen* ("chama-lo neno polo seu nome") significan falar claro.

En xeral, valórase positivamente a comunicación "aberta" cando está relacionada coa veracidade, al. *den Mund am richtigen Fleck haben* ("te-la boca na mancha = lugar axeitado"), es. *sin trampa ni cartón* e, de forma negativa cando se destaca a falta de prudencia ou de tacto. Os fraseoloxismos es. *no tener pelos en la lengua*, al. *Haare auf den Zähnen haben* conteñen unha imaxe parecida (pelos na lingua e pelos nos dentes), pero son falsos amigos, xa que o caso español pertence ó campo onomasiolóxico FALAR e o segundo está relacionado coas EMOCIÓNS e, neste caso, a cólera utilízase para designar unha persoa iracunda.

Nos fraseoloxismos *jmdm. etw. glatt ins Gesicht sagen* e es. *espetarle a alg. algo en la cara* temos a mesma imaxe conceptual: 'O DISCURSO DIRECTO É FRONTAL'. A verdade pode estar asociada ó valor e á decisión, propiedades que adoitan estar unidas ó corazón **(Mellado Blanco 2004:111): al. *aus seinem Herzen keine Mördergrube machen* ("non facer do corazón unha gorida de asasinos"), *das Herz in der Hand tragen* ("leva-lo corazón na man"), es. *con el corazón en la mano*, al. *Hand aufs Herz* ("man ó corazón") ou o es. *con la mano en el corazón*, como mostra de confianza e sinceridade.

A miúdo, o campo da verdade asóciase coa luz. O esquema conceptual que está por baixo diso é o de 'A VERDADE É LUZ' e 'O SABER É LUZ'. Pero non sempre esa verdade é algo transcendental e valioso. En moitos casos, a imaxe da luz está relacionada coa función de revelar unha información escondida ata ese momento. Exemplos: al. *etw. ans (Tages-)Licht bringen, etw. an den Tag bringen, die Sonne bringt es an den Tag,* es.: *sacar algo a la luz, salir algo a la luz*. Tamén temos exemplos nos que a luz é un foco (*Schlaglicht*) ou un reflexo de luz coma no faro que aparece só durante un espazo de tempo: al. *etw. ans Licht zerren, ein Schlaglicht / Streiflicht auf jmdn. / etw. werfen.* En ámbolos dous casos, as connotacións que recibe a luz son de agresividade. Esta luz non ilumina, senón que pretende mostra-lo oculto e levalo ó ámbito público. A valoración destes fraseoloxismos depende moito do contexto, da información ou da "verdade" que se revela, de se había desexo de ocultala ou non, e do punto de vista. En numerosas ocasións estes fraseoloxismos aparecen na prensa cando se comenta unha situación na que algo privado foi desvelado (casos de

corrupción, infidelidade, etc.). A perspectiva é a dos xornalistas que se alegran de destapa-lo que consideran desprezable ou que, simplemente alimenta o morbo dos seus lectores, pero tamén hai contextos máis privados nos que o que se descobre é un segredo.

A comunicación "aberta" en xeral está representada por metáforas de APERTURA e de falta de "envase". As cartas destapadas aparecen en varias linguas europeas como mostra desa apertura, de confianza e de "xogo limpo", al. *die Karten (offen) auf den Tisch legen/ die Karten offen legen*, es. *mostrar las cartas, poner las cartas sobre la mesa.* Cando a claridade significa franqueza, hai a asociación de falar na lingua materna ou segundo o coñecido. Como xa sinala Aznárez Mauleón (2006:142), a claridade relaciónase coa "utilización dunha variedade coloquial que se considera a máis accesible para todos, é dicir a que todos entenden": no es. *hablar en romance* (na Idade Media a lingua romance opoñíase á lingua latina, considerada máis culta pero menos familiar), *hablar en román paladino*, *hablar en cristiano* (aquí o familiar identifícase coa relixión cristiá), no al. *das / etw. heißt auf gut deutsch* ("isto quere dicir en bo alemán"), *mit jmdm. deutsch reden* ("falar con alguén alemán"), o que equivale a falar de forma clara e intelixible. Pola contra, falar noutra lingua é facelo de forma pouco clara ou difícil de entender, como por exemplo no es. *hablar en chino.* O fraseoloxismo alemán *etw. kommt einem Spanisch vor* ("resultarlle español [algo a alguén]") significa parecerlle algo estraño a un, polo que unha vez máis se estableceu unha relación entre outra lingua e o incomprensible. Pero neste caso o que resulta estraño é unha situación e non a forma de falar ou o contido dun discurso. Isto vén dos tempos nos que Carlos V, emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico (1520-1558), coñecido en España como Carlos I (rei de España 1516-1556) chegou ó pazo con costumes descoñecidos e difíciles de comprender para o pobo alemán. O mesmo sucede no al. *etw. sind für jmdn. böhmische Dörfer* ("algo son pobos bohemios"). Nos tempos do imperio austrohúngaro había partes de Bohemia (como os Sudetes) nas que se falaba alemán, mentres que noutras predominaba a lingua eslava (o checo), polo que ós alemáns que pasaban por alí resultáballes imposible de entender, por pertenceren a outra familia lingüística (Röhrich 1994).

6. Conclusión

A escritora Carmen Martín Gaite (2000:23) escribía no seu ensaio *La búsqueda de interlocutor*:

> *La capacidad narrativa, latente en todo ser humano, no siempre – y cada vez menos – encuentra una satisfactoria realización en la conversación con los demás (...) entre otras cosas (...), porque tampoco somos siempre capaces de mantener en un punto idóneo de tensión la rienda de nuestros humores, que con tanta frecuencia se destemplan.*

Isto puidémolo ver reflectido na nosa análise fraseolóxica, onde nos chamou a atención que moitos dos fraseoloxismos analizados mostran o incumprimento das máximas de colaboración de Grice. O desencontro é, polo tanto, unha realidade dentro da comunicación humana, pero, sobre todo, cando se dá este caso, existe ademais unha

vontade de expresalo, por exemplo, a través dos fraseoloxismos. Isto é así porque se tende a subliña-lo negativo, especialmente na fraseoloxía. Como recorda Fleischer (1997:179), os fraseoloxismos aparecen con frecuencia relacionados co comportamento humano e atribúenlle a este determinadas valoracións. O entusiasmo, a popularidade, a sabedoría, a apertura e a rapidez adoitan ser consideradas de forma positiva; mentres que o engano, o desprezo, a fanfurriñada, a demencia, o esgotamento, a enfermidade e o fracaso se valoran negativamente. Todas estas características poden ir asociadas ó discurso e estar relacionadas co encontro ou co desencontro entre persoas. En xeral, podemos afirmar que o ser humano crea máis fraseoloxía a partir do problemático que do que funciona correctamente, seguramente por desexar resolvelo ou cambiar algo.

O noso estudo interlingüístico tamén nos mostrou que aínda que dentro de cada exemplo as imaxes poidan cambiar, adoitan coincidi-las imaxes conceptuais, sobre todo nas linguas pertencentes a un ámbito cultural como é o europeo. Trátase dos chamados europeísmos ou interfraseoloxismos. Outro caso é o dos universais lingüísticos (como no ámbito dos somatismos) onde as coincidencias se dan por teren os seres humanos unhas mesmas características corporais. Pero, a pesar de tódalas coincidencias e similitudes, debemos ser cautos, xa que moitas veces se require un coñecemento cultural previo para descifrármo-los fraseoloxismos. Existen bastantes equivalencias parciais, pero non podemos esquecer que son menos frecuentes as equivalencias plenas (Döringer 2008:84, Segura García 1998:164). Por iso é de especial interese o caso dos falsos amigos, tanto para o ámbito da tradución coma para a aprendizaxe e o ensino de idiomas, xa que estes son a causa de numerosas confusións e mesmo de desencontros entre os distintos interlocutores.

Os malentendidos adoitan darse sobre todo naqueles casos nos que hai unha similitude na imaxe conceptual, pero unha diferenza no significado. Ó encontrarse o aprendiz dunha lingua cunha imaxe coñecida, "baixa a garda" e supón que significa o mesmo ca no seu idioma (como sucede en numerosos outros fraseoloxismos). Pero a idea común de que "unha imaxe vale máis que mil palabras" resulta ser aquí unha trampa, xa que, a pesar dos parecidos, a mesma imaxe pode ir asociada a algo moi diferente en cada cultura.

7. Referencias bibliográficas

AZNÁREZ MAULEÓN, Mónica (2006): *La fraseoloxía metalingüística con verbos de lengua en español actual*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

BARÁNOV, A. e DOBROVOL´SKIJ, D. (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

COENEN, Hans Georg (2002): *Analogie und Metapher. Grundlegung einer Theorie der bildlichen Rede*. Berlin / New York: De Gruyter.

DÖRINGER, Björn (2008): *Phraseologie: Probleme der Übersetzbarkeit (deutsch-spanisch)*. Saarbrücken: VDM Dr. Müller.

ETTINGER, Stefan (1994): "Phraseologische faux amis des Sprachenpaares Französisch- Deutsch", en SANDIG, Barbara (ed.): *Europhras 92. Tendenzen*

der Phraseologieforschung. (Col. Studien zur Phraseologie und Parömiologie). Bochum: Brockmeyer.

FLEISCHER, Wolfgang (1997): *Phraseologie der deutschen Gegenwartsprache*, Tübingen: Max Niemeyer.

GRICE, Herbert Paul (1975): "Logic and conversation", en COLE, P. e MORGAN, J. (eds.): *Syntax and semantics* 3. New York: Academic Press, 41-58.

HALLSTEINSDÓTTIR, Erla (2011): "Aktuelle Forschungsfragen der deutschsprachigen Phraseodidaktik", en *Linguistik online* 47, 3. http://www.linguistik-online.de/47_11/hallsteinsdottir.html.

HIRSCHFELD, Ursula (1996): "Der Ton macht die Musik. Phonetik und Phraseologie", en *Fremdsprache Deutsch* 15, 31-35.

JÄKEL, Olaf (2003): *Wie Metaphern Wissen schaffen. Die kognitive Metaphern*theorie *und ihre Anwendung in Modell-Analysen der Diskursbereiche Geistestätigkeit, Wirtschaft, Wissenschaft und Religion*. Schriftenreihe PHILOLOGIA, Band 59. Hamburg: Dr. Kovač.

KISPÁL Tamás (2010) *Die metaphorische Konzeptualisierung des menschlichen Lebens in deutschen Idiomen*. Szeged: University of Szeged. http://doktori.bibl.u-szeged.hu/791/

KÜHN, Peter (1996): "Redewendungen- nur im Kontext! Kritische Anmerkungen zu. Redewendungen in Lehrwerken", en *Fremdsprache Deutsch* 15,10-16.

LAKOFF, George; JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors We Live By*. Amsterdam / Philadelphia: Chicago University Press.

LÜGER, Heinz- Helmut (2004): "Idiomatische Kompetenz – ein realistisches Lernziel? Thesen zur Phraseodidaktik." *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung*, Sonderheft 7, 121-169.

MARTÍN GAITE, Carmen (2000): *La búsqueda de interlocutor*. Barcelona: Anagrama.

MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán*, Frankfurt am Main: Peter Lang.

MELLADO BLANCO; Carmen; BUJÁN Patricia; HERRERO KACZMAREK, Claudia; IGLESIAS IGLESIAS, Nely; MANSILLA PÉREZ, Ana (2010): *La fraseología del S.XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Berlin: Frank &Timme.

PIIRAINEN, Elisabeth (2001): "'Falsche Freunde' in der Phraseologie: Versuch einer Modellierung", en NIKULA, Henrik; DRESCHER, Robert (ed.): *Lexikon und Text*. (Beiträge auf der 2. Tagung zur kontrastiven Lexikologie, Vaasa 7.-9.4.2000.). Vaasa: Vaasan Yliopiston Julkaisuja, 151-169.

RICKHEIT, Gert; STROHNER, Hans (1993): *Grundlagen der kognitiven Sprachverarbeitung*. Stuttgart: Francke.

ROBLES I SABATER, Ferran (2005): "Aproximación a la fraseoloxía metalingüística del alemán. Las locuciones verbales con *reden*, *sagen* y *sprechen*", en *Anglogermánica Online*, 2005,43-64. http://anglogermanica.uv.es:8080/Journal/Viewer.aspx?Year=2005&ID=robles.pdf

SEGURA GARCÍA, Blanca (1998): *Kontrastive Idiomatik: deutsch-spanisch*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

TIMOFEEVA, Larissa (2007):"Sobre la traducción de la fraseoloxía: un enfoque pragmático", en *Interlingüística* 17, 2007,1029-1038.

TOLEDO, Emilio (2003): *Vergleichende Phraseologie der spanischen und der deutschen Sprache. Untersuchungen anhand einer Auswahl verbaler Phraseologismen mit der allgemeinen Bedeutung „Angriff auf eine Person"*. Hamburg: Dr. Kovač.

ZYBATOW, Lew (1998): "Übersetzen von Phraseologismen oder was bringt die kognitive Linguistik dem Übersetzer?", en WIRRER, Jan: *Phraseologismen in Text und Kontext*. Bielefeld: Phrasemata,149-167.

Dicionarios:

DORNSEIFF, Franz; QUASTHOFF, Uwe (2004): *Der deutsche Wortschatz nach Sachgruppen*. Berlin: Walter de Gruyter.

DUDEN 11, *Redewendungen. Wörterbuch der deutschen Idiomatik.* Mannheim: Dudenverlag, 2008.

RÖHRICH, Lutz (1994): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Freiburg: Editorial Herder.

SCHEMANN, Hans (1989) *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Straelen: Straelener Manuskripte.

SECO Manuel; ANDRÈS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual.* Madrid: Aguilar.

Colocacións con *make, take* e *do* + nome nun corpus do século XIX de textos ingleses científicos e literarios escritos por mulleres[1]

Inés Lareo[2]

Universidade da Coruña

Este traballo céntrase no uso das colocacións formadas polos verbos *make, take* e *do* e un nome en textos escritos por mulleres nacidas e educadas en Norte América e Reino Unido no século XIX. O obxectivo principal do estudo é comparar dous xéneros ben diferenciados, como son o que forman, por un lado os textos literarios e, polo outro, os textos científicos. Ó mesmo tempo quixemos centrarnos só en textos escritos por mulleres porque esta variable, o sexo, tirou resultados interesantes en anteriores investigacións. Restrinximos a investigación a estes tres verbos por ser os máis utilizados. O noso obxectivo é observar unha serie de variables extralingüísticas para ver como inflúen no uso das colocacións nesta época ou se se poden considerar relevantes dalgunha maneira. Entre as variables observaremos o xénero: ficción ou ciencia; o período: de 1800 a 1900; a orixe das autoras: Irlanda, Inglaterra e Estados Unidos; a idade das autoras á hora de publicar o libro e o tipo de texto do que proceden (cartas, ensaios, tratados ou libros de texto). Para obter os datos da investigación utilizaremos dous corpus: un de textos de ficción, que inclúe novelas escritas por mulleres e outro de textos científicos (o *Coruña Corpus* (CC)). Do CC seleccionamos só mulleres que publicaron textos da rama de ciencias naturais. Dentro deste eido, os textos pertencen ás seccións de ciencias da vida e de astronomía.

Palabras clave: historia da lingua, linguaxe científica, xénero, colocación, verbos de apoio.

This work studies the use of collocations formed by the verbs make, take and do followed by a noun in nineteenth century English in texts written by English-speaking women, born and grown up in North America and the United Kingdom. The aim of this study is to compare two different genres, fiction and science. We have focused our attention only on texts written by women because this parameter, sex, has shown interesting results in previous studies. We have limited this study to the search on these three verbs because they are the most widely used. Our aim is to

Data de recepción 10/03/2011 Data de aceptación 28/07/2011

[1] Tradución de Marta Araújo González e Samuel Sánchez González .

[2] Este traballo levouse a cabo grazas ó apoio da Universidade da Coruña, da Xunta de Galicia, a través do contrato Ángeles Alvariño, e do Ministerio de Ciencia e Innovación (FFI2008-01649/FILO).

use a variety of extralinguistic parameters to study their influence on the use of collocations in the period under survey, or if they can be considered somehow relevant. The parameters applied will be: genre (fiction and science), time-span (from 1800 to 1900), origin of the authoresses (England, Ireland and United States), age of the author when the work was published, and text-types they represent (letters, essay, treatise, text-book). To obtain our data two different corpora will be used: a fiction corpus, that includes novels written by women and a scientific corpus (the Coruña Corpus (CC)). From the CC we have selected only works written by women that belong to the field Natural sciences. Within this field, the works belong to the Life Sciences and Astronomy sections.

Keywords: language history, scientific language, genre, collocation, support verbs.

1. Introdución

Este traballo centrase no estudo dun elemento lingüístico nun corpus de textos escritos en inglés por autoras nativas no século XIX. O noso foco de interese son as colocacións formadas polos verbos *make*, *take* e *do* seguidos dun nome e a súa utilización nun corpus de textos de ficción (exemplos (1) a (3) e de textos científicos (exemplos (4) a (6))[3]. Decidimos seleccionar só obras escritas por mulleres polos motivos que se comentan no apartado 2. As mostras do corpus de ficción seleccionáronse de entre as que formaban o corpus utilizado en Lareo (2009a) e as do corpus científico de dúas das seccións do *Coruña Corpus*, (CC) proxecto que comentaremos con brevidade a continuación.

(1) […] *that Mary could not all at once return it, without <making> some sensation among the workwomen* (Gakell 1849)

(2) […] *the light-coloured lashes be lifted a second and a blue eye, glancing out from under the screen, will <take> its brief, sly, searching survey* (Brontë 1857)

(3) […] *but as she invariably gets her exercises, of every description, <done> by a fellow pupil* (Brontë)

(4) […]*the lapse of many years seems to <make> no change in its appearance* (Pratt 1840)

(5) […] *they however <took> note of a certain whitish spot on the planet's disc* (Clerke 1893)

(6) […] *what wonders <does> the microscope* (Wakefield 1816)

O *Coruña Corpus of English Scientific Writing* (CC) é un proxecto que está levando a cabo o grupo Research Group of Multidimensional Studies in English (MuSTE) da Universidade da Coruña. A nosa intención é compilar un corpus de textos científicos escritos en inglés por autores nativos desa mesma lingua entre 1700 e 1900. O fin principal co que está sendo compilado este corpus é o de realizar investigacións lingüísticas e sociolingüísticas.

[3] Trátase dun estudo cuantitativo no que se extraeron un total de 737 colocacións entre ambos os córpora (ver Táboa 3).

O corpus segue uns determinados criterios de compilación que afectan as disciplinas seleccionadas dentro do marco científico, a orixe e o sexo dos autores, o ano de publicación, e o tipo de texto, a edición, o número de palabras da mostra, etc. No referente ás disciplinas utilizamos a clasificación da UNESCO para as ramas da ciencia e da tecnoloxía publicada en 1978 e que recolle seis campos ben diferenciados. Centrámonos en dous deses campos, perfectamente delimitados en forma e contidos, como son as humanidades e as ciencias naturais. Ata estes momentos contamos no noso corpus coas seguintes ramas ou disciplinas: filosofía, historia, astronomía, química, ciencias da vida e física.

Ademais da antigüidade dos textos e da condición de que os autores recibiron a súa educación nun país de fala inglesa como Estados Unidos ou Reino Unido, xa que os principais usuarios do corpus son filólogos de lingua inglesa, o sexo dos autores supuxo un desafío á hora de completar o traballo. Conscientes do papel da muller tamén neste campo quixemos que a muller se vexa dignamente representada no noso corpus, criterio de selección que nos ocasionou bastantes problemas ó tratarse de textos relativos ás ramas científicas dun período anticipado, momento no que a muller intentaba ocupar un lugar no campo da ciencia[4].

O uso de colocacións é un dos temas de estudo no CC, sobre todo se temos en conta que, a pesar de existiren na maior parte das linguas, o seu uso cotián e estendido é unha característica da lingua inglesa, como sinalan Olsson (1961:229), Renský (1964:291), Downing (1982) ou Allerton (2002). En moitos casos explicouse o seu uso frecuente como indicador da linguaxe coloquial. Neste senso Dixon (1992) resalta funcións estilísticas como son, na súa opinión, que este tipo de construcións levan unha carga de amizade e intimidade que se atopan máis a miúdo no estilo coloquial ca no formal (Poutsma 1926; Curme 1947; Wierzbicka 1982). En Dirven e Geiger (1989:46) fálase, incluso, da súa extremada frecuencia na lingua falada, mentres que Biber et al. (2000:1028-1029) contradín esta opinión baseándose nos resultados da súa comparación entre a lingua falada e escrita. De feito, en contra das opinións precedentes, aínda que admiten que *have* se emprega nun estilo máis coloquial, Biber et al. falan deste uso dos verbos *make, have* e *take,* de feito, moito máis frecuente no rexistro escrito e concretamente nas noticias e na prosa académica. Atopamos opinións similares en Nickel (1968:2), Stein (1991) ou Wotjak (1998:267), entre outros. Para o período anterior a 1800 e baseándose de novo no seu aspecto coloquial Dixon (1992) explica a escaseza destas construcións na literatura porque esta non reflectía este uso "coloquial" da lingua. Non obstante, os estudos de épocas anteriores no desenvolvemento da lingua coma o de Claridge (2000:174, 192, 197), onde se

[4] As mulleres que se incluíron no CC son moitas delas pioneiras no mundo científico. O campo científico nos séculos XVIII e XIX abarcaba disciplinas que hoxe en día ninguén consideraría como ramas da ciencia (por exemplo a astroloxía ou a alquimia), pero que si o eran en tempos pasados. Por este motivo poida que algúns dos escritos non sexan considerados hoxe en día como representativos de textos científicos, ben por non mostraren un suficiente contido científico ou por iren dirixidos a unha audiencia xuvenil, coma o texto de Priscilla Wakefield (1816). Non obstante, se queremos ser fieis ó momento que estamos estudando, as obras destas mulleres deben ser tamén valoradas como parte dos escritos que pertencían a ese campo.

comparan ademais os seus resultados cos obtidos por Hiltunen (1999) e Kytö (1999) (todos sobre o período anterior ó noso, é dicir, no Inglés Moderno ***Prematuro, pero con diferentes corpus) conclúe que, nese momento, existía unha preferencia no uso destas combinacións polos contextos máis formais e o rexistro escrito, pero ó mesmo tempo tamén polos textos con diálogos. Kytö (1999) tamén obtén uns resultados similares, dos que colixe que se utilizan igualmente no estilo persoal e no formal. No tocante ó seu uso, nos textos de ficción a partir de 1800, Strang (1986) afirma que a partir dese momento a literatura se volve máis coloquial, opinión que concorda con Dixon (1992), feito que favorece o rápido ascenso destas construcións, debido ó seu carácter tamén coloquial.

Partindo das opinións expostas por estes autores para os períodos anterior e posterior ó que analiza este artigo, observaremos, a través dos resultados obtidos do noso corpus, se na selección de mostras de textos relacionados co mundo da ciencia se fai un maior uso destas colocacións ou se, pola contra, se obteñen máis resultados na parte de ficción. No tocante á discusión de se eran ou non representativas do estilo coloquial, nese momento, observaremos en que tipo de textos se acadan máis resultados. A través dos datos obtidos poderemos comprobar se o matiz coloquial que lle adxudican algúns autores se sostén ou se, pola contra, como expoñen outros traballos, obtemos máis na parte da ciencia que na da ficción. Por outro lado clasificamos os textos científicos segundo o grao de especialización que mostran para comprobar se este sería tamén un parámetro decisivo do seu uso, obtendo menos resultados nos textos cun maior grao de especialización.

Dentro das variables analizadas atopase tamén a orixe das autoras, concretamente Estados Unidos, Inglaterra e Irlanda[5]. Aínda que non localizamos estudos previos que analicen esta variable, parécenos que os resultados poderían axudar a esclarecer se esta variable debería terse en conta á hora de falar do uso destas colocacións en diferentes tipos de textos. A inclusión de textos con autoras de orixe irlandés permítenos comprobar se estes seguen a ser os que máis colocacións utilizan, como se constatou en estudos anteriores. Por último, tamén se comprobará o parámetro idade, aínda que tampouco o tiveron en conta outros investigadores deste tema. Partimos da premisa de que no século XIX o uso de colocacións era un signo de modernidade non moi ben aceptado polas clases altas como expón Bailey (1999) e das opinións de Philips e Reynolds (1988:71-72), sobre o uso de variables lingüísticas máis formais e vistas como "máis correctas por todos" pola parte das mulleres, así coma as de Milroy *et al.* (1994), sobre o papel da muller como "creadora" de formas de prestixio e de normas, o das de Labov (1991), que chega á conclusión de que as mulleres son moito máis innovadoras cós homes en cuestións lingüísticas. Comprobarase, entón se as autoras

[5] As autoras seleccionáronse de dous corpus diferentes nos que se incluían tanto científicas do Reino Unido coma dos Estados Unidos. Como a data de publicación dentro do período se utilizou tamén como variable, tratouse de que tanto os textos de ficción coma os correspondentes textos científicos se publicasen en datas moi próximas. Esta selección motivou que unha das autoras do corpus científico sexa americana, dado que esta era a única posible para seleccionar pola data. Dentro da zona europea para a adscrición da procedencia das escritoras non se tivo en conta o lugar de nacemento senón o lugar que puidese ter máis influencia na adquisición dos hábitos lingüísticos.

máis novas utilizan máis este recurso cás máis maduras. Ó considerarse o seu uso un signo de modernidade, sería máis fácil que as máis novas o incorporasen con máis rapidez ó seu propio idiolecto, mentres que as máis maduras resistiríanse máis a esta nova tendencia.

2. Descrición do corpus e metodoloxía

O esquema que seguirá o traballo será o seguinte. Este apartado dedicarase a describir os córpora utilizados para o traballo. O apartado 3, ó tipo de colocación no que xa nos centramos. No punto 4 exporanse os resultados da nosa busca centrándonos nos seguintes puntos: diferenzas entre ciencia e ficción; distribución dentro do período; distribución tendo en conta se o texto é máis ou menos formal; orixe das autoras e distribución xeográfica; por último, relación entre a idade e o número de colocacións; e resultados individuais dos tres verbos analizados.

Para obter os datos deste estudo utilizamos un corpus cun cómputo total de palabras de 343.948 (300.631 de ficción e 43.317 de ciencia). O corpus está formado por dúas partes ben diferenciadas extraídas á súa vez de dous córpora máis amplos. A parte da ficción contén mostras de novelas inglesas utilizadas con anterioridade para a busca de colocacións (Lareo 2006, 2009a). A parte científica confórmana textos en inglés pertencentes ós corpus CETA (*Corpus of English Text on Astronomy*) e CELiST (*Corpus of English Life Sciences Texts*), ambos os subcorpus do *Coruña Corpus*. Tanto a parte literaria coma a científica restrínxense ó século XIX e os textos foron publicados entre 1812 e 1894. Aínda que o total de palabras incluídas en cada parte do corpus non é a mesma, os resultados normalizáronse a 10.000 para obter así unhas cifras que se puideran comparar[6].

A decisión de incluír só traballos escritos por mulleres, aínda que non temos coñecemento doutros autores que trataran este aspecto previamente con relación ó tema proposto, débese a que este parámetro tirou resultados interesantes en estudos anteriores (Lareo 2009a). Polo tanto, para obter una comparación más fidedigna, xa que este parece un punto importante no que se refire ó uso das colocacións, decidimos non engadir unha variable que puidera desvirtuar os datos e, seguindo as ideas expostas por Holmes (1999:462) con respecto á influencia do sexo do falante á hora desenvolver e utilizar un modelo de lingua diferente, centrámonos só en mulleres.

O corpus de textos literarios inclúe novelas escritas por mulleres no Reino Unido no século XIX. Na Táboa 1 inclúense datos biográficos e bibliográficos de textos e autoras, comezando polo nome da novelista, a súa orixe[7] ou onde adquiriu os seus

[6] Debido a que o noso corpus se compilou con mostras extraídas de dous córpora xa existentes, o cómputo de palabras de cada mostra é diferente, oscilando entre as 75.000 palabras para as mostras de ficción e arredor de 10.000 para as de ciencia. Aínda que se extraeron todos os exemplos localizados no corpus, a normalización a 10.000 palabras (é dicir, cantos resultados obteríamos en cada mostra se todos tiveran 10.000 palabras), é necesaria para poder comparar córpora con tamaños diferentes (ver Táboa 3).

[7] Como se apuntou na nota 4 coa orixe non nos referimos a onde naceu senón ó lugar que puido influír máis na adquisición dos seus hábitos lingüísticos: así, a Maria Edgeworth que naceu en Oxfordshire pero que se trasladou coa súa familia a unha idade temperá a Irlanda (Lawless 1904), optamos por etiquetala como irlandesa porque foi unha das representantes máis importantes da literatura irlandesa.

hábitos lingüísticos, a data de publicación da obra, a data de nacemento, a idade que tiña cando se publicou a obra e o título da mesma. Na última columna recóllese o cómputo total do corpus de ficción.

NOME	ORIXE	PUBLI-CACIÓN	NACE-MENTO	IDADE	TÍTULO	TOTAL
Edgeworth, Maria	Irlanda	1812	1767	45	The Absentee	300.631
Gaskell, Elizabeth	Inglaterra (Londres)	1848/1849	1810	38	Mary Barton: A Tale of Manchester	
Brontë, Charlotte	Inglaterra (Yorkshire)	1857	1816	41	The Professor	
Somerville, Edith OE.	Irlanda (Cork)	1894	1858	36	The Real Charlotte.	

Táboa 1: Información do corpus de ficción

Para a compilación deste corpus seguíronse unha serie de criterios segundo o período, a orixe dos autores, obras, etc que exporemos a continuación. A elección do período (1800-1900) levouse a cabo tendo en conta a opinión de Görlach (2004:2) e Beal (2004:191) verbo da importancia e idoneidade dos séculos XIX e XX para as investigacións dialectolóxicas e sociolingüísticas. Tamén tivemos en consideración os cambios sociais e lingüísticos que se producen no século XIX na lingua inglesa (Bailey 1999; Görlach 1999; Kytö *et al* 2000; Beal 2004)[8], a súa proximidade ó que podemos considerar inglés actual e os escasos estudos sobre o uso das colocacións nesta época. A data de comezo para analizarmos estas colocacións en Inglés Moderno Tardío (1800) estableceuse tendo en conta as opinións de Mele e Martín (2001:582) e a data final estipulada por Osselton (1984) para o seu estudo sobre Inglés Moderno Antigo que abarca de 1500 a 1800. Por último, dado que o corpus só se nutre de textos escritos por mulleres, tamén tivemos en conta as opinións de Woolf (1929:34) sobre o rexurdimento das mulleres escritoras na Inglaterra de finais do XVIII e principios do XIX.

Debido á amplitude do lapso temporal abarcado polo corpus consideramos oportuno dividilo en subperíodos de 50 anos para poder estudar mellor os cambios. Desta maneira os bloques temporais que compoñen o corpus serán 2: de 1800 a 1850; e de 1850 a 1900. Dentro de cada bloque incluíronse dúas mostras –unha de cada un dos dous xéneros– para os primeiros 25 anos de cada subperíodo e outras dúas para os últimos 25 anos (as mostras utilizadas foron oito).

[8] É evidente, como subliñan estes autores, que os cambios sociais, políticos e económicos crean as condicións apropiadas para que se produzan cambios lingüísticos, aínda que en por si non poden ser a causa deles. Por exemplo, a acta da educación elemental de 1870 provoca un descenso no nivel de analfabetismo. Este feito favorece o aumento de lectores tanto de literatura coma de xornais. Ó mesmo tempo, as novas políticas comerciais favorecen o intercambio cultural (e lingüístico) entre diferentes rexións; e os cambios sociais permiten un tímido desenvolvemento e a evolución do mundo feminino, incluídas as súas aspiracións e a súa maneira de pensar e de expresarse. As mulleres, que ata ese momento puideran acceder a batallas dialécticas só a través das conversas nos salóns de persoas importantes, comezaron a introducirse nas universidades.

Verbo do tipo de textos seleccionados diremos que o corpus literario abarca só o xénero[9] de ficción[10], máis concretamente, a novela. Despois dunha serie de consideracións sobre o tipo de textos que debiamos introducir nesta parte do corpus, e dada a natureza dos fenómenos lingüísticos que queremos analizar, pensamos que o xénero de ficción posúe unha maior variedade de vocabulario e mestura de estilos dada a habilidade dos autores ó trataren de reproducir a forma de falar de personaxes de distinta clase social e ó incluíren o uso de dialectos e variedades rexionais (Bailey 1999; Beal 2004). Esta decisión permítenos levar a cabo unha comparación entre dous bloques ben diferenciados como son as novelas e os escritos científicos.

En ambas as seccións do noso corpus decidiuse que as autoras fosen falantes nativas de inglés e rexeitáronse obras traducidas para evitar a interferencia doutras linguas nos resultados. Este punto é tamén importante porque, como constataron Hoffmann e Lehmann (2000), dada a arbitrariedade da selección dos elementos dunha colocación, a habilidade ou a intuición que amosan os falantes nativos en relación ás colocacións é moi superior á dos que utilizan o inglés como unha segunda lingua aprendida posteriormente.

A selección de primeiras edicións, ou de edicións posteriores sempre que o tempo transcorrido entre cada unha delas non sexa superior a 30 anos, permitiunos facer un estudo tendo en conta a idade da autora ó escribir a obra (idades que oscilan entre 34 e 66 anos)[11] e tamén a centrarnos nun punto concreto da evolución da historia. De ser a idade un factor decisivo, permitiunos comprobar se as autoras de máis idade podían ser máis conservadoras á hora de utilizaren estas colocacións ou viceversa.

A orixe das autoras é outro dos parámetros analizados. No caso do corpus de ficción seleccionáronse dúas novelistas de Inglaterra e dúas de Irlanda. O corpus científico é un pouco máis variado xa que inclúe unha escritora americana. Queriamos poder seleccionar autoras das mesmas zonas en ambos os córpora, pero o feito de localizar escritos de mulleres científicas no século XIX, que ademais coincidiran coas datas dos escritos de ficción, xa supuxo un problema arduo.

O corpus científico nútrese de textos extraídos do *Coruña Corpus*, concretamente dos subcorpus de astronomía (CETA) e ciencias da vida (CELiST). Os criterios básicos de compilación son os mesmos que comentamos para o corpus de ficción que se utilizou neste estudo e presentan pequenas variacións canto ó número de obras incluídas por decenio, número de palabras das mostras etc (Moskowich-Spiegel e Crespo 2007; Moskowich e Parapar 2008; Crespo e Moskowich 2009; Lareo 2010).

---

[9] Somos conscientes de que o uso de etiquetas como xénero, rexistro etc suscitou grandes debates; por este motivo aclararemos que, cando nos referimos ó "xénero de ficción" neste artigo, estámonos referindo a textos literarios en prosa que se encadren dentro das novelas.

[10] Os textos do corpus literario extraéronse da *Chadwyck-Healey Collection.* Esta base de datos ofrece máis de 350.000 obras americanas e inglesas que abarcan dende o século VIII ata a primeira metade do século XX. Os nosos textos forman parte da sección que comprende *Nineteenth-century Fiction.* As obras que conteñen esta sección están comprendidas entre 1781 e 1903.

[11] Nos casos nos que non se conseguiu unha primeira edición, a idade estableceuse tendo en conta a data da primeira edición.

No caso do corpus científico, como xa comentamos, foi máis problemática a localización de textos escritos por mulleres. Por este motivo non foi posible utilizar unha soa disciplina do CC e finalmente optamos por incluír tres autoras do CELiST e unha de CETA. As datas dos textos literarios tamén restrinxían as nosas opcións, xa que queríamos que os textos se publicasen en datas moi similares ás dos textos de ficción para que a variable tempo non puidese ter unha influencia directa. Non obstante, e dado que ambos os subcórpora pertencen á rama das ciencias naturais da clasificación da UNESCO (1978), optamos por agrupalas para este estudo.

Na Táboa 2 inclúese información similar á da Táboa 1 sobre as autoras e as obras do corpus científico.

DISCIPLINA	NOME	ORIXE	PUBLI	NAC.	IDA-DE	TÍTULO	TOTAL
Ciencias da vida	Wakefield, Priscilla	Inglaterra (Tottenham)	1816	1750	66	*An introduction to the natural history and classification of insects, in a series of familiar letters*	43.317
	Pratt, Anne	Inglaterra (Kent)	1840	1806	34	*Flowers and their associations*	
	Agassiz, Elizabeth	USA	1859	1822	37	*A First Lesson in Natural History*	
Astronomía	Clerke, Agnes M.	Irlanda (Cork)	1885/1993	1842	43	*A popular History of Astronomy during the 19th-century*	

Táboa 2: Información do corpus científico

O proceso de busca no corpus foi a través dos tres verbos. Unha vez localizados todos os exemplos, comprobáronse os diferentes lexemas[12] ós que fan referencia os nomes no *Oxford English Dictionary-online* (OED). Os lexemas identificáronse cun número e cunha letra dependendo do sentido que representen. Debaixo de cada verbo os números representan as frecuencias de uso localizadas no corpus (ver apéndice A).

3. Concepto de colocación

Continuando co traballo realizado en Lareo (2009a) e para facer posible unha comparación entre as dúas partes do noso corpus, seguimos as mesmas premisas aplicadas nese estudo. Aínda que o termo *colocación* se utiliza para designar un amplo número de frasemas, neste traballo utilizase no sentido da *Meaning-Text Theory* (MTT) de Mel'čuk e os seus colaboradores (Mel'čuk e Polguère, 1987; Mel'čuk, 1995, 1998). Nesta teoría unha colocación é un semi-frasema formado, cando menos, por dous lexemas e que Mel'čuk (1995:182) describe da seguinte maneira:

[12] No sentido de Mel'čuk (1988:168) "*a lexeme is a word taken in one, well-specified sense*". A identificación dos diferentes sentidos é determinante nunha combinación léxica coma a que se presenta aquí (Verbo + Nome), porque é ese sentido concreto o que rexe a selección dun determinado verbo.

> *A collocation **AB** of **L** is a semantic phraseme of **L** such that its signified 'X' is constructed out of the signified of one of its two constituent lexemes—say, of **A**—and a signified 'C' [so that 'X' = 'A ⊕ C']*[13] *such that **B** expresses 'C' contingent on **A**.*

Por exemplo na colocación inglesa *make a promise*, o nome *promise*, como base da colocación, mantén o seu significado, pero o verbo *make*, como colocativo, expresa un novo sentido, neste caso "realizar, levar a cabo". Este novo sentido representase por unha das funcións léxicas de Mel'čuk (1996), que é a de Oper. A colocación *pay a visit* mostra quizais mellor como o verbo *pay* se selecciona sen ningunha razón evidente, polo nome *visit* para expresar ese sentido de "realizar, levar a cabo". A función deste verbo é permitir a realización do nome, xa que o significado primario do verbo *pay* "pagar" perdeuse e este verbo pasa a utilizarse coma un verbo de apoio (Alonso 2004) /soporte/deslexicalizado, etc polo nome *visit*, formando así unha colocación.

Cómpre lembrar tamén que Mel'čuk a esta relación semántica chámalle "función léxica", por analoxía coas funcións matemáticas. Leed e Nakhimovsky (1990) tamén resaltan esta analoxía entre ambas as funcións e subliñan que os elementos dunha combinación sintagmática formada por un verbo e un nome se relacionan un co outro. Nestes casos o verbo contestaría a pregunta "que é o máis característico que podes facer con este nome?" Por exemplo, no caso do nome inglés *promise* o que principalmente podes facer con el é *make it, break it, keep it.* Todos estes verbos serían colocativos do nome inglés *promise* e axudan a formar todas estas colocacións, que representan á súa vez diferentes funcións léxicas.

Aínda que a maior parte dos nomes que forman combinación con estes verbos son predicativos, tamén tivemos en conta no noso estudo colocacións con nomes case-predicativos. Nestes casos o verbo non sempre estaría desprovisto de contido semántico. Seguindo a Alonso (2004:118,149) os nomes case-predicativos serían aqueles que fan referencia a obxectos, seres e substancias físicas. Estes nomes, aínda que concretos, tamén teñen argumentos, tomados prestados das situacións particulares coas que están relacionadas tanto os obxectos coma os seres ou as substancias. Ó grupo dos sentidos case-predicativos a autora adscríbelle os nomes de "funcións (*ministro*, *ayudante*, *madre*)", "artefactos (*instrumento, tren*)", "institucións (*universidade*, *prisión*, *hospital*)", "partes do corpo", etc. Os exemplos que utiliza Alonso destes nomes son: *medicamento*, no que distingue dous argumentos (X - o paciente - e Y -a enfermidade-) o *ministro*, con tres (X é ministro da carteira Y do país Z) e comenta que se adoitan combinar "con verbos de realización, que expresan a utilización da entidade designada como *conducir un coche, tomar un medicamento*", etc (Alonso 2004:118-119).

[13] O símbolo ⊕ (*operation of linguistic union*) é a reminiscencia dunha suma aritmética que se usa nesta teoría para representar a combinación de elementos lingüísticos baixo unhas certas regras (Mel'čuk 1995:174; 1998:27).

4. Análise comparativa

Como xa mencionamos con anterioriade, dado que non todas as mostras teñen o mesmo número de palabras, o primeiro paso foi normalizar todos os resultados a 10.000 palabras, para obter deste xeito uns datos comparables. Na primeira liña de cada fila inclúese en primeiro lugar o número de colocacións localizadas en cada texto para cada verbo e en "N=" o número de colocacións se todos os textos tivesen 10.000 palabras. A columna "NT" reflicte o número total normalizado de colocacións cos tres verbos. A seguinte columna "TT" (tipo de texto) recolle os diferentes tipos de textos analizados (carta, ensaio, libro de texto, tratado, novela). Os número que incluímos ó lado de cada tipo representan o grao de especialización, nos que 1 representa os máis especializados; e 4, os menos. En "Ori" sinálase o lugar de procedencia da autora e na columna seguinte a idade que tiña cando publicou o texto.

XÉNERO	AUTOR	MAKE	TAKE	DO	NT	TT	ORI.	IDADE
Ciencia Ciencias da vida	Wakefield (1816)	7 N=7'1	4 N=4	1 N=1	12'1	Carta-4	Ing	66
	Pratt (1840)	4 N=4	4 N=3'9	0 N=0	7'9	Ensaio-1	Ing	34
Ficción	Edgeworth (1812)	97 N=12'8	70 N=9'2	57 N=7'5	29'5	Novela	Irla	45
	Gaskell (1849/1848)	54 N=7'2	56 N=7'5	37 N=4'9	19'6	Novela	Ing	38
Ciencia da vida	Agassiz (1859)	12 N=9'2	4 N=3	2 N=1'5	13'7	Libro-3 Texto	USA	37
Astro	Clerke (1893/1885)	13 N=12'3	6 N=5'7	0 N=0	18	Tratado-2	Irla	43
Ficción	Brontë (1857)	64 N=8'5	68 N=9	19 N=2'5	20	Novela	Ing	41
	Somerville (1894)	74 N=9'8	56 N=7'4	28 N=3'7	20'9	Novela	Irla	36

Táboa 3: Datos do estudo

No Gráfico 1 preséntanse os datos obtidos en relación á súa distribución no corpus de ficción e no de ciencia. As columnas en gris escuro representan as colocacións no corpus de ficción. O F que precede a data identifica o corpus e a data é a correspondente á publicación do texto. Para o corpus científico utilizouse o C e a cor gris clara. Seguindo este gráfico podemos analizar os seguintes datos: a evolución de cada un dos córpora durante todo o período e, xa que seleccionamos mostras en ambos os córpora publicados en datas moi próximas, poderemos realizar unha comparación entre ficción e ciencia dentro da mesma década.



Gráfico 1. Distribución das colocacións en ficción e ciencia no século XIX

Os resultados normalizados sinalan no corpus de ficción unha maior utilización de colocacións a principios de século, manténdose posteriormente o cómputo nunhas cifras moi similares ata o remate do período. Dixon (1992) e Strang (1986) afirman que a partir de 1800 a literatura se volve máis coloquial, feito que favorece o rápido ascenso destas construcións, debido tamén ó seu carácter coloquial. Do mesmo modo Bailey (1999:228-230) afirma que no século XIX prodúcese un incrible aumento destas construcións. As razóns que engade Bailey céntranse na predilección neste século polo emprego de nomes. Este afán polos empregar, observado desde 1800, leva, segundo Bailey, incluso á creación de novos nomes a partir doutros xa existentes como *cigarette* de *cigar o*u a novos nomes produto da pura invención.

O cambio nas connotacións sociais observado por Bailey (1999) contra finais de século é tamén importante. O uso de colocacións Verbo + Nome no canto do uso do verbos equivalentes comeza a ser considerado como un signo de modernidade, pero tamén como identificador de clases sociais máis baixas. Unha posible explicación para os resultados obtidos pola obra de 1812 de Edgeworth pode atoparse na natureza e orixe da historia. A autora é unha das principais representantes da literatura irlandesa que trata de reflectir esa loita entre dúas culturas, entre diferentes clases, entre poderosos e traballadores, etc. Precisamente nesta novela a meirande parte das personaxes son irlandesas nunha loita continua entre a cultura inglesa e a irlandesa. Esta mesma escritora tamén a mentan Bailey (1999:68) e Beal (2004:202) á hora de falaren da representación dos dialectos na literatura do século XIX: os dous destacan a ansia que ela tiña por introducir na ficción diálogos no estilo coloquial auténtico, onde as personaxes poidan empregar o dialecto ou a fala propia da súa terra, Irlanda. Como xa se dixo, é de Irlanda de quen todos os estudos previos publicaban cifras superiores a outras zonas no uso de colocacións (Lareo; Esteve 2008; Lareo 2009a; 2011). Os demais resultados do corpus de ficción son bastante similares durante todo o século e mostran signos de estabilidade no uso de colocacións.

Centrándonos nas columnas que representan os resultados de ciencia e aceptando que o rexistro científico tamén se vale das colocacións, como demostran estudos anteriores, vemos que se aprecia unha diminución a finais da primeira metade do XIX,

concretamente no texto de 1840. Non obstante, co tempo, os resultados amosan un aumento paulatino. No corpus científico si que se aprecia un aumento segundo avanza o século, como mencionaba Bailey, aínda que neste caso esteamos tratando con textos científicos. Estes resultados concordan coas opinións de Biber, Johansson, Leech, Conrad e Finegan (2000:1028-29) sobre o uso dos verbos *make*, *have* e *take* no inglés actual. Os autores apuntan, como xa dixemos, que o seu uso é moito máis común no rexistro escrito e concretamente nas noticias e na prosa académica.

No Gráfico 2 podemos comparar máis claramente os resultados de ambos os córpora con relación ó período. Os rombos de cor gris escura representan os textos de ficción e os cadrados de cor gris clara, os de ciencia. Neste gráfico pódese ver que os resultados do corpus científico, en calquera momento da súa expansión temporal, son inferiores ós de ficción. Podemos supor entón que o seu emprego xeneralizado no mundo científico –e por tanto máis próximo á prosa académica– non é tan obvio no século XIX. Ademais os textos científicos mostran un vocabulario máis especializado en xeral, incluso os que van dirixidos a unha audiencia menos experta; non obstante, en estudos previos como Lareo (2008), no que se analizou só un tipo de colocación e cun corpus do mesmo século formado só por escritos de homes pertencentes ó campo da ficción e da ciencia (astronomía e matemáticas), os resultados foron superiores no corpus científico. Pola contra, en Lareo (2009b) no que se analizaba o mesmo período e se comparaban tamén os resultados da ciencia (concretamente matemáticas) e da ficción en textos escritos por homes, os resultados foron só lixeiramente superiores nos de ficción. Será interesante analizar textos do mesmo período e do mesmo subcorpus do CC para contrastar que os resultados anteriores non fosen influídos pola variable sexo: é dicir, que o seleccionar só textos escritos por mulleres non sexa a causa destas diferenzas.

No tocante ó corpus científico, os resultados son máis baixos que no de ficción, e a súa evolución ó longo do período é máis desigual. Concretamente a últimos da primeira metade de século prodúcese un descenso que se pode ver afectado polo tipo de texto analizado, como comentaremos máis en diante. Polo demais, o uso de colocacións só despunta na fin do século pero, neste caso, tamén se trata dun texto producido por unha autora irlandesa, reforzando así a nosa hipótese.



Gráfico 2: Distribución temporal entre ficción e ciencia

No tocante ós diferentes tipos de texto que forman o corpus científico, se reparamos na Táboa 3 na columna TT (tipo de texto), vemos que o que presenta un menor número de colocacións é un ensaio (1840). O ensaio é quizais un dos tipos de texto, xunto co tratado, que podemos considerar máis específico ou especializado: e isto pode ser unha das razóns para que nel se dea un menor uso de colocacións. Pola contra, se observamos os tipos de texto e o grao de especialización designado para cada unha das mostras (Táboa 4) vemos que, aínda que o ensaio cumpre coas premisas establecidas, non as cumpre o tratado, que sería o seguinte en grao de especialización e por tanto o seguinte en menor número de colocacións. Neste caso é interesante observar que o tratado incluído é unha historia "popular" da astronomía. Ese adxectivo é, se cadra, neste caso concreto, o que pode facer variar o grao de especialización previamente asignado; ou poida que os resultados para o tratado se vexan tamén influídos pola orixe da autora, Irlanda. Aínda que a nosa distribución segundo o grao de especialización era ensaio, tratado, libro de texto e carta, o resultado final é ensaio, carta, libro de texto e tratado, cambiando as posicións as cartas co tratado. Estes parámetros xa se utilizaron en estudos precedentes (Lareo 2011) e obtivéronse tamén uns datos pouco claros. Será polo tanto necesario seguir aplicando estes criterios a posteriores análises para poder obter uns resultados concluíntes.

TIPO DE TEXTO	**ESPECIALIZACIÓN**	**COLOCACIÓNS (10.000)**	**POSICIÓN DE - A +**
Ensaio	1	7'9	Ensaio
Tratado	2	18	Carta
Libro Texto	3	13'7	Libro de texto
Carta	4	12'1	Tratado

Táboa 4: Distribución segundo o tipo de texto e grao de especialización

No tocante á idade, recollida na Táboa 3, partimos da premisa de que as autoras de máis idade poderían utilizar menos colocacións. Pensamos que, canto maior fose a idade, a posición á hora de escribir e o emprego de elementos cada vez máis populares, como eran as colocacións no século XIX, sería máis conservadora. Non obstante os resultados finais non nos permiten nin afirmar nin negar esta hipótese. O certo é que non podemos establecer unha relación clara entre a idade das autoras cando escribiron as obras e o emprego que estas fan das colocacións. Ó incluír tamén a variable temporal, os resultados pódense ver alterados por unha ou outra variable.

Un dos últimos puntos que analizamos é a variable orixe (lugar no que as autoras adquiriron os seus hábitos lingüísticos). Como nos textos escritos pola autora de orixe irlandesa se observa un uso máis frecuente das colocacións, en ambos os córpora, normalizamos todos os resultados a 10.000 palabras nas tres orixes das que dispomos (Irlanda, Inglaterra e EE.UU.), independentemente do xénero ó que pertenzan. Na Táboa 5 móstranse os datos resultantes. O Gráfico 3 permite apreciar de maneira máis clara as diferenzas entre as tres zonas.

XÉNERO	AUTOR	NT	ORI.	NT ORIXE
Ciencias da vida	Wakefield, (1816)	12'1	Ing	NT=59'6 N (10.000)= 14'9
	Pratt, (1840)	7'9	Ing	
Ficción	Brontë, (1857)	20	Ing	
	Gaskell, (1849/1848)	19'6	Ing	
Ciencia da vida Astro	Agassiz, (1859)	13'7	USA	N=13'7
	Clerke, (1893/1885)	18	Irla	NT=68'4 N(10.000)= 22'8
Ficción	Edgeworth, (1812)	29'5	Irla	
	Somerville, (1894)	20'9	Irla	

Táboa 5: Resultados normalizados segundo a orixe



Gráfico 3: Distribución normalizada segundo a orixe

Igual que resultou en todos os estudos que realizamos con anterioridade, facendo unha análise diacrónica do emprego dun tipo determinado de colocación en diferentes xéneros, as escritoras de orixe irlandesa, tanto en ficción coma en ciencia, son as que máis se valen deste recurso. É posible que a variedade de inglés usada polas autoras irlandesas estea influída dalgún xeito pola lingua propia do seu país[14], o gaélico, e que este sexa un recurso aínda máis común nesa lingua. Non obstante, non temos aínda datos suficientes que demostren unha causa-efecto entre o uso das colocacións e a influencia da lingua e da cultura irlandesas. En consecuencia, sería necesario un estudo máis detallado de textos desta orixe para que esta explicación deixara de ser unha hipótese, aínda que cada vez máis plausible.

[14] Este proceso é normal entre moitas linguas que viven en contacto continuo. Por exemplo, na produción lingüística en castelán por parte de galegofalantes apréciase unha utilización indiscriminada dos verbos *sacar* e *quitar*. Tamén é común na zona do sur de Galicia o uso do verbo *mirar* co sentido de *ver o*u a non utilización de tempos compostos por parte de moitos dos castelán falantes de orixe galega.

Por último ímonos centrar nos tres verbos seleccionados, *make, take* e *do*, segundo o xénero (Gráfico 4). Tanto no corpus de ciencia como no de ficción *make* é o verbo máis utilizado dos tres colocativos que seleccionamos. Este resultado cadra cos estudos diacrónicos realizados con anterioridade nos diferentes períodos da lingua inglesa (Brinton e Akimoto 1999). Con relación ó verbo *do*, en moitos casos un dos empregados xunto con *make* en varias das colocacións inglesas coas que nos atopamos nos séculos XVIII e XIX, observamos que a súa utilización é moi escasa, pasando a ser inexistente ou case inexistente no corpus de ciencia (1,0,1'5,0). No corpus de ficción, aínda que os resultados son escasos, a utilización de *do* é un pouco máis evidente (7'5, 4'9, 2'5, 3'7)[15].



Gráfico 4: distribución temporal e por xénero dos verbos

No Gráfico 5 amósase a distribución normalizada (10.000 palabras) dos tres verbos no total do corpus analizado. Os resultados do corpus apoian e confirman claramente que *make* se impón en frecuencia de uso a *do*, localizando case catro veces máis exemplos con *make*. O emprego de *take*, segundo os resultados, mantense máis estable dentro dos dous córpora. Aínda que menor no corpus de ciencia, a súa distribución ó longo do

[15] Nos séculos X e XI, segundo Akimoto e Brinton (1999), o verbo *make* (*gemacian*), como verbo colocativo, incrementa o seu uso de maneira considerable. Posteriormente o verbo *do* sofre un abandono paulatino dende os séculos XI e XII (Matsumoto 1999:61), o que pode explicar a súa escasa presenza nas nosas colocacións. Nunha comparación dalgunhas das colocacións con *do* no inglés antigo (OE) con esas mesmas colocacións no inglés actual (PE) obsérvase unha tendencia xeral ó maior uso de *make* (Matsumoto 1999; Akimoto e Brinton 1999).

OE *offrunge don*	→	PE *make an offering*
OE *onsægdnesse don*	→	PE *make a sacrifice*
OE *gife don*	→	PE *make a gift*
OE *behatan don*	→	PE *make a promise*

Non obstante, os cambios non se dirixen sempre na mesma dirección. Do mesmo xeito, algunha das colocacións que foron empregadas con *make* no século XIX ((7) e (8)) ou incluso no inglés antigo como os exemplos (9) e (10) documéntanse hoxe en día nos dicionarios de colocacións con *do* e viceversa, e incluso con algún outro verbo colocativo (exemplo (11)).

(7) *Make a preparation* (Gaskell 1849) → PE *do a preparation* (OCD 2002)
(8) *Make justice* (Edgewoth 1812) → PE *do justice* (OCD 2002)
(9) OE *gamen macian* → PE *do sport* (OCD 2002)
(10) ModE *labore make* → PE *do labour* (BBI 1997)
(11) Do *a description* (Brontë 1857) → PE *give a description* (BBI 1997)

período non presenta grandes flutuacións (4, 3'9, 3, 5'7). Do mesmo xeito no corpus de ficción, aínda que cunha presenza maior, os resultados tampouco poden ser considerados reveladores e si máis ou menos homoxéneos (9'2, 7'3, 9, 7'4).



Gráfico 5: distribución normalizada dos tres verbos

5. Comentarios finais

Este estudo céntrase na busca de colocacións inglesas formadas polos verbos *make, take* e *do* seguidas dun nome nun corpus do século XIX cunha parte de ficción e unha parte científica escritas ambas as dúas por mulleres. Comparáronse os resultados das dúas partes do corpus para enriquecer a análise seguindo unha serie de parámetros que os propios criterios de compilación das dúas partes do corpus nos permitían aplicar, como son: o seu uso na ficción e na ciencia, a evolución ó longo do século, a distribución segundo o xénero ou o tipo de texto, o emprego segundo a orixe da autora ou segundo a idade.

No tocante á utilización destas colocacións os resultados son claramente favorables ó corpus de ficción. Un resultado que a primeira vista é evidente, pero que non se repetiu noutros estudos realizados con mostras escritas por homes. O seguinte paso será repetir a busca con mostras das mesmas disciplinas e das mesmas datas pero escritas por homes, para observar se é este parámetro o causante deste resultado.

Se excluímos os datos extraídos do texto irlandés no corpus de ficción vemos que os resultados se manteñen estables ó longo do século. Non obstante, no corpus científico, os resultados son máis baixos que no de ficción e a súa evolución ó longo do período é máis desigual. No caso desta parte do corpus os resultados pódense ver afectados polos diferentes tipos de texto e, novamente, pola orixe dunha das autoras, Irlanda.

Na análise dos tipos de texto utilizouse unha clasificación da mostra segundo o grao de especialización adxudicado a cada tipo. Aínda que os resultados confirman as nosas hipóteses en relación ó ensaio (máis especializado, polo tanto menos colocacións) e en relación ó libro de texto (menos especializado, polo tanto máis colocacións), as outras dúas mostras non seguen o proceso esperado. No caso do tratado, comprobamos que se

trata dunha historia popular da astronomía, polo que o seu menor grao de especialización se vería xa apoiado polo adxectivo "popular" incluído no título, e ademais foi escrito por unha autora irlandesa, o que é case evidente que favorece o uso de máis colocacións. No caso das cartas, un medio moi empregado sobre todo no século XVIII polas mulleres que querían publicar un libro sobre un tema concreto e que Priscilla Wakefield segue empregando aquí para publicar o que en realidade é un manual ou un primeiro libro "familiar" sobre os insectos, os resultados son inferiores ó esperado. Non obstante, neste caso, a pesar do suposto carácter tamén popular da obra, o emprego de colocacións sitúaa na segunda posición en menor frecuencia no uso de colocacións. Cómpre, polo tanto, seguir empregando este parámetro en investigacións futuras para podermos chegar a resultados máis concluíntes.

Pola contra, a orixe das escritoras si que reforza a nosa case probada hipótese de que os autores de orixe irlandesa, tanto en ficción coma en ciencia, son os que máis empregan este recurso. É posible que a variedade de inglés empregada polos autores irlandeses estea influída dalgún xeito pola lingua propia do seu país, o gaélico. Non obstante, non podemos afirmar aínda que este resultado sexa produto dunha transferencia directa dunha lingua á outra, aínda que todos os estudos realizados sinalan esa dirección.

Tampouco resultou de momento confirmada a nosa hipótese de que as autoras de maior idade podían facer un menor uso das colocacións debido a unha postura máis conservadora coa lingua, sobre todo nun momento no que empregar estas colocacións denotaba unha clase social máis baixa e estaba visto como un signo de modernidade.

Por último, no tocante ós resultados dos tres verbos colocativos, *make* destaca, como era de esperar. Os exemplos que empregan *make* cuadriplican ós de *do*. Estes dous verbos pasaron algúns períodos de convivencia cos mesmos lexemas: optábase polo uso de do nos períodos máis temperáns e pasa a ser substituído por *make* na actualidade. O caso contrario, aínda que non tan frecuente, tamén se pode observar ó longo da historia, o que avala en certo xeito a suposta arbitrariedade que se lles atribúe a moitas destas colocacións.

Apéndice A

	MAKE	TAKE	DO				
ABATEMENT1.3	1			APOLOGY1.2	1		
ACKNOWLEDGMENT1.5	2			APPEAL1.5	1		
ACCOUNT1.		2		APPEARANCE1.1	5		
ACQUAINTANCE1.1A	4			ARRANGEMENT1.7	2		
ADVANCE1.2A	2			ASCENT1.1A	1		
ADVICE1.5	6			ASSERTION1.4	1		
AFFIDAVIT1.1A		1		ASSUMPSIT1.1A	1		
ALLOWANCE1.9	1			ATTEMPT1.1A	4		
ALLUSION1.4A	1			ATTEMPT1.3	1		
ALTERATION1.1	1			BACON1.1A			1
AMENDS1.2	1			BARGAIN1.2A	2		
ANSWER1.3	4			BARRISTER1.1	1		

BED1.1A	1		
BEND2.4A		1	
BEST A.III.9A.B	2		
BEST A8B			13
BLUNDER1.2	1		
BLUSTERING. VBLN1.2	1		
BOAT1.1A		1	
BOW2.1	2		
BREAKFAST1.1A	1		
BREATH1.3A		6	
BUSINESS1.15A			8
CALL1	1		
CARE1.3A		14	
CARE1.4A		9	
CHAIR1.1A		3	
CHANGE1.4A	4		
CHARGE1.10A	1		
CHOICE1.1A	1		
COACH1.1A		1	
COFFEE1.1A		1	
COLD1.4B		1	
COMPLIMENT1.1A	3		
CONCESSION1.1A	2		
CONVERSATION1.7A	1		
COURAGE1.3D		3	
COURSE1.17		1	
CREDIT1.5B		1	
CUT1	2		
CUTTING1.A		1	
DASH1.8A	1		
DEBUT1.1	1		
DEED1.1A			1
DELAY1.1A	1		
DELIGHT1.1A		1	
DEMAND1.1A	1		
DEPARTURE1.4		1	
DESCRIPTION1.2A			1
DIFFERENCE1.1A	6		
DIFFICULTY1.1A	4		
DIRECTION1.9A		1	
DIRECTIONS1.5A		1	
DISCOVERY1.2A	3		
DISHONOUR1.1A			1
DISTANCE1.8		1	
DISTINCTION1.3	1		
DIVISION1.A	1		
DOUBT1.1A	1		
DRAWING1.A	1		
DUTY1.4A			10

EFFORT1.2A	7		
EGG1.1B		1	
ENEMY1.1A	1		
ENTRANCE1.1A	1		
ERRAND1.2A			1
EXCEPTION1.1A	1		
EXERCISE1.6A		1	
EXIT1.2A	2		
EXPERIMENT1.1A	1		
FACE1.6A	2		
FANCY1.8A		6	
FAREWELL1.A1	2		
FAVOUR1.2A			5
FEAST1.1C		1	
FIGURE1.7C	1		
FLIGHT1		1	
FOOL1.3	11		
FOOTING. VBLN1.8A		1	
FORM1.1A		3	
FORTUNE1.6	3		
FRIEND1.1A	6		
FUN1.2A	1		
GESTURE1.4A	2		
GLANCE1.4A		1	
GRAZING. VBLN1.1		2	
GRIMACE1.2	2		
GROUNDWORK1.1B	1		
HABIT1.9A	1	1	
HARM1.1A			12
HASTE1.1	3		
HAVOCK	1		
HOLD1.2A		4	
HOLE1.1	7		
HOLIDAY1.2B		2	
HOMAGE1.3			1
HONOUR1.1C			10
IMPRESSION1.6B	6	1	
INITIATIVE1		1	
INJUSTICE1.1A			2
INQUIRY1.2B	7		
INSPECTION1.1A	3		
INTEREST1.7A		8	
INVITATION1.1A	1		
JEST1.5	1		
JUSTICE1.11A			20
JUSTICE1.3	1		
KINDNESS1.4B			1
LEAD		1	
LEAVE1.1A		1	

LESSON1.4A		3	
LIBERTY1.5A		4	
LOOK1.1A		2	
LOVE1.7G	2		
MARK1.13A	1		
MATCH1.10A	1		
MEAL2.2A		1	
MEASURES1.21A		4	
MESS1.3A	1		
MINUTE1.1A		1	
MISCHIEF1.2A			4
MISTAKE1.1A	5		
MODE1.4A		1	
MOMENT1.1A		2	
MONEY1.1A	9	4	
MONTH1.1A		1	
MOTION1.3A	3		
MOUTHFUL1.1A		1	
MOVE1.4	1		
MOVEMENT1.1A	2		
NAME1.1A		2	
NAP2.1A		1	
NOISE1.1A	7		
NOTE2.4A	1		
NOTICE1.5A		9	
OATH1		2	
OBEISANCE1.3A	2		
OBJECTION1.1A	1		
OBSERVATION1.5A	11		
ODDS1.1C	1		
OFFER1.1A	2		
OFFICE1.1A			1
OPENING. VBLN1.2A	2		
OPPORTUNITY1.2A		6	
PAINS1.6A		8	
PART1.15A		5	
PATIENCE1.1B		2	
PAUSE1.1A	1		
PETITION1.4B		1	
PICTURE1.4A	2	1	
PLACE1.13A		15	
PLACE1.3B		1	
PLACE1.9A		1	
PLEASURE1.1A		6	
POINT1.28A	2		
POSSESSION1.1A		7	
POTSHEEN1.1A		1	
PRECAUTION1.2A		1	
PREPARATION1.1A	2		

PRESENT2.2A	2		
PRIDE1.4A		1	
PROFIT1.1A	1		
PROGRESS1.4B	2		
PROMISE1.1A	4		
PROPOSAL1.3A	3		
PROTEST1.4A	1		
PROTESTATION1.3A	1		
PULL2.1A		3	
PUNCH3.1		1	
PURCHASE1.6A	3		
REFERENCE1.4A	1		
REFUGE1.1A		1	
REMARK1.3A	1		
REMITTANCE1.1A	1		
REPARATION1.5A	1		
REPLY1.1A	3		
REPORT1.2A	1		
REPRESENTATION1.5A	1		
REQUEST1.2A	2		
RESISTANCE1.1A	1		
RESOLUTION1.14A	2		
REST1.3A		2	
RETREAT1.3A	2		
REVENGE1.1A		2	
ROAD1.4A		4	
ROOM1.2A	2		
ROW2.2	2		
ROW3.1		1	
RUE1.1A		1	
RULE1.1A	1		
SACRIFICE1.1A	3		
SEARCH1.1A	1		
SEAT1.6A		10	
SECRET1.3A	1		
SENSATION1.3B	2		
SENSE1.27	1		
SERVICE1.19A			2
SHIPWRECK1.2	1		
SHOUT2.1A	1		
SIDE1.15A		2	
SIGN1.1A	1		
SIGNAL1.2A	2		
SIN1.2A			1
SLEEP1.1A		1	
SNATCH1.3A	1		
SNUB1.1A		1	
SNUFF3.1		2	
SOUND3.1A	2		

SOUP1.1A	1		
SPEECH1.2A	3		
SPIRITING. VBLN1.2			1
STAGE1.5A		1	
STAND1.11A		1	
STAND1.4A	1		
STARE2.3		2	
START2.5A	1		
STEP1.3A		3	
STROLL1.2		1	
STRUGGLE1.1A	2		
STUDY1.1A	1		
STUPOR1.2A		1	
SUFFERING. VBLN1.2		2	
SUGAR1.1A		1	
SUGGESTION1.2A	1		
SUM1.6A			1
SURVEY1.3A		1	
SUSTENANCE1.5		1	
SWEEP1.5A	1		
TEA1.2A	5	4	
THING1.4			20
TIME1.8A		9	
TOUR1.3	2		
TRANSIT1.1A	1		
TRAVELLING. VBLN1.1A			1
TRIP1.3C		1	

TROUBLE1.3		8	
TURN1.10A	1		
TURN1.15A		1	
TURN1.16		2	
TURN1.17		1	
TURN1.23			1
TURN1.28A		1	
USE1.1A	3		
VIEW1.5A		2	
VIGOUR1.1A		1	
VISIT1.1A	3		
VOYAGE1.A	1		
VOW1.1A	1		
WALK1.1A		5	
WATER1.1A		1	
WAY1.1A	7		
WAY1.7	9	1	
WIFE1.2A	1	1	
WILL1.23A	3		
WING1.14B		1	
WONDER1.3A	1		1
WORD1.1		1	9
WORK1.1		1	13
WRONG2.1A			2
YARD2.9A	1		
YEAR1.1A		1	

Apéndice B

Fontes primarias

AGASSIZ, Elizabeth (1859): *A First Lesson in Natural History*. Boston: Little, Brown and Company / London: Sampson Low, Son and Company.

BRONTË, Charlotte (1857): *The Professor*. London: Smith, Elder & Co. *Nineteenth-century Fiction*. <http://collections. chadwyck. co.uk>. [Data de consulta: 20-10-2003].

CLERKE, Agnes M. (1885/1893): *A Popular History of Astronomy during the Nineteenth Century*. London: Adam & Charles Black.

EDGEWORTH, Maria (1812): *The Absentee.* London: Johnson & Co. *Nineteenth-century Fiction*. <http://collections. chadwyck. co.uk>. [Data de consulta: 20-10-2003].

GASKELL, Elizabeth (1848 /1849): *Mary Barton: A Tale of Manchester*. London: Chapman and Hall. 1849[3] *Nineteenth-century Fiction*. <http://collections. chadwyck. co.uk>. [Data de consulta: 20-10-2003].

PRATT, Anne (1840): *Flowers and their associations.* London: Manning and Mason.

SOMERVILLE, Edith OE.; ROSS, Martin (1894):. *The Real Charlotte*. London: Ward & Downey Ltd. *Nineteenth-century Fiction*. <http:// collections. chadwyck. co.uk>. [Data de consulta: 20-10-2003].

WAKEFIELD, Priscilla (1816): *An introduction to the natural history and classification of insects, in a series of familiar letters*. London: printed for Darton, Harvey and Darton.

6. Referencias bibliográficas

AKIMOTO, Minoji; BRINTON, Laurel (1999): "The Origin of the Composite Predicates in Old English", en BRINTON, Laurel; AKIMOTO, Minoji (eds.), 21-58.

ALLERTON, D. J. (2002): *Streched verb constructions in English*. London/ New York: Routledge.

ALONSO RAMOS, Margarita (2004): *Las construcciones con verbos de apoyo*. Madrid: Visor Libros.

BAILEY, Richard W. (1999): *Nineteenth-century English*. Ann Arbor: The University of Michigan Press.

BBI= BBI Dictionary of English Word Combinations (1997). Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.

BEAL, Joan. C. (2004): *English in Modern Times: 1700-1945*. London: Arnold.

BIBER, Douglas ; JOHANSSON, Stig ; LEECH, Geoffrey ; CONRAD, Susan ; FINEGAN, Edward (2000) : *Grammar of Spoken and Written English.* London: Longman.

BRINTON, Laurel; AKIMOTO, Minoji (eds.) (1999): *Collocational and Idiomatic Aspects of Composite Predicates in the History of English*. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins.

CATTELL, Ray (1984): *Syntax and Semantics: Composite Predicates in English*. Vol. 17. Sydney, Australia: Academic Press.

CLARIDGE, Claudia (2000). *Multiword Verbs in Early Modern English: A Corpus-based Study*. Amsterdam/Atlanta: Rodopi.

CRESPO, Begoña; MOSKOWICH, Isabel (2009): "*CETA* in the context of the *Coruña Corpus*", en *Literary and Linguistic computing* 25/2, 153-164.

CURME, George O. (1947). *English Grammar*. New York: Barnes and Noble.

DIRVEN, René; GEIGER, Richard (eds.) (1989): *A User's Grammar of English: Word, Sentence, Text, Interaction*. Frankfurt am Main/New York: Verlag Peter Lang.

DIXON, Robert M. W. (1992): *A New Approach to English Grammar on Semantic Principles*. Oxford: Clarendon Press.

DOWNING, Angela (1982): "Un tipo de relaciones sintagmáticas en inglés", en *Filología Moderna* 74/76, 241-259.

GLEDHILL, Christopher (2000): *Collocations in Scientific Writing.* Tübingen: Günter Narr.

GÖRLACH, Manfred (2004): *Trends in Linguistics: Text Types and the History of English.* Berlin/New York: Mouton de Gruyter.

HILTUNEN, Risto (1999). "Verbal Phrases and Phrasal Verbs in Early Modern English", en BRINTON, Laurel; AKIMOTO, Minoji (eds.), 133-166.

HOFFMANN, Sebastian; LEHMANN, Hans M. (2000): "Collocational Evidence from the *BNC*", en KIRK, John M. (ed.): *Corpora Galore: Analyses and Techiques in Describing English*. Amsterdam/Atlanta: Rodopi, 17-32.

HOLMES, Janet (1999): "Women's Talk: The Question of Sociolinguistic Universals", en COATES, Jennifer (ed.): *Language and Gender: A Reader.* Oxford/Malden: Blackwell Publishers, 461-483.

KYTÖ, Merja (1999). "Collocational and Idiomatic Aspects of Verbs in Early Modern English", en BRINTON, Laurel; AKIMOTO, Minoji (eds.), 167-206.

KYTÖ, Merja; RUDANKO, Juhani; SMITTERBERG, Erik (2000): "Building a bridge between the present and the past: A Corpus of 19th-century English", en *ICAME Journal* 24, 85-98.

LABOV, William (1991): *Sociolinguistic Patterns*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

LAREO, Inés (2006): "Compilación y explotación de un corpus con fines específicos", en *RAEL* 5, 87-106.

(2008): "Analysing a type a collocation. Make-complex predicates in 19th century science and fiction", en *Revista Canaria de Estudios Ingleses* 57, 165-180.

(2009a): *Estudio de las estructuras verbo-nombre en un corpus de textos literarios. Las colocaciones en Inglés Moderno Tardío*. München: LINCOM Europa.

(2009b): "*Make*-collocations in Nineteenth-Century Scientific English", en *Studiá Neophilologica* 81, 1-16.

(2010): "New trends exploring the language of science. *The Corpus of English Texts on Astronomy* (CETA) and its tool (CCT) in the context of the *Coruña Corpus*", en GEA-VALOR, M.LLuïsa; GARCÍA, Isabel; ESTEVE, M.José (eds.): *Linguistic and Translation Studies in scientific Comunications*. Bern/Berlin/N York/Oxford, 131-156.

(2011): "The Corpus of English Text on Astronomy (CETA). A corpus-driven approach to explore the use of complex predicates in 18th century English scientific writings", en MOSKOWICH-SPIEGEL FANDIÑO, Isabel; CRESPO, Begoña (eds.): *Astronomy 'playne and simple': The Writing of Science between1700 and 1900*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins (en prensa).

LAREO, Inés; ESTEVE, M. José (2008): "18th Century Scientific Writing: a Study of *make* Complex Predicates in the *Coruña Corpus*", en *Icame Journal* 32, 69-96.

LAWLESS, Emily (1904): *Maria Edgedworth.* London: MacMillan.

LEED, Richard; NAKHIMOVSKY, Alexander (1990): "Lexical Functions and Language Learning", en STEELE, James (ed.): *Meaning-Text Theory: Linguistics, Lexicography and Implications.* Ottawa: University of Ottawa Press, 365-375.

MATSUMOTO, Meiko (1999): "Composite Predicates in Middle English", en BRINTON, Laurel; AKIMOTO, Minoji (eds.), 59-96.

MEL'ČUK, Igor (1995): "Phrasemes in Language and Phraseology in Linguistics", en EVERAERT, Martin; VAN DER LINDEN, Erik-Jan; SCHENK, André;

SCHREUDER, Rob (eds.): *Idioms: Structural and Psychological Perpectives.* New Jersey: Lawrence Erlbamm Associates, 167-232.

(1996): "Lexical Functions: a Tool for the Description of Lexical Relations in a Lexicon", en WANNER, Leo (ed.): *Lexical Functions in Lexicography and Natural Language Processing.* Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins Publishing, 37-102.

(1998): "Collocations and Lexical Functions", en COWIE, Anthony Paul (ed.): *Phraseology: Theory, Analysis and Applications*. Oxford/ New York: Oxford University Press, 23-53.

MEL'ČUK, Igor; POLGUERE, Alain (1987): "A Formal Lexicon in the Meaning-Text Theory (or How to Do Lexica with Words)", en *Computational Linguistics* 13, 276-289.

MELE, Margarita; MARTÍN ARISTA, Javier (2001): "Formación y Desarrollo del Inglés Moderno", en DE LA CRUZ, Isabel; MARTÍN ARISTA, Javier (eds.): *Lingüística Histórica Inglesa.* Barcelona: Ariel, 573-623.

MILROY, James; MILROY, Lesley; HARTLEY, Sue (1994): "Local and Supra-local Change in British English: The Case of Glottalisation", en *English World-Wide* 15/1, 1-33.

MOSKOWICH-SPIEGEL FANDIÑO, Isabel; CRESPO, Begoña (2007): "Presenting the Coruña Corpus: A Collection of Samples for the Historical Study of English Scientific Writing", en PÉREZ GUERRA, Javier; GONZÁLEZ-ÁLVAREZ, Jorge; BUENO-ALONSO, Esperanza (eds.): '*Of Varying Language and Opposing Creed': New Insights into Late Modern English.* Berlin/New York: Peter Lang, 341-357.

MOSKOWICH-SPIEGEL FANDIÑO, Isabel; PARAPAR LÓPEZ, Javier (2008): "Writing Science, compiling Science. The Coruña Corpus of English Scientific Writing", en LORENZO MODIA, M. Jesús (ed.): *Proceedings from the 31st AEDEAN conference.* A Coruña: Universidade da Coruña, 531-54.

NICKEL, Gerard (1968). "*Complex Verbal Structures in English*", en *IRAL* (*International Review of Applied Linguistics*) 6/1, 1-21.

OCD= Oxford Collocations Dictionary for Students of English (2002). Oxford: Oxford University Press.

OED=Oxford English Dictionary-online. Oxford: Oxford University Press.

OLSSON, Yngve (1961). *On the Syntax of the English Verb, with Special Reference to 'Have a Look' and Similar Complex Structures.* Göteborg/ Stockholm/Uppsala: ALMQVIST & WIKSELL.

OSSELTON, Noel E. (1984): "Informal Spelling Systems in Early Modern English: 1500-1800", en BLAKE, Norman F.; JONES, Charles (eds.): *English Historical Linguistics: Studies in Development*. Sheffield: University of Sheffield, 123-137.

PHILIPS, Susan U. y REYNOLDS, Anne (1988). "The Interaction of variable Syntax and Discourse in Women's and Men's Speech", en PHILIPS, Susan U.; STEELE, Susan; TANZ, Christine (eds.): *Language, Gender & Sex in Comparative Perspective.* Cambridge/New York/Melbourne: Cambridge University Press, 71-94.

POUSTMA, Hendrik (1914-26). *A Grammar of Late Modern English*. Part I: *The Sentence*. First Half 1928. Part II: *The Parts of Speech*. Section IA 1914; IB 1916; II 1926. Groninger: P. Noordhoff.

RENSKY, Miroslav (1964): "English Verbo-Nominal Phrases: Some Structural and Stylistic Aspects", en *Travaux Linguistiques de Prague* 1, 289-299.

STEIN, Gabriel (1991). "The Phrasal Verb Type 'to Have a Look' in Modern English", en *International Review of Applied Linguistics in Language Teaching* 29, 1-29.

STRANG, Barbara M. H. (1986): *A History of English.* London / New York: Methuen.

WIERZBICKA, Anna (1982). "Why can you have a drink when you can't *have an eat", en *Language* 58, 753-799.

WOOLF, Virginia (1929): "Women and Fiction", en CAMERON, Deborah (ed.): (1990): *Feminist Critique of Language. A Reader.* London/New York: Routledge, 33-40.

WOTJAK, Gerd (1998): "Reflexiones acerca de construcciones verbo-nominales funcionales", en WOTJAL, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual.* Madrid: Iberoamericana, 257-279.

Consideracións sobre a didáctica da fraseoloxía italiana a estudantes galegófonos[1]

María Montes López

Universidade de Santiago de Compostela

A ensinanza do italiano como lingua estranxeira (LE) a galegofalantes debe aproveitarse nun primeiro momento da proximidade tipolóxica e cultural entre ámbalas dúas linguas para facilita-la aprendizaxe das unidades fraseolóxicas (UUFF) nos niveis iniciais. No ensino do italiano como LE, concédese unha grande importancia á lingüística contrastiva e, en particular, á lexicoloxía contrastiva. Para ensina-la fraseoloxía, os enfoques contrastivos constitúen un recurso fundamental e son imprescindibles cando se fala de dúas linguas tan semellantes como é o caso do italiano e do galego. Parece necesario incluír na formación inicial do estudante de italiano LE o coñecemento pasivo dun bo número das UUFF que forman parte da bagaxe lingüística común dos falantes dunha lingua dada.

Palabras clave: Fraseoloxía contrastiva italiano-galego, didáctica da lingua, unidades fraseolóxicas.

The teaching of Italian as a foreign language to Galician students should take advantage of the cultural and typological proximity between these two languages to facilitate the learning of the phraseological units at the beginner level. In the teaching of Italian as a foreign language a great importance is given to contrastive linguistics and, particularly, to contrastive lexicology. Contrastive approaches are considered a fundamental resource and they become indispensable when there is a great similarity between two languages as in the case of Italian and Galician. Therefore, we think it necessary to include a receptive knowledge of a good number of phraseological units in the students' initial training in Italian as a foreign language. These units form part of the linguistic competence the students have of two similar languages.

Keywords: Italian-Galician contrastive phraseology, language methodology, phraseological units.

Data de recepción 07/04/2011 Data de aceptación 01/08/2011

[1] Este artigo encádrase no proxecto de investigación dirixido pola profesora Mª Isabel González Rey "Adquisición de la competencia idiomática y discursiva del francés lengua extranjera en contexto español: Elaboración de un corpus textual bilingüe con fines didácticos" (código FFI2010-15092), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

1. Introdución

Sinalouse xa en repetidas ocasións a pouca atención que lle dedicaron os lingüistas á fraseoloxía[2] do italiano en xeral e á súa didáctica en particular. Por fortuna, hai que recoñecer que esta situación cambiou substancialmente nos últimos anos, sobre todo no que se refire aos estudos teóricos. As causas non as imos atopar nin no desinterese do profesor nin na falta de rigor á hora de elaborar materiais para a ensinanza do italiano. A orixe do problema radica na escaseza de estudos teóricos sobre as unidades fraseolóxicas da lingua italiana.

Como é ben sabido, a fraseoloxía pode diferenciarse das outras disciplinas lingüísticas polo seu obxecto de estudo: as unidades fraseolóxicas (UUFF)[3], é dicir, as combinacións de palabras (locucións, paremias ou fórmulas rutineiras) que mostran un alto grao de fixación na súa forma e no seu significado. Nos estudos lingüísticos a fraseoloxía comenzou a ter protagonismo, por representaren as UUFF unha parte importante da compoñente léxica das linguas (Quiroga 2006:15), tanto no plano teórico como no plano práctico.

Aínda así, as características pragmáticas das UUFF motivaron a súa exclusión dos inventarios léxicos da maioría dos manuais de ensino de linguas estranxeiras no seu nivel inicial (Calañas 1999:75). Como argumento principal desta exclusión adúcese a complexidade de uso e a pouca frecuencia con que se poden empregar. No caso do italiano a situación non é diferente no que se refire a manuais para os niveis básicos de ensino-aprendizaxe do idioma e nos manuais tradicionais; sobre todo nos que van dirixidos a un público novo; non se lle dá moita importancia nin aos *modi di dire* nin ás paremias (Quiroga 2006:170) que se consideran secundarias no estudo dunha lingua estranxeira (LE). Pero en realidade a competencia fraseolóxica forma parte da competencia lingüística e xa que logo, da competencia comunicativa, e as UUFF deben ir ocupando a posición que lles corresponde dende o primeiro momento[4].

Con este obxectivo, presentamos este traballo dende a perspectiva da fraseoloxía contrastiva e aplicada entre o italiano e o galego, cunha achega no campo da lectura, comprensión e explotación didáctica de certos aspectos idiomáticos da lingua italiana.

---

[2] Coma doutras disciplinas lingüísticas, da fraseoloxía case se pode dicir que nace no século XX, máis en concreto, a finais da segunda década. O estudo sistemático das unidades fraseolóxicas (UUFF) é, polo tanto, recente.

[3] Neste traballo optamos pola denominación unidade fraseolóxica (UUFF): este termo xenérico goza dunha grande aceptación na Europa continental, na antiga URSS e demais países do Leste, que son os lugares onde máis se investigou sobre os sistemas fraseolóxicos das linguas (Corpas 1996:19). Inda que, como afirma Penadés (1999:13): "La utilización de esa denominación genérica no significa la no existencia de diferencias entre una locución y un refrán, por ejemplo".

[4] Unha inclusión gradual das UUFF no inventario léxico do estudante de LE pasa por reflexionar sobre cales destas expresións son de uso máis frecuente. Como afirma J.A. Calañas (1999:5): "Una vez que el usuario de una L2 se ha acostumbrado a utilizar un cierto inventario de expresiones, es cada vez más complejo crear la sensibilidad contextual necesaria para que el estudiante adquiera la intuición de uso imprescindible. Pero una inclusión gradual de las paremias en el inventario léxico del estudiante de L2 pasa por reflexionar sobre cuáles de estas expresiones son las de uso más frecuente".

2. A didáctica das UUFF

As UUFF supoñen unha das maiores dificultades no terreo do ensino-aprendizaxe do italiano como LE porque é precisamente no seu grao de fixación onde residen os problemas á hora de aprendelas e producilas. A pesar desta dificultade, a fraseoloxía dunha lingua resulta importante no proceso da súa aprendizaxe posto que só se chega a dominar unha LE cando se é capaz de dominar correctamente as súas UUFF. Xa que logo, contar con coñecementos fraseolóxicos profundos nunha lingua estranxeira facilita a comprensión lectora, fai mais transparentes as alusións contidas nos textos e permite entender xogos de palabras, sobre todo na publicidade, etc. (Ettinger 2008:101).

Por iso nos parece necesario incluír na formación inicial do estudante de italiano LE o coñecemento pasivo dun bo número de UUFF que forman parte da bagaxe lingüística común dos falantes dunha lingua dada. Ademais haberá que exercita-lo alumno na identificación de UUFF eventualmente subxacentes a unha mensaxe. Cómpre ter en conta que un bo número de UUFF presentan unha morfosintaxe totalmente regular e empregan un léxico común. Xa que logo, as ditas secuencias poden ser empregadas na clase de italiano LE con vistas á asimilación por parte do alumno de certas regularidades susceptibles de ser reutilizadas na podución libre, xa sexa oral ou escrita.

É incuestionable a importancia que ten a competencia léxica do estudante de linguas estranxeiras e a necesidade de aprender e ensinar non soamente palabras, senón estruturas máis amplas que leven o discente a lograr unha competencia comunicativa óptima (Lugo 2007:99). Xa o especifica o *Marco de Referencia Europeo* (2002: cap. 5.2.1.1) cando, ó referirse á competencia léxica, inclúe dentro deses elementos léxicos, as expresións feitas, refráns, proverbios, etc. Ademais xa inclúe no nivel A2 un bo número de descritores que expoñen diferentes funcións sociais vinculadas con unidades fraseolóxicas e hoxe é un feito aceptado por todos os docentes que o ensino da fraseoloxía a un estudante estranxeiro debe iniciarse dende os primeiros niveis da súa aprendizaxe. A este respecto Mª Isabel González Rey (2007:22) afirma :

> *"En ce que concerne les expressions de base, l'utilisateur doit savoir employer les plus fréquentes au quotidien dès le niveau A1 pour parler de soi-même et pour décrire les autres (...). Par contre, les formules mémorisées dans la langue parlée sont indiquées à partir du niveau A2. Ces formules et expressions de base doivent s'employer correctement et à bon escient, Dans des situations prévisibles pour l'utilisateur, à partir du niveau B1. La maîtrise de nombreuses constructions acquises en C1 doit lui permettre de bien les choisir parmi les autres. Les expressions idiomatiques, pour leur part, sont à éviter au niveau B, en particulier en B2, car leur sens figuré peut faire obstacle à la compréhension orale de l'apprenant. Elles sont donc recommandées à partir du niveau C".*

Dende o ámbito do ensino de linguas estranxeiras son frecuentes as referencias ás dificultades que supón aprende-las unidades culturais obxecto de estudo da fraseoloxía. O carácter definitorio e peculiar das unidades fraseolóxicas explica o esforzo que debe realiza-lo aprendiz dunha LE para incorporar á súa competencia lingüística e

comunicativa unidades fraseolóxicas como *in bocca al Lupo!*, *Crepi il Lupo!*[5] O profesor deberá tratar aquelas expresións máis opacas en canto ó seu significado, para as que será preciso incluso falar de ritos, crenzas relixiosas ou incluso supersticións, e terá que lles explicar ós seus estudantes galegos, por exemplo, que a UUFF italiana *prendere due piccioni con una fava* é a equivalente da galega *matar dous paxaros dun tiro* e que, aínda que o animal non sexa o mesmo, a significación das dúas UUFF é coincidente.

A realidade que neste caso nos ocupa fai que nos centremos principalmente nas particularidades didáctico-pedagóxicas que estas unidades presentan para a súa aprendizaxe e emprego. O estudo sistemático destas unidades a medida que aumenta o nivel do alumno é un requisito imprescindible no desenvolvemento da súa competencia comunicativa en tódolos tipos de discurso. A súa presenza na lingua falada e escrita require un coñecemento especial por parte do estudante, pois non sempre o significado destes elementos lingüísticos é deducible da suma dos significados das súas compoñentes.

No que se refire á didáctica das linguas estranxeiras, son moitos os estudosos que dedican os seus esforzos a profundaren no tema de qué vocabulario ensinar e cómo facelo de xeito máis efectivo. A aproximación á lingua non se fai soamente a través dunha realidade lingüística, senón que tamén se teñen en conta as regras sociolingüísticas, culturais, discursivas, pragmáticas, etc. Se os nativos, cando falan, utilizan moitas unidades fraseolóxicas e se o obxectivo da didáctica da LE é facilitarlle ó estudante a posibilidade de que as súas producións lingüísticas se acheguen o máis posible ás dos nativos e que el saiba comunicarse eficazmente en contextos reais, entenderemos doadamente que as UUFF estean presentes ou que deban estalo na didáctica da LE.

---

[5] Atribúeselle a esta fórmula unha función apotropaica, capaz de afasta-lo esconxuro pola súa carga de maxia. A orixe da expresión parece que se remonta a unha antiga fórmula de bos desexos dirixida aos cazadores, á que se adoitaba responder co mesmo valor apotropaico *Crepi* (sobreentendido: o lobo). Este augurio, testemuña da crenza no valor máxico da palabra, teríase estendido da xerga dos cazadores ó conxunto das situacións difíciles nas que se pode atopa-lo home. A expresión *In bocca al lupo!* podería relacionarse tamén con numerosas expresións que teñen como protagonista o lobo. O lobo aparece na tradición antiga e medieval coma o perigo en persoa: animal cruel, falso e insaciable na súa voracidade que sementou a morte e o terror entre habitantes indefensos, pastores e cazadores. Basta limitarse á célebre imaxe do Lupo di Gubbio dei Fioretti di San Francesco. Da visión case apocalíptica do lobo e dos medos que lles transmitiu durante séculos aos habitantes de Europa, xa fosen habitantes dos bosques ou viaxeiros obrigados a desprazárense por camiños infestados de lobos e bandidos, quedan pegadas en varias linguas europeas baixo a forma de refráns e proverbios.
A imaxe do lobo queda impresa na lingua, en expresións, proverbios, refráns e imaxes que resaltan as súas características de animal salvaxe: desapiadado cos débiles: *chi pecora si fa il lupo se la mangia*; insaciable e afamado (con valor de intensidade): *una fame da lupi*; a miúdo reducido a malas condicións atmosféricas (con valor de intensidade): *tempo da lupi.*
En canto á resposta (*Crepi il Lupo!*), a partir do uso inicial da xerga dos cazadores, prodúcese unha extensión pragmática ó conxunto de situacións nas que á lingua vénlle atribuído o poder máxico de esconxura-la mala sorte. Estes medos atávicos atópanse hoxe nas mesmas expresións, pero usadas simbolicamente para outras situacións perigosas da nosa vida diaria (Vid. *La Crusca*, nº 33, ottobre 2006, p. 18).

Xa que logo, a necesidade de que hai que achega-la fraseoloxía á realidade das aulas de linguas estranxeiras empeza xa a cristalizar en propostas concretas, pero, aínda que hai unha maior presenza destas unidades en moitos manuais, na súa maior parte a adecuada explotación na aula dependerá a miúdo do profesor[6].

Malia a complexidade que presenta o ensino deste tipo de expresións, a frecuencia real de uso que se observa fai imprescindible a súa inclusión nos currícula de italiano como LE. Aínda que moitos estudosos consideran que as UUFF deben ser introducidas nas aulas en niveis avanzados, é necesario introducilas en niveis iniciais para familiariza-lo alumno coa presenza destas unidades e conseguir que acade unha competencia activa progresiva ó longo da súa aprendizaxe. Con este obxectivo, habería que ensinar ó principio aquelas UUFF máis frecuentes e máis sinxelas polas súas características formais, semánticas e pragmáticas e deixar para niveis superiores aquelas que presenten maiores dificultades.

3. A fraseoloxía italiana para galegofalantes

Nunha programación destinada ó ensino do italiano a falantes de galego, a utilización de enunciados fraseolóxicos pode desempeñar, na nosa opinión, un papel importante. Son moitos os posibles recursos lingüísticos e pragmáticos das UUFF e os seus trazos tipolóxicos facilitan non só a aprendizaxe do léxico, senón tamén a interpretación semántica e pragmática dos enunciados[7].

Temos presente que na actualidade a ensinanza de linguas dirixe os seus pasos cara a métodos comunicativos-accionais onde son os materiais auténticos (orais e escritos) os que conforman o desenvolvemento das catro destrezas: oír, falar, ler e escribir (Postigo 1999:417). Partimos da idea do uso dun código en situacións reais de comunicación onde o alumno debe consegui-las destrezas en contextos variados, de acordo coas situacións socio-culturais e/ou profesionais, adquirindo competencia gramatical, discursiva, sociolóxica e estratéxica.

A presenza dun elemento léxico común nun grupo de UUFF que se van ensinar é unha axuda para a aprendizaxe por parte do estudante. É certo que resulta máis adecuado ordena-las UUFF en volta dun significado fraseolóxico similar pero, como propoñemos que as UUFF se ensinen dende o primeiro contacto do estudante coa LE tendo en conta a súa lingua nativa, a aprendizaxe de certas UUFF comúns en ámbalas linguas non suporá grandes esforzos nin dificultades. Neste senso, a ensinanza do italiano como LE a galegofalantes debe aproveitarse nun primeiro momento da proximidade tipolóxica e cultural entre ámbalas linguas para ofrecer unha ensinanza e aprendizaxe das UUFF nos niveis iniciais (Quiroga 2006:194).

---

[6] Os problemas non existen soamente da parte do discente; ó profesor tamén lle resulta complexo ensina-las UUFF dunha lingua estranxeira, non só pola súa fixación formal e a súa idiomaticidade, senón tamén pola carencia de investigacións que lle indiquen qué unidades fraseolóxicas debe ensinar en cada nivel, pola escaseza de materiais específicos nos que apoia-lo seu ensino.

[7] É evidente que a utilización sistemática das UUFF non suple a necesaria utilización doutros tipos de materiais.

No ensino do italiano como LE, concédeselle unha grande importancia á lingüística contrastiva e, en particular, á lexicoloxía contrastiva. Para ensina-la fraseoloxía, os enfoques contrastivos constitúen un recurso fundamental e os enfoques contrastivos son imprescindibles cando se fala de dúas linguas tan semellantes como é o caso do italiano e do galego. Resulta obvio que a reflexión sobre o ensino/aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ter en conta a(s) lingua(s) materna(s) do(s) alumno(s). Cada vez resulta máis frecuente unha situación de aprendizaxe na que se atopan implicadas varias linguas estranxeiras. A conveniencia dun enfoque múltiple parece aínda máis evidente se considerámo-la aprendizaxe de linguas da mesma familia. O galego e o italiano son dúas linguas moi parecidas e calquera falante pode entender gran parte dunha comunicación oficial. Partindo desta premisa, é fácil entender que lles resultará doado ós estudantes galegofalantes empezar a familiarizarse coa fraseoloxía inicial do italiano e desenvolver unhas competencias discursivas que lles han facer gañar confianza e da-los seus primeiros pasos no uso desa lingua. As relacións de equivalencia e correspondencias entre unidades fraseolóxicas de sistemas lingüísticos distintos espertan o interese pola comparación, comprensión e asimilación destas unidades e os enfoques contrastivos baseados en criterios semánticos axudan a adquirilas para unha competencia activa das mesmas (González Rey 2006:135).

A este factor contrastivo en favor do ensino de linguas afíns, haille que engadir outros. Así, a maioría dos estudantes galegos que aprenden o italiano xa teñen un bo coñecemento da súa lingua en relación ás unidades fraseolóxicas e ás súas características. Para todos eles, o italiano é a terceira lingua estranxeira que aprenden e para moitos deles incluso, a cuarta, polo que xa se enfrontaron a estas estruturas noutras ocasións de ensinanza-aprendizaxe de linguas. Xa que logo ós coñecementos lingüísticos previos que teñen e a esa concienciación da importancia de uso dos fraseoloxismos, súmaselle-lo factor da motivación, aspectos de grande interese que o docente debe explotar e facer rendibles ó máximo.

Porén, non podemos partir da idea preconcibida de que un estudante galego de italiano vaia ter poucos problemas de aprendizaxe, ou menos problemas que se estudase unha lingua xermánica, a pesar de que o galego e o italiano sexan dúas linguas afíns. A complexidade que presenta o ensino e a aprendizaxe destas unidades e a necesidade que ten o docente de italiano de seguir ampliando a nómina de orientacións didácticas e exercicios vinculados co conxunto de unidades fraseolóxicas levounos a presentar unha proposta coa que os alumnos de nivel inicial de italiano LE poidan familiarizarse na aula con algunhas frases feitas do italiano.

Como xa comentamos máis arriba, normalmente dedícaselle moi pouco tempo na clase á didáctica das UUFF. Distintos traballos acerca da fraseoloxía italiana subliñan precisamente o escaso interese que se lle prestou a esta disciplina nos manuais e materiais de ensinanza do italiano como LE. Normalmente aparecen como apéndices de escasa importancia, como un dato anecdótico. Son tamén recorrentes as críticas que consideran que o material dispoñible é insuficiente[8] e que, ó tratarse moitas veces de

[8] Os diccionarios fraseolóxicos ou xerais son outro tipo de material do que pode botar man o profesor de italiano para aproximarse ó coñecemento da fraseoloxía italiana. Neste senso pensamos que o *Diccionario*

unidades complexas irregulares que non responden ós procesos sistemáticos presentes noutras unidades de lingua, o seu estudo precisa dunha metodoloxía distinta (Ruiz 1997:47)[9].

4. Proposta de clasificación

O primeiro problema que se lle presenta ó profesor é a elección das UUFF que debe ensinar[10]. A maioría das UUFF é de alcance xeral, porque a súa mensaxe de carácter xenérico alude a comportamentos e situacións existentes en todas as sociedades. As UUFF incluídas na relación proposta deben ser obxecto dunha aprendizaxe gradual, sempre dentro dun contexto semellante ó de uso real, para que así poidan pasar a formar parte dos coñecementos léxico-idiomáticos que o alumnado poida activar nas situacións adecuadas.

Na nosa proposta de UUFF que deberían coñece-los estudantes de italiano LE a nivel inicial, o profesor debe partir daquelas unidades de nivel semántico e estruturas sintácticas máis simples: *avere i piedi per terra/te-los pés na terra*[11]. No corpus seleccionado son moitas as UUFF coincidentes en italiano e en galego que poden ser doadamente descodificadas por un falante de galego. A medida que se avanza na aprendizaxe da lingua, vanse introducindo as formas máis complexas ou que máis dificultades supoñen para o colectivo de alumnos que aprenden o italiano.

A partir destas consideracións xerais, propoñemos a continuación un posible tratamento dalgunhas UUFF do italiano. O punto de partida constitúeo unha lista delas nas que se fai mención a un animal. Como o número de unidades que teñen cabida no noso corpus, a partir deste criterio tan xeral de selección, é moi grande, aquí só imos estudar un número reducido delas. O problema que presentan todas, e que se dá en calquera UUFF, é a capacidade de reconstrución do significado por parte do alumno cos seus coñecementos lingüísticos, é dicir, a idiomaticidade dos seus sentidos.

Son moi comúns as UUFF que teñen como referente ou protagonista dos feitos un animal[12], en tanto que ser vivo presente en tódalas culturas e tradicións dos distintos países e grupos de falantes. De sempre, o animal ocupou un posto importante no

---

Italiano-Galego, dirixido por Isabel González, resulta especialmente útil no apartado da fraseoloxía. Un dos aspectos máis enriquecedores da obra dende a perspectiva da investigación fraseolóxica é a inclusión de unidades fraseolóxicas sinónimas daquela que está definíndose. Ademais a entrada tamén contén, no caso de que as haxa, as correspondencias fraseolóxicas en galego.

[9] Como exemplo de irregularidade, son frecuentes os casos de expresións fraseolóxicas con idéntico significante no italiano e no galego, pero con diferente significado: *essere in imbarazzo* significa *sentirse incómodo-a*. Para referirse ó "embarazo" en italiano emprégase o termo *gravidanza*. Vid. *Diccionario Italiano-Galego* (Blanco Valdés et alii 2000).

[10] O tema complícase cando se examina dende a perspectiva do ensino do italiano como LE, pois non sabemos cales unidades fraseolóxicas deben ser obxecto da aprendizaxe dos alumnos de acordo cos distintos niveis de ensinanza. Mentres non teñamos esta información, será competencia do profesor selecciona-las que deberán ser ensinadas.

[11] As UUFF citadas aparecen recollidas nos dicionarios *Zingarelli*, *Tam* e *Diccionario Italiano-Galego*.

[12] Existe unha relación inequívoca entre algúns animais e certas actividades ou estados que as persoas desenvolven con eles. Ademais este é un feito que se dá para toda a humanidade e algunhas das locucións poden traducirse case literalmente a moitas linguas.

acontecer dos feitos e conviviu en estreita relación co home. Xa que logo, os animais tiveron sempre na vida do home unha grande importancia e esa profunda relación entre o home e o animal quedou plasmada ó longo dos tempos en numerosas UUFF[13].

Reproducimos a continuación as expresións que nos parece que lles poden resultar máis doadas de aprender a estudantes que teñen o galego como lingua materna e que se achegan por primeira vez ó estudo do italiano como LE. É doado apreciar que algúns elementos da realidade social, histórica, relixiosa, fisiolóxica, os costumes, etc seleccionados polos dous pobos son en gran medida coincidentes. Os criterios de selección baséanse, sobre todo, na existencia de equivalentes (totais ou parciais) entre as dúas linguas[14] e na posibilidade do emprego correcto nas situacións de comunicación obxecto de ensino/aprendizaxe nos niveis iniciais. Nas unidades seleccionadas, tanto locucións como refráns, alúdese á forma de ser e de comportarse dos homes, poñéndoos en relación directa coa de certos animais a partir de situacións comúns e cotiás.

A nosa clasificación empeza polas UUFF que son practicamente idénticas en ambas as linguas, tanto na forma coma na intención moralizante. Nelas o animal que se cita é o mesmo.

> ***Cane****: essere come cane e gatto/levarse coma o can e o gato; essere solo come un cane/estar só coma un can; morire solo come un cane/morrer (só) coma un can; non trovare un cane/non atopar nin un can; trattare* [qualcuno] *come un cane/tratar* [a alguén] *coma un can.*
>
> ***Gallina****: andare a letto con le galline/ deitarse moi cedo coma as galiñas, deitarse coas galiñas*. A galiña é considerada pola sabiduría popular símbolo de riqueza, pois vela pola economía familiar e protexe a todos os demais membros do curral. É saudable, ata o punto de que se asegura que como comida é capaz de revivir un moribundo e facer que o enfermo recobre a saúde: *gallina vecchia fa buon brodo/galiña vella fai ben o caldo.*
>
> ***Gallo****:* outro animal de moito valor para o campesiño é *o galo.* Nos dous idiomas *o galo* é unha alegoría do macho e, en particular, do home. Aínda hoxe o nome do animal emprégase en senso figurado para aludir a un "home presumido e bravucón ou persoa que nun sitio se impón ós outros ou que sobresae entre eles": *fare il gallo/facerse o galo.*
>
> ***Gatto-a****: essere in quattro gatti/ser catro gatos; fare la gatta morta/ facerse a gata morta*.
>
> ***Pecora****: essere la pecora nera della famiglia/ se-la ovella negra da familia.*

[13] Frecuentemente son metáforas de animais referentes a condutas e situacións humanas.

[14] No caso do galego, o material de traballo fundamental foi o *Diccionario italiano-galego* que inclúe frases feitas. Observando a lista das expresións consideradas neste estudo, comprobamos que as equivalencias cuantitativas e cualitativas entre textos fraseolóxicos das dúas linguas resultan moi próximas na designación e no senso.

Pesce: aparece en comparacións coma: *nuotare come un pesce/nadar coma un peixe*.

Existen UUFF que perseguen a mesma intención moralizante e aluden a cuestións similares, pero en cada idioma exemplifícanse con animais diferentes. O cambio de animal provoca unha lixeira diferenza pero que non lle afecta ó seu senso.

***Touro*:** a imaxe do *touro*, símbolo tan arraigado no mundo hispano, encontra unha realidade expresiva similar nas dúas comunidades lingüísticas pero debemos reparar en que no galego máis ca do *touro* fálase do *boi*, que era o habitual animal de tiro, pero debe terse en conta que en galego o boi non só designa o animal capado senón o animal enteiro[15]: *essere un toro/ ser forte coma un boi~touro; prendere il toro per le corna/colle-lo boi ~touro polas cornas*. Aínda que esta locución parece aludir con toda claridade ás *corridas de toros* españolas e aínda que moitas veces se ten citado como un hispanismo fraseolóxico, non está clara esa relación[16].

Aquila: *avere occhi d'aquila/ ter ollos de lince.*

Grillo: *non avere grilli per la testa/non ter paxaros na cabeza.*

Lumaca*: camminare come una lumaca/ camiñar coma unha tartaruga.*

Oca: *avere la pelle d'oca/ te-la pel de galiña.*

Como complemento á presentación desta listaxe ós alumnos dentro da fase pasiva, pódeselles facilita-la busca destas e doutras UUFF semellantes en textos de distinta natureza (prensa, literatura, etc) como unha práctica proveitosa e amena. Como o recurso ás UUFF na prensa, literatura e publicidade é usual, resulta doado reunir documentos auténticos nos que se empregan este tipo de expresións, sempre que se axuste o nivel do texto ó nivel do estudante.

Por outra banda, nunha fase de competencia activa, os recursos léxicos e as estruturas gramaticais das unidades aprendidas son reutilizables e pódense aproveitar para a súa reformulación na expresión guiada ou libre do estudante. Tendo en conta que se está a

[15] Galicia, a pesar de ter unha porcentaxe importante do gando bovino español, non cría gando bravo para as corridas de touros, que en Galicia foron e son algo totalmente residual. Galicia non forma parte da *cultura del toro*. Os poucos machos enteiros que se crían destínanse exclusivamente á reprodución. E, por parte, o animal chámase sempre *boi*, tanto o animal capado, coma o semental: as vacas *andan ó boi*, cando "estan en celo", e *lévanse ó boi* "a inseminar". *Touro* é unha palabra que en Galicia só usan os veterinarios e algúns gandeiros por influxo deles. O habitual nas casas galegas ricas antes da mecanización da agricultura era a parella de bois (capados). Esta asimetría co resto de España complétase co feito de que Galicia, ó revés do resto de España (e en parte tamén de Europa) nunca arou con cabalos ou mulas: sempre arou con bois ou vacas. É sabido que Europa no século IX substituíu o boi polo cabalo como animal tractor, xa que ten máis potencia de arrastre; aínda que hai outros factores que estudou o P. Sarmiento e que xustifican que Galicia seguise arando con bois (Benavente Jareño 2010: 1234-1244).

[16] A orixe desta locución é menos transparente do que se di. Resulta raro que estea estendida por toda Europa pero que case todos a relacionen coa tauromaquia española (que é descoñecida en case toda Europa e na que nunca se colle o touro polos cornos). A súa orixe podería estar máis razoablemente ou na tauromaquia portuguesa (na que si se collen polos cornos) ou na antiga cretense. Pero é máis probable que se refira ó acto labrego de xungui-los bois para poñelos ó carro ou ó arado, domesticando así en beneficio dos humanos a súa inmensa forza (Ferro 2008:174-175).

propicia-la fraseoloxía no estadio inicial da súa aprendizaxe, prima familiariza-lo alumno co seu uso en situacións sinxelas, por exemplo dentro do descritor "como describir unha persoa", por exemplo: *Anna é una pecora; é muta come un pesce; si fa la gatta morta e ha il cervello di gallina; etc.*

En definitiva, as actividades propostas na aula poden ser variadas: dende partir dun texto periodístico, publicitario ou de calquera outro tipo que conteña unha UUFF ata presentar un debate mediante a contraposición de UUFF de senso oposto ou a discusión de ideas polémicas expresadas en fórmulas proverbiais, exercicios de escritura, exercicios de fonética...

5. Conclusión

A fraseoloxía ten un papel moi destacado na fala cotiá e debe ocupar un lugar importante no estudo dunha LE. Consideramos que unha aprendizaxe completa dunha lingua debe incluír tamén a aprendizaxe destas unidades fraseolóxicas que non soamente forman parte do sistema lingüístico, senón que tamén reflicten a cultura da lingua que se aprende, por iso a competencia idiomática debe de ter un espazo específico na aprendizaxe da LE. A parte da dimensión lingüística da fraseoloxía, da súa importancia central dentro do sistema xeral da lingua, existen outros aspectos dignos de mención, como é o valor sociocultural que conteñen a maioría das unidades fraseolóxicas, por seren representantes da idiosincrasia dunha cultura, dunha sociedade, dun modo común de ve-la realidade que nos rodea (González Rey 2004: 116).

Con esta pequena contribución, pretendemos poñer de manifesto a necesidade de lle conceder á fraseoloxía un papel importante dentro dos estudos orientados á ensinanza do italiano a galegófonos. Queda aínda un longo camiño por percorrer con respecto á didáctica das súas unidades fraseolóxicas. Para acadar ese obxectivo, é necesario, en primeiro lugar, que os docentes avancen no coñecemento das UUFF e das súas características. Sempre e cando exista un traballo previo de reflexión sobre as súas condicións de utilización, aproveitando o caracter de linguas emparentadas que teñen o galego e o italiano como fio condutor natural entre linguas e culturas, as UUFF poden chegar a ocupar un lugar nada desdeñable na clase de linguas estranxeiras. En segundo lugar, terán que desenvolverse novas propostas para a presentación na aula das UUFF que vaian máis aló do estudo das expresións que aparecen no fragmento que abre cada un dos temas dun manual ou do enfrontamento entre o alumno e unha nómina de locucións constituída por expresións que non teñen relación entre elas.

O pequeno corpus de unidades fraseolóxicasm, que presentamos como mostra, pode servir de axuda á hora de decidir que unidades fraseolóxicas poden incluírse nas programacións da aula. Como se ve, son expresións moi usuais na fala dos interlocutores nativos e fáciles de introducir desde un nivel inicial na aprendizaxe dos estudantes.

Os estudantes adoitan, ademais, mostrar un grande interese por esta parcela do vocabulario sen necesidade de que o profesor deba motivalos dun xeito especial. As UUFF despertan curiosidade e o único problema é a súa presentación na aula e debe existir un criterio vertebrador que domine calquera nómina de locucións. Presentamos

un xeito de achegarnos a unha parte da fraseoloxía de forma que esta aproximación sexa o máis sinxela e intuitiva posible tanto para o alumno coma para o profesor.

A partir dos resultados que acabamos de expoñer, podemos afirmar, sen lugar a dúbidas, que o número de contidos funcionais que obrigan un estudante de italiano como LE a familiarizarse con unidades fraseolóxicas desde os primeiros niveis da súa aprendizaxe é realmente importante, independentemente de que o *Marco común europeo de referencia para as linguas* non faga mención, de xeito explícito, do termo *expresión idiomática* ata o nivel C2.

Neste traballo tratamos, logo, de probar que o emprego das UUFF supón un camiño para aborda-lo ensino do italiano a galegófonos, especialmente nos aspectos aproximativos, idénticos e contrastivos propiciando a diminución de interferencias na actuación lingüística. Aínda que moitos aspectos quedaron sen tratar neste artigo, podemos concluír que as últimas correntes metodolóxicas no ensino de linguas incitan a unha revisión de explotación de materiais e que, a pesar dalgúns inconvenientes que existen na utilización de UUFF no ensino, a aplicación dun repertorio elixido coidadosa e sistematicamente ó ensino do italiano a galegófonos, resulta de inestimable axuda na etapa inicial da aprendizaxe. Xa que logo, pretendemos poñer de manifesto con estas reflexións a necesidade de lle conceder á fraseoloxía un papel importante dentro dos estudos orientados á ensinanza do italiano como LE.

Remateremos con estas palabras de Pablo Zamora (2006:8) que resumen todo o exposto neste traballo:

> *"L'obbiettivo principale di ogni studente di qualsiasi lingua straniera è fare in modo che le sue produzioni linguistiche si avvicinino il più possibile a quelle dei parlanti nativi; il raggiungimento di tale obbiettivo passa attraverso l'apprendimento delle espressioni fraseologiche e il riconoscimento dei contesti di interazione comunicativa in cui il loro uso non solo è opportuno e appropriato, ma in molti casi necessario".*

6. Referencias bibliográficas

BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

BLANCO VALDES, C. F. *et alii* (2000): *Diccionario italiano-galego*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Xunta de Galicia.

CALAÑAS CONTINENTE, J.A. (1999): "Los refranes en la enseñanza del alemán como lengua extranjera", en *Paremia*, 8, 73-79.

CHERDANTSEVA, T. (1996): "Proverbio e modo di dire", en *Studi di Grammatica Italiana*, XVI, 339-343.

CONSEJO DE EUROPA (2002): *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación*. Estrasburgo: Consejo de Europa (Dpto. de Política Lingüística).

ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 95-127.

FERRO RUIBAL, Xesús (2008): "A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística" en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Lenguaje figurado y motivación".* Frankfurt am Main: Peter Lang.

FORGAS, E. (1993): "Cultura popular y cultura material: el refranero", en *Paremia*, 1, 35-44.

GONZALEZ FERNANDEZ, I. (2001): "Información semántica complementaria en los diccionarios bilingües", en PORRAS CASTRO, Soledad (ed.) (2001) : *Actas del IX Congreso Nacional de Italianistas Españoles, Lengua y Lenguaje Poético, Valladolid, 2-4 de octubre de 2000*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 45-60.

GONZÁLEZ REI, Mª Isabel (2004): "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004,113-130.

(2006): "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia paras as linguas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006,123-145.

(2007): *La didactique du français idiomatique*. Fernelmont: InterCommunications & E.M.E.

GONZALEZ REY, Mª I. (ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Bélxica: E.M.E.

LAPUCCI, C. (1993): *Il Dizionario dei modi di dire*. Milano: Garzanti.

LUGO MIRON, S. (2007): "Algunas consideraciones sobre la enseñanza-aprendizaje de la fraseología española con estudiantes griegos", en GONZALEZ REY, Isabel (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Bélxica: E.M.E., 85-102.

MINIATI, V. (1989): *Proverbi e modi di dire in Romagna*. Ravenna: Longo Editore.

PIÑEL LOPEZ, R. (1999): "El animal en el refrán, reflejo de una cultura. Estudio contrastivo alemán-español", en *Paremia*, 8, 411-416.

POSTIGO, M.J. (1999): "Las paremias en la enseñanza del portugués como lengua extranjera", en *Paremia*, 8, 417-422.

QUIROGA, P. (2006): *Fraseología italo-española*. Granada: Granada Lingüística.

ZAMORA MUÑOZ, P. *et alii* (2006): 'Hai voluto la bicicletta'. *Esercizi di fraseologia e segnali discorsivi per studenti di italiano LS-L2*. Perugia: Guerra.

Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do "Lexicon of Common Figurative Units"[1]

Elisabeth Piirainen

Steinfurt, Alemaña

O tema deste ensaio son os ditos que existen nunha morea de linguas de Europa (e máis alá) cunha estrutura léxica similar e que viran arredor dun mesmo significado figurativo. Primeiro faremos un repaso polos ditos máis espallados (estendidos nuns 51-68 idiomas europeos) e falaremos das razóns desta expansión. Os seguintes ditos dos que se vai falar aquí pertencen ós substratos máis antigos e constitúen o chamado "Lexicon of Common Figurative Units" (léxico de unidades figurativas comúns), por exemplo, ditos coas orixes na antigüidade, na *Biblia* ou en numerosas fontes arcaicas.

Palabras clave: antigüidade como fonte de ditos, a *Biblia* como fonte de ditos, léxico de unidades figurativas comúns, intertextualidade, linguas de Europa, ditos espallados.

The topic of this paper is idioms which exist in a large number of European languages (and beyond) in a similar lexical structure and in the same figurative core meaning. We first look at the most widespread idioms (spread across 55-65 European languages) and discuss the reasons for the wide spread. The next idioms discussed here belong to the oldest layers that constitute the "Lexicon of Common Figurative Units", i.e. idioms originating in antiquity, in the Bible and various ancient sources.

Keywords: Antiquity as source of idioms, the Bible *as source of idioms, Lexicon of Common Figurative Units, intertextuality, languages of Europe, widespread idioms*

1. Introdución

As enormes semellanzas entre as linguas europeas no que se refire ás expresións figurativas e ás metáforas chamaron, durante moito tempo, a atención dos lingüistas. Un punto de vista ó que se fai referencia moi a miúdo e do que se fala moito é o de

Data de recepción 18/02/2011 Data de aceptación 30/05/2011

[1] Tradución de Rosa Amarelle Pereira.

Weinrich (1976) que defende que hai unha consonancia de imaxes nas linguas europeas e que o mundo occidental é *unha comunidade de campo de imaxe*[1]. Os seus exemplos, porén, indican que Weinrich, aínda falando do "mundo occidental", preocúpase, principalmente, dunhas poucas linguas desa zona, que non representan toda Europa. Despois están as opinións dos investigadores en fraseoloxía, os cales descubriron que hai moitos frasemas figurativos equivalentes en varias linguas, mesmo en linguas que non están relacionadas entre si pola súa xenética. Un dos primeiros estudos sobre este tema (Tallgren-Tuulio 1932) incluía máis de doce linguas e non foi superado durante moito tempo. Máis tarde, os investigadores en fraseoloxía demostraron, con moita precisión, as lixeiras diferenzas lingüísticas entre dúas ou máis linguas e creáronse clasificacións nas que se detallaban varios graos de equivalencia. Aínda que estes resultados foron valiosos para a teoría da fraseoloxía e para moitos aspectos prácticos, estes estudos non deron nomeado os ditos reais que teñen equivalentes nunha ampla variedade de linguas e non contribuíron para entende-la linguaxe figurativa común en Europa.

En contraste, a eurolingüística sempre se centrou en Europa como un conxunto, especialmente nas semellanzas entre as linguas occidentais. Secasí, os ditos e as metáforas ignoráronse case na súa maioría. Con todo, o recente "Handbook of Eurolinguistics" (Hinrichs 2010) dedicoulle un pequeno capítulo a algúns aspectos deste tema. No seu artigo sobre as semellanzas fraseolóxicas das linguas europeas ("Phraseological similarities of the languages of Europe"), Eismann (2010) fala, entre outras cousas, do proxecto *Widespread Idioms in Europe and Beyond* e dalgúns resultados que daquela estaban dispoñibles na páxina principal do proxecto[2].

Xa temos falado deste proxecto internacional sobre os ditos espallados nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9 (Piirainen 2007). Agora, catro anos depois, temos que menciona-lo progreso do mesmo. Por cuestións de espazo, só poden amosarse algúns dos resultados. Un dos obxectivos do proxecto é o de identificar estes ditos que existen en moitas linguas de Europa cunha estrutura léxica semellante e co mesmo significado figurativo. Para comezar, houbo que desenvolver un marco teórico e unha metalinguaxe axeitada (cf. Piirainen 2010a, 2010b). O seguinte obxectivo foi o de descubrir, dun xeito sistemático, ditos espallados en cantas máis linguas mellor, incluídas tódalas linguas europeas ás que se puidese acceder na investigación dos ditos e tamén algunhas linguas non europeas. O proxecto apoiárono numerosos expertos e institucións académicas. Cubriron con detemento os cuestionarios e, nalgunhas ocasións, verificaron os datos mediante a investigación a través da rede ou mediante a análise de *corpus* de textos. Coa axuda de arredor de 250 expertos, xuntáronse datos de 72 linguas faladas en Europa (véxase o apéndice). Entre elas hai linguas que case nunca foron estudadas na investigación dos ditos (aínda que se coñezan en paremioloxía); é o caso das linguas celtas, pérmicas e as do Volga. Tamén o do albanés armenio, maltés, azerí, xeorxiano ou vasco. Neste momento, non hai datos doutras 70 linguas que se

[1] *Das Abendland ist eine Bildfeldgemeinschaft* (Weirich 1976:287)
[2] www.widespread-idioms.uni-trier.de

falan en Europa; son principalmente linguas menos usadas do leste e sueste de Europa, moitas delas en claro declive.

Dende as súas orixes, o proxecto pretendía abranguer unha dimensión histórica e cultural. Polo tanto, os datos que achegaron os nosos informadores compiláronse no contexto da súa fundación histórica e etimolóxica. Grazas á gran cantidade de literatura secundaria (bibliografía de Mieder 2009), a maioría dos ditos pódense asociar ás súas orixes etimolóxicas. Os datos publicaranse no *Lexicon of Common Figurative Units* (Piirainen, a piques de ser publicado), que consta de dous volumes. O primeiro dos volumes contén uns 175 ditos espallados que se remontan á identificación de recursos textuais; é dicir, textos clásicos ou bíblicos, colecciónsde proverbios medievais, fábulas e contos populares, literatura posclásica, películas da gran pantalla, citas célebres, etc. No segundo volume o resto dos aproximadamente 175 ditos trataranse máis ou menos igual. Veñen de campos como a historia, o folclore, a cultura material e social, o deporte, a tecnoloxía, a observación da natureza, o comportamento animal, etc. O descubrimento destes ditos espallados en todos estes dominios é algo completamente novo na investigación fraseolóxica.

Seguindo un romanticismo de tipo nacional, os primeiros investigadores de fraseoloxía centrábanse na idea de que os ditos eran algo propio da lingua determinada coa que se estaba tratando, coma un espello da cultura ou da mentalidade nacionais, pero esta foi unha idea que logo houbo que refutar e desbotar. Agora temos que evita-lo novo romanticismo que nos levaría tratar de xebra-las linguas de Europa daquelas doutros continentes, nun intento de establecer algo parecido a un "sentimento de comunidade europea". Como mostra a nosa investigación, pode haber un continuum dos ditos espallados, xa sexa dende Europa ás linguas que se falan nas fronteiras euroasiáticas ou ás linguas árabes do norte de África. Por iso, o interese do *Lexicon of Common Figurative Units* non se limita só ás linguas europeas, xa que unha chea deses ditos espallados tamén existen en linguas non europeas.

As antigas linguas coloniais de orixe europea, por exemplo as variantes do inglés falado ó longo do mundo, ou as linguas románicas en África ou nas Américas, non se incluíron no proxecto deliberadamente. Non só sería unha tarefa completamente separada, a de analiza-la presenza dos nosos ditos espallados nesas variedades lingüísticas, senón que tamén embazarían os resultados que se obtivesen, por exemplo, no que se refire á extensión rexional dos ditos. Estas linguas puxeron en perigo as linguas e as culturas nativas e conduciron á asimilación lingüística, en particular no campo das imaxes (véxase Idström e Piirainen no prelo). Sería presuntuoso postular unha exclusividade dos "ditos europeos" ou cingui-los estudos a unha pescuda que se referise ós chamados *europeísmos*, isto é, ós equivalentes que se restrinxan ás linguas de Europa. Para probar tal "exclusividade", polo menos habería que analiza-lo léxico figurativo de 6.500 linguas que se falan en todo o mundo.

Identificáronse uns 350 ditos espallados grazas ó traballo empírico e distinguíronse doutros que, probablemente, tamén aparezan noutras linguas pero que non cumpren cos nosos estritos criterios (véxase Piirainen 2010a:16). No que segue (apartado 2) gustaríanos analiza-los ditos máis espallados, tendo en conta cales poden se-las causas

de que estean tan presentes nestas linguas. Despois habemos de nos restrinxir ós alicerces máis antigos que forman o "Lexicon of Common Figurative Units", isto é, os ditos con orixes que se remontan á antigüidade (apartado 3), á *Biblia* (apartado 4) e a un conxunto de fontes antigas (apartado 5).

2. Os 50 ditos máis espallados nas linguas europeas

As discusións verbo dos chamados *europeísmos* ou *internacionalismos* ás veces salientan o ben que se coñecen hoxe en día as semellanzas nos frasemas entre linguas europeas. Aínda que afirmacións coma esta non están baseadas na nosa investigación, os autores que as defenden adoitan dar razóns para o que propoñen: crese que as orixes dos frasemas se atopan na mitoloxía grega, na *Biblia* ou noutros elementos dunha "herdanza cultural europea común" de maneira que pouco máis se pode esperar[3]. Secasí, despois de cinco anos de intensa investigación nesta área, chegouse xusto á conclusión oposta: todo é diferente ó que se pensaba nun principio. En moitos casos había resultados imprevisibles e sorprendentes sobre cales unidades figurativas eran realmente comúns e cales non cumpriron cos nosos criterios. Unha ollada ós 50 ditos máis espallados ilustrará isto. Velaquí a lista de ditos equivalentes que se empregan entre 68 e 51 linguas europeas.

Os ditos preséntanse nunha versión reducida, sen variantes nin definicións semánticas, en inglés e en español. O número de linguas europeas ás que nos referimos para o emprego do dito aparece entre corchetes; a isto séguelle un código, unha letra, que representa a fonte deles:

A = antigüidade,
B = a *Biblia*,
C = fontes antigas varias,
D = literatura posclásica,
E = proverbios e frases feitas documentadas a partir da Idade Media,
F = fábulas, lendas e contos populares.

O número de linguas deste estudo pode variar lixeiramente xa que algún dos datos aínda se pode actualizar.

(1) *to add fuel to the fire /* ***echar (más)/echarle leña al fuego*** [65, A]
(2) *to be/fight like cat and dog /* ***estar como el perro y el gato*** [65, F]
(3) *to play with fire /* ***jugar con fuego*** [63]
(4) *night and day /* ***día y noche*** [62, C]
(5) *to be sb.'s right hand /* ***ser el brazo derecho/ la mano derecha de alguien*** [62, C]

[3]Cf. Eismann 2010:719f., entre outros. Rajxstejn (1980:36f) emprega o termo *internacionalismo* para ditos como *to sweep the Augean stable, to workship the golden calf, to bury one´s pounds* ou *more pontificial than the Pope himself*. Falta unha definición do termo e os argumentos de por que os dous últimos ditos se deben considerar *internacionalismos*. O termo, desde daquela, adoptouse sen ser criticado nunha chea de estudos. Tamén se empregou, con bastante coidado, para frasemas que aparecían en tres ou catro linguas.

(6) *a wolf in sheep's clothing /* ***un lobo con piel de cordero*** [60, C]
(7) *to take sb. under one's wings /* ***meter a alguien bajo el/ su ala*** [60, B]
(8) *to tear one's hair out /* ***tirarse de los pelos / mesarse los cabellos*** [59, C]
(9) *to search a needle in the haystack /* ***buscar una aguja en un pajar*** [59, F]
(10) *to swim against the stream /* ***nadar/ir contra corriente / a*** **contracorriente** [59, C]
(11) *from head to foot /* ***de los pies a la cabeza*** [59, C]
(12) *to get on sb.'s nerves /* ***ponerle los nervios de punta*** [59]
(13) *in the sweat of one's brow /* ***con el sudor de su frente*** [58, B]
(14) *to have one foot in the grave /* ***tener un pie en la sepultura/tumba*** [58, A]
(15) *to lead a dog's life /* ***llevar una vida de perros*** [57]
(16) *to make a name for oneself /* ***hacerse un nombre*** [57, C]
(17) *to bear one's cross /* ***llevar su cruz*** [57, B]
(18) *the black sheep (in the family) /* ***la oveja negra (de la familia)*** [56, B]
(19) *to take the bull by the horns /* ***coger el toro por los cuernos*** [56, E]
(20) *to shed crocodile tears /* ***llorar/derramar lágrimas de cocodrilo*** [56, F]
(21) *to roll up one's sleeves /* ***remangarse las mangas*** [56]
(22) *a black day /* ***un día negro*** [56, A]
(23) *to be in seventh heaven /* ***estar en el séptimo cielo*** [56, C]
(24) *to make of a fly an elephant* (s. XVII) */* ***hacer de una pulga un elefante*** [55, A]
(25) *to open sb.'s eyes /* ***abrir los ojos a alguien*** [55, C]
(26) *to go through fire and water for sb.* (sen equivalente para o español) [55, C]
(27) *to have got up with the left leg first /* ***levantarse con el pie izquierdo*** [55]
(28) *to give sb. the green light /* ***dar luz verde a alg./algo*** [55]
(29) *to turn one's back on sb./sth. /* ***volver(le)/ dar la espalda a alg./algo*** [54]
(30) *sb.'s hair stands on end /* ***poner los pelos de punta*** [54, C]
(31) *to wash one's hands of sth. /* ***lavarse las manos de algo (como Pilatos)*** [54, B]
(32) *nothing but skin and bone /* ***ser nada más que piel y huesos*** [54, C]
(33) *to show one's teeth to sb. /* ***enseñar los dientes a alguien*** [54, C]
(34) *to prick one's ears /* ***aguzar los oídos/la oreja*** [54, C]
(35) *to separate the wheat from the chaff /* ***separar la paja del trigo*** [53, B]
(36) *to build on sand /* ***construir en arena/edificar sobre arena*** [53, B]
(37) *the other side of the coin /* ***el reverso de la medalla/moneda*** [52]
(38) *to tilt at windmills /* ***luchar contra molinos de viento*** [52, D]
(39) *to break the ice /* ***romper el hielo*** [52, E]
(40) *to lose one's head /* ***perder la cabeza*** [51]
(41) *not to be able to hurt a fly /* ***no matar/ser incapaz de matar una mosca*** [51, C]
(42) *a voice crying in the wilderness /* ***una voz que clama en el desierto*** [51, B]
(43) *a storm in a teacup /* ***una tempestad en un vaso de agua*** [51, C]
(44) *to play cat and mouse with sb. /* ***jugar con algn. al gato y el ratón*** [51, F]
(45) *the beginning of the end /* ***el principio del fin*** [51, D]
(46) *to tighten one's belt /* ***apretarse el cinturón*** [51]
(47) *in black on white /* ***negro sobre blanco*** [51]
(48) *to see everything through rose tinted glasses /* ***verlo todo de color de rosa*** [51]
(49) *to take off one's hat to sb. /* ***quitarse el sombrero ante alg./algo*** [51]

(50) *to play a role / **jugar un papel*** [51]

A representación dos ditos en 51-68 linguas débese, principalmente, ó feito de que os equivalentes tamén son coñecidos na maioría das linguas menos usadas[4]. Isto quere dicir que estes ditos non se poden incluír nun rexistro elevado da lingua, para o cal non habería sitio nestas linguas cun status non oficial. Por esta razón, "os europeísmos clásicos" como por exemplo *to sweep the Augean stables* ou *to suffer the torments of Tantalus* (ambos chegan só a 34 linguas europeas) non están entre os 50 ditos espallados máis coñecidos. En segundo lugar, estas expresións idiomáticas non amosan lagoas significantes na súa distribución xeográfica. Por exemplo, faltan moitos ditos espallados nas linguas romances occidentais, o cal reduce o número de linguas nunha ducia, ou nas linguas do sur de Europa. Botémoslle un ollo, dun xeito máis detallado, a seis ditos espallados que aparecen na seguinte lista, cunha ampla expansión que resultou ser unha verdadeira sorpresa: aínda hoxe non se sabe ben o motivo desta grande expansión xa que ningún deles ten as súas raíces na *Biblia* ou na antigüidade. Tampouco son vellos proverbios e non se acharon relacións intertextuais ou culturais extralingüísticas.

(3) *to play with fire* "expoñerse ó perigo sen precaución"

O dito (3) apareceu en varias linguas dende o século XVII. Dise que existe, cunha estrutura morfosintáctica e léxica moi consistente, en 63 linguas europeas actuais, en varias do norte de África e tamén nalgunhas asiáticas. A ampla difusión deste dito suxire que, nalgún tempo, debeu haber un texto ben coñecido detrás que non pode ser recuperado coas fontes das que dispoñemos.

(12) *to get on someone´s nerves* "poñerlle os nervios de punta /fóra de sitio a alguén"

Os nervios, unha parte sensible e irritable do corpo humano, serven de indicador do estado mental e psicolóxico de alguén. Hai máis ou menos unha ducia de ditos que se refiren ós NERVIOS en linguas concretas (por exemplo, do inglés *to have nerves of steel* "ter nervios de aceiro" *to be all nerves* "ser todo nervios /ser un feixe de nervios", *to lose one´s nerve to be all nerves*, "perder un os nervios", etc.), e non hai explicación para xustifica-lo porqué de que o dito (12) se atope entre os máis espallados. Ver no mapa 1: As linguas que están marcadas con rectángulos grises son as que teñen equivalentes.

[4]A miúdo non temos equivalentes en linguas en decadencia como as celtas, as do Volga ou as pérmicas do leste de Europa. Cf. mapas que aparecen abaixo.



Mapa 1: Equivalentes para *"to get on sb.´s nerves"* nas linguas europeas

Os ditos equivalentes amosan algunhas variantes léxicas ou morfosintácticas, as cales, non obstante, non afectan ó *status* dos ditos espallados; véxase, por exemplo, no noruegués (bokmål) *gå noen på nervene* e no finés *käydä jkn hermoille*, ambos "poñer dos nervios a alguén"; no italiano *dare ai/sui nervi a qno* "darlle nos nervios a alguén"; no lituano *tampyti kieno nervus* "empuxa-los nervios de alguén"; no ucraíno *діяти комусь на нерви* "actuar nos nervios de alguén"; no eslovaco *íst´/liezt´niekomu na nervy "*poñer a alguén dos nervios", etc. Comparemos, logo, entre dous ditos similares.

(41) *to lose one´s head* "confundirse tanto como para comportarse dun xeito irracional"

(46) *to tighten one´s belt* "aforrar cando a comida ou os cartos escasean"

O dito (40) acae moi ben na coidadosamente elaborada conceptualización de CABEZA como a base das actividades intelectuais, de pensamento e coñecemento, que creou moitos ditos. A imaxe hiperbólica do dito pode atoparse nas linguas de Europa, mentres que o dito antónimo, no inglés *to keep one´s head* "termar un da súa cabeza", "estar tranquilo, mante-lo control", apenas ten paralelos noutras linguas. O dito (46) debe, de igual xeito, estar baseado na experiencia corporal. Este dito leva consigo a idea de que hai unha relación entre a redución dos gastos e a delgadeza.

(48) *to see everything through rose tinted glasses* "ter unha idea demasiado optimista e, polo tanto, irreal de alguén".

Non se pode determinar con exactitude cando comezaron a emerxer estes ditos dos que aquí falamos. Os datos históricos dos que se dispón indican que o dito (48) non apareceu alá polo século XIX. A cor rosa (no inglés *rose* ou *pink*) aparece cun único significado simbólico nos ditos que se analizaron ata o de agora: "bo, positivo". O concepto ROSA pode verse como un antónimo de NEGRO, véxanse, por exemplo, ditos como o inglés *to look on the black side* "mira-lo lado negro" que non están espallados.

(47) *in black and white* "reducido á escritura; anotado ou impreso"

O dito (47) alude ás técnicas culturais de escritura e impresión con tinta negra sobre papel branco. O que está escrito ou impreso ten máis valor que as palabras. Este xa era un principio do dereito romano, o cal, seguramente, foi o causante da expansión do dito. Nalgunhas linguas, o dito deuse a coñecer grazas ás citas de obras literarias. Shakespeare utilizouno na comedia *Much Ado About Nothing* (en galego, *Moito ruído e poucas noces*) (V,2). O dito alemán *Schwarz auf weiss* difundiuse grazas a un verso do *Fausto* de Goethe (I, 1966f.), aínda que este feito illado non pode explica-la súa ampla expansión en moitas linguas europeas (como o udmurto, o turco ou o karaim). Poderíase continuar coa serie de ditos que tanto chaman a atención debido á súa expansión. Nos seguintes apartados, non obstante, tentaremos achar posibles explicacións para eses ditos tan espallados.

3. Obras da antigüidade clásica que valeron como fonte de ditos espallados

Os ditos con orixes clásicas non foron tan ben estudados coma os de orixe bíblica (véxase nos seguintes parágrafos). Un repaso sistemático dos ditos con orixes na Antiga Grecia e na Antiga Roma, que aparecen nas linguas modernas, precisaría do estudo duns cen textos dun amplo abano de autores e de moitas épocas. Tendo en conta a dificultade que isto supón, nin os filólogos clásicos, nin tampouco os lingüistas se propuxeron nunca levar a cabo unha investigación científica sobre o tema. Pola contra, debémoslle o noso coñecemento dos ditos clásicos a dúas fontes principais: a primeira, os autores dos libros de citas, que traballaron moito neste campo. John Barlett estivo entre os primeiros que publicaron un libro de "Familiar Quotations" (1855) e a que máis tarde seguiría Georg Büchmann con "Winged Words" (primeira edición 1864), e que foi un traballo que logo se fixo moi coñecido. Do mesmo xeito, a paremioloxía contribuíu ó noso coñecemento sobre o grande impacto das frases feitas de orixe clásica no desenvolvemento das linguas europeas. Aquí hai que resalta-la ampla bibliografía de Mieder (2009), a cal permitiu o acceso a varios estudos sobre ditos individuais de orixe clásica.

Podemos ver, como conclusión, que a maioría dos ditos clásicos espallados se coñecen grazas á obra de Homero, mentras que Horacio é o que máis destaca entre os poetas romanos. E tamén se converteron en ditos de ampla difusión expresións de poetas clásicos de sona, historiadores e filósofos como Hesíodo, Solón, Heródoto, Menandro, Plauto, Cicerón, Livio, Plutarco, Xuvenal e moitos outros, entre os cales se atopan autores non tan coñecidos (Lucano, Flavio Xosefo, Eunapio) e tamén autores da

antigüidade tardía (San Xerome, Santo Agostiño). Moitos destes resultados non se esperaban e son completamente novos. Ante a pregunta de qué ditos de orixe clásica constitúen, hoxe en día, o "Lexicon of Common Figurative Units" poderíase responder soamente cos nosos extensos tests previos, cos estudos e tamén coa investigación etimolóxica.

Os ditos espallados que veñen de fontes gregas ou latinas remóntanse, principalmente, a tres tipos de intertextualidade: ás narracións ben coñecidas antano, ás citas de autores específicos e ás frases feitas que se empregaban na antigüidade. O dito (17) da lista que se presentou antes pertence a este último grupo. A súa ampla distribución foi unha boa sorpresa: nunca antes se citara como un "internacionalismo".

(14) *to have one foot in the grave* "estar moi enfermo, en moi malas condicións, ou ser tan vello como para parecer que só queda un pouquiño tempo para vivir"

Varios autores clásicos (Luciano, Pomponio, Plutarco) empregan esta frase feita, ás veces con "TUMBA" e outras con "BARCA DE CARONTE"(*Alterum pedem in cymba Charontis habere* "ter un pé na barca de Caronte", cf. Erasmus Adagia II, 1,52) que fai referencia á mitoloxía grega, na cal os defuntos son levados ó Hades, o inframundo, na barca de Caronte. A imaxe hiperbólica de ter un pé na tumba tamén se pode atopar noutras linguas europeas dende o século XV (TPMA 4, 143).

Atopáronse equivalentes a este dito en 58 linguas europeas e nalgunhas non europeas. Os ditos só amosan variantes léxicas mínimas (varias linguas teñen a mesma palabra para PÉ e PERNA); os verbos principais son "estar", "poñer" e "ter", por exemplo no islandés *að vera með annan fótinn í gröfinni* "estar cun pé na tumba", no bretón *un troad er bez* "un pé na tumba", no galego *ter un pé na tumba,* no lituano *viena koja grabe* "cun pé/cunha perna na tumba", no esloveno *z eno nogo v grobu* "cun pé/ cunha perna na tumba", do armenio *mi votov gerezmanum linel* "cun pé na tumba", na lingua vepsa *olda uhtel jaugal koumas* "estar cun pé/cunha perna na tumba", no turco *bir ayağı ile çukurda olmak* "estar cun pé na tumba", o maltés ten *b'sieq waħda fil-qabar* "cun pé na tumba", etc. Os ditos que significan literalmente "estar cun pé/ co outro pé noutro mundo" (Udmurto *пал пыдын сопал дуннеын*) son casos que están no límite. A expresión pode utilizarse como un eufemismo e ten connotacións sarcásticas e irónicas en moitas linguas. Podense atopar tamén usos humorísticos, por exemplo, nos dialectos do catalán como *tenir un peu a la fossa/ al cementiri/ a l´altre barri* "ter un pé na fosa, no cemiterio, no outro barrio".

O dito (14) aparece de xeito simultáneo en varias fontes antigas. Isto é un claro indicador de que xa daquela se consideraba unha expresión fraseolóxica. Asemade, encerra unha imaxe sorprendente e memorable que, probablemente, fose o apoio desta grande expansión. Algunhas outras expresións espalladas de procedencia clásica son discretas canto ás súas orixes na antigüidade, e non se detectou con anterioridade que aparecesen en moitas linguas co mesmo significado e coa mesma forma: son os equivalentes do inglés *to know the place where the shoe pinches* "coñece-lo lugar onde apreta o zapato"; *a necessary evil* "un mal necesario"; *to preach to deaf ears* "predicar para oídos xordos"; *to have imbibed something with one´s mother´s milk* "ter mamado algo co leite da nai"; *to be only a shadow of one´s former self* "ser só a sombra dun

mesmo" e moitos outros. Ningún deles se considerou nunca *internacionalismo*. Á inversa non tódolos ditos que teñen unha marca clásica notable, por exemplo un nome propio da mitoloxía, están espallados polas linguas.

4. A *Biblia* como fonte de ditos espallados

Os ditos e os proverbios que teñen antecedentes de forma directa ou indirecta nos versículos ou pasaxes da Biblia existen nun gran número de linguas europeas como as que nós estudamos ata o de agora. No alemán contemporáneo, por exemplo, utílizanse a cotío uns 150 ditos que veñen da Biblia. A Biblia cítase, moi a miúdo, como fonte dos chamados internacionalismos. Porén, aínda non houbo ningunha publicación que compilase estes ditos que veñen da *Biblia* e están espallados. A nosa pescuda revela algúns datos ben claros: A *Biblia* contribuíu moito na constitución do *Lexicon of Common Figurative Units*, tanto cos 37 ditos que se remontan directamente á Biblia coma cos 20 ditos máis que teñen fontes bíblicas ou doutro tipo ó mesmo tempo (dos 120 modismos estudados previamente que, dun xeito potencial, tiñan orixes bíblicas). O Antigo Testamento e o Novo Testamento están representados case de igual maneira. Da nosa investigación salienta o feito de que os libros de Moisés e o Evanxeo de Mateo achegan o maior número de ditos espallados.

(7) *to take someone under one´s wings* "axudar e protexer a alguén, en especial a alguén que é máis novo ou menos experimentado"

O dito evoca a imaxe dunha galiña que xunta os seus pitiños debaixo das súas ás para protexelos. Esta imaxe aparece recollida tamén no Antigo e no Novo Testamento, véxase o Salmo 61:4: "Confiarei na cobertura das súas ás" e Psalm 91:4: "El cubrirate coas súas plumas e *baixo as súas ás* estarás seguro: a súa verdade será o seu escudo e o seu broquel". Unha pasaxe ben coñecida vén do Evanxeo de San Mateo (23:37), onde Xesús expresa a súa tristeza polo estado de Xerusalén e declara o seu desexo de protexe-la xente "do mesmo xeito que *unha galiña acubilla os seus pitiños baixo as ás*".

O material que nos achegaron os nosos informantes revela que os equivalentes dos ditos están espallados uniformemente nun número elevado de linguas de Europa, entre elas, a maioría das variantes menos empregadas que analizamos, mesmo aquelas do nordeste de Europa, e tamén por algunhas linguas non europeas. Os ditos amosan unha estrutura léxica e sintáctica moi consistente. Varias linguas empregan un significado adicional da palabra "protexer" xunto con "á" (no romanés *a lua pe cineva sub aripa protectoare*, no eslovaco *vziat´niekoho pod svoje ochranné krídla*, ambas: "acoller [a alguén] baixo as ás protectoras dun") ou un composto (na lingua feroesa *taka ein undir veingirnar* "acoller [a alguén] as ás da protección"), mentres que o alemán e o luxemburgués manteñen a antiga palabra poética *Fittiche* "plumas" seguindo, deste xeito, a tradución da Biblia de Lutero.

A intensa imaxe dunha galiña nai que protexe os seus pitiños ten as súas raíces na experiencia cotiá e na observación da natureza. O máis probable é que esta imaxe apoiase o espallamento do dito (7) e tamén que exista en ditos que non teñen nada que

ver cos versos da Biblia. Non acontece o mesmo co dito (6) que se ve, normalmente, coma un dito de orixe bíblica.

(6) *a wolf in sheep´s clothing* "unha persoa perigosa, que agocha malas intencións detrás de maneiras amigables"

As orixes do dito remóntanse á fábula de Esopo "O lobo con pel de ovella", na cal un lobo esfameado atopa a pel dunha ovella que fora esfolada. O lobo pona sobre a súa propia peluxe, crendo que, deste xeito, semellaría unha ovella dende a distancia e así podería engana-lo pastor e logo procurar un rabaño de ovellas. O cordeiro, fillo da ovella á que pertencera aquela pel que o lobo levaba ás costas, comezou a segui-lo *lobo con pel de ovella*. O lobo logrou, durante un anaquiño, engana-las ovellas e ir comendo nelas. Este foi un motivo narrativo moi famoso e espallado polos continentes dende tempos antigos e probablemente o conto fose ben coñecido no mundo mediterráneo antigo[5]. O dito gañou popularidade grazas ó sermón da montaña, no cal Xesús fai referencia a unha fábula similar (Mateo 7:15): "Tede conta cos falsos profetas, que veñen onda vós *con pel de ovella*, pero dentro levan a ferocidade dos *lobos*". Espallouse por moitas linguas europeas dende os comezos da Idade Media (ver TPMA 10, 2-4).



Mapa 2: Equivalentes a *"un lobo con roupas de ovella"* nas linguas europeas[6]

[5]As historias son sobre un burro na pel dun león ou dun tigre, etc. Cf. Aarne/Thomson 123B e 214B.

[6]A ocorrencia do dito en yiddish *volf in a shepsenem peltsl* non se pode representar no mapa debido á localización do yiddish en diferentes rexións.

Como mostrou a nosa investigación, os equivalentes a estes ditos están espallados dun xeito excepcional; ver mapa 2. Coñécense, polo menos, en 60 linguas europeas e tamén en varias linguas non europeas, con similar imaxe e o mesmo significado figurativo, que van desde o islandés *úlfur í sauðargæru* "lobo con pel de ovella", ó albanés *ujku ne lekure/gezof delje* "lobo na pel/no pelo dun cordeiro", no grego *λύκος με ένδυμα προβάτου* "un lobo con roupas de ovella", no armenio *gaſan mort'i hakats gayl* "un lobo coa pel dun cordeiro", no turco *kuzu postuna bürünmüş kurt* "un lobo envolto no pelo dunha ovella", no tártaro *сарык тиресе киенгэн буре* "un lobo con coiro de ovella", no azerí *qoyun cildinə girmiş qurd* "un lobo co pelo dunha ovella", en xeorxiano *tskhvris t´q´avshia gakhveuli* "alguén se envolveu a si mesmo na pel dunha ovella" ou no maltés *lupu liebes ta´ nagħġa "*lobo en roupas de ovella".

Botémoslle agora unha ollada detida ós equivalentes nos ditos das linguas menos usadas que analizamos. Linguas xermánicas: escocés: *a woof in sheep´s claes* "un lobo en roupas de ovella"; no frisio do norte (Sylt): *en Wulef ön Sjipfel* "un lobo na pel dunha ovella"; frisio do oeste: *in wolf yn skieppeklean* "un lobo nas roupas dunha ovella"; luxemburgués *e Wollef am Schofspelz* "un lobo no pelo dunha ovella". Linguas célticas: galés: *blaidd mewn croen dafad* "un lobo na pel dunha ovella"; bretón: *ur bleiz e-giz un oan* "un lobo vestido de año". Linguas romances: occitano: *ël loup abilhà da anhèl* "o lobo vestido de año"; retorrománico: *in luf en pel-tschut* "un lobo na pel dunha ovella"; francoprovenzal: *un lu vehtì d´agnél* "un lobo vestido de año"; en aromanés: *lup tu cheali di oai* "lobo na pel dunha ovella". Linguas eslavas: caxubio *wilk w òwczi skórze* "un lobo na pel dunha ovella"; sorbio: *wjelk we wowčej koži/drasće* "un lobo na pel/nas roupas dunha ovella. Linguas ugrofinesas: lingua morduína dos moksha: *бта врьгаз учань кедь ала* "un lobo na pel dunha ovella"; lingua morduína dos erzya: *верьгиз ревень шкураco* "un lobo na pel dunha ovella"; Turco: karaim: *bioriu koj gioniuńdia* "un lobo na pel dunha ovella". Vasco: *ardi jantziko otso/ardiz jantzitako otso* "un lobo na pel dun cordeiro".

A popularidade do dito (6) a través de moitas linguas non pode deberse só á Biblia, senón tamén á complexidade das ben coñecidas fontes textuais que están na base, relacionadas cun conxunto de imaxes claro e memorable. Varios dos ditos bíblicos pasan desapercibidos, como o (7); teñen falta de contido "bíblico" especial ou son tan familiares que se empregan sen referencia consciente ó contexto orixinal, un feito que poida que contribuíse á súa grande expansión; cf. o inglés *sb.´s own flesh and blood* "a propia carne e sangue dun"; *to be groping in the dark* "andar ás apalpadelas na escuridade"; *to sleep the sleep of the just* "durmi-lo sono dos xustos"; *to fall on fertile ground* "caer en terreo fértil", etc. Pola contra, non tódalas expresións cun contido bíblico están espalladas. Ditos como *a Babel of languages* "unha Babel de linguas"; *safe as in Abraham´s bosom* "seguro coma no seo de Abraham"; *the writing on the wall* "a escritura no muro"; *to lay the axe to the roof of sth. "*poñe-lo machado enriba do tellado de alguén"; *to separate the sheep from the goat* "xebra-la ovella da cabra" ou *to go the way of all flesh* "segui-lo camiño de toda carne" non cumpren cos criterios dos modismos espallados.

5. Varias fontes antigas

Unha boa explicación da expansión dun dito é o feito de que dúas ou máis fontes conflúan nun modismo. Como xa se amosou co dito (6), as obras da antigüidade clásica e a Biblia, como fontes, están moitas veces intimamente interrelacionadas e fan que sexa imposible determinar cal delas é a fonte máis importante. Para estes ditos pódese supoñer que estaban espallados xa nos períodos clásico e helenístico. Moitos deles forman parte da linguaxe coloquial; son discretos e non teñen connotacións antigas. Por iso nunca se tiveron en conta entre os "internacionalismos" e o descubrimento da súa ampla distribución forma parte das nosas conclusions; véxanse as seguintes expresións.

(26) *to go through fire and water for sb.* "someterse a calquera perigo polo ben doutro; sacrificar todo, sen pensar, polo ben doutro".

O feito de que existan equivalentes para o dito (26) en 55 linguas europeas non se debe a unha única fonte. A primeira parte do dito, *to go through fire for sb.* "atravesa-lo lume por alguén", pode tomarse de xeito literal: facer todo por alguén, mesmo arrisca-la vida dun para salvalo a el ou a ela, por exemplo entrar nunha casa ardendo. Se se analiza a segunda parte do mesmo dito, *and (go through) water* "e atravesa-la auga", non obstante, hai que considera-la existencia dunha relación intertextual. Hai unha pasaxe da Biblia (Números 31:23) que amosa a mesma redacción distintiva, aínda que nun contexto diferente: "Todo o que resiste o lume hai que facelo *pasar polo lume* e limparase: porén terá que purificarse coa auga da separación: e todo o que non resista o lume eu fareino *pasar pola auga*." Os libros de Moisés foron, nalgún tempo, moi coñecidos e deles saíron unha manchea de ditos moi difundidos. É, daquela, probable que esta pasaxe influenciase e apoiase a existencia da expresión difundida.

Segundo declararon os nosos informantes, os equivalentes das expresións están bastante espallados polas linguas europeas, aínda que hai unha lagoa importante nas linguas da península Ibérica: non se atoparon destes ditos no español, no catalán, no galego, no portugués nin tampouco no vasco. Os nosos informantes anotaron outro dito amplamente espallado nestas linguas, que significa, literalmente, "poñer un a man no lume por alguén", que se rexistra en 38 linguas europeas. As variantes do dito (26) atinxen os constituíntes (o segmento "e a través da auga" pode omitirse) e o verbo ("ir", "saltar cara a" ou "lanzarse un a"); cf. exemplos como os do frisio occidental *foar immen troch it fjoer fleane/gean* "voar/ ir por alguén cara ó lume", do galés *mynd trwy ddŵr a thân* "atravesar auga e lume", do occitano *s tappô dintë ël foùec* "botarse un ó lume", do sardo *sinci gettai a su fogu po calincunu* "botarse un ó lume por alguén", o caxubio *w òdżiń za kims skòczëc/jic* "saltar/ir cara ó lume por alguén", o grego *πέφτω στη φωτιά για κάποιον* "botarse un ó lume por alguén", o turco *başka birisi için kendini ateşe atmak* "botarse ó lume por alguén", o tártaro *утка суга керегэ эзер* "ser quen de ir cara ó lume e cara á auga", azerí *bir kəs üçün özünü oda vurmaq* "lanzarse un ó lume por alguén", o xeorxiano *vinmes gulistvis tsetskhlshi chadgoma* "dirixirse un ó lume por alguén", o maltés *lest li jinxteħet fin-nar għal xi ħadd* "botarse un ó lume por alguén", na lingua dos inari sami *moonnâđ veikâ tuulân kiännii peelest* "meterme mesmo no lume por alguén", etc.

A complexidade das fontes subxacentes pode entenderse como unha das causas da grande expansión dos seguintes ditos, que se atopan entre os máis espallados.

(4) *night and day* "todo o tempo, continuamente, sen parar"

A expresión (4) lévanos a un estrato moi antigo da cultura. A dicotomía entre escuridade e claridade xa se mencionaba nos primeiros escritos, na historia bíblica da Creación ("Deus separou a luz da escuridade", Xénese 1:4), no *Rig-Veda* e na *Teogonía* de Hesíodo (cf. Reimbold 1988). A conceptualización da alternancia claridade e escuridade como "todo o tempo" atópase nas obras de Homero, Horacio e outros autores clásicos, e espallouse polas linguas vernáculas europeas grazas á obra de Erasmo de Rotterdam (*Noctes diesque*, Adagia I, 4,22). A ampla difusión da expresión, non obstante, tamén pode te-las súas causas na polixénese.



Mapa 3: Equivalentes de *"noite e día/ día e noite"* nas linguas europeas[7]

As variantes dos equivalentes dos ditos limítanse á inversión dos constituíntes, a cal é normal para os binomios similares nas linguas. A versión "noite e día", coma no inglés, está na minoría (por exemplo no bretón *noz-ha-deiz*, no azerí *gecə-gündüz* ou no vasco *gau eta egun*). Moitas linguas prefiren a variante "día e noite" (por exemplo, no galés *ddydd a nos*, no francés *jour et nuit*, na lingua letoa *dienu un nakti*, no polaco *dzień i noc*, no albanés *ditë e natë*, no idioma morduíno dos erzya *чинь чоп*, no tártaro *конен*

[7]O dito xudeu *tog un nakht* non se pode representar no mapa.

тонен, no xeorxiano *dgh´e da gh´ame*, no maltés *lejl u nhar,* etc.) Varias linguas teñen ambas versións, por exemplo, a lingua feroesa (*bæði) dag og nátt* e (*bæði) nátt og dag* (*bæði* significa "ambos"). O mapa 3 ilustra a distribución deste vello dito en linguas actuais. Un caso parecido é o do dito (11).

(11) *from head to foot/ from top to toe* "dende a parte máis alta á máis baixa; a totalidade do corpo de alguén; completamente, totalmente"

Ditos proverbiais como (11) foron amplamente coñecidos dende o principio dos tempos, en textos que van dende o Antigo Testamento (Deuteronomio 28:35; 2. Samuel 14:25), a Ilíada de Homero (23,169) e outras moitas obras da antigüidade, ata os textos dos padres da Igrexa (*a pedibus usque ad caput*) e os *Adagia* de Erasmo (II, 3,37 *A capite usque ad calcem* "da cabeza ó talón"), que se refire, en xeito figurado, tanto ó "corpo na súa totalidade" como á "integridade de algo". Como amosa o exemplo de Erasmo, as variantes en cada lingua individual débense, en parte, á aliteración; por exemplo, no noruego *fra topp til tå* "dende a parte máis alta ás dedas", ou no idioma morduíno dos erzya *прясто пильгс* "da cabeza ós pés". Shakespeare emprega a variante *from top to toe* (Hamlet I,2), mentres *head to heels* data do 1400. Algúns exemplos máis da nosa base de datos: no gaélico escocés *bho mhullach a´ chinn gu bònn a choise* "dende a parte máis alta da súa cabeza, á planta do pé", no galés *o´i gorun i´w sawdl* "dende a parte máis alta da cabeza ó talón", na lingua letoa *no galvas līdz kājām* "da cabeza ós pés", no bielorruso *с головы до ног* "da cabeza ós pés", no estonio *pealaest jalatallani* "da cabeza ós pés", no azerí *başdan ayağa* "da cabeza ó pé" ou no maltés *minn rasu sa saqajh* "dende a súa cabeza ós seus pés"

Os ditos (4) e (11) remóntanse a varias fontes antigas, un feito que puido provoca-la súa ampla distribución. Máis ou menos 20 ditos están baseados na *Biblia* e en textos clásicos ó mesmo tempo, por exemplo (10) *to swim against the stream*; (16) *to make a name for oneself;* (23) *to be in seventh heaven* e *to see the mote in another´s eye and not the beam in one´s own* "ver un lixo nos ollos doutro e non ve-la viga no dun". Unha vez máis, atopámonos con ditos espallados que son discretos con respecto ás súas orixes bíblicas ou clásicas, un feito que puido ter que ver con que estes ditos se espallasen, por exemplo, (25) *to open sb.´s eyes*; (41) *not to be able to hurt a fly* or *to shut sb.´s mouth* "pecharlle a alguén a boca"; *to follow in sb. ´s footsteps* "segui-los pasos de alguén"; *to throw dust into sb. ´s eyes* "botarlle pó nos ollos a alguén" e *to lead sb. around by the nose* "levar a alguén polo nariz". A frecuencia destes ditos en moitas linguas europeas foi impredicible ó tempo que sorprendente.

6. Resumo e resultados

Neste ensaio examináronse algúns ditos espallados que forman parte do máis vello substrato do "Lexicon of Common Figurative Units", por exemplo, ditos que radican na *Biblia,* en obras da antigüidade clásica ou noutras fontes antigas. Os ditos formaban parte do proxecto "Ditos espallados por Europa e máis alá dela", que tiña como obxectivo identificar unidades figurativas, que son comúns a moitas linguas de Europa. Os ditos que analizamos están espallados nunhas 51-68 linguas europeas cunha estrutura semántica e léxica moi semellante. Estes poucos ditos espallados xa serven

para demostrar que non hai unha explicación consistente para a ampla difusión que estes experimentaron. Máis ben, cada dito ten a súa propia historia que hai que estudar tendo en conta as posibles causas da difusión.

Unha explicación plausible pode se-lo feito de que moitas fontes se conxuguen nunha para o mesmo dito. Outra explicación pode se-lo feito de que a imaxe codificada na estrutura léxica da expresión de procedencia intertextual se apoie en experiencias humanas e na observación da natureza.

Substratos máis modernos de ditos espallados amosan unha imaxe parecida. Por exemplo, o dito (2) *to be/fight like cat and dog* "estar a meirande parte do tempo pelexando uns cos outros" existe en 65 linguas. Pertence á capa posterior dos ditos espallados que non se basean en fontes clásicas senón que se documentaron, soamente, dende a Idade Media. Poida que teña as súas raíces na observación do comportamento animal. Nisto, porén, non é distinto doutros moitos ditos e non abonda para explica-la excepcional difusión do dito. Máis ben, a rivalidade entre gatos e cans é o tema de moitos contos europeos famosos, nos cales se di que os animais foron amigos noutrora pero que houbo algúns acontecementos que os levaron a deixar de selo. O feito de que haxa fontes textuais subxacentes xeneralizadas sumado á experiencia natural podería explica-la ampla distribución (véxase Piirainen 2011a para máis detalles).

Só un dos ditos dos substratos máis recentes do "Lexicon of Common Figurative Units" se atopa entre os 50 máis espallados; trátase do (28) *to give sb. the green light* "darlle permiso a alguén para facer algo que tiña pensado facer", e está espallado por 55 linguas europeas e varias non europeas. A explicación da súa ampla distribución non se pode basear nunha soa causa (como tomalo prestado do inglés para empregalo en tódalas outras linguas, as máis e as menos usadas) senón que ten que haber varias razóns, entre as cales se atopan as extralingüísticas. A expansión repentina dunha mellora técnica coma os semáforos impulsou, claramente, a difusión do dito (Piirainen 2011b).

Para resumir, os ditos espallados que se identificaron ata o de agora teñen unhas orixes bastante heteroxéneas; e a súa historia e a súa etimoloxía hai que investigalas con rigor para poder descubri-las posibles razóns de que estes ditos sexan tan populares nas linguas de Europa e máis alá dela. As expresións que se analizaron neste ensaio teñen representación en tódalas familias lingüísticas de Europa, nas indoeuropeas, turcas e urálicas que se falan en Europa, do mesmo xeito que no xeorxiano, no maltés ou no vasco, o cal quere dicir que a filiación xenética non ten importancia neste caso. Pasa o mesmo coa expansión territorial dos ditos. Non hai diferenza entre as linguas do oeste e do leste, nin coas do norte e do sur de Europa. Estes son resultados moi importantes.

Para a pregunta de se podería haber ou non unha relación entre a existencia de ditos bíblicos nun certo número de linguas e a afiliación dos falantes a comunidades e confesións relixiosas específicas xa se ten unha resposta. Hai que botarlle un ollo ás linguas do sueste de Europa, que formaban parte do noso proxecto sobre os ditos espallados. A maioría dos chamados países balcánicos son multirrelixiosos, o que quere dicir que a Igrexa Ortodoxa do leste, o catolicismo, o islam e outras relixións conviviron durante moito tempo. As relixións que máis se practican en Bosnia, Albania

e Macedonia inclúen o islam e o cristianismo. De entre as últimas, as confesións dominantes son a Igrexa Católica romana en Croacia, a Igrexa Ortodoxa en Grecia e a Ortodoxia do leste en Romanía, Bulgaria, Serbia e parte de Macedonia. Os datos das expresións bíblicas espalladas que se recolleron de todas estas comunidades lingüísticas amosan que non hai ningún tipo de diferenza entre a frecuencia de ditos que usan unha comunidade relixiosa ou crenza, ou outra. Pola contra, as linguas eslavas do sur, o romanés, o albanés e o grego amosan un cadro moi uniforme. Non houbo lagoa ningunha na difusión dos ditos bíblicos nas linguas balcánicas, nin tampouco entre as linguas de falantes pertencentes á Igrexa occidental e as linguas do mundo ortodoxo do leste; de igual xeito que non as hai entre aquelas linguas faladas por seguidores do cristianismo ou do islam. Tamén é certo para outras linguas como o turco, o tártaro e o azerí, –de falantes maioritariamente musulmáns– e para o yiddish e o karaim, –falantes, na súa maioría, que practican a fe xudía.

Ademais, varios ditos de orixe bíblica son coñecidos nas linguas do leste de Asia (o coreano, o chinés e o xaponés empregan equivalentes do dito *to bear one´s cross*). Aquí radica, precisamente, a peculiaridade que fixo que estes ditos se fixesen tan populares. Hai un paralelismo nas linguas europeas co dito amplamente difundido *the/a sacred cow* "a/ unha vaca sagrada" "unha crenza, opinión ou tradición que permanece intocable, tratada con moito respecto e ás veces máis alá das críticas". Este dito alude ó valor especial das vacas no hinduísmo, no cal se consideran animais sagrados que simbolizan a xenerosidade de Deus cara á humanidade. A expresión está espallada, polo menos, en 48 linguas europeas, aínda que a maioría dos falantes destas linguas non practican a fe hindú. Pódese concluír dicindo que non hai unha conexión directa entre a cultura, que se manifesta por si mesma, por exemplo, na afiliación relixiosa do falante dunha comunidade lingüística, e os ditos que os falantes empregan. A expansión das características culturais e a expansión de características lingüísticas non se desenvolven necesariamente por camiños paralelos.

7. Referencias bibliográficas

AARNE, Antti; THOMPSON, Stith (1961): *The Types of the Folktale. A Classification and Bibliography*. Helsinki: Suomalainen Tiedeakatemia.

EISMANN, Wolfgang (2010): "Phraseologische Gemeinsamkeiten der Sprachen Europas", en HINRICHS, Uwe (ed.): *Handbuch der Eurolinguistik*. Wiesbaden: Harrassowitz, 711-727.

ERASMUS = *Collected Works of Erasmus*. Vol. 32: *Adages I vi 1 to I x 100* (1989), Vol. 33: *Adages II i 1 to II vi 100* (1991), tradución e notas de Roger Aubrey B. Mynors. Toronto [etc.]: Toronto Press.

HINRICHS, Uwe (ed.) (2010): *Handbuch der Eurolinguistik*. Wiesbaden: Harrassowitz.

IDSTRÖM, Anna; PIIRAINEN, Elisabeth (eds.) (no prelo): *Endangered Metaphors*. Amsterdam [etc.]: John Benjamins.

MIEDER, Wolfgang (2009): *International Bibliography of Paremiology and Phraseology*. 2 Volumes. Berlin/New York: Walter de Gruyter.

PIIRAINEN, Elisabeth (2007): "Locucións espalladas por Europa e máis alá", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 173-193.

PIIRAINEN, Elisabeth (2010a): "Common features in the phraseology of European languages: cultural and areal perspectives", en KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.): *Phraseologie global - areal - regional. Akten der Konferenz EUROPHRAS 2008 vom 13.-16.8.2008 in Helsinki*. Tübingen: Gunter Narr, 15-27.

PIIRAINEN, Elisabeth (2010b): "Phraseology from a Eurolinguistic Perspective", en URELAND, P. Sture (ed.) *From the Russian Rivers to the North Atlantic – Migration, Contact and Linguistic Areas*. Berlin: Logos Verlag, 127-147.

PIIRAINEN, Elisabeth (2011a): "Folk narratives as source of widespread idioms: Toward a Lexicon of Common Figurative Units", en *Folklore. Electronic Journal of Folklore* 39. Tartu: Estonian Institute of Folklore.

PIIRAINEN, Elisabeth (2011b): "Technology of modern times as a source of the "Lexicon of common figurative units", en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 27.

PIIRAINEN, Elisabeth (no prelo). *Widespread Idioms in Europe and Beyond. Toward a Lexicon of Common Figurative Units*. New York [etc.]: Peter Lang.

RAJCHŠTEJN, Aleksandr D. (1980): *Sopostavitel'nyj analiz nemeckoj i russkoj frazeologii*. Moskva: Vysšaja škola.

REIMBOLD, Ernst Thomas (1988): "Die bipolare und ambivalente Symbolik der Nacht und Dunkelheit", en BIES, Werner; JUNG, Hermann (eds.): *Mnemosyne. Festschrift für Manfred Lurker zum 60. Geburtstag*. Baden-Baden: Koerner, 35-44.

TALLGREN-TUULIO, Oiva Johannes (1932): "Locutions figurées calquées et non calquées. Essai de classification pour une série de langues littéraires", en *Memoires de la société néophilologique de Helsingfors* 9, 279-324.

TPMA = *Thesaurus Proverbiorum Medii Aevi* (1995-2002). *Lexikon der Sprichwörter des romanisch-germanischen Mittelalters*. Begründet von Samuel Singer, hrsg. vom Kuratorium Singer der Schweizerischen Akademie der Geistes- und Sozialwissenschaften. 13 Vols. Berlin/New York: Walter de Gruyter.

WEINRICH, Harald (1976): *Sprache in Texten*. Stuttgart: Klett Verlag.

Apéndice:

Linguas representadas no proxecto "Widespread Idioms in Europe and Beyond"

Os nosos datos recollen 72 linguas europeas e 14 non-europeas ou, mellor dito, "variedades lingüísticas"; este último termo parece máis axeitado, tendo en conta que os nosos datos inclúen algúns dialectos. Entre as linguas europeas deste estudo, hai 36 linguas maiores ou "estándar" e outras 36 ás que se lles pode chamar linguas minoritarias ou con menos falantes.

(I) As **indoeuropeas** que constan de cinco grupos lingüísticos e tres linguas illadas,

(II) As **urálicas**,

(III) As **túrquicas**,

(IV) As **semíticas**,

(V) As **linguas caucásicas**, e

(VI) O **vasco**.

(i) Tódolos grupos de linguas **indoeuropeas**, agás o indo-iraní teñen presenza neste proxecto

-**15 linguas xermánicas**: o islandés, a lingua feroesa, o noruegués, o sueco, o danés, o inglés, o escocés, o holandés, a lingua frisona do norte, a lingua do frisona do oeste, o alemán, o luxemburgués, o yiddish, o baixo alemán e o alemán de Suíza.

-**5 linguas celtas**: o gaélico, o gaélico escocés, o córnico, o galés e o bretón.

-**15 linguas romances**: o francés, o provenzal, o occitano, o ladino, o retorromano, o francoprovenzal, o veneciano, o italiano, o sardo, o español, o catalán, o galego, o portugués, o romanés e o aromanés.

-**2 linguas bálticas**: o letón e o lituano.

-**14 linguas eslavas**: o ruso, o bielorruso, o ucraíno, o checo, o eslovaco, o polaco, o caxubio, a lingua sorbia, o esloveno, o croata, o bosnio, o serbio, o macedonio e o búlgaro.

-As tres linguas illadas, o **albano**, o **grego** e o **armenio**, tamén se tiveron en conta á hora de elabora-lo proxecto.

(ii) O **fílum urálico** está representado na parte occidental, europea, dos montes Urais, por unhas cantas **linguas ugrofinesas**. Once delas tamén se estudaron no noso proxecto: a única **lingua úgrica**, o húngaro; catro **norfinesas**: finés, a lingua estoniana, o idioma carelio e o vepsio; dúas lingas pérmicas: o udmurto e o komi; e tres **linguas do Volga**: o mari, a lingua morduína e o idioma morduíno dos Erzya, xunto cunha **lingua sami**, que se chama inari saami.

(iii) O noso proxecto inclúe catro **linguas turcas** que se falan en Europa: o turco, o azerí, o tártaro e a lingua karaim.

(iv) De entre as linguas caucásicas só o xeorxiano, unha lingua do grupo **karveliano**, forma parte do noso estudo.

(v) O **maltés** pertence ó subgrupo das semíticas das **linguas afro-asiáticas**.

(vi) O **vasco** é unha lingua illada.

(vii) O **esperanto** é unha lingua auxiliar construída que se emprega internacionalmente.

(viii) As catorce **linguas non-europeas** do proxecto son o árabe de Alxeria, o árabe de Tunisia, o árabe de Marrocos, o árabe de Exipto, o farsi, o kirghize, o mansi, o khanti, o mongol, o chinés, o vietnamita, o coreano, o xaponés e a lingua aklanon.

Abreviaturas que se empregan nas 71 linguas dos mapas:

Alb = Albanés
Arm = Armenio
Aro = Arromanés
Azb = Axerí
Bas = Vasco
Blr = Bielorruso
Bos = Bosnio
Bre = Bretón
Bul = Búlgaro
Cat = Catalán
Cor = Córnico (ou lingua córnica)
Cro = Croata
Cze = Checo
Dan = Danés
Dut = Holandés
Eng = Inglés
Erz = Idioma Erzya
Est = Estonio
Far = Feroés
Fin = Finés
Fre = Francés
Frp = Francoprovenzal
Gae = Gaélico escocés
Gal = Galego
Geo = Xeorxiano
Ger = Alemán
Gre = Grego
Hun = Húngaro
Ice = Islandés
Iri = Gaélico (ou irlandés)
Ita = Italiano
Kar = Lingua carelia
Kas = Lingua caxubia
Kom = Komi
Krm = Karaim
Lad = Ladino
Lat = Letón
Lit = Lituano
Log = Baixo-alemán
Lux = Luxemburgués
Mac = Macedonio
Mal = Maltés
Mar = Mari
Mok = Idioma moksha
Nfr = Norfrisón
Nor = Noruegués
Occ = Occitano
Pol = Polaco
Por = Portugués
Prv = Provenzal
Rms = Lingua retorrománica
Rom = Romanés
Rus = Ruso
Sam = Inari Saami
Sar = Sardo
Sco = Escocés
Ser = Serbio
Sle = Esloveno
Slo = Eslovaco
Sor = Lingua sorabia
Spa = Español
Swe = Sueco
Swg = Alemán de Suíza
Tat = Tártaro
Tur = Turco
Udm = Udmurto
Ukr = Ucraíno
Wel = Galés
Ven = Veneciano
Vep = Idioma vepsio
Wfr.=Frisón do oeste

O yiddish non está representado nos mapas.

BADARE: A personificación nos espazos de tempo

María Pilar Río Corbacho

Universidade de Santiago de Compostela

Nas 10000 fichas que compoñen a base de datos BADARE hai un número importante de paremias que presenta personificación nos espazos de tempo. Estudaremos este fenómeno dende dous apartados: a personificación dunha festividade (santas/santos, períodos litúrxicos e advocacións marianas) e a dun período de tempo (estación, mes, partes da xornada, etc).

Entre as paremias haxiográficas son o Nadal, en tanto que período litúrxico, a Virxe da Candeloria, como advocación mariana, e san Bernabeu, entre os santos, as festividades nas que máis atopamos a personificación; e entre os espazos de tempo máis xerais sobresae marzo, nos meses, o venres, nos días da semana, os días prestados dun mes a outro, entre os días do mes, etc como as formas nas que aparece maioritariamente este tipo de figura.

Palabras clave: BADARE. Espazos de tempo. Personificación.

In the 10000 records that make up the BADARE's database there is an important number of paremias that shows personalized time spaces. We will study this phenomenum in two sections: a festivity's personification (Saints, liturgic periods and Maria's advocations) and the one of a cycle of time (seasson, month, parts of the day, etc.).

Between the hagiographic paremias are Christmas, as liturgic period, the Candelarian Virgin, as Maria's advocation, and Saint Barnabas, between the Saints, the festivities in which we find the most personification; and between the general time spaces stands up march, in the months, Fridays, as week days, the borrowed days from a month to another, as the monthly days, etc., as forms in which appears mostly this kind of figure.

Keywords: BADARE. Time spaces. Personification.

O proxecto BADARE (http://stel.ub.edu/badare/), no que traballamos varios investigadores, comprende neste momento máis de 10000 fichas de refráns meteorolóxicos e do calendario das 40 linguas e variedades románicas presentes no proxecto.

Data de recepción 29/03/2011 Data de aceptación 30/05/2011

As formas que compoñen esta base de datos clasificámolas en catro grandes categorías, sendo unha delas "Ámbito temático xeral", á que pertencen as paremias que aparecerán neste artigo, e que consta así mesmo dun total de 18 subcategorías ("animais de pastoreo", "estrelas", "mar", "mundo vexetal", etc) entre as que tamén establecemos, segundo os casos, distintos tipos: por exemplo, na subcategoría de "augurio" atopamos dúas posibilidades "bo augurio" e "mal augurio". A subcategoría á que pertencen as paremias sobre as que vou tratar chamámoslle "Personificación e afíns", sección na que recollemos todos aqueles refráns nos que algún elemento da forma paremiolóxica ten aparencia de estar personificado; así, en *Saint Médard* [/] *Grand pissard* é o propio santo o que aparece personificado.

Neste estudo cinguireime á personificación dos espazos de tempo[1]; no exemplo seguinte *diciembre caliente, trae el diablo en el vientre,* vemos que hai dúas: a primeira na palabra "diablo", que aparece en BADARE como "diaño, demo", e a segunda en "vientre" que aparece tal cal, sendo o mes de decembro o espazo de tempo personificado.

Na actualidade, unhas 1590 paremias (un 15,9% do total) da nosa base de datos foron asignadas á subcategoría de "Personificación e afíns", repartidas entre as máis de 130 voces que rexistramos para este grupo, como por exemplo, "amor", "bailar", "fame", "nacer", "parentesco" (con varias puntualizacións: "irmáns", "curmáns", "compadres", "sogros", etc), "pés", "saltar", "vestir", etc.

As paremias con personificación nos espazos de tempo ímolas dividir para este traballo en dúas alíneas.

1. Formas con personificación nun santo ou santa (tamén nunha advocación mariana)

Entre os refráns con personificación nun santo temos en BADARE 303 fichas concernentes a 58 santos e santas e algunhas advocacións marianas, ademais de seis períodos litúrxicos: Epifanía, Coresma, Pascua, Pentecoste, Advento e Nadal:

> *San Valentin ghirlande, par cuarante dîs comande.*
>
> *Ghirlà, no ghirlandà, cuarante dîs al ûl comandà* (frl.[2]= San Valentín ventoso, para corenta días manda. Ventoso, non ventoso, corenta días quere mandar).

Tamén podemos encontrar agrupacións de santos, aínda que estas só están presentes en determinadas linguas. Así, en castelán aparecen os "Santos Barbudos", "Sants barbuts" en catalán, que tamén se localizan noutras linguas, aínda que sen esta denominación; chámanse así porque na súa iconografía sempre aparecen representados con barba, e

---

[1] Este traballo insírese no Proxecto de Investigación FFI2008-02998/FILO, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, con ampliación e continuación do PROYECTO HUM2005-01330/FILO, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

[2] Dado que a lingua utilizada neste traballo é o galego (**gal.**), empregaremos as seguintes abreviaturas para indicar as outras linguas ou variedades lingüísticas de procedencia dunha paremia: **ar.**= aragonés; **ast.**= asturiano; **ben.**= benasqués; **cas**.= castelán; **cat.**= catalán; **fr**.= francés; **frl.**= friulano; **frprov.**= francoprovenzal; **ist.**= istriano; **it.**= italiano; **lad. dol.**= ladino dolomítico; **mq.**= marquesano; **occ.**= occitano; **port.**= portugués; **pu.**= pullés; **rom.**= romanesco; **rum.**= romanés; **ve.**= véneto.

son san Mauro (15 xaneiro), Santo Antón Abade (17 xaneiro), san Paulo Eremita (25 xaneiro, día no que se celebra a súa conversión) e, nalgún caso, san Vicente (22 xaneiro):

> *La semana de los Santos barbudos, fríos y vientos* (cast.)[3].
>
> *La setmana dels barbuts es la més freda de l'any* (cat.)
>
> *Sant'Antonio dalla barba bianca, se non piove, poco ci manca* (it.= Santo Antón da barba branca, se non chove, pouco nos falta).
>
> *Sant'Antoni de barbe blancje, se nol plûf la nêf no mancje* (frl.= Santo Antón de barba branca, se non chove a neve non falta).
>
> *San Vicente lo Barbato rompe lo chelato, pero en pone otro más arrefinato* (ar.).

Na paremia italiana que segue, a barba adxudícanlla a san Antón; o "frechado" é san Sebastián (20 xaneiro), en clara alusión ás circunstancias da súa morte, e o "mitrado", chamado así pola súa condición de bispo, é san Brais (3 febreiro):

> *Il barbato* [/] *Il frecciato* [/] *Il mitrato, Il freddo è andato* (it.= O barbado / O frechado / O mitrado, o frío foise).

Así mesmo en castelán, encontramos outro grupo de santos, chamados "friorentos", celebrados na mesma época que os "barbudos", presentando en ámbolos dous casos paremias de significado moi parecido:

> *De los Santos frioleros, San Sebastián el primero; detente varón, que el primero es San Antón* (cast.).

En francés atopamos un grupo completamente diferente, os "Saints de glace", situados no mes de maio e que se denominan así porque nesa época soe haber un empeoramento do tempo que se manifesta cun descenso térmico. Moi frecuentemente este grupo de santos está formado por san Pancracio (11 maio), san Mamerto (12 maio) e san Servacio (13 maio); algunhas paremias inclúen outros, por exemplo, san Bonifacio (14 maio), san Urbán (25 maio), chegando, ás veces, ó 19 de xuño con san Xervasio:

> *Méfiez-vous de saint Mamert,* [/] *De saint Pancrace et saint Servais,* [/] *Car ils amènent un temps frais,* [/] *Et vous auriez regret amer* (fr.= Desconfiade de san Mamerto, de san Pancracio e de san Servacio, pois traen un tempo fresco, e teredes (un) sentimento amargo).

Tamén no mes de maio existe outro grupo de santos e festividades que o refraneiro reúne baixo o nome de "Cabaleiros do frío" ou nomes semellantes. A realidade meteorolóxica explica esta denominación por razóns similares ás expostas no grupo anterior. Entran aquí, principalmente, san Xurxo (23 abril), san Marcos (25 abril) e a Santa Cruz (3 maio); tamén é posible a inclusión doutros santos:

> *Dzordzet, Croéset et Marquet* [/] *Son le trei cavalié di fret* (frprov. de Italia= Xurxiño, Cruciña e Marquiños son os tres cabaleiros do frío).

[3] Só traduciremos aquelas formas procedentes de paremioloxías non peninsulares.

Marquet, Croeset, Jeantet et Urbanet [/] *Voilà le terriblo tsevalié di fret* (frprov. de Italia= Marquiños, Cruciña, Xanciño e Urbaniño velaí os terribles cabaleiros do frío).

Sainte-Croix, troisième chevalier du froid (fr.= Santa Cruz, terceiro cabaleiro do frío).

Saint Georges, Saint Marc, sont réputés saints grêleurs, [/] *Ou saints vendangeurs* (fr.= San Xurxo e san Marcos sonche santos "sarabiadores", ou santos vendimadores).

O italiano amosa unha paremia na que se mesturan as festividades que sinalamos nos "Saints de glace" coas dos "Cabaleiros do frío":

San Pancrazio, San Servazio, San Bonifazio, inverno dei cavalieri (it.= San Pancracio, san Servacio, san Bonifacio, inverno dos cabaleiros).

1.1. Períodos litúrxicos

Dos seis períodos litúrxicos citados máis arriba é o **Nadal** o máis numeroso, en canto a paremias con personificación; son en total 11 as formas que presentan este período personificado, repartidas en 6 linguas. En dúas ocasións encontramos a mesma idea en tres linguas distintas, ben para amosar a chegada do inverno:

Nadal duu l'hivern dintre una panera; [/] *Si no la porta al davant, la porta al darrera* (cat.)

Nadal porto l'ivèr dins ùni biasso: quand l'a pas davans, l'a darrié (occ.= Nadal leva o inverno nunhas alforxas: cando non o ten diante, teno detrás).

Noël porte l'hiver dans une besace, [/] *S'il ne l'a pas devant, il l'a derrière* (fr.= (O) Nadal trae o inverno nunha alforxa, se non o ten diante, teno detrás),

ben para prognosticarnos bos augurios se o Nadal é chuvioso:

Cando o Nadal nada, sinal de boa anada (gal.).

Quan Nadal entra nedant, [/] *La vinada és abundant* (cat.).

Quand Nadau vèn en nadant, [/] *Carmentrant en campanant,* [/] *La viando es en aboundant* (occ.= Cando Nadal vén nadando, Entroido tocando as campás, a vianda é abundante).

A personificación do Nadal atopámola xustamente nunha persoa en dúas paremias diferentes. Unha, en romanés:

Moş Crăciun zăpădos prevesteşte an mănos (rum.= ("Velliño (do) Nadal") nevado anuncia ano fértil),

e outra en castelán:

Cuando el Niño nace, frío hace (cast.).

Unha paremia romanesa relaciona a festa de Pentecoste coa do Nadal:

Rusalii umede, Crăciun gras (rum.= Pentecoste húmida, Nadal graxo).

Con relación ós outros períodos queremos sinalar en francés unha curiosa paremia sobre a **Pascua de Resurrección**, que, para favorecer a rima, utiliza un xogo de palabras:

Pâques pluvieuses [/] *Sont souvent fromenteuses* [/] *Et souvent fort menteuses* (fr.= Pascua chuviosa é ás veces trigueira, e ás veces moi mentireira).

O **Advento**, período movible (independente da celebración da Pascua) que corresponde ós catro domingos anteriores ó Nadal, presenta unhas características meteorolóxicas nada agradables, e o refraneiro ironiza con isto:

Avient [/] *Cliava el dient* (ben.).

A **Coresma**, período movible que vai dende o mércores de Cinza ata o domingo de Pascua, tamén aparece personificada nunha paremia catalana:

Quan la Quaresma plora, [/] *L'hivern ja és fora* (cat.).

1.2. Advocacións marianas

De entre as advocacións marianas personificadas podemos ver en BADARE que a Virxe da **Candeloria** é a que aparece máis veces e, maioritariamente, porque "llora", "chora" ou "plora"; esta metáfora da chuvia no 2 de febreiro está presente en 12 linguas ou variedades lingüísticas:

- O catalán é a lingua na que se documentan o maior número de paremias, 11 en total:

  Quan la Candelera plora, el fred és fora; quan la Candelera riu, el fred és viu; però tant si riu com si plora, mig hivern fora.

  Quan la Candelera plora, l'hivern ja és fora, i si no plora, ni dins ni fora.

  Si la Candelera plora [/] *L'hivern fora;* [/] *I si se'n riu* [/] *Torna-te'n cap al niu;* [/] *I tant si se'n riu com si plora* [/] *L'hivern és fora* [/] (*O tres mesos de malhora*).

- O castelán presenta 10 entradas:

  Cuando la Candelaria plora, el invierno es fora; cuando ni plora ni hace viento, el invierno es dentro; y cuando ríe, quiere venire.

  Que la Candelaria llore o cante, invierno atrás y adelante.

  Si la Candelera plora, el invierno ya está fora; ni que plora ni que deje de plorar, la mitá el invierno tienes que pasar.

- As outras linguas son o aragonés, con 8; o asturiano e o galego, con 6; o portugués, con 4, e o occitano, o occitano aranés e o benasqués, con 1:

  Cando a Candeloria chora vai o inverno fóra; que chore que cante, inda hai inverno atrás e diante (gal.).

  Se a Candelária chora, está o Inverno fora; se a Candelária rir, está o Inverno para vir (port.).

  Si la Candelera plora, [/] *L'hivern ja é fora.* [/] *Plourà o no plourà,* [/] *L'hivern s'acabarà* (ben.).

Como xa vimos nalgunhas paremias anteriores, a risa é tamén outra posibilidade moi común para personificar a Candeloria; normalmente esta personificación vai acompañada da contraria, o pranto, pero tamén é posible encontrala soa:

Si la Candelera riu, [/] *L'hivern és viu* [/] *I no veuràs orenetes* [/] *Fins a l'abril* (cat.).

Si la Candelera riu, l'oreneta ja és al niu (cat.).

1.3. Santas e santos

Este tipo de personificación (chorar/rir) aparece nalgunha outra festividade en BADARE, se ben, a risa personifica, agás na Candeloria, máis os meses (*Vran quente, setembro ledo*) e outros espazos de tempo (*Quand l'ivèrn plora, l'estiu ritz; se nèva de bona ora, l'auton abonda en fruits*), paremias que están encadradas na alínea 2 desta análise, que as datas fixas:

Sant Vicenç (22 xaneiro) *xalest,* [/] *Acaba l'hivern prest* (cat.).

Si Matthieu (21 setembro) *pleure au lieu de rire,* [/] *Le vin en vinaigre vire* (fr.= Se Mateo chora en lugar de rir, o viño en vinagre vira).

Polo contrario, a imaxe dun santo ou santa que "chora", clarísima personificación da chuvia, é unha das máis frecuentes na nosa base de datos:

Algo di san Lourenzo cando chora (gal.).

Sant Benet (Sant Pere) plorós, [/] *Juliol plujós* (cat.).

Sante Marie Madalene e vai vulintîr (friul.= Santa María Magdalena chora a gusto).

Se san Xoán chora, a silveira non dá mora (gal.).

Si l'apôtre Saint Jacques pleure, [/] *Bien peu de glands il demeure* (fr.= Se o apóstolo Santiago chora, poucas landras quedan).

Vexamos a continuación outras festividades con personificación dun santo ou santa noutras accións distintas do choro ou da risa. **san Bernabeu** (11 xuño) é, despois da Virxe da Candeloria, a festividade máis personificada das reunidas en BADARE; aparece en sete ocasións, cinco delas acompañado de **san Medardo** (8 xuño):

Quand Saint Médard tombe à l'eau [/] *Il faut Saint Barnabé pour le sortir de l'eau* (fr.= Cando san Medardo cae na auga necesítase a san Bernabeu para sacalo da auga).

Se plòu pèr Sant Medard, [/] *Plòu quaranto jour plus tard;* [/] *Mai que Sant Barnabè* [/] *Noun ié cope lou bé* (occ.= Se chove por san Medardo, chove corenta días despois; a non ser que san Bernabeu lle corte o pico),

ou asociado a **san Xoán** (24 xuño):

San Bárnaba táiĕ l'érba, San Jan portĕ ploi̊a, plů tért fagèssla dan (lad. dol.= San Bernabeu corte a herba, san Xoán traia chuvia, máis tarde faría mal).

Outra forma documentada na base BADARE, pertencente á paremioloxía catalana, acusa a san Bernabeu de ser preguiceiro:

Sant Bernabé [/] *Es molt remoler* (cat.).

San **Pedro** Apóstolo, que se celebra o 29 de xuño, atopámolo sete veces personificado:

Sant Pere plujós, trenta dies dubtós (cat.).

En dúas ocasións, e acompañado de san Xosé (19 marzo) ou de san Xoán[4], preséntase coa capacidade de "lle dar" ou de "lle quitar" o canto ó cuco:

Al cuco, San José le da el habla, y San Pedro se la quita (cast.).

Ao cuco san Xoán dálle a fala e san Pedro sácalla (gal.).

Tamén con san Paulo, celebrados xuntos o mesmo día, e con san Marcial, festexado o día seguinte:

Saints Pierre et Paul [/] *Lavent la place à Saint Marciau* (fr.= (Os) Santos Pedro e Paulo lávanlle a praza a san Marcial).

Unha paremia, certamente curiosa, tomada do istriano, personifica a nai deste santo chamándolle "malandrina":

La mare de San Pietro [/] *Ga 'l cuore duro come 'l fero;* [/] *O che piovi o che saeta* [/] *Per sta mare malandreta* [/] *O che 'l vento te spaventa,* [/] *O che brusa anca la spelta* (ist.= A nai de san Pedro ten o corazón duro coma o ferro; ou chove ou caen raios por culpa desta nai malandrina ou o vento che pon medo, ou queima mesmo o trigo).

Catro santos aparecen na nosa base de datos personificados en tres ocasións, podendo atopalos sós ou acompañados doutras festividades[5]:

- **San Xoán Bautista**:

  Não peças água a Luzia e a Simão nem sol a António e a João[,] *que eles tudo isso te darão* (port.).

  San Marcos llena los charcos y[,] *si se vacían*[,] *San Juan los vuelve a llenar* (cast.).

  Si Saint Jean fait la pissette, [/] *Aux coudriers, pas de noisettes* (fr.= Se san Xoán bota a mexada, nas abeleiras (non haberá) abelás).

- **San Bertomeu** (24 agosto):

  Bartoumiéu [/] *Bouto l'aigo au riéu* (occ.= Bertomeu bota a auga ó regueiro).

  Sant Bartomeu, [/] *Embarcador de cànem* (cat.).

  Se plòu pèr sant Laurèns (10 agosto) [/] *La pluèio vèn à tèms;* [/] *Se plòu pèr Nosto-Damo* (15 agosto), [/] *Cadun encaro l'amo;* [/] *S'es pèr sant Bartoumiéu,* [/] *Boufo-ié lou quiéu* (occ.= Se chove por san Lourenzo, a chuvia vén a tempo; se chove pola Nosa Señora, aínda a queren; se é por san Bertomeu, sópralle no cu),

- **San Mateo** (21 setembro):

---

[4] Con san Xoán Bautista tamén se pode ver en BADARE unha paremia referente á chuvia nesta época: *Saint Jean doit une averse.* [/] *S'il ne la paie, Pierre la verse* (fr.= San Xoán debe un ballón. Se el non o paga, págao Pedro).

[5] En adiante, o número de paremias existentes en BADARE non inclúe as xa citadas anteriormente.

Quand veses veni Sant Matiéu, [/] *Escapo estiéu* (occ.= Cando vexas vir a san Mateo, escapa o verán).

San Marcos enxoita o que san Mateo molla (gal.).

San Mateu enche as lameiras e san Marcos as baleira (gal.).

- **San Roque** (16 agosto), en dúas paremias case idénticas (unha en castelán e outra en catalán):

Cuando San Roque vuelve la espalda, el tiempo cambia (cast.).

Quan Sant Roc tomba l'espatlla, el temps canvia (cat.),

e outra diferente, en galego:

San Roque das chagas, chama polas augas (gal.).

- **San Andrés** (30 novembro), acompañado, na paremioloxía castelá, doutros santos:

San Marcos (25 abril) *llena los charcos, San Lucas* (18 outubro) *los desocupa, y San Andrés los vuelve a llenar otra vez* (cast.).

Sant Andrea dalla barba bianca se trova la neve al monte la porta al piano, se la trova al piano la porta al monte (it.= San Andrés da barba branca se encontra neve no monte lévaa á chaira, se a encontra na chaira lévaa ó monte).

Sant Andrièu [/] *Bouto lou frech au riéu* (occ.= San Andrés tira o frío ó regueiro).

San Medardo (8 xuño) está personificado en dúas ocasións:

Saint Medard [/] *En vout quarenta dzor de sa par* (frprov. de Italia= San Medardo quere corenta días para el).

Saint Médard, grand pissard, [/] *Fait boire le pauvre comme le richard* (fr.= San Medardo, gran mexón, fai beber ó pobre coma ó rico),

as mesmas que **San Xil** (1 setembro), ambas as dúas en friulano e moi similares:

Sant'Egidi nus dirà ce che setembar al fasarà (frl.= San Xil diranos o que setembro fará).

Sant'Egidi ti dirà ce colôr che il mes varà (frl.= San Xil dirache qué color o mes terá).

Unhas vinte festividades máis aparecen en BADARE cun santo ou santa personificados, algunhas en dúas ocasións e a maioría das restantes nunha soa; ante a imposibilidade de exemplificalas todas neste traballo, propoñemos a continuación unha listaxe ilustrativa dalgunhas delas:

La Madaleno (22 xullo) [/] *Plueio meno* (occ.= A Magdalena chuvia trae).

Les Sept Dormants[6] (27 xullo) [/] *Redressent le temps* (fr.= Os Sete Dormentes endereitan o tempo).

[6] Conta a lenda que sete mozos cristiáns, todos eles soldados, desertaron dos seus postos para non ter que adorar os deuses pagáns. Nas proximidades de Éfeso entraron nunha cova para descansar e alí quedaron durmidos cun sono tan profundo que só espertarían del uns cen anos máis tarde. Foron visitados polo

Sa monja l'encén i es frare l'apaga[7] (cat.).

San Matie (24 febreiro) *cu la manarute,* [/] *S'al cjate glazze la fruzze* (frl.= San Matías coa machada, se encontra xeo, crébao).

Todos los santos (1 novembro) *anuncian con verdad lo que va a suceder en Navidad* (cast.).

2. Formas con personificación no período de tempo que se indica (estación, mes, partes da xornada, etc)

As formas que incluímos neste grupo ímolas clasificar atendendo ós distintos espazos de tempo nos que se divide a categoría de "cronoloxía" no proxecto BADARE:

Abril fa el pecat, [/] *I el Març és acusat* (cat.).

As mañanciñas doces de Navidá, abril e maio chas fará pagar (gal.).

2.1. Meses

Entre os espazos de tempo, os meses son os que presentan o maior número de personificacións, levando a palma marzo;

A marzo alabo, si no vuelve el rabo (cast.).

Día de marzo, entra rindo e sae chorando (gal.).

Marzo é un mes con mala fama no refraneiro: se as condicións atmosféricas son as propias do momento, é dicir se "se comporta como debe", apóñenselle todo tipo de trasnadas e delitos ("tolo", "mentireiro", "malandrín", etc.):

Març malandrin prin al bat e dopo al fâs cjarin (frl.= Marzo malandrín, primeiro golpea e despois fai aloumiño[s]).

Mars jito cabano en terro e pièi dis qu'es pas verai (occ.= Marzo tira coas cabanas ó chan e despois di que non é certo).

Marzo engañador, un día malu y otru pior (ast.).

Marzo louco, se malo é un día, peor o outro (gal.).

Marzo pazzarello [/] *Guarda il sole e prendi l'ombrello* (it. = Marzo toleirón mira ó sol e colle o paraugas),

e dise que "marcea" cando o tempo é cambiante:

Cando febreiro non febreirea, marzo marcea (gal.).

Março marceja; pela manhã chove e à tarde calmeja (port.).

Març marçolege, [/] *Abriu abriulege* (occ. aranés = Marzo marcea, abril abrilea).

Quand Fevrë fevreye [/] *Adon Mars mareye* (frprov. de Italia= Cando febreiro febreirea entón marzo marcea).

---

emperador Teodosio, con quen falaron e oraron para máis tarde morrer (biografía tomada de *El refranero y el Santoral* de Río Corbacho, 2010:210).

[7] A monxa é santa Margarida (20 xullo) e o frade é san Bernardo (20 agosto).

Abril é o seguinte período en canto a número de personificacións. Neste mes aínda podemos atoparnos con moitas chuvias, grandes fríos, etc, polo que non sae moito mellor parado nos refraneiros das distintas linguas:

Abril abrilero, siempre es traicionero (cast.).

Abril renegril mata al gochu de añu en el cubil (ast.).

Abril, se por mal quere vir, inda as portas non deixa abrir (gal.).

Aprile e conti, per lo più son traditori (it.= Abril e condes, xeralmente son traidores).

Avril le doux, [/] *Quand il se fâche, le pis de tout* (fr.= Abril o doce, cando se enfada, o peor de todos).

No principio ou no fim, Abril sói ser ruim (port.).

Prier preleşte (se joacă), [/] *Vaci beleşte* (rum.= Abril xoga, vacas esfola).

Respecto ó mes de febreiro personificado, temos en BADARE paremias de contidos moi diversos. Veremos nesta análise aquelas nas que a personificación vén dada polos distintos graos de parentesco[8]:

- Irmáns:

Aí vem o meu irmão Março, que fará o que eu não faço (port.).

[*Dijo una vieja:*] *Vaite Febreiriño corto, c'os teus días vintaoito, que se tiveras mais catro non quedaba can nin gato.* [*Febrero le contestó enojado:*] *os teus becerriños oito, deixa que o meu irmán Marzo hache de os volver en catro* (gal.)[9]

Febrero el curto, [/] *Que mató a su hermano a hurto* (cast.).

Quand janvié n'es pas lauraire, [/] *Febrié n'es pas soun Fraire* (occ.= Cando xaneiro non é labrador, febreiro non é seu irmán).

- Nais (neste caso as paremias son moi similares entre linguas):

Febrero, barbas de gran caballero, que mató a mi padre en o leñero y a mi madre en o lavadero (ar.).

Febrero [/] *Dejó a su padre en el leñero* [/] *Y a su madre en el lavadero* (cast.).

Febrèro traidor va matar a su pair al llenyèro i a su mair al llavadèro (ben.).

Fevereiro afoga a mãe no ribeiro (port.).

---

[8] Escollemos, para falar da personificación do mes de febreiro, os graos de parentesco, pero esta personificación tamén se contempla noutros meses: -*"Vaite marzo que me deixache os becerriños todos catro". –"Deixa vir o meu primo abril*[,] *que che ha de facer caxir"* (gal.); *Compair abriu* [/] *Non me dèishe ne oelha ne vaciu* (occ. ar.); etc.

[9] Esta paremia recolleuna Carré Aldao [1926: 36(14, 19)]. Nos "Comentarios adicionais" desta ficha en BADARE sinálase que a forma académica sería: *Vaite Febreiriño curto, cos teus días vinteoito, que se tiveras máis catro non quedaba can nin gato. Os teus becerriños oito, deixa que o meu irmán Marzo hache de volvelos en catro*.

- Pais:

Febrere siete caras gosa fere, ba matare a'l pai en el leñere y a la mai en el gallinere (ar.).

Febrerillo loco [/] *No pasó de veintiocho;* [/] *Sacó a su padre al sol* [/] *Y allí lo apaleó* (cast.).

Os dous meses seguintes en canto ó número de paremias con personificación son xaneiro e maio. Amosamos a continuación algunhas paremias alusivas a estes períodos de tempo:

Enero helado, [/] *Febrero trastornado,* [/] *Marzo ventoso,* [/] *Abril lluvioso,* [/] *Y saca a mayo florido y hermoso* (cast.).

Genâr al fâs il pečhât, Mai al ven incolpât (frl.= Xaneiro fai o pecado, maio é inculpado).

Janeiro - geoso [/] *Fevereiro - escaldanoso* [/] *Março - amoroso* [/] *Abril - chuvoso* [/] *Maio - loiroso* [/] *Fazem o ano formoso* (port.).

*Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san *Juan claro, valen máis que un carro de ouro* (gal.).

O resto dos meses presentan un número de refráns entre 5 e 20, agás novembro, que só aparece personificado nunha ocasión:

Agòst e Forrá, Jůgn e Deçĕmber va a pér scèque i bòs (lad. dol.= Agosto e febreiro, xuño e decembro van ó mesmo tempo coma os bois).

Auents la cale laguens, [/] *Gèr la i sè, e hereuèr que ven darrèr* [/] *Tamb era pala en còth* [/] *Que la'n trè* (occ. Aranés= Decembro métea dentro, xaneiro aprétaa e febreiro que vén detrás coa pa no pescozo sácaa de alí).

Disce sciùggne: - Ce non arrive l'otte [/] *No me lèveche u cappotte* (pu.= Di xuño: - Se non chega o oito non quito o capote).

Gerul şi frigul din octombrie îmblânzeşte pe ianuarie şi Faur (rum.= O xeo e o frío de outubro amansan a xaneiro e febreiro).

Novembre imbacuccato, [/] *Raccolto e seminato* (it.= Novembro abrigado, recolleitado e sementado).

Por muito que queira Julho ser, pouco há-de chover (port.).

Setiembre ye mes galanu pa'l llabraor asturianu (ast.).

2.2. Estacións

As estacións do ano son espazos de tempo bastante personificados, atribuíndoselles a posibilidade de realizar actos voluntarios:

- Primavera:

Février trop doux, [/] *Printemps en courroux* (fr.= Febreiro demasiado suave, primavera en cólera).

Primăvara ploioasă spune vară secetoasă (rum.= A primavera chuviosa di verán seco).

Genâr dolç, viarte e siarade stravagants (frl.= Xaneiro doce, primavera e outono extravagantes).

Mâs ventaou - Fourië euraou (frprov. de Italia= Marzo ventoso, primavera feliz).

- Verán:

En verano, el sol lleva el viento de la mano (cast.).

Été bien doux, [/] *Hiver en courroux* (fr.= Verán moi doce, inverno furioso).

Vara pădurar, iarna bucătar (rum.= No verán, gardabosques; no inverno, cociñeiro).

- Outono:

Por san Xudas (28 outubro) *xa o outono fixo das súas. E, se non inda as fixera, a novembro non chega* (gal.).

Moitas veces a personificación da estación é metafórica:

Cucul cîntă pînă e frunza verde, iar nu cînd pică de bătrînă (rum.= O cuco canta ata que está a folla verde, pero non cando cae de vella).

Algunhas paremias deste mes recorren á figura do demo, ou diaño, como augurio do mal tempo que se aproxima:

Outono quente trae o demo no ventre (gal.).

Se piove per San Gorgonio [/] *Tutto l'ottobre (l'autunno) è un demonio* (it.= Se chove por san Gorgón todo outubro (o outono) é un demo).

- O inverno é a máis abondosa de tódalas estacións en paremias nas que se amosa a figura da personificación.

A imaxe de rigorosidade nas condicións meteorolóxicas propias desta estación móstrase moi clara cando se lle outorga a posibilidade de morder:

Le ggiornate d'inverno sò mozzichi (rom.= Os días de inverno son dentadas),

de xeito que os "dentes do inverno" aparecen bastantes veces nas paremias referentes a este tempo:

À la Saint-Vincent, [/] *L'hiver se reprend,* [/] *Ou se rompt la dent* (fr.= En san Vicente, o inverno reanuda ou rompe o dente).

A San Vincenzo [/] *L'inverno mette i denti* (it.= Por san Vicente, o inverno finca os dentes).

Per Sant Vicenç[,] *L'hivern cada dia perd una dent* (cat.).

Toujour pèr sant Vincèns [/] *L'ivèr perd uno dènt* (occ.= Sempre por san Vicente o inverno perde un dente),

aínda que tamén outras partes do corpo se empregan para caracterizar ó inverno no refraneiro:

Agosto [/] *Capo d'inverno* (it.= Agosto cabeza de inverno).

À la Saint-Paul, l'hiver se rompt le cou, [/] *Ou pour quarante jours se renoue* (fr.= Por san Paulo, o inverno rompe o colo, ou por corenta días renóvase).

Bèth temps de hereuèr, [/] *Bèra coa d'iuèrn en darrèr* (occ. aranés = Bo tempo en febreiro, boa cola de inverno detrás).

O del cao o de la coa [/] *L'inverno vol far la soa* (ve.= Pola cabeza ou pola cola o inverno quere facer a súa).

A posibilidade de "nacer" e "morrer", concédella o refraneiro ó inverno como podemos ver nas seguintes formas italianas:

Per San Donato (7 xullo) [/] *L'inverno è nato* (it.= Por san Donato, o inverno é nado).

Quando canta il botto (rospo) [/] *L'inverno è morto* (it. = Cando canta o sapo, o inverno está morto).

En BADARE tamén podemos atopar a personificación nun período de tempo no que as condicións atmosféricas son contrarias ás propias da estación: os días próximos á festa de san Martiños (11 novembro) coñécense como "veranciño", porque soe producirse unha melloría do tempo, cuxas circunstancias meteorolóxicas non son propias do mes de novembro:

Non te fíes do veranciño de san Martiño, [/] *Que che é curto e pillo* (gal.).

2.3. Días da semana

Entre as paremias con personificación atopadas na nosa base de datos referentes a este período sinalaremos a seguinte, do refraneiro friulano, que nos fai un prognóstico do tempo dun día para outro:

Chel che la joibe 'e impromet [/] *Il vinars lu siete* (frl.= O que o xoves promete, o venres o espera),

o mesmo que o francés, se ben neste caso a predición é inversa, e os días da semana cambian:

Beau Vendredi, vilain Dimanche (fr.= Bo venres, vilán domingo).

Outras paremias indican, exclusivamente, a desconfianza outorgada ó venres, considerándoo ou o mellor día da semana ou o peor:

Lo Devendro - Lo pi biô o lo pi mendro (frprov. de Italia= O venres, o máis bonito ou o peor).

Lou vendres es toujour lou plus bèl [/] *Ou lou plus fèl* (occ.= O venres é sempre o máis bonito ou o máis traidor).

Vendredi aimerait mieux crever [/] *Qu'à son voisin ressembler* (fr.= Venres preferiría morrer que ó seu veciño parecer).

2.4. Días do mes

Algúns días do mes tamén aparecen personificados na nosa base de datos, como podemos observar na paremia seguinte:

Tres de mars, quatre d'abriéu, [/] *Acò soun li Vaqueriéu*[10] (occ.= Tres de marzo, catro de abril, estes son os "Vaqueirís").

A paremia anterior fai referencia, tal e como se indica na ficha do refrán en BADARE, à crenza dun cambio brusco do tempo nos últimos días de marzo e nos primeiros de abril.

En castelán e en galego temos dúas paremias moi similares nas que se predí o tempo do mes seguinte segundo estea un día determinado do mes:

Según vexas o vintesete, así verás o mes siguiente, si o vintenove non desmente (gal.).

Si el veintisiete no llueve y el treinta lo consiente, buen tiempo para el mes siguiente (cast.)[11].

Moi numerosas son as paremias que falan dos días prestados por un mes a outro; temos fichadas 23 formas na nosa base de datos que conteñen esta personificación e que se reparten en oito linguas ou variedades:

[*Dijo el pastor:*] *"Marzo, marzuelo, tres días te quedan, ya no te temo."* [*Y contestó marzo:*] *"Con tres días que me quedan y tres que me preste mi hermano abril, todas las ovejas se te van a ir"* (cast.).

Disse febbraio a marzo [/] *–M'imprestarisci un dì?-* [/] *Rispose marzo –un cacchiu!* [/] *Ti voglio vedé morì-* (mq.= Díxolle febreiro a marzo: -¿prestaríasme un día?- Respondeulle marzo -¡o nabo! quérote ver morrer-).

Dixo o pastor a marzo: "Mal trataches o meu gando; alá irás onde non volvas máis". E marzo respondeulle: "Con tres días que me quedan e tres que me empreste meu irmán abril poreiche as túas ovellas a parir" (gal.).

Jenié empruntèt dous jours à Belié [/] *Pèr barra la Vielho dins lou fougié* (occ.= Xaneiro tomou prestados dous días a febreiro para pechar a Vella no fogar).

[*Una vieja a Marzo:*] *Març Marçot,* [/] *No m'has pogut matar* [/] *Cap ovella ni ovellot,* [/] *Sinó una de pelada* [/] *Que mal llop se l'hagués calada.* [*Marzo, enojado, se dirige a Abril*]*: Deixa-me'n un,* [/] *Deixa-me'n dos, deixa-me'n tres,* [/] *I, un que jo en tinc, seran quatre,* [/] *Que la vella vull pernabatre* [/] *I tots sos ovellots* (cat.).

2.5. Partes da xornada

Dentro da categoría xeral de "cronoloxía" cóntase en BADARE cunha subcategoría para as partes da xornada, que tamén aparecen personificadas nalgunhas paremias:

- O día (en oposición á noite) "crece" en dúas paremias, unha castelá e outra catalana:

[10] Na "Glosa da fonte", correspondente á ficha da paremia "*Tres de mars, quatre d'abriéu,* [/] *Acò soun li Vaqueriéu*", dise: "Les jours de la Vachère, nom qui désigne les trois derniers jours de mars et les quatre premiers d'avril, période remarquable par une recrudescence de froid".

[11] Nestes dous exemplos a personificación está presente nos verbos "desmentir" e "consentir", actos voluntarios só aplicables ás persoas.

Cuando el día crece, [/] *El frío nace* (cast.).

Quan el dia creix, el fred neix (cat.).

- A tarde

Boira en la mañana, tarde muy galana (cast.).

En habiendo niebla por la mañana, [/] *La tarde de paseo es galana* (cast.).

- A noite

Noche clara y sosegada, espera rociada (cast.)[12].

Evidentemente, tamén recollemos en BADARE as paremias cuxo elemento personificado é precisamente o meteoro, *lo scirocco ha il barile dietro alla schiena*, que aparece clasificado como "Personificación en xeral" dentro da subcategoría que nos ocupa ("Personificación e afíns"), pero ese estudo xa foi presentado polos profesores Gargallo e Torres (2010: no prelo), ambos os dous compañeiros meus na realización desta base de datos: o primeiro deles, Gargallo, é o investigador principal do Proxecto BADARE.

3. Bibliografía

ALTON, Giovanni (1881): *Proverbi, tradizioni ed Anneddoti* [*delle valli ladine orientali con versione italiana*. Innsbruck: Stamperia e libreria accademica di Wagner.

ANTONI, Anna Maria; LAPUCCI, Carlo (1993): *30 dì conta novembre... I proverbi dei mesi*. Milano: Garzanti Editore s.p.a.

ARNAL CAVERO, Pedro (1957/1993): *Refranes, Dichos, Mazadas... en el Somontano y montaña oscense*. Zaragoza: Herederos de Pedro Arnal Cavero e Institución Fernando El Católico, Prames, S.A.

BADARE: *http://stel.ub.edu/badare*

CARRÉ ALDAO, Uxío (1926): "Coleición de refráns de almanaque", en *Nós*, 35: 6-8; 36: 13-18.

CARRUSCA, María da Sousa [coord.] (1976): *Vozes da sabedoria*. Lisboa: Edição da Coordenadora; 3 vols.

CASSANO, Joseph (1914/1988[3]): *La vie rustique et la philosophie dans les proverbes et dictons valdôtains*. Turin / Aosta: F. Casanova / J. Brivio - J. Vittaz.

CASTAÑÓN, Luciano (1962): *Refranero Asturiano*. Oviedo: Diputación de Oviedo/Instituto de Estudios Asturianos (C.S.I.C.).

CHASSANY, Jean-Philippe (1989): *Dictionnaire de Météorologie Populaire.* Paris: Maisonneuve et Larose.

CORREAS MARTÍNEZ, Miguel; GARGALLO GIL, José Enrique (2003): *Calendario romance de refranes*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.

DEL FABRO, Adriano (2000): *Proverbi e modi di dire del Friuli*. Colognola ai Colli: Demetra.

FERRO RUIBAL, X. (1998): *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.

[12] Neste exemplo entendemos que o adxectivo "sosegada" aplicado á noite é unha personificación; non así "noche clara".

GARGALLO GIL, José Enrique e TORRES TORRES, Antonio (no prelo): "Meteoros y personificación en la paremiología romance a partir del proyecto BADARE", *EUROPHRAS 2010*.

LAPUCCI, Carlo (1995): *Cielo a pecorelle. I segni del tempo nella meteorologia popolare*. Cernusco: Garzanti Editore s.p.a

MISTRAL, Frederic (1878-1886/1979): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français*. Édition du centenaire sous la direction de V. Tuby. Paris: Slaktine, Genève; Édition de l'Unicorne; 2vols.

MOREIRA, António (2003): *Provérbios portugueses*. Lisboa: Notícias.

OLTEANU, Antoaneta (2001): *Calendarele poporului român*. Bucarest: Editura Paideia.

RIO CORBACHO, María Pilar (2007): "Refranes meteorológicos y del calendario en *Refranes o proverbios en romance de Hernán Núñez (1555)", Seminario Internacional: Colección Paremiológica Madrid 1922-2007.* en Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid; 113-127.

RIO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral*. A Coruña: Hércules de Ediciones.

SAURA RAMI, José Antonio: *De paremiologia benasquesa* [inédito].

SCHWAMENTHAL, Riccardo; STRANIERO Michele L. (1993): *Dizionario dei proverbi italiani*. Milano: Rizzoli.

TOHARIA CORTÉS, Manuel (1985): *Meteorología popular*. Madrid: El Observatorio Ediciones.

TOMÁS ARIAS, Chabier (1999): El *aragonés del Biello Sobrarbe*. Huesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses.

VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5, 2003. Número monográfico.

O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)[1]

Fernande Ruiz Quemoun[2]

Universitat d'Alacant

As expresións idiomáticas, comprendidas e utilizadas sen recorrer a unha aprendizaxe escolar, instálanse co tempo na memoria popular e son compartidas polos membros dunha mesma comunidade lingüística. Non obstante, as pescudas en fraseoloxía demostran que non se traballan moito na clase de FLE xa que se consideran elementos lingüísticos complexos e difíciles de memorizar. Este artigo sitúase na perspectiva da pasaxe da lingua fonte ou L1 á lingua meta ou L2; trátase durante a tradución de analizar a imaxe literal e a súa descodificación metafórica. Este traballo que, evidentemente, vai máis alá da lingua, facilita a comprensión e a memorización das expresións estudadas. A imaxe referencial supera o sentido da suma dos constituíntes da expresión e conduce á abstracción da interpretación.

Palabras clave: fraseoloxía, descodificación, tradución, imaxe referencial, didáctica da fraseoloxía francesa

Idiomatic expressions, which are understood and used without a school learning, are set up in the popular memory. They are also shared by the members of a linguistic community. However, researchs in phraseology prove that they are not very studied in FLE courses, since they are considered as complex linguistic elements and difficult to memorise. This paper deals with the perspective of the translation from source language or L1 to target language or L2 and tries to analyse litteral images and their metaphorical decoding. This work, which goes beyond language, makes easier the understanding and memorisation of the studied expressions. The reference image will surpass the sense of the sum of the parts of the expression and will lead to abstraction and interpretation.

Data de recepción 01/03/2011 Data de aceptación 06/04/2011

[1] Tradución de Vanessa Gamallo.

[2] Este artigo encádrase no proxecto da investigación intitulado Adquisición da competencia idiomática e discursiva do francés lingua estranxeira no contexto español: Elaboración dun corpus textual bilingüe con fines didácticos (code FFI2010-15092), apoiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación Español.

Keywords: phraseology, decoding, translation, reference image, didactic, French as a foreign language

1. Introdución

Aprender unha lingua é apropiarse non só dos elementos mínimos senón tamén da riqueza da súa fraseoloxía. Agora ben, captar o sentido dunha expresión fixada require unha certa habelencia no coñecemento, tanto da lingua fonte como da lingua meta, por parte do suxeito que fala. Non abonda con propor a tradución ou a explicación das expresións. A súa interpretación depende da súa imaxe referencial que vai máis alá da súa estrutura superficial e que ha de formar parte da aprendizaxe da lingua estranxeira.

Que é, daquela, a fraseoloxía? Retomando o dito por Gonzalez Rey (2002:20), diremos que a fraseoloxía é:

> *... un système de signes linguistiques composés de groupes de mots ayant un sens global, souvent figuré et métaphorique, configurés par des phrases toutes faites, locutions, idiomatismes et proverbes.*

Cal é o segredo da fraseoloxía? Na fraseoloxía, a noción de expresión idiomática lígase estreitamente coa noción de fixación, xa que a miúdo se define como unha expresión fixada comprendida como unha palabra con "carga cultural compartida" CCP[3] e inscríbese no léxico da lingua dada. Segundo Hudson "os locutores dunha lingua conseguen unha máxima economía repetindo as expresións que xa oíron en vez de crear constantemente novas" (Hudson 1998:139). Non obstante, as unidades fraseolóxicas lexicalizadas supoñen unha das maiores dificultades no ámbito do ensino-aprendizaxe do FLE (Bárdosi - Ettinger - Stölting 1992)[4]. Daquela, é máis doado construír unha frase palabra por palabra para expresar unha idea figurada?

A fixación máis ou menos variable dunha expresión idiomática EI[5] constitúe o resultado dunha idea construída de xeito arbitrario pola tradición lingüística que a distingue da suma das palabras dunha frase. Vexamos un exemplo, se un aprendiz hispanofalante, falso principiante, escoita durante unha conversa *Ils ne sont pas sortis de l'auberge!*[6], é difícil que capte o sentido, preguntarase por que "eles quedaron no hotel, no albergue". Será por un imprevisto, ou ben por un problema de saúde...? Non obstante, unha EI como *L'habit ne fait pas le moine* "o hábito non fai o monxe" comprenderase de inmediato: "non xulguemos a persoa pola súa aparencia". De maneira sistemática o aprendiz buscará na bagaxe lingüística da súa lingua materna unha expresión equivalente co obxectivo de medir esta semellanza coa lingua meta: *El hábito no hace al monje.*

---

[3]Unha palabra con carga cultural compartida é un "valor engadido" ó significado dunha palabra que serve de marca de pertenza e de identificación culturais (Galisson 1991:119).

[4] Vilmos Bárdosi, Stephan Ettinger e Cécile Stölting en 1992 xa analizaron non só os fundamentos teóricos da fraseodidáctica senón que propuxeron moitos dos exercicios esenciais.

[5] Abreviatura de expresión idiomática, a partir de agora EI.

[6]En argot, a palabra *auberge* "albergue" significa 'prison', prisión. Esta expresión significa entón que vai ter que pasar moito tempo aínda nunha "prisión" (material ou afectiva), polo tanto en problemas; que os problemas e dificultades aínda non acabaron.

O sentido dalgunhas expresións pode ser achado grazas a un grao ou nivel de familiaridade creado coa axuda dunha equivalencia na lingua materna do aprendiz por ser próximo á súa lingua. Observemos outro exemplo: *Rira bien qui rira le dernier*, *Rie mejor quien rie el último*, é dicir que o asunto terá consecuencias e o que pensa gañar será ó cabo castigado. O locutor quere dicir con iso que será el quen gañe ó final e que poderá rirse do seu adversario.

O noso traballo tratará en primeiro lugar da tradución das expresións idiomáticas e do seu lugar na clase de FLE. Logo veremos se a imaxe referencial resulta ser común nas dúas linguas e abordaremos a fixación destas unidades fraseolóxicas. Finalmente, interesarémonos na súa orixinalidade: a metáfora e os estereotipos nas EI.

2. Como traducir unha expresión idiomática?

Retomando o dito por Salah Mejri (2005:120-128), recoñeceremos que traducir é saber administrar un déficit. Que traducimos cando traducimos? Para Jean-René Ladmiral: non traducimos o que se dixo senón o que pensamos que quixo dicir quen dixo o que quedou dito[7]. Habería que engadir que a subxectividade ten un papel considerable na tradución. Cada lingua ten combinacións fixas, que se teñen por intraducibles noutra lingua; combinacións que lle son propias e que deben ser interpretadas no seu contexto. Neste caso, reducir o texto –o discurso– ós segmentos, é traizoar o esencial. En definitiva, a comprensión de moitas expresións metafóricas en LE[8] xustifícase por un coñecemento metafórico da LM[9].

Por iso supoñen as unidades fraseolóxicas unha das maiores dificultades no ámbito do ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira xa que ilustran un trazo característico do home: a súa capacidade creativa no ámbito da linguaxe (Ettinger 2008:95-127). Se o aprendiz de FLE ou dunha LE calquera pretende falar coma un nativo, deberá comprender esta fraseoloxía enraizada no cotián da lingua meta. Para expresarnos non só debemos dispor das palabras, do vocabulario, senón tamén de trazos específicos do sistema lingüístico, das características da sociedade como a visión que esta sociedade ten do mundo que conforma a idiosincrasia da lingua meta. Calquera expresión está constituída por un conxunto**,** un enunciado**,** composto de palabras e dun significado que conten un sentido global máis ou menos opaco.

As expresións idiomáticas, metáforas culturais comprendidas e utilizadas sen recorrer á unha aprendizaxe escolar, instálanse e mantéñense co tempo na memoria popular. Este imaxinario colectivo, esta fraseoloxía compártena relativamente os membros dunha mesma comunidade lingüística mesmo algúns nenos dende a súa idade máis temperá. Un neno de catro, cinco anos xa aprendeu e fai súas algunhas expresións como: *T'es dans la lune!*; *J'ai une faim de loup*; *À la queue leu leu*… que é capaz de empregar en diferentes situacións comunicativas. Estas EI, que se refiren ás súas emocións, penetraron no seu "mundo" grazas á socialización. O neno almacena e aprende de

[7] *On ne traduit pas ce qui est dit mais, ce que l'on pense qu'a voulu dire celui qui a dit ce qui a été dit.*
[8] Abreviatura de lingua estranxeira, a partir de agora LE.
[9] Lingua materna, a partir de agora LM.

memoria dunha maneira natural estas expresións –previamente construídas– e sérvese delas a medida que o vai necesitando a diario como o resto do seu léxico aínda que sen poder interpretalas. Un neno bilingüe será, por outra banda, quen de traducilas se son máis ou menos transparentes e próximas á súa lingua materna: *Tu me casses les pieds*; *tu me tapes sur les nerfs (tu m'énerves)*; *j'en ai marre (je n'en peux plus)* traduciranse pola expresión española *Estoy harto/a* que podería considerarse un equivalente na competencia lexical dun neno desa idade. A escolla entre as EI implica unha adaptación á situación de comunicación, se partimos de dous contextos diferentes:

- A nai pídelle ó fillo por enésima vez que acabe de comer as verduras; o neno, amuado, contesta: *J'ai plus faim, j'aime pas ça, toujours des légumes ! J'en ai marre !* ["Ya no tengo hambre. Esto no me gusta. Siempre verduras! Estoy harto!"]

- A irmá pequena quere xogar a calquera prezo coa súa irma maior; a maior, cansa pola insistencia da pequena, enfadase, rexéitaa e di *Arrête, tu me casses les pieds!* ["Para, non me rompas a cabeza"].

Resulta que a formula escollida responde máis ou menos a unha mesma situación de irritación. Mentres, o neno é quen de utilizar a propósito unha ou outra expresión que entendeu espontaneamente, sen darse conta. Habería que precisar aquí que a utilización destas EI na súa linguaxe responde polo tanto a un resultado de adquisicións graduais.

3. A progresión das expresións idiomáticas na clase de FLE

Aquí xorde unha pregunta ¿Por que na aprendizaxe dunha lingua estranxeira a fraseoloxía só se aborda no nivel B2 do Marco Europeo Común de Referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL)?[10]

Na clase de didáctica de FLE os meus estudantes, futuros profesores de ensino secundario, integran nos seus traballos dirixidos (TD) as EI xa que, co tempo, se deron conta de que esta clase de xogo de palabras foi, durante a súa traxectoria universitaria, un aliado que espertaba non só a súa curiosidade senón que tamén supuña un desafío que, en resumo, conducía a descifrar estas expresións preconstruídas. Tras destas constatacións, decatáronse de que é ó profesor a quen lle incumbe o deber de que se capte o sentido. Esta tarefa, esta debulla metafórica somérxeos nos xiros figurados que non se corresponden sempre coas representacións referenciais da súa lingua. Se as linguas son culturalmente diferentes e se a linguaxe se singulariza de maneiras diferentes, veremos ó longo deste traballo se é así tamén en canto á representación que nos facemos de tal ou tal expresión.

Polo tanto parece que unha expresión idiomática nun contexto preciso amosa un sentido concreto. Retomemos a xa comentada locución *Ils ne sont pas sortis de l'auberge.* Esta frase non se debe entender no seu sentido literal senón como un conxunto lexicalizado, que expresa que continúan as contrariedades e dificultades. A

[10] A versión galega pode verse e descargarse en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.pub_detalle2?p_id=191. En francés *Cadre Européen Commun de Référence* (CECR). http://www.coe.int/t/dg4/linguistic/source/framework_FR.pdf

primeira vista, o que esta en xogo é importante, entón intentamos confrontar os nosos estudantes á imaxe referencial desta expresión. O exercicio consiste en deducir o seu sentido Podémonos preguntar por que *albergue*. Segundo Guillemard (2002:155-156), l'*auberge* recibía os viaxantes para pasar a noite e o nome apareceu, cara ó século X, pola influencia combinada xermánica e provenzal. Representaría un conxunto de perigos que parece difícil evitar.

No século XIX, unha cantiga propagada polos tratantes ambulantes evocaba o albergue de Peyrebeille, na Ardèche**,** de onde era difícil saír, porque alí mataban os viaxantes para roubarlles o que levaban.

Pero, para comprender ben esta EI, cómpre buscar a orixe desta expresión no argot onde como o atestan moitas obras especializadas, "albergue" tamén significa "prisión". *Ne pas être sorti de l'auberge*, é quedar moito tempo a durmir na palla húmida. Cal é entón a imaxe referencial de prisión? Unha prisión[11], centro de detención ou cárcere, é un lugar de encarceramento. Dado que os centros de detención son os únicos establecementos carcerarios franceses que teñen superpoboación, esta expresión quizais abrangue non só a privación de liberdade senón tamén a opinión sobre os problemas que ocasionan esta situación de aglomeración humana, as pelexas e as carencias neses centros. Noutros termos, cando unha situación mostra que as dificultades son enormes adiviñamos que a pena será pesada, é dicir o locutor quere comunicarlle ó seu interlocutor que "eles" *n'en ont pas fini avec leurs ennuis*, "aínda non se liberaron dos seus problemas", pero o conxunto de palabras que emprega non teñen o mesmo sentido có que quere transmitir.

Se é difícil descodificar a EI francesa *Ne pas être sorti de l'auberge,* como habería que facer para chegar á tradución española *no haber salido del atolladero*, "estar nunha canella sen saída", "estar en apuros"? Teríamos que sinalar que na estrutura profunda estas dúas expresións se asemellan; ademais en español o sentido é menos opaco.

4. É común nas dúas linguas a imaxe referencial da EI?

A interacción cos nosos estudantes favorece a análise da imaxe-idea e a concentración sobre a información que permite traducir eficazmente o contido semántico da imaxe e facer dela unha lectura codificada. Este recorte proporciónalle ó lector unha estruturación visual da EI que, mesmo antes de entrar no seu contido, permítelle comezar a construír o sentido. A seguir dirixe a atención á palabra-clave "albergue", despois ó contexto, á función referencial da mensaxe "estar encerrado, atrapado" e, en terceiro lugar, á emoción "sentimento que se ten en tal situación". Estas dúas expresións, figuradas e lexicalizadas, integran dous signos de significado estable en cada unha das dúas linguas. Máis alá da espoliación semántica, a imaxe referencial vólvese unha pegada visual común ás dúas linguas e percibirase na súa totalidade mesturando o concepto e a imaxe.

[11]En Francia, existen sete tipos de establecementos carcerarios: os cárceres, os centros de detención, as prisións de Estado, os centros penitenciarios, os centros de semi-liberdade, os centros para penas reducidas, os establecementos para penas habilitadas e os establecementos de detención para menores.

Daquela, a orixe desta unidade fraseolóxica indica que as preocupacións non se acabaron, que fará falta tempo para resolvelas. Logo trátase dunha convención arbitraria ancorada no tempo e compartida nas dúas linguas.

Interesémonos na etimoloxía de *atolladero*. En bable, a lingua de Asturias a raíz TUR- coas variacións TOL-, TEL-, TUL- deu TOLLU que significa "burato, pozo ou depresión do terreo" que parece ser de orixe celta, presente en francés no topónimo Toulon, que se escribía antigamente Toulhen, é dicir o burato vello, nome que puido vir dunha antiga canteira hoxe cuberta.

Este exemplo ilustra a maneira como a imaxe referencial dunha expresión pode compartir trazos comúns nas dúas linguas:

-espazo: lugar máis ben escuro, perfectamente delimitado, onde a falta de luz, de claridade é suposta ou ben xustificada nas prisións así como nas canellas estreitas.

-tempo: a duración séntese como interminable para aqueles que padecen a pena e estarán aí ata que alguén decida o contrario ou ata que alguén lles leve axuda.

A carga emocional desta situación difícil de vivir, deste trance, está presente nas dúas linguas; pero a esperanza de salvarse tamén está presente. Acontece que esta imaxe[12] referencial evoca un burato onde a luz do día non entra nunca e do que non é doado dar saído; porén a convicción de saír de aí anuncia o final dos problemas e a liberación.

On n'est pas sortis de l'auberge mais on y parviendra![13]

O estudo das expresións non literais, é dicir, as que "significan" outra cosa diferente do que "din" permite ampliar as capacidades pragmáticas do aprendiz da lingua

[12] http://www.google.es/imgres?q=pozos&hl=es&biw=1279&bih=609&gbv=2&tbm=isch&tbnid=r_a1RqORmU4hbM:&imgrefurl=http://lamelancoliadelosrios.blogspot.com/2010/11/coger-mas-pronto-las-estrellas.html&docid=bxpDZqGeuH80nM&imgurl=http://3.bp.blogspot.com/_SIG2-AlG0mY/TN2pSiL3vlI/AAAAAAAABZA/LuhznYBGiM4/s400/pozo-003.jpg&w=302&h=394&ei

[13] Non saímos dela pero habémolo conseguir!

estranxeira. É posible fixarse como obxectivo o de descifrar unha expresión idiomática solicitando a inferencia[14]. Por outra banda, este descifrado apóiase no recorte desta unidade fraseolóxica mentres chama a atención sobre a palabra-clave. Isto último é susceptible de estimular a interpretación da expresión e de encamiñar o noso aprendiz cara ó que ten sentido. Desta maneira a explicación da fonte da palabra compensa a non-comprensión da expresión e a inferencia permite descodificar a súa opacidade semántica. Entón antes mesmo de buscar a tradución, os estudantes poden facer aproximacións na súa lingua e, quizais, adiviñar o seu equivalente cunha marxe de erro mínimo.

Podemos intentar seguir a análise destas estruturas, máis ou menos fixadas, pletóricas de imaxes. Tomemos outro exemplo: o programa *Langue de bois, s'abstenir*[15], da canle Direct 8, presentado e animado por Philippe Labro. Trátase dun debate "totalmente libre, o máis expresivo e o máis contraditorio posible" entre catro cronistas (intelectuais, xefes de prensa, editorialistas, xornalistas) que debaten os temas políticos, de sociedade e culturais máis importantes da actualidade, sen "linguaxe de madeira". Nun primeiro momento, o aprendiz terá dificultades para comprender de que se trata pero o discurso sagaz dos invitados daralle unha pista: Pierre Bénichou, Sophie Coignard, Michèle Cotta e Guillaume Perrault son os comentaristas do programa do día[16]: o pulso franco-mexicano sobre o caso de Florence Cassez introducido por unha reportaxe. Sobre este tema, Michèle Alliot-Marie[17] anunciou o 11 de febreiro que non participaría en ningún acto do ano de México en Francia e que convocaría o embaixador dese país en París. "É unha verdadeira denegación de xustiza" declarou a ministra na canle France 2 e cualificou de "decisión inxusta" o rexeitamento de México do recurso de casación da francesa Florence Cassez, condenada a 60 anos de prisión por complicidade en secuestro.

Os estudantes, testemuñas do discurso polémico do xornalista, asisten ó debate. Os interlocutores discuten con toda franqueza dunha crise diplomática entre París e México que xorde de que se fixo público o expediente que**,** pola súa natureza, se debeu

[14]Segundo Danielle BAILLY (1998:132) a inferencia está no proceso de comprensión "unha operación de razoamento lóxica pola cal, a partir dun feito, dunha proposta..., tiramos unha consecuencia". Na lingua estranxeira, a inferencia pode permitir reconstruír unha parte dun enunciado, a partir do contexto e dos coñecementos persoais. Wenden (1991:21) subliña que "inferir é utilizar a información dispoñible para adiviñar o sentido de novas unidades, predicir os resultados ou decatarse das informacións que faltan". Consultado na web: http://www.univ-montp3.fr/metice/.

[15] *La langue de bois*, "a lingua de madeira", é unha linguaxe de pleno dereito que un se pregunta se non se ensina na ENA (Escola Nacional de Administración, que é a institución da cal saen a maioría dos membros da clase política francesa). Entre a súas numerosas 'utilidades', permite esconder a verdade, responder desviándose da pregunta ou afogar unha ausencia de pensamento ou de coñecemento dun tema baixo unha enxurrada de palabras baleiras. *La langue de bois* pode tamén servir para facer crer a alguén que non lle somos hostís cando o manipulamos para levalo ós nosos propios fins. Esta expresión é recente en Francia xa que apareceu durante a década de 1970. Inicialmente foron os rusos os que, antes da súa revolución, utilizaron a expresión "lingua de carballo" para burlarse do estilo administrativo empregado pola sufocante burocracia tsarista. A expresión pasaría por Polonia antes de chegar a Francia.

[16]Programa emitido na canle Direct 8 o 11 de febreiro de 2011.
http://www.direct8.fr/program/langue-de-bois-s-abstenir/comment/

[17]Xefe da diplomacia francesa.

tratar con discreción. Discútense cunha liberdade total as protestas de Sarkozy e mais as declaracións da ministra dos Asuntos Estranxeiros[18].

1.- Son insensible ó caso de Florence Cassez? "Non imos deixar 60 anos esta muller nunha prisión" -afirmou o Xefe do Estado, hoxe á tardiña, despois de recibir os pais de Florence Cassez[19]. (Discútese a diplomacia francesa: sempre facemos de máis).

2.- "É unha denegación de xustiza, unha decisión inxusta", afirma Michèle Alliot-Marie. (Saída de ton da ministra de Asuntos Exteriores: como condenar dunha maneira xeral unha sentenza pronunciada nun país estranxeiro?)

3.- "Pido que se manteña o ano de México en Francia" e "dedícollo a Florence Cassez" - declarou Nicolas Sarkozy e matizou que a decisión tomouna de acordo coa muller condenada e cos seus pais. (Exceso de celo do presidente: Tiñamos que ver os pais Florence Cassez na Asemblea Nacional? É ridículo pero estamos na esaxeración da empatía. É terrible, esta muller converteuse na ministra de Cultura oculta, detrás dos barrotes. Sarkozy decide polarizarse nos casos que toman proporcións desmesuradas. Florence convértese en mártir, identificada como un símbolo; centrámonos nestes casos a falta dunha acción máis clara sobre os grandes problemas de Francia).

4.- A noite da súa elección o presidente falou de Ingrid Betancourt. (Exposición da personalidade do Presidente: Os nosos políticos electos non queren ser acusados de ter o corazón seco. Estamos no resultado da posta en escena dos sentimentos, da exhibición do eu).

Detrás do presentador: a foto de Florence Cassez, tralos barrotes do seu calabozo, ilustra o debate. Prodúcese unha reflexión, os cronistas invitados exprésanse con claridade. Por conseguinte, no programa *Langue de bois, s'abstenir* os invitados deben supostamente dicir o que pensan, sen morder a lingua. Pola contra, invítase a que se absteñan os que teñan a intención de enmascarar a verdade, de disimulala ou de eludir as preguntas comprometidas. O pensamento simbólico da EI *Langue de bois (lingua de madeira)* é bo facer transparente: chega con buscar a antonimia da "claridade da linguaxe". Unha linguaxe que transmite unha mensaxe intencionalmente trucada poñerá en evidencia a significación desta expresión. Que esperamos dunha linguaxe estereotipada? Un discurso baleiro ou case baleiro, un léxico opaco e pretensioso, expresións vagas, expresións fáciles de memorizar para chamar a atención da xente, palabras tiradas do seu contexto.

Dito isto, a imaxe referencial desta EI proposta ós estudantes representa unha onomatopea, que dá nas dúas linguas nunha linguaxe fixada, separada da realidade, sexa "falamos moito" *bla, bla, bla, bla* (*palabrería*), sexa *lingua de madeira* que sae da boca e é incapaz de articular unha soa palabra, unha especie de tapón que impide falar,

[18]O guión introduce as aclaracións do Presidente Sarkozy ou de Michèle Alliot-Marie e entre parénteses están retranscritas as reflexións dos invitados ó debate. Por cuestión de espazo e para non agrandar este texto, só recollemos algunhas reflexións.

[19]Publicado o luns 14 de febreiro de 2011 ás 18h33 – AFP en http://www.nordeclair.fr/Actualite/Depeches/2011/02/14/famille-cassez-recue-elysee-mexique.shtml

dicir o que pensamos de verdade. Entón falar para non dicir moito é igual a non falar, non dicir o que pensamos de verdade leva á *verborrea demagóxica* que sería o equivalente desta EI que revela a propia experiencia do real que ten o aprendiz.

- Espazo: no seo dunha relación cara a cara ou nun grupo
- Tempo: o da elocución
- Acción: unha relación de comunicación, un discurso
- A carga emocional desta situación é a argumentación sen contar con argumentos de peso, un discurso declamatorio e superficial.



Esta imaxe referencial[20] ten un sentido, trátase de mastigar o discurso co fin de evitar toda responsabilidade. En presenza da imaxe proposta co obxectivo preciso de transmitir a mensaxe icónica, o aprendiz-receptor fai a súa lectura e descifra a significación da expresión. Este segundo exemplo ilustra tamén a maneira coa que unha imaxe-idea pode compartir trazos comúns nas dúas linguas.

5. A interpretación da EI tributaria do contexto

Esta análise revélanos que a orixe da comprensión das EI está no seu contexto. Por iso é primordial que o alumno vaia adquirindo sensibilidade ante estas formas lingüísticas que caracterizan a sociedade francesa en comparanza coa súa, que capte as diferenzas, que descubra o implícito unido ó funcionamento da lingua. O saber popular que transmite debe ser comprendido na súa totalidade, o obxectivo é sacar o sentido figurado xa que "o sentido das palabras non permite interpretar a súa combinación" (Gross 1982:152).

Por isto, as unidades fraseolóxicas supoñen unha das maiores dificultades no ámbito do ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira porque ilustran un trazo característico do ser humano: a súa capacidade creadora no ámbito da linguaxe. Se o aprendiz de FLE ou dunha LE calquera pretende falar coma un nativo, deberá aprender esta fraseoloxía enraizada no uso cotián da lingua meta. Para falarmos non só temos que dispor das palabras e do vocabulario senón tamén dos trazos específicos da sociedade como a visión que esta sociedade ten do mundo que conforma a idiosincrasia da lingua meta. Toda EI é un conxunto formado por un enunciado**,** composto de palabras, e un significado que contén un sentido global máis ou menos opaco.

[20] http://www.presidentielle-2007.net/generateur-de-langue-de-bois.php [10/10/2011].

É ben sabido que non podemos interpretar literalmente a expresión fixa (Gross 1996:10-11). Aínda que coñezamos o significado de todas as palabras, ese significado non permite concluír o significado da frase no seu conxunto. Polo tanto, diremos que é unha frase que non ten unha lectura composicional. Pero pode acontecer que unha frase dada teña dúas lecturas posibles: unha transparente e a outra opaca. Vexamos un exemplo, unha expresión que teña dúas interpretacións: unha literal e a outra idiomática. A pedra angular está entón na escolla dos trazos formais que hai que ter en consideración.

Tomber dans les pommes: un mesmo contexto fai que as dúas interpretacións sexan posibles: *Marie est tombée dans les pommes*:

-Primeira: na horta María, que andaba a apañar froita, caeu *nas mazás.* Empoleirada na escada, intentou chegar a póla e perdeu o equilibrio. Caeu nunha morea de mazás que se acumulaban no pé da árbore.

-Segunda: tras a caída *María desmaiouse*. Perdeu a consciencia.

A lingua española non dispón dunha expresión equivalente, só se expresa a acción e obtemos *María se mareó* (*Marie a eu un étourdissement*).

Vexamos outro exemplo en dous contextos diferentes *Sucrer les fraises*:

-Pedro bótalles azucre nos amorodos que vai servir para a sobremesa: Pedro azucra os amorodos.

-Pedro treme, está senil.

Sucrer les fraises[21] significa "estar senil, tremer".

O sentido do verbo *sucrer* bascula e adquire unha nova extensión metafórica pola acción da analoxía entre *salferir o azucre* nos amorodos e *tremer* debido á decrepitude da persoa. O aprendiz de FLE, coa axuda destas expresións, acaba por comprender algunhas metáforas que fan máis accesible un coñecemento da lingua que parece inaccesible e terriblemente difícil.

[21]Cunha cunca de froitos vermellos nunha man e na outra cun azucreiro, hai que sacudir a segunda enriba da primeira co fin de obter excelentes amorodos con azucre. O xesto feito así recorda, por desgraza, os membros que se axitan de persoas, xeralmente maiores, cunha enfermidade dexenerativa que lles provoca tremores incontrolados. Esta expresión non parece que estea recollida ata o principio do século XX. A. Scholl, xornalista e autor dramático coñecido da segunda metade do século XIX, evoca, no seu *Poivre et Sel* de 1901, un militar a propósito do cal escribe isto: "Cincuenta anos tomando asente producíronlle un tremor de xeito que, cando quere botar de beber, o líquido sacudido derrámase como unha chuvia ó redor do vaso. […] Que prezada sería esta enfermidade para azucrar os amorodos!". Atopamos entón aquí unha perfecta explicación da asociación familiar entre estes tremores que afectan as persoas maiores e a acción de botarlles azucre ós amorodos. En 1905, Duquesnel, en *Le mystère de Gaude*, escribira "(...) *et les bras agités de ce mouvement spasmodique que la langue populaire appelle 'sucrer les fraises'*". Este extracto mostra que a expresión, neste principio de século, forma parte da linguaxe familiar. En 1936, Louis-Ferdinand Céline utilizara *sucrer* ("azucrar") para designar os tremores dun borracho.

Porén, tamén pode pasar que as dúas lecturas resulten opacas e que as dúas interpretacións diferentes teñan que ser aclaradas no contexto: *Jean a eu chaud aux oreilles!*

-*Jean a eu chaud aux oreilles*!: El case cae no barranco, librouse dunha boa!

-*Jean a eu chaud aux oreilles*!: Despois de enviar vodka dunha fecha, Jean emborrachouse.

En español no que se refire a primeira interpretación

¡*Menudo susto se llevó Juan*!

Canto á segunda

¡*Juan está nublado, la ha cogido llorona* !

6. A opacidade da EI fixada nas Gramáticas de Construcións

Os traballos dos *Cahiers du CRISCO*[22] concirnen ás gramáticas de construcións; estas basean a súa argumentación na observación dos casos de fraseoloxía 'clásica'. A perspectiva é holística, malia o carácter de composición da forma que xoga en realidade, non na configuración, senón na interpretación. O uso do "argumento da EI" permite considerar que:

-As formas gramaticais son EI formais, é dicir, non saturadas lexicalmente.

-Non escapan ó principio de composicionalidade no plano interpretativo, mentres forman estruturas unitarias.

-Son convencionais (non predicibles).

-Son de natureza léxica.

-A frecuencia das súas ocorrencias no discurso é determinante por se basearen no saber gramatical (LEGALLOIS-GREA 2006:27).

Unha locución idiomática prototipo está fixada e é opaca.

- Dende un punto de vista sintáctico, non se pode transformar. *Tirer le diable par la queue* non se pode transformar en **Tirer la queue du diable* ou **Tirer les diables par la queue*; os determinantes non poden cambiar.

- Dende o punto de vista semántico, o sentido desta locución non é a suma dos sentidos dos dous compoñentes, polo tanto, é opaco para quen non coñece a expresión. O sentido da locución caracterízase pola súa non-composicionalidade: comprender todas as palabras que entran en *Tirer le diable par la queue*[23] non chega

[22] CRISCO (**C**entre de **R**echerches **I**nter-langues sur la **S**ignification en **Co**ntexte). Université de Caen.

[23] Duneton, grazas ós traballos de P. Enckell sinala que nos séculos XVI e XVII significaba "traballar con humildade para gañar a vida razoablemente". Polo contrario, dende 1690, Furetiere dálle outra significación á expresión *Tirer le diable par la queue* "procurarse a duras penas o necesario para vivir. Porén, preferimos tomar o demo en serio e consideralo aquí como unha imaxe que representa todas as

para captar o sentido conxunto[24]: "vivir con recursos insuficientes", "ter dificultades para satisfacer as necesidades". As historias nas que unha persoa recorre ó demo para que a axude a sacala dunha moi mala situación son numerosas. A secuencia ten sentido só na súa totalidade xa que en realidade aquí non se fala nin dun rabo nin do demo. Esta fixación débese a unha imaxe, é dicir, a unha metáfora que sería, retomando a tese de N Charbonnel[25]: "Un faire-comme-si volontaire de la part du locuteur (et non dû à la langue), faire-comme si consistant, pour la métaphore, à comparer ou identifier ce qui n'est pas comparable, et cela dans le but (dans un très grand nombre de cas) de proposer un modèle à suivre". O seu equivalente en español sería *Estar a dos velas*[26]; *sin blanca*; *sin parné* (*sans un sou*).

Analicemos a opacidade semántica desta expresión pola súa imaxe referencial *Estar a dos velas* fam. *con poco dinero, estar sin blanca*. A blanca era unha moeda do reino de Castela dos séculos XV e XVI que valía medio maravedí e unha cuarta parte dun ochavo[27]; sendo unha moeda tan antiga, carece de valor e equivale a *sans un sou, sans un rond*. Non obstante en español, a segunda acepción desta expresión remite a outra interpretación: *No enterarse de nada, ser corto de luces*, é dicir "non comprender nada", *être bouché à l'émeri*[28] en francés.

7. O concepto de estereotipo

No ámbito da psicoloxía sociocognitiva o concepto de estereotipo é ben coñecido. A teoría de Yzerbit e Schadron (1996:129), que parece a máis clara, defíneo como: "Un conxunto de crenzas compartidas a propósito das características persoais (xeralmente trazos da personalidade e tamén do comportamento) que identifican un grupo de persoas".

---

cousas ás que recorremos en última instancia e que aínda nos prace atopar, obter incluso rezando, cando non temos outra maneira de escapar dunha situación miserable. […] Para explicar a imaxe, podemos imaxinar un home que, sen recursos e xa non sabendo a quen dirixirse, acaba por recorrer á asistencia dese demo, do que primeiro rexeitara o socorro. Pero o demo non dá facilidades: dálle as costas ó que primeiro o desprezou; e é nese momento, cando lle hai que tirar polo rabo, para que volva. A xente nova que tiña diante de si un futuro ruinoso máis dunha vez tiroulle pola faldra da chaqueta a esta monstruosidade social que chamamos usureiro e saben por experiencia o que quere dicir *Tirer le diable par la queue*" (Rozan 1881:371-372).

[24] (Martin 1997:92-93).

[25](Charbonnel e Kleiber 1999:103).

[26] Ter recursos insuficientes. Dicimos que igual se trata dun xesto que facemos dándolle a volta ó forro dos petos para demostrar que están realmente baleiros. A súa forma recordaría ás velas dunha embarcación de vela; ora ben, a polisemia deste substantivo pode facer referencia á candea. Iribarren (1994:126) afirma que é posible que *vela* faga alusión ó xogo de cartas. Cando os xogadores apostaban, a banca iluminábase con dúas candeas para poder contar o diñeiro. Neste caso, *dejarle a dos velas* significaría perder todo o seu diñeiro. G. Doval (1995:111), en cambio, di que as tales *velas* deben de ser os mocos que caen do nariz dos nenos. Os pequenos mocosos son nenos abandonados, ninguén lles limpa mocos. Este exemplo ilustra ben a pobreza e o desconcerto, o que xustificaría a expresión *estar a dos velas* que se acompaña do xesto de deslizar os dedos furabolos e pai de todos de riba ata abaixo, sobre os lados do nariz (Doval 1995:111).

[27]Debido a cor branca do latón.

[28]Po de pedra moi dura que serve para tapar o colo da botella.

Do mesmo xeito, algúns estereotipos remiten ou ás imaxes que os membros de diferentes grupos teñen do seu propio grupo[29], ou ás imaxes que algúns grupos teñen dos outros[30]. Como a nosa análise apunta á representación que o usuario fai da EI, veremos algúns exemplos

(1) *Bâtir des châteaux en Espagne: hacer castillos en el aire*

(2) *Parler français comme une vache espagnole*[31]*: no hay quién lo entienda* (a lingua española reflicte esta EI por medio dunha explicación)

(3) *C'est du chinois: suena a chino* (é incomprensible)

(4) *Filer à l'anglaise:* en Francia *"fulano file à l'anglaise"* cando en España, *X se despide a la francesa*

Neste proceso, a utilización destas estruturas abre unha ventá á ampliación do léxico e da lingua francesa. Non consideramos a comprensión das expresións idiomáticas como un obstáculo; ó contrario, este traballo facilita o dominio da lingua meta. Ademais, esta ferramenta didáctica, xa que favorece o descifrado desta fala coloquial coa que os aprendices se poden familiarizar, facilita a comprensión dende o principio da súa aprendizaxe. Recorrendo á experiencia, o vínculo entre a palabra clave da expresión e a súa imaxe referencial outórgalle ó aprendiz unha rede léxica que revela o senso da metáfora.

8. Conclusión

O desafío final do noso enfoque era o de descifrar o sentido dalgunhas expresións idiomáticas en L1 e en L2 para sinalarmos as súas coincidencias na imaxe referencial que lle permite a quen escoita descodificar a mensaxe de maneira máis fácil. Este bosquexo procede dun corpus traballado na clase cos meus estudantes e mostra que o dominio da fraseoloxía depende da competencia lingüística e da competencia tradutora. Dous trámites resultan entón necesarios: a fase semasiolóxica que se interesa no recorte destas unidades (fraseolóxicas), na súa significación, no rexistro en que se produciron e no valor funcional que teñen para construír o sentido; e a fase onomasiolóxica na que

[29] Auto-estereotipo.

[30] Hetero-estereotipos.

[31] *Parler français comme une vache espagnole*, "falalo moi mal". Atestado en 1640 en Oudin (*Aussi parler latin*, 1627) Esta loc. explícase tradicionalmente por unha alteración de *vasces*, é dicir "Gascon, Vasco". A forma correcta sería entón falar (o) francés coma un vasco español, é dicir "coma un vasco (español) fala o francés, moi mal". Pero esta versión parece posterior á da "vaca ". Para outros, vaca sería unha forma alterada de *basse* (servente), antiga palabra que designa unha criada, e da que non se atopa ningún rastro, agás nas formas rexionais como *baissotter*, *bassoter* "facer pequenos traballos de limpeza, bricolaxe", ou *bassoteuse* "asistenta". En realidade, a hipótese dunha alteración non é indispensable. En efecto, a loc. comparativa "como unha vaca" funciona coma un intensivo a miúdo negativo. É o que mostra a curiosa interferencia entre *parler français comme une vache espagnole* ("falar como unha vaca española") e a antiga loc.: *être sorcier comme une vache*, que dá, *il est sorcier comme une vache espagnole*, "é torpe, incapaz" (Rey-Chantreau 1990: 908).

se efectúa o inventario das correspondencias posibles, extraéndoas do acervo lingüístico da lingua fonte (materna) e facendo nel unha boa escolla.

Efectivamente, a desorientación primeira fronte a este imaxinario descoñecido na lingua meta pode cargarse de sentido na estrutura profunda da lingua fonte. E, a partir de aí, en invitando o aprendiz a estar máis atento, este logrará descodificar a imaxe formada por todos os compoñentes e representar esta imaxe na súa lingua materna. Esta interacción pedagóxica permitirá que sexa consciente dos seus coñecementos e facilitará –por que non– a anticipación do que é un obstáculo na expresión que hai que traducir. Somos polo tanto capaces de superar o noso sistema cultural, a nosa lingua, e traducir a lingua 1 á lingua 2.

Podemos afirmar, quizais, que a fraseoloxía fai máis expresivo o discurso porque lle dá trazos de comprensión, de conivencia e unha máis forte carga na argumentación. Este traballo non para aquí. Desexamos que sexa o preludio dunha pescuda ulterior inscrita nun proxecto de investigación sobre a adquisición da competencias idiomática e discursiva do FLE no contexto hispanofalante.

9. Referencias bibliográficas

BAILLY, Danielle (1998): *Les mots de la didactique des langues. Le cas de l'anglais. Lexique*. Paris-Gap: Ophrys.

BÁRDOSI, Vilmos, ETTINGER, Stephan, STÖLTING, Cécile (1992 - 2003[3]): *Redewendungen Französisch/Deutsch. Thematisches Wörter-und Übungsbuch*. Tübingen: A. Francke Verlag.

CHARBONNEL, Nanine; KLEIBER, Georges (1999): *La métaphore entre philosophie et rhétorique*. Paris: PUF.

CRISCO: http://www.crisco.unicaen.fr Université de Caen. (Bât. Sciences Porte SA S13), 14032 CAEN CEDEX). [Data de consulta 28/02/2011].

DOVAL, Gregorio (1995): *Del hecho al dicho*. Madrid: Ediciones del Prado.

ETTINGER Stefan (2008) en "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 95-127.

GALISSON, R. (1991): *De la langue à la culture par les mots*. Col. Didactique des langues. Paris: CLE international.

GONZALEZ REY, Mª Isabel (2002): *La phraséologie du français*. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.

GROSS, Maurice (1982): "Une classification des phrases 'figées' en français", en *Revue Québécoise de Linguistique* 11-2, 151-185.

GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français*. Paris: Ophrys.

GUILLEMARD, Colette (2002): *La fin des haricots et autres mystères des expressions françaises*. Paris: Bartillat.

HUDSON, Jean (1998): *Perspectives on Fixedness: Applied and Theoretical* (Lund Studies in English, 94). Lund: Lund University Press.

IRIBARREN, José María (1994): *El porqué de los dichos: Sentido, origen y anécdota de los dichos, modismos y frases proverbiales de España con otras muchas*

curiosidades. Pamplona: Gobierno de Navarra. Departamento de Educación y Cultura, 1955[1].

LEGALLOIS, D. e GREA, Ph. (2006): "La grammaire de construction" en *Cahiers du CRISCO* 21, 2006, 5-27.

MARTIN, Robert (1997): *Pour une logique du sens*. (Col. Linguistique Nouvelle). Paris: PUF, 1992[1].

MEJRI, Salah (2005): "Traduire, c'est gérer un déficit" en *Meta. Journal des traducteurs / Meta. Translators' Journal*. 50, 1, 2005, 120-128. Université de Montréal. http://www.erudit.org/revue/meta/2005/v50/n1/010662ar.html

REY, Alain et CHANTREAU, Sophie (1990): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Paris: Le Robert.

ROZAN, Charles (1881): *Petites ignorances de la conversation*. Paris: P. Ducrocq.

WENDEN, A. (1991): *Estrategias del principiante para la autonomía del principiante*. Londres: Prentice Pasillo.

YZERBIT, Vincent; SCHADRON, Georges (1996): *Connaître et juger autrui*, Chapitre III, "Une approche cognitive des stéréotypes" Grenoble: Presses Universitaires de Grenoble, 101-139.

Interaccións verbais entre rapaz-adulto ou rapaz-rapaz. Contribución á fraseoloxía

María Rosario Soto Arias

I.E.S. Eusebio da Guarda

O artigo presenta un corpus de frases xeradas en distintos actos comunicativos onde intervén un rapaz. No corpus destaca a presenza do humor, a burla e a ironía. Iso fai que reflexionemos brevemente sobre a función lúdica da linguaxe. Tan importante como o propio corpus fraseolóxico é o contexto que orixina a frase, así como as inferencias conversacionais. Igualmente relevante é o acto de fala como punto de partida da interacción verbal entre adulto/rapaz ou rapaz/rapaz. A importancia do contexto e a existencia en moitas unidades fraseolóxicas de palabras baleiras de significado léxico obríganos a situar este corpus nos límites da fraseoloxía.

Palabras clave: acto de fala, función lúdica, fraseoloxía, contexto, inferencia, palabra baleira.

This paper aims at presenting a corpus of phrases uttered by a child in different speech acts. Humour, irony and joking are highly significant in the corpus. This makes us think briefly over the ludic function of language. Thus, the context in which the phrase is uttered as well as the conversational inferences are as important as the corpus of phrases itself. The speech act as the origin of the verbal interaction between adult and child or between children is equally relevant. The importance of the context and the existence of words empty of lexical meaning in many phraseological units make us place this corpus on the bordeline of phraseology.

Keywords: speech act, ludic function, verbal interaction, phraseology, context, inference, empty word.

1. Introdución

Presentamos un pequeno corpus fraseolóxico produto da interrelación comunicativa entre un rapaz e un adulto, ou dun rapaz con outro rapaz. A lingua do obxecto de estudo será indistintamente o galego e o castelán, por razóns de tipo contextual e de tipo familiar[1].

Data de recepción 03/06/2011 Data de aceptación 14/10/2011

[1] O castelán está compartindo espazo co galego na fraseoloxía da nosa infancia coruñesa, na infancia da nosa nai na súa aldea ourensá, na infancia dos nosos familiares criados en Madrid e no Pueblo de Vallecas; o

Organizámolo en bloques, se ben tomamos como modelo ou paradigma descritivo-explicativo o tipo 1[2].

O marco xeral en que encadramos este pequeno estudo é o da teoría da linguaxe que prima e sitúa nun lugar preferente o concepto de función da linguaxe (formalizada inicialmente por K. Bühler, ampliada por R. Jakobson) pero, tendo en conta que dalgunha maneira este corpus que presentamos nos leva a formular cuestións tocantes á adquisición, por parte do rapaz, da linguaxe e ao coñecemento da sociedade en que vive, deberemos botar man e axudarnos das ferramentas que nos ofrecen as modernas teorías psicolingüísticas (Bernicot et alii, 2010)[3].

Uns e outros teñen en común a valoración das relacións, sexan da clase que sexan (humanas en principio e, xa que logo, afectivas en maior ou menor grao, mentais ou intelectivas, psíquicas, sociais...) entre o emisor e o receptor da mensaxe que se presentan ante os nosos ollos ou ante os nosos oídos grazas á linguaxe humana. O punto de partida é o chamado acto de fala.

Naquela parte do corpus que nós adoptamos como obxecto-modelo de estudo, o emisor é un rapaz[4] que lle formula unha pregunta directamente á nai (*mama, que hai de comer?*), e a nai, contravindo un certo tipo de lóxica[5], responde algo que podemos

---

castelán é a lingua única na infancia de moitos dos nosos desinteresados informantes, e consideramos pertinente non desvirtuar esa realidade plurilingüe.

[2] No bloque I maioritariamente o adulto é unha nai. O modelo de interrelación nai-fillo é un óptimo modelo de comunicación. Establécese sobre unha base de confianza e de valores afectivos sólida e necesaria: danse poderosas condicións de igualdade, de mutuo dominio (a nai domina en experiencia pero é dominada polo amor e preocupación extrema polo fillo: o neno domina porque se sabe amado sen límites pero asemade percibe a dependencia e necesita da nai para pouco menos ca todo) e de ausencia case total de condicionantes externos. Este paradigma vainos permitir postular precisamente a interrelación emisor-receptor como básica no acto comunicativo.

[3] Sobre as relacións entre lingüística e psicoloxía dedica páxinas enteiras Bühler (1979), el mesmo era, ademais de lingüista, psicólogo infantil. R. Jakobson, cando fala da necesaria "conexión psicológica" entre falante e oínte (1981, 32), volve tender lazos entre ambas as dúas disciplinas. Xa antes ca eles, Saussure toca o tema ["en el fondo, todo es psicológico en la lengua", Saussure, 1980, 31].

[4] Escollemos a forma *rapaz* porque nos interesa a ambigüidade que comporta. A obtención da información así nos condiciona. Non podemos precisar a idade exacta do emisor non adulto porque os nosos informantes foron basicamente nais con fillos xa maiores, ou alumnos de 17 ou 18 anos. Tiveron que relembrar tempos anteriores. Calculamos, iso si, sobre todo para o tipo 1, unha marxe de idade para o rapaz que vai desde o inicio da escolarización (3 anos; un alto número de informantes subliñan que lle preguntaban á nai qué había de comer *cando volvían da escola*) ata un período indeterminado (10-14, prolongable polo que sabemos, ata os 18-19 e incluso máis).

[5] Contravén unha das máximas conversacionais de Grice, a de calidade (Grice 1991). De tal xeito, que seguindo a lóxica dese autor, o receptor debería establecer unhas ou varias inferencias, facer presuposicións que o axuden a restablecer as máximas ou regras transgredidas. É complexa a cuestión, porque o que presupón o rapaz diante da "non verdade" burlesca ou irónica da nai é difícil de sistematizar ou de verificar. Pero podemos atrevernos a dicir, canto menos, un par de cousas: nun plano moi xeral, é de supoñer que a nai –amosando burla, enfado e/ou ironía– quere que o rapaz infira o seu estado de ánimo; ademais, podemos inferir que a nai, como educadora, como axente social, está a transmitirlle ao rapaz unha norma social que di: "non se pregunta o que hai para comer, porque hai que saber comer de todo"; e mesmo é posible que o axude a inferir que a orde pertinente de preguntas non é aquela que el supostamente estableceu: ao chegar a casa da escola o primeiro non é querer saber pola comida, senón saudar e interesarse polo estado do outro. Estas inferencias posibles non están rifadas cun certo afán lúdico-comunicativo gratuíto, ao que lle sumamos un factor aínda non mencionado: a presenza da función

etiquetar de "non verdade". Así sucede, por exemplo, no tipo 1 e no tipo 2. Podemos dicir sen temor a equivocarnos que a resposta da nai está cargada de burla, mofa e/ou sarcasmo. De ironía, nunha soa palabra.

Esta consideración, o feito de sermos conscientes da presenza da ironía na interrelación nai-fillo, e o querermos adentrarnos no porqué e para que, foi o núcleo inicial do noso interese polo tema. De aí que necesitemos sentar ben a base desta pequena contribución a aquela parte da lingüística xeral onde ocupa o seu lugar a fraseoloxía, pois esa base subxace á percepción ou intuición inicial de que a función lúdica da linguaxe humana xoga un papel decisivo na socioxénese das UF do corpus aquí presentado. Dito con outras palabras, intuímos dalgunha forma, diante dese corpus, que a función lúdica é a forza matriz, de onde irradia no emisor adulto a gana de falar así como a gana de xogar co fillo, é dicir, a gana de interrelacionarse con el. Ela vén sendo unha especie de forza ilocutiva importantísima ao noso entender[6].

---

fática; a nai quere coa súa resposta garantir a continuación do diálogo, a prolongación do mesmo, a través de, por exemplo, a sucesiva pregunta metalingüística do rapaz acerca do significado exacto das súas palabras.

[6] Sobre a función lúdica deberemos preguntarnos se existe realmente como función autónoma, non vinculada necesariamente á poética ou á representativa. Hai dous posicionamentos básicos ao respecto. Un está ben representado en Eguren (1987), que, tras analizar teorizacións anteriores a el sobre as funcións da linguaxe desde Bühler a Ynduráin, e baseándose nun rico corpus de *jitanjáforas*, recitativos infantís e outros textos poéticos, conclúe dándolle carta de autonomía á función lúdica, se ben a irmanda coa poética. Outro posicionamento claro é o de Rojo (1983, 1986) que se sitúa cerca de Bühler pero que concorda con Jakobson en integrar tamén a poética e a metalingüística. Rojo fala de cinco dimensións: para o funcionalista de Santiago o lúdico, o máxico (presente, por exemplo, en certos recitativos infantís) e o fático, non son funcións; son usos. Percíbese un certo interese por preservar a función comunicativa como a función da linguaxe humana por excelencia. Fronte a estes dous enfoques, que podemos considerar ben definidos, situamos a obra de lingüistas como o propio K. Bühler ou M.A.K. Halliday, que traballaron con nenos e investigaron fondamente a linguaxe dos rapaces. Ao longo dos escritos de ambos os dous, a medida que van estudando as distintas e progresivas etapas do desenvolvemento global do neno/rapaz (pragmático-motriz-utilitarista-corporal, cerebral, espiritual –polo menos en Bühler, moi consciente de que non todo é tanxible nin observable–, e lingüístico), van enunciando distintas funcións na adquisición da linguaxe. En Bühler non é unha enunciación sistemática pero fala, por exemplo, de funcións como a simbólica (Bühler 1934:225) ou a denominativa (1934:224). En Halliday hai sistematicidade e enuncia sete funcións: a función instrumental da linguaxe do neno, a función reguladora, a función interaccional, a función persoal, a función heurística, a función imaxinativa e a función representativa (Halliday 1982:3-10). Porén, todos sabemos que á hora da verdade, é dicir, na reformulación global, no plano da teoría xeral da linguaxe (plano metalingüístico por excelencia) Bühler limítase a tres funcións, deixando totalmente á marxe as que puidesen ser operativas na infancia; e Halliday procede igualmente por redución, unha vez superada a etapa da infancia, falando de tres metafuncións moi abstractas (fronte ás funcións utilitarias anteriores). Incluso chega a lembrar o concepto de *atrofia funcional* (Halliday 1982:9): os modernos estudos de neuroloxía cerebral falan, paralelamente, de redución de sinapses, xa que no primeiro ano de vida, en determinados lóbulos e/ou parte da codia do cerebro do neno aumenta moitísimo a densidade sináptica, chegando a ter máis conexións cerebrais ca un adulto, pero tempo andando prodúcese unha especie de poda, é dicir, hai un proceso selectivo e unha parte das sinapses resulta reducida, podada [Blakemore e Frith 2010:42-46]).

E, neste punto, imponse unha pregunta: existe unha función comunicativa tal que teoricamente se pode expandir ou multiplicar nun número x de funcións, algunhas altamente rendibles e útiles na etapa infantil humana, pero que logo, na etapa adulta, de pleno desenvolvemento da capacidade reflexivo-discursiva, se subsume ou reduce ao mínimo representativo ou suficiente? Ou, máis ben, abonda con dicir que hai un solapamento, unha intersección de funcións, de tal forma que na linguaxe adulta a función poética integra ou engloba a función lúdica e mais a estética? Sen pretender dar unha resposta que excedería os límites

Ademais, desde outro enfoque posible e complementario, podemos dicir que a nai xoga co fillo porque se adapta a el. É un principio básico de empatía, esperable sempre a priori cando un emisor e un receptor se interrelacionan[7].

O neno ri antes que fala[8]. O neno xoga antes que fala. O neno cantaruxa antes que fala. É lóxico que informe posteriormente as súas estruturas lingüísticas desa carga: é lóxico que a linguaxe do rapaz sexa irradiada desa luz, ese gozo importantísimo que é o factor lúdico (en xeral é nuclear para o ser humano - deixóunolo claro Johan Huizinga - o home é un ser lúdico por definición, ata o punto de que para el incluso a relación co sagrado pode enfocarse como unha relación lúdica). Pode dicirse que, inicialmente, para o neno falar é xogar[9]. O xogo implica, ademais, tensión. A primeira das

---

deste artigo, podemos simplemente deixar aberto o tema e seguir adiante manexando, por pura comodidade se se quere, o concepto de función lúdica na linguaxe do rapaz.

[7]A mutua adaptación dos interlocutores, un ao outro, é considerada por Bernicot un factor importante á hora de definir o concepto de *rexistro* (Bernicot, 2010, 75).

Na interrelación nai e fillo, os especialistas falan xa dun tipo especial de linguaxe materna (*motherese* en inglés), polo menos para a etapa inicial da adquisición da linguaxe por parte do neno. A lingua da nai "infantilízase", podiamos dicir, e adopta mecanismos fónicos, sintácticos, léxicos e comunicativos en xeral, específicos para mellor estimular a resposta e a conduta adecuadas, o progreso en xeral na aprendizaxe da linguaxe por parte do rapaz. Neste caso concreto que nos ocupa, o alto índice da presenza da función lúdica na fala da nai pódese enfocar como un mecanismo máis nesta orde de cousas de tipo comunicativo.

Outros exemplos que temos percibido da función lúdica (presenza da non verdade) na comunicación nai-fillo: Unha coñecida da nai, amósalle a Celia, de 3 anos, a súa pulseira verde e dille: –*Celia, gústache a miña pulseira de cristais?* A rapaza cala. A nai dille sorrindo a Celia: –*Que bonita!, é rosa, non si?* Entón Celia reacciona, nega enfaticamente.

[8] Hoxe en día, os pediatras adoitan preguntarlles aos pais se a criaturiña bota gargalladas arredor dos catro meses: o normal é que a partir desa idade empecen a rir ás gargalladas. É un dos indicadores básicos de boa saúde mental, se se nos permite a expresión. Hai recitativos, palabras lúdicas ou xogos verbais con contacto físico encamiñadas a facer rir ao neno. Sabemos de cinco: 1. *Palma repalma, chica morena, ¿cómo la quieres, grande o pequeña?* (oído na Coruña, pero é universal hispánica; mentres se recitan esas palabras, a nai –ou pai ou adulto en xeral– faille cruces na palma da man ao neno e ao final cóxegas mentres a propia nai ri); 2. *Este queixo é queixolán, esta boca pide pan, estes ollos pestanexos, fura por aquí conexo!* (informante de Boimorto, Coruña; a medida que se fala vaise tocando a parte correspondente do rostro do neno, e ao final, *fúrase* con cóxegas no colo, debaixo da barbela); 3. *Este olliño pimpilín, este olliño pimpilán, este nariz narizán, esta boca pide pan, este queixo non llo dá, arríncate cabalán!* (informante de Arzúa; vaise tocando nun ollo, no outro, no nariz, na boca, no queixo e na frase final, tírase polo narís do rapaz, para facerlle o xogo, e así lógrase que o neno ría, e se lle gusta, pide *"Outa vez!"* [sic]); 4. *Cuando vayas al carnicero que te corten por aquí, por aquí y por aquí. Esto para el gatito y esto, ¡para mí, para mí, para mí!* (informante de Pueblo de Vallecas; mentres se recita ludicamente, vanse facendo imaxinarias talladas no brazo do neno; na palabra *gatito* a nai faille cóxegas no buratiño da articulación brazo-antebrazo, e na tríade *para mí* fánselle cóxegas múltiples no oco da man); 5. *¡Cucú-tras!, ¡cucú-tras!* (informantes de Madrid, na Coruña a fórmula era *¡cucú-tulé!*; vímolo facer cun neno de 6 meses, a nai tapa o seu rostro coas mans ao dicir *cucú* e inmediatamente destapa e ri ao pronunciar *¡tras!*, indefectiblemente o neno ri).

Ana Pelegrín, a este respecto, na súa epígrafe sobre cóxegas e risas sinala palabras lúdicas destinadas a provocar o riso no neno (Pelegrín 1984:70).

[9] Trátase dun enfoque posible. Para o neno, falar é xogar e máis cousas: é relacionar os referentes extralingüísticos co eu e co ti, é representar o mundo: *eu era médico, ti eras o enfermo*, ou *eu era a princesa e ti eras o príncipe*, ou *isto eran os filetes* –un tipo de folla– *e isto era o arroz* –as flores do sabugueiro–. Está claro que *era, filetes* e *arroz* non son de seu palabras lúdicas pero están integradas no discurso infantil e cárganse de valores que responden á irradiación de distintas funcións (a lúdica e a que Halliday chama "de fantasía", unha función que á luz do saber actual, resulta imprescindible para que o

dialécticas; a tensión imprescindible entre o *eu* e o *ti*, a do xogo e a da interrogación: as preguntas aos pais, aos mestres, á natureza (*Cuco-rei, cantos anos vivirei?*), aos iguais en idade (*Adiviña adiviñanza*, é dicir, vexamos quen é máis listo, midamos canto sabes), van conformando unha estrutura mental, a da mente dialóxica, crucial, ao noso entender, para a aprendizaxe do rapaz, para o posterior desenvolvemento global dese ser humano. Esa estrutura dialóxica é un eco, podiamos metaforicamente dicir, dunha estrutura dialóxica real extralingüística (pero tamén lingüística, metalingüística, en canto que temos interacción emisor-receptor), ben representada no caso que propoñemos como modelo, a relación nai-fillo.

Unha última cuestión previa refírese á ubicación do corpus manexado dentro da fraseoloxía. Ímonos mover na periferia do obxecto de estudo lingüístico. O núcleo entendemos que é a propia fraseoloxía, caracterizada por [+LINGÜÍSTICA / +PRAGMÁTICA / +LÉXICO / +ETNOLINGÜÍSTICA[10]]. A periferia na que desenvolvemos o noso traballo viría caracterizada, naquela parte que non se solapa co núcleo –pensemos en dous conxuntos que se enlazan formando un oito cunha zona de intersección no medio– máis ben por [+PSICOLINGÜÍSTICA / +PRAGMÁTICA / +FENOMENOLOXÍA DO FEITO LINGÜÍSTICO / +UNIDADES BALEIRAS DE SIGNIFICADO LÉXICO]. A presenza de unidades baleiras de significado léxico contribúe, sen dúbida, a darlle a este tipo de fraseoloxía un carácter marxinal. Boa proba desta marxinalidade é a súa escasa presenza nos dicionarios[11].

2. O corpus

2.1. Metodoloxía empregada para a obtención do corpus

Os datos obtivémolos por medio de entrevistas. Nun primeiro momento seguimos o método da enquisa dirixida, é dicir, provocamos no entrevistado que falase a partir dunha serie de preguntas que introducían o tema, deixando que os datos buscados agromasen.

Exemplos de pregunta neste estadio:

> *1) Cando eras neno e chegabas á casa preguntando "Mamá, mamá, qué hai de comer?", que che dicía a túa nai?*
>
> *2) Que che contestaba a túa nai cando lle dicías "Mamá, teño fame"?*
>
> *Mamá, teño sede"/ "Mamá, dóeme a barriga!"*
>
> *3) Que che dicía a túa nai cando lle preguntabas "Mamá, que me vas traer?"?*

---

neno se comunique cos outros, para que a súa mente xere as normais estruturas da linguaxe humana: un consello valioso dos especialistas en problemas de autismo é que os pais do neno fomenten esta función imaxinativa).

[10] A fraseoloxía supón un estadio superior de coñecemento na adquisición dunha lingua. É unha boa proba do dominio dunha lingua. Entre outras cousas porque non só implica un saber léxico, de vocabulario, senón tamén un saber cultural, de cosmovisión dun pobo, dunha civilización, dunha cultura humana.

[11] De 58 variantes para o tipo 1 do corpus, por exemplo, só figura unha nos dicionarios académicos: *nito*, presente en (1.42) vén no DRAE, na acepción 2; no DRAE, s.v. *huevo*, tamén figura a expresión *huevos moles* (1.38), pero sen relación co uso que a nós nos interesa.

Nun segundo momento introducíanse no interrogatorio algunhas das UF buscadas, xa obtidas previamente, para asegurarnos mellor se eran ou non coñecidas polo entrevistado.

Exemplos de pregunta nestoutro estadio:

> *4) Cando lle preguntabas ao chegar a casa "Mamá, mamá, qué hai de comer?", non che respondía "Lingua de preguntadores"?*

Ás veces, a predisposición do entrevistado permite completar os datos con información de distinto tipo (sociolingüístico, pragmático, etc) que en principio non se solicitaba. Estoutra forma de obter información responde ao método de enquisa semidirixida: ao facerlles unha ou dúas preguntas, os entrevistados relembraban outros posibles casos e outras respostas, guiados por exemplo pola ironía (*cando si se burlaba de min era cando eu lle dicía…*), que nos serviron de fio para completar a información.

En canto á forma de contacto, a forma predominante foi por contacto directo co entrevistado. E en segundo lugar, tamén interrogamos por escrito, a través do correo electrónico.

Os interlocutores foron, basicamente, suxeitos entrevistados de oportunidade. E con respecto aos criterios de selección, debemos dicir que nunca pretendemos unha mostraxe representativa de ningún sector social en concreto, nin nos propuxemos acadar cotas mostrais específicas. Simplemente procuramos que o corpus tivese unha certa extensión –entrevistamos a máis de 200 persoas– e en todo momento quixemos aproveitar a situación en que nos encontrabamos, tratando de conferir certa diversidade á mostraxe aleatoria, en idades (hai dous grupos ben diferenciados: un, entre os 17 e 25 anos; outro, entre 45 e 65) e procedencia (rural e urbana).

2.2. Bloque I

Neste bloque temos sempre unha estrutura dialogada mínima, cunha pregunta (directa ou indirecta, implícita ou explícita), petición ou queixa por parte do rapaz, e unha resposta por parte do adulto, normalmente a nai.

Tipo 1. Pregunta: *Que hai de comer?* (Emisor = rapaz).

O tipo 1 é o núcleo orixe do noso traballo. Temos aquí unha unidade fraseolóxica complexa (UFC), universal tanto no dominio galaico como no dominio do español peninsular e tamén no dominio hispanoamericano[12].

[12] Xulgamos pertinente achegar certos datos obtidos mentres recadabamos a información. Dalgunha maneira a obtención da propia información entra a formar parte do acto comunicativo: activamos a función metalingüística, contextualizamos de novo o xa vivido. Así temos: 1º. Os adultos relembran a infancia. Reactualizan lembranzas medio esquecidas. 2º. Lembrar as respostas das nais ou avós cando eran nenos frecuentemente supón unha nova forma de gozar. Provoca o riso no informante. 3. Obtéñense datos psicolóxicos do informante con facilidade (por exemplo, "*Eu non preguntaba…, miña nai xa me ten dito 'debiches falar máis comigo, ser máis aberta…*"). 4. Da mesma maneira, obtéñense datos sociolóxicos: unha nosa alumna chinesa, á quen lle mandamos que lles preguntase aos seus pais, contéstanos ao cabo duns días: *"Na xeración dos meus pais esa pregunta non tiña sentido, non había apenas qué comer…"*; outra posible informante, filla dunha familia de estatus social medio-alto, responde: "*Na miña casa*

É unha unidade fraseolóxica complexa de tipo dialóxico. Responde á fórmula binaria P-R (pregunta-resposta). O alto grao de variables[13] na resposta fai que debamos enunciar a UFC do seguinte modo: *–(Mamá, mamá,) que hai de comer?* –RESPOSTA [+IRONÍA, + FUNCIÓN LÚDICA], é dicir, unha enunciación fraseolóxica con casiña baleira complexa[14].

Respostas (E = nai/avoa/avó/*ama*):

A. De falantes galegos, en galego.

(1.1) *–Lingua de preguntadores* (parece universal en Galicia, documentámola en falantes do Concello de Zas, en falantes de Silleda e en falantes do Concello de Lalín; a variante *linguas de preguntadores* documentámola nunha nosa alumna coruñesa de 17 anos, dicíallo a nai portuguesa, de O Porto).

(1.2) *–Lingua de perdices* (o noso informante, duns 60 anos, natural do municipio de Silleda, dinos que a súa nai respondía así cando había algunha exquisitez, algo que ela sabía que lle gustaba a el; a variante en plural, *linguas de perdices*, rexístraa Vázquez Saco [Vázquez Saco 2003:985]).

(1.3) *–Picos de paxaro e alas de mosca* (informante de Coruña; dicíallo o avó de Verín; ás veces no canto de *mosca* aparecía *mosquito*).

(1.4) *–Arolas* (informante de Rianxo; podía pensarse –de feito iso cría a nosa alumna e a súa nai– que temos aquí unha palabra-rima, baleira de significado léxico, como temos por exemplo en [1.23], pero non é así. As *arolas* son un tipo de molusco, figuran en Ríos Panisse [1977:21, 114, etc.]. Ao suxerirlle á nosa alumna que lle preguntase ao avó, lembraron da existencia noutrora deses saborosos froitos do mar. "Son xa raras", díxonos. Existe a unidade fraseolóxica *comer arolas* 'comer cousas de poco alimento, quedar con ganas'[DdD]).

(1.5) *–Beltrantes* (informante de Friol, Lugo. Ás veces, unha frase como esta dá lugar a unha nova pregunta con resposta encadeada, nunha especie de proceso de retroalimentación lingüística –que siga o xogo: *–E que son beltrantes? –Cagallones para os preguntantes*. Unha variante deste proceso témola na seguinte secuencia: *–Madriña* [é tamén avoa]*, que estás facendo?* [de comer]. *–Chuchinos*. *–E que é iso? [entón facíate rabear un pouco]*, *que é, ho? –Os collóns dos capuchinos*. Informante de Loureda, Arteixo[15]).

---

comíase sempre á mesma hora", de onde se deduce un sistema educativo suxeito a normas digamos ríxidas. Subxace aquí a idea, importante, de que preguntar qué hai de comer non é de boa educación. 5. Salvo un caso en que temos a *nana*, e outro no que temos o avó, quen contestaba era a nai –máis do 90% dos casos– ou a avoa.

[13] Corpas dá como unha das características esenciais das unidades fraseolóxicas a posibilidade de variación dos seus elementos integrantes (Corpas 97:20).

[14] Dalgunha maneira temos aquí, nesta clase de unidades fraseolóxicas complexas, un tipo de *matriz,* tomando como modelo o concepto de *matriz* que propón Gouadec, citado por Pastor (2010:201). Isto é, unha unidade fraseolóxica composta por elementos fixos e elementos que están suxeitos a variación.

[15] Luque (2008:101) rexistra unha estrutura encadeada deste tipo encabezada pola pregunta infantil *¿Qué me vas a comprar?* A resposta e conseguinte pregunta coinciden coas variantes galegas no valor escatolóxico

(1.6) –*Bocacala* (informante de Santiago de Compostela. Hai un xogo de palabras: "cala a boca"; a mensaxe é clara e común a case todas as respostas deste tipo 1: *Non preguntes*).

(1.7) –*Piripantes* (informante de Conxo, Santiago).

(1.8) –*Cabalo* (informante da Coruña. Ata non hai moitos anos había na Coruña polo menos unha carnicería de carne de cabalo, nos Mallos).

(1.9) –*Comida* (é resposta universal, lacónica).

(1.10) –*Caldo e algo máis* (informante de Arzúa).

(1.11) –*Hostias en vinagre* (informante da Coruña).

(1.12) –*Pan con pan comida de tontos* (informante de Santiago. Temos aquí un caso de reutilización dun refrán. Sucede igual cos casos [2.6] e [2.7]).

(1.13) –*Pedras do campo* (informante da Coruña).

(1.14) –*Pica piquelo* (informante de Quiroga. O *piquelo* como voz común é o peto, así aparece en Fole –citado por Vázquez Saco 2003:977–. O noso informante explica que a nai con esta frase quería dicirlle que había o de sempre: de igual forma, o piquelo toca sempre a mesma canción co seu peteiro petando).

(1.15) –*Picos e callares para que outra vez non me preguntares* (informante octoxenaria, a frase dicíalla sempre a súa nai –as dúas de Valencia do Sil, Vilamartín de Valdeorras–. Porén, xa non llela transmitiu aos fillos. É a máis explícita, quer dicir, a que axuda a constatar máis claramente que a pregunta *que hai de comer?* é impertinente conforme certas regras educativas).

(1.16) –*Patacas e guisantes e merda para os preguntantes* (informante de Bóveda, Monforte).

(1.17) –*Menos lingua… (porque diso xa tes bastante)* (informante de A Revolta, Carballo de Bergantiños).

(1.18) –*O que está feito* (informante de Bergantiños).

(1.19) –**Abexarrucos en leite* (informante de Coruña de vinte anos; dicíallo a avoa coruñesa).

B. En castelán:

(1.20) –*Agua frita y papel asao*[16].

---

malsoante: –*Una peralta. –¿Y eso qué es? –Una mierda así de alta*. Imponse a certeza de pertencermos á mesma tribo, a do feraz e feroz por veces, realismo cru, esperpéntico, escarniño.

[16] A maior parte das respostas en castelán fóronos fornecidas polos nosos alumnos de 2º de bacharelato. Moitos deles recorreron ao buscador Google. Non sempre especifican o enderezo correctamente. Ofrecemos dous: <http://www.fogonazos.es/2004/09/canguingos-moooos-panconpingues.html> e <http://blogs.20minutos.es/madrereciente/2009/06/25/mamaa-aaquao-hay-comer/>. En todos os casos en que non se especifica entre parénteses a fonte de información, debemos entender que as respostas nos foron fornecidas polos nosos alumnos.

(1.21) –*Agua molida y viento raspado*.

(1.22) –*Aire frito en sartén de palo*.

(1.23) –*Aliola, un puchero a la lumbre con agua sola*.

(1.24) –*Andantes para los preguntantes*.

(1.25) –*Borritones en salsa y chamarises a la varilla*.

(1.26) –*Briones y mandilones*.

(1.27) –*Cacarrollas de verano*.

(1.28) –*Canguingos (a la jota) y patas de peces* (Luque 2008:101).

(1.29) –*Canguingos y ancas de rana*.

(1.30) –*Chiflios y revolandetas*.

(1.31) –*Chorlas con borlas*.

(1.32) –*Confroncios y buenas pasas gordas*.

(1.33)– *Confrondios y pasaslargas*.

(1.34) –*Cortapicos y callares y lengua de preguntadores*.

(1.35) –*El corazón de un mosquito* (informante da Provincia de Buenos Aires).

(1.36) –*Grescos frescos y cagarritos fritos*.

(1.37) –*Guisantes, comida para los preguntantes*.

(1.38) –*Huevos moles*.

(1.39) –*La gracia de Dios* (chama a atención pola beleza inmanente: non hai dúbida de que a función estética vai da man da poética, e ambas as dúas da lúdica nesta UF: a graza de Deus é intanxible; resulta difícil de imaxinar como se pode comer).

(1.40) –*Majimones (sopa por cojones)*.

(1.41) –*Nísperos en vinagre*.

(1.42) –*Nitos y pajaritos fritos*.

(1.43) –*Pan, pijo y habas* (informante de Murcia).

(1.44) –*Pan y pillao*.

(1.45) –*Sesos de mosquito y truños*.

(1.46) –*Socoñuños, mojones como puños*.

(1.47) –*Tachuelas esparragás y azulejos blancos con tomate*.

(1.48) –*Tortas y pan pintado*.

(1.49) –*Un barco velero y mierda pal novelero* (informante de Canarias).

(1.50) –*Lengua de canario* (informante de Santiago de Chile. É o único caso –no que nós puidemos saber–, en que a relación se establece entre *ama*-neno. "A *nana* levaba toda a vida connosco, era unha segunda nai, xa estaba coa miña avoa").

(1.51) –*Ajenjos* (informante de Villaescusa de Roa, Burgos. "Diciánolo a nosa nai, que era unha nena, casou con 17…, non sei o que son os ajenjos, dicíanolo por dicir, logo xa chegabamos e eu dicíalle *¿Qué hay de comer, ajenjos?*, e ela botábase a rir". A palabra *ajenjo* figura no DRAE, trátase dunha planta de sabor amargo).

(1.52) –*Un correqueteverás con las patas colorás* (tanto [1.52] como [1.53] e [1. 54] están desprazadas aquí do seu contexto orixinal, que, a xulgar pola rima *correqueteverás*, *curriverás* con *tras*, *traerás*, debeu ser o que lle corresponde ao tipo 7).

(1.53) –*Un correquetevienes con las patas verdes*.

(1.54) –*Un currivirás con un cascabelín detrás*.

(1.55) –*Lentejas, si las quieres las comes y si no las dejas.*

(1.56) –*Lentejas, si las quieres las comes y si no las diejas*[17].

(1.57) –*Tetas, sopas y mojar la pringue* (informante sevillano pero de nai xienense; ao explicarnos ben o significado da frase, dicía: "¡de todo, vaya, que no se puede pedir más!").

(1.58) –*Culindrines con calandracas* (informante de Coruña).

Tipo 2. Petición implícita: *Mamá, teño fame* (Emisor = rapaz).

Respostas (E = nai):

A. En galego:

(2.1) –*Pois morde un dedo* (informante de Valdeorras).

(2.2) –*(Pois) rilla un brazo (e come carne)* (informante de Deza).

(2.3) –*Pois vai ao cu e lambe* (informante de Deza).

(2.4) –*Pois vai ao cu e come carne* (informante de Arzúa).

(2.5) –*Roe un brazo* (informante de Sta. Cruz de Ribadulla).

(2.6) –*Pois na terra do meu home, o que non traballa non come* (informante de Niós, Abegondo).

(2.7) –*Boa é a fame que espera fartura* (informante de Valdeorras).

B. En castelán:

[17] Informante de Sendelle, Boimorto. Non hai dúbida da procedencia castelá da unidade fraseolóxica, e por se a houbera, velaí a ditongación hipercaracterizadora. Vázquez Saco recolle unha UF galega que se corresponde ben coa castelá das lentellas: *Todo é peixe: o que non o queira, que o deixe* (Paz Roca 2007:290).

(2.8) *–Pues come piedras* (informante de Alhambra, Ciudad Real).

(2.9) *–Pues alza la pata y lambe* (informante de Coruña)

(2.10) *–Pues cómete el dedo grande*.

(2.11) *–Pues en la boca lo tienes y es carne*.

(2.12) *–Pues muérdete el culo y comerás carne* (Luque 2008:101).

Tipo 3. Petición implícita: *Mamá, teño sede* (Emisor = rapaz).

Resposta (E = nai):

(3.1) *–Pois mexa e bebe* (informante de Arteixo).

Tipo 4. Queixa: *Mamá, doime a barriga* (Emisor = rapaz).

Respostas (E = nai):

(4.1) *–Pois frégaa con ortigas* (informante de Ferrol, de Arteixo…, é universal).

(4.2) *–Pois frégaa con palla triga* (informante de Arzúa; aquí temos unha nova variante da concatenación que vimos en [1.5]: *–Mamá, dóeme a barriga*. *–Pois frégaa con palla triga*. *–Xa a freguei e non me pasou, malia o ladrón que me mandou*. Hai variante en castelán da réplica impertinente: *–Ahora la froto contra quien me mandó*. É de supoñer que o engadido xa é cousa de rapaces maiores, nunha dialéctica lúdica entre eles).

(4.3) *–Doime a cabeza*. *–Dálle contra unha artesa; se a artesa é dura, contra a pata dunha burra* (Rielo 1980:78).

Tipo 5. Queixa: *Mamá, me aburro* (Emisor = rapaz).

Respostas (E = nai):

(5.1) *–Pues compra un mono* (informante de Coruña).

(5.2) *–Pues compra un perro* (informante de Valdeorras).

(5.3) *–Pues saca un pelo de una pierna y plántalo en la otra* (informante de Conxo, Santiago).

(5.4) *–Pues date con una piedra en la espinilla* (Luque 2008:101).

Tipo 6. Queixa: *Mamá, non me gusta* (Emisor = rapaz).

Resposta (E = nai):

(6.1) *–Pois bótalle azucre*.

Tipo 7. Pregunta: *Mamá, que me trai da feira?/Mamá, que me traerás?/ Mamá, que nos tras?* (Emisor = rapaz).

Respostas (E = nai):

(7.1) *–Un corroverás* (informante de Loimil, A Estrada).

(7.2) *–Un corroverás, que anda pra diante e pra atrás* (informante de Valdeorras).

(7.3) *–Un corre que te cagas e unha levita para subi-la costa de santa Margarita* (informante nacida en Caión e casada na Coruña).

(7.4) *–Un carrabolás coas pernas para atrás* (Martíns Seixo 2007:244).

(7.5) *–Un cuco para os novos* (López Taboada e Soto Arias 2008:173).

(7.6) *–Vouche dar un corre verás coas pernas para atrás!* (González Guerra 2010:303).

(7.7) (*–Mamá, que me trai da feira?*) *–O camiño para andar, meu fillo!* (Vázquez Saco 2003:919)[18].

Tipo 8. Pregunta: *Onde estás?* (Emisor = rapaz).

Resposta (E = nai):

(8.1) *–En tableta. ¿Qué comiste? Cebolleta. ¿Qué bebiste? Vino blanco. Sácate de ahí, borrico, que yo me canso* (informante de Valdeorras; as palabras da resposta forman parte dun xogo infantil[19]).

(8.2) *–En la barriga del buey que se mueve, donde no nieva ni llueve* (informante de Coruña).

---

[18] En Luque (2008:101) figuran tres variantes desta serie en castelán: *Un siseñor con las patas verdes, Un lerele con pelo, Un tilín tin pal moño y unas medias colorás*.

[19] A informante explícanos que lle respondía así á filla para burlarse do seu medo: "tiña medo de noite, se a mandaba ao outro cabo da casa a buscar algo..." (é un dato a ter en conta: o lúdico neutraliza o medo; ten un claro valor educativo, de posible axuda no autocontrol dos medos infantís).

En canto ao recitativo, era un xogo de resistencia física que se xogaba en Valencia do Sil, Vilamartín de Valdeorras. Un rapaz enriba de outro, formando unha cadea, íanse pasando, saltando no lombo, dun noutro e a duración viña dada por este diálogo: o de abaixo preguntaba e ao chegar ao de 'yo me canso', botábao fóra.

Unha nosa informante de Silleda octoxenaria, cando oía, en presenza dos netos, a pregunta *onde estás/estabas?* reactivaba un diálogo-recitativo lúdico da avoa xorda e o neto que dicía así: *–Onde estiveches, meu neto? –En Ingalaterra. –Debaixo da terra? Ai Xesús, filliño! E que comías? –Caldo con unto. –Ósos de defunto? Ai, Xesús, meu neto! E que bebías? –Viño puro. –Mexos de burro?Ai, Xesús, meu fillo…*

O seguinte recitativo entoábase na infancia doutro informante dezao de 90 anos, mentres se saltaba nas costas dos nenos formando cadea: *–En que estás? –En taborete. –Que comes? –Pan de molete. –Dáme unha mighiña. –Eu cha darei. –Baixa ti que eu subirei* (variante digna de interese: na confrontación co recitativo valdeorrés, aparte do cambio de idioma, xorden dúas diferenzas básicas: elimínase o insulto e apréndese a compartir o pan).

As frases da informante valdeorresa *¿Qué comiste…, qué bebiste? –Vino blanco* gardan relación cos versos documentados xa no século de ouro español *¿Qué comiste? –Sopa en vino,* recollidos por Gonzalo Tobajas e Araque Comino (2001:217). Na casa dun noso colega santiagués, cando lle preguntaban de nenos á nai *onde está* unha terceira persoa ou unha cousa, a resposta lúdica invariable era: *la llevaba un perro en la boca.* En Esteiro (Muros) din *Téñoa eu no *bolsillo.* Ou *Non che parece que a teño eu no bolsillo?*

Tipo 9. Pregunta: *Como te chamas?* (Emisor = rapaz ou adulto).

Estas frases poden ser xeradas prescindindo da resposta do interlocutor, é dicir, o emisor pode preguntar e responder el mesmo. Pero un dos interlocutores é sempre un rapaz.

Respostas (E = rapaz ou adulto):

(9.1) –*Como te chamas? – Comecastañas. –Vai ao pote e arrebáñaas* (Valdeorras).

(9.2) –*Como te chamas? –Comecastañas. Eu as como e ti as apañas* (Deza).

(9.3) –*Como te chamas? –Comecastañas. El burro las caga y tú las apañas* (Terra de Lemos)[20].

(9.4) –*Como te chamas? –Comecastañas. E de apelido? –Caldo cocido* (Esteiro, Muros).

2.3. Bloque II

Neste bloque xa non temos necesariamente diálogo. Segue habendo unha pregunta pero agora quen formula a pregunta é un adulto, e non se espera resposta. Pero sempre presupoñemos a necesaria presenza dun rapaz no acto vivo de fala, ben sexa como interlocutor activo, ben como interlocutor-oínte silencioso.

Tipo 10. Pregunta implícita: *Por que non contestas/falas?* (Emisor = adulto).

Resposta: normalmente non hai resposta.

(10.1) –*Quen che comeu a lingua, o gato?*

---

[20] (9.1), (9.2), (9.3) en principio debían responder ao esquema P (E^1)-R (E^2)-R (E^1). É dicir, un neno formula a pregunta, outro neno responde e o primeiro neno retruca. Pero este tipo admite variantes: por exemplo (9.2)= P (E^1)-R (E^2). Outra variante nace dun contexto deste tipo: Emisor adulto, a neno descoñecido que vai coa nai, que pode ser coñecida ou non do 1º E.: –*Como te chamas?* [Silencio do rapaz, a nai dille] –*Dille como te chamas…* [Silencio] [O emisor adulto di] –*Comecastañas, chámaste comecastañas?* Neste caso, a reacción do neno pode ser de grande enfado: –*Non, non me chamo Comecastañas!*, cunha dobre posibilidade posterior, que diga daquela o seu nome ou que se negue, con razón talvez, a comunicalo; a pragmática deste pequeno acto de comunicación –sucede igual noutros casos, como o implicado en (10.1)– responde aos criterios educativos do grupo social: nós sempre procuramos educar os nosos fillos para que respondan cortesmente a determinadas preguntas, entre elas entra o nome; permanecer coa boca pechada sistematicamente diante dun adulto que pregunta ou se interesa con cortesía, sempre nos pareceu falta de educación; neste punto concordamos coa Alicia de L. Carroll, que sabe perfectamente que encetar conversa é unha obriga e que non é de boa educación permanecer amuada diante dun estraño que se dirixe a ela.

Un noso informante, de 25 anos, asegúranos que de cando en vez a súa cuadrilla de amigos coruñeses xoga con este esquema comunicativo (tipo 9.1, 9.2), teatralizan esta simple pregunta-resposta do *comecastañas*, esquema universal en Galicia, que, polo que parece, se conserva vivo e emana un alto valor lúdico-festivo. Unha última variante vivida por nós: hai dous adultos xuntos [deberá haber unha boa base de confianza na súa relación], un deles fala cun neno que se aburre nunha sala de espera coa nai presente. –*Como te chamas?* [o neno é sociable, responde alegre] –*Chámome X.* [entón o adulto di] –*Pois eu chámome H, e este* [sinalando ao adulto acompañante seu] *chámase Comecastañas*.

Un caso paralelo, con tres actantes, nai-neno-adulto descoñecido, témolo no acto comunicativo seguinte: [Nai] –*Dálle as grazas.* [Neno] –*Moitas grazas!* [Adulto]–*Dise "Moitas veces!"*, resposta esta que nós persoalmente sempre oímos en boca dun adulto que fala cun neno.

(10.2) *–Seica che comeu a lingua o gato?*

Tipo 11. Pregunta-interrogación retórica que implica na maior parte dos casos unha orde negativa do tipo *non fagas iso* ou afirmativa do tipo *deixa xa de facer iso* (Emisor = adulto).

Burla directa da nai ou do adulto sen pregunta previa do fillo. Non se espera resposta. O estímulo que provoca a pregunta-UF é fisiolóxico (está relacionado co corpo do rapaz).

(11.1. a) *–Que? Hai festa hoxe nos salóns?* (informante de Valdeorras; "dicíanolo cando furgabamos co dedo no nariz; movía a nosa curiosidade, ao ser interrogada, a nosa nai respondía irónica: *como te vexo limpar tanto...*"; a UF *limpar o salón* figura en Hermida 2009:296).

(11.1.d) – *¿Vas ao cine? Como sacas as entradas...* (Esteiro. Muros).

(11.1.b) – *¿Qué andas buscando, petróleo?* (informante madrileña).

(11.1.c) *–¿Qué andas buscando, perlas?* (informante manchega; en López Morales 2010, s.v. *Sacar*, figuran varias frases usadas neste mesmo contexto: *Hornearse la nariz*, *Sacar el pan del horno*, *Sacarse el pan*, *Sacarse pan*).

(11.2) *–Quedaches fartuco, eh?, agora podes ir para o palleiro* (informante de Arzúa; dicíaselle ao rapaz cando comía moito e ben).

(11.3.) *–(Que?) Cáeche o pisón?* (informante de Malpica de Bergantiños; dicíallo o pai cando topeneaba co sono)[21].

(11.4) – *Milmañas, ti ris ou regañas?* (informante de Arzúa, dicíaselle aos meniños cando choraban sen ganas; a frase procede dun conto popular[22]).

2.4. Bloque III

Presentamos neste bloque unha serie de estruturas sempre rimadas. A resposta rima normalmente cunha palabra da pregunta ou da interpelación primeira. O emisor

[21] En paralelo con esa frase están aqueloutras expresións onde entra en xogo *Pedro Chosco*, como *éntrache/tes/vénche Pedro Chosco*, que se lles di aos nenos cando se lles cerran os ollos co sono; hai variantes: *Piro Chosco* (López Barreiro 2006:325)*, Pedro Cego, Pedro Chusco* (DdD, s. v. *Pedro*). Na fala do pai do noso informante, o *pisón* é a cabeza (aparece tamén noutras frases deste mesmo informante, como por exemplo *este tenche moito pisón*, con valor tanto negativo –é un cabezón descerebrado–, como positivo). Esta acepción de 'cabeza' é secundaria. A acepción primaria alude a un tipo de maza para pisar uvas, toxos, etc.

[22] Da contribución do folclore contístico á fraseoloxía en xeral xa temos falado noutro lugar (Soto Arias e González García 2009:211-229). Aí cítase, por exemplo, o caso da frase *calzar as botas de sete leguas* que unha nai lle dicía a un noso alumno; na resposta contida en (8.2) aparece unha frase tomada do coñecido conto de "Garbancito".

Con respecto ao caso que formula (11.4), sabemos de máis expresións en son de burla cando un rapaz chora sen ganas ou chora por pouco motivo. Por exemplo: *–Mira pra ela..., esta nena ri como choran en Francia* (informante de Valdeorras). Ou tamén: *Este meniño ten o meco* (dise cando os nenos se enfurruñan [Rielo 1980:145]). Nesta serie aínda se podía integrar a frase seguinte: *–Vaiche saír a tripa cagueira* (burla aos nenos cando se asustan por unha ferida [Hermida 2009:301] En Esteiro (Muros) – *Vaiche saír a tripa resqueira..*

sabemos que pode ser un rapaz. De feito, case todas son pequenas dialécticas nacidas ao amor da curiosidade tipicamente infantil. Respecto ao receptor, ao actante que responde, temos as dúas posibilidades, que sexa un adulto, ou que sexa outro rapaz. Algunhas destas frases son extrapolables a calquera idade[23].

Tipo 12. Pregunta produto da curiosidade ou da impaciencia (Emisor = rapaz).

Resposta rimada que implica unha negativa a satisfacer esa curiosidade (E = adulto ou rapaz):

(12.1.a) *–E que máis? –Todo eso por medio peso* (informante de Boimorto. É unha expresión lúdica de peche do discurso, dicíaselle aos nenos pedichóns ou moi curiosos).

(12.1.b) *–¿Y qué más? –Una espuertapaja* (informante manchega, é paralela á anterior).

(12.2.a) *–Onde? –Na casa do conde* (informante de Coruña).

(12.2.b) *–¿Dónde? –En la casa del conde, que ni se mueve ni se esconde* (Coruña; hai variantes no enderezo electrónico citado na nota 15).

(12.3.a) *–Que imos facer? –Tallar e comer* (informante de Arzúa).

(12.3.b) *–Que hai que facer/Que imos facer/Que teño que facer? –Erguer o cu e deixalo caer* (informante de Arzúa).

(12.3.c) *–Que hai que facer? –(O que hai que facer é) calar e comer* (informante de Valdeorras).

(12.4) *–¿Qué me das? –Blas que te das* (informante de Coruña[24]).

(12.5.a) *–Que pasa? –Pasa o que sucede* (informante de Arzúa[25]).

---

[23] Un exemplo paradigmático témolo en (12.6), resposta lúdica usada entre adultos cando non se quere dar a fonte de información. Movémonos nun terreo esvaradío: podemos saber con absoluta certeza o contexto concreto primeiro para unha frase que logo pasa a ser fixada polo uso xeral? Neste bloque máis que en ningún outro, debemos lidar coa incerteza de que na xénese da frase houbese un interlocutor rapaz, conditio sine qua non para darlle entrada no corpus. Conformámonos con saber a ciencia certa dun caso, polo menos, da experiencia dun informante que así nolo confirma (*dicíanmo cando eu era rapaz*). Unha incerteza paralela deben asumir os lexicólogos cando etiquetan como infantís determinadas palabras nos dicionarios. Unha palabra é *infantil* porque a xerou un neno cando aprendía a falar, ou porque a xerou a nai infantilizando a súa linguaxe cando falaba co fillo pequeno? Velaí a cuestión. Pensemos en palabras como *coco* e *cocón*, por exemplo.

[24] A nosa informante, nai de familia numerosa, dinos: "Moitas destas frases usámolas entre nós, son coma un código familiar..., ás veces veñen xantar a casa amigos dalgún dos meus fillos e óennos e din, 'que tedes, unha linguaxe propia que só vós entendedes?'" É esta unha reflexión interesante. Xa nos ten ocorrido máis veces, na nosa traxectoria de buscadores de frases, atopar con informantes cun rico acervo fraseolóxico de uso restrinxido: "estas frases só as usabamos no traballo, no grupo de traballo cando eu estaba en tal sitio..." Percíbese aquí unha especie de dialéctica lingüística: a tendencia á universalidade versus a tendencia ao idiolectismo, á salvagarda e hipercaracterización do clan.

[25] Volvemos atopar unha resposta que integra unha especie de tautoloxía ou festiva verdade obvia capaz de desconcertar e frear o impulso ilocutivo-negativo do rapaz (sexa curiosidade, sexa incapacidade de acatar

(12.5.b) –¿Qué pasa? –La bandera por tu casa / La saliva por la garganta (, la sangre por las venas y la mierda por el culo) (informante de Coruña, dicíase sempre entre rapaces).

(12.5.c) –¿Qué pasa? – La saliva por la garganta, el tren por la vía y el brazo por la manga/ Un burro por tu casa[26].

(12.6) *–Quen cho dixo? –Un paxariño* (universal, tanto no dominio galaico, como no hispánico peninsular, en xeral).

Tipo 13. Interpelación-saúdo: *Ola!* (Emisor = rapaz/adulto).

Resposta rimada (E = adulto/rapaz):

(13.1a) (*–Ola!*) *–Ola, ola, carabina sen pistola!* (informante de Valdeorras).

(13.1b) (*–Ola!*) *–Ola, ola, cazador sin pistola!* (informante de Compostela); recentemente oímos na Coruña que unha nai nova lle dicía á filla pequena, á saída do colexio:

(13.1c) *–Ola, ola, Cocacola!*, nunha clara reactualización ou adaptación discutible aos tempos nos que vivimos).

(13.2) –¡Hola, hola, pajarito sin cola! (Luque 2008:95).

Tipo 14. Interpelación-petición: *Perdón!* (Emisor = rapaz).

Resposta (Emisor = rapaz/adulto):

(14.1) *–Perdón! –(Perdón) polo gato rabón* (informante de Valdeorras; dillo a nai ao fillo cando o rapaz pide perdón sen sentilo, mecanicamente).

(12.2) *–Perdón! –Polo gato lambón* (informante de Deza).

(14.3) *–Perdón polo gato lambón e por ti non* (informante de Silleda; dicíase así entre rapaces, por exemplo cando un interpelaba ao outro coas palabras: *pídeme perdón!*).

(14.4) (–Perdón) –Perdón polo gato ladrón (que entrou pola xanela e saíu polo balcón) (Martíns Seixo 2007:242).

(14.5) *–Perdón! –Polo padre Pichón* (informante de Coruña)[27].

---

a voz dos maiores) na fórmula: *–Pero, pero... –(Pero) a pera non é mazá* (informantes de Valdeorras e de Deza).

[26] <http://www.elhuevodechocolate.com/retahila/retah-2.htm> [Data de consulta: 09/05/2011]

[27] Deixamos fóra do corpus unha serie de fórmulas rimadas dubidosas, en canto que non podemos asegurar que fosen xeradas cun rapaz de interlocutor, ou entre rapaces. Aínda que intuímos que así foi. Trátase das seguintes: *–¡Ah! –A primeira palabra que o burro da!* (Benavente e Ferro 2010:1357; informantes de Deza); *–Bonita. –Como o rabo de unha pita* (Ventín 2007:242); *–Cando? –Cando cagaba Fernando e ti ías por baixo lapando* (Ventín 2007:248); *–Canto custou? –Facerte falar; –¿E certo? –¿Que cando o rei c*...[aga] *ten o c*...[u] *aberto?* (Benavente e Ferro 2010:1357); *–I-agora? –Papas na ola* (Ventín 2007:245); *–O que? –O ollo do cu que non ve* (González Guerra 2010:303); *–¿Qué dices? –Narices. –As miñas son de carne e as túas de perdices* (Benavente e Ferro 2010:1357); *¡Qué pena! –Qué pena, tener*

2.5. Observacións

Verbo do tipo I, chama a atención o desbordamento de imaxinación e o surrealismo; hai un alto número de palabras inventadas ad hoc, son as chamadas formas baleiras de significado léxico concreto que non figuran nos dicionarios. Contabilizamos as seguintes no tipo I: *beltrante, chuchino, piripante* en galego; *aliola, borritón, brión, cacarrolla, canguingo, chamarís, chiflio, revolandeta, chorla, confroncio, confrondio, cortapico, cagarrito, majimón, truño, socoñuño*, sen contar as composicións *correqueteverás*, *correquetevienes*, *currivirás*, que tampouco figuran.

Tamén é elevado o número de palabras compostas; destaca por infrecuente a presenza de participios de presente do tipo de *preguntantes* (2 veces).

Outro dato que merece subliñarse é o que podemos denominar a *mobilidade* ou *polivalencia* de certas UF. Xa mencionamos a existencia de refráns usados como formantes de UFC ([2.6], [2.7]). Neste sentido, a resposta (1.35), "el corazón de un mosquito", recollido dunha arxentina con familia galega, recorda moito os compoñentes dunha cantiga popular burlesca: "*O fígado de unha pulga/ i-o corazón de un piollo,/ heillo de dar ó meu damo* [sic]*/ para que probe de todo"* (Ventín 2007:310). Pola súa banda, (7.6) aparece reutilizada como ameaza de castigo para os nenos que dan a roncha. Polivalente é (5.3), que pode ser usada noutro contexto: *–Que fas? – Estou sacando pelos dunha perna e meténdoos noutra* (Hermida 2009:301).

3. Conclusións

1. A linguaxe que xeramos na infancia non desaparece totalmente nunca das nosas vidas. Como norma xeral. E iso está aínda máis claro no caso daqueles seres humanos aos que a Providencia lles dá netos ou sobriños-netos.

2. A linguaxe produto da interrelación con ou entre rapaces vén frecuentemente informada desa enerxía que irradia a función que chamamos función lúdica da linguaxe humana. Produce gozo, ganas de vivir.

3. A función lúdica pódese considerar unha expansión da función comunicativa.

4. A estrutura do acto de fala xunto coas funcións da linguaxe tal como as formularan Bühler e Jakobson amósasenos como un óptimo paradigma para poder continuar avanzando no coñecemento da comunicación humana.

4. Referencias bibliográficas

BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.

BERNICOT, Josie (2010): "Evaluation des capacités langagières pragmatiques et interactions", en BERNICOT, VENEZARIO, MUSIOL, BERT-ERBOUL (eds.), 65-91.

---

reloj y no tener cadena (universal no español peninsular); *–Que pena! –Que pena, que pena, ter fame e non ter cena!* (informante de Bendoiro, Lalín); *–¿Quén? –O rabo da sartén que frite muy ben* (Benavente e Ferro 2010:1357). *¿Qué sabes? O que ti non sabes.* (Esteiro. Muros)

BERNICOT, Josie; VENEZARIO, Edy; MUSIOL, Michel; BERT-ERBOUL, Alain (2010) (eds.): *Interactions verbales et acquisition du langage*. Paris: L'Harmattan.

BLAKEMORE, Sara-Jayne e FRITH, Uta (2010): *Cómo aprende el cerebro. Las claves para la educación*. Barcelona: Ariel.

BÜHLER, Karl (1934): *El desarrollo espiritual del niño*. Madrid: Espasa Calpe.

(1979): *Teoría del lenguaje*. Madrid: Alianza.

CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español.* <http://www.rae.es> [Data de consulta: 10/05/2011].

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

CREA = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus de referencia del español actual.* <http://www.rae.es> [Data de consulta: 10/05/2011].

DdD = *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega.* <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [Data de consulta: 10/05/2011]

DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la lengua española.* <http://buscon.rae.es/draeI/> [Data de consulta: 10/05/2011].

EGUREN GUTIÉRREZ, Luis J. (1987): *Aspectos lúdicos del lenguaje. La jitanjáfora, problema lingüístico*. Valladolid: Secretariado de Publicaciones. Universidad de Valladolid.

GONZÁLEZ GUERRA, Anxo (2010): "Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 289-315.

GONZALO TOBAJAS, Ángel Jesús e ARAQUE COMINO, Esther (2001): "Juegos infantiles del Siglo de Oro en la tradición folclórica moderna", en ALVAR, Carlos; CASTILLO, Cristina; MASERA, Mariana e PEDROSA, José Manuel (eds.): *Lyra mínima oral. Los géneros breves de la literatura tradicional*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, 209-219 (http://lyraminima.culturaspopulares.org/actas/alcala/22-gonzalo-araque.pdf).

GRICE, Paul (1991): "Logic and Conversation", en *Studies in the way of words*. Cambridge: Harvard University Press, 22-41.

HALLIDAY, M.A.K. (1982): *Exploraciones sobre las funciones del lenguaje*. Barcelona: Editorial Médica y Técnica, S.A.

HERMIDA ALONSO, Anxos (2009): "Fraseoloxía de Matamá (Vigo)", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 283-304.

JAKOBSON, Roman (1981): *Lingüística y poética*. Madrid: Cátedra

LÓPEZ BARREIRO, Margarita (2006): "Frases feitas de Cachafeiro (Forcarei)", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 317-327.

LÓPEZ MORALES, Humberto (Dir.) (2010): *Diccionario de americanismos*. Lima: Asociación de Academias de la Lengua Española-Santillana.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008): *Diccionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Xerais.

LUQUE NADAL, Lucía (2008): "Sobre los límites de la fraseología. Dichos y locuciones pragmático-conversacionales de carácter burlesco en español", en *Language Design* 10, 87-106
(http://elies.rediris.es/Language_Design/LD10/LD_10_03_Luque_Pazeado.pdf).

MARTÍNS SEIXO, Ramón A. (2007): "108 fórmulas galegas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 235-246.

PASTOR LARA, Alejandro (2010): "Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12, 195-209.

PAZ ROCA, Mª Carmen (2007): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 247-293.

PELEGRÍN, Ana (1984): *Cada cual atienda su juego. De tradición oral y literatura*. Madrid: Cincel.

RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Sada/A Coruña: Ediciós do Castro.

RÍOS PANISSE, Mª del Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces*, en *Verba* Anejo 7. Universidade de Santiago de Compostela.

ROJO, Guillermo (1983): *Aspectos básicos de sintaxis funcional*. Málaga: Ágora.

(1986): *El lenguaje, las lenguas y la lingüística*. Universidade de Santiago de Compostela.

SAUSSURE, Ferdinand de (1980): *Curso de lingüística general*. Madrid: Akal.

SOTO ARIAS, Mª R.; GONZÁLEZ GARCÍA, L. (2009): "Folclore contístico, fraseoloxía e paremioloxía. Interrelacións xenésicas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 211-227.

VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

Recadádivas

Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)

Evaristo Domínguez Rial[1]

CEIP de Bormoio-Agualada

Recadádiva de fraseoloxía e paremioloxía galega realizada no cambio de milenio na Terra de Bergantiños, no NO de Galicia. Resultado da colaboración de avós e avoas, pais, nais e fillos co equipo de mestres e co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Palabras clave: Fraseoloxía. Paremioloxía. Fraseoloxía galega. Paremioloxía galega

Abstract: Phraseological and paroemiological compilation created in the first decade of the 21st century in theTerra de Bergantiños, at te NW of Galice. Written in collaboration of grand-fathers, grand-mothers, parents, pupils, teachers and Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Keywords: Phraseology. Paroemiology. Galician Phraseology. Galician Paremiology.

1. Introdución

1.1 Contido

Ofrécese aquí o resultado dunha recolleita de fraseoloxía e paremioloxía galega feita no cambio de milenio na Terra de Bergantiños, bisbarra do NO de Galicia, de nome que remonta aos Brigantinos célticos.

Preséntase, en primeiro lugar, unha escolma de fraseoloxismos de uso común no SE do concello de Carballo (parroquias de Ardaña, Rus e Entrecruces) e, sobre todo, no de Coristanco, concello do interior da Terra de Bergantiños (A Coruña), cuns 7.210

Data de recepción 08/06/2011 Data de aceptación 18/11/2011

[1] Ademais do traballo dos colectores e colectoras, que figuran no final, e das observacións dos correctores anónimos queremos agradecer moi especialmente a incansable axuda de Xacinta Varela e de Xesús Ferro Ruibal (do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) que nos permitiron peneirar este material, para garantirlle plena autenticidade, e que nos axudaron tamén a velo, interpretalo e organizalo. Só en casos contados se especifica esta axuda como *Nota da Redacción*.

habitantes case na súa totalidade galegofalantes, e pertencente lingüisticamente ao bloque occidental. Esta zona conserva un léxico e fraseoloxía peculiar, non sempre usada fóra dese territorio pero si perfectamente comprendida no resto de Galicia. Esta recompilación forma parte do programa de dinamización da lingua galega no bienio 2009-2011 promovido polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos colexios públicos situados no bordo meridional do devandito concello: CEIPs de Bormoio-Agualada e A Canosa-Rus. Forman esta escolma un total de 617 unidades.

Seguidamente ofrécese unha recolleita de refráns que eu fun acumulando nos últimos 19 anos coa colaboración dos meus alumnos que estimulaban na casa a memoria dos seus pais e avós. Neste caso a procedencia é a zona de influencia do CEIP de Bormoio-Agualada: parroquias de Nantón e Rioboo (Cabana de Bergantiños) e Agualada, Castro, Couso, Cuns e Ferreira (Coristanco). Forman esta segunda recadádiva un total de 2.600 paremias. Os refráns agrúpanse pola temática que tocan e, dentro dela, por orde alfabética. Os comentarios explicativos, cando existen, proceden dunha destas tres fontes: se non se indica nada, son dos membros dos citados EDLG; se son do autor deste traballo, tamén se indica. Nalgúns casos a Redacción de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* introduciu algunha explicación significativa e imprescindible, que o autor agradece e que se fai constar. Quero agradecer a cantas persoas dende a familia ou o colexio participaron na recolleita deste material.

1.2 Método de traballo e obxectivos

Este traballo forma parte dunha concepción da didáctica como algo activo, algo que o alumno constrúe ou axuda a construír. Ao alumnado de Educación Infantil e Primaria démoslle unha ficha dobre na que se plasmaban as frases feitas, locucións ou refráns nunha das caras; e na outra, o léxico.

Os membros dos dous Equipos de Dinamización (que figuran no final deste traballo) organizaron a recollida deste material e, procederon á informatización, clasificación, numeración e elaboración dun exemplo no que se use esa locución.

Con cada expresión realizouse, en primeiro lugar, unha indicación básica da súa tipoloxía, seguida dunha explicación breve do seu significado e, por último, unha exemplificación do uso da expresión que figura como entrada.

Con esta recadádiva tentamos achegar uns graos de area á conservación e potenciación do noso patrimonio lingüístico-cultural. Pero tamén buscamos o importante efecto educativo de que estes nenos e nenas soubesen extraer das súas familias parte da riqueza fraseolóxica e paremiolóxica de que son os depositarios; e que tomasen conciencia das peculiaridades fraseolóxicas e léxicas da zona que aínda están vivas. As transformacións agrícolas dos últimos cincuenta anos fan que estes fraseoloxismos falen de traballos que hoxe xa se non realizan da mesma maneira e cos mesmos aparellos, polo que parte das palabras e as cousas entran en fase de arcaización. Pero o primeiro resultado é que isto xa non se perde.

A recadádiva é fase que nunca remata pero, con esta publicación, entramos na fase de didáctica desta fraseoloxía e paremioloxía: e para iso en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* xa se publicaron importantes métodos de relevantes especialistas.

1.3. Primores fraseolóxicos, léxicos e gramaticais en Bergantiños

Escoitando falar os nosos maiores observamos formas de dicir cargadas de creatividade ou colorido (*cheirarlle o alento a unha porta* 137; *choverlle* [*a alguén*] *na cabeza* 142; *crechar o crecho* 133; *cun pé aquí e outro acolá* 457; *estendérselle a alma polo corpo* [*a alguén*] 221; *darlle golpes ao mar* 153; *falar do mar e nel non entrar* 232; *levar o arado tres regos* 270; *pasar o carro por enriba dos bois* 326; *perder gas* 330; *saltar aínda o suco e maila canle* 358; *haber máis verzas na ola* 241; *ser coma as fabas na ola* 364; *ser coma o leite fervido* 365; *ser coma o xoves* 367; *ser da beira do cadullo* 381; *ter o corpo presente e a mente ausente* 411; *vir Pedro / Pedriño* 442; *¡Así once meses e mais o de agosto!* 573; *¡Partiu o demo unha perna!* 528; *¡Pra foderte a ti fan falta dous carallos!* 524; *¡Ti sigue tocando, que eu sigo bailando!* 551; *Xa oíu cantar máis de catro cucos* 319) ou que manteñen valoracións estéticas doutra época (*máis chulo que a pana* 51, *máis chulo que a pana amarela* 52**,** *máis chula que a pana raiada* 50) ou realidades que o progreso fixo desaparecer (*haber barro na costa* 239. *Non se pode guiar ben o carrro, se non se trepa o barro* 2721) ou de recente creación[2] (*estar fóra de cobertura* 196; *estar no chasis* 207; *ver vir os coches e non apartar* 438; *tirar pedras aos avións* 424; *¿Traballas ou miras prós avións?* 553; *¡Vouche poñer unha cremalleira!*[3] 563, *Con pouco vento cae ao chan torre sen cemento.* 2085) ou moi características de Bergantiños (*estar sen solás* 216; *non ter solás* 310; *máis burra que a que lle morreu a Ríos* 46; *máis burro có burro do Rubio* 48; *máis vella ca Pichín* 62; *saber ao ghas* 353; *ter o formiguín* 413; *ter unha area* 418; *tirar a casa pola ventá* 421) ou que proceden da experiencia do servizo militar (*ser a hora do ghalufo* 360; *ser da mesma quinta* 382) ou que personifican realidades inmateriais (*vir Pedro / vir Pedriño* 442) ou que expresan importantes observacións económicas (*A esperanza non enche a panza.* 1496; *A paz e o pan quitan moitas penas.* 1501; *Moita ciencia é loucura, se o bo siso non a cura.* 1627, 2603; *Cun pé só non se anda moito.* 1749) ou que expresan o sentido do humor (*A auga aínda non é boa prós camiños.* 1395; *Terás un prato de caldo ben adobado, se o porco cho remexe co fociño ou co rabo.* 1471).

E, por suposto, hai un pleno dominio das perífrases verbais, coma *andar a* + inf., que indica acción durativa (*andas a pintar o canaveiro* 335) ou esta subordinada distributiva *Que altas, que baixas, en abril son as Pascuas* 1127 (da que mesmo se recolle unha variante plena: *Ben que altas, ben que baixas, en abril serán as Pascuas*

---

[2] E tamén se encontran aclimatados xa como refráns anónimos tradicionais algunhas frases de moi recente circulación no mundo occidental: *Un é o que come* (2589). *Vale máis unha imaxe que mil palabras* (2033). *Entre todos os ruídos a música é o máis apaixonante* (2323). *Se non bebes cocacola, non dás pé con bóla* (2573). *Se queres aprobar, tes que estudar. / Se queres aprobar, hai que estudar* (2432). *Nunca te creas inferior ao outro, só porque estudou moito* (2926). *¿Velocidade e altura? Conserva a dentadura* (2449).

[3] E mesmo encontramos refráns que nin que foran creados para describir costumes dunha parte da sociedade urbana actual: *A vida do grilo: de día, fame; e de nuite, ruído* (1133).

1120)[4] ou afirmacións en xerundio (*Mundo andando e cousas vendo, tropezando e non caendo.* 1630. *Tempo andando, cousas vendo.* 2235. *Os donos gastando e os criados gañando.* 2680; *A Deus rogando e co mazo dando.* 2943*; Vai o vello morrendo e vai aprendendo* 2446) ou unha subordinada temporal en futuro (*Quen pode e non quere, cando quererá non poderá. / Quen pode e non quere, cando poderá, non quererá* 2217) ou estoutra estrutura que se ve en *por non dar, non dá nin a hora* (299,468).

E hai figuras retóricas coma a hipérbole (*cun pé aquí e outro acolá* 457, *unha perna aquí e outra acolá* 466, *¡Un pé aquí e outro acolá!* 556) ou repeticións que intensifican (*Cando a galiña pica ao galo, malo malo. Cando o galo pica á galiña, aínda aínda.* 1159) ou refráns que cunha aparente contradición expresan e resaltan unha importante verdade (*A galiña polo bico pon* 1424).

E, se falamos do léxico, non só temos sempre o tecnicismo exacto coma, por poñer un caso, *cercenar* (florecer) e *espigar* (*O millo que en Santiago non cercena e en agosto non espiga, non vai á barriga.* 1334) ou palabras únicas coma *aspara* 492, *chinchola* (2905), *mandunga* (1075), *pinchacorvadeira* (106) *rixoada* (1075) senón que tamén aparecen magníficas derivacións léxicas (coma *Febreiro afebrado, marzo amarzado* (737) / *Cando febreiro non febreirea, marzo marcea* (743) para indicaren que un mes ten as súas características climatolóxicas óptimas) e que tamén se dan en adxectivos coma *larafuzán / larafuzoiro* (1115). E nun mesmo refrán aparecen o sistema latino e mailos dous sistemas non latinos de denominar os meses (*Entre marzo e abril sae o cuco do cubil e entre san Xoán e a sega marcha o cuco prá súa terra* 1171-3). Son, en cambio poucas as que proceden de realidades culturais alleas (*ser coma unha tortuga* 375, *ser a hora do ghalufo* 360, *Fillo de tigre sae con raias* 2097, 2128).

E a isto aínda lle hai que engadir usos creativos e moi asentados de certos substantivos ou adxectivos coma estes *carneiro* [en *ser un carneiro.* Ser moi terco. *Non o vas convencer porque é un carneiro*]; *cotorra* [en *ser unha cotorra*. Falar moito e sen control. *Non vai deixar de ser unha cotorra, fala seguido. Vaia cotorra estás feita. Vou falar coa cotorra de Ana*)]; *lampantín* [en *ser un lampantín.* Ser traste, pouco de fiar. *Ninguén che vai facer caso, porque es un lampantín*]; *lavado* / *lavada* [en *ser unha lavada.* Ser [persoa] descarada; carecer de vergoña. *Por moito que o intentes non vas conseguir deixar de ser unha lavada*]; *milagro* [en *ser un *milagro.* Ser cousa difícil de crer; parecer cousa de outro mundo. *Que aprobes, iso é un milagro*]; *rachado* / *rachada* [en *ser rachado.* 1. Falar claro e sen pelos na lingua. 2. Ser moi decidido. *Ás veces é bo ser rachado e dicir as cousas claras*]; *tulitates* [en *ser un tulitates.* Non ter personalidade. Estar cambiando continuamente de opinión. *A ver se deixas de ser un tulitates e te formalizas*]; *Xan* [en *ser un Xan.* Ser persoa sen iniciativa, que se deixa dominar ou controlar polos demais. *Decídete dunha vez a ver se deixas de ser un Xan*]; *xoia* /*xoíña* [en *ser un xoíña.* Ser persoa carente de carácter, que sempre se deixa convencer polos demais e de que moitos abusan. *Non hai máis que mirarlle para a pinta para ver que é un xoíña*].

[4] Nos anos sesenta do século pasado a canción máis popular dos seareiros do Celta de Vigo dicía *Que queiras que si, / que queiras que non, / o Celta de Vigo / éch'o campeón. / Éche o campeón. /éch'o campeón, / que queiras que si, / que queiras que non*.

A presenza da economía rural (agrícola e gandeira) domina este refraneiro. Son tantos os exemplos que citaremos un que só se entende se un vive no ciclo agrícola: *O que non ten pan sementado, agosto fáiselle maio* (2159).

Non falta un refrán terrible (*A vella que non pode andar, que a leven a un areal e alí a deixen quedar.* 2747) que debe ter intención moralizante, como se dirá, e contraria a unha lectura literal.

1.4. Outras características xeográficas do léxico destes ditos ou refráns

Repararemos finalmente noutro aspecto da xeografía lingüística destes fraseoloxismos e paremias, como son os localismos, o seseo, a gheada ou certas palabras procedentes do castelán, árabe ou italiano. Non nos referimos, naturalmente, aos que citan algunha localidade, que case sempre é galega[5].

. Localismos:

aghonía 399 (polo seu antónimo *ánimos*); *alcocén* 302 (por *alcacén*); *andorga* 162 (por *barriga*); *arco iris* 652-3 (por *arco da vella*); *aspara* 492; *átimo* 19; 317 (por *nada*; italianismo); *besbello* 340 (por *trunfo pequeno*); *bormelas* 21 (por *mocos*); *cabanote* 2516 (por *alpendre*); *cadullo* 381 (por *cadabullo*); *campanas* 320 (por *campás*); 267 *candieiros* (por *candeeiros*); *chinchola* 2905 (non se coñece sinónimo); *chola* 199 (por *cabeza*); *chota* 181, 344 (por *morea de esterco*); *cotromelo* 37 (por *cóbado* ou 'articulación da perna'); *croio* 41 (por *coio*); *cucho* 264 (por *becerro*); *formiguín* 413 (por *inquedo*; *movido*); *frieiras* 1869; *ghameito* 311 (por *gamalla*); *ghasoi* 12 (por *gasoil*); *gonzos* 214 (por *forzas*); *iduiro* 130 (por *idoiro*); *laia* 152 (por *queixa*); *larpada* 433 (por *larpeirada*); *leirea* 1583 (por *leira* do verbo *leirar* "actuar con paciencia; tratando de superar as dificultades"); *liña* 2617; 2914 (por *fío*); *macela* 280 (por *desexo*); *mandunga* 1075 (por *comida abundante ou ansiosa*); *mantexa* 2359; *mazanceira* 1491 (por *maceira*[6]); *nuite* 1133 (por *noite*); *pego* 281 (por *sono*); *pinchacorvadeira* 106 (non ten unha tradución exacta); *quimbambas* 254 (por *lugar afastado*); *raxeira* 420 (por *ataque de sono*; *ganas de durmir*); *ripas* 572 (sobrantes dos bordos de táboas; de mala calidade); *rixoada* 1075; *solás* 216 (*forzas*; *ánimos*); *solexa* 2359; *trompa* 1063 (por *trompo*); *tulitates* (por *virachaquetas*); *urisos* 23 (por *ourizos*); *veneno* 2807 (por *veleno*) // *atuallado* 171 (por *atoallado*); *baldeiros* 2641 (por *baleiros*); *buligho* 45 (por *inquedo*); *chuspidiño* 380 (por *cuspidiño*; *semellante*); *enchounicado* 192 (por *enfermizo*); *furrincha* 384 (por *forrón*; *avaro*); *lorchán* 58 (por *lacazán*); *munda* 429 (por *moída*); *rinchón* 2552 ("que rincha moitas veces; indómito")

---

[5] *Se chove por san Antonio de Cuns, non chove polo de Agualada. Son todos uns, coma os de Cuns. Ao pasar O Carromeiro ten coidado, mariñeiro / muiñeiro. Para encaixes e puntillas, en Galicia, Camariñas O que pasou a Marola, pasou a mar toda. A San Andrés de Teixido vai tres veces de morto o que non foi unha de vivo. Fun a Lalín e, como fun, vin. No Carballiño, bo pan e bo viño. En san Miguel non cae mel no Courel. Polo san Miguel, nunca hai mel no Courel.. En Conxo non están todos os que son nin son todos os que están. No camiño de Santiago tanto anda o coxo coma o sano.* Pero hai que anotar tamén estes: *O que foi a Castellón perdiu o sillón. O que foi a Manresa perdiu a mesa. O que foi a Sevilla perdiu a *silla.*

[6] Obviamente en zona de seseo parcial dise *mazanceira*, porque o común *maceira* coincidiría coa *maseira* na que se lle bota a comida ós porcos.

// *arrichar* 102-103 (por *amosar*); *choviu* 1754,1755 (por *choveu*); *chuspir* 144 (por *cuspir*); *doulle* 154 (por *deulle*); *lambiu* 264 (por *lambeute*); *perdiu* 2144-2146, 2974 (por *perdeu*); *sufre* 295 (por *sofre*); *valo* 314 (por *vallo*); *vén* 1316 (por *veñen*) // *pra* (en lugar de *para*) // *xota* 18 (en lugar de *iota*).

. Gheada:

aghonía 399 (por *agonía*), *augha* 23 (*auga*), *buligho* 45 (por *buligo*), *ghalufo* 360 (por *comida*), *ghameito* 311 (por *gameito*), *ghas* 353 (por *gas*), *ghasoi* 12 (por *gasoil*).

. Seseo:

urisos 23 (no canto de *ourizos*). O informante procedía da zona de Vimianzo na que se dan os dous tipos de seseo (explosivo e implosivo).

. Betacismo:

Un magnífico exemplo do betacismo galego é este refrán de Bergantiños: *Ave que voa prá cazola é boa* (1356).

.Vogais neutras

Nestes últimos decenios entrou en crise o vocalismo átono pero en Bergantiños, coma en moitos outros lugares, aínda se encontran vogais neutras nesa posición, como mostra que o colector infantil anotase *do meu* (871,907) e *rozador* (2929): para el a vogal da preposición *de* e de *rezador* estaba máis próxima dun *o* ca dun *e*.

. Sorprende a escaseza proporcional de palabras procedentes do castelán, árabe e italiano:

amistá 1128,1515 (por *amizade*), *Dios* (passim) (por *Deus*[7]), *guardia* 34, 58 (por *garda*), *plomo* 59, 88 (por *chumbo*), *reñiranche* 545 (por *rifaranche*), *sartén* 434, 1376, 2858 (por *tixola*), *temprana* 938, *tortuga* 55, 375 (por *tartaruga*), *viruelas* 1770 (por *vexigas*) // *ghalufo* 360 ("carne de porco" aquí equivale a "comida") // *átimo* 19, 317 ("instante" aquí equivale a "nada").

1.5. Observación sobre deformacións que se converten en variantes

A transmisión oral sempre crea variantes porque o interlocutor oe o refrán á súa maneira e, por veces, suxírelle unha variante moi creativa, como é o caso do refrán 2851. Pero a transmisión escrita tamén as crea, porque capturar un refrán, que se acaba de oír, é operación que non sempre se pode facer nas mellores condicións, ben porque nese momento un non ten á man con qué escribir, ben porque hai unha palabra que un entende mal. E, cando despois organiza as súas notas, aparecen sempre algúns ditos ou refráns que teñen algunha forma estraña que os fai enigmáticos. Nestes casos, só a comparación con outros paralelos pode axudar a recuperar o dito ou refrán orixinal ou a detectar unha pequena variante. Tal é o que aquí acontece con *O carro da Chinchola, cando ri, cando chora* 2905 que resultaría inintelixible se no Tesouro Fraseolóxico

[7] Verbo do actual proceso de restauración da forma galega *Deus* véxase a nota que acompaña a locución *ver a *Dios polo mango dunha *sartén*.

Galego do Centro Ramón Piñeiro non existise o paralelo *O cariño do Chinchelo, logo ri e logo chora* que anotou Vázquez Saco (Vázquez Saco 2003:607, 16071) e que o incluíu entre os refráns da nenez e que expresan que os afectos dos meniños son repentinos e fugaces, coma nestoutro *Cariño de meniño, auga nun cestiño.* Polo tanto ese *carro* sería unha deformación de *cariño* > *carriño* > *carro* ata resultar inintelixible. Cousa semellante acontece con *Fágase o ben e fágao san Miguel* (1560) que é clara deformación de *Fágase o ben e fágao Xan ou Miguel*. E tamén o refrán *En san Miguel non cae mel no Courel* (1007, 2990) ten como probable variación fonética *Polo san Miguel, nunca hai mel no Courel* (1006, 2990) que aquí mesmo se recolle.

1.6. Pureza deste material

Como é normal nunha situación de contacto de linguas, neste material aparecen algunhas unidades fraseolóxicas ou paremiolóxicas con indicios de seren unha adaptación do castelán e mesmo algúns castelanismos léxicos. O sorprendente é que, feito o cómputo exacto, as primeiras non chegan a unha ducia[8], mentres que os castelanismos léxicos representan o 0'19% do total das palabras que forman os ditos ou refráns; e, por parte, algúns deles son puras diferenzas gráficas, como *olfato* (que hoxe se escribe *olfacto*) pero que no seu refrán rima con *prato* non cun inexistente **practo* (*O que ten bo *olfato logo coñece o prato.* 1460). Estamos, polo tanto, ante un material de gran pureza lingüística.

Así, con esta pureza, falan os nosos maiores. E escoitalos falar produce ademais a sensación de que falan de maneira artística, de que din de forma luminosa e colorista o que na prosa documental ou científica se di de maneira seca e árida. Porque, como xa se ten sinalado, o mérito do dito ou do refrán é a habilidade de sabelo traer a conto. Por iso a propia calidade artística da fala dos nosos maiores é a que nos conquista e nos acaba impoñendo este traballo gozoso que é sempre unha recadádiva fraseolóxica.

2. Recadádiva fraseolóxica

2.1.Significado das abreviaturas

enunc.= enunciado fraseolóxico
fórm.= fórmula
frase prov.= frase proverbial
l. adv.= locución adverbial
l. adx.= locución adxectiva
l. conx.= locución conxuntiva
l. s.= locución substantiva
l. v.= locución verbal
l.cl.= locución clausal
s. comp.= substantivo composto

[8] **Atropéllame, camión! Todo o sabes e todo o entendes. ¡Compra un bosque e pérdete! Ande eu quente e *ríase a xente. Ao cabo do ano máis come o enfermo ca o *sano. Á vellez, *viruelas. De tal pau, tal *astilla. Máis vale un *toma* que un *xa che darei*. Se tes un circo, *reñiranche os ananos. Auga de san Xoán *temprana moitos males sana.*

2.2. Substantivos compostos, colocacións, locucións e fórmulas

1. **bolo do lar** *s. comp.* Masa de pan que se envolvía nunha verza e se cocía no medio das ascuas
2. **bolo do pote** *s. comp.* Masa de fariña de millo que se coce xunto co caldo.
3. **carolo de broa** *s. comp.* Parte superior seca e dura que se forma na broa, cando se coce.
4. **cerro de liño** *s. comp.* Porción de liño que lle correspondía fiar a cada muller nun tempo determinado. Estopa que se usa para tapar tuberías.
5. **leite callado** *s. comp.* Leite case solidificado semellante ao iogur que se forma, se se deixa o leite fresco algún tempo ao aire.
6. **leite preso** *s. comp.* Leite case solidificado moi parecido aos iogures actuais.
7. **pano da cabeza** *s. comp.* Pano co que as mulleres cobren ou adornan a parte superior do corpo.
8. **papas de arroz** *s. comp.* Arroz cocido en leite e con azucre.
9. **pedra do lar** *s. comp.* Base da lareira tradicional.
10. **rocho de pan** *s. comp.* Corno do molete de pan.
11. **estrar os cortellos [dos porcos]** *col.* Botar palla, toxo, fento, etc. para facerlle a cama aos porcos. *Tes que ir estrar os cortellos.*
12. **facer *ghasoi** *col.* Botar gasoil na maquinaria. É unha expresión un pouco rara, posto que nin o verbo é o máis apropiado nin o uso da gheada, que non é moi frecuente na zona onde foi recollida. *Vou facer ghasoi no tractor antes de ir arar.*
13. **facer a cañeira** *col.* Botar toxos e silvas no curral ou diante das casas tradicionais para non mollarse ao pasar por alí cando chove e, ao mesmo tempo, ilos curtindo para que se convirtan en esterco. *Fomos carrexar o toxo para facer a cañeira.*
14. **facer a cocedura** *col.* Cocer as pezas de barro, para que endurezan, cando xa están moldeadas. *Xa están todas as pezas feitas e temos que ir facer a cocedura.*
15. **facer a pela** *col.* Quitar un anaco de herba para o suco, onde vai ir o rego para plantar. Tradicionalmente plantábanse as patacas facendo primeiro o rego e despois metíanse nel os terróns con herba deixando limpa unha franxa de terreo co mesmo ancho que ía ter o rego seguinte. Deste xeito, cando se facía o seguinte, o sitio estaba sen herba e facíase mellor; e logo enriba, cando xa estaba no rego, plantábanse as patacas. A este proceso chamábase pelar ou facer a pela; e o que se metía no rego era a pela. Con este sistema, ademais, a herba non tapaba tan axiña as patacas. *Antes de plantar as patacas hai que facer a pela.*
16. **facer tilleiras** *col.* Queimar unha pradeira con herba baixa e terróns como método de abono. *Estes anos xa non se fan tilleiras.*
17. **minar a terra** *col.* Remexer a terra á man antes de facer o rego. *Antes de plantar as coles hai que minar a terra.*
18. **non saber nin xota** *col.* Non saber absolutamente nada. *Nunca se decata de nada e non sabe nin xota.* [Nota da Red.] No capítulo 5, 17-18 do evanxeo de Mateo di Xesús que el

non veu para derrogar nin a Lei nin os Profetas senón para darlles cumprimento e engade *Mentres non pasen o ceo e mais a terra, non pasará nin un iota nin un til da Lei ata que todo se cumpra*. A partir desta afirmación de Xesús, mil veces repetida na liturxia e nas homilías, naceu a locución *nin iota* (en castelán *ni jota*; en francés *pas un iota*; en italiano (*non valere / non contare*) *un iota*) que acabou significando "nada". Nótese que o iota na escritura hebrea é un simple punto, é dicir, a cousa máis pequena perceptible a simple vista. Non sería sorprendente que a locución galega *nin ghota*, con gheada, tivese esta mesma orixe tendo en conta que a predicación en castelán en Galicia ten probablemente 500 anos de práctica; nin sería estraño que despois se recrease galeguizándoa en *nin ghota* (*de augha*). O portugués, nestes casos, di *nem vírgula*, que tamén é unha cousa pequenísima e tamén procedente da ortografía.

19. **non ver un átimo** *col.* Non ver nada, como cando é noite pecha sen luz e co ceo anubrado. Escuridade. *Estás cegato, non ves un átimo.*
20. **poñer o cadarmo [a un animal]** *col.* Trabarlle os pés a un animal rebelde coa solta ou cadarmo, que normalmente consiste nunha corda que une unha pata de diante a un corno, dificultando así o movemento e impedindo que corra. Nótese que *soltar un animal* é precisamente poñerlle a solta. *A esa vaca hai que lle poñer o cadarmo.*
21. **tirar polas bormelas** *col.* Levar os mocos [*bormelas*] colgados e aspiralos, en vez de retiralos cun pano da man. *Colle este trapo e sónate a ver se deixas de tirar polas bormelas.*
22. **auga de ourizos** *l. s.* Cousa sen valor. Úsase cando se conta con algo e se queda sen el. *Pensar no que me dis é coma pensar na auga de ourizos.*
23. **augha de urisos** *l. s.* Cousa sen valor. [A informante procedía do concello de Vimianzo onde hai os dous seseos implosivo e explosivo e, ademais, gheada]. *Iso pouco vale, ¡é coma a augha de urisos!*
24. **ave de mal agoiro** *l. s.* Persoa que trae desgrazas. Non é raro referirse deste xeito a aquelas persoas que resultan un pouco gafes ou agoreiras. *Non lle fagas caso que ese é ave de mal agoiro.*
25. **cu de mal asento** *l. s.* Persoa inquieta, que nunca para quieta. *Non tes nunca acougo, es un cu de mal asento.*
26. **curva da felicidade** *l. s.* Barriga grande que adoita saírlles aos homes despois de casaren. Suponse que iso sucede así por ser feliz nesa época. *Desde que casou, xa empezou a ter a curva da felicidade.*
27. **gota que colmou o vaso / pinga que encheu o vaso** *l. s.* Aquilo que acaba coa paciencia dunha persoa. Aquilo que provoca que definitivamente xa non se tolere algo que se viña soportando. *Xa me cansaches, esa foi a gota que colmou o vaso. O que acabas de facer foi a pinga que encheu o vaso.*
28. **memoria de elefante** *l. s.* Memoria moi boa. *Ese home ten memoria de elefante.*
29. **o rosario ao pescozo e o demo ao corpo** *l. s.* Hipocrisía.

30. **pé dereito** *l. s.* Pedra alongada que se pon enriba da lareira para aguantar da cambota e cheminea.
31. **pita cega** *l. s.* Xogo que consiste en adiviñar a quen tocamos, tendo os ollos tapados.
32. **vista de lince** *l. s.* 1. Visión clara e nítida a lonxe. 2. Perspicacia. *Non se lle escapa unha, ten unha vista de lince.*
33. **amasado/a en mala artesa** *l. adx.* [Persoa] de mala condición, moi ruín. *Non esperes nada bo del, que foi amasado en mala artesa.*
34. **coma a chaqueta dun *guardia** *l. adx.* Lacazán. A nivel popular crese que os gardas non traballan moito; e a chaqueta soa, aínda menos. De aí nacería a comparación.
35. **coma a mazán, por dentro podre e por fóra san** *l. adx.* [Persoa ou cousa] de boa aparencia externa pero de deficiente interior.
36. **coma unha patena** *l. adx.* Moi limpo, impecable. A patena é un pratiño dourado que usan os sacerdotes na misa para sobre el poñer a hostia consagrada e que reiterademente limpan: o brillo e a limpeza faina un paradigma. *Quero ver a cociña como unha patena.*
37. **da parte do cotromelo** *l. adx.* [Carne dun animal, especialmente do porco] que está en contacto co óso. *A carne máis rica é a da parte do cotromelo.*
38. **de bo dente** *l. adx.* Goloso, comedor; [persoa] á que lle gustan todas as comidas; que non pon reparos a ningunha. *Véseche na cara que es de bo dente.*
39. **duro de roer** *l. adx.* Difícil de dominar; intratable ou indomable. *Ese éche duro de roer.*
40. **feitiña coma un carto** *l. adx.* Moi guapa; con moi bo tipo. Adoita aplicarse a unha mociña nova con boa figura. *Esa nena é feitiña coma un carto.*
41. **feo coma un croio** *l. adx.* Moi feo, moi pouco atractivo. *Non che é moi agradable ser feo coma un croio.*
42. **grande coma un día sen pan** *l. adx.* 1. Que é moi grande. 2. Que non dá pasado. *Ese home é tan grande coma un día sen pan.*
43. **listo coma un allo** *l. adx.* Moi áxil mentalmente; moi espabilado, moi intelixente. *O neno do meu amigo é listo coma un allo. Sempre fai as cousas ben, porque é listo coma un allo.* V. *<ser coma un allo>*.
44. **máis bruto que un arado de ferro** *l. adx.* Moi bruto; que non sabe controlar as forzas. O arado de ferro fende a terra con máis profundidade có arado de pau ou romano. *Mide as túas forzas que es máis bruto que un arado de ferro.*
45. **máis buligho que as galiñas** *l. adx.* Moi inquedo; moi movido; que non ten parada. *A ver se te sosegas que es máis buligho que as galiñas.*
46. **máis burra que a que lle morreu a Ríos** *l. adx.* Pouco intelixente; de poucas luces. Parece ser que o tal Ríos era un home da parroquia de Seavia (Coristanco) que tiña unha burra bastante terca.
47. **máis burro ca un arado** *l. adx.* Pouco intelixente, persoa que non é moi lista ou que non se decata nunca de nada. *A ver se por unha vez fas algo ben, que es máis burro ca un arado.*
48. **máis burro có burro do Rubio** *l. adx.* Pouco intelixente; de poucas luces. O Rubio foi un personaxe

local da parroquia de Cuns. *Es máis burro có burro do Rubio.*

49. **máis curto que as mangas dun chaleco** *l. adx.* Pouco intelixente. A locución compara a intelixencia dunha persoa con algo que non existe (o chaleco non ten mangas), para indicar que non ten ningunha. *Cala ti que es máis curto que as mangas dun chaleco.*
50. **máis chula que a pana raiada** *l. adx.* 1. Moi elegante. 2. Moi presumida. A locución data de cando a pana raiada era un tipo de pano que só podían levar aqueles que tiñan máis posibles e presumían diso. *¡É mais chula que a pana raiada, sempre vai tan periposta!*
51. **máis chulo que a pana** *l. adx.* Moi presumido. *É máis chulo que a pana.*
52. **máis chulo que a pana amarela** *l. adx.* Moi presumido. *Ese rapaz de aí é máis chulo que a pana amarela.*
53. **máis lavado que os seixos do río** *l. adx.* Moi desvergonzado. *Non ten vergonza ningunha, é máis lavado que os seixos do río.*
54. **máis lento ca un caracol** *l. adx.* Moi lento. *Apura algo que es máis lento ca un caracol.*
55. **máis lento que unha *tortuga** *l. adx.* Moi lento, que vai moi amodo, paseniño coma unha tartaruga. *Non dá saído do paso, é máis lento ca unha tortuga.*
56. **máis lista có raposo** *l. adx.* Moi espilida, renarte, espabilada. O raposo ten sona de astuto e sagaz. *Esa muller é máis lista có raposo.*
57. **máis listo que un allo** *l. adx.* Moi listo, enxeñoso. *Esa nena é máis lista ca un allo.*
58. **máis lorchán que a chaqueta dun *guardia** *l. adx.* Lacazán, moi pouco amigo de traballar. Hai unha analoxía entre el e o pouco traballadores que segundo a frase son os gardas. Se aínda, por enriba o comparamos co que faría a chaqueta soa, a conclusión é que máis lacazán non se pode ser. *Aínda has de morrer de fame, porque es máis lorchán que a chaqueta dun guardia.*
59. **máis pesado có *plomo** *l. adx.* Que está sempre dando a lata, incordiando. *Cala un pouco que es máis pesado có plomo.*
60. **máis terco ca un mulo** *l. adx.* Moi terco. Os mulos adoitan quedar parados e, por máis que un o intente, moitas veces non se moven do sitio. *Nunca se avén a razóns, é máis terca ca un mulo.*
61. **máis tolo ca unha cabra** *l. adx.* [Persoa] que está un pouco descentrada; lixeira de cascos. *Esa muller é máis tola ca unha cabra.*
62. **máis vella ca Pichín** *l. adx.* Moi vella. Aplícase, por exemplo, a unha peza de roupa. Parece ser que Pichín era un home moi lonxevo da zona de Rus ou Entrecruces. *Xa é hora de que vaias cambiando de saia que é máis vella ca Pichín.*
63. **nin disque nin seique** *l. adx.* Absolutamente certo. *É verdade e non é nin disque nin seique.*
64. **o demo de [subst. / pron.]** *l. adx.* Moito; moita cantidade de. *¿Viches a cantidade de gaivotas que había? Había o demo delas.*
65. **pillo coma o raposo** *l. adx.* Moi espabilado. *Non es quen de enganalo, é pillo coma o raposo.*
66. **seco coma un toxo** *l. adx.* Mal encarado; aburrido; de mal carácter. *Esa túa veciña é seca coma un toxo.*
67. **terco coma as mulas** *l. adx.* Moi terco; [persoa] á que non é fácil que outros a dean convencido de algo. *A*

ese non lle digas nada que é terco coma as mulas.

68. **abrir as torneiras** *l. v.* Limpar os regos por un lateral dun prado para que corra a auga e así a herba medre moito máis e sexa de mellor calidade. *Se queres ter boa herba, tes que abrir as torneiras.*
69. **abrir moito a boca** *l. v.* 1. Pedir moito (diñeiro), cando se ofrece en venda unha propiedade. 2. Dicir cousas que un debía calar. *Non vendeu a vaca por abrir moito a boca.*
70. **acordarse de Santa Bárbara cando trona** *l. v.* Actuar cando xa é demasiado tarde. *Agora xa non ten remedio, porque sempre te acordas de Santa Bárbara cando trona.*
71. **afogarse nun vaso de auga** *l. v.* Verse sobrepasado por calquera problema por pequeno que sexa. Preocuparse por cousas insignificantes. *Axiña te desesperas, afógaste nun vaso de auga.*
72. **andar á bartola** *l. v.* 1. Pasar o tempo sen facer nada, sen proxecto e sen horario. 2. Non ter preocupación ningunha. *Pasas todo o día andando á bartola.*
73. **andar a dúas *velas** *l. v.* Carecer de recursos económicos. Estar case sen cartos. V. <estar a dúas *velas>. *Nunca tes nada, sempre andas a dúas velas.*
74. **andar a velas vir** *l. v.* 1. Estar sen facer nada. 2. Non planificar nada. Andar sen rumbo nin idea preconcibida. Non ter nada previsto. 3. Aceptar [u.p.] resignadamente o que lle poida pasar. V. <estar a velas vir>. *Nunca fas nada, sempre andas a velas vir. Non protestes porque xa sabes que sempre andas a velas vir. Pasas fame porque sempre andas a velas vir.*
75. **andar ao almallo** *l. v.* Estar en celo [un animal]. Almallo é o porco ou cabalo sen castrar. *A nosa porca anda ao almallo.*
76. **andar ao burro** *l. v.* 1. Estar en celo; ter desexos de ter relación sexuais [un animal]. 2. Facer cousas que non valen para nada. *Tranquilízate, que parece que andas ao burro.*
77. **andar ao rabo [de alguén] coma un can** *l. v.* Andar detrás dunha persoa ou imitar sempre o que ela fai. *A ver se me deixas en paz que non fas máis que andar ao rabo coma un can.*
78. **andar ás atoutiñadas** *l. v.* Camiñar ás cegas ou ás apalpadas por falta de luz. *Acende a luz que andas ás atoutiñadas.*
79. **andar ás cegas** *l. v.* 1. Camiñar ás apalpadas por falta de luz. 2. Facer alguén algo sen ter coñecemento das consecuencias negativas que lle pode traer esa acción. *Nunca miras por onde vas, parece que andas ás cegas.*
80. **andar ás minchas** *l. v.* 1. Non facer nada. 2. Dedicarse a cousas improdutivas. *Fai algo* [*de proveito*], *que parece que andas ás minchas.*
81. **andar ás xaneiras** *l. v.* 1. Estar en celo os gatos. Andar os gatos ás gatas. 2. Andar unha persoa buscando ter relacións sexuais. *Neste tempo os gatos andan ás xaneiras.*
82. **andar co sentido a compoñer** *l. v.* Comportarse de xeito pouco normal ou dicir cousas que non teñen moito sentido. Andar medio atontado, despistado. 2. Ser un cabeza tola. *Pensa un pouco que parece que andas co sentido a compoñer.*
83. **andar coa breca** *l. v.* Andar moi amodo similar a cando a un lle dá a breca. *Breca* é a contracción breve,

involuntaria e dolorosa dun músculo. *A ver se espabilas, que parece que andas coa breca.*

84. **andar coa mosca detrás da orella** *l. v.* Dise de alguén que desconfía de algo ou de alguén e xa está prevenido ou precavido. Recear de algo. *Xa desconfiaba, xa andaba coa mosca detrás da orella.*
85. **andar coa solta** *l. v.* Camiñar moi amodo. A solta é unha corda ou cadea coa que se lle unen dúas patas do mesmo lado a un animal para que non poida correr e non fuxa. Úsase para designar o feito de que alguén non se mova con axilidade ou que o faga de xeito parecido a un animal ao que se lle poñía a solta. *Móvete un pouco, que parece que andas coa solta.*
86. **andar coa toalla** *l. v.* Estar aparvado, non saber un por onde anda. Sinónimo de <estar atuallado>. *Céntrate no que tés que facer, que andas sempre coa toalla.*
87. **andar coas cousas coma cos ovos** *l. v.* Facer as cousas con moito coidado, coma cando se anda cos ovos por medo a rompelos. V. <ir pisando ovos>. *Anda coas cousas coma cos ovos.*
88. **andar con pés de *plomo** *l. v.* Facer as cousas amodo, con moito coidado e precaución coma se levásemos chumbo nos pés. *Neste caso é preciso andar con pés de plomo.*
89. **andar cos pés cruzados** *l. v.* Camiñar amodo, paseniño; do mesmo xeito que o faría unha persoa que andase cruzando os pés. *¡Apura un pouco, que parece que andas cos pés cruzados!*
90. **andar / estar de capa caída** *l. v.* 1. Manifestar un estado de ánimo pouco animoso. Non ter ánimo para facer nada. 2. Pasarlle desapercibido aos demais o que facemos. *Non se lle ve boa cara, parece que anda de capa caída.*
91. **andar de chispa** *l. v.* Andar de borracheira. A forma de camiñar dun borracho facendo eses evoca a traxectoria que describe un lóstrego. *Sempre anda de chispa polas tabernas.*
92. **andar de mona por aí** *l. v.* 1. Ir de farra ou de borracheira. 2. Perder o tempo sen facer nada. 3. Servirlles de diversión aos demais. *A ver se te pos a traballar que non fas máis que andar de mona por aí.*
93. **andar e andar e nunca chegar** *l. v.* Esforzarse con inútil constancia.
94. **andar nas nubes** *l. v.* Estar moi despistado e non centrarse no que un ten entre mans. *Céntrate no que fas que sempre parece que andas nas nubes.*
95. **andar no aire** *l. v.* Apurarse moito a facer algo sen ter un momento de sosego e sen reparar tampouco moito nos detalles do que se fai. *Sempre te vexo correndo dun lado para outro, parece que andas no aire.*
96. **andar sen un can** *l. v.* Non ter carto ningún na carteira. *O teu amigo sempre anda sen un can.*
97. **andar / ir na fura de diante** *l. v.* Ir moi acelerado ou con moita présa. A cabezalla do carro ten dúas furas ou buracos que se usan segundo a ocasión que será distinta segundo se suba ou se baixe. Pola lei da panca, a fura de diante fai que a carga pese máis no eixe do que no pescozo das vacas e ergue un pouco a cabezalla; isto permítelles ás vacas que tiran polo carro andar a máis velocidade. *Para un pouco que parece que andas na fura de diante.*

98. **andar coma o xoves** *l. v.* Estar sempre metido no medio dos demais e estorbando. *Andas coma o xoves, sempre polo medio.*
99. **antepor os bois** *l. v.* Botarlle a corda enriba aos bois, facendo que camiñen eles de seu sen ninguén que os guíe. *Se non hai chamador hai que antepor os bois.*
100. **apretar o cinto** *l. v.* Aforrar o máis posible sobre todo en momentos de escaseza ou crise. A locución nace de traspoñer o efecto á causa; cando unha persoa mirra e perde peso, ten que apretar o cinto para que lle non caia o pantalón. Por semellanza, a voluntaria decisión de reducir gastos e de asumir maior austeridade desígnase como apretar o cinto. *Neste tempo de crise é o momento de apretar o cinto.*
101. **apretarlle as caravillas [a alguén]** *l. v.* Obrigar, pola forza, a alguén a facer ou dicir algo. *Como non digas quen foi, vouche apretar as caravillas.*
102. **arrichar o dente** *l. v.* Estar aínda duro. *Ese carolo de broa aínda arricha o dente.*
103. **arrichar os dentes** *l. v.* 1. Amosar os dentes co xenio, coa fame ou co medo. *Apártate dese can, que aínda arricha os dentes*. 2. Protestar. *Amolouno moito e non facía máis que arrichar os dentes.*
104. **baixar os santos todos** *l. v.* Blasfemar, proferir moitos xuramentos manifestando expresa irreverencia ou desprezo a Deus ou aos santos. *Xura tanto que parece que quere baixar os santos todos.*
105. **botar a lingua a pacer** *l. v.* 1. Falar de máis e sen tino. 2. Non saber gardar un segredo. *Non fai máis que botar a lingua a pacer.*
106. **botar unha pinchacorvadeira** *l. v.* Mexar. Fai referencia á traxectoria curva que describe o chorro urinario dun neno, comparable á curva dun pinchacarneiro. *Estou un pouquiño apurado, vou ter que ir botar unha pinchacorvadeira.*
107. **botarlle leña ao lume** *l. v.* Intervir nun conflito introducindo elementos que producen máis tensión ou máis gravidade. *Xa estaba mal a cousa e aínda lle vas botar* (*máis*) *leña ao lume.*
108. **botarlle unha man [a alguén]** *l. v.* Axudar. Colaborar os veciños, uns cos outros, nos labores agrícolas. *Cando estou apurado, sempre hai alguén que me vén botar unha man.*
109. **buscar unha agulla nun palleiro** *l. v.* Tentar facer unha cousa case imposible. *Que che saia ben iso é coma buscar unha agulla nun palleiro.*
110. **caer chuzos de punta** *l. v.* Chover moi forte e con pingas tan grosas que, polo ruído que fan contra o chan, parecen chuzos de madeira que se espetan no chan. *Chovía tan forte que parecía que caían chuzos de punta.*
111. **caer da burra** *l. v.* Decatarse de algo que durante un tempo resultou imperceptible. *Xa era hora de que caeras da burra.*
112. **caer da póla** *l. v.* 1. Decatarse de algo que durante un tempo resultou imperceptible. 2. Coincidir a solución con algo lóxico que xa se prevía. Cando un cae da póla e leva un golpe esperta e decátase onde se atopa; por extensión, aplícase a cando un se dá conta de como son as cousas cando ata ese intre non o fixera. *Fíxate no que che din a ver se caes da póla.*

113. **caer de caixón** *l. v.* Ser lóxica consecuencia e, polo tanto, resultar claro ou ser oportuno. *Iso que acabas de dicir cae de caixón.*
114. **caerlle a baba [a alguén]** *l. v.* Quedar moi satisfeito ou extasiado con algo ou alguén. *Parece que lle cae a baba cando mira para el.*
115. **caérselle [a alguén] as lágrimas aos ollos** *l. v.* Forma irónica de dicir chorar aínda que sexa coa risa. *Cando a oín contar aqueles chistes caéronseme as lágrimas aos ollos.*
116. **cambiar as orellas polo rabo** *l. v.* Ter unha cousa boa e cambiala por outra peor, pensando que un ía mellorar. *¡Mira que es ben listo! ¡Cambiar as orellas polo rabo!*
117. **cantarlle as corenta a alguén** *l. v.* Advertir severamente a alguén, dicíndolle as cousas claras. *Ás veces é necesario cantarlle as corenta a alguén.*
118. **ceibar a galiña** *l. v.* Darlle cartos a alguén. Úsase cando alguén lle pide cartos a outra persoa. *Déixate de contos e ceiba a galiña.*
119. **cerrarlle / pecharlle a moleira [a alguén]** *l. v.* Medrar física e mentalmente unha persoa e actuar como un adulto responsable. A moleira é a fontanela, esa parte branda do cranio dos meniños antes de que o óso endureza. Cerrar a moleira é simultáneo (e por iso é metáfora) de virlle o sentido [a alguén]. *Madura e a ver se che cerra a moleira.*
120. **coller o que dan e suspirar polo que queda** *l. v.* Non estar nunca satisfeito. Non conformarse nunca co que nos dan e ter perda polo que queda. *Non é de persoas razoables coller o que dan e suspirar polo que queda.*
121. **coller o touro polos cornos** *l. v.* Ir directo a un problema para solucionalo. *Para solucionar isto fai falta coller o touro polos cornos.*
122. **comer coma un cocho** *l. v.* Comer sen control ou con pouca educación. *Para un pouco, que parece que comes coma un cocho.*
123. **comer coma unha vaca** *l. v.* Comer moito, demasiado, sen control. *Esa barriga tela por comer coma unha vaca.*
124. **comerlle as papas na cabeza [a alguén]** *l. v.* Ser ben máis alto ca outra persoa. *O teu fillo medrou tanto que xa che come as papas na cabeza.*
125. **comerlle [a alguén] a lingua o gato** *l. v.* Non querer falar. Permanecer calado [alguén] por máis que lle pidan que diga algo. Úsase preferentemente en pasado. *Non dis nada, parece que che comeu a lingua o gato.*
126. **confundir o cu coas témporas** *l. v.* Ter as ideas moi pouco claras do que son as cousas. *Despois de observar o que fas vexo que facilmente confundes o cu coas témporas.*
127. **contar co ovo no cu da galiña** *l. v.* Esperar dispoñer de algo que, se cadra, non se vai conseguir. Esperar algo que, se cadra, non vai acontecer. *Pensar que vas ser millonario é coma contar co ovo no cu da galiña.*
128. **correr a cortina** *l. v.* Ocultar algo. Intentar que algo non saia ao público. *Non quixo saber nada do asunto e preferiu correr a cortina.*
129. **correr coma unha lebre** *l. v.* Correr moi rápido: é sabido que a lebre é moi difícil de pillar á carreira.
130. **correr o iduiro / os iduiros** *l. v.* Correr a auga [os iduiros] polos camiños, cando chove forte. Os

iduiros son moi difíciles de conter e é moi pouco útil loitar contra eles así que o mellor é deixalos correr. Esta imaxe é tamén metáfora de algo que debemos deixar pasar, do que debemos prescindir, do que non paga a pena tratar de impedir. *Cando chove, corre o iduiro. Corrían os iduiros polo monte abaixo. Corrían os iduiros e a auga botábase fóra dos regos.*

131. **correr [alguén] que voa** *l. v.* Corre moi rápido, tanto que parece que voa. *Corre que voa cando o chaman.*
132. **cortar a castaña** *l. v.* 1. Falar un castelán mal falado. 2. Ter o mando en algo. *Desde que se foi á vila corta a castaña que é unha marabilla. Nesa casa el é quen corta a castaña*
133. **crechar o crecho** *l. v.* Enredar as cousas aínda máis do que xa están. *Crecho* é encaracolado, rizo. *Non fas máis que crechar o crecho, enrédalo todo.*
134. **custar un ollo da cara** *l. v.* Ser moi caro; ter un valor tan alto coma o que podería ter un ollo da cara. *Mercar ese coche debeuche custar un ollo da cara.*
135. **cheirar a chamusco** *l. v.* Producir moita desconfianza un asunto. Literalmente chamusco é o ulido que desprende unha cousa cando se queima. *A min xa me cheiraba a chamusco.*
136. **cheirar que arrecende** *l. v.* Arrecender ou ulir moi ben. Dise especialmente da comida. *Esa comida cheira que arrecende.*
137. **cheirarlle o alento [a unha porta ou ventá]** *l. v.* Entrar o frío [por unha ventá ou porta]. *Pecha a porta, que lle cheira o alento.*
138. **chorar a cántaros** *l. v.* Chorar moito. Hipérbole para dicir que se chora moito ou en voz moi alta. *Está moi desgustado, non fai máis que chorar a cántaros.*
139. **chover a cántaros** *l. v.* Chover moi forte e durante bastante tempo. *Onte pola noite caeu unha treboada e chovía a cántaros.*
140. **chover a chuzos** *l. v.* Chover moi forte. As gotas de auga semellan chuzos que se espetan no chan de grandes que son. *Na treboada de onte chovía a chuzos.*
141. **chover a trompos** *l. v.* Chover moito e con moita forza. *Choveu a trompos e en media hora asulagou todo.*
142. **choverlle [a alguén] na cabeza** *l. v.* Facer [unha persoa] cousas que non veñen moito ao caso. Figuradamente vén sendo estar un pouco tolo. [Nota da Red.] A metáfora considera o corpo como un edificio e, sendo así, a parte máis alta do edificio (o tellado) correspondería á cabeza, que é a sede do pensamento; de xeito que *ten mal o tellado* (e por iso lle *chove*) é a persoa que fai ou di cousas que carecen de lóxica]. *A ese chóvelle na cabeza, non razoa.*
143. **chupar o dedo** *l. v.* Ignorar algo. Ser un inocentón, coma os nenos pequenos, aos que non é moi raro velos chupar o dedo. *Eu, aos meus anos xa non me chupo o dedo.*
144. **chuspir ao ceo** *l. v.* Ser soberbio, engreído, vaidoso. Considerarse superior aos demáis. *É tan soberbio que non fai máis que chuspir ao ceo. Con tanto chuspir ao ceo vaiche caer o cuspe na cabeza.*
145. **dar a peza pró tacón** *l. v.* 1. Ser un igual có outro. 2. Asemellarse moito dúas realidades. 3. Combinar moi ben dúas cousas. *Son tan iguais que dá a peza para o tacón.*

146. **dar a vara** *l. v.* Molestar [a outras persoas] con palabras que importunan; incordiar, amolar. *Vaite de aí e non deas a vara. Xa está ben de dar a vara.*
147. **dar as duras e comer as maduras** *l. v.* Actuar de maneira egoísta e comenenciuda no reparto das cargas, obrigas ou beneficios.
148. **dar azos** *l. v.* Animar, estimular. *Sempre está a dar azos aos demais.*
149. **dar cos pés no cu** *l. v.* Correr moi de présa, tanto que ao mover as pernas con forza o talón do pé batería no cu. *Corría tanto que daba cos pés no cu.*
150. **dar cos zocos no cu** *l. v.* Correr a moita velocidade. Úsase hiperbolicamente para dicir que alguén camiña moi rápido ou, figuradamente, que fai as cousas con moita rapidez. *Vas tan rápido que aínda vas dar cos zocos no cu.*
151. **darlle á lingua** *l. v.* Falar de máis. Dicir cousas que moitas veces non se debera. *Non fas máis que darlle á lingua.*
152. **darlle boa laia [algo] [a alguén]** *l. v.* Non producirlle [algo] [a alguén] ansia ningunha; non darlle [alguén] importancia [a algo]. É expresión irónica. Laia significa 'ansia, pena'. *Iso que dis e fas dálle a el boa laia.*
153. **darlle golpes ao mar** *l. v.* Facer algo inútil ou tan absurdo coma golpear o mar (que non serve para nada). *O que ti fas é como darlle golpes ao mar.*
154. **darlle unha volta [a alguén]** *l. v.* Marearse, perder o coñecemento, desmaiarse. *Coa fame, doulle unha volta.*
155. **darse coma coles na horta** *l. v.* Darse ben [un animal nun sitio]; estar a gusto e dar mostras diso residindo alí pacificamente e producindo o que ten que producir. *A miña vaca deuse coma as coles na horta.*
156. **deitar as galiñas** *l. v.* Poñerlle ovos a unha galiña choca para que saque os pitiños. *Mañá vou deitar as galiñas.*
157. **deitarse (a) canda as galiñas** *l. v.* Deitarse moi cedo, máis ou menos á posta do sol. *Vai moi cedo á cama, déitase* (*a*) *canda as galiñas.*
158. **dicir [algo] aos catro ventos** *l. v.* Dicirllo a todo o mundo para que o saiban todos. *Non fas máis que dicilo aos catro ventos.*
159. **durmir coma unha pedra** *l. v.* Durmir moi profundamente, permanecendo quieto como o faría unha pedra. *Cando vén a noite póñome a durmir coma unha pedra.*
160. **durmir cun ollo aberto e con outro esperto** *l. v.*
161. **empezar a casa polo tellado** *l. v.* Non facer as cousas coa orde e lóxica debida, coma quen quere empezar a construír unha casa polo tellado. *Fas todo ao revés, sempre empezas a casa polo tellado.*
162. **encher a andorga** *l. v.* Comer abundantemente. Compara a andorga con bandullo, ventre. *O importante é encher a andorga.*
163. **entrarlle [algo] [a alguén] por un oído e saírlle polo outro** *l. v.* Non facer caso do que lle din a un. Non lle dar importancia ningunha. *Non te escoito porque me entra por un oído e sáeme polo outro.*
164. **escornarse en algo** *l. v.* Poñer empeño en comprender ou conseguir algo, aínda que resulte moi difícil. *Por moito que te escornes niso, non o vas a conseguir.*
165. **estar a dúas *velas** *l. v.* Non ter cartos, carecer de recursos. V. <andar

a dúas *velas>. *Como non traballa, sempre está a dúas velas.*

166. **estar a noite negra coma a boca do lobo**. *l. v.* Estar moi escura unha noite, sen que chegue claridade ningunha da lúa e das estrelas.
167. **estar a velas vir** *l. v.* Estar esperando, sen facer nada, que os demais llo dean todo feito; carecer de iniciativa. V. <andar a velas vir>. *Non podes estar a velas vir toda a túa vida.*
168. **estar algo tocado** *l. v.* Estar un pouco mal da cabeza. Refírese a quen se comporta dun xeito pouco normal ou di cousas que non veñen ao caso. *Eses dous* parecen *estar algo tocados.*
169. **estar ata os narices (de [subst. / vbo. / cl.])** *l. v.* Estar farto ou canso de algo ou de alguén. Dise cando algo nos está amolando moito e xa estamos cansos de aguantalo. *Non te aguanto máis, xa estou ata os narices.*
170. **estar atontado** *l. v.* Estar despistado, non decatarse de nada do que pasa. *Céntrate un pouco, que estás atontado.*
171. **estar atuallado** *l. v.* Estar aparvado; non saber un por onde anda. O colector directo escribiu *atuvallado* pero o que se oe dicir é *atuallado*. Sinónimo de <andar coa toalla>. *Cada día* (*que pasa*) *estás máis atuallado.*
172. **estar coa orella detrás da porta** *l. v.* Estar precavido e escoitando o que outros falan. *Non se lles escapa nada, sempre están coa orella detrás da porta.*
173. **estar coma o can e o gato** *l. v.* Levarse moi mal dúas persoas, que buscan seguido a maneira de molestarse reciprocamente. *Eses dous sempre están coma o can e o gato.*
174. **estar coma un centolo** *l. v.* Estar moi borracho. Hai unha similitude entre a cor vermella do centolo cocido e o nariz colorado que adoitan amosar os borrachos. *O teu nariz está coma un centolo polo que levas bebido.*
175. **estar coma un pito** *l. v.* Estar moi mollado despois de chover. V. <poñerse coma un pito>. *Vaite enxugar, que estás coma un pito.*
176. **estar coma un rebolo** *l. v.* Estar moi gordiño. O rebolo é unha variedade de carballo; tamén é un toro pequeno e gordo de árbore ou un pau curto e cilíndrico que se utiliza para rasar medidas, tirando o cugulo. Aplícase a persoas de pequena estatura pero que están gordiñas. *Adelgaza un pouco, porque estás coma un rebolo.*
177. **estar coma un rei** *l. v.* Atoparse un moi a gusto nun lugar. *Non sei de que te queixas, porque aquí estás coma un rei.*
178. **estar coma un rei nunha cesta polo río abaixo** *l. v.* Estar moi contento ou satisfeito [alguén] coa súa situación persoal. Estar feliz. 2. Estar de moi bo humor. 3. Atoparse a gusto nun sitio. *Desde que tes moza, estás coma un rei nunha cesta polo río abaixo.*
179. **estar coma un tren** *l. v.* Ser moi guapo/a e ter moi bo corpo. Os homes úsana máis referida a mulleres. Probablemente funcione tamén á recíproca. *Esa que vai aí está coma un tren.*
180. **estar coma unha cabra** *l. v.* Estar un pouco tolo; non actuar habitualmente segundo se espera dunha persoa normal. *Mirando as cousas que fai parece estar coma unha cabra.*

181. **estar coma unha chota** *l. v.* Estar mal da cabeza. Dise cando unha persoa non regula moi ben. *Non sei porque fas estas cousas. Estás coma unha chota.*
182. **estar como a cera** *l. v.* Estar moi pálido, por un susto, por enfermidade ou por non poñerse nunca ao sol. *A ver se te pos ao sol, que estás coma a cera.*
183. **estar cheo (a rebentar)** *l. v.* Estar farto (de comida). *Comín tanto que estou cheo a rebentar.*
184. **estar cheo coma un centolo** *l. v.* Estar farto a rebentar; estar mantido; non ter fame ningunha. *Deixa de comer, porque estás cheo coma un centolo.*
185. **estar de bo ver** *l. v.* Estar gordiño/a. Ter bo aspecto. *Esa señora maior aínda está de bo ver.*
186. **estar de chispa** *l. v.* 1. Estar bébedo. 2. Ir dun lugar noutro tomando bebidas alcohólicas. *Está de chispa continuamente, hai tempo que ten a mesma borracheira.*
187. **estar de lúa** *l. v.* Estar de moi mal humor. Protestar por todo. *Non hai quen lle fale, leva uns días que está de lúa.*
188. **estar de requetechupete** *l. v.* Estar moi saboroso, moi rico. Adoita aplicarse a comidas. *A comida da túa nai sempre está de requetechupete.*
189. **estar de volta de todo** *l. v.* Non importarlle nada [algo] [a alguén]; pasar de todo. *É tan despreocupado que lle parece que está de volta de todo.*
190. **estar en Babia** *l. v.* Estar perdido, despistado. (Babia é unha comarca leonesa). *Céntrate un pouco que sempre estás en Babia.*
191. **estar en todos os lados menos onde [esa persoa] ten que estar** *l. v.* Atender asuntos secundarios ou alleos e deixar os propios sen atender. Non estar centrado no propio traballo. Andar moi despistado. *Non sei como te arranxas para estar en todas partes menos onte tes que estar.*
192. **estar enchounicado** *l. v.* Ter moi mala saúde. Padecer sempre algunha enfermidade. Non curar unha enfermidade para coller outra. *Non dá curado, sempre está enchounicado.*
193. **estar entre o eixe e a roda** *l. v.* Estar mal de saúde: implica non estar curado de todo pero tampouco estar moi enfermo.
194. **estar feito un abril** *l. v.* Ser unha persoa chea de vida. Presentar un aspecto bo ou moi agradable. *A pesar de ter case oitenta anos, está feito un abril.*
195. **estar feito un porco** *l. v.* Estar moi sucio, case sempre por non lavarse; aínda que tamén por realizar traballos que requiren mancharse. *Lávate un pouco, que estás feito un porco.*
196. **estar fóra de cobertura** *l. v.* Andar moi despistado. Non decatarse de nada. Debemos dicir que é unha locución nacida por similitude coa cobertura dos móbiles. *O teu amigo sempre está fóra de cobertura.*
197. **estar máis contento que o gato coas tripas** *l. v.* Estar moi contento. Dise cando un está moi satisfeito ou contento. *Tocoulle a lotería e está máis contento ca un gato con tripas.*
198. **estar máis sucio có pau das galiñas** *l. v.* Estar moi porco.
199. **estar mal da chola** *l. v.* Falar ou comportarse de forma pouco razoable. Estar mal da cabeza. *Ti si que estás mal da chola.*

200. **estar mirando pra onte** *l. v.* 1. Estar durmindo. 2. Andar despistado. 3. Deixar pasar o tempo sen facer nada. *Nunca se decata de nada, porque sempre está mirando para onte. Non fas máis que durmir, sempre está a mirar para onte.*
201. **estar mosqueado** *l. v.* Estar enfadado con algo ou alguén. *Non fas máis que estar mosqueado.*
202. **estar na horta e non ver as verzas** *l. v.* Estar moi despistado, non decatarse de nada aínda estando presente. *Andas tan despistado, que sempre estás na horta e non ves as verzas.*
203. **estar na inopia** *l. v.* 1. Estar moi distraído; non prestar atención. 2. Non decatarse de nada. Curiosamente *inopia* en latín significaba 'pobreza, falta de medios para vivir'; e en galego aínda é ese tamén o significado natural pero non nesta locución. *A ver se atendes un pouco, que sempre estás na inopia.*
204. **estar na lúa de Valencia** *l. v.* Estar moi despistado. *Nunca sabes a cantas andas, sempre estás na lúa de Valencia.*
205. **estar nas nubes** *l. v.* Non estar atento ao que [esa persoa] ten que facer. Estar moi despistado. Pensar noutras cousas. Figuradamente, cando un non ten os pés no chan. *A ver se te apousas que sempre estás nas nubes.*
206. **estar nas verzas** *l. v.* Estar moi despistado. Estar pensando en cousas distintas das que [esa persoa] está facendo. *Non sabes máis que estar nas verzas.*
207. **estar no chasis** *l. v.* Estar moi delgado. Figuradamente, vérselle a un os ósos marcados porque está moi delgado, coma os ferros que forman o chasis do coche. *Come un pouco porque estás no chasis.*
208. **estar no mundo por estar** *l. v.* Ter unha actitude de indiferenza ante todo; non haber nada que interese [a esa persoa]; pasar de todo. *Mirando para ti, vese que estás no mundo por estar.*
209. **estar no quinto pino** *l. v.* 1. Estar [algo / alguén] moi lonxe. 2. Andar [alguén] moi despistado. *Iso está no quinto pino.*
210. **estar pró arrastre** *l. v.* Estar moi canso, despois dun esforzo considerable. *Veño tan cansada, que estou para o arrastre.*
211. **estar podre de cartos** *l. v.* Ser moi rico. Ter moitos cartos. *Aí onde o ves, está podre de cartos.*
212. **estar polas nubes** *l. v.* Ser ou estar moi cara unha cousa. *As cousas neste intre están polas nubes.*
213. **estar preto de [número] anos** *l. v.* Faltarlle [a alguén] pouco para acadar esa idade. *Está preto dos oitenta anos.*
214. **estar sen gonzos / folgos** *l. v.* Estar sen forzas. *Traballa tanto, que despois está sen gonzos.*
215. **estar sen rascar bóla** *l. v.* Estar sen facer nada. *Nunca traballas nada, estás sen rascar bóla.*
216. **estar sen solás** *l. v.* Estar cansado, sen forzas. *Desde que teño este traballo, estou sen solás.*
217. **estar teso (coma o mango dun sacho)** *l. v.* Non ter cartos. Non dispoñer de reservas económicas. *Estou teso coma o mango dun sacho, desde que estou no paro.*
218. **estar todo patas arriba** *l. v.* Estar todo desordenado, desorganizado. *Como non ordenes un pouco vai estar todo patas arriba.*

219. **estar tronzado** *l. v.* 1. Ter un disgusto moi grande. 2. Estar moi canso. *Non molestes á familia, que está tronzada.*
220. **estar [unha persoa] que trina** *l. v.* Estar moi enfadada, a punto de empezar a dar berros. Evoca o canto dun paxaro. *Non te metas máis con el, que está que trina.*
221. **estendérselle a alma polo corpo [a alguén]** *l. v.* 1. Coller ánimos e forzas [unha persoa], despois de matar a fame con algo de comida. 2. Coller ánimos e forzas [unha persoa], cando lle dan unha noticia agradable. *Cando llo dixeron, parece que se lle estendeu a alma polo corpo.*
222. **estirar o pé *según é a manta** *l. v.* Non gastar máis do que se ten. Acomodarse ás posibilidades económicas que poida ter cadaquén. *Aforra algo e estira o pé según é a manta.*
223. **facer as cousas a rumbo** *l. v.* Facelas sen mesura, sen método ou sen a debida reflexión sobre as consecuencias. *Nunca se decata de nada e sempre fai as cousas a rumbo.*
224. **facer máis [unha persoa] durmindo que [outra persoa] desperta** *l. v.* Ser moito máis traballador e eficiente unha persoa ca outra que é pouco dilixente. *Véseche tan pouco o traballo que fago máis eu durmindo que ti esperto.*
225. **facer o agosto** *l. v.* Gañar moitos cartos nalgún negocio que vai ben. *Fixo o agosto cos seus negocios na construción.*
226. **facer un bo agosto / magosto** *l. v.* Sacar beneficio de algo. *Con aquel negocio fixo un bo agosto. / Con iso que vendiches fixeches un bo magosto.*
227. **facerlle o amor [a alguén]** *l. v.* 1. Facerlle as beiras [a outra persoa], intentar conquistala. 2. Consumar con outra persoa o acto sexual. *Cando ve unha rapaza, sempre lle está a facer o amor.*
228. **facerse [alguén] o morto pra ver o enterro que lle fan** *l. v.* Simular a propia morte para observar quen é amigo e se doe e, en cambio, quen se alegra.
229. **facérselle a boca auga [a alguén]** *l. v.* Gozar anticipadamente de algo moi apetitoso ou moi desexado, cando parece iminente a súa posesión ou conquista. Literalmente sóltase saliva cando estamos ante a presenza de comida, de aí a similitude. *Con mirar para a comida xa se me fai a boca auga.*
230. **falar coma unha cotorra** *l. v.* Falar moito. *Non é capaz de estar calada, fala coma unha cotorra.*
231. **falar da caza e mercala na praza** *l. v.* Presumir de éxitos que se conseguiron fraudulentamente. *Fala da caza e mércaa na praza.*
232. **falar do mar e nel non entrar** *l. v.* Non comprometerse coas propias ideas.
233. **falar polos cóbados** *l. v.* Falar moito. Ser moi falador. *Non hai quen a faga calar, fala polos cóbados.*
234. **falar por sete** *l. v.* Falar moito. Non saber estar calado. *É tan falangueiro, que fala por sete.*
235. **falar por un sarillo** *l. v.* Falar moito. O sarillo e a devandoira eran aveños que se usaban no traballo de elaboración do liño, en facer as meas de fío (de liño ou de la), para o que se precisaba que desen voltas. Por esta zona teño escoitado bastantes veces esta frase para referirse a alguén que fala e fala sen deixar

intervir os outros pero, tamén, a aquelas outras persoas que se repiten moito e din a mesma cousa unha e outra vez, talmente coma o sarillo que xira e xira. *Sempre estás falando, o teu é falar por un sarillo.*

236. **faltarlle unha fervedura [a alguén]** *l. v.* 1. Ser [unha persoa] algo tonta, pouco intelixente, pouco espabilada. 2. Comportarse de forma pouco axeitada. 3. Dicir cousas que non veñen ao caso. *¡Dis cada cousa...! A ti fáltache unha fervedura.*
237. **fuxir da borralla e caer nas brasas** *l. v.* Meterse nun problema maior tentando evitar outro menor.
238. **gozar na verza** *l. v.* Estalo pasando ben. *Eses dous están a gozar na verza.*
239. **haber barro na costa** *l. v.* Atoparse con dificultades para levar algo a cabo. A locución procede do tempo en que os camiños non estaban asfaltados e as rodas de ferro dos carros, nesas zonas brandas e barrentas, escorregaban e non daban avanzado. *Púxenme a facelo pero atopeime que hai barro na costa.*
240. **haber gato encerrado** *l. v.* haber unha trampa ou algo oculto nun asunto, algo que non está claro e que pode resultar prexudicial; o uso desta locución sempre expresa desconfianza ou recomenda prudencia. *A min non me enganas que aquí hai gato encerrado.*
241. **haber máis verzas na ola** *l. v.* Haber outras razóns nun asunto que se deben tomar en consideración. *Non o vexas todo tan fácil porque hai máis verzas na ola.*
242. **haber mouros na costa** *l. v.* Haber persoas nas proximidades que poden ver ou oír o que non interesa que vexan nin oian. *Xa podes dicir o que queiras que non hai mouros na costa.*
243. **ir á corte e matalas todas** *l. v.* 1. Facer unha barbaridade. Acabar con todo. 2. Meter moito a pata. 3. Ser o colmo de algo. *As cousas que ti fas é como ir á corte e matalas todas.*
244. **ir a fume de carozo** *l. v.* Ir moi rápido. *Cando pasou por aquí ía a fume de carozo.*
245. **ir a leira e quitar os toutizos** *l. v.* 1. Eliminar cousas inútiles. 2. Perder o tempo en cousas que non valen para nada. Un toutizo é un bloque de terra seca e apelmazada que quedou así porque se traballou en mollado e ao resecarse quedou endurecido e moi difícil de traballar. Noutros sitios próximos chámanlle tamén cotrillón ou cutrillón. *Teño tantos trastos que me parece que o que vou ter que facer é coma ir á leira e quitar os toutizos.*
246. **ir aqueloutrando** *l. v.* Ir levando a cousa da mellor maneira posible. *Hai que ir aqueloutrando ese traballo.*
247. **ir cabaleiro no burro e andar ao seu procuro** *l. v.* Non percibir [algo] que está á vista ou que é evidente.
248. **ir coma unha bamba** *l. v.* Ir ben as cousas no traballo, nos estudos, etc.
249. **ir cos da feira e vir cos do mercado** *l. v.* Ser un virachaquetas, que lle dá a razón a todos, que non ten personalidade. *Tes moi pouca seriedade, vas cos da feira e vés cos do mercado.*
250. **ir de cu** *l. v.* Fracasar. *Como non cambies, creo que vas ir de cu.*
251. **ir de cu e costa arriba** *l. v.* Intentar facer algo moi difícil de conseguir. *O que ti pretendes é coma ir de cu e costa arriba.*

252. **ir de troula** *l. v.* Saír a divertirse de noite. Ir de farra. *Non podes ir de troula todos os días.*
253. **ir feito un pirixel** *l. v.* Ir moi guapo ou moi elegante. *Con ese traxe novo vas feito un pirixel.*
254. **ir nas quimbambas** *l. v.* 1. Ter pasado moito tempo dende que algo aconteceu. 2. Estar [algo] xa moi lonxe. *Pénsalo agora e iso xa vai nas quimbambas.*
255. **ir nunha maleta e vir nun baúl** *l. v.* Regresar en peor estado que cando se marchou. Aplícase a quen non mellorou nada nin co tempo nin con viaxes. *Non lle serviu de nada ir a escola porque foi nunha maleta e veu nun baúl.*
256. **ir pró palleiro** *l. v.* Descansar despois de comer moito. *Despois deste xantar apetece ir para o palleiro a durmir a sesta.*
257. **ir pró toxeiro** *l. v.* Morrer. Úsase o toxeiro por similitude co enterro de animais na zona rural, que tradicionalmente se enterraban en terreos comunais e que, se non se coidaban, enseguida se enchían de toxos. *Non che é bocado de bo gusto ir para o toxeiro.*
258. **ir periposta** *l. v.* Ir moi arranxada, moi guapa, moi ben vestida [unha moza]. *A esa nena gústalle moito ir periposta.*
259. **ir pisando ovos** *l. v.* Camiñar con moito tino e paseniño coma quen anda cos ovos con coidado de que non se rompan. V. <andar coas cousas coma cos ovos>. *Parece que vas pisando ovos.*
260. **ir sachar o millo e cortalo todo** *l. v.* Facer as cousas ao revés de cómo se deben facer. *A ver se fas algo ao dereito que parece que vas sachar o millo e córtalo todo.*
261. **ir un tempo de patos** *l. v.* Ir moi mal tempo, moi desapacible. Os patos son animais aos que lles gusta a auga e por iso se supón que estarían contentos cos días de chuvia. *Levamos uns días que vai un tempo de patos.*
262. **irse da lingua** *l. v.* Falar máis do debido ou revelar algo que debería quedar oculto; desvelar un segredo. *Cala un pouco, non te vaias da lingua.*
263. **írselle [a alguén] o santo ao ceo** *l. v.* Esquecer algo que se ía dicir ou facer. *Quedei coa mente en branco, fóiseme o santo ao ceo.*
264. **lamber [a alguén] un cucho** *l. v.* Aparecer [alguén] moi peiteado ou engominado. Dise por similitude coa forma que colle o pelo do tenreiro, cando a vaca o lambe. *Levas o pelo que parece que te lambiu un cucho.*
265. **levantar o cu e deixalo caer** *l. v.* 1. Estar ocioso. 2. Facer todas as cousas sen ganas. *A ver se fas algo que non fas máis que levantar o cu e déixalo caer.*
266. **levantarse co pé esquerdo** *l. v.* Saírlle [a alguén] as cousas todas ao revés nese día; ter moi mala sorte ese día. É moi común a crenza supersticiosa de que, cando un se levanta ou sae da casa co pé esquerdo por diante, ese día vai ter mala sorte. *Sáeme todo ao revés, parece que me levantei co pé esquerdo.*
267. **levantarse de candieiros** *l. v.* Levantarse [un animal] das pernas de diante. *Eu vin aquela besta levantarse de candieiros.*
268. **levar e traer** *l. v.* Andar de contos, de chismorreos. *Gústalle moito levar e traer.*

269. **levar lume** *l. v.* Ir moi apurado; ter moita présa. *Ese que vai aí parece que leva lume.*
270. **levar o arado tres regos** *l. v.* Non haber ou non levar [unha persoa] unha dirección recta e definida. Pola miña experiencia de fillo de labrego, téñolle escoitado ao meu pai expresións parecidas a esta: *"Chégate ao rego que parece que queres levar tres regos a un tempo"*: dicíamo cando lle ía chamar as vacas para arar co arado de pau e el vía que me separaba moito do rego anterior polo que, neste caso, quedaba algo sen arar no medio. *Se o arado leva tres regos* significa, logo, non haber ou non levar [alguén] unha dirección definida e recta. Quizais tamén non saber qué dirección coller; estar moi indeciso. *Estás tan perdido que fas o mesmo que se o arado leva tres regos.*
271. **levar o pan prás ras** *l. v.* 1. Tardar moito en facer algo. 2. Dedicarse a facer traballos de moi pouco valor. *Apura un pouco que parece que vas levar o pan para as ras.*
272. **levar o pau pra despois levar con el** *l. v.* Padecer o rigor dunha norma que un mesmo axudou a introducir. Nas escolas de antes era moi frecuente que o mestre lles pedise aos alumnos que lle levasen unha vara delgada para sinalar no encerado ou nun mapa; pero moitas veces acontecía que o rapaz que a levara acababa levando unhas vareadas nas mans ou nas cachas coa propia vara que el levara. *A algúns políticos tenlle pasado que levaron o pau para despois levar con el.*
273. **levar o sombreiro gacho** *l. v.* Levar o sombreiro de lado. *É tan presumido que sempre leva o sombreiro gacho.*
274. **levar unha lostregada** *l. v.* Levar un sopapo. *Cala ou vas levar unha lostregada.*
275. **levar unha vida de can** *l. v.* Ter que estar sempre traballando moi duramente. *Traballou tanto que toda a súa vida levou unha vida de can.*
276. **levar [a alguén] o demo** *l. v.* 1. Andar desesperado. 2. Estar moi enfadado ou anoxado [alguén] á vista de certas cousas que non lle gustan ou lle molestan. *Lévame o demo, cando teño fame e non teño que comer.*
277. **levarse coma o can e o gato** *l. v.* Levarse mal dúas persoas; estar rifando seguido. *Eses dous irmáns lévanse coma o can e o gato.*
278. **levarse coma o pan e o leite** *l. v.* Levarse moi ben dúas persoas; ser amigos íntimos. *Son tal para cal, lévanse coma o pan e o leite.*
279. **marchar pitando** *l. v.* Marchar moi rápidamente dun sitio. *Teño moito apuro e teño que marchar pitando.*
280. **matar a macela** *l. v.* Satisfacer un desexo intenso. *Comín unha boa mariscada, xa matei a macela.*
281. **matar o pego** *l. v.* Durmir. *Nunca fai nada, sempre está a matar o pego.*
282. **mesturar papas con verzas** *l. v.* Xuntar cousas que non teñen nada que ver. *Es tan desordenado que sempre mesturas papas con verzas.*
283. **meter a pata** *l. v.* Actuar ou falar de maneira inoportuna ou inconveniente. *Cando falas, moitas veces metes a pata.*
284. **meter a zoca** *l. v.* Actuar ou falar de maneira inoportuna ou inconveniente. *Sempre estás a meter a zoca.*

285. **meter gato por lebre** *l. v.* Enganar intencionadamente. *Fíxate ben e que non che metan gato por lebre.*
286. **meter o beizo** *l. v.* Rexoubar. *É moi rexoubeiro, sempre está a meter o beizo.*
287. **meter o rabo entre as pernas** *l. v.* Acovardarse. A imaxe de referencia é a dun animal, especialmente un can, que, cando se sente en perigo, mete o rabo entre as pernas en sinal de submisión. *Cando alguén te ameaza, ti xa, sen máis, metes o rabo entre as pernas.*
288. **meter unha perra pra quitar unha peseta** *l. v.* Dicir unha mentira para saber unha verdade. Unha perra era unha moeda que valía 5 céntimos de peseta. *Ti es moi pillo, metes unha perra para quitar unha peseta.*
289. **meterlle os dentes [a algo]** *l. v.* Acometer algo dificultoso; decidirse a facelo a pesar dos pesares. *Aínda que non me guste estou abrigado a meterlle os dentes ao traballo.*
290. **meterse en camisas de once varas** *l. v.* Meterse innecesariamente en problemas que non lle conveñen a un; meterse nos asuntos dos demais e que nos poden traer consecuencias non desexadas. *¡Non te metas en camisa de once varas!*
291. **mirar prás moscas** *l. v.* Andar despistado. Estar perdendo o tempo sen proveito ningún, coma o que se sacaría contemplando como voa unha mosca. *Céntrate un pouco que non fas máis que mirar para as moscas.*
292. **morder a lingua** *l. v.* Conter as ganas de falar. *A veces o mellor é morder a lingua e non dicir cousas que non se debe.*
293. **nin atar nin desatar** *l. v.* Ser persoa moi indecisa que non resolve nada do que está pendente. *Decídete xa dunha vez porque nin atas nin desatas.*
294. **nin comer nin deixar comer** *l. v.* Entorpecer a acción dos demais e non construír tampouco nada en por un, de modo semellante ao can que, cando está farto e ten comida diante, non deixa comer a outro que se achega por alí. *O meu can nin come nin deixa comer ao do veciño.*
295. **nin sufrir nin padecer** *l. v.* Manifestar total indiferenza ante calquera alternativa. Darlle igual todo [a unha persoa]. *Nunca se decata de nada, ese nin sufre nin padece.*
296. **non caberlle [a alguén] unha agulla polo cu** *l. v.* Comportarse con presunción [unha persoa], cando vai elegantemente vestida. Suponse que vai tan tesa e coas cachas tan apretadas que non lle cabería nada entre elas, nin sequera algo tan delgado coma unha palla. *Vai tan traxeado, que non lle cabe unha agulla polo cu.*
297. **non caer en saco roto** *l. v.* Lembrar de forma perenne algo que aconteceu Non esquecerse de algo que che fixeron por mal. *Mira o que fas que isto non ha caer en saco roto.*
298. **non collerlle [a alguén] un xunco no cu** *l. v.* Comportarse con presunción [unha persoa], cando vai elegantemente vestida. Ir tan recto e teso que sería imposible meterlle algo entre as cachas. *Vai tan periposto, que non lle colle un xunco no cu.*
299. **non dar nin a hora** *l. v.* Ser moi tacaño. *É tan furrincha que, por non dar, non dá nin a hora.*
300. **non dar pau á auga** *l. v.* Non facer absolutamente nada. *Esa que ves non dá pau á auga.*

301. **non dár pé con bóla** *l. v.* Non saírlle as cousas ben a unha persoa, non atinar a facelas correctamente e de maneira eficaz; non dar unha a dereitas. *Fai todo ao revés, non dá pé con bóla.*
302. **non estar o alcocén pra gastos** *l. v.* Estar preocupada ou nerviosa ou irritada unha persoa e non admitir bromas. Non estar a cousa para bromas. *Non me veñas con historias que non está o alcocén para gastos.*
303. **non estar o fol pra gaitas** *l. v.* Non estar de humor para soportar as bromas ou chistes dos demais. *Cala xa cos teus chistes que non está o fol para gaitas.*
304. **non irlle [algo] [a alguén] e irlle todo** *l. v.* Dicir [unha persoa] no inicio dunha comida que non lle apetece comer e despois comer sen problema todo o que lle poñen no prato. *¡Tanto dicir que non che ía e foiche todo!*
305. **non parar a cabeza** *l. v.* Estar sempre pensando. Non ter acougo co pensamento. *Teño tantas ideas que non me para a cabeza.*
306. **non saber a cantas andas** *l. v.* Ter un despiste moi grande e non decatarse absolutamente de nada. *Estás tan distraído que non sabes a cantas andas.*
307. **non ser [unha persoa] ben dos seus días** *l. v.* Comportarse [unha persoa] de maneira anormal ou sorprendente. *¡Ti non es ben dos teus días! ¡Fas cada cousa máis rara...!*
308. **non ter nin xeito nin pés** *l. v.* Carecer de toda lóxica. *Iso non ten nin xeito nin pés.*
309. **non ter pelos na lingua** *l. v.* Dicir as cousas como son, sen rodeos. *Ese home nunca ten pelos na lingua.*
310. **non ter solás** *l. v.* Estar decaída unha persoa; non ter ánimos; non ter forzas. *Despois de traballar todo o día, non ten solás.*
311. **non ter un ghameito** *l. v.* Carecer absolutamente de todo. *Non me queda nada, non teño un ghameito.*
312. **non ter xeito nin modo [un asunto]** *l. v.* Estar moi desorganizado; estar mal feito; ser difícil atoparlle solución a un problema. *Está tan mal, que non ten xeito nin modo.*
313. **non valer nin pra Deus nin pró demo** *l. v.* Ser inútil, carecer de valor.
314. **non valer prós andamios nin prós buratos** *l. v.* 1. Ter dificultades para traballar nos sitios elevados (andamios) e tamén nos afundidos (buratos). 2. Servir para poucas cousas. *Eu non valo nin para os andamios nin para os buratos.*
315. **non valer pra roubar** *l. v.* Ser incapaz [unha persoa] de gardar segredos. *Ti cóntalo todo; non vales para roubar.*
316. **non ver nacer as herbas** *l. v.* Andar moi despistado e non decatarse do que pasa no mundo. *Anda tan despistada que non ve nacer as herbas.*
317. **non ver un átimo** *l. v.* Non ver nada, como cando é noite pecha sen luz e co ceo anubrado. Escuridade. *Estás cegato, non ves un átimo.*
318. **non ver un burro a dous pasos** *l. v.* Ter moi mala visión; non ver ou non decatarse de nada. *Mira por onde vas, que non ves un burro a dous pasos.*
319. **oír / ver cantar máis de catro cucos** *l. v.* Ter [unha persoa] moitos anos. Similitude que se establece entre os anos que van pasando e a chegada do cuco (ave migratoria que a esta zona

chega a primeiros de abril e que vén de ano en ano). *Polos anos que ten xa oíu cantar máis de catro cucos.*

320. **oír campanas e non saber onde tocan** *l. v.* Ter noticia confusa dun asunto. Non saber de que vai unha cousa. *Non se che pode facer caso porque oes campanas e non sabes onde tocan.*
321. **papar moscas** *l. v.* Estar aparvado ou sen facer nada. *Non fai máis que papar moscas.*
322. **parecer que está mexando o ceo** *l. v.* Estar chovendo moito. *Hai uns días que parece que está mexando o ceo.*
323. **parecer que [alguén] saíu do cocho** *l. v.* Estar moi sucio. O cocho é unha dependencia da corte na que están separados os porcos (por veces, os tenreiros pequenos) pero que, en calquera caso, adoita estar máis sucia có resto da corte.
324. **parecer que [me / te / nos / vos...] mirou un torto** *l. v.* Saír todo ao revés do que se conta. *Levo uns días que parece que me mirou un torto.*
325. **parecer [un lugar] un cortello** *l. v.* Estar [un lugar] todo sucio ou desordenado. (*Cortello* é a corte dos porcos que é paradigma de desorde e sucidade). *A túa habitación xa empeza a parecer un cortello*.
326. **pasar o carro por enriba dos bois** *l. v.* Querer mandar máis o empregado que o xefe, ou máis o fillo cós seus pais, amosando, deste xeito, unha actitude insolente. *Xa manda máis cós seus pais; quere a ver se pasa o carro por enriba dos bois.*
327. **pasarlle [a alguén] o sol pola porta** *l. v.* Perder [unha persoa] unha oportunidade que non se repetirá. Ser xa vella [unha persoa] para encontrar parella e casar. *Ese, agora, non busca moza que xa lle pasou o sol pola porta.*
328. **pedirlle peras a un olmo** *l. v.* Esperar ou pretender cousas imposibles. *Confórmate co que tes e non lle pidas peras a un olmo.*
329. **perder a cabeza** *l. v.* Ter ideas moi disparatadas. Non razoar con cordura. *Serénate, non vaias perder a cabeza.*
330. **perder gas** *l. v.* 1. Non razoar con cordura. Estar mal da cabeza. 2. Perder forza. *Cada ano que pasa está a perder gas en máis cantidade.*
331. **picarlle as pulgas [a alguén]** *l. v.* 1. Desconfiar de algo. 2. Estar molesto cunha situación. *Xa me empezan a picar as pulgas con ese asunto.*
332. **picarlle [a alguén] a mosca no rabo** *l. v.* 1. Levar moita présa. 2. Estar inquieto. *A ese rapaz pícalle a mosca no rabo.*
333. **pillar [a alguén] coas mans na masa** *l. v.* Coller [a alguén] facendo algo que, case sempre, non debería facer. *Pillárono coas mans na masa cando rompía o xoguete.*
334. **pintar a mona** *l. v.* Facer o tonto ou o pallaso para servir de diversión aos demais. *¡Xa está ben de pintar a mona!*
335. **pintar o canaveiro** *l. v.* 1. Portarse mal unha persoa. 2. Perder ou deixar pasar o tempo sen facer nada. *Non fas máis que andar a pintar o canaveiro.*
336. **pintar o pallaso** *l. v.* Estar facendo tonterías [u.p.] diante dos demais, case sempre para facerse persoa graciosa. *Só sabes andar a pintar o pallaso.*
337. **poñer o carro diante dos bois** *l. v.* Invertir a orde lóxica das accións.
338. **poñer os puntos sobre os is** *l. v.* Poñer ou deixar as cousas claras;

matizar todo o necesario para disipar dúbidas e para evitar interpretacións erróneas.

339. **poñerlle o lombo [a algo]** *l. v.* Afrontar unha situación adversa, con responsabilidade ou con resignación. *Non vai haber máis remedio que poñerlle o lombo.*
340. **poñerlle un besbello** *l. v.* Botar nun xogo de cartas un trunfo de pouco valor. *Ponlle un besbello, o seis ou o sete.*
341. **poñerse a esparruñar** *l. v.* Protestar por non estar de acordo con algo. *Non convén poñerse a esparruñar, porque, se cadra, quedamos peor do que estabamos.*
342. **poñerse coma un pito** *l. v.* Mollarse moito porque chove e non se está abrigado. V. <estar coma un pito>. *Se non se abriga, vai poñerse coma un pito.*
343. **poñerse farruco** *l. v.* 1. Resistir tercamente. Non dar o brazo a torcer. 2. Insolentarse. *Gústalle moito poñerse farruco nas discusións.*
344. **poñer(se) coma unha chota** *l. v.* 1. Mollarse moito. 2. Falar moi mal doutra persoa. *Con esta chuvia vaste poñer como unha chota.*
345. **por campar, arrabear** *l. v.* Pasar traballos e sufrir en silencio as incomodidades que pode provocar unha peza de roupa ou o calzado para ter a agradable sensación de sentirse e parecer guapo ou guapa e elegante e presumir (campar). *É tan presumida que, por campar, arrabea.*
346. **quedar dun lado** *l. v.* Sorprenderse moito por unha cousa. *Houbo de quedar dun lado co que lle dixeron.*
347. **quedar pra vestir santos** *l. v.* Quedar solteira [unha persoa] e xa sen perspectiva de que poida casar. *Con cincuenta anos e solteiro, ese quedou para vestir santos.*
348. **quedar [algo] da miña / túa ansia** *l. v.* Encargarse [alguén] de resolver un problema ou facer unha xestión que afecta outra persoa, de xeito que esa outra persoa poida despreocuparse. Unha persoa terá ansia para que a outra poida desentenderse. *Non te preocupes que iso queda da miña ansia.*
349. **quedarlle mal o corpo [a alguén]** *l. v.* Quedar a disgusto cando se recibe unha noticia desagradable ou non saen as cousas como un pensaba. *Oe un cada cousa que nos fai quedar mal o corpo.*
350. **quedar(se) dun barreno** *l. v.* Quedar abraiado ante unha noticia ou un feito. *Quedouse dun barreno con aquela historia.*
351. **rascar o cu polas pallas** *l. v.* Quedar frustrada [unha persoa] por non conseguir aquilo que tanto quería. *Tiñas moito garbo pero rascaches o cu polas pallas.*
352. **richar os dentes coa dor** *l. v.* Ter moita dor e como consecuencia frotar os dentes un contra o outro producindo son. *Non facía máis que richar os dentes coa dor de moas.*
353. **saber ao ghas** *l. v.* Estar moi saborosa unha comida. Expresión frecuente na zona de Malpica de Bergantiños. *A comida está tan boa que sabe ao ghas.*
354. **sacarlle as castañas do lume [a alguén]** *l. v.* Solucionarlle os problemas a alguén. *Sempre ten alguén para sacarlle as castañas do lume.*
355. **saír dun souto e meterse noutro** *l. v.* Solucionar parcialmente un problema complicando aínda máis a

situación. *Non fas máis que saír dun souto e meterte noutro.*

356. **saír(se) pola tanxente** *l. v.* Non dicir nada ao caso. Responder ou facer cousas que non veñen ao caso. Contestar con evasivas. *Coas súas respostas non fai máis que saírse pola tanxente.*
357. **saltar coma o galo [alguén] cando se enfada** *l. v.* Dar vivas mostras de irritación [unha persoa]. *Cando se enfada, coma o galo salta.*
358. **saltar (aínda) o suco e maila canle** *l. v.* Estar aínda en boa forma. Dise dunha persoa, especialmente do xénero feminino, madura, pero que aínda está de bo ver e lle gusta ser observada. *Esa, aínda salta o suco e maila canle.*
359. **ser a gota que colmou o vaso** *l. v.* Ser a complicación que esgota a paciencia dunha persoa. *Non che aguanto máis caprichos; esta é a gota que colmou o vaso.*
360. **ser a hora do ghalufo** *l. v.* Ser a hora de comer. Tradicionalmente era comida de non moi bo aspecto nin sabor. Palabra probablemente traída en tempos do servizo militar no Sahara, onde para os nativos designaba a 'carne de porco'. *Comezo a ter fame porque xa é a hora do ghalufo.*
361. **ser coma a morte piadosa, que sempre vén e nunca chega** *l. v.* Ser moi lento facendo algo. Non achegarse a un sitio, cando chaman por un. *A ver se me fas caso e vés aquí, que es coma a morte piadosa, que sempre vén e nunca chega.*
362. **ser coma a roda dun muíño** *l. v.* 1. Non parar quieto. 2. Repetir unha cousa moitas veces dándolle voltas ao mesmo tema. *Cala un pouco que es coma a roda dun muíño.*
363. **ser coma a tea que está raída** *l. v.* Non servir para nada; ser inútil. *O que ti fas é coma a tea que está raída.*
364. **ser coma as fabas na ola** *l. v.* Ser moi inquieto. Estar movéndose continuamente. *A ver se paras que es coma as fabas na ola.*
365. **ser coma o leite fervido** *l. v.* 1. Andar apurado, coma o leite que, cando ferve, bota fóra da ola. 2. Ter a cara moi branca ou pálida. *A cara del é coma o leite fervido.*
366. **ser coma o pan de cada día** *l. v.* Ser algo imprescindible, que non se pode pasar sen el. *Para min verte é coma o pan de cada día.*
367. **ser coma o xoves** *l. v.* Estar sempre no medio, ben físicamente nun sitio, ben incordiando e meténdose na conversación e asuntos dos demais. *Es coma o xoves, non fas máis que estar sempre no medio.*
368. **ser coma un allo** *l. v.* Ser moi espabilado, ser moi listo. V. <listo coma un allo>. *O neno do meu veciño é coma un allo de listo.*
369. **ser coma un busca pinas** *l. v.* Ser moi traballador, moi activo, coma os antigos pineiros que tiñan que ir polos montes para recoller pinas, que logo ían vender para acadar algún diñeiro coa súa venda. *Estás sempre movéndote, es coma un busca pinas.*
370. **ser coma un cesto** *l. v.* 1. Ser lento no traballo, moi pesado. 2. Andar mal arranxado. *Espabila que es coma un cesto.*
371. **ser coma un pau de ferro** *l. v.* Ser moi pesado ou moi duro no trato cos demais. O *pau de ferro* é unha vara de ferro bastante gorda que se usa para facer panca e levantar grandes pesos. Adoitábase usalo cando, antigamente, se ía a unha canteira a

arrincar pedra ou para colocalas cando se facían as paredes das casas ou os peches das leiras. *O meu amigo é coma un pau de ferro de tan pesado que é.*

372. **ser coma un pau seco** *l. v.* 1. Ser aburrido, sen interese ningún para os demais. 2. Ser aburrido, non amosar ningunha simpatía por algo ou alguén. *Ese que vai aí sempre é coma un pau seco.*
373. **ser coma un peto** *l. v.* Ser moi calado. Un peto contén cousas que, se non se sacan del, non se sabe que é o que hai; do mesmo xeito, se unha persoa non fala, os outros tampouco saben o que ela pensa. *É coma un peto, nunca di nada.*
374. **ser coma un *grano con pus** *l. v.* Ser moi asqueroso, repugnante, molesto. *É tan aburrido que é coma un grano con pus.*
375. **ser coma unha *tortuga** *l. v.* 1. Andar moi a modo. 2. Non saír do paso. *Apura un pouco que es lento coma unha tortuga.*
376. **ser coma buscar unha agulla nun palleiro.** *l. v. Isto é coma buscar unha agulla nun palleiro.*
377. **ser coma unha burra aceiteira** *l. v.* Ser moi pouco intelixente. Esta locución podería aludir ás burras que os arrieiros usaban para levar as mercadorías polos antigos camiños e corredoiras e que entre os produtos que transportaban estaría o aceite.
378. **ser coma unha lebre** *l. v.* Ser moi áxil mentalmente ou fisicamente.
379. **ser cousa do demo** *l. v.* Ser asunto moi raro ou imprevisto e que, ademais, non é cousa boa. *Non fago máis que perder cousas, éche cousa do demo.*
380. **ser chuspidiño [a outra persoa]** *l. v.* Ser moi parecido, moi semellante a [esa outra persoa]. *É chuspidiño ao seu irmán.*
381. **ser da beira do cadullo** *l. v.* Ser de pouca calidade. Os cadullos son as testas das leiras onde as colleitas adoitan ser peores que no resto porque se pisan cando se traballa o resto da leira. *Non queiras ser dos da beira do cadullo.*
382. **ser da mesma quinta** *l. v.* Ter máis ou menos a mesma idade. Por quinta entendíase o ano no que chamaban a un para facer o servizo militar. *O Xosé e máis eu somos da mesma quinta.*
383. **ser do mundo** *l. v.* 1. Ser dos veciños, de todos. 2. Ter moito mundo. *Non te fíes moito del que che é do mundo.*
384. **ser furrincha** *l. v.* 1. Ser moi aforrador. 2. Ter moi mal xenio. *Por moito que me digas e deas non deixas de ser furrincha.*
385. **ser lula** *l. v.* Ser [persoa] terca, teimuda; non ser fácil de convencer. *Non sexas lula e a ver se fas algo de caso.*
386. **ser moi agudo** *l. v.* Ser moi listo ou traballador. *O meu neno é moi agudo.*
387. **ser moi apetecido prós catarros** *l. v.* Ser moi propenso a ter catarros. *Eu son moi apetecido para os catarros, non saio dun para meterme noutro.*
388. **ser moi lareta** *l. v.* Ser moi falador; ser moi indiscreto. Contar todo o que sabe. *A ese non se lle pode contar nada que é moi lareta.*
389. **ser moi videiro** *l. v.* 1. Ser traballador, buscavidas; ser ou estar preocupado pola prosperidade da casa e da familia. 2. Ser persoa de trato agradable. *Vese nas formas dese home que é moi videiro.*

390. **ser pan comido** *l. v.* Resultar moi fácil a realización do que se pretende facer. *Iso que ti me dis é pan comido.*
391. **ser pan comido** *l. v.* Ser moi fácil de facer ou conseguir. *Iso que dis é pan comido.*
392. **ser peor cás galiñas** *l. v.* Muller que anda ou lle gusta andar con moitos homes, por comparación cos galos e galiñas. *Esa muller non sae de xunta os homes, é peor cás galiñas.*
393. **ser unha laverca** *l. v.* 1. Estar falando seguido. 2. Descarada. *A esa non lle fagas caso, que é unha laverca.*
394. **ser [dúas persoas] coma dúas gotas de auga** *l. v.* Ser fisicamente moi parecidas [dúas persoas]. *Esas dúas irmás son coma dúas gotas de auga.*
395. **soltar a galiña** *l. v.* Dar ou gastar os cartos a contragusto.
396. **subírselle [a alguén] os fumes** *l. v.* Ensoberbecerse, volverse moi presumido. *Cando un ten moitos cartos, é moi fácil subirselle a un os fumes.*
397. **ter a cabeza a paxaros** *l. v.* Estar alonxado da realidade. Non pensar no que se fai. *Xa está ben de ter a cabeza a paxaros.*
398. **ter a cariña coma unha presa** *l. v.* Ser un bebé moi miudiño. Probablemente ao ser tan miudiño pero feitiño e guapo dan ganas de collerlle a cabeza entre as mans coma se fose unha presa de millo. *Era tan pequeno o meniño que tiña a cariña coma unha presa.*
399. **ter aghonía pra algo** *l. v.* Ter ánimos para facer algo. *Non fas máis que romper cousas, bo é que teñas aghonía para algo.*
400. **ter boca de mel e mans de fel** *l. v.* Ser hipócrita.
401. **ter cara de beato e uñas de gato** *l. v.* Ser hipócrita.
402. **ter cara de can** *l. v.* 1. Estar enfadada [unha persoa]. 2. Estar desapacible [un día]. *Sempre está a ter cara de can.*
403. **ter carne de galiña** *l. v.* Erguerse a pel co medo ou co frío. *Co frío é fácil ter carne de galiña.*
404. **ter ganas de traballar pero o corpo non deixa** *l. v.* Non se dar posto para facer un traballo. É desculpa que dá o que é lacazán. *Eu teño ganas de traballar pero o corpo non me deixa.*
405. **ter máis merda que un pau do galiñeiro** *l. v.* Estar moi, moi sucio. As galiñas, cando van para o galiñeiro, gústalles moito subir a algo que estea elevado e logo alí fan as súas necesidades polo que todo acaba estando moi sucio. *A ver se te lavas, que tes máis merda que un pau do galiñeiro.*
406. **ter máis ollos ca boca** *l. v.* Ser moi goloso. Querer todo e non comer nada. *Non botes tanta comida que tes máis ollos que boca.*
407. **ter máis ollos que barriga** *l. v.* Botar no plato máis comida da que se é capaz de comer, por ser moi larpeiro. *Bota menos comida no prato, que tes máis ollos que barriga.*
408. **ter moita chispa** *l. v.* Ser moi ocorrente, gracioso. *Ten moita chispa, é moi ocorrente nos seus chistes.*
409. **ter moito garbo** *l. v.* Ser moi presumida [unha persoa]. *Non é bo ter moito garbo.*
410. **ter moitos fumes** *l. v.* Presumir de máis do que se é. *Por ter moitos fumes non vas ser máis guapo.*
411. **ter o corpo presente e a mente ausente** *l. v.* Non atender [unha persoa] ao que lle están dicindo, por

estar despistada. *Neste intre tes o corpo presente e a alma ausente.*

412. **ter o demo no corpo** *l. v.* Ser moi inquedo; non parar quieto nin un segundo. *A ver se estás quedo, que parece que tes o demo no corpo.*
413. **ter o formiguín** *l. v.* Estar sempre movéndose; non ter parada; non parar quieto. *Para quedo un pouco que parece que tes o formiguín.*
414. **ter os pés na terra** *l. v.* Actuar con sentido común; con realismo; saber sempre o que se fai. *Pensas moito o que fas, véseche que es un home que ten os pés na terra.*
415. **ter paxaros na cabeza** *l. v.* Soñar moito, sen estar en contacto coa realidade. *Non che é nada bo ter paxaros na cabeza.*
416. **ter poucas luces** *l. v.* Ser pouco intelixente. Non ser moi listo nalgunhas cousas. *Desde logo que tes* (*ben*) *poucas luces.*
417. **ter un burato na barriga** *l. v.* Ter moita fame, coma se un burato na barriga nos estivese pedindo comida. *Debe ser hora de comer que comezo a ter un burato na barriga.*
418. **ter unha area** *l. v.* Beber de máis [algo alcohólico]. É posible que se queira comparar o feito de camiñar pola area, que non é un paso firme, co de ir camiñando bébedo, que tampouco o é. *Ese que vai por aí parece que ten unha area.*
419. **ter unha fame negra** *l. v.* Ter moita fame. *Levo tres días sen comer e teño unha fame negra.*
420. **ter unha raxeira de sono** *l. v.* Vir moito sono despois de comer; entrarlle [a alguén] unhas ganas enormes de durmir. Úsase a palabra *raxeira* na zona de Agualada e nas parroquias limítrofes de Cabana e Zas para referirse a unhas ganas intensas e repentinas de durmir. Diríase en casos coma cando un está máis ou menos espabilado e, de pronto, non é capaz de manter os ollos abertos e precisa botar unha soneca, aínda que sexa pequena. *Despois de comer case sempre teño unha raxeira de sono.*
421. **tirar a casa pola ventá** *l. v.* Gastar moito máis do que un se pode permitir; malgastar. *Hai que aforrar e non tirar a casa pola ventá.*
422. **tirar a toalla** *l. v.* Renderse, virse abaixo. *Ante o perigo non tardou e tirar a toalla.*
423. **tirar pra atrás** *l. v.* Poñer medo ou dar asco [unha persoa ou cousa]. *É tan feo, que tira para atrás.*
424. **tirar pedras aos avións** *l. v.* Facer cousas totalmente inútiles. *O que fas ti é coma tirar pedras aos avión.*
425. **tirarlle do xenio [a alguén]** *l. v.* Provocalo, facer que se incomode. *Vai parando e non me tires do xenio.*
426. **tirarse ás pozas** *l. v.* Ter moita sede. *Coa moita sede un pensa en tirarse ás pozas.*
427. **tocar a lingua** *l. v.* Falar mal de alguén. *Ás veces tocar a lingua non é moi boa cousa.*
428. **traballar pró inglés** *l. v.* Traballar moito para os demais sen sacarlle ningún proveito para un. *Xa está ben de traballar para o inglés.*
429. **traer a fouce munda** *l. v.* Ter moita fame e comer moito; comer con moita ansia. *Munda* significa moída (pasada pola moa), afiada. *Por como te vexo comer parece que traes a fouce munda.*
430. **tragar pedras de muíño** *l. v.* Crelo todo, aínda o máis inverosímil. *A ti non é difícil facerche tragar pedras de muíño.*

431. **untarlle o fuciño [a alguén]** *l. v.* Subornar; darlle algo a alguén para obter un favor. *A moitos políticos hailles que untar o fuciño.*
432. **valer [algo / alguén] o seu peso en ouro** *l. v.* Ser cousa de moita calidade ou persoa moi boa. *Co bo que é vale o seu peso en ouro.*
433. **ventarlle o cu larpada [a alguén]** *l. v.* Intuír algo bo; presentir que lle vai suceder algo positivo. *Seica che venta o cu larpada e achégaste á mesa.*
434. **ver a *Dios polo mango dunha *sartén** *l. v.* Padecer unha broma antipática, consistente en que collan a un polos dous lados da cabeza e que o levanten, deste xeito, no aire. É xogo bastante molesto que se lle facía aos nenos. *Preguntáronme algunhas veces se quería ver a Dios polo mango dunha sartén.* [Nota da Red.] A restauración da forma galega *Deus*, varrida por cinco (ou quizais seis) séculos de liturxia en castelán, só perdurou como apelido galego (*Deus*[9]) e tamén nunha paremia onde a blindou a rima (*Alá me leve Deus onde ache dos meus).* O regreso do galego á liturxia en 1968, despois de cinco séculos e por obra do Concilio Vaticano II, puxo de novo en circulación a forma *Deus* como palabra común pero non a consolidou por ser aínda unha práctica minoritaria. O posterior influxo da Radio e da Televisión en galego, o da documentación e do ensino permite observar hoxe que a palabra *Deus* empeza a aparecer en tódolos niveis sociais e de forma inconsciente en conversas de persoas afastadas de todo proceso normalizador: é dicir, timidamente empeza a consolidarse. Isto explica que moitos alumnos xa anotasen como *Deus* a maior parte dos refráns dos seus pais ou avós sen que agora poidamos saber de quen foi a decisión: se foron os maiores os que xa corrixiron a palabra na transmisión do dito ou refrán ou se os menores realizaron este retoque na forma tradicional con coñecemento e consentimento dos maiores ou se o fixeron pola súa conta sen lles dicir nada. O feito é que nos materiais orixinais desta recadádiva son xa poucos os casos nos que aparece escrita a forma *Dios* (*Dios escribe dereito con renglóns torcidos. A quen non ten fillos *Dios lle ampara sobriños. O demo fainas e *Dios descúbreas. O tempo dáo *Dios de balde* etc).
435. **ver a *Dios por un cribo** *l. v.* Padecer unha broma antipática, consistente en que collan a un polos dous lados da cabeza e que o levanten, deste xeito, no aire. *Non é moi agradable cando te erguen pola cabeza e che preguntan se queres ver a Dios por un cribo.*
436. **ver as estrelas** *l. v.* Ter unha dor repentina e intensa como consecuencia dun golpe, que momentaneamente fai ver uns puntiños luminosos arredor da cabeza. *Como che dea un sopapo vas ver as estrelas.*
437. **ver o lixo no ollo alleo** *l. v.* Ver ben os defectos pequenos dos outros e non ver os propios. *Non fas máis que ver o lixo no ollo alleo.*
438. **ver vir os coches e non apartar** *l. v.* 1. Non fixarse en nada. 2. Ser un pouco parado. 3. Ser moi lento en

[9] O apelido *Deus*, segundo o Censo de 2001, lévano 986 persoas e ten precisamente nesta zona un dos seus núcleos de maior densidade.

tomar decisións. *É tan parado que ve vir os coches e non se aparta.*

439. **verlle as orellas ao lobo** *l. v.* Decatarse dalgún perigo grave e reaccionar para evitalo ou prepararse para protexerse del. *Comezou a verlle as orellas ao lobo.*
440. **vestir coma un repolo** *l. v.* Vestir con vestidos moi pomposos ou con moitas capas. *A ver se vistes roupas normai,s que che gusta moito vestir coma un repolo.*
441. **vir coma auga de maio** *l. v.* Chegar no momento oportuno, coma a auga de maio que é boa para as colleitas porque supón unha reserva de humidade nas terras para pasar as calores do verán. *A túa axuda veume como auga de maio.*
442. **vir Pedro / Pedriño** *l. v.* pegarlle o sono [a alguén]. Adóitase dicirllo aos nenos cando se lles ve cara de ganas de durmir. *Vai para a cama, que xa empeza a vir Pedro / Pedriño.*
443. **xa non fender** *l. v.* Ser xa maior. Dise, especialmente, dunha moza ao final da adolescencia, cando, en teoría, estaría preparada para ter relacións sexuais. *Cos anos que ten esa xa non fende.*
444. **xogar á billarda** *l. v.* Meterse en líos e arriscarse a saír mal parado. *Pórtate ben e non xogues á billarda.*
445. **xogar con lume** *l. v.* Facer imprudentemente cousas que non se deben facer; buscar innecesariamente problemas, que poden traer complicacións. *Ten coidado, que iso que fas é coma xogar con lume.*
446. **(andar / estar) de morros** *l. v.* (Estar) enfadado ou amosar cara de enfado. *Alegra esa cara que parece que sempre andas de morros.*
447. **(andar) dereito coma un fuso** *l. v.* (Camiñar) teso por presunción ou por ter dor de costas. *Mira para el que non fai máis que andar dereito coma un fuso.*
448. **a esgalla** *l. adv.* Sen ningún control nin medida; con abundancia. *Merca cousas a esgalla.*
449. **á punta de navalla** *l. adv.* Coaccionando ou forzando pola presenza dunha arma branca. *Atracouno á punta de navalla.*
450. **a rumbo** *l. adv.* Sen control, nin preparación previa ningunha. *Gasta os cartos a rumbo.*
451. **a tal hora** *l. adv.* 1. Neste momento, neste intre. 2 Nun momento coñecido polos dous interlocutores.. *A tal hora non sei por onde andarán.*
452. **a varrer** *l. adv.* Con moita abundancia
453. **á vista de paxaro** *l. adv.* Dende arriba, cunha visión cenital ou vertical dun lugar coma cando se vai nun avión. *Gustaríame ver o meu pobo á vista de paxaro.*
454. **calados coma a misa** *l. adv.* En silencio total.
455. **co rabo entre as pernas** *l. adv.* Con moito medo. O can e o lobo, cando teñen medo, meten o rabo entre as pernas en sinal de submisión. *Non fas máis que andar co rabo entre as pernas.*
456. **coma Pedro pola súa casa** *l. adv.* En casa allea pero coma se for a propia. Úsase co verbo *entrar* ou *andar*. Úsase cando alguén, que é de fóra, entra na casa doutro e ponse a gobernar ou decidir. *Entrou alí en andaba coma Pedro pola súa casa.*
457. **cun pé aquí e outro acolá** *l. adv.* (Desprazándose) moi rápido, con moita rapidez. *Fai as cousas tan rápido que vai cun pé aquí e outro acolá.*

458. **erre que erre** *l. adv.* Tercamente, insistindo, sen cambiar de opinión nin dar o brazo a torcer. *Por máis que che digan, ti segues erre que erre.*
459. **na piñota** *l. adv.* Moi amontoado, moi xunto. Refírese especialmente a cando as plantas nacen moi xuntas unhas coas outras; ou tamén cando hai grupos de persoas que están moi próximas unhas ás outras. *O millo este ano naceu na piñota. Hai moita xente que lle gusta andar na piñota.*
460. **nin lusco nin fusco** *l. adv.* 1. Á tardiña baixa, cando vai deixando de ser día pero aínda non é noite. 2. Figuradamente, nin unha cousa nin outra. *Cando acabas de traballar non é nin lusco nin fusco.*
461. **nin xo nin arre** *l. adv.* Con total indecisión. *Está tan parado que non é nin xo nin arre.*
462. **ou fende ou racha** *l. adv.* Dunha forma ou doutra, polas boas ou polas malas. *Ese motor arránxoo eu porque ou fende ou racha.*
463. **ou vai ou racha** *l. adv.* Dunha forma ou doutra, polas boas ou polas malas. *Ou vai ou racha, pero así non queda.*
464. **ou xo, ou arre** *l. adv.* Nun sentido ou no outro, dunha maneira ou doutra. *Hai que tomar unha decisión*
465. **unha de cal e outra de area** *l. adv.* reprendendo e eloxiando; diplomaticamente.
466. **unha perna aquí e outra acolá** *l. adv.* A grandes zancadas, camiñando moi rápido. *Vai buscar iso pero unha perna aquí e outra acolá.*
467. **ter unha empanada enriba, que + [or]** *l. cl.* 1. Estar borracho. 2. Andar moi, moi despistado. *Tes unha empanada enriba, que non sabes a cantas andas.*
468. **por non + (inf.), non + (ind. do mesmo verbo)**. Forma superlativa para negar o que expresa o verbo. *É tan furrincha que, por non dar, non dá nin a hora.*
469. **A boa hora, mangas verdes.** *fórm.* Dise cando algo acorda tarde de máis ou cando se ofrece unha solución que xa non chega en tempo.
470. **A boas horas te acordas.** *fórm.* Dise cando alguén se pon a facer algo fóra de prazo e sen posibilidade de rematalo en tempo. *Estiveches toda a semana sen facer nada e agora entrouche a présa. ¡A boas horas te acordas!*
471. **A carne de burro non é transparente.** *fórm.* Dise cando alguén se pon diante e non nos deixa ver. *Apártate de diante que non me deixas ver, que a carne de burro non é transparente.*
472. **Á noite colle Marica a roca.** *fórm.* Dise cando unha persoa se pon a facer tarde ou a destempo algo que se debería ter feito moito antes e no seu tempo.
473. **¿A onde vas, Vicente? A onde vai a xente.** *fórm.* Dise cando unha persoa fai o que adoitan facer todos, por carecer de personalidade.
474. **A outro con ese óso.** *fórm.* Dise para manifestar incredulidade.
475. **Acabouse o día, acabouse a romaría.** *fórm.* Dise cando xa pasou o tempo no que se podía facer algo pracenteiro.
476. **Alegría, alegriote que está o rabo do porco no pote.** *fórm.* Dise para manifestar alegría pola fartura que nese momento se está a vivir.

477. **Anda como anda e non como debe andar.** *fórm.* Dise para críticar o comportamento alleo.
478. **Andar e andar pra, ao cabo, espichar.** *fórm.* Fórmula de lamento ante a fugacidade da vida.
479. **Ande eu quente e *ríase a xente.** *fórm.* Dise cando o que máis lle importa a alguén é el mesmo e os seus persoais intereses. A forma galega preferiría *ría* e non *ríase.*
480. **Ao pan, pan; e ao viño, viño.** *fórm.* Dise para falar das cousas incómodas con toda claridade e sen deixar lugar a equívocos. *Digo as cousas polo seu nome, porque... Ao pan, pan; e ao viño, viño.*
481. **Aquí te collo, aquí te esfolo.** *fórm.* Úsase para expresar que alguén actúa con métodos expeditivos.
482. **¡Cada can que lamba o seu carallo!** *fórm.* 1. Dise para recomendar que cadaquén se ocupe do seu. 2. Dise para indicar que se hai que espabilar *Sempre coidou ben do seu; así que... ¡Cada can que lamba o seu carallo!*
483. **Canto máis te baixas, máis se che ven as pernas.** *fórm.* Cando unha muller se abaixaba a traballar, máis se lle vían as pernas. Deste feito nace a ironía do preguiceiro que goza vendo como os outros traballan e como se esforzan mentres el está descansado. *Traballa, traballa, que canto máis te abaixas, máis se che ven as pernas.*
484. **Conto acabado, míralle pró rabo.** *fórm.* Fórmula de remate dun conto.
485. **Díxolle o pote ao caldeiro.** *fórm.* Díselle á persoa que pretende corrixir noutra un erro que ela certamente ten. *¡Díxolle o pote ao caldeiro..., mira quen vai falar!*
486. **¡E maila miña!** *fórm.* Iso... nin por aposta. Dise cando non estamos dispostos a ceder nada do que é noso ou do que nos piden que fagamos. Nesta frase, semiobscena, sobreenténdese a palabra *caralla* ou *cona* dependendo de que sexa home ou muller quen a diga. *Ti queres que che faga iso, e maila miña.*
487. **Éramos poucos e pariu a burra.** *fórm.* Dise cando xa había problemas abondo e aínda aparece outro ou outros máis, porque as cousas malas nunca veñen soas. *Outro problema máis mira que xa éramos poucos a pariu a burra.*
488. **Eramos poucos e (aínda) pariu a avoa.** *fórm.*Dise cando xa había problemas abondo e aínda aparece inesperadamente outro ou outros máis, porque as cousas malas nunca veñen soas. *Non me veñas con esas que xa eramos poucos e aínda pariu a avoa.*
489. **Ese non vai no meu carro á misa.** *fórm.* Fórmula de crítica a unha persoa que non nos gusta ou non nos é de fiar, aínda que a outros lles pareza boa.
490. **¡Estás chosco ou que!** *fórm.* Díselle a unha persoa que ten algo diante e non se decata que o ten presente. *¡Estás chosco ou que! Aver se miras o que fas.*
491. **¿Estás xorda ou que?** *fórm.* Frase para chamar a atención, cando unha persoa non fai caso ao que lle están a dicir. *¿Estás xorda ou que? Estouche a falar. A ver se me fas caso.*
492. **¡Este tempo vai levar moitas asparas!** *fórm.* Dise cando nuns días moi esperados para algunha actividade especial (agrícola ou de festa e vacación) a climatoloxía resulta totalmente adversa. A palabra *aspara* é de orixe descoñecida e nesta comarca úsase ás veces o verbo

aspar para referirse ao feito de criticar moi duramente a alguén, diante del ou por detrás; o que tamén se di *poñela a caldo*.

493. **¡Facer tratos contigo é coma facelos co demo!** *fórm.* Dise cando o interlocutor non é persoa de fiar e resulta perigoso facer tratos con ela. *Eu contigo non falo. Facer tratos contigo é coma facelos co demo.*
494. **¡Faime un curruncho!** *fórm.* Déixame un sitio. Déixame un lugar onde poñerme. *Chégate a un lado e faime un curruncho.*
495. **Falando do rei de Roma á porta se asoma.** *fórm.* Úsase cando chega unha persoa da que casualmente se estaba a falar.
496. **Foches por onde viñeches.** *fórm.* Díselle a quen non é moi listo ou non se decata de por onde anda e regresa ao punto de partida sen acadar o que pretendía. *Es ben tonto. Foches por onde viñeches.*
497. **Fun a Lalín, e como fun, vin.** *fórm.* Úsase para indicar o fracaso nunha xestión realizada fóra do sitio no que se fala ou onde un vive.
498. **Hai boas navallas pero hai que afialas.** *fórm.* Dise cando unha persoa se considera moi lista pero aínda o ten que demostrar. *Non te teñas por tanta cousa, porque hai boas navallas pero hai que afialas.*
499. **¡Hai roupa a clareo!** *fórm.* Advertencia para ter coidado co que se di por haber nenos diante; recomenda non falar con claridade de certos temas. *Mira ben o que dis porque hai roupa ao clareo.*
500. **¡Hai roupa ao sol!** *fórm.* Advertencia para ter coidado co que se di por haber nenos diante; recomenda non falar con claridade de certos temas. *Ten coidado co que dis que hai roupa ao sol.*
501. **¡Hai roupa estendida!** *fórm.* Advertencia para ter coidado co que se di por haber nenos diante; recomenda non falar con claridade de certos temas. *Mira o que dis que hai roupa estendida.*
502. **Inda non asamos e xa pingamos.** *fórm.* Úsase para indicar que se está anticipando imprudentemente o éxito dunha xestión.
503. **Iso e nada todo é un.** *fórm.*
504. **¡Mala centella te coma!** *fórm.* 1. Fórmula de maldición que amosa enfado con alguén desexándolle un mal como castigo. 2. Fórmula humorística para expresar asombro. *Mala centella te coma que me levas feitas ben delas.*
505. **¡Mala centella te parta!** *fórm.* 1. Fórmula de maldición que amosa enfado con alguén desexándolle un mal como castigo. 2. Fórmula humorística para expresar asombro. *Mala centella te parta, que es ben atrevido.*
506. **¡Mala chispa te coma!** *fórm.* 1. Fórmula de maldición que amosa enfado con alguén desexándolle un mal como castigo. 2. Fórmula humorística para expresar asombro. *Mala chispa te coma, que o fixeches e non me dixeches nada.*
507. **¡Mala rabia te parta!** *fórm.* 1. Fórmula de maldición que amosa enfado con alguén desexándolle un mal como castigo. 2. Fórmula humorística para expresar asombro. *Mala rabia te parta que me fas doer ben a cabeza.*
508. **¡Manda chover na Habana!** *fórm.* Fórmula para expresar asombro por unha noticia. *Manda chover na Habana. Mira que, se é certo,...*

509. **¡Marica Manuela!** *fórm.* Dise para cualificar de parvadas as cousas que está dicindo o interlocutor. [Nota da Red.] Noutros sitios de Galicia e co mesmo valor semántico dise *¡Traparratrá, María Manuela! ou ¡Touporroutou, María Manuela*! *¡Marica Manuela! Non digas máis parvadas.*
510. **¡Menos lobos, carapuchiña!** *fórm.* Dise para manifestar incredulidade ante o que outro acaba de dicir e que parece esaxerado ou unha trola. *¡Menos lobos, carapuchiña! ¡Para de contar trolas!*
511. **¡Moito caldo prá cadela!** *fórm.* Dise cando unha cantidade resulta excesiva para aquel ou aquilo do que se fala, coma tal, cando alguén fai ou esixe máis traballo do que se dá feito. *Iso que queres facer é moito caldo para a cadela.*
512. **¡Moito ruído e poucas noces!** *fórm.* Dise cando alguén fala moito e actúa pouco; ou cando presume máis do que realmente fai. *Presumes moito máis do que fas, o teu é moito ruído e poucas noces.*
513. **¡Morra Marta e morra farta!** *fórm.* Di [unha persoa] cando sabe que o que vai comer lle vai facer mal pero, aínda así, cómeo igual porque lle sabe moito. *Trae para acá un pouco máis de touciño. Mira, ¡morra Marta e morra farta!*
514. **Non me fagas pecar que me veño de confesar.** *fórm.* Úsase para desestimar un mal consello.
515. **Non vai por ese camiño a auga ao meu muíño.** *fórm.* Úsase para indicar que o que o interlocutor acaba de dicir non é pertinente.
516. **¡Non vin cousa ao paso!** *fórm.* Exclamación de sorpresa ante o insólito. Equivale a ¡Non vin cousa coma ela! *Na miña vida tal vin, non vin cousa ao paso. Nunca vin cousa ao paso: unha cadela con gatos.*
517. **O burro diante, pra que non se espante.** *fórm.* Dise para reprender a quen se pon a si mesmo por diante nalgunha acción. Recentemente empezan a dicirllo indebidamente a quen di o tradicional galego *Eu e mais ti, eu e mais el, eu e vós* (coma en italiano) fronte á orde do castelán *tu y yo; el y yo.*
518. **¡O demo aínda ten cara de coello!** *fórm.* 1. Dise cando acontece algo raro, sorprendente. 2. Dise cando algo que se presentaba como fácil ou tranquilo, resulta todo o contrario. *¡Vendo iso é boa verdade que o demo aínda ten cara de coello!*
519. **¡O meu can pillou un mosca!** *fórm.* Dise cando alguén atina inesperadamente a facer unha cousa boa. *Xa ía sendo hora de que fixeras algo de proveito. O meu can pillou unha mosca e non era sen tempo.*
520. **¡O *Dios que te fixo!** *fórm.* 1. Dise para expresar desagrado e ira ante a conduta allea. 2. Fórmula para expresar admiración por unha persoa de relevante beleza. *1.O Dios que te fixo, que es ben ruín! ¡Non pareces fillo noso! 2. O Dios que te fixo, que es ben guapo.*
521. **Ola, cazador sen pistola.** *fórm.* Saúdo e resposta tópica.
522. **Palabras necias, oídos xordos.** *fórm.* Fórmula de disconformidade e desprezo do que outro acaba de dicir.
523. **Palabras torpes, oídos xordos.** *fórm.* Fórmula de disconformidade e desprezo do que outro acaba de dicir.
524. **Para foderte a ti / fodervos a vós fan falta dous carallos.** *fórm.* Díselle a quen é moi difícil que se deixe enganar.

525. **¡Para o carro!** *fórm.* Díselle a alguén cando non se quere seguir escoitándoo. *Para o carro que hoxe xa dixeches unhas cantas mentiras.*
526. **Para quen é o burro ben vale a albarda.** *fórm.* Dise cando algo feito por alguén ten pouco mérito.
527. **Para quen non quere sempre hai abondo.** *fórm.* 1. Díselle de forma humorística a quen rexeita algo (xeralmente comida) que se lle acaba de ofrecer. 2. Díselle a quen é bo de conformar.
528. **¡Partiu o demo unha perna!** *fórm.* Dise cando algo causa moita sorpresa. *Non me digas que deu a súa colaboración económica. ¡Partiu o demo unha perna!*
529. **Perdín a roca e o fuso non se atopa.** *fórm.*
530. **¡Pico pechado!** *fórm.* Dise para impoñer silencio a outra persoa. *Pico pechado, se non queres que che zosque.*
531. **¡Predica, meu cura; predica, meu frade!** *fórm.* Fórmula para manifestar explicitamente a total indiferenza ao que [outra persoa] está dicindo ou advertindo. É fórmula breve que ten esta continuación <: por un oído me entra, por outro me sae>. *¡Predica, meu cura; predica, meu frade! Di o que queiras, que non che vou facer caso.*
532. **Que cada pau aguante a súa vela.** *fórm.*
533. **¡Que non te tente o demo!** *fórm.* Dise para prohibirlle a outra persoa que faga algo. *Que non te tente o demo a facer iso.*
534. **¡Que te leve o demo!** *fórm.* Fórmula de maldición para desexarlle mal a alguén. *Vai, vai que te leve o demo.*
535. **Sábado á noite colle Marica a roca.** *fórm.* Dise cando alguén se pon a facer algo fóra de prazo e de posibilidade de rematalo en tempo. *Estivo toda a semana sen facer nada e agora entroulle a présa. ¡Sábado á noite colle Marica a roca!*
536. **Sácasme dun apuro e métesme nunha présa.** *fórm.* Úsase para indicar que a proposta ou axuda que ofrece o interlocutor non resolve nada. *Apuro* e *présa* son sinónimos.
537. **San Silvestre, ¡meigas fóra!** *fórm.* Úsase para dicir que parece que nos persegue o mal de ollo. *San Silvestre, meigas fóra, levas media hora tusindo.*
538. **Santa Rita, Rita, o que se dá non se quita.** *fórm.* Úsase para negarse a devolver o que o interlocutor deu previamente.
539. **Se corres como bebes, imos ás lebres.** *fórm.* Úsase para advertirlle ó interlocutor que está bebendo en exceso.
540. **¡Se é un can, mórdete!** *fórm.* Úsase para dicir que o que [outra persoa] busca teno a par dela. *Andas á procura do reloxio: se é un can, mórdete.*
541. **Se non che gusta, mételle azucre.** *fórm.* Úsase para advertir o interlocutor de que ten que aceptar sen excusa o que se lle acaba de dicir ou ordenar.
542. **Se non é boi, é vaca.** *fórm.* Úsase cando unha persoa errou nunha opción e escolle a outra e única alternativa posible. Se non é dunha maneira é doutra, pero ten solución. *Ti di o que che pareza que se non é boi é vaca.*
543. **¡Se non o vexo, non o creo!** *fórm.* Úsase cando acontece algo inesperado ou incrible; manifesta que parece mentira o que se está vendo.

Iso que me contas, se non o vexo, non o creo.

544. **¡Se o sei, non veño!** *fórm.* Dise cando acontece algo desagradable co que non se contaba. *Para facer iso, se o sei non veño.*
545. **Se tes un circo, *reñiranche os ananos.** *fórm.* Úsase para dicirlle a alguén que ten moi mala sorte. *Tes tan mala sorte que se tes un circo reñiranche os ananos.*
546. **¡Seique viches o lobo!** *fórm.* 1. Díselle a quen está rouco, coa voz tomada, porque existe a crenza de que o encontro co lobo produce tal terror que deixa a un sen fala. 2. Díselle a quen conta algo inverosímil, porque non é frecuente no mundo actual ver o lobo. *¡Seique viches o lobo! Quen che vai crer iso. Ou nena, a ti viute o lobo, ¡dis cada cousa!*
547. **¿Séntaste ti ou séntote eu?** *fórm.* Úsase para forzar outra persoa, normalmente menor, a que se sente. Leva implícita a ameaza dun castigo físico en caso de desobediencia. *Xa me cansaches. Sentáste ti ou séntote eu*
548. **¡Tanto ten o corvo coma as ás!** *fórm.* Dise para manifestar que as dúas alternativas que se analizan na conversa son moi dificultosas ou caras ou de dubidoso éxito, porque as ás e o corvo (a parte e o todo) son dúas realidades negras.
549. **¡Tarde piaches!** *fórm.* Díselle a quen quere facer unha cousa pero xa é tarde para levala a cabo ou para indicarlle que acordou tarde. *¿Dáste de conta agora? ¡Tarde piaches!*
550. **¡Terra, trágame!** *fórm.* Dise cando ante un problema insoluble ou ante unha situación vergoñenta, un desexa desaparecer. *Cando me vin naquel sitio pensei: ¡Terra, trágame!*
551. **¡Ti sigue tocando, que eu sigo bailando!** *fórm.* Dise cando nunha discusión non se chega a un consenso e, mentres un segue argumentando, o falante quere dicirlle que non dá o brazo a torcer, que segue en desacordo. *Ti sigue tocando, que eu sigo bailando.*
552. **Todo o sabes e todo o entendes.** *fórm.* Dise para criticar a alguén que se cre moi intelixente e entendido en todo. [N. de Red. Posiblemente sexa calco da mesma fórm. en castelán, a onde, en cambio, puido pasar a l. subst. galega *sabelotodo*]. *¡Para o carro, que che parece que todo o sabes e todo o entendes!*
553. **¿Traballas ou miras prós paxaros / avións?** *fórm.* Dise para advertir a outra persoa que está despistada e para reclamarlle que se centre no que ten que facer. *¿Traballas ou miras prós paxaros? ¿Traballas ou miras prós avións? Non te vexo facer nada.*
554. **¡Trágame, terra!** *fórm.* Dise cando ante un problema insoluble ou ante unha situación vergoñenta, un quere desaparecer. *Cando me vin alí pensei: ¡Trágame, terra!*
555. **¡Un home é un home e un gato é un bicho!** *fórm.* Dise para recomendar a unha persoa que sexa consecuente, valente, audaz, e que se deixe de parvadas. *Non te deixes asoballar: un home é un home e un gato é un bicho.*
556. **¡Un pé aquí e outro acolá!** *fórm.* Dise para pedir ou esixir que se faga todo moi rápido. *Xa estás indo un pé aquí e outro acolá.*
557. **¡Un polo outro e a casa sen varrer!** *fórm.* Dise para criticar a quen espera que [outra persoa] faga o que a ela lle

toca facer, maiormente cando ninguén ten ganas de facer nada e tendo en conta que as cousas non se fan soas. *A ver se vos poñedes de acordo que un polo outro e a casa sen varrer.*

558. **¡Vai boa a vaca no millo!** *fórm.* Dise cando nos referimos a algo que xa pasou hai tempo; ou cando xa é tarde para algo que xa non ten solución. *¿E agora queres arranxar iso? ¡Vai boa a vaca no millo!*
559. **¡Vai e non volvas, rapaz!** *fórm.* Fórmula de expulsión para afastar unha persoa molesta e insoportable. *¿Sabes o que che digo?¡Vai e non volvas, rapaz!*
560. **¡Vai pastar a cocha!** *fórm.* Dise para botar fóra a alguén de malas maneiras. *Non me molestes máis e ¡vai pastar a cocha!*
561. **¡Vai por aí e xa cho dirán!** *fórm.* Dise para recomendar que se comproben ben as cousas; ou para recomendar mirar máis que nun sitio antes de tomar unha decisión. *Vai por aí e xa cho dirán.*
562. **Vexo máis eu cun ollo pechado que ti cos dous abertos.** *fórm.* Dise para presumir de ser moito máis eficiente que outra persoa. *Nunca te decatas de nada. Vexo eu máis cun ollo pechado que ti cos dous abertos.*
563. **¡Vouche poñer unha cremalleira!** *fórm.* Dise para esixir que unha persoa cale a boca. Por analoxía coa cremalleira que pecha algo, aplícase hiperbolicamente á boca do interlocutor que fala de máis. É dito recente porque a inventou o sueco Gideon Sundbacke en 1914. *Creo que che vou poñer unha cremalleira como non cales.*
564. **¡Xa vin vacas con menos rabo!** *fórm.* Dise cando alguén esaxera e o que está a contar non se axusta á realidade. *¡Para o carro, que xa vin vacas con menos rabo!*
565. **¡Zapateiro aos teus zapatos!** *fórm.* Dise para esixir que cadaquén se centre no seu; que se dedique ás súas cousas sen meterse nas dos outros. *Non te metas no que non che portén. ¡Zapateiro, aos teus zapatos!*
566. **¡A min, plin!** *fórm.* A min no me importa nada. *Fai o que queiras: como queimes o motor, ¡a min, plin!*
567. **¡A papar!** *fórm.* A comer. Dise para chamar a xente, cando a comida xa está lista. *Veña todos; ¡a papar!*
568. **¡Achanza un pouco!** *fórm.* Expresión que se usa para pedir tranquilidade a alguén que está excitado ou acelerado. *¡Para xa! Achanza un pouco.*
569. **¡Ai miñas tetas, que onte daban leite, e hoxe están secas!** *fórm.*
570. **¡Aínda non che / lle saíu o carozo do cu!** *fórm.* Dise cando un neno ou unha nena queren facer cousas de persoas maiores. *Carozo* é o que queda da espiga de millo cando se lle saca o gran ou a parte interna e non comestible dunha mazá. En senso figurado, refírese aos excrementos que evocan a figura dun carozo e que unha criatura aínda precisa que llos limpen. *Aínda non che saíu o carozo do cu e xa pensas en casar.*
571. **¡Ai! -Pois garda pra cando non teñas.** *fórm.* Fórmula que se usa cando o interlocutor inesperadamente suspira dicindo *¡Ai!* Ten forma de consello que se lle dá a quen presume de ter moitas riquezas. *-¡Ai! -¡Pois, garda para cando non teñas!* [N. da Red.] Obsérvese que a fórm. empeza por *Pois,* como é característico do inicio das respostas en galego. Esta fórmula xoga coa

homofonía da exclamación *¡Ai!* e o *hai* presente de indicativo do verbo *haber* e quen a usa nesta situación elabora unha resposta coa palabra que sabe que non é a que usou o interlocutor: esta intencionada incoherencia, esta busca do equívoco dálle á formula un carácter lúdico e humorístico, baixo a forma de falso consello. Ese é o seu único valor semántico.

572. **¡Arden as ripas, quentémonos a elas!** *fórm.* Cómpre sacar proveito do que temos, mesmo en plena desgraza. As *ripas* son táboas que forman parte da estrutura do tellado e están sobre os cangos e baixo as tellas. Ordinariamente utilizábase para ripas a parte exterior da torada da árbore, que non dá unha táboa de perfil uniforme, porque, de canteala polos catro lados, quedaría practicamente en nada. Por iso esas táboas, que só teñen dous lados paralelos e os outros son informes, non servían para facer pisos ou mobles; pero no tellado, aínda que os bordos laterais non vaian dereitos, valen o mesmo, sempre que a xunta das tellas quede apoiada nelas. Se arden as ripas é que está ardendo a casa; e, polo tanto, esta fórmula alude a unha catástrofe humana e económica e, nesa circunstancia extrema, recomenda positivamente sacar o único proveito posible: quentarse á calor que desprende o incendio. *Hai que aproveitar a ocasión e xa que arden as ripas, quentémonos a elas.*

573. **¡Así once meses e mais o de agosto!** *fórm.* Dise despois dunha boa comida ou colleita para pedir que todo siga ben coma nese momento. É tamén fórmula de brinde. *Comín ben. ¡Así once meses e mais o de agosto!*

574. **¡Borrón e conta nova!** *fórm.* Dise cando queremos empezar de novo algo, rachando con todo o o anterior. *A partir de agora, borrón e conta nova.*

575. **¡Bótame millo e chámame gorrión!** *fórm.* Dise para manifestar indeferenza ante as críticas a cambio de sacar proveito da situación. *Ti rite pero bótame millo e chámame gorrión.*

576. **¡Canto che chove!** *fórm.* Díselle a quen di ou fai cousas desatinadas. Choverlle [a alguén] é unha locución galega que concibe o corpo como un edificio e a cabeza correspondería ao tellado que, estando en mal estado, provoca que chova dentro da casa. *¡Canto che chove nesa túa cabeza!*

577. **¡Compra un bosque e pérdete!** *fórm.* Fórmula para expulsar ou despachar unha persoa que está molestando. Equivale a ¡Déixame en paz! [Nota da Red.] Poida que sexa un calco do castelán onde esta fórm. ten bastante uso dende o cambio de milenio. *Xa está ben de incordiar, compra un bosque e pérdete.*

578. **¡Con mirar pra ti xa me alimento!** *fórm.* Piropo. *Polo que me gustas, con mirar para ti xa me alimento.*

579. **¡Da rapa á rebola, que veña o demo e que as colla!** *fórm.* Dise para manifestar que dúas cousas ou opcións son iguais; que tanto dá unha coma outra. O habitual é ... *que escolla* (entre cousas iguais) pero aquí dise ... *que as colla*. A rebola é un toro de madeira que se lle pasaba por enriba ao ferrado, medida tradicional para os grans, para que o contido non sobrepasase as paredes do recipiente. O ferrado tiña distinto

tamaño segundo as zonas pero en Coristanco viña equivalendo a 13 quilos de trigo ou a 19 de millo. Nótese que o ferrado mide volume, non peso, por iso é diferente segundo o cereal do que se trate. *Da rapa á rebola, que veña demo e que as colla.*

580. **¡Déixate de lerias!** *fórm.* 1. Dise para esixir que o interlocutor se centre no que ten que facer. 2. Dise para pedir que o interlocutor fale redondamente, e diga o que realmente quere dicir. 3. Dise para esixir que o interlocutor deixe de molestar. *Fai o traballo e déixate de lerias.*
581. **¡Deus, que te abalou!** *fórm.* Maldición a quen é moi malo. Expresión usada para referirse a alguén que nos cae un pouco pesado ou que ten un mal comportamento ou actitude. *¡Deus que te abalou, que es ben ruín!*
582. **¡Esa é auga pasada!** *fórm.* Dise cando algo bo ou malo carece de importancia, porque xa pasou e non vai volver. *Por iso non te preocupes que esa é auga pasada.*
583. **¡Ese é outro cantar!** *fórm.* Úsase para manifestar que o que agora se di, comenta ou está facendo é moi diferente do que se dicía, comentaba ou facía antes. *Sí, pero ese é outro cantar.*
584. **¡Mátame, Lelo!** *fórm.* Expresión de sorpresa que se adoita aplicar a situacións nas que o que vemos ou nos contan nos asombra sobremaneira. *¡Mátame Lelo, na miña vida tal vin!*
585. **¡Outra vaca máis no millo!** *fórm.* Dise cando, nunha situación problemática, aparecen problemas novos. *Tiñamos problemas coa electricidade e agora disque o camión do butano non vén ata o luns. ¡Outra vaca máis no millo!*
586. **¡Perdón, perdón, polo gato lambón!** *fórm.* Fórmula para pedir perdón de maneira irónica e normalmente dirixíndose a nenos. Os gatos, nun descoido da xente, adoitan roubar comida que xa está lista para servir. *¡Perdón polo gato lambón! Pedir perdón polo gato lambón non é serio.*
587. **¡Que curtiño es!** *fórm.* Díselle a quen ten dificultades para entender as cousas. Hai un paralelismo entre o tamaño (curto) e a capacidade (curta ou escasa) de entender as cousas. *¡Que curtiño es, non entendes nada!*
588. **¡Que delas / deles!** *fórm.* Equivale a "¡Cantos / Cantas!" e dise para expresar sorpresa pola cantidade de persoas ou cousas que hai nun lugar. *¡Que delas había naquel montón! Moita cantidade.*
589. **¡Róncalle o nabo!** *fórm.* Dise para expresar sorpresa por algo que acaba de acontecer ou algo que se acaba de oír. *¡Róncalle o nabo ao que me dis!*
590. **¡Ti vés bo, ho!** *fórm.* Díselle a unha persoa que se presenta con mal aspecto por unha borracheira ou por calquera outra circunstancia. *¿Caeches na lama ou bebiches de máis? ¡Ti vés bo, ho!*
591. **¡Vaiche boa!** *fórm.* Dise cando xa hai moito tempo que aconteceu algo do que se está a falar ou cando un problema xa non ten remedio. *¡Vaiche boa o que ti dis!*
592. **¡Vaille dar a lata aos mortos!** *fórm.* Fórmula de expulsión. Díselle a unha persoa que cansa coas súas conversas, para convidala a que vaia amolar a outro lado; que vaia molestar os mortos, que nunca

protestan por nada. *Cala xa e vaille dar a lata aos mortos.*

593. **¿Ou, nena, a ti viute o lobo?** *fórm.* Dise cando unha persoa non di máis que parvadas. *Ou nena, a ti viute o lobo, ¡dis cada cousa!*
594. **¡*Atropéllame, camión!** *fórm.* Expresión hiperbólica de sorpresa moi grande ante un feito ou de querer morrer nese momento por non saber como resolver un grave problema. *¡Atrópellame camión, que na miña vida tal vin!*
595. **Unhas de cal e outras de area.** *enunc.*
596. **Falando do rei de Roma, pola porta se asoma.** *frase prov.* Dise cando se fala de alguén e aparece de repente. *Estabamos falando de ti e falando do rei de Roma, pola porta se asoma.*
597. **Xuntamos terróns e facemos montóns.** *frase prov.* Dise cando alguén mestura todo sen ningunha orde, do mesmo xeito que cando se vai a unha leira e se amontoan os terróns para despois queimalos. *Non nos sae unha ao dereito. Parece que xuntamos terróns e facemos montóns.*

2.3. Refráns

Tempo meteorolóxico

598. **A mal tempo, boa cara.**
599. **Cando hai nobelos de la, se non chove hoxe, chove mañá.**
600. **Cando hai nobelos de la, se non chove hoxe, chove mañá.**
601. **Carcaxía polo norte pía.**
602. **Ceo aborregado, pranto esperado.**
603. **Ceo empedrado, agro mollado.**
604. **Choiva antes da misa, semana que vai de risa.** Crese que vai chover toda a semana.
605. **Chuvia mañanceira, non é duradeira.**
606. **Día nubrado, engana ao amo.**
607. **Mañá parda, mañá larga.**
608. **Non creas no inverno claro nin no verán mollado.**
609. **Non te fíes do verán de san Martiño que é curto e pillo.**
610. **Non te fíes do verán de san Martiño que é moi pillo.**
611. **Nordés escuro, vendaval seguro.**
612. **Nunca chove a gusto de todos.** Non é posible contentar a todo o mundo ao mesmo tempo.
613. **O nordés vivo tira polo millo como a nai polo fillo.**
614. **O sol madrugueiro fai ir o can ao palleiro.**
615. **Se chove a noite de Nadal, ano formal.**
616. **Se chove día da Ascensión, despois chove un día si e outro non. / Se chove pola Ascensión, logo chove un día si e outro non.**
617. **Se chove por san Antonio de Cuns, non chove polo de Agualada.** [Nota de E. Domínguez] San Antonio de Cuns é o san Antón Abade (17 de xaneiro, tamén celebran o santo o 12 de xuño) e o san Antonio de Agualada é o san Antón de Padua-Lisboa (13 de xuño).
618. **Se en xaneiro arden os montes, en san Xoán abren as fontes.**
619. **Se entra a lúa de tronada, trinta días de invernada.**
620. **Se entra a lúa de tronada, trinta días de treboada.**
621. **Se entra a lúa de tronada, vinte días de invernada.**

622. **Se hai nubes no *poniente, colle os bois e vente.** Se se pon o vento dese lado, vai chover.
623. **Se non hai poeira en abril, a lama de agosto véxoa vir.**
624. **Se o abril vén mollado, en maio canta o río e baila o prado.**
625. **Se o día da Ascensión o paxariño abala os ovos, quédanlle grolos.**
626. **Se Pico de Meda ten sombreiro, mete o can no palleiro; e se tira cara Carreira, calca a eira.** [Nota de E. Domínguez] Monte entre Coristanco, Santa Comba e Zas e de 566 m de altitude. Se o alto se cobre de brétema, vai chover; se a brétema baixa cara ao oeste (Carreira), virá bo tempo e poderase mallar, por iso se pode preparar a eira (calcala).
627. **Se tira cara Carreira, calca a eira.** [Nota de E. Domínguez] Se a brétema se estanca no alto do Pico de Meda (monte que está nos lindes entre Coristanco, Santa Comba e Zas) é sinal de mal tempo. Pero se baixa cara ao Oeste (Carreira), vai vir bo día e pódese preparar a eira para mallar.
628. **Se tira cara Carreira, calco a eira.**
629. **Se vai frío e vento, pecha a porta e métete dentro.**
630. **Sol ao poñente, colle os bois e vente.**
631. **Sol madrugueiro, non é compañeiro.**
632. **Sol madrugueiro, pouco duradeiro.**
633. **Sol que moito madruga, pouco dura.**
634. **Troniños novos á beira do mar: pouquiño millo e malo de sachar.**
635. **Vendaval escuro, temporal seguro.**

Prognósticos de animais

636. **Cando a gaivota vai cara o mar, colle os bois e ponte a arar.**
637. **Cando as ras cantan en xaneiro, é sinal de lama no rueiro.**
638. **Cando as ras cantan en xaneiro, sinal de fame no rueiro.**
639. **Cando canta a ra, vén vindo o verán.**
640. **Cando chega o cuco, vén o pan ao suco.**
641. **Cando o moucho chía, ou chove ou xía.**
642. **Cando o moucho mouchea, ou chove ou xea.**
643. **Canta a ran no mes de abril, anúbrase o tempo e volve ao cubil.**
644. **Canta o merlo, tempo de inverno.**
645. **Cóbregas en marzo, neves en abril.**
646. **Corvos en bandada, ou sombra ou preada.**
647. **Curuxa noiteira, malladores á eira.**
648. **Desde que vén o cuco, vén o pan ao suco.**
649. **Gaivotas á terra, mariñeiros á merda; gaivotas ao mar, mariñeiros a pescar.**
650. **Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.** Hai temporal no mar e non se pode saír a pescar.
651. **Gaivotas no mar, mariñeiros a pescar.**

Prognósticos do ceo

652. **Arco da vella ao poñente, ceiba os bois e vente.**
653. **Arco iris / da vella ao poñente, antepón os bois e vente.** [Nota da Red.] O arco da vella é un fenómeno óptico de refracción da luz nunha masa de aire húmido e sempre se ve tendo un o sol polas costas. Se se ve no poñente, é pola mañá e do occidente vén unha fronte húmida e por iso se sabe que vai chover.
654. **Arco iris / da vella ao radiante, pica os bois pra adiante.** [Nota da

Red.] O arco da vella é un fenómeno óptico de refracción da luz nunha masa de aire húmido e sempre se ve tendo un o sol polas costas. Se se ve no raiante, é pola tarde e esa fronte húmida xa pasou (polo menos, esa), por iso se pode traballar.

655. **Chuvia no mar e vento na ría, chuvia pra todo o día.**
656. **Dúas augas de abril e o arco da vella de maio valen os bois e o carro.**
657. **Nubes ao levante, dálle aos bois pra adiante.**
658. **Se o arco da vella está ao poñente, ceiba os bois e vente; e se o arco da vella está ao radiante, fálalle aos bois pra adiante.**
659. **Se ves o arco iris ao poñente, antepón os bois e vente.**

Lúa

660. **A lúa de outubro mata o seu dono.**
661. **A lúa de xaneiro non ten compañeira, non sendo a de agosto que lle dá polo rostro.**
662. **Se a lúa entra de tronada, vinte días de invernada.**
663. **Se a noite de Nadal foi de luar, labra ben pra sementar.**

Chuvia (ver tamén **os meses)**

664. **Ano de cheas, ano de meas.**
665. **Ano de enchentas, ano de medas.**
666. **Auga de lonxe non mata o lume.**
667. **Auga de mediodía, auga pra todo o día.**
668. **Auga de tronada, nuns sitios moita e noutros nada.**
669. **Auga mañanceira non é duradeira.**
670. **Auga noitega, curuxa tardega.**

Neves e Xeada

671. **A neve febreiriña, vaise axiña.**
672. **Ano de neves, ano de bens.**
673. **Ano de neves, ano de medas.**
674. **Neve febreiriña, pica a galiña.**
675. **Neve por san Andrés: á unha, ás dúas e tres.**
676. **Xeada enriba da lama, enseguida a chuvia fai cama.**
677. **Xeada na lama, auga na cama.**

Xaneiro

678. **A primavera de xaneiro non leva ningún boi ao matadeiro.**
679. **Ano novo con ben veña e o sol polas súas tellas; os cabritos coas cabras e os años coas ovellas.**
680. **Auga de xaneiro, cada gota vale diñeiro.**
681. **Bo xaneiro, mal febreiro.**
682. **Cando en xaneiro non febrea, marzo marcea.**
683. **Coa lúa de xaneiro vese a formiga no carreiro.**
684. **Do vinte e cinco de Nadal ao de xaneiro hai un brinco dun carneiro.**
685. **En xaneiro a abella pon o pé no salgueiro. / En xaneiro pon a abella o pé no salgueiro. / En xaneiro xa a abella pon os pés no salgueiro.**
686. **En xaneiro a ovella anda ao carneiro.**
687. **En xaneiro a ovella pon o pé no carreiro.**
688. **En xaneiro ao raposo sete, e sete no toxeiro.**
689. **En xaneiro as verzas saben a carneiro.**
690. **En xaneiro as verzas son carneiro.**
691. **En xaneiro as verzas valen carneiro.**
692. **En xaneiro cada ovella, no seu rueiro.**
693. **En xaneiro calquera ovella pasa o regueiro; pero en febreiro, nin ovella nin carneiro.**
694. **En xaneiro mata o carneiro.**
695. **En xaneiro polas mañás, ao sol; e pola tarde, ao braseiro.**

696. **En xaneiro polo día, ao sol; e pola noite, no braseiro.**
697. **En xaneiro saben as verzas a carneiro.**
698. **En xaneiro tres e catro raposos no carreiro.**
699. **En xaneiro vén o lobo ao palleiro.**
700. **En xaneiro vén o lobo ao palleiro.**
701. **En xaneiro vive o home a carón do caldeiro.**
702. **En xaneiro, a lebre co cu no lameiro.**
703. **En xaneiro, a ovella pon o pé no carreiro.**
704. **En xaneiro, as lebres polo carreiro.**
705. **En xaneiro, frío peleiro.**
706. **En xaneiro, mellor carballo que castiñeiro.**
707. **En xaneiro, nin galgo leboreiro nin falcón perdigueiro.**
708. **En xaneiro, pouco diñeiro.**
709. **En xaneiro, sete lobos ao carreiro / carneiro.**
710. **En xaneiro, un pouco ao sol e outro ao fumeiro.**
711. **En xaneiro verza vella vale carneiro.**
712. **Foise xaneiro xeado, foise febreiro, outra vez; virán marzo abril e maio, cheos de flores os tres.**
713. **No mes de xaneiro, cos pés no braseiro.**
714. **No mes de xaneiro, sete capas e un sombreiro.**
715. **No xaneiro, busca a lebre no bulleiro.**
716. **O santo Antón verdadeiro é o dezasete de xaneiro.**
717. **O sol de xaneiro, non ten compañeiro.**
718. **Polo san Antón xa a galiña pon.**
719. **Polo santo Antón toda a galiña pon.**
720. **Polo santo Antón xa a galiña pon.**
721. **Polo xaneiro, rega os outeiros e polo san Xoán herba che darán.**
722. **Por san Xulián garda o viño e garda o pan.**
723. **Por xaneiro e febreiro: barrufeado e xilmendreiro.**
724. **Se non chove en febreiro, nin bo prado nin palleiro.**
725. **Se trona en xaneiro, sube as cubas ao fumeiro.**
726. **Sol de xaneiro, amor de xenro.**
727. **Tan bo é xaneiro coma febreiro.**
728. **Tantos días pasan de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.**
729. **Tantos días ten xaneiro, como allos dá o alleiro.**
730. **Xaneiro é a mellor época pra a faneca comer.**
731. **Xaneiro fóra é mais unha hora.**
732. **Xaneiro que non enche regueiro, non é colleiteiro.**
733. **Xaneiro quente trae o demo no ventre.**
734. **Xaneiro, añeiro; e febreiro, cabriteiro.**
735. **Xaneiro, frío ou temperado, pásao arroupado.**
736. **Xaneiro, xeadeiro.**
737. **Xaneiro, xeadeiro; febreiro, afebrado; marzo, amarzado; abril, ben mollado; san Xoán caloroso e Santiago airoso fan un ano moi donoso.**
738. **Xaneiro, xeadeiro; febreiro, fervedeiro; marzo, pelarzo; abril con día no cubil.**
739. **Xaneiro, xeadeiro; febreiro, venteiro; marzo, regañón e abril, chuviscón.**
740. **Xaneiro, xeadeiro; marzo, [i]guarzo.**

Febreiro

741. **Abrígate por febreiro con dúas capas e un sombreiro.**

742. **Cando chove en febreiro, nin bo herbal nin bo palleiro.**
743. **Cando febreiro non febreirea, marzo marcea.**
744. **Come máis un día de febreiro que cantos cabalos ten o reino.**
745. **En febreiro aínda o gato anda ao boi, anque sexa vello.**
746. **En febreiro busca sombra o can.**
747. **En febreiro mete obreiro, antes no derradeiro que no primeiro.**
748. **En febreiro mete obreiro, pan che comerá pero traballo che fará.**
749. **En febreiro métese o can no palleiro.**
750. **En febreiro saca o boi do teu centeo.**
751. **En febreiro sae o oso do oseiro.**
752. **En febreiro sete lobos ao carreiro / carneiro.** [Nota de E. Domínguez] Nos días máis fríos do inverno era frecuente ver pisadas de lobo nos camiños e sempre había pegadas de máis dun animal, o que indica que iría a grea enteira.
753. **En febreiro un día, ao sol; e outro, ao braseiro.**
754. **En febreiro un día, sol; e outro, braseiro.**
755. **En febreiro, bo cocido e bo braseiro.**
756. **En febreiro, sete capas e un sombreiro.**
757. **En febreiro, sete lobos ao carneiro.**
758. **En febreiro, sete mantas e un sombreiro.**
759. **En febreiro, un pouco ao sol e outro pouco ao fumeiro.**
760. **Febreiriño curto cos seus días vinte e oito; se durase máis catro, non quedaba can nin gato nin poliño no burato nin ovella rabela nin pastor pra ir con ela nin cornos no carneiro nin orellas no pegoreiro / pregoeiro.**
761. **Febreiro camiseiro, nin boa meda, nin bo palleiro.**
762. **Febreiro camiseiro, nin dá boa meda nin dá bo palleiro.**
763. **Febreiro chuvasqueiro; marzo ventoso; abril chuvioso; maio louro, todo ouro.**
764. **Febreiro curto cos seus vinte e oito, se tiveses máis catro non paraba can nin gato.**
765. **Febreiro moi mexadeiro, cando na casa, cando no outeiro.**
766. **Febreiro nevado e marzo chuvioso fan un abril florido e fermoso.**
767. **Febreiro, bo cocido e bo braseiro.**
768. **Febreiro, cabriteiro.**
769. **Febreiro, cara de can.**
770. **Febreiro, crebadeiro.**
771. **Febreiro, folerpeiro.**
772. **Febreiro, o menor: un anaco malo e outro peor.**
773. **No minguante de febreiro corta o teu madeiro.**
774. **Polo san Blas a cegoña verás.**
775. **Polo san Blas, hora e media máis. / Polo san Brais, hora e media máis.** [Nota de E. Domínguez] A data litúrxica do san Brais é o 3 de febreiro. Preto de Agualada hai unha capela dedicada a san Blas, no lugar do Folgoso, parroquia de Riobó[10], que celebra a súa festa como din estas cantigas: *Santo san Blas de Folgoso, / feito de pau de loureiro/ salgueiro; / ten a súa romería / o día tres de febreiro*. Pero tamén hai

[10] No **N**omenclator oficial reza como *Riobó*, aínda que durante moitísimo tempo escribiuse *Rioboo*, mesmo a nivel oficial, que se corresponde cun famoso apelido fidalgo, familia que construiu as Torres do Allo e que era orixinaria das Torres da Penela, que lle quedan a rentes, aínda que da actual parroquia de Silvarredonda, e que señoreaban esta parroquia de Riobó, onde incluso están enterrados no seu presbiterio algúns membros desta familia.

estoutra: *Santo san Blas de Folgoso / feito de pino cernil / ten a súa romeria /o vintecatro de abril*. Estas cantigas dan fe de que nesta parroquia (á que pertence a aldea de Folgoso coa súa ermida) celebran a festa os dous días: tres de febreiro e vinte e catro de abril.

776. **Polo san Matías, iguálanse as noites e os días.**
777. **Primeiro, febreiro; segundo, candeeiro; terceiro, san-braseiro.** [Nota da Red.] O primeiro día de febreiro empeza o mes. O 2 de febreiro é a festa das candeas. O 3 de febreiro é a festa de San Bras).
778. **San Blas co cu pra atrás.**
779. **San Blas, dúas horas máis.**
780. **San Matías anda co Entroido ás porfías.** Este santo celebrábase o 24 de febreiro. Tras a reforma do calendario litúrxico ordenada polo Concilio Vaticano II (1961-1965) pasou a celebrarse o 14 de maio.
781. **Se a Candelaria chora, metade do inverno vai fóra e cando ela ri, o inverno está por vir. Cal chorar ou cal rir, metade do inverno está por vir.**
782. **Se Candeas chora, inverno fóra, se Candeas ri, inverno por vir.**
783. **Se en Candeloria chora, o inverno vai fóra; e se non chora, o inverno nin dentro nin fóra.**
784. **Se en febreiro estiveches quente, na Pascua baterás o dente.**
785. **Vai, febreiro corto, cos teus vinte e oito; se non fose teu irmán marzo, que che quitou catro, non quedaba can nin gato.**
786. **Vaite, febreiriño curto, cos teus días vinte e oito que se viñeran máis catro non paraba can nin gato.**
787. **Vaite, febreiro, cos teus vinte e oito, que se chegases a ter vinte e nove non paraba can nin gato.**

Marzo

788. **A auga de marzo non fai dano.**
789. **Auga de marzo, herbanzo.**
790. **Auga e sol en marzo aparella as cubas e o mazo.**
791. **Cando marzo maiea, maio marcea.**
792. **Chuvias en marzo, nin o mexo dun rato.**
793. **En marzo e abril, augas mil.**
794. **En marzo sae a herba aínda que lle dean cun mazo.**
795. **En marzo, a *veleta nin dúas horas está quieta.**
796. **En marzo, abrigo e pantrigo.**
797. **En marzo, abrigo, noces e pantrigo.**
798. **En marzo, igualarzo.**
799. **En marzo, marzadas, aire frío e granizadas.**
800. **En marzo, mazo.**
801. **En marzo, varía sete veces o día.**
802. **Entre marzo e abril o cuco vai ao seu fin.**
803. **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.**
804. **Marzal marzal, pola mañán cara de rosa e pola tarde cara de can. / Marzo, marzán, pola mañán cara de rosa e pola tarde cara de can. / Marzo, marzal, pola mañán cara de rosa e pola tarde cara de can.**
805. **Marzo amola e abril esfola.**
806. **Marzo ben feito, patacas a eito.**
807. **Marzo chegar, tempo de enxertar.**
808. **Marzo chuvioso, verán caloroso.**
809. **Marzo marceador, de noite chove e de día vai sol.**
810. **Marzo marzán: pola mañá cara de can e pola tarde aínda fai un bo barrigán.**
811. **Marzo marzán: pola mañá cara de can e pola tarde barrigán.**

812. **Marzo marzán: pola mañá cara de can e pola tarde de barrigán.**
813. **Marzo marzola, trebón e raiola.**
814. **Marzo pardo, pouco sol e malo.**
815. **Marzo pardo, sinal de bo ano.**
816. **Marzo varía sete veces ao día.**
817. **Marzo venteiro e abril chuvisqueiro, enchen en maio de flores os eidos.**
818. **Marzo ventoso e abril chuvioso fan a maio florido e fermoso.**
819. **Marzo ventoso e abril chuvioso traen a maio florido e fermoso.**
820. **Marzo ventoso, abril chuvioso, sacan a maio florido e fermoso.**
821. **Marzo ventoso, abril chuvioso.**
822. **Marzo, espigarzo.**
823. **Marzo, garzo: pola mañá cara de can e pola tarde fai un bo barrigán.**
824. **Marzo, marzán, pola maña cara de vella e pola tarde cara de can.**
825. **Marzo, marzán: a mediodía zoa a abella e á noite mata á vella.**
826. **Marzo, marzola, trebón e raiola.**
827. **Marzo, marzón, pola mañá cara de can e pola tarde cara de barrigón.**
828. **Marzo, ventoso; abril, chuvioso.**
829. **No marzo, abrigo, noces e pantrigo.**
830. **No marzo, abrigo, noces e pantrigo.**
831. **No mes de marzo, farrapiños debaixo do brazo.**
832. **O que en marzo marcea, en todo o verán non branquea.**
833. **O sol de marzo mete á dona no pazo.**
834. **O sol de marzo queima o dono do pazo. / O sol de marzo mata o dono do pazo.**
835. **O vinte e cinco de marzo entra a merenda e máis o descanso.**
836. **Se en marzo non canta o cuco e en abril a bubela, mala colleita nos espera.** [Nota da Red.] Eses paxaros tardan en vir porque se retrasou a climatoloxía esperada, isto provoca un retraso na floración e en todo o proceso agrícola e os froitos serán poucos e ruíns.
837. **Se no marzo ves tronar, prepara as cubas e o lagar.**
838. **Se por marzo ves tronar, prepara cubas e lagar.**
839. **Sol de marzo queima as donas do pazo.**

Abril

840. **A auga de abril enche carro e carril e, se por mal quere vir non deixa a porta abrir.**
841. **A auga de abril enche o carro e o carril e en maio enche carril e carro.**
842. **A auga de abril enche o carro e o carril.**
843. **A auga en abril enche o carro e o carril.**
844. **A chuvia de abril enche o carro e mailo barril.**
845. **Abril abrileiro trae o pan ao carrileiro.**
846. **Abril amoroso, san Xoán ventoso.**
847. **Abril atoldado, é pouco mollado.**
848. **Abril e maio compoñen todo o ano.**
849. **Abril e maio son a chave do ano.**
850. **Abril esfola pero o maio amola.**
851. **Abril frío e mollado enche o celeiro e farta o gando.**
852. **Abril frío trae bolas de trigo.**
853. **Abril frío, fornos quentes, alegría prós meus dentes.**
854. **Abril frío, moito pan e pouco viño.**
855. **Abril frío, pan e viño.**
856. **Abril que sae chovendo a maio chama correndo.**
857. **Abril quente e mollado carga o carro e engorda o gando.**
858. **Abril, augas mil.**

859. **Abril, se por mal quere vir, nin as portas deixa abrir.**
860. **Abril, se por mal quere vir, non deixa nin as portas abrir.**
861. **As chuvias de abril tumban o boi no carril.**
862. **Auga de abril, enche carro e carril.**
863. **Augas de abril, gotas mil.**
864. **Cando abril recacha, aínda a vella queima a racha.**
865. **Chova en abril e marzo pra min e todo o ano pra ti.**
866. **Chuvia de abril non perdoa a carros nin o carril.**
867. **En abril a pinga vale por mil.**
868. **En abril a vella queima o candil e en maio aínda queima o tallo.**
869. **En abril aínda está o porco no cubil.**
870. **En abril augas mil enchen carro e barril.**
871. **En abril déixame durmir, que en maio do meu me caio.**
872. **En abril, augas mil.**
873. **En abril, cada pingueira de auga vale por mil.**
874. **En abril, cear sen candil.**
875. **En abril, chuvias ir e chuvias vir.**
876. **En abril, coiros mil.**
877. **En abril, espigas mil.**
878. **En abril, pon o cabalo ruín.**
879. **En abril, sae o cuco do cubil.**
880. **En abril, se o mal tempo quere vir, non deixa as portas abrir.**
881. **En abril, unha gota vale mil.**
882. **En abril, unha pinga vale por mil.**
883. **En abril, xa o raposo sae do cubil.**
884. **Falten augas mil e non falten en abril.**
885. **Folla de abril, abre a man e déixaa ir.**
886. **Non hai abril que non sexa ruín, no comezo ou no fin.**
887. **O frío de abril mata o porco no seu cubil.**
888. **O mes de abril trae queixas mil.**
889. **Polo abril xa se pode o labrego rir.**
890. **Polo abril xa só poda o labrego ruín. / Por abril xa só poda o labrego ruín.**
891. **San Marcos, rei dos charcos.**
892. **Se abril vén mollado, en maio canta o río e baila o prado.**
893. **Vale máis un trebón de abril que o carro e o que vai nel.**

Maio

894. **A auga de maio non fai *daño.**
895. **As augas de maio non fan dano.**
896. **Ata o corenta de maio non te quites o saio.**
897. **Auga de maio crece o pelo e non fai dano.**
898. **Auga de maio, pan pra todo o ano.**
899. **Augas de maio enchen carreiro e carro.**
900. **Augas de maio, non fan dano.**
901. **Cando chega o mes de maio, nunca un día bota de orballo.**
902. **Cando en maio hai lodo, non se perde todo.**
903. **En maio aínda a vella queima o tallo e un pouquiño que lle quedou, ata san Xoán non o queimou.**
904. **En maio aínda a vella queima o tallo.** Nese mes aínda hai días que vai frío.
905. **En maio aínda a vella queima o tallo; e non o queima por queimar, que o queima por se quentar.** Aínda vai frío.
906. **En maio aínda o boi bebe no prado, antes no principio que no acabo. / En maio o boi bebe no prado, antes no principio que no acabo.**
907. **En maio do meu me caio.** A loc.adv. *de meu* significa 'só, sen intervención allea'. Posiblemente o vocalismo de *do* non sexa a contracción de *de* + *o* senón que

estea indicando un matiz fonético, a labialización da vogal átona coma en *somana* ou *lovar* por *semana* e *levar*.

908. **En maio que beba o boi no prado, mellor no empezo que no cabo.**
909. **En maio xa podes tirar o saio.**
910. **En maio, aínda bebe o boi no prado.**
911. **En maio, corre a auga tralo arado.**
912. **En maio, de fame me desmaio.**
913. **En maio, en min me caio.**
914. **En maio, sementan co saio.**
915. **En maio, xa non é bo paio.** [Nota da Red.] Coidamos que é fragmento dun refrán máis longo que describe o medrío do raposo segundo pasan os meses.
916. **Enxame de maio, vale un cabalo.**
917. **Enxame pobre, en maio morre.**
918. **Maio frío, moito trigo.**
919. **Maio longo, san Xoán redondo.**
920. **Maio me molla, maio me enxuga; maio me deleita na sepultura.**
921. **Maio pardo e san Xoán claro fan o labrador honrado.**
922. **Maio pardo, san Xoán pardo.**
923. **Maio turbio e san Xoán claro fan un ano ben temperado.**
924. **Maio vale máis no comezo que no cabo.**
925. **Maio ventoso, xuño piolloso.**
926. **Maio, maiolo, oxalá duraras o ano todo.**
927. **No mes de maio aínda a vella queima o tallo.**
928. **Nos días de maio de meu me caio.**
929. **O que en maio se molla, en maio se enxuga.**
930. **Quen en maio non merenda, aos mortos se encomenda.**
931. **San Isidro labrador quita o frío e manda a calor.**
932. **San Isidro Labrador, saca o frío e pon calor.**
933. **Santa Cruz de maio, o lobo ao rodo e o raposo medio criado.**
934. **Se maio chora, auga criadora.**
935. **Tras un maio pardo vén un san Xoán claro.**

Xuño

936. **Aí vén san Pedro co seu xerro.**
937. **Ata o san Pedro o viño ten medo. / Ata san Pedro o viño ten medo.**
938. **Auga de san Xoán *temprana moitos males sana.**
939. **De san Xoán a san Pedro cinco días van no medio.**
940. **En san Xoán fouce na man.**
941. **En san Xoán xa o raposo colle o carneiro pola lan.**
942. **En san Xoán xa pilla o lobo o año pola lan.**
943. **En san Xoán, a fouce na man.**
944. **En san Xoán, as nove con día dan. / Por san Xoán as nove con día dan.**
945. **En san Xoán, pouco queixo e moito pan.**
946. **En san Xoán, tanto queixo coma pan.**
947. **En san Xoán, xa a sardiña pinga o pan.**
948. **En san Xoán, xa o corpo non ten man.**
949. **En xuño, se pica o sol, nin muller nin caracol.**
950. **Entre san Xoán e san Pedro, xofre sen medo.**
951. **No san Xoán o tempo aínda pon cara de can.**
952. **Polo san Xoán o raposo colle a ovella pola lan.**
953. **Polo san Xoán perde o carneiro a lan.**
954. **Polo san Xoán perde o carneiro a lan.**
955. **Por san Pedro, burro quedo.**
956. **Se chove polo san Xoán, tolle o millo e non dá pan.**

957. **Se chove polo san Xoán, tolle o millo e tolle o pan.**
958. **Se san Xoán chora, a silveira non dá amoras.**
959. **Xuño brillante, ano abundante.**

Xullo

960. **Auga en Santiago trae o millo ao agro.** *Santiago*: mes de xullo.
961. **En santa Mariña, xa pillo a galiña.**
962. **En xullo, andar e patacas coller.**
963. **Polo mes de santa Mariña, deixa o sacho e colle a fouciña.**
964. **Polo san Cristovo o viño tapa o lobo.**
965. **Polo san Cristovo, o millo tapa o corvo.**
966. **Polo Santiago comeza na viña a pintar o bago.**
967. **Por san Cristovo o millo tapa o corvo.**
968. **Por santa Marta raro ha de ser que auga non caia.**
969. **Se chove polo Santiago, trae o pan ao agro.**
970. **Se non convida Santiago co seu escumoso canado, virá santa Ana coa súa chea canada.**
971. **Xullo andado, millo arrendado.**
972. **Xullo, xulleiro, que traes o centolo baleiro.**
973. **Xullo, xulliño, colleita de trigo.**

Agosto

974. **A chuvia en agosto non é chuvia; é mel e mosto.**
975. **Agosto ardenteiro, herba no palleiro.**
976. **Agosto e setembro non duran sempre.**
977. **Agosto e vendima, non é aínda o día.**
978. **Agosto nos farta e agosto nos mata.**
979. **Agosto ten a culpa e setembro leva a froita.**
980. **Agosto ten a culpa e setembro leva a pulpa.**
981. **Agosto, agosteiro.**
982. **Cada cousa no seu tempo e mallar no mes de agosto.**
983. **Cando chove en agosto, chove mel e mosto.**
984. **En agosto a auga está detrás do toxo.**
985. **En agosto a lebriña está detrás do toxo.**
986. **En agosto secan os montes e en setembro as fontes.**
987. **En agosto vaise a noite coma un lostrego.**
988. **En agosto, auga detrás do rostro.**
989. **En agosto, frío no rostro.**
990. **En agosto, nin viño, nin muller nin mosto.**
991. **En agosto, o porco pon entrecosto.**
992. **En agosto, o sol marcha como un lostro.**
993. **No agosto, nin viño nin muller nin mosto.**
994. **No mes de agosto non capes nin rapes.**
995. **O resío de agosto arrefría o rostro.**
996. **O resío de agosto dá no rostro.**
997. **O trigo hai que mallalo en agosto.** Cada cousa haina que facer no seu tempo.
998. **Os resíos de agosto son mel e mosto.**
999. **Os rocíos / resíos de agosto son mel e mosto.**
1000. **Polo san Bartolomeu, di o inverno: alá vou eu.**
1001. **Se chove pola Asunción, nin boa faba nin bo melón.**
1002. **Se en agosto non secaron todas as fontes, en setembro secarán ben os montes.**
1003. **Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo.**
1004. **Trebón de agosto mellora o mosto.**

1005. **Vale máis nubrado de agosto que sol de setembro.**

Setembro

1006. **En san Miguel non cae mel no Courel. Polo san Miguel, nunca hai mel no Courel.**
1007. **En setembro arden os montes e secan as fontes.**
1008. **En setembro colle o viño e non durmas polo camiño.**
1009. **En setembro e aínda no outono bebe viño vello e deixa repousar o novo.**
1010. **Polo setembro ou secan as fontes ou a auga leva as pontes.**
1011. **Por san Mateo vendima ti, vendimarei eu.**
1012. **San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.**
1013. **San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.**
1014. **San Migueliño das uvas, tarde vés e pouco duras.**
1015. **Se setembro non ten froita, agosto tivo a culpa.**
1016. **Setembro asegura o que agosto madura.**
1017. **Setembro ou leva as pontes ou seca as fontes.**
1018. **Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes. / Setembro ou seca fontes ou varre pontes.**

Outubro

1019. **A auga en outono non lle come ao xornaleiro nin ao seu dono.** [Nota da Red.] Temos dúbidas sobre a correcta transcrición do verbo *come,* porque no Tesouro Fraseolóxico Galego encontramos o que probablemente é a versión correcta: *A auga en outono non lle convén ao xornaleiro nin ao seu dono.* E, por parte, esta interpretación queda confirmada polo hiperbólico refrán seguinte.
1020. **Auga de outono, mata o seu dono.**
1021. **Bo outono, ledicia do dono.**
1022. **Deus deixe vir os días de outono que teñen pra todo.**
1023. **En outono bebe o viño vello e deixa entrar o novo.**
1024. **En outono, máis ben fame que sono.**
1025. **En outubro, caída de follas.**
1026. **Flores no outono, fame no ano novo.**
1027. **No outono bebe o viño vello e deixa entrar o novo.**
1028. **O outono vai bo de ir; se o puidera pillar, non había de fuxir.**
1029. **Os días de outono teñen pra todo e os de san Xoán non sei pra onde van.**
1030. **Outono chegar, porco cebar.**
1031. **Outono enxoito, Nadal vento pouco ou moito.**
1032. **Outono quente trae o demo no ventre.**
1033. **Polo Pilar os nabos na terra e o viño a envasar.**
1034. **Polo san Lucas, ben saben as uvas porque hai poucas ou ningunhas.**
1035. **Polo san Lucas, saben as uvas.**

Novembro

1036. **Ata san Martiño pinga o ramalliño, despois de san Martiño, fame e friíño.**
1037. **Auga de San Martiño, come pan e bebe viño.** [Nota de E. Domínguez] Podería, quizais, pensarse en que, se chove polo San Martiño, datas nas que adoita darse uns días de bo tempo, como as colleitas xa están todas recollidas e non se pode saír da casa, hai na

despensa con que poder alimentarse: o cereal e o viño.

1038. **Bendito mes que comeza con Santos e remata con san Andrés. / Bendito mes que empeza con Santos e remata con san Andrés.**

1039. **Castañas, noces e viño fan as delicias do san Martiño.**

1040. **Castañas, viño novo e chourizos no mes de Santos son vicios.**

1041. **Despois de San Martiño, deixa a auga e bebe viño.**

1042. **En san Andrés colle o porco polos pés.**

1043. **En san Martiño, mátase o porco e comese o fociño.**

1044. **No mes de mortos non saches a horta nin capes os porcos.**

1045. **No mes dos mortos mata os teus porcos.**

1046. **O mes de novembro castañas e noces ofrece.**

1047. **O san Martiño, tarde vén e logo marcha.**

1048. **O verán de San Martiño son tres días e un pouquiño.**

1049. **O verán de san Martiño, son tres días máis un pequeniño.**

1050. **O veranciño de san Martiño, ou grande ou pequeniño.**

1051. **Polo san Andrés colle o porco polos pés.**

1052. **Polo san Andrés, frío nos pés.**

1053. **Polo san Andrés, neve nos pés.**

1054. **Polo san Martiño mata o porco e bebe o teu viño.**

1055. **Polo san Martiño mata o porquiño e proba o teu viño.**

1056. **Polo san Martiño mata o teu porquiño. / En san Martiño mata o teu porquiño. / Por san Martiño mátase o porquiño.**

1057. **Polo san Martiño non plantes fabas nin liño.**

1058. **Polo san Martiño vai ver o teu soutiño.**

1059. **Polo san Martiño, come pan e bebe viño.**

1060. **Polo san Martiño, nin fabas nin liño.**

1061. **Polo san Martiño, pan e viño.**

1062. **Polo san Martiño, pan e viño; e do san Martiño adiante, fame e frío.**

1063. **Polo san Martiño, trompos / trompas ao camiño.** *trompa* é unha variante local de *trompo* pero ten unha 2ª acep. 'borracheira'. Deste refrán un neno anotou a variante *tombos ao camiño*. Se for real esta variante (*tombos*), habería que referila a caer por tomar nestas datas moito viño.

1064. **Polo san Martiño, trompos ao camiño.**

1065. **Polo Santo Tomé colle o porco polo pé; pero mellor pra o matar que pra o cebar.**

1066. **Polos Santos aínda hai campos verdes e xa hai algúns montes brancos.**

1067. **Por san Andrés, sabañóns nas orellas e feridas nos pés.**

1068. **Por san Martiño, deixa a auga e bebe o viño.**

1069. **Por san Martiño, pan e viño.**

1070. **Por todos os Santos, neve nos ollos; e polo san Andrés, neve nos pés.**

1071. **San Martiño empeza con Santos e acaba con san Andrés.**

1072. **San Martiño, pan e viño.**

1073. **Se en novembro oes que trona, a colleita do ano será boa.**

1074. **Se en novembro ves que trona, a colleita seguinte será boa.**

1075. **Se no san Martiño non chegaron as tronadas, que non falte alo menos a mandunga e as rixoadas.**

[Nota de E. Domínguez] A palabra *mandunga* escoiteina moi poucas veces, sempre en conversas informais e sempre co significado de "comida moi abundante ou moi ansiosa, por ter moita fame". É moi próxima á palabra *manduca,* que tamén significa "comida" (*É a hora da manduca*) pero esta non ten eses dous matices de abundancia nin de ansia no comer; é máis neutra. E a *rixoada* é unha "comida feita cos *rixóns* (zona occidental de Carballo e parte oriental de Coristanco) ou *rinchóns* (zona occidental de Coristanco, parte norte do concello de Zas (Soneira) e meridional do de Cabana (Bergantiños). Ata hai xa poucos anos había o costume de que, cando se mataba o porco, convidábanse os compadres ou parentes máis achegados a unha cea; e un dos pratos que se comían eran os rixóns ou rinchóns que se facían aproveitando aquelas partes do porco que tiñan unha carne de peor calidade (metíanse nunha tixola ata que ceibasen toda a graxa e despois o que quedaba prensábase ben aínda estando quente para que quedase sequiño, é dicir, con pouca graxa, e así se servían. Aínda que a matanza se podía facer en calquera época do ano o máis frecuente era que fose a finais do outono. O feito de comer unha boa rixoada podería dicirse que sería unha boa mandunga.

1076. **Se non queres esquecerte de cando é san Andrés mira nos fueiros das túas orellas e pés.**

Decembro

1077. **Cando Nadal nada, sinal de boa anada.**
1078. **En Nadal, cada ovella no seu curral.**
1079. **En Nadal, fame e frío.**
1080. **En Nadal, frío e fame.**
1081. **En Nadal, quen aforra ben se vale.**
1082. **Nadal chuvioso, xaneiro ventoso.**
1083. **Nadal mollado, xaneiro xeado.**
1084. **Nadal sen porco, que non veñan moitos.**
1085. **Navidades enxoitas, nin poucas nin moitas.**
1086. **Navidades molladas, sinal de boas anadas.**
1087. **No mes de Nadal a carón da lareira vaite sentar.**
1088. **No mes de Nadal sementa o teu nabal.**
1089. **No mes de Nadal, a carón da lareira vaite sentar.**
1090. **O día de santa Lucía, mingua a noite e medra o día. / O día de santa Lucía, mingua a noite e médralle o día. / Pola santa Lucía mingua a noite e medra o día. / Por santa Lucía mingua a noite e medra o día. / Por santa Lucía empeza a medrar o día. / Por santa Lucía sácalle á noite e mételle ao día. / Por santa Lucía, quítaselle á noite e pónselle ao día. / Por santa Lucía, quítalle á noite e mételle ao día. / Por santa Lucía, sácalle á noite e auméntalle ao día. / Santa Lucía quítalle á noite e mételle ao día. / Santa Lucía, sácalle á noite e médralle o día.** [N. da Red.] Ata a reforma do calendario promulgada polo papa Gregorio XIII (24.2.1581) o 13 de decembro, día de santa Lucía, marcaba o solsticio de inverno.
1091. **O que a San Silvestre vai e alí dorme, un ano vai e o outro volve.**
1092. **Po en Nadal e lama en agosto, fame no rostro.**

1093. **Pola santa Lucía medra o día a pisada dunha galiña.**
1094. **Polo Nadal cada ovella ao seu curral.**
1095. **Se Nadal nada, sinal de boa anada.**

Primavera

1096. **De Corpus á Ascensión, tres semanas son.**
1097. **En san Lázaro pillei un paxaro.**
1098. **Polo san Lázaro, pillei un paxaro.**

Verán

1099. **Despois de Nosa Señora vai o verán fóra.**
1100. **Verán quente, setembro ledo.**

Outono

1101. **De Santos a Nadal é inverno de verdá.**
1102. **De Santos a Nadal é inverno natural.**
1103. **De Santos a Nadal, inverno carnal.**
1104. **Desde Santos a Nadal é inverno natural.**
1105. **Despois de san Martiño o inverno vén de camino.**

Inverno

1106. **Cando a Candeloria chora, metade do inverno vai fóra.**
1107. **Cando Santos rematan, o inverno empeza.**
1108. **Deus nos teña da man, nos saque do inverno e nos meta no verán.**
1109. **No inverno a comida escasea, aínda que ti non o creas.**
1110. **O inverno come e non cría.**
1111. **O inverno non acabou ata que abril pasou.**
1112. **O sol de inverno sae tarde e ponse cedo.** No inverno hai poucas horas de sol.
1113. **Pola Candeloria metade do inverno vai fóra; se chove ou venta aínda entra.**

Entroido

1114. **Alegría, alegriote que está o rabo do porco no pote.**
1115. **Entroido larafuzán, comíchesme a carne e deixáchesme o pan. / Entroido larafuzoiro, comíchesme a carne e deixáchesme o coiro.**
1116. **O Entroido coas súas artes botou a san Matías fóra do martes.**
1117. **O Entroido é un larpeiro, mais é o fillo dun pobre; cada un na súa casa gobernase como pode.**
1118. **O Entroido, na casa; e as Pascuas, na praza.**

Pascuas

1119. **A Pascua en marzo, fame ou mortazo.**
1120. **Ben que altas, ben que baixas, en abril serán as Pascuas.**
1121. **Da Pascua á Ascensión sesenta días son.** Erro; debe ser *corenta*.
1122. **Pascuas en marzo, ou fame ou mortazo.**
1123. **Pascuas molladas sinal de boas anadas e Pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas.**
1124. **Pascuas molladas, anadas dobradas.**
1125. **Pascuas molladas, que veñan dobradas.**
1126. **Pola Pascua de Resurrección tres cousas [non] teñen razón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicación.** [Nota da Red.] Repoñemos un *non* por ser a forma unanimemente documentada no Tesouro Fraseolóxico Galego. Hai mesmo un refraneiro que di que iso *está en razón* antes da Pascua (é dicir na Coresma); despois, non. Na Coresma era tradicional o non poder

comer carne e eran abundantes os ritos litúrxicos e paralitúrxicos nesas oito semanas de austeridade cuaresmal que remataban precisamente coa alegría pascual, que empezaba no paso do sábado santo ó domingo de Pascua.

1127. **Que altas, que baixas, en abril son as Pascuas.**

Animais

1128. **A *amistá do gato boa é, se non rabuña.**
1129. **A burro vello, pouco verde.**
1130. **A sardiña de xaneiro cúspelle na barba ao mariñeiro.**
1131. **A sardiña polo san Xoán xa molla o pan.**
1132. **A todo porquiño lle chega o seu san Martiño. / A todo porco lle chega o seu san Martiño.**
1133. **A vida do grilo: de día, fame; e de nuite, ruído.**
1134. **Abella e ovella é pedra que trebella.**
1135. **Abella vella e enxame pobre en marzo alea e en marzo morre.**
1136. **... afía a tixeira e rapa a ovella.** [Nota da Red.] Refrán incompleto porque non dá a data na que se debe rapar as ovellas. O refraneiro recomenda non facelo antes de xuño, para que as ovellas non morran co frío: *O que rapa a ovella antes de san Isidro rapa a mai e mailo fillo*.
1137. **Ande ou non ande, burro grande.**
1138. **Animal de bico non fai o amo rico.**
1139. **Ano de saltón ano de perdigón.**
1140. **As vacas, unhas gordas e outras fracas.**
1141. **Ave de pico non fai o seu home rico.**
1142. **Ave de pico nunca deixou o seu amo rico.**
1143. **Ave de pluma, non deixes ningunha.**
1144. **Ben coidado o colmear, por abril debe enxamear.**
1145. **Ben se alegra o lobo do que come o raposo.**
1146. **Burro grande, ande ou non ande.** Por veces importa máis o tamaño que a utilidade; prefírense as cousas grandes aínda que non sexan as mellores**.**
1147. **Burro grande, ande, non ande.**
1148. **Cabalo grande, ande ou non ande.** A todos lles gustan as cousas grandes.
1149. **Cabra coxa non precisa corda nin solta.**
1150. **Cal é o dono, tal o can.**
1151. **Can de boa raza, se hoxe non caza, mañá caza.**
1152. **Can de caza quere ser de boa raza.**
1153. **Can de palleiro non quere compañeiro.**
1154. **Can ladrador, mal cazador.**
1155. **Can ladrador, pouco mordedor.** Critica o falar moito e facer pouco; porque o que máis fala non é o que máis fai. *Presumes de moitas cousas pero xa sabes o que di o refrán:* "*Can ladrador, pouco mordedor*".
1156. **Can que ladra coello que perde.**
1157. **Can que moito ladra non é o que máis morde.** Non lle hai que ter medo a quen moito ameaza: váiselle toda a forza pola boca.
1158. **Can que moito ladra, ben garda a casa.**
1159. **Cando a galiña pica ao galo, malo malo. Cando o galo pica á galiña, aínda aínda.**
1160. **Cando a pita cacarexa, algo sente ou algo quere.**
1161. **Cando chove e máis vai sol, anda contento o caracol.**

1162. **Cando chove e máis vai sol, anda ledo o caracol.**
1163. **Cando o gato dorme, os ratos bailan.**
1164. **Cando vén Santo Tomé, colle o porco polo pé.**
1165. **Canta a ran e non ten pelo nin lan.**
1166. **Dous cans contra un lobo, cómeno todo.**
1167. **Dous poldros a un can ben o morderán.**
1168. **En abril abre a porta á vaca e déixaa saír.**
1169. **En abril abre a porta ao gando e déixao saír.**
1170. **En marzo nazo, en abril estou no cubil, en maio xa saio, en san Xoán xa fuxo do can, en Santa Mariña, xa pillo a galiña e en agosto xa son bo raposo.** Fala o raposo do seu medrío.
1171. **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil e entre san Xoán e a sega marcha o cuco prá súa terra. / En marzo e abril sae o cuco do cubil e entre san Xoán e a sega marcha o cuco prá súa terra** [Nota da Red.] Velaí nun mesmo refrán o sistema latino de denominar os meses (*marzo* e *abril*) e mailos sistemas galegos (*san Xoán* e *a sega*).
1172. **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil e entre san Xoán e a sega, marcha prá súa terra.**
1173. **Entre marzo e abril sae o cuco do cubil pois, se hai neve, non quere vir.**
1174. **Entre marzo e abril, se non vén o cuco, quere vir ao fin.**
1175. **Entrou o rato no meu celeiro e fíxose herdeiro.**
1176. **Faco que coucea, mérqueo quen o queira.**
1177. **Galiña, que non come, ovos non pon.**
1178. **Galiña, que non quere galo, pon o ovo sen galealo.**
1179. **Galo no poleiro non quere compañeiro.**
1180. **Galo, que moito canta, algo ten na garganta.**
1181. **Galo, que non canta, algo ten na garganta.**
1182. **Gato berrador non é o máis rateador.**
1183. **Gato berrador non é rateador.**
1184. **Gato moi berrador non é o máis rateador.**
1185. **Gato moi maullador nin por iso é máis rateador.**
1186. **Ladra, can, que pra iso gañas o pan.**
1187. **Lobo tardeiro, non volve baleiro.**
1188. **Máis come un gato dunha vez que un rato en todo o mes.**
1189. **Monte da ra, nin palla nin gra.**
1190. **Monte de sapo, pan no saco e no papo.**
1191. **Niño feito, paxaro morto.**
1192. **Non hai pola serodia que en xaneiro non poña.**
1193. **Non hai pola tardeira que por xaneiro non poña.**
1194. **Nunha soa mata poucas abellas labran.**
1195. **O año de abril enche o regazo e o mandil.**
1196. **O boi ceibo ben se lambe.**
1197. **O can de boa raza pensa no pan e na caza. / Can de raza pensa no pan e na caza**
1198. **O can de caza quere ser de boa raza.**
1199. **O can de palleiro mete o dente no calleiro.**
1200. **O can de palleiro non quere compañeiro.**

1201. **O can ladrador nin por iso é máis mordedor.**
1202. **O can vello, se ladra, dá consello.**
1203. **O cinco de abril o cuco ha de vir; e se non vén o sete ou o oito, é que está morto.**
1204. **O coello, por san Xoán; e a perdiz, por *Navidá. / O coello, por san Xoán; e a perdiz, por Nadal.**
1205. **O gato máis berrador non é o máis rateador.**
1206. **O oficio do gato é matar o rato.**
1207. **O oito de abril sae o cuco do cubil.**
1208. **O oito de abril, se o cuco non vén, morreu ou non sei que ten.**
1209. **O ollo do amo engorda o cabalo.**
1210. **O paxaro da devesa un o asexa e outro o apresa.**
1211. **O que queira ter bo entrecosto, que cebe no agosto.**
1212. **Onde eguas pacen, poldros nacen.**
1213. **Onde hai abellas, hai mel delas.**
1214. **Os pitos de xaneiro debaixo das ás levan o diñeiro.**
1215. **Ovellas loucas, ovellas poucas.**
1216. **Ovellas tolas, detrás dunha van todas.**
1217. **Pito de xaneiro vai coa súa nai ao poleiro.**
1218. **Por Santiago agocha o coello o rabo; e por san Miguel vólvese a ver.** *Santiago*: mes de xullo.
1219. **Por Santiago, esconde o coello o rabo e por san Miguel vólvese a ver.**
1220. **Raposa que dorme de día, de noite anda de cacería.**
1221. **Se marzo chegou e o cuco non chegou, algo ao cuco lle pasou.**
1222. **Se non viches o cuco a mediados de abril, ou morreu ou non quere vir ao fin.**
1223. **Se o oito de abril o cuco non ven, morreu ou non sei que ten.**
1224. **Se por marzo canta a ra, por abril xa parará.**
1225. **Se queres abellas, castra por Candeas.**
1226. **Se queres lan, rapa en san Xoán.**
1227. **Se queres mel, castra as abellas polo san Miguel.**
1228. **Se queres mel, castra por san Miguel e, se queres abellas, castra por Candeas.**
1229. **Se queres mel, castra por san Miguel e, se queres cera, castra por Candeas.**
1230. **Se queres mel, castra por san Miguel.**
1231. **Se queres mel, castra por san Miguel; se queres abellas, por Candeas.**
1232. **Tres anos, de can novo; tres, de bo can; tres anos, de can vello; e outros tres, de folgazán.**
1233. **Tres aves pasan o mar: a rula, o cuco e o paspallás.**

Agricultor e agricultura

1234. **A fouce na leira ou no lume.**
1235. **A sembra quere ser de agosto; e o sol, de setembro.**
1236. **A terra descansada non precisa ser gabada.**
1237. **A viña do teu amo pódase en marzo.**
1238. **Agora que veu o maio, sementar con saio.**
1239. **Agosto pasou e quen mallou, mallou; setembro vira e o que non mallou non mallará.**
1240. **Antes de mediados de maio manda o boi ao prado.**
1241. **Are quen arou, que maio xa pasou.**
1242. **Boi bravo, rego largo.**
1243. **Bota esterco ao pan, que as terras cho agradecerán.**

1244. **Bota esterco ao pan, que as terras cho pagarán.**
1245. **Cando a rula canta no ruleiro, sementa o millo, anque sexa no bulleiro.**
1246. **En abril, sementar co mandil.**
1247. **En inverno e en verán, gandeiro e hortelán.**
1248. **En maio, millo sementado, cal enxoito, cal mollado.**
1249. **En marzo poda o ricacho e en abril poda o ruín.**
1250. **En san Xoán aínda deixa o día pra cardar a fía.**
1251. **En san Xoán hai tres días de cardar lan.**
1252. **En xaneiro sementarás as patacas temperás.**
1253. **Fías de Nadal, nin tecedeiras fará.**
1254. **Gomo de marzo non vai ao cabazo.**
1255. **Horta de pasatempo, quere tempo.**
1256. **Horta de San Martiño mantén o seu dono e máis ao veciño.**
1257. **Labra ben e a fondo se queres coller pan abondo.**
1258. **Labrador barallán non colle viño nin pan.**
1259. **Labrador cazador, coellos na cociña e (fame) no corredor. / Labrego cazador, *conexos na cociña e (fame) no corredor. / Labrego cazador, coellos na cociña e fame no corredor.**
1260. **Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin boi marelo enriba do rego.**
1261. **Nin viña no baixo, nin trigo no cascallo.**
1262. **No estercar e no sachar non debes reparar, se queres colleitar.**
1263. **No mes de marzal moito hai que sementar.**
1264. **No mes de marzal sementa o patacal.**
1265. **O cuquiño a cucar e a ruliña a rular, colle o foliño e vai sementar.**
1266. **O día de san Xoán créballe a primeira raíz ao pan, o de san Pedro créballe a do medio; e o de Santiago créballe a do cabo.**
1267. **O erro de moito sementar págase á hora de sachar.**
1268. **O pan ben arrendado énchelle a eira ao seu amo.**
1269. **O pan que foi ben sachado enche o hórreo do seu amo.**
1270. **O pan raro carga o carro.**
1271. **O que en xaneiro non rega, en maio non sega.**
1272. **O que en xaneiro non rega, en marzo non sega.**
1273. **O que pela os prados en xaneiro, pélaos o ano enteiro.**
1274. **O que planta as coles polo San Martiño, plántaas pra el e pró seu veciño.**
1275. **O que queira mel que castre por San Miguel.**
1276. **O que sega a herba en xaneiro, ségaa pró ano enteiro.**
1277. **O que vive de labranza, vive de esperanza.**
1278. **O sementado na lúa de febreiro vai no cesto e vén no sombreiro.**
1279. **Os nabos no tempo das xeadas medran.**
1280. **Poda no xaneiro, vendima no sombreiro.**
1281. **Pola Santa Mariña, pousa o sacho e colle a fouciña.** 18 de xullo.
1282. **Polo san Bartolo a boa fiadeira comeza a súa tea; a máis lixeira, pola Madalena.** 24 de agosto (san Bartolo). 22 de xullo (Madalena).
1283. **Polo san Isidro hai que sementar o millo.** 15 de maio.

1284. **Polo san Mateu vendimas ti ou vendimarei eu.** 21 de setembro.

1285. **Polo san Vicente chanta os nabos da semente. / Por san Vicente chanta os nabos da semente.** 22 de xaneiro. [Nota de E. Domínguez] Os nabos seméntanse, onde antes se cultivaron as patacas, desde finais de xullo a comezos de setembro, aínda que tradicionalmente tamén se facía desde finais de xuño ata mediados de xullo, cando se lle daba o terceiro sacho ao millo (o *de cabo* ou *acolar*). O que se fai a finais de decembro ou en xaneiro é "plantar a horta", isto é, trasplantar as coles do morteiro (por iso se di *chantar*) e tamén replantar os mellores nabos para despois recollerlle a semente. Cando se quita o millo por setembro ou outubro, quedan os nabos que servirán de forraxe para as vacas ata finais de marzo.

1286. **Por santa Mariña prepara a fouciña.** 18 de xullo.

1287. **Por santa Mariña, pousa o sacho e colle a fouciña.** 18 de xullo.

1288. **Por todos os Santos, sementa trigo e collerás cardos.**

1289. **Pouca terra e ben abonada vale pola moita e mal traballada.**

1290. **Quen sexa labrego honrado ten que vivir do seu traballo.**

1291. **Terra sen abono acaba co seu dono.**

Anadas e colleitas

1292. **A auga de san Xoán tolle o trigo e non dá pan.**

1293. **A auga de san Xoán, tolle o viño e non dá pan.**

1294. **A auga polo san Xoán quita viño e non dá pan. / A auga por san Xoán quita viño e non dá pan.**

1295. **A castaña quere en agosto arder e en setembro beber.**

1296. **A flor de xaneiro nunca encheu celeiro.**

1297. **A horta de outono mantén o seu dono.**

1298. **Ano de *almendras, ano de merda.**

1299. **Ano de ameixas todas son queixas.**

1300. **Ano de ameixas, ano de queixas.**

1301. **Ano de cereixas, ano de queixas.**

1302. **Ano de cheas, ano de medas.**

1303. **Ano de flores, ano de dores.**

1304. **Ano de landras, ano de graxas.**

1305. **Ano de moitas ameixas, poucas medas nas leiras.**

1306. **Ano de noces, ano de voces.**

1307. **Ano de peras, ano de medas.**

1308. **Ano de peras, non fai falla que veña.**

1309. **Ano de seca, ano de seda.**

1310. **Ano de xeadas, que veñan boas anadas.**

1311. **Ano hortelán, máis palla que gran.**

1312. **Ano nevento, ano farturento.**

1313. **Ano xeadeiro, moito trigo e moito palleiro.**

1314. **Ao seu tempo maduran as uvas.**

1315. **As patacas de febreiro van no cesto e veñen no sombreiro.**

1316. **As patacas plantadas en febreiro van no cesto e vén no sombreiro.**

1317. **Auga de san Xoán tolle o millo e non dá pan.**

1318. **Auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.**

1319. **Auga de san Xoán, nin palla nin pan.**

1320. **Auga en maio, pan pra todo o ano.**

1321. **Cando chove en febreiro non hai bo prado nin bo centeo.**

1322. **Cando hai trigo na eira, hai pan na maseira.**

1323. **Cando o trigo está no celeiro, é o dono quen ten diñeiro.**
1324. **Desde as cereixas aos nabos ben estamos; desde os nabos ás cereixas, todo son queixas.**
1325. **Día de san Xoán sécanlle as raíces ao pan; día de San Pedro seca polo medio e día de Santiago colle fouciño e ao agro.**
1326. **En maio come a vella as cereixas ao lume.**
1327. **En marzo espigas catro; en abril, espigas mil; en maio, todo espigado.**
1328. **En xaneiro súbete ao outeiro; se ves o trigo verdegar, ponte a chorar.**
1329. **Hórreo no camiño, alegra o peregrino.**
1330. **Millo raro, espigas ao carro; millo mesto: nin carro nin cesto. / Maínzo raro, espigas ao carro; maínzo mesto: nin no carro nin no cesto.**
1331. **No mes de xaneiro súbete a un outeiro; se o ves verdexar, ponte a chorar; e se o vés chamuscar, ponte a cantar.**
1332. **O año de abril enche o regazo e o mandil.**
1333. **O grao de Santa Mariña, méteo na arquiña.**
1334. **O millo que en Santiago non cercena e en agosto non espiga, non vai á barriga.** *Santiago*: xullo.
1335. **O millo rascado enche a cesta e máis o ferrado.**
1336. **Por Santiago comeza na viña a pintar o bago.**
1337. **Sementa a avea en febreiro, se queres facer diñeiro.**
1338. **Sementa o pirixel en maio e teralo todo o ano.**
1339. **Un gran non fai graneiro pero axuda ao compañeiro.**

Alimentos

1340. **A abelá e o castrón en maio están en sazón.**
1341. **A boa verza en xaneiro, mellor ca o carneiro.**
1342. **A castaña e o *besugo en febreiro non teñen zugo.**
1343. **A faneca en xaneiro vale carneiro.**
1344. **A todo lle vai o tomate agás a pan e chocolate.**
1345. **A troita e o unto, canto máis vello, mellor.**
1346. **A vaca, ben cocida e mal asada.**
1347. **Antes de san Martiño, pan e viño; despois de San Miguel, fame e frío.**
1348. **Ao chegar o San Martiño, mátase o porco e próbase o viño.**
1349. **Aproveite ben febreiro que o mel afogou en xaneiro.**
1350. **As castañas polo San Martiño, teñen sede e queren viño.**
1351. **Ás veces en xaneiro as verzas saben a carneiro.**
1352. **As verzas en xaneiro saben a carneiro.**
1353. **As verzas en xaneiro valen carneiro.**
1354. **As verzas no outono comen o dono.**
1355. **As verzas, en xaneiro son carneiro.**
1356. **Ave que voa prá cazola é boa.**
1357. **Cando a castaña está branca, millo na manta.**
1358. **Cando o millo vai louro, o peixe branco está de ouro.**
1359. **Cando o trigo vai louro, o peixe branco vale ouro.**
1360. **Canto máis unto, mellores verzas.**
1361. **Carne mal asada tamén engorda.**
1362. **Coa ensalada, ou viño ou nada.**
1363. **Con azucre e mel todo sabe ben.**

1364. **Con figos bebe auga ou viño.**
1365. **Con pan e viño xa se anda o camiño.**
1366. **Con pan e viño, ándase o camiño.**
1367. **Con tomates non hai mala cociñeira.**
1368. **Deica san Martiño, pan e viño; despois, fame e frío.**
1369. **En febreiro a faneca vale carneiro.**
1370. **En san Xoán a sardiña molla o pan.**
1371. **En san Xoán perde o carneiro a lan.**
1372. **En xaneiro a faneca vale carneiro.**
1373. **En xaneiro a faneca vale carneiro.** En xaneiro a faneca xa se pode comer.
1374. **En xaneiro, a faneca vale moito.**
1375. **Máis ben me sabe a túa cebola que a carne da túa ola.**
1376. **O chourizo á cheminea, os ovos á tixola; o millo ao cabás e nada máis. / O touciño á cheminea, os ovos á *sartén; o millo ao cabás e... nada máis.**
1377. **O leite sen pan ata a porta vai.**
1378. **O percebe e o salmón en maio están en sazón.**
1379. **O que queira mel que castre por San Miguel.**
1380. **O que xa en abril comeu sardiña, aínda en agosto lle pica a espiña.**
1381. **O queixo na queixeira e o centeo na eira.**
1382. **O vinagre e o limón medio ciruxanos son.**
1383. **Os nabos no tempo das xeadas medran.**
1384. **Ovo sen sal non fai ben nin mal.**
1385. **Para pan e cebola é mester cazola. / Pró pan e cebola é mester cazola.**
1386. **Pobre da cebola que vai prá tixola.**
1387. **Polo San Martiño anda ás noces o meu veciño.**
1388. **Polo San Miguel os figos son mel.**
1389. **Polo San Simón proba o viño e o porco polo San Martiño.**
1390. **Polo san Xoán a sardiña molla o pan.**
1391. **Polo san Xoán bébese tanto viño como se come pan.**
1392. **Ra de xaneiro vale por carneiro.**
1393. **Vale máis queixo de nabo que catro de maio.**
1394. **Vale máis un queixo de marzo que catro de maio.**

Beber

1395. **A auga aínda non é boa prós camiños.** Dío unha persoa á que non lle gusta ou á que lle gusta pouco beber auga.
1396. **A home frouxo, bebida forte.**
1397. **Auga fervida é media vida.**
1398. **Auga mala, fervida e coada.**
1399. **Beber e comer, bo pasatempo é.**
1400. **Beber, beber ata máis non poder.**
1401. **O amigo do teu viño non o queiras de veciño.**
1402. **O borracho descobre o cacho.**
1403. **Onde entra o beber, sae o saber.**
1404. **Para a moita sede non hai auga mala.**
1405. **Sen beber non se debe comer**.

Viño

1406. **A bo viño, non hai mal bebedor.**
1407. **Bebe o viño no outono e deixa entrar o novo.**
1408. **Día de San Martiño, proba o teu viño.**
1409. **Non hai neto de viño que grande sexa.**
1410. **Non serve de nada ser adiviño, cando só che interesa o viño.**
1411. **O pouco viño, ¡coidadiño!**

1412. **O viño bebelo amodiño, gotiño a gotiño.**
1413. **O viño do Ribeiro fai o andar lixeiro.**
1414. **O viño é cousa santa que se dá na cepa torta; a uns levántaos da cabeza e outros non acertan da porta.**
1415. **O viño é o leite dos vellos.**
1416. **O viño fai o vello mociño.**
1417. **O viño polo xerro é como mellor o quero.**
1418. **Onde acios hai, viño haberá.**

Comer

1419. **A barriga manda á perna**[11].
1420. **A carne sen pan cómea o can.**
1421. **A comida repousada e a cea paseada.**
1422. **A cunca chea os ollos alegra.**
1423. **A fame, en comendo, pasa.**
1424. **A galiña polo bico pon.** [Nota da Red.] Evidentemente a galiña non bota o seu ovo polo bico pero a cantidade e a calidade dos ovos que poña depende da cantidade e calidade do alimento que lle entre polo bico. Velaí a riqueza da metáfora.
1425. **Á mesa sen pan non te poñas a xantar.**
1426. **A panza chea mellor se aconsella.**
1427. **Alí pon a galiña os ollos onde pon os ovos.**
1428. **Almorzar sen beber: merendar sen comer.**
1429. **Ben canta Marta despois de farta.**
1430. **Ben se lava o gato despois de farto.**
1431. **Bo pagar fai bo xantar e non moito rogar.**
1432. **Cal é o señor, tal mesa pon.**
1433. **Caldo de tripas, moito repenicas.**
1434. **Comer e deixar, se has de cear.**
1435. **Comer e ter non pode ser.**
1436. **Comida fría e bebida quente, nunca fixeron bo dente.**
1437. **Corpo farto gaba a Deus.**
1438. **Da man á boca pérdese a sopa.**
1439. **Da panza sae a danza**[12]**.**
1440. **Dáme pan e chámame can.**
1441. **Deste mundo levarás panza chea e nada máis.**
1442. **Día a día, a galiña amarga a cociña. / Cada día, a galiña amarga a cociña.**
1443. **Día de Entroido e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.**
1444. **Home bebedor, pouco comedor.**
1445. **Home traballador, pouco comedor**
1446. **Máis quero mesa farta que mantelería branca.**
1447. **Nabos e coles, comer de señores.**
1448. **Non sabe o que é comer o que non come.**
1449. **O almorzo cedo cría carne e sebo.**
1450. **O ano que se morre, ben se come.**
1451. **O caldiño ten un bo compañeiro no viño.**
1452. **O caldo quenta o corpo.**
1453. **O can baila polo pan.**
1454. **O comer e o rascar todo é empezar.**
1455. **O ovo quere sol e fogo.**
1456. **O pantrigo fíxoo Deus e a boroa mandouna facer.**
1457. **O que non come polo san Xoán ou é que é parvo ou non ten pan.**
1458. **O que non come polo san Xoán ou está tolo ou non ten pan.**
1459. **O que non mata, engorda.**
1460. **O que ten bo *olfato logo coñece o prato.**

[11] Compárese con *Da panza sae a danza*.

[12] Compárese con *A barriga manda á perna*.

1461. **O raposo que moito berra non é o que máis galiñas leva.**
1462. **Os días con pan e viño son bos.**
1463. **Ovella que berra bocado que perde.**
1464. **Pola raspa do pescado afervóase o gato.**
1465. **Polo pan de trigo o can é meu amigo.**
1466. **Polo pan, baila o can.**
1467. **Por almorzar non perdas de xantar.**
1468. **Quen *aiuna en san Xoán ou é tolo ou non ten pan.**
1469. **Quente, a comida; fría, a bebida.**
1470. **Sen pan nin viño, non se anda ben o camiño.**
1471. **Terás un prato de caldo ben adobado, se o porco cho remexe co fociño ou co rabo.**
1472. **Un é de onde pace e non de onde nace.**
1473. **Vaca e carneiro, comida de cabaleiro.**
1474. **Vós que arrotades é porque fartos estades.**

Allos

1475. **Ao bo allo, bo tallo.**
1476. **Cantos días pasen de xaneiro tantos allos perde o alleiro.**
1477. **En xaneiro planta o teu alleiro.**
1478. **En xaneiro pon o alleiro.**
1479. **En xaneiro, planta o teu alleiro.**
1480. **En xaneiro, pon o alleiro.**
1481. **Non te esquezas en xaneiro de sementar o teu alleiro.**
1482. **O allo fino sementalo polo San Martiño.**
1483. **O que queira allos con dente que os plante por San Vicente.**
1484. **Os allos polo San Silvestre nin nacidos nin na restra.**
1485. **Por San Antón lagoeiro sementa o teu alleiro.**
1486. **Se queres allos sen dentes plántaos por San Vicente.**

Froita

1487. **Á flor sen olor fáltalle o mellor.**
1488. **As árbores e as flores, locen de moitas colores.**
1489. **Despois de san Miguel xa pode ir aos figos quen quixer.**
1490. **Froita que cedo madura, pouco dura.**
1491. **Mazanceira na horta, rapaces á porta.**
1492. **Mazáns na horta, rapaces á porta.**
1493. **Polo verán conta as mazáns.**

Fame

1494. **A boa fame, non hai pan duro.** Cando hai moita fame, cómese calquera cousa, sen reparar na calidade.
1495. **A codia dura a xente aguza.**
1496. **A esperanza non enche a panza.**
1497. **A falta de pan, boas son tortas.**
1498. **A fame esperta o inxenio.**
1499. **Á moita fame, non hai pan duro.**
1500. **A ovella farta, do rabo fai a manta.**
1501. **A paz e o pan quitan moitas penas.**
1502. **Adoece o can porque non lle dan pan.**
1503. **Cando a raposa anda aos grilos, mal prás crías e mal prós grilos.**
1504. **Cando hai fame, non hai pan duro.**
1505. **Fame e espera, desespera.**
1506. **Fame e esperar, fan rabiar.**
1507. **Gando fraco, todo é carrachos.**
1508. **Lobo famento, non ten asento.**
1509. **Maceiras na horta, rapaces á porta.**
1510. **Na casa onde non hai fariña nin relón, todos reñen e todos teñen razón.**

1511. **O ano famento é longo e estreito.**
1512. **Pan balorento, alegra o famento. / Pan barolento, alegra o famento.**
1513. **Pan quente, fame mete.**
1514. **Para a gana de comer non hai pan duro.**

Características positivas

Amizade

1515. **A *amistá, coñecela e non perdela.**
1516. **Amigo de montaña, quen o perde, gaña.**
1517. **Amigo de un, amigo de ningún.**
1518. **Amigo, de lonxe; e contas, de preto.**
1519. **Amigos que loitan por un cadelo; ou a fame é moita ou o querer pequeno.**
1520. ***Amistá, vella; e casa, nova.**
1521. **Ao amigo co seu vicio débeselle querer e atender.**
1522. **Ao amigo e ao cabalo non hai que cansalo.**
1523. **Ao mellor amigo, o mellor tiro.**
1524. **Ao teu amigo cómelle o pan e bébelle o viño.**
1525. **Canta máis *amistade, máis claridade.**
1526. **Ese é meu amigo, que moe no meu muíño.**
1527. **Non hai mellor parente que o amigo presente.**
1528. **O amigo leal e franco, ese é o mellor banco.**
1529. **O bo amigo non ha deixar palla e levar trigo.**
1530. **Os amigos son prás ocasións.**
1531. **Para a corte dun amigo chega ben un carneiro.**
1532. **Quen ten un amigo ten un tesouro.**
1533. **Será teu amigo o que te tire do perigo.**
1534. **Zapato de amigo, a sola queimada e o fío podrido.**

Amor

1535. **Amar a quen non te ama é responder a quen non te chama.**
1536. **Amar é bo; ser amado, mellor; o un servir, o outro, ser señor. / Amar é bo; ser amado, mellor; o un é ser criado, o outro, ser señor.**
1537. **Amar e reinar non queren par.**
1538. **Amor e aborrecemento non quitan coñecemento.**
1539. **Amor e morte, nada máis forte.**
1540. **Amor forasteiro, amor pasaxeiro.**
1541. **Amor forasteiro, pouco duradeiro.**
1542. **Ben ama quen nunca olvida.**
1543. **Das forzas do amor, o que foxe é o vencedor.**
1544. **Erro de amor ben merece perdón.**
1545. **Mans frías, amores todos os días.**
1546. **Nas forzas do amor o que foxe é o vencedor.**
1547. **Ninguén por amoríos se esforce que o fío máis torcido se destorce.**
1548. **Non hai lúa clara coma a de xaneiro nin amor coma o primeiro.**
1549. **O amor é tan xordo coma cego.**
1550. **O amor non quere consello.**
1551. **O corazón non fala pero adiviña.**
1552. **O que non te ama, burlando te difama.**
1553. **Pensan os namorados que todos teñen os ollos vendados.**
1554. **Pícame, Pedro, que picarte quero.**
1555. **Quen pretende, quere valer.**
1556. **Quen quere a Xoán, quere o seu can.**
1557. **Tanto é amar sen ser amado como responder sen ser preguntado.**

Bondade

1558. **A mellor tella, a máis vella.**
1559. **Con facer ben, pouco se pode perder.**
1560. **Fágase o ben e fágao san Miguel.** [Nota da Red.] Aínda que este refrán menta o arcanxo san Miguel, resultaría inintelixible se pensásemos que fala dese santo e se non soubésemos que é deformación local ou persoal do ben coñecido *Fágase o ben e fágao Xan ou Miguel*, que é un dos refráns máis estendidos en Galicia e que valora de maneira expresa o ben ou a parte de ben que poidan realizar persoas que non son do grupo de quen fala: este refrán é o contrario do sectarismo que só valora como bo o que poida facer a xente do propio grupo.

Discreción

1561. **Chorar, á boca pechada, pra que non o saiban os que non lle importa nada.**
1562. **Hóspede que se convida, fácil é de contentar.**

Elocuencia. Persuasión

1563. **A cousa máis alabada antes vendida que non comprada.**
1564. **A fala do lisonxeiro sempre é vana e sen proveito.**
1565. **Rindo, rindo, o tonto verdades vai dicindo.**
1566. **O que ha de cegar, polos ollos lle han de dar.**
1567. **O que os ollos non ven o corazón non o desexa.**
1568. **Para bo entendedor, poucas palabras bastan.**
1569. **O que se sabe sentir, sábese dicir.**
1570. **Quen di de min, di de si.**

Esforzo

1571. **A alma, na boca; e os ósos, no saco.** Este refrán, que se recolleu sen explicación, quizais estea referido ao intre en que unha persoa morre e, segundo crenza popular, a alma escapa pola boca. En morrendo, o normal é enterrar o corpo do que, finalmente, só quedarán os ósos.
1572. **Andar e andar e nunca chegar.**
1573. **O que non pode, cos dentes acode.**
1574. **O tempo non se detén nin se para con ninguén.** O tempo pasa, aínda que nós non o queiramos.
1575. **Quen dá pan, pon afán.**
1576. **Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.**

Idiomas e costumes de terra allea

1577. **Donde foras, fai o que vires.**
1578. **Onde vivires, fai como vires.**
1579. **Tal terra andar, tal hai que falar.**
1580. **Na terra dos lobos ouvear coma todos.**

Insubmisión

1581. **Cando te capen, berra.**

Intelixencia

1582. **A bo entendedor poucas palabras chegan.** Cando o interlocutor é intelixente, non precisa que se lle expliquen moito as cousas: xa el colle as alusións e as indirectas.
1583. **Burro sexa quen con burro leirea.**
1584. **Non corre máis o que camiña senón o que máis imaxina.**
1585. **Non vale de nada ser moi listo, se aínda non sabes quen é Calisto.**
1586. **Quen ri de último, ri mellor.** Díselle a quen é espabilado de máis e non ten en conta que as consecuencias non sempre se perciben de maneira inmediata.

Experiencia

1587. **Vai un morrendo e vai aprendendo.**

Precaución

1588. **A gala do nadador é saber gardar a roupa.**
1589. **A lingua dun amigo malo corta máis que un machado.**
1590. **Abre a man e quedaraste sen ela.**
1591. **Amigo do vento, muda co tempo.**
1592. **Amigos da taberna, amigos de merda.**
1593. **Antes de frade, cociñeiro.**
1594. **Ás escuras non hai ninguén feo.**
1595. **As nenas e os tolos din case todo.**
1596. **As silveiras e valados teñen ás veces orellas.**
1597. **As silveiras teñen orelleiras.**
1598. **Cal te curas, así duras.**
1599. **Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar.**
1600. **Cando vexas o teu veciño afeitar, pon a túa barba a remollar.**
1601. **Chegar e encher, non sempre pode ser.**
1602. **Co mel cóllense ás moscas.**
1603. **Co tempo todo se sabe.**
1604. **Con cazola que ferve non hai mosca que a leve.**
1605. **Con dificultade se garda o que a moitos lle agrada.**
1606. **Confianza en Deus e correr diante.**
1607. **Cousa mala non periga.**
1608. **Cousa mala nunca morre.**
1609. **Da auga mansa líbreme Deus que do resío líbrome eu.**
1610. **Dar mal consello é oficio do demo.**
1611. **De aquí a alá, sabe Deus o que será.**
1612. **De home coxo e can rabelo, líbrenos Deus coma do demo.**
1613. **De noite todos os gatos son pardos.**
1614. **Do lobo, un pelo.**
1615. **En boca cerrada non entran moscas.** O refrán quere dicir que, moitas veces, estando calado un, non corre o perigo de meter a pata.
1616. **En boca pechada non entran moscas.**
1617. **En cada legua hai un cacho de mal camiño.**
1618. **Entre irmán e irmán, dous testigos e un escribán.**
1619. **Escaravellou o galo e atopou o coitelo que ha de matalo.**
1620. **Fai cento e non fagas unha e é coma se non fixeras ningunha.**
1621. **Fillo es, pai serás; e como o fagas, así o atoparás. / Fillo es e pai serás; e como as fixeras así as atoparás.**
1622. **Fillo es, pobre serás; e así como as fagas, así as atoparás.**
1623. **Hai que deixar das risas prás choras.** Cómpre aforrar para os tempos malos. Non se pode gastar todo dunha vez.
1624. **Home chosco e can rabelo, pra fodelo.**
1625. **Home precavido vale por dous.**
1626. **Lingua murmuradora, nunca falta e sempre sobra.**
1627. **Moita ciencia é loucura, se o bo siso non a cura.**
1628. **Moitas veces o dado, aínda de balde, é caro.**
1629. **Moito ganou o que moito escarmentou.**
1630. **Mundo andando e cousas vendo, tropezando e non caendo.**
1631. **Non as fagas, non as temas.**
1632. **Non é só de nós a eira pois malla nela quen queira.**
1633. **Non quero vida nin tratos con xente espanta-miñatos.**
1634. **Non só é de nós a eira, pois malla nela quen queira.**
1635. **Non son homes todos os que mexan contra as paredes.**
1636. **Non te rías de ninguén que se rin de ti tamén.**

1637. **O falar non ten cancelas.**
1638. **O ferro quente dóbrase facilmente.**
1639. **O fiado, de balde é caro.**
1640. **O fillo por nacer e as sopas xa están a ferver.**
1641. **O home sen barba e o can rabelo arrecea del coma do demo.**
1642. **O lume xunto a estopa, vén o demo e sopra.** Cando hai algún risco, sempre acaba por aparecer. Cómpre ter coidado.
1643. **O máis amigo, pégacha.**
1644. **O mal coitelo corta na carne e corta no dedo.**
1645. **O medo garda a viña.**
1646. **O mellor nadador afoga no río.**
1647. **O moito ter, o moito valer e o moito poder, botan o home a perder.**
1648. **O que ao río se achega, o río o leva.**
1649. **O que avisa non é traidor.**
1650. **O que ben escribe, le dúas veces.**
1651. **O que escoita e atende, lévaas todas consigo.**
1652. **O que escoita, mal de si oe.**
1653. **O que lle desexa mal ao seu veciño, venlle as súas polo camiño.**
1654. **O que na túa vida non fixeres, dos teus herdeiros non o esperes.**
1655. **O que non queira levar patadas, que non vaia á feira das bestas.**
1656. **O que quita e non pon, logo chega ao fondón.**
1657. **O que ten rabo de palla, ten medo que lle arda.**
1658. **O que vai á guerra, unhas veces dá e outras leva.**
1659. **O temor sempre sospeita o peor.**
1660. **O vento e a ventura pouco dura.**
1661. **Ollo no prato, ollo no gato.**
1662. **Ollos que non ven, corazón que non doe.**
1663. **Ollos que non ven, corazón que non sente.**
1664. **Onde hai papeis cala todo o mundo.**
1665. **Onde menos se espera salta a lebre.**
1666. **Pecado calado, medio perdoado.**
1667. **Por moito pan non é mal ano.**
1668. **Pouco gaña o home que fía no nome.**
1669. **Pouco se gana fiando pero menos mirando.**
1670. **Quen ben te quere farate chorar.**
1671. **Quen quita a ocasión quita o pecado.**
1672. **Quen ten medo, compra can.**
1673. **Quen ten vergonza, non come nin almorza.**
1674. **Santo, Santo pero non tanto.**
1675. **Se te botas a falar, coida que non te fagan calar.**
1676. **Se te vas a emborrachar, paga antes de comezar.**
1677. **Secreto de dous, sábeo *Dios; secreto de tres, todos nós.**
1678. **Sígame quen queira e áteme quen poida.**
1679. **Ten coidado de gañar, que tempo che queda pra gastar.**
1680. **Ti ten gran no pombal, que as pombas xa che virán.**
1681. **Todo o mundo ten a boca ao través.**
1682. **Unha hora é mellor ca outra.**

Responsabilidade

1683. **A besta, pola carne; e o home, pola palabra.**
1684. **Aínda que digan, que digan, as palabras non obrigan.**
1685. **Alcalde, nin de balde.**
1686. **Cousa prometida é medio debida.**
1687. **Mula de aluguer, se non leva dous, leva tres.**
1688. **Non son poucos os que as súas culpas boten a outros.**

1689. **O que non é agradecido non é ben nacido.**
1690. **Xusto é o mal que ten, se o busca quen o ten.**

Xustiza. Xurídicos

1691. **A cada un hai que darlle o seu.**
1692. **A forca, pró seu dono.**
1693. **A mal dereito, bo preito.**
1694. **A quen mal queiras, en preitos o vexas.**
1695. **Avogado novo, xustiza polas silveiras.**
1696. **Cousa ben negada, non é ben probada.**
1697. **De facer testamento, faino a tempo.**
1698. **Dous *testigos matan un home.**
1699. **Fanas os cochos e páganas os bacoriños.**
1700. **Feita a lei, feita a trampa.**
1701. **Máis vale un testigo de vista que cen de oídas.**
1702. **Máis ven catro ollos que dous.**
1703. **No uso nace o abuso.**
1704. **O labrador entre dous avogados é coma un peixe entre dous galos.**
1705. **O que a ferro mata, a ferro morre.**
1706. **O que en mentira é collido, cando di a verdade non é crido.**
1707. **O segundo anda polo mundo.** [Nota da Red.] Supoñemos que este refrán se refire ao segundo fillo, que, no sistema de vinculeiros, ten que marchar da casa a buscar vida.
1708. **O uso novo enterra o vello.**
1709. **Ollo por ollo, dente por dente.**
1710. **Pagan os xustos polos pecadores.**
1711. **Pago por pago non é pecado.**
1712. **Pola boca morre o peixe.**
1713. **Polo fío sácase o novelo.**
1714. **Quen a ferro mata a ferro morre.** Variantes: *A que a ferro mata / Quen a ferro mata*...

Remedio

1715. **A rei morto, rei posto.**
1716. **Nunca falta un roto pra un descosido.** 1. Cando unha persoa ten bastantes problemas, acaba albiscando unha solución. 2. Sempre hai quen estea peor ca nós.
1717. **O que non levan os ladróns aparece nos rincóns.** Dise cando se busca algo intensamente e non aparece e, en cambio, despois aparece cando non se conta con el.
1718. **Papas e bolos, en quente.** Tomada a decisión, as cousas deben facerse con rapidez. O que se vende debe cobrarse ao contado.
1719. **Para un roto non falta un descosido.**
1720. **Sempre hai un roto pra un descosido.** Sempre hai alguén que dea contigo e coas túas ideas.

Características negativas

Talión (Véxase **Xustiza**)

1721. **Mal por mal, non se debe dar.**

Esquecemento

1722. **O que non ten cabeza ten que ter pés.** Moitas veces ten un que facer varias viaxes porque non se lembrou de levar ou facer algunhas cousas.

Aparentar

1723. **De mostra chega un botón.**
1724. **Home ben vestido, pola súa palabra é crido.**
1725. **Non come miña tía e arrota todo o día.**
1726. **O máis tonto fai reloxos.** Ás veces as cousas non son o que parecen e aqueles que parecen pouco espabilados fan cousas que resulta incrible que foran capaces de facelas.

Avaricia

1727. **A avaricia rompe o saco.** Hai xente que nunca se conforma co que ten; e acaba mal.
1728. **Amontoa o avaro e non sabe pra quen nin pra cando.**
1729. **Ao que o pé lle dan, colle a man.**
1730. **Canto máis ten, máis quere.**
1731. **O diñeiro é tan mal amo como mal criado.**
1732. **Pouco damos e menos levamos.** Cando queremos aforrar, ao final moitas veces sáenos máis caro.
1733. **Quen todo o quere, todo o perde.**
1734. **Se moito se ten, moito se gasta e máis se quere.**

Dificultades

1735. **Cando se pecha unha porta, ábrese outra.** Sempre hai esperanza.
1736. **O que pra burro nace, nunca a besta chega.** O que nace tonto nunca vai chegar a ser listo.
1737. **Unha noite mala, calquera a pasa.**

Problemas

1738. **A bolsa do miserable vén o demo e a abre.**
1739. **A bolsa do miserable vén o diaño e lla abre.**
1740. **A can fraco todo se lle volven pulgas.** As cousas malas nunca veñen soas; xúntanse con outras que xa o eran.
1741. **A débeda e o labor sempre veñen a peor.**
1742. **A merda, canto máis se remexe, máis cheira.**
1743. **Ao can fraco nunca lle faltaron pulgas.** Hai persoas con pouca sorte ás que se lle acumulan os problemas.
1744. **Ata a morte todo é vida.**
1745. **Cando as cousas saen ao revés ata a muller empreña de outro e os fillos parécense a un.** O colmo da mala sorte. O infortunio moitas veces encadea episodios sucesivos sobre a mesma persoa.
1746. **Cando as cousas saen ao revés, ata os gatos mexan por un.**
1747. **Cando é moita a merda, máis cheira.**
1748. **Cando vai durmindo, guíaa o demo.** Cando un vai conducindo e lle vén o sono é moi fácil ter algún percance porque non se é consciente do que se está a facer e porque, como se di por esta zona, "o demo sempre traballa" e, por analoxía, dise que "guía o demo" para xustificar os accidentes.
1749. **Cun pé só non se anda moito.**
1750. **Mal trae ben.**
1751. **Non hai dous sen tres.** Cando empezan os problemas, non dan acabado.
1752. **Non hai mal que cen anos dure.**
1753. **Nunca chove como trona.** O resultado non sempre é tan malo coma os indicios.
1754. **Nunca choviu que non escampara.** Todo ten solución na vida nalgún momento. Todo remata algunha vez. Non hai cousa mala que non acabe.
1755. **Nunca choviu que non pasara.**
1756. **O can que máis ladra non é o que máis morde.**
1757. **O lume onda a estopa, vén o vento e sopra.**
1758. **O que espera, desespera.**

Antíteses, incompatibilidades, contradicións

1759. **A burra vella, albarda nova.**
1760. **A cruz, nos peitos; e o demo, nos feitos.**
1761. **A falta de homes bos, ao meu pai fixérono alcalde.**
1762. **A folla cando enxoita, molla.**

1763. **A inocencia da criatura que está mexada e di que súa.**
1764. **A mala chaga sana; a mala sona mata.**
1765. **A moito pedir, pouco ofrecer.**
1766. **A pai gardador, fillo gastador. / A pai aforrador, fillo gastador.**
1767. **A sorte da fea a guapa a desexa.**
1768. **A sorte da muller fea a bonita a desexa.**
1769. **A verdade dóeche máis a ti que a min.**
1770. **Á vellez, *viruelas.** Dise cando unha persoa maior fai cousas que xa son impropias da súa idade. Dise cando vén achaques como consecuencia da idade co significado de que hai que ter resignación porque xa non hai solución.
1771. **A zapato vello, bigoteira nova.**
1772. **Anque a malicia escureza a verdade, non a pode apagar.**
1773. **As bágoas de quen herda son risas encubertas.**
1774. **As contas da casa non dan coas da praza.** Non sempre sae todo como tiñamos pensado.
1775. **Ás veces mexan por un e hai que dicir que chove. / Ás veces mexan por nós e hai que dicir que chove. / Mexan por nós e hai que dicir que chove.** Moitas veces temos que soportar en silencio e con boa cara as bromas ou abusos doutras persoas.
1776. **Botar sopas e sorber, non pode ser.**
1777. **Cada idade quere o seu.**
1778. **Canta máis présa, máis lecer.**
1779. **Canto máis pobre, menos esmola.**
1780. **Canto máis présa, máis vagar.**
1781. **Corazón forte o seu dono leva á morte.**
1782. **Dá Deus sarna a quen non sabe rascala.**
1783. **De mala semente, boa xente.**
1784. **Deus dáos e o demo xúntaos.** Case sempre se xuntan o malo co malo. Son tal para cal.
1785. **Deus me dea contenda con quen non me entenda.**
1786. **Deus todo o sabe, aínda que todo o cala.**
1787. ***Dios escribe dereito con renglóns torcidos.**
1788. **Di mentiras e sacarás verdades.**
1789. **Día de moito, véspera de nada.**
1790. **Día de todo e véspera de nada.**
1791. **Día de xaxún, véspera de Santo.**
1792. **Durmir e gardar a eira, non hai maneira. / Durmir e gardar a casa, non hai maneira.**
1793. **Gastar e ter, non pode ser.**
1794. **Gastar sen ter, non se sabe como pode ser.**
1795. **Honra e vicio non andan xuntos.**
1796. **Hoxe entra mandando quen onte entrou rogando. / O que onte entrou rogando, hoxe xa entra mandando. / Onte chegaches rogando e hoxe mandando.**
1797. **Mentres canto, non asubío.**
1798. **Mentres se capa, non se asubía.** Non se deben facer dúas cousas a un tempo, porque non se dan feito as dúas ben. *Céntrate no que fas. Mentres se capa, non se asubía*.
1799. **Mentres se traga, non se cuspe.**
1800. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau.** Hai persoas que nunca aplican na propia casa o oficio que teñen por profesión. Dise, cando na casa hai cousas sen reparar que, precisamente, son a especialidade do seu dono.
1801. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau; e na do carpinteiro, nin arado nin grade.**
1802. **Nin por moito madrugar amence máis axiña.**

1803. **Nin por moito madrugar vai amencer máis cedo.** As cousas levan o seu ritmo e non se poden adiantar.
1804. **No que non se perde nada, sempre algo se gaña.**
1805. **Non é o mesmo falar da guerra que verse nela.**
1806. **Non hai dor que sexa boa.**
1807. **Non hai mal bo.**
1808. **Non se pode repenicar e ir na procesión.**
1809. **Non sei que facer, se deixar de andar ou botar a correr.**
1810. **Non sei que faga, se colla moza ou tome soldada.**
1811. **O demo fainas e *Dios descóbreas.**
1812. **O mal e o ben, na cara se ven.**
1813. **O que máis ten, non é o que máis dá.**
1814. **O que un aborrece, outro o apetece.**
1815. **O que unha idade apetece, outra aborrece.**
1816. **Onde digo "digo" digo "Diego".**
1817. **Saca o teu ao mercado e un dirá bo e outro dirá malo.**
1818. **Se tes présa, vaite con calma.**
1819. **Ser bo entre os malos é moito traballo.**
1820. **Soprar e sorber non se pode facer.**
1821. **Un pau vestido non parece pau.**
1822. **Uñas de gato e palabras de santo.**
1823. **Unha ovella negra, trae un año branco.**
1824. **Uns nacen pra santos e outros pra pés de bancos.**
1825. **Uns naceron pra moer e outros pra ser moídos.**
1826. **Urdir e tecer non pode ser.**

Egoísmo

1827. **(A) comida feita, compaña desfeita.**
1828. **Bocado comido non garda amigo.**
1829. **Iranse os hóspedes e comeremos o galo.**
1830. **Mans que non dades, fillas miñas ¿que buscades? / Mans que non dades, na miña casa ¿que buscades?**
1831. **O que é teu, é meu; e o que é meu é meu só.**
1832. **O que reparte leva a mellor parte.**
1833. **Primeiro eu, despois eu e sempre eu.**
1834. **Primeiro o pan e despois o can.**
1835. **Primeiro son os meus dentes que os parentes.**
1836. **Se a barca está rota sálvese quen poida.**

Envexa

1837. **A avaricia rompe o saco.**
1838. **A boroa da miña veciña sabe mellor que a miña.**
1839. **A galiña da miña veciña pon mellores ovos que a miña.**
1840. **A vaca da miña veciña dá máis leite ca miña.**
1841. **Do mirar nace o cobizar.**
1842. **Quítate ti pra poñerme eu.**

Fachenda

1843. **A fermosura cómea a sepultura.**
1844. **Alabémonos, xa que ninguén nos alaba.**
1845. **Canto máis altura, máis figura.**
1846. **Moita presenza, pouca facenda.**
1847. **Muller fermosa, muller vaidosa.**
1848. **Na pintura está a figura.**
1849. **Non hai quen lle poña o pé diante.**
1850. **O andar pra dentro é andar de trenco. O andar pra fóra é andar que namora.**
1851. **O desexo fai o fermoso feo.**
1852. **O que é moda, non incomoda.**
1853. **O que quere presumir, ha sufrir.**

1854. **O rosario na man lévano moitos polo que dirán.**
1855. **O soldado galego, na guerra hai que velo.**
1856. **Vestir a uso, calzar a gusto.**

Hipocrisía -Fachenda
1857. **Cando o demo reza, enganarte quere.**
1858. **Fame na casa, fanfurriña na praza.**
1859. **Na súa casa non ten fariña e na allea pide galiña.**
1860. **O demo, farto de carne, meteuse frade.**

Indiferenza
1861. **A palabras necias, oídos xordos.** Dise cando se quere manifestar que non se fai caso ningún a comentarios vulgares que se acaban de oír.
1862. **Dúas aves de rapina non se gardan compañía.**
1863. **Imos menos ao que está máis preto.**

Ingratitude
1864. **Danlle o pan a quen non o sabe comer.** Hai persoas que dispoñen de cousas e non saben aproveitalas. // *É boa verdade que lle dan o pan a quen non o sabe comer*.
1865. **Rogarlle ao santo ata saír do charco e, despois de saído, santo esquecido.**
1866. **Sanan as coiteladas e non as malas palabras**.

Inutilidade
1867. **Fun a Lalín e, como fun, vin.**
1868. **Menciña que todo o cura, loucura.**
1869. **Meter as mans na fogueira é criar frieiras.**
1870. **Moito e ben non o fai ninguén.**
1871. **Moitos durmindo fan máis que moitos oíndo.**
1872. **Non hai boa ola con auga soa.**
1873. **Non sabe o raposo cantas galiñas dormen fóra.**
1874. **Socorro tardeiro, socorro baleiro.**

Maldade
1875. **A bos e malos mantén a cidade.**
1876. **Un corvo a outro non lle tira os ollos.**

Mentira
1877. **Cóllese antes a un mentireiro que a un coxo.** A un mentireiro axiña se lle collen as mentiras.
1878. **Cóllese primeiro un mentireiro ca un coxo.**
1879. **A sospeita endexamais sae de onde entra**.

Preguiza
1880. **Á ruín ovella a la parece que lle pesa.**
1881. **Cando o demo non ten que facer co rabo torna as moscas.**
1882. **Cando o demo non ten que facer en algo se ha de entreter.**
1883. **Muíño parado non gaña maquía.**

Características neutras

Carácter
1884. **A cabra sempre tira ao monte.** Cada un semella ou tende ás súas orixes; tende a comportarse coma a xente da que descende.
1885. **Terras boas, ruíns nabos; pais porcos, fillos marranos.** Por veces os fillos non saen aos pais, do mesmo xeito que, por veces, terras boas dan froitos de pouca calidade.

Inxenuidade
1886. **A ignorancia é moi confiada.**

Compromiso
1887. **A honra está en quen a gaña.**
1888. **A quen Deus llo dá san Pedro llo bendiga.**

1889. **Bos corazóns matan as penas.**
1890. **Coitas e camiños dannos amigos.**
1891. **Hoxe por min e mañá por ti.**
1892. **Hoxe por un e mañá por outro.**
1893. **O maior desprezo e non facer aprecio.**
1894. **O que sabe agradecer traballa pra máis merecer.**
1895. **O que ten ansia non dorme.** O que está preocupado por unha cousa non descansa ata facela.
1896. **Prenda de galego, diñeiro vale.**
1897. **Quen che deu o fel, dáche o mel.**
1898. **Quen erra e se emenda a Deus se encomenda.**
1899. **Quen fai o que quere non fai o que debe.**
1900. **Unha besta non quere outra.**

Opinión

1901. **Cada un fala da feira segundo lle vai nela.**
1902. **Colle fama e déitate a durmir.**
1903. **Dous que dormen sobre un colchón vólvense da mesma opinión.**
1904. **Mudado o tempo, mudado o pensamento.**
1905. **Non hai maior mal que o descontento de cada cal.**

Equivalencias e proporción

1906. **A árbore sen codia é coma a muller sen vergoña.**
1907. **A cabra vai pola viña e como fai a nai fai a filla.**
1908. **A cada tempo, o seu tento.**
1909. **A espada vence, a palabra convence.**
1910. **A lingua larga é sinal de man escasa.**
1911. **A pobreza do que sabe vale máis que a riqueza do que ignora.**
1912. **A tulla sen centeo é coma o prado sen rego.**
1913. **A Xan Portal, o mesmo lle dá ben que mal.**
1914. **Cada cal ama o seu igual.**
1915. **Cada cal sente o frío como anda vestido.**
1916. **Cada cal, co seu igual.**
1917. **Cada cal, no seu curral.**
1918. **Cada cousa á súa hora.**
1919. **Cada cousa faise ao seu tempo e a malla, en agosto.**
1920. **Cada cousa, no seu tempo.**
1921. **Cada home ten o seu nome.**
1922. **Cada martes ten a súa semana.**
1923. **Cada moucho, no seu souto.**
1924. **Cada ovella quere a súa parella.**
1925. **Cada ovella, coa súa parella.**
1926. **Cal fiamos, cal andamos.**
1927. **Cando o río soa, auga leva.** Cando a xente fala dunha cousa, algo hai.
1928. **Canto temos, canto valemos.**
1929. **Canto tes, canto vales.**
1930. **Coida o ladrón que todos o son. / Pensa o ladrón que todos son da súa condición. / Cre o ladrón que todos son da súa condición.**
1931. **Da rapa á rebola veña o demo e escolla.**
1932. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.**
1933. **De pai a pai, pouco vai.**
1934. **De tal pau, tal *astilla.** Os fillos parécense aos pais. *É igual que o seu pai. Xa sabes:* "*De tal pau, tal *astilla*".
1935. **Dime cales deles viñan e direiche o que dicían.**
1936. **Dime con que andas e direiche quen es.**
1937. **Dime con quen andas e direiche que falabas.**
1938. **Dime de que presumes e direiche do que careces.**
1939. **Dime do que presumes e direiche o que non tes.**

1940. **Dor saca dor.**
1941. **En todas partes, cada semana ten o seu martes.**
1942. **Fillo de gata, ratos mata.**
1943. **Hai tantos homes bos coma corvos brancos.**
1944. **No camiño de Santiago tanto anda o coxo coma o sano.**
1945. **Non hai mel sen fel.**
1946. **Non hai palleiro sen palla.** Unha persoa está gorda porque come moito.
1947. **Non (lle) fagas aos demais o que non queiras que che fagan a ti.**
1948. **O aldeán galego, cunca de leite por cunca de aceite.**
1949. **O cuco e o predicador, canto máis alto mellor.**
1950. **O que contas non bota, contas non atopa.**
1951. **O que ha de ser servido ha de ser pedido.**
1952. **O que non cría, non pía.**
1953. **O que non sabe é coma o que non ve.** Non saber facer unha cousa é coma estar cego.
1954. **O tempo é ouro.**
1955. **Oliva e *aceituna, toda unha.**
1956. **Onde hai un malo nunca falta un bo.**
1957. **Para gustos, píntanse cores.**
1958. **Pés fríos, corazón ardente.**
1959. **Pés quentes, cabeza fría.**
1960. **Polo canto coñécese o paxaro.**
1961. **Populares e simples somos todos do mesmo vivir.**
1962. **Poucos pensando fan máis que moitos durmindo.**
1963. **Quen a boa árbore se arrima, boa sombra o acubilla.**
1964. **Quen non teme á morte é home forte.**
1965. **Se corres como bebes imos ás lebres.**
1966. **Se mal é de costas, peor é de illargas.**
1967. **Se non hai vento, non hai mal tempo.**
1968. **Se o mal non fose sentido, o ben non sería coñecido. / Se o ben non fose sentido, o mal non sería coñecido.**
1969. **Tira boi, tira vaca, tira o burro pola estaca.**
1970. **Todas as aves, cos seus pares.** [Nota de E. Domínguez] Cadaquén debería andar cos do seu igual. O refrán recomenda non mesturarse con xente doutro nivel coa que non cadraría ben.
1971. **Xente nova e leña verde, toda se volve fume.**
1972. **Xente nova e leña verde, todo é fume.**

Preferencias

1973. **Máis vale acender unha vela que tropezar na escuridade.**
1974. **Máis vale acertar que escoller.**
1975. **Máis vale algo que nada.**
1976. **Máis vale antes que despois.**
1977. **Máis vale aprender de vello que morrer necio.**
1978. **Máis vale aproveitar que tirar.**
1979. **Mais vale bo amigo que mal marido.**
1980. **Máis vale caer en *gracia que ser gracioso.**
1981. **Vale máis calar que mal falar. / Vale máis calar que falar mal.** Moitas veces é mellor non dicir nada, antes de dicir parvadas. Vale a pena estar calado antes de dicir o que non se debe.
1982. **Máis vale comer un ovo, que pasar sen dous.** Cómpre conformarse co que hai.
1983. **Máis vale andar só que mal acompañado. / Máis vale estar só que mal acompañado. / Máis vale**

só que mal acompañado. / Vale máis andar só que mal acompañado. / Vale máis estar só que mal acompañado. / Vale máis ir só que mal acompañado.

1984. **Máis vale facelo que mandalo.** Dise cando o que é mandado non fai o que se lle di ou cando o fai mal.

1985. **Máis vale malo coñecido que bo por coñecer.** O coñecido xa sabemos como é pero o descoñecido, aínda que sexa bo, non nos rechama tanto.

1986. **Máis vale maña que forza.** É preferible ter coñecementos e habilidades que moita forza.

1987. **Máis vale onza de sangue que libra de amizade.**

1988. **Máis vale pan duro que pedras moles.** Cando hai fame cómese de todo.

1989. **Máis vale pasar por tonto e quedar calado que abrir a boca e confirmalo.** Antes de dicir unha tontería é mellor estar calado. Antes de que os feitos demostren que as aparencias son certas, o mellor e estar quieto ou calado.

1990. **Máis vale paxaro na man que cen voando.** Hai que aproveitar as oportunidades.

1991. **Máis vale paxaro na man que cento voando.** O que conta é ter algo seguro e non esperar cousas mellores pero inseguras.

1992. **Máis vale paxaro na man que un cento voando.**

1993. **Máis vale pequeno agudo que grande burro.**

1994. **Máis vale pouco e ben ganado que moito e enlodado.**

1995. **Máis vale prever que curar.**

1996. **Máis vale previr que lamentar.** É mellor pensar ben no que se fai e non lamentarse por se sae mal.

1997. **Máis vale quedar torto que morto.**

1998. **Máis vale tarde que nunca.**

1999. **Máis vale ter que desexar.** Hai que ter algo aforrado.

2000. **Máis vale un *toma* que un *xa che darei*.** É mellor ter as cousas seguras que contar con algo probable pero non seguro.

2001. **Máis vale un exemplo que cen consellos.**

2002. **Máis vale un paxaro na man que cen voando.** Cómpre aproveitar as oportunidades.

2003. **Máis vale unha pomba na man que cen voando.**

2004. **Máis vale ver que crer.**

2005. **Máis vale volta de chave que consello de frade.**

2006. **Máis valen moitos poucos que poucos moitos.**

2007. **Más vale un día de discreto que toda a vida de necio.**

2008. **Mátenme traidoras mans e non me dean vida viláns.**

2009. **Mellor que da mazán falar é dala a probar.**

2010. **Nace o corvo na pena e tira pra ela.**

2011. **Nun gran perigo, mellor é o irmán que o amigo.**

2012. **O bo, se breve, dúas veces bo.**

2013. **O malo vaia e veña e o bo nunca se perda.**

2014. **O proveito da aldea Deus o dea.**

2015. **Que non morran as vacas que homes hainos a manadas.**

2016. **Quen dá logo, dá dúas veces.**

2017. **Quen fía e tece, ben lle parece.**

2018. **Vale máis algo que nada.**

2019. **Vale máis esvarar co pé que esvarar coa lingua.**

2020. **Vale máis facelo que mandalo / mandar.** É mellor facer as cousas un que encargarllas a outro.

2021. **Vale máis ir que mandar.**
2022. **Vale máis malo coñecido que bo por coñecer.**
2023. **Vale máis maña que forza.**
2024. **Vale máis o malo da miña terra que o da allea.**
2025. **Vale máis pequeno áxil que grande burro.**
2026. **Vale máis ser pequeno e listo que grande e burro.**
2027. **Vale máis ser pillo que pillado.**
2028. **Vale máis tarde que nunca.**
2029. **Vale máis ter que desexar.**
2030. **Vale máis tirar na *vasura que meter na cintura.**
2031. **Vale máis un a gusto que cen a desgusto.**
2032. **Vale máis un paxaro na man que cen voando.**
2033. **Vale máis unha imaxe que mil palabras.**
2034. **Vale máis ver que crer.**
2035. **Valen máis nubes de agosto que sol de setembro.**

Consecuencias

2036. **A árbore que non dá froita, semente boa pra leña.** [Nota da Red.] Descártase a hipótese *somente é boa*, que faría máis fácil de entender o refrán, porque, revisado o manuscrito orixinal esta é a lectura correcta (lectio difficilior) e, por parte, porque nos aseguran que o adverbio *somente* non ten uso nesta bisbarra.
2037. **A bo camiño, bo andar.**
2038. **A boa vida engurras tira.**
2039. **A boa vida fai á moza garrida.**
2040. **A cabra que moito anda pouco apaña.**
2041. **Á derradeira cántase a gloria.**
2042. **A froita madura cae de seu.**
2043. **A gato escaldado a auga fría o queima.**
2044. **A idade fai o home amigo da verdade.**
2045. **A mala serra non corta a madeira.**
2046. **A mar revolto, ganancia de pescadores.**
2047. **A moita parada fai pouca andada.**
2048. **A moita parola deixa a cabeza tola.**
2049. **A moito durmir, menos vivir.**
2050. **A moza, como é criada; e a estopa, como é fiada.**
2051. **A neve onda o fogo derrétese logo.**
2052. **A ocasión abre a porta á tentación.**
2053. **A ovella mansa moitos años a maman.**
2054. **A picada de mosca, peza de lenzo.**
2055. **A que a ferro mata, a ferro morre.**
2056. **A quen cedo se ergue, cedo lle amañece.**
2057. **A quen madruga Deus o axuda.** Cómpre ser previsor e anticiparse.
2058. **A quen se muda, múdalle a ventura.**
2059. **A río revolto, ganancia de pescadores.**
2060. **A tres días de alegrías, trinta días de agonías.**
2061. **A xesta, mentres que é nova, varre ben.**
2062. **Anque a mona se vista de seda, mona era e mona queda.**
2063. **Ao feito, peito.**
2064. **As risas vólvense choros.**
2065. **Ás veces fálase por ter lingua.**
2066. **Auga pasada non move muíño.**
2067. **Ave que corre non voa.**
2068. **Besta vella, ao toxeiro / á toxeira.** Cando un vai vello xa non serve para

traballos que requiran esforzo físico e mándano aos peores sitios.

2069. **Boa viaxe fai o que vai e volve.**
2070. **Boas olas, boas sombras.**
2071. **Boca que come fel non pode cuspir mel.**
2072. **Cada día que amañece cousas novas acontecen.**
2073. **Cada día un día máis e todo se queda atrás.**
2074. **Cada un tira tras do que lle tira.**
2075. **Camisa que moito se lava logo se acaba.**
2076. **Cando durmo non sei o que teño.**
2077. **Cando está o *pelexo á porta, sinal de que a burra está morta.**
2078. **Canto máis gando, menos esterco.** Canta máis xente hai na casa, menos traballo se fai.
2079. **Canto máis se desfai menos se fai.**
2080. **Carta xogada non debe ser levantada.**
2081. **Cases ben ou cases mal, casa cun do teu igual.**
2082. **Coa idade vén o siso.**
2083. **Coas glorias faranse as memorias.**
2084. **Con moito tropezar apréndese a andar.**
2085. **Con pouco vento cae ao chan torre sen cemento.**
2086. **Corpo que moito cura, pouco dura.**
2087. **Cousa feita, feita está.**
2088. **Da árbore caída todo o mundo fai portas.**
2089. **Da barreira sae a lameira.** [Nota de E. Domínguez] Onde hai barro, despois de chover, fórmase a lama.
2090. **Daqueles lixos viñeron estas lamas.**
2091. **De diñeiro e santidade quita sempre a metade.**
2092. **Detrás do pouco vén o moito.**
2093. **En pouca auga, pouco se navega.**
2094. **Enriba do ovo pon a galiña.**
2095. **Facer sen pensar, mala razón.**
2096. **Falar sen pensar é tirar sen apuntar.**
2097. **Fillo de tigre sae con raias.**
2098. **Galiña choca non pon ovos.**
2099. **Hoxe fermosura, mañá sepultura.**
2100. **Leña moi seca todo é faíscas.**
2101. **Listos e burros todos son persoas.**
2102. **Mal anda o miñato, cando ten as ás tortas e roto o papo.**
2103. **Mal se bican dous anoxados.**
2104. **Mira con quen andas e direiche quen es.** Un acaba sendo coma aqueles cos que anda: se anda en malas compañas, tamén se pode facer malo.
2105. **Morto está quen non pernexa.**
2106. **Muller morta, sete á porta.**
2107. **Na casa do gaiteiro, bailaríns todos.**
2108. **Na feira de Vilaverde, o que máis pon, máis perde.**
2109. **Na paz e na guerra o que matan, morto queda.**
2110. **Nin moza sen amor, nin vello sen dor.**
2111. **Ningunha cousa hai tan dura que o tempo non a madura.**
2112. **Noite de pasatempo quere tempo.**
2113. **Non dá bo pan a mala fariña.**
2114. **Non habería palabra mal dita se non fose mal entendida.**
2115. **Non hai mal onde non hai dor.**
2116. **Non hai pega sen mancha negra.**
2117. **Non hai rosas sen espiñas.** Calquera cousa ten as súas complicacións, a súa dificultade, os seus inconvenientes.
2118. **Non hai sardiña sen espiña.**
2119. **Non naceu quen non errou.**
2120. **Non se engana o que non conta.**

2121. **O amor é bo; ser amado, mellor. O un é servir e o outro ser señor.**
2122. **O amor e o viño sacan o home de tino.**
2123. **O azucre fai moitos larpeiros.**
2124. **O dicir non ten cancelas.**
2125. **O fillo da cabra, cabrito ou castrón.**
2126. **O fillo do burro ben sabe ornear.**
2127. **O fillo do lobo, lobeiro é.**
2128. **O fillo do tigre sae con raias.**
2129. **O fume descobre onde está o lume.**
2130. **O mal que non ten cura é a loucura.**
2131. **O mozo por non saber e o vello por non poder, as ocasións deixan perder.**
2132. **O peor dun erro é que ás veces un trae un cento.**
2133. **O pequeno mal espanta, e o grande amansa.**
2134. **O que antes nace antes pace.**
2135. **O que bebe viño chéiralle o fociño.**
2136. **O que cala, outorga.**
2137. **O que chega á mesa posta non sabe o que costa.**
2138. **O que chega tarde non oe misa nin come carne.**
2139. **O que con auga se cura, pouco dura.**
2140. **O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.** Se non se traballa de novo, cando se é vello non se ten nada.
2141. **O que é burro, tanto o é aquí como en Lugo.**
2142. **O que é raro sempre é caro.**
2143. **O que entre os lobos se mete, mordido sae.**
2144. **O que foi a Castellón perdiu o sillón.**
2145. **O que foi a Manresa perdiu a mesa.**
2146. **O que foi a Sevilla perdiu a *silla.**
2147. **O que logo empeza, logo o deixa.**
2148. **O que logo se empeza axiña se acaba.**
2149. **O que máis apura non é o que máis fai.** Ás veces por apurar non se fan as cousas ben e hai que volvelas facer.
2150. **O que mal anda, mal acaba.** Non se poden facer cousas malas; ou, se non, un acabará mal.
2151. **O que mal empeza, mal acaba.**
2152. **O que moito agarra, pouco aperta.**
2153. **O que moito escoita, mal de si oe.**
2154. **O que moito fala, enfada.**
2155. **O que nada, non afoga.**
2156. **O que non chora, non mama.** Se un nada pide, nada lle dan.
2157. **O que non parece, logo se esquece.**
2158. **O que non ten mañas non come castañas. / O que non ten maña non come castañas.**
2159. **O que non ten pan sementado, agosto fáiselle maio.** [Nota da Red.] Maio é un dos meses de máis traballo no mundo agrícola, co agravante de que a despensa da casa está chegando ó seu límite de existencias, que empezan a repoñerse en agosto, cando empeza a entrar cereal novo e froita e viño e castañas. Así se entende este refrán.
2160. **O que non ten seguro e enferma, acabouse o diñeiro e o pan.**
2161. **O que pasou a Marola, pasou a mar toda. / Quen pasou a Marola, pasou a mar toda.**
2162. **O que pode, vai ao muíño e moe.**
2163. **O que primeiro chega, primeiro se senta.**
2164. **O que primeiro se levanta, primeiro se calza.**

2165. **O que regala, ben vende: se o que o recibe o entende.**
2166. **O que ri de último ri dúas veces mellor.**
2167. **O que ri último, ri mellor.**
2168. **O que se deita con can, érguese con pulgas.**
2169. **O que se pica, allos come.**
2170. **O que ten a chave, cando quere, abre.**
2171. **O que ten ben e mal escolle, do que lle veña que non se enoxe.**
2172. **O que ten maña, sempre apaña.**
2173. **O que torto nace, tarde o u nunca se endereita.**
2174. **O ruín paxariño, logo descobre o seu niño.**
2175. **O tempo todo o fai e todo o leva.**
2176. **O tempo todo o trae e todo o leva.**
2177. **Obra ben e espera.**
2178. **Onde cospen, lama hai.**
2179. **Onde hai fume, hai lume.**
2180. **Onde hai gana, hai maña.**
2181. **Onde non se perde nada, sempre algo se gaña.**
2182. **Onde sacan e non botan, buscan e non atopan.**
2183. **Onde se saca e non se pon, logo se chega ao fondón.**
2184. **Os cachos tiran ás olas.**
2185. **Os males fan amizades.**
2186. **Para mancha grande non hai xabón que abaste.**
2187. **Peor é a recaída que a caída.**
2188. **Perdido é quen tras perdido anda.**
2189. **Perdiz moi cercada xa se ve medio asada.**
2190. **Pés afeitos a saltar non saben quietos estar.**
2191. **Polo rabo da culler vai o gato á ola.**
2192. **Por máis que o ben se dilate, como se alcance, non é tarde.**
2193. **Por un cravo perdiuse a ferradura.**
2194. **Por un ladrón perden cento nun mesón.**
2195. **Quen ben ata, ben desata.**
2196. **Quen caladamente arde, máis se queima.**
2197. **Quen chega tarde, nin oe misa, nin come carne.** Variante: *O que chega tarde...*
2198. **Quen con lume xoga, acábase queimando.**
2199. **Quen con lume xoga, quéimase.**
2200. **Quen dá das súas penas, non espera das alleas.**
2201. **Quen de mozo traballa, de vello dorme na palla. / Quen de novo non traballa, de vello dorme na palla. / O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.**
2202. **Quen de preitos se librou, boa sorte alcanzou.**
2203. **Quen espera, desespera.** A persoa que espera por algo ou por algúen acaba cansando de esperar.
2204. **Quen mal anda, mal acaba.**
2205. **Quen mal fala, peor oe.**
2206. **Quen moito abarca, pouco aperta.**
2207. **Quen moito corre, axiña para.**
2208. **Quen moito enfeixa, pouco ata.**
2209. **Quen moito folga, pouco medra.**
2210. **Quen moito parola fai pouca obra.**
2211. **Quen moito reza, moito peca.**
2212. **Quen moito ve, moito aprende.**
2213. **Quen moito vive moito mal recibe.**
2214. **Quen moito vive, moito ve.**
2215. **Quen moitos oficios ten, con ningún se mantén.**
2216. **Quen non monta a cabalo, do cabalo nunca cae.**
2217. **Quen pode e non quere, cando quererá non poderá. / Quen pode e**

non quere, cando poderá, non quererá.

2218. **Quen pregunta o que non debía oe o que non quería.**

2219. **Quen queira mariscar, hase de mollar.**

2220. **Quen san o seu dedo ata, san o desata.**

2221. **Quen sementa ventos, recolle tempestades.**

2222. **Quen volve e vai, boa viaxe fai.**

2223. **Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ao prato.**

2224. **Sarna con gusto non pica.** Non nos importa pasalo mal, se valoramos máis o que queremos conseguir.

2225. **Se ao vello lle quitan a pinguiña e maila cociña, que o enterren á tardiña.**

2226. **Se che pica unha denosiña, vas dereito prá caixiña; e se che pica un escorpión, vas dereito pró caixón.**

2227. **Se non morres de mozo, a vello has chegar.**

2228. **Se o cántaro bate na pedra, mal pró cántaro e non pra ela.**

2229. **Se pingan as tellas, come centellas.**

2230. **Se queres ter ovos, mantén a galiña.**

2231. **Se xogas con lume, quéimaste.**

2232. **Sempre vai a lingua a onde doe a moa.**

2233. **Servo de outro se fai quen di o seu secreto a quen non o sabe.**

2234. **Sol e boa terra fan mellor gando que o pastor afamado.**

2235. **Tempo andando, cousas vendo.**

2236. **Teñas ou non teñas sorte, o mesmo lle dá á morte.**

2237. **Tirar á vasura, sinal de desprezo.**

2238. **Todo chega e todo pasa, anque non saia da casa.**

2239. **Todo o bo faise esperar.**

2240. **Unha palabra tira por outra.**

2241. **Vén a ventura pra quen a procura.**

2242. **Vezo collerás, que despois non quitarás.**

2243. **Voda tira loito.**

2244. **Xa con risa xa con pranto, iremos ao camposanto.**

2245. **Zapato burgués e besta de andadura, pouco dura.**

Consellos

2246. **A cabalo regalado non lle mires o dente.** Cando dan unha cousa, hai que collela aínda que non guste. Non se pode ser esixente con aquilo que nos dan, haino que aceptar tal como é.

2247. **A cabalo regalado non se lle mira o dente.** Non se debe poñer reparos ás cousas que nos dan.

2248. **A cabra cega, monte largo.**

2249. **A inxuria é mellor olvidala que vingala.**

2250. **A lebre que has de matar costa abaixo hala botar.**

2251. **A leña da figueira, recia de fume e fraca de madeira.**

2252. **A mal tempo, boa cara.**

2253. **Á mula con matadura, nin cebada nin ferradura.**

2254. **A onde has de ir, non has de mentir.**

2255. **A onde non te chaman, non vaias; que se non te chaman, non fas falta.**

2256. **A onde todos van chorando, non debes ir cantando.**

2257. **A palabras necias, oídos xordos.**

2258. **A par de río non merques terras nin caserío.**

2259. **A pobre non prometas e a rico non debas.**

2260. **A prudencia é nai da ciencia.**

2261. **A pulga quen vén á orella, co diaño se aconsella.**

2262. **A quen non lle sobre pan, que non críe can.**
2263. **A quen queiras mal, non o queiras no hospital.**
2264. **A quen tes que agarimar, non o fagas chorar.**
2265. **A rico non debas, e a pobre non ofrezas.**
2266. **Á sorte mala, paciencia e boa cara.**
2267. **Á voda do ferreiro cada un vai co seu diñeiro.**
2268. **A voda e a bautizado non vaias sen ser chamado.** Non se debe ir a onde non chaman a un.
2269. **A voda nin bautizado non vaias sen ser chamado.**
2270. **Aceite, viño e amigos, mellor canto máis antigos.**
2271. **Achégate aos bos e serás un deles.**
2272. **Acórdate, nora, de que serás sogra.**
2273. **Amigo e viño, os máis antigos.**
2274. **Anda quedo, non andes fungando e fai as túas cousas calado.**
2275. **Antes fiarás do terrón que do señor.**
2276. **Ao bo consello non se lle atopa prezo. / Ao consello non se lle atopa prezo.**
2277. **Ao coello e ao vilán mételle man.**
2278. **Ao mal encontro darlle a man e mudalo pronto.**
2279. **Ao porco e ao xenro ábrelle a porta, que xa el virá cedo.**
2280. **Ao que madruga Deus o axuda.**
2281. **Aos ditos das vellas hai que tapar as orellas.**
2282. **Aprende chorando e rirás ganando.**
2283. **Aproveitar ben o lume é bo costume.**
2284. **Arco da vella vaite de aí, que as nenas bonitas non son pra ti.**
2285. **Ás bestas non te metas.**
2286. **As cousas, claras; e o chocolate, espeso.**
2287. **As mans non ven máis que os ollos.**
2288. **Ata o corenta de maio non te quites o saio e, se volve a chover, vólveo a poñer.**
2289. **Atallo, quita traballo.**
2290. **Atrás virá quen bo me fará.**
2291. **Auga que non has de beber, déixaa correr.**
2292. **Barba pon mesa e non perna tesa.**
2293. **Ben pode chorar o que non se pode consolar.**
2294. **Boas accións valen máis que boas razóns.**
2295. **Cada un axúdase a si mesmo e Deus a todos.**
2296. **Cada un varre como pode e sabe.**
2297. **Camiño largo, paso curto. / Camiño longo, paso curto.**
2298. **Cando chova, non vaias de caza, que non vas facer nada.**
2299. **Cando comas pan quente, non bebas auga fría.**
2300. **Cando te capen, berra.**
2301. **Cando tomes augardente, ten coidado cos teus dentes.**
2302. **Cando vaias á misa e ao muíño, non chames o veciño.**
2303. **Cando vaias á misa e ao muíño, non chames polo veciño.**
2304. **Carneiro estraño non o agasalles no teu rabaño.**
2305. **Casa, na que mores, pero máis non compres.**
2306. **Cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.**
2307. **Cazador sen morral, caza pouco e caza mal.**
2308. **Con quen paces e non con quen naces.**

2309. **Da boa nai busca filla e da boa cepa enxerta a viña.**
2310. **Dá e ten e farás ben.**
2311. **De palla ou palloeiro, enche o teu palleiro.**
2312. **Deixa de remexer o que non vas comer.**
2313. **Día de chuvia e vento, non vaias de caza, que perdes o tempo.**
2314. **Días de chuvia e vento, non vaias de caza que perdes o tempo.**
2315. **Dise o pecado pero non o pecador.**
2316. **Duro con duro, endexamais se fixo bo muro.**
2317. **En alleo souto, un pau ou outro.**
2318. **En consellos hai que oír aos vellos.**
2319. **En terra de lobos ouvea coma todos.**
2320. **En xaneiro mete o obreiro.**
2321. **Entre cegos non hai fermoso nin feo.**
2322. **Entre col e col, leituga.**
2323. **Entre todos os ruídos a música é o máis apaixonante.** [Nota da Red.] Frase en proceso de converterse en paremia.
2324. **Está a vella a morrer e aínda está pra aprender.**
2325. **Fai ben, anque non saibas a quen.** Débese actuar con humildade en todos os sitios aínda que ás veces non o merezan. *Nunca sabes a quen podes precisar. Fai ben e non mires a quen.*
2326. **Fai (o) ben e non mires a quen.**
2327. **Fai primeiro o necesario e despois o voluntario.**
2328. **Fala da caza e tena na casa.**
2329. **Falando, enténdese a xente.**
2330. **Ferra a besta lixeiro e andarás cabaleiro.**
2331. **Festas e vodas, poucas e boas.**
2332. **Forza de mozos e consello de vellos.**
2333. **Fuxe da *multitú e terás *quietú.**
2334. **Fuxe da ocasión e non terás tentación.**
2335. **Gaiteiro pago nunca ben tocou.**
2336. **Garda o prado e manterás o gando.**
2337. **Garda sempre que comer, pero sempre que facer.**
2338. **Gasta en festas e en viño o que has de deixar aos sobriños.**
2339. **Hai que dar e ter pra que nos veñan ver.** Hai que ser xeneroso e dar algo; pero non todo o que un ten.
2340. **Hai que dar tempo ao tempo.**
2341. **Ida e vida, pola casa da miña tía.**
2342. **Ir á guerra e casar non se ha de aconsellar.**
2343. **Lancha dentro, amigo fóra.**
2344. **Máis sabe o demo por vello que por demo.**
2345. **Máis verdades hanse de saber que dicir.**
2346. **Mata o porquiño, non o deixes engordar que despois o touciño, farate engordar.**
2347. **Meu pai díxome que porfiara pero que non apostara.**
2348. **Muda o lobo os dentes mais non as mentes.**
2349. **Na casa allea, o que ben está, ben estea.**
2350. **Na igrexa, rezar; na praza, calar; e na casa, falar ata escachar.**
2351. **Na porta do forno quéimase o pan.**
2352. **Na terra de lobos hai que ouvear coma todos.**
2353. **Na terra dos lobos ouvear coma todos.**
2354. **Na terra onde vivires, fai o que vires.**
2355. **Nas terras dos lobos, ouvear coma todos.**

2356. **Nin amigo reconciliado nin carneiro dúas veces asado.**
2357. **Nin burro orneante, nin home rallante.**
2358. **Nin casa á beira do río nin viña ao pé do camiño.**
2359. **Nin polo sol nin pola solexa, nunca deixes a túa mantexa.** [Nota de E. Domínguez] Non se debe deixar de levar roupa de abrigo nin cando quenta o sol, nin cando o sol non impide que vaia frío.
2360. **Nin voda triste nin enterro alegre.**
2361. **No bo río péscase a troita.**
2362. **No Carballiño, bo pan e bo viño.**
2363. **Non deixes pra mañá o que poidas facer hoxe.** Hai que ir facendo as cousas pouco a pouco xa que despois igual non as podemos facer.
2364. **Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe.** Hai que ser comedido nos gastos e non malgastar os cartos en cousas inútiles. Hai que aproveitar o que se ten, que non se sabe as voltas que pode dar a vida.
2365. **Non lle chames amigo a quen non viviu contigo.**
2366. **Non negues o que ti pedirías.**
2367. **Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.**
2368. **Non sexas outro, cando só podes ser ti.**
2369. **Non sirvas a quen serviu nin pidas a quen pediu.**
2370. **Non te abatas por pobreza nin te *ensalces por riqueza. / Nin te abatas por pobreza nin te *ensalces por riqueza.**
2371. **Non te botes a cantar, se non sabes o que has cantar.**
2372. **Non (te) fíes de consellos, que son contos de vellos.**
2373. **Non todo o monte é ourego.**
2374. **Non todo o que reloce é ouro.**
2375. **Non trates con rico empobrecido nin con pobre enriquecido.**
2376. **Nunca sirvas a quen serviu.**
2377. **Nunca te deitarás sen saber unha cousa máis.**
2378. **O amor e o xantar hanse de comer antes de enfriar.**
2379. **O ben, buscalo; e o mal, esperalo.**
2380. **O bo consello non ten prezo.**
2381. **O cabalo regalado cólleo cos ollos pechados.**
2382. **O can vello, se ladra, dá consello.**
2383. **O cortizo e o cortello, no monte vello.**
2384. **O gran non fai graneiro pero axuda ao compañeiro.**
2385. **O mal que non ten remedio, *olvidalo é o mellor medio.**
2386. **O mar e a muller hanse de lonxe ver.**
2387. **O mellor camiño é o recto.**
2388. **O moito correr trae pouco andar.**
2389. **O ollo, limpalo sempre co cóbado.**
2390. **O pano podre non garda puntada.**
2391. **O pote que moito ferve, sazón perde.**
2392. **O que a boa árbore se arrima boa sombra o acubilla.**
2393. **O que dá pan a can alleo perde o pan e perde o can.**
2394. **O que dan de balde, ben sabe.**
2395. **O que é ben nacido será ben agradecido.**
2396. **O que en sí confía erra cada día.**
2397. **O que has de comer non o vexas facer.**
2398. **O que madruga Deus o axuda.**
2399. **O que non oe consello, non chega a vello.**
2400. **O que poidas facer hoxe non o deixes pra mañá.**

2401. **O que ten dúbida, sempre acerta.**
2402. **O que ten tenda, que a atenda e, se non, que a venda.**
2403. **O que vai a modo chega a lonxe.**
2404. **O tempo dáo *Dios de balde.**
2405. **O vento é paciente e sabe cortar cada unha das súas árbores.**
2406. **O zapato do amigo, moito pez e ben cosido.**
2407. **O zapato do amigo, pouco pez e mal cosido.**
2408. **Palabras e plumas o vento as tumba.**
2409. **Palla ao palleiro, vellas ao fiadeiro.**
2410. **Palla, ao palleiro; galiñas, ao galiñeiro.**
2411. **Para encaixes e puntillas, en Galicia, Camariñas.**
2412. **Pensa ben o que queres ser, se non queres perder o que tes.**
2413. **Píllase antes a un mentireiro que a un coxo.**
2414. **Pola noite todos os gatos son pardos.**
2415. **Polo que garde o meu peito non teño preito.**
2416. **Procura non xurar anque xures a verdade.**
2417. **Quen a boa árbore se arrima boa sombra o acubilla.**
2418. **Quen calar non sabe, falar non debe.**
2419. **Quen canta, o seu mal espanta.**
2420. **Quen dá consellos, non dá pan.**
2421. **Quen di de min, que se mire a si.**
2422. **Quen non te coñeza, que te compre.**
2423. **Quen pregunta, non erra.**
2424. **Quen queira vivir ben, non teña cerca a ninguén.**
2425. **Quen usa non abusa.**
2426. **Saber vivir e saber convivir.**
2427. **Se moitos amigos queres ter, gastarás canto tés e nada verás.**
2428. **Se non podes o que queres, quere o que poidas.**
2429. **Se non queres levar patadas non vaias á feira das bestas.**
2430. **Se o millo fose pouco, mudalo dun saco noutro.**
2431. **Se o neno empeza a chorar, aloumiñarao súa nai.**
2432. **Se queres aprobar, tes que estudar. / Se queres aprobar, hai que estudar.**
2433. **Se queres coller bo viño, planta a viña cara o soliño.**
2434. **Se queres durmir ben, xa que estamos en abril, tes que cear sen a luz do candil.**
2435. **Se queres o teu home san, dálle abelán.**
2436. **Se queres que auga corra, quítalle o terrón á presa.**
2437. **Se queres que ben saiba o porco, dálle landras do teu souto.**
2438. **Se queres que o teu carro cante como canta o do veciño, bótalle o eixo de freixo e as treituras de sanguiño.**
2439. **Se queres que te respecten, hai que darse a respectar.**
2440. **Se queres ter un fillo pillabán, méteo a sancristán.**
2441. **Se queres ver como é o teu corpo, mata un porco.**
2442. **Se queres vivir en paz, canto ves non xulgarás.**
2443. **Se tes catarro, dálle ao xerro.**
2444. **Solas e viño, andan camiño.**
2445. **Unha boa capa todo o tapa.**
2446. **Vai o vello morrendo e vai aprendendo.**
2447. **Vaias a onde vaias, fagas o que vexas.**
2448. **Vale máis caer en gracia que ser gracioso.**
2449. **¿Velocidade e altura? Conserva a dentadura.**

2450. **Vence o mal, a forza de facer o ben.**
2451. **Vender e calar é a mellor cousa.**
2452. **Vezo poñas que vezo quites.**
2453. **Vicio collas que non tollas.**
2454. **Viña, entre viñas e casa entre veciñas.**
2455. **Viños e amores, os vellos son os mellores.**
2456. **Viños e amores, os máis vellos son os mellores.**
2457. **Vodas largas, barallas novas**.

Promesa
2458. **Cría corvos e sacaranche os ollos.** Fai ben e levarás as de perder. Por veces bátese con xente moi desagradecida que responde amolando a quen lle fixo un favor.
2459. **Prometer e non dar, os parvos fai alegrar**.

Reciprocidade. Véxase tamén **Xustiza**
2460. **Amor con amor se paga.**
2461. **Coa vara que midas serás medido.**
2462. **Como midas, hante medir.**
2463. **O que non queiras pra ti non llo deas a ninguén.**
2464. **O que non queiras pra ti non llo deas a outro.**

Relixión Ver **Crenzas**

Resignación
2465. **A dor amolece as pedras.**
2466. **A esperanza é o último que se perde.**
2467. **Á mala herba non hai xeada que a leve.**
2468. **A mala herba nunca morre.** Dise dunha persoa ou cousa que é mala.
2469. **Ao non poder ser non lle hai que facer.**
2470. **As alegrías non son pra todos os días.**
2471. **Bicho malo non perece.**
2472. **Cando a semana está de piollos non vale baixar a camisa. / Cando a semana está de piollos non vale mudar a camisa.**
2473. **Cando eu teño de todo, todo o mundo ten; cando non o teño, non o ten ninguén.**
2474. **Cousa de mal é non querer sanar.**
2475. **Da aldea é a galiña e cómea o señor da vila.**
2476. **Despois de san Martiño, cada día seu ferradiño.**
2477. **Diñeiro, amores, celos e loucuras mal se disimulan.**
2478. **Dúas árbores secas nunca florecen nin reverdecen.**
2479. **En todas as niñadas hai un pito coxo.**
2480. **Entre lusco e fusco non atopo o que busco.**
2481. **Garda o gardador pró bo gastador.**
2482. **Máis ensina a necesidade que a universidade.**
2483. **Mal de amores non ten cura.**
2484. **Mal de moitos, consolo de bobos.**
2485. **Mal ladra o can, cando ladra de medo.**
2486. **Mal lle vai ao raposo, cando anda aos ovos.**
2487. **Mala herba nunca morre.**
2488. **Malo virá, que bo me fará.**
2489. **Morto o can acabouse a rabia.**
2490. **Nada ten o que nada lle basta.**
2491. **Nada ten o que nada lle chega.**
2492. **Nada ten que perder quen nada ten de seu.**
2493. **Necio é aquel que padece por culpas que outro merece.**
2494. **Ninguén está contento co que ten.**
2495. **Non hai carne sen óso.**
2496. **Non hai mal que cen anos dure.** Todas as cousas rematan algunha vez.

2497. **Non hai mal que por ben non veña.** Toda cousa mala ten a súa parte boa.
2498. **Non hai peor xordo que o que non quere oír.** Cando a unha persoa non lle interesa o que lle din, fai o xordo. Ninguén fai caso a cousas que non lle interesan.
2499. **Non hai veciño peor que o murmurador.**
2500. **Nunca choveu que non escampara.**
2501. **Nunca choveu que non escampase.** Todas as cousas teñen solución. Non fai falta andar apurado. Xa mellorará o tempo.
2502. **Nunca choveu que non pasara.**
2503. **O mal nunha casa acaba coas caravillas.**
2504. **Pulgas ten a viúva e non hai ninguén que llas sacuda.**
2505. **Quen naceu burro, non morrerá cabalo.**
2506. **Quen nada pide, nada recibe.**
2507. **Sarna con gusto non pica pero as veces mortifica.**
2508. **Sarna con gusto non pica.**
2509. **Un bo dura pouco.**
2510. **Unha idea apetece e outra aborrece.**

Proporción

2511. **A bo entendedor, poucas palabras bastan.**
2512. **A bo entendedor, poucas palabras lle chegan.**
2513. **A bo entendedor, poucas palabras.**
2514. **A boa madeira quere bo oficial.**
2515. **A tal señor, tal honor.**
2516. **Cada cousa é pró seu; e o cabanote, pró carro.** Hai que poñer cada cousa no seu sitio. O cabanote é un alpendre.
2517. **Cada idade quere o seu.**
2518. **Cada roca, o seu fuso; e cada terra, o seu uso.**
2519. **Home pequeno, cargado ao barreno.**
2520. **Tal o paxariño, tal o niño.**
2521. **Tan bo é Pedro coma Xan.**
2522. **"Xente con xente" -dicía o pesco.**

Cantidade

2523. **A quen erra perdóaselle unha vez e non tres.**
2524. **Á terceira vai a vencida.**
2525. **A todo santo lle chega o seu día.**
2526. **Con pouco a pouco faise un moito.**
2527. **O que é prodigado é desexado.**
2528. **Un carro só non enche lugar.**
2529. **Unha alma soa non canta nin chora.**
2530. **Unha andoriña non fai verán**

Risco

2531. **Canto máis grande é a aventura, menos segura.**
2532. **Na hucha aberta o xusto peca**

Ironía e burla

2533. **A falta dun can, métese un gato.**
2534. **A muller que do alto fía, o fuso lle cae e o cu lle asubía.**
2535. **¿A onde vas, Vicente? A onde vai a xente.**
2536. **Ao vilán, coa vara do abelán.**
2537. **Canto máis te abaixes, máis se che ve o cu.** Canto máis un se preocupa por facer as cousas ben, máis abusan del e máis lle esixen.
2538. **Comer, durmir e cagar piden vagar.**
2539. **Convidoume Xan Romeu e o viño pagueino eu. / Invitoume o señor Romeu e o viño pagueino eu.**
2540. **¿Dóeche a barriga? Énchea de palla triga.** Déixame tranquilo e non te queixes. Expresión de broma que se lle di ás veces aos rapaces.

2541. **¿Dóeche a barriga? Frégaa cunha ortiga** Dicíaselle aos nenos, cando se queixaban da barriga: así cando os picores das estrugas lles fixeran rascar, unha sensación taparía a outra e esquecerían que lles doía.

2542. **¿Dóeche a cabeza? Bátea co pé da artesa.** Apáñate como poidas. Se a golpeas co pé da artesa, logo dóeche o golpe e xa non te lembras de por que che doía.

2543. **Honra na praza e fame na casa.** Hai persoas que se gaban moito e non teñen nada, carecen da riqueza que aparentan ter.

2544. **O amor é fogo, pero con el non se coce o bolo.**

2545. **O can de Xan Torrado, canto fai coa boca desfaino co rabo.**

2546. **O comer e o rascar, todo é empezar.**

2547. **O coser e o cantar, todo é empezar** [Nota de E. Domínguez]. Por rara que pareza esta paremia, esta é a forma orixinal que se recolleu.

2548. **O hábito non fai o monxe.**

2549. **O home é lume; a muller, estopa; e vén o demo e sopra.**

2550. **O home e o oso, canto máis feo máis fermoso.**

2551. **O home e o oso, canto máis peludo máis fermoso.**

2552. **O home parlanchín e faco rinchón, pouca cebada e moito albardón.**

2553. **O home querqueno, todo é veneno.**

2554. **O pai que non ten fillos, será que lle faltan os armadillos.**

2555. **O pote díxolle ao caldeiro: "Chégate aló, que me luxas".** Sempre fala o menos indicado. Moitas veces querer corrixir noutra persoa un erro que un mesmo xa está cometendo.

2556. **O que a feo ama, fermoso lle parece.**

2557. **O que di a persoa, repíteo a mona.**

2558. **O que moito quere saber, dáselle o cu a lamber.** Contestación a unha persoa moi preguntona.

2559. **O que morde ao calado non é o mellor.** Porque non é nobre e honrado e sempre busca a traizón.

2560. **O que nada arrisca, nada ten.** Hai que ser decidido.

2561. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.**

2562. **O que non ten fillos, ben os cría.**

2563. **O que parvo vai á guerra, parvo volve dela. / O que *tonto vai á guerra, *tonto volve dela.**

2564. **O que ten besta e anda a pé, máis besta el é.**

2565. **O que ten cama e dorme no chan, merece que o mallen cun pau.**

2566. **O que ten medo aos paxaros non sementa o trigo.**

2567. **O traballo, prós burros.**

2568. **O vilán, nin ben nin mal.**

2569. **Obra de común, obra de ningún.**

2570. **Ovella farta, do seu rabo se espanta.**

2571. **Papas e casamento, en quente.**

2572. **Pinga repinga na casa da tía Dominga.**

2573. **Se non bebes cocacola, non dás pé con bóla.**

2574. **Se te vas e me deixas ¿ A quen lle conto as miñas queixas?**

2575. **Se te vas e me deixas ¿A quen lle contarei as miñas queixas?**

2576. **Sete xastres non fan un home.**

2577. **Sobre gustos non hai nada escrito.**

2578. **Un cego mala guía é pra outro cego.**

2579. **Vergonzosa é a miña filla que tapa a cara coa faldra da camisa.**
2580. **Voda e mortalla, do ceo baixa.**

Saúde, enfermidade e morte

2581. **A moita saúde non é virtude.**
2582. **A pouca saúde, ningunha.** Dise cando unha persoa, por ter moitos achaques, xa está desesperada e non ve solución para mellorar a súa saúde.
2583. **En xaneiro, reuma; en marzo, catarro; e en maio, outra vez curado. / En xaneiro, reuma; en marzo, catarro; e en maio, outra vez xa sano.**
2584. **Febres de maio, saúde pra todo o ano.**
2585. **Mais vale a saúde ca o diñeiro.**
2586. **Máis vale a saúde do pobre que a enfermidade do rico.**
2587. **O mellor da saúde é cobizala.**
2588. **Para calquera doenza o remedio é a paciencia.**
2589. **Un é o que come.** [Nota de E. Domínguez] O aspecto físico ou a saúde dependen moito do que un coma.
2590. **Ao cabo do ano máis come o enfermo ca o *sano.**
2591. **A alma, na boca; e os ósos, no saco.** Ver comentario en Esforzo.
2592. **Ata a morte todo é vida.**
2593. **Corazón forte o seu dono leva á morte.**
2594. **Quen non teme á morte é home forte.**
2595. **Teñas ou non teñas sorte, o mesmo lle dá á morte.**
2596. **Un médico cura, dous dubidan, tres morte segura.**

Tolemia

2597. **A canto máis vello, máis tolo.**
2598. **A loucura non ten cura.**
2599. **A loucura ten cura.** [Nota de E. Domínguez] Cabe a posibilidade de que o alumno esquecese poñer o adverbio *non* pero o certo é que está escrito así.
2600. **Canto máis lle dan ao tolo, máis o tolo quere.**
2601. **É un tolo quen o seu mal achaca a outro.**
2602. **En Conxo non están todos os que son nin son todos os que están.** Hai tolos en todas partes. Nin todos os que están mal da cabeza están internados no hospital psiquiátrico de Conxo (en Compostela), nin todos os que están alí, están verdadeiramente loucos.
2603. **Moita ciencia é loucura, se o bo siso non a cura.**
2604. **O mal que non ten cura é a loucura.**
2605. **O que non ten que facer sacha os allos por nacer.** Dise cando alguén fai as cousas mal, ao revés ou de xeito inútil.
2606. **O tolo e o borracho din o que teñen no papo.**
2607. **Os tolos fan a festa e os cordos gozan dela.**
2608. **Se o tolo sentado está, os pés move e cantará.**
2609. **Todos somos tolos pero uns máis que os outros.**
2610. **Todos somos tolos, os uns ou os outros.**

Economía

2611. **As contas da praza non dan coas da casa.**
2612. **Ben calorosa vai ser a costa de xaneiro, pero aínda que curta, máis calorosa vai ser a de febreiro.**
2613. **Coa hucha baleira non se fai feira.**
2614. **Coa prata todo se alcanza.**
2615. **Diñeiro busca diñeiro.**

2616. **Diñeiro haxa, que gusto non falta.**
2617. **Entre puntada e puntada gástase a liña.** Cando un se mete a pequenas reformas, ao final gasta tantos cartos coma se fose unha obra grande.
2618. **Non hai galiña gorda por pouco diñeiro**. As cousas baratas non son boas.
2619. **O bo nunca é caro e o barato sempre é malo.**
2620. **O que garda, sempre ten.**
2621. **Unha vara de pano dura un ano.**
2622. **Voda e romaría non son pra cada día.**

Propiedade

2623. **A cabra pra quen a garda.**
2624. **A cada cal gústalle máis o seu curral.**
2625. **A cada cal gústalle máis o seu.**
2626. **A cada paxariño chégalle o seu niño.**
2627. **A cada paxariño parécelle bo o seu niño.**
2628. **A cada paxariño, parécelle ben o seu niño.**
2629. **A forca, pró seu dono.**
2630. **A mellor casa é a miña anque sexa pequeniña.**
2631. **Abondo ten quen bo creto ten.**
2632. **Cada raposo garda o seu rabo.**
2633. **Cada un arrima a ascua á súa sardiña.**
2634. **Cada un do seu fai un pandeiro.**
2635. **Cada un, na súa casa; e Deus, na de todos.**
2636. **O nome rexe ao home.**
2637. **Ola de moitos nunca ben coce.**
2638. **Peido con sono non ten dono.**
2639. **Váiase o ben pró ben e o mal pra quen o ten.**
2640. **Vale máis ter que desexar.** Cómpre ter algo aforrado. É preferible ter cousas, aínda que sexa de máis, que estar desexando telas. É mellor contar co que se ten, que estar esperando algo que, talvez, non se dea conseguido.
2641. **Vale máis un farto que sete baldeiros.** É preferible ter unha persoa farta e contenta, que non sete con fame e descontentas.

Recursos

2642. **Cada un espirra como pode.**
2643. **Fágome bobo e como de todo.**
2644. **O pobre enterra o seu pai como pode / Cada pobre enterra o seu pai como pode.**
2645. **O pobre goberna a casa como pode.**
2646. **O que non ten uñas, mete cuñas.**
2647. **O rato que non sabe máis dun burato, logo o pilla o gato.**
2648. **Onde comen dous, comen tres.** O que hai chega para todos.
2649. **Palla a palla faise un palleiro / o palleiro.** Con esforzo, pouco a pouco, un consegue o que quere.
2650. **Por unha sardiña, cansou un burro.** Todo ten un límite.
2651. **Quen ten boca chega a Roma.**
2652. **Quen ten lingua a Roma vai.** Preguntando pódese chegar a calquera lado.
2653. **Querer é poder.**
2654. **Sabe máis o demo por vello, que por demo.** A experiencia é un punto importante. *Hai que facerlle caso aos avós porque* "*Máis sabe o demo por vello, que por demo*".

Riqueza

2655. **A bulsa sen cartos non é máis que coiro. / A blusa sen cartos non é máis que coiro.**
2656. **A galiña na casa rica, sempre pica.**
2657. **A nobreza é antiga riqueza.**
2658. **A riqueza é moitas veces cousa de tristeza.**

2659. **Ande o diñeiro, que é ben lixeiro.**
2660. **Anden diñeiros, que todos bailaremos.**
2661. **Ás barbas con diñeiros fanlle honras os cabaleiros.**
2662. **Cando a un lle doe a cabeza, sinal de riqueza.**
2663. **Cando o diñeiro fala, todos calan.**
2664. **Canto maior é a fortuna, menos segura.**
2665. **Carto a carto faise o ducado.**
2666. **Don diñeiro é gran cabaleiro.**
2667. **Fidalgo honrado, antes roto, que remendado.**
2668. **Fidalgo pobre, no palleiro morre.**
2669. **Mal soa o don sen o din.**
2670. **Na casa grande o que non come lambe.**
2671. **Non é máis rico o que máis ten senón o que menos precisa.** A riqueza e a felicidade consiste en conformarse co que un ten.
2672. **Non hai diñeiro coma o primeiro.**
2673. **Non hai mellor cabaleiro que don diñeiro.**
2674. **Non lle falta pucheiro a quen ten diñeiro.**
2675. **O aforrar sempre foi bo.**
2676. **O deus do usureiro é o diñeiro.**
2677. **O diñeiro é tan bo servidor como mal señor.**
2678. **O diñeiro pódeo todo.**
2679. **O mellor amigo, un peso.**
2680. **Os donos gastando e os criados gañando.**
2681. **Quen ten diñeiro, ten compañeiro.**

Débedas

2682. **Antes quero mercar, que rogar.**
2683. **O que paga o que debe desempeña o que ten.** Porque xa non ten débedas.

Amos, criados e obreiros

2684. **A ama brava é a chave da casa.**
2685. **A criado mal mandado ponlle a mesa e mándao a un recado. / Ao criado mal mandado poñerlle a mesa e mandalo a un recado.**
2686. **Agora que entra xaneiro, podes meter obreiro.**
2687. **Ama a un amo, se paga, e o demais son contos.**
2688. **Ben pode ir o criado a onde vai o amo.**
2689. **Bo amo, mellor criado.**
2690. **Criado ido, criado vido, sempre o meu amo servido.**
2691. **Dona Mandona, muller do señor, váiselle o tempo en andar derredor.**
2692. **Xoana Mengana, muller do azor, váiselle o tempo en andar derredor.**
2693. **Farta ben o teu criado e veralo calado.**
2694. **Na casa do amo morre o bo criado.**
2695. **O criado ben mandado pode ser compañeiro do amo.**
2696. **O vestido do criado di quen é o amo.**
2697. **Obreiro en xaneiro, pan che comerá e obra non fará.**
2698. **Onde hai patrón non manda mariñeiro.**
2699. **Onte porqueiro e hoxe cabaleiro.**
2700. **Tal amo, tal criado.**
2701. **Ter criado é malo; mais inda é peor ter amo.**

Pobre (ver tamén **Recursos)**

2702. **A alegría dura pouco na casa dos pobres.**
2703. **A alforxa do pobre con todo pode.**
2704. **Á pobreza e á miseria calquera chega.**
2705. **Ao que é pobre ninguén lle fai caso.**
2706. **Cada formiga ten a súa boca.**

2707. **O regalo do pobre é botar un cigarro despois de que come.**
2708. **Pobre do pobre que todo o mundo o moe.**

Traballo

2709. **A carga cansa, a sobrecarga mata.**
2710. **Ao enfornar tórcense os pans.**
2711. **Ben se fai o que logo se fai.**
2712. **Besta parada, non fai xornada.**
2713. **Cando non hai ganas de fiar pode o fuso descansar.**
2714. **Coas pernas enxoitas non se pillan as troitas.**
2715. **Do ceo pra abaixo cada cal vive do seu traballo.**
2716. **Na terra do meu home o que non traballa non come.** Recomendación a outra persoa de que traballe. Se un quere algo, ten que traballar.
2717. **Non hai atallo sen traballo.**
2718. **Non se collen as troitas coas pernas enxoitas.**
2719. **Non se pescan as troitas coas pernas enxoitas.**
2720. **Non se pillan as troitas coas bragas enxoitas.**
2721. **Non se pode guiar ben o carro, se non se trepa o barro.**
2722. **O que fai un cesto fai un cento se lle dan as varas e tempo.**
2723. **O que fai un cesto fai un cento se lle dan vergas e tempo.**
2724. **O que troitas quere pescar as calzas ten que mollar.**
2725. **O traballo cansa pero non mata.**
2726. **O traballo é sagrado, non o toques.**
2727. **Quen o sábado vai ao muíño pouco folgo ten o domingo.**
2728. **Quen queira peixe que molle o cu.**
2729. **Se en tres días de abril fixeras culleres terías tres días como quixeres.**
2730. **Sono de maio déixao pró teu criado.**
2731. **Sopra, ferreiro, se queres gañar diñeiro.**
2732. **Traballo comezado é medio rematado.**

Comercio

2733. **Ano malo, panadeiros no mercado.**
2734. **En mercar e vender non hai amigos.**
2735. **Fía e vende ben, que a paga por si vén.**
2736. **Mercar, por alforxas; e vender, por onzas.**
2737. **O barato saca os cartos do farrapo.**
2738. **O bo pano na arca se vende.**
2739. **O bo vai caro e o malo fai dano.**
2740. **O mal pagador é sempre bo cobrador.**
2741. **O que foi do teu agrado foi medio mercado.**
2742. **Queira ou non queira o burro ha de ir á feira.**
2743. **Quen diñeiro ha de cobrar moitas voltas ha de dar.**
2744. **Quen vende e mente a bulsa llo sente.**

Familia e Sociedade

Familia

2745. **A quen non ten fillos *Dios lle apara sobriños.**
2746. **A toda lei, fillos e muller.**
2747. **A vella que non pode andar que a leven a un areal e alí a deixen quedar**[13]**.**

[13] [Nota da Red.] Reaparece aquí un refrán, que só recolleu Eladio Rodriguez (1961:3,408) e que del citaron despois Vázquez Saco, Moreiras Santiso e Clodio González. Parece recomendar unha conduta inhumana, que non sabemos que se practicase algunha vez en Galicia e, se alguén

a practicar, recibirá a repulsa social e castigo. Polo tanto, interpretado literalmente, non corresponde á cultura popular galega. ¿Por que aparece aquí, aínda que sexa minoritario? A primeira resposta é que podería ser unha reliquia de antigos relatos de horror destinados a inculcar precisamente o contrario, tal e como no seu día estudou Bouza Brey (1490-1982: 81-91) e recentemente Aparicio Casado (2011: 34-43). En Caritel (Ponte Caldelas) contaba Silvina Sobral de 96 anos que, aínda que ela xa non o acordara, antigamente disque levaban os vellos a morrer á Chan das Pipas e que dunha vez un fillo deixou o seu pai nunha volta do camiño dende a que se vía ben a aldea toda e que o vello lle dixo ó fillo. *Ai, meu fillo; aquí non me deixes, que aquí foi onde eu deixei a meu pai e seguramente o teu fillo te virá deixar a ti*. E o fillo, impresionado de ver que o seu pai, nese momento dramático, aínda trataba de protexelo a el, e impresionado tamén polo mal agoiro, reaccionou e dixo *Véñase, meu pai, comigo para a casa, antes de que tal pase*. E aquel fillo crebou a fada. Nunca máis –dicía Silvina- se levaron os vellos a morrer ó monte. A lenda contábase case exactamente igual polos mesmos anos en Forcarei; e tamén en Portugal no século XIX. Estes contos que probablemente son antigos, máis que reflexaren un costume real, están precisamente destinados a produciren horror e espanto ante esa conduta, que queda cualificada como propia de tempos bárbaros e xa superados (*crebou a fada*, é dicir, rompeuse ese costume fatídico e inhumano; *¡Parta o demo a perneta!* – din en Forcarei). A inexistencia de testemuño histórico de tal costume e o horror que produce o relato son precisamente o que pode converter o refrán en vehículo da doutrina contraria, de que os vellos e os desvalidos deben ser protexidos, porque, como di ese conto, todos chegaremos a ser vellos e desvalidos. A segunda resposta é que igual non estamos lendo correctamente este refrán. ¿Qué é o que di realmente o refrán? Para sabelo, para descubrir a súa función, para desvelar o seu significado real, habería que anotar cal é o seu uso real, é dicir, compría anotar se o usan vellos ou non vellos e se se usa como agresión, ameaza, advertencia, cautela, compaixón, queixa ou demanda de auxilio; porque, por exemplo, se o usa a propia vella, estaría declarando que ela xa non vale para nada, que é un estorbo e, por este medio indirecto, estaría pedindo cariño: neste caso, o significado real do refrán sería exactamente o contrario do literal. Non se debe esquecer que un refrán (ou unha cantiga popular) é unha peza literaria e, polo tanto, non existe certeza de que a lectura literal sexa a correcta. En calquera caso, no contexto histórico da actual violencia física real contra moitas mulleres e no aumento de vellos que pasan o final da vida en Residencias Xeriátricas (coidados, si, pero sen a calor do afecto dos consanguíneos), que este refrán diga *Unha vella* e non *Un vello*, dálle un simbolismo novo e estremecedor.

2748. ***Amistá de xenro, sol de inverno.**
2749. **Amor coma o da nai, non hai.**
2750. **Amor, de nai; que o demais é aire.**
2751. **Amor, o de nai; que o demais é aire.**
2752. **Ao tío sen fillos apáralle Deus sobriños.**
2753. **As fillas de solteira din de quen son.**
2754. **As miñas fillas fan meniñas.**
2755. **Azouta de nai, non rompe óso nin saca sangue.**
2756. **Entre pais e irmáns non metades as mans.**
2757. **Nas uñas ou nos pés has de imitar a quen es. / Ou nas unllas ou nos pés has asemellar a quen es.**
2758. **Non hai fillo coma o seu pai, nin pai coma o seu avó.** [Nota da Red.] Supoñemos que este refrán expresa que só se aprende realmente coa experiencia, co paso dos anos.
2759. **Non sabe o que é alegría o que non cría.**
2760. **Non se acorda a sogra que foi nora.**
2761. **O casado casa quere.** Os casados queren vivir sós nas súas casas.
2762. **Pai non tiveches e nai non temiches e mal fillo te fixeches.**
2763. **Parente de calidá é fillo da miña irmán.**
2764. **Quen os seus non trata ben, non pida nada a ninguén.**

2765. **Quen ten pai na vila, sete veces lle amence o día.**
2766. **Saco de xenro nunca é cheo.**
2767. **Sogra, nin de barro, á porta.**
2768. **Sogra, ningunha é boa.**
2769. **Varre a nora o que ve a sogra.**
2770. **Vivir con sogras, noras e xenros, anticipo do inferno.**

Muller

2771. **A casa sen muller cen ollos ha mester.**
2772. **Á luz da tea non hai muller fea.**
2773. **A muller á *ventana perde máis do que gana. / A muller na *ventana perde máis do que gana.**
2774. **A muller bigotuda de lonxe acode.**
2775. **Á muller con bigote non deas o dote.**
2776. **A muller con bigote non desexa dote.**
2777. **A muller e a sardiña quérena pequeniña.**
2778. **A muller e a sardiña, canto máis pequena, máis riquiña.**
2779. **A muller e a sardiña, canto máis pequena, máis sabrosiña.**
2780. **A muller e a sardiña, canto máis pequeniña, máis xeitosiña.**
2781. **A muller e a sardiña, pequeniña.**
2782. **A muller e a sardiña, queren ser pequeniñas.**
2783. **A muller e a vaca é mala sendo fraca.**
2784. **Á muller fea o ouro a fermosea.**
2785. **Á muller primeiriza primeiro se lle coñece no peito que na barriga.**
2786. **A viúva que moito chora ten gana doutra voda.**
2787. **Casa sen muller nunca rica pode ser.**
2788. **En bágoas de muller non se pode crer.**
2789. **Muller lareteira, pra quen a queira.**
2790. **Muller larpeira, ladra ou meiga.**
2791. **Na casa do meu home o que non traballa non come.**
2792. **Nin enriba, nin embaixo, nunca ensines o refaixo.**
2793. **Quen ten muller, ten que facer.**
2794. **Se o teu home non sae mullereiro, ha de saír a muller homeira.**
2795. **Se un vello bica a unha muller moza, pasa folla.**
2796. **Sen mulleres non hai homes.** Para que nun lugar, coma tal nunha festa, haxa homes son necesarias as mulleres, porque, se non, tampouco asisten os homes.
2797. **Viúva rica, cun ollo chora e con outro repenica.**

Home

2798. **Home alleo nunca é cheo.** [Nota de E. Domínguez] Unha nena anotou a versión *Home alleo é cheo.*
2799. **Home ben feito hache de ter o corpo dereito.**
2800. **Home celoso, o corno no ollo.**
2801. **Home de moita parola, gasta o tempo en parolar: non fai todo o que di, nin di todo o que fai.**
2802. **Home de moitos oficios, pouca ganancia.**
2803. **Home moi luneiro, nin boa meda nin bo palleiro.** O que lle fai moito caso ás cousas da lúa, non recolle boas colleitas.
2804. **Home moi luneiro, nin moita palla nin moito palleiro.**
2805. **Home pagador, moi ganador.**
2806. **Home panadeiro, nin boa cabana nin bo sombreiro.**
2807. **Home pequeno, fol de veneno.** A xente de pouca estatura ten mal xenio. Non hai ningún pequeno bo. *Non te metas con el, que xa sabes o que di o refrán:* "*Home pequeno, fol de veneno*".

2808. **Home porfiado, necio consumado.**
2809. **Home que madruga, de algo ten cura.**
2810. **Home que madruga, Deus o axuda.**
2811. **Home sentado non fai bo mandado.**
2812. **Home troiteiro, nin boa cabana nin bo palleiro.**
2813. **Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.**
2814. **Nin maio sen trebóns, nin home sen calzóns.**
2815. **O home aos corenta ou vive ou rebenta.**
2816. **O home é de onde nace e o boi de onde pace.**
2817. **O home e o can van a onde lle dan.**
2818. **O home mantido espile o frío.** [Nota de Red.] É sabido que as persoas gordas poden andar moi desabrigadas en pleno inverno porque resisten moi ben o frío; en cambio, padecen máis coa calor.
2819. **O home mullereiro acaba consigo e co diñeiro.**
2820. **O home, de siso e máis de pico.**
2821. **O que de vinte non é home e de trinta non casou, de corenta non é rico, ese paxaro voou.**
2822. **Vello con muller fermosa, mala cousa.**
2823. **Viúvo rico, cun ollo choro e con outro repinico.**

Mocidade

2824. **A metade da moza está na tenda.**
2825. **A moza quere espello porque lle dá consello.**
2826. **Ben composta non hai moza fea.**
2827. **Co mozo galán, ten a túa filla da man.**
2828. **Entre mozo e moza, convén un muro groso.**
2829. **Moza garrida, ou ben gañada ou ben perdida.**
2830. **Nin marzo sen flores, nin moza sen amores.**
2831. **O andar ben vestida fai a moza garrida.**
2832. **Xente nova e leña verde todo é fume /toda se volve fume.** Cando un é novo, non ten sentidiño.

Casa

2833. **Na casa da muller rica el cala e ela repenica.**
2834. **O home gaña a facenda e a muller consérvaa.**
2835. **Roupa lavada polo sol agarda.**

Casamento

2836. **Amancebamento non é casamento.**
2837. **Antes de casar débelo pensar.**
2838. **Casarás en mala hora e comerás pan e cebola.**
2839. **Ceguei e casei que, se non cegara, non casara.**
2840. **Home casado, burro amolado.**
2841. **Home casado, burro domado.**
2842. **Home casado, home acabado.**
2843. **Home casado, home amolado.**
2844. **Home casado, nin muller é.**
2845. **Muller quincela, home de trinta.**
2846. **Non pode haber voda, se non hai noivo e noiva.**
2847. **O melón e o casar todo é acertar.**
2848. **O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.**
2849. **Vello que casa con muller moza, ou pronto o corno ou pronto a lousa.**
2850. **Voda saca voda.**

Sexo

2851. **Neno feito, paxaro morto.** [Nota de E. Domínguez] Reelaboración destoutro refrán *Niño feito, paxaro morto* para crear un novo

significado: despois de ter relacións sexuais, o pene queda fláccido.

2852. **O vicio trae o fornicio.**

Machismo e sexismo

2853. **A cabeza da muller é o home.**
2854. **A leña e a muller cantos máis anos, máis arder.**
2855. **A lingua aguda, costela dura.**
2856. **Á muller brava dálle corda larga.**
2857. **A muller cobiza ata o inferno.**
2858. **A muller e a *sartén na cociña están ben.**
2859. **Á muller e á burra, cada día unha zurra.**
2860. **A muller e a gaivota, canto máis vella máis tola.**
2861. **A muller e a gaivota, canto máis vella, máis *loca.**
2862. **A muller e a galiña, na casa con día.**
2863. **A muller e o viño sacan o home do seu tino.**
2864. **A muller e un bicho que sempre está en perigo.**
2865. **A muller honesta, a perna quebrada e na casa.**
2866. **A muller non só manda na cociña.**
2867. **A muller só manda na cociña.**
2868. **A muller que non sabe cociñar é coma o gato que non sabe ratear.**
2869. **A muller viúva non ten quen a sacuda.**
2870. **A pera e a muller, a que cala boa é.**
2871. **A viúva honrada ten a súa porta pechada.**
2872. **As pallas, no palleiro; e as mulleres, tras do fogueiro.**
2873. **Cásate e teremos muller.**
2874. **Dous Pedros e un Xan fan un home cabal.**
2875. **Febreiro e as mulleres, no día sete pareceres.** [Nota da Red.] Este refrán normalmente dise de marzo que adoita facer moitas caras no día: *Pola mañán, cariña de rosa; pola tarde, cara de can*.
2876. **Home avisado, medio asoballado.**
2877. **Home casado nin muller é.**
2878. **Home sen muller, home non é.**
2879. **Máis vale a filla mal casada que ben abarregada.**
2880. **Muller ao volante, perigo constante.**
2881. **Muller que asubía e galiña que canta coma un capón, na miña casa non.**
2882. **O coche, cabalo e muller nunca debes ofrecer.**
2883. **O diñeiro é pra gastar e a muller pra tocar.**
2884. **O home, na praza; e a muller, na casa.**
2885. **O melón e a muller son malos de entender. / O melón e a muller son difíciles de entender.**
2886. **Onde hai galo non canta galiña, unicamente que o galo teña morriña.**
2887. **Os enemigos do home son tres: sogra, nora e muller. / Os inimigos do home son tres: sogra, muller e nora.**
2888. **Para o home san, culler de pau.**
2889. **Sete vidas ten o gato e a muller ten outras catro.**
2890. **Tres son os inimigos do home: a sogra, a nora e a muller.**
2891. **Viño e mulleres dan máis pesares que *placeres.**

Fillos

2892. **A fillo malo, pan e pau.**
2893. **Fillo malo vale máis enfermo que *sano.**
2894. **Fillo mimado, fillo mal criado.**
2895. **Fillo sen dor, nai sen amor.**
2896. **Fillos criados, pesares dobrados.** Cando os fillos van grandes, dan máis preocupacións.

2897. **Fillos criados, traballos dobrados.**
2898. **O que ten fillos ao lado, non rabea co bocado.**
2899. **O que ten fillos non estoupa ca chea.**
2900. **Os cachos tiran ás olas.** Os fillos aseméllanse aos pais.
2901. **Pais porcos, fillos marráns.**
2902. **Para o fillo máis querido o mellor regalo é o castigo.**

Nenos

2903. **Neno dun ano, vara de pano.**
2904. **Neno mimadiño, neno perdidiño.**
2905. **O carro da chinchola; cando ri, cando chora.** [Nota de E. Domínguez] Dise en Entrecruces (Carballo) cando alguén chora sen motivo, cousa frecuente entre os meniños a xuízo dos adultos. [Nota da Red.] A correlación *cando... cando* significa "unhas veces... outras veces" e aquí equivale a dicir que esa inestabilidade é habitual e que, polo tanto, non ten importancia. Un carro cando vai moi cargado, chía ou canta e iso (ó que se lle daba moita importancia) quizais se poida interpretar como que que ri ou como que chora. Con todo [e tal como se dixo en 1.5.] cómpre lembrar que Vázquez Saco (16071) recolleu un refrán que parece ter moito parecido con este que comentamos: *O cariño do Chinchelo, logo ri e logo chora*, e clasificao entre os refráns da nenez e explica que os afectos dos meniños son repentinos e fugaces, coma nestoutro *Cariño de meniño, auga nun cestiño*. O que tiña Vázquez Saco procedía dun seminarista de Santiago dos anos cincuenta e, polo tanto, cabe a posibilidade de que procedese de non moi lonxe de Bergantiños. Este paralelo é o que xustifica que este refrán apareza neste apartado da infancia aínda que aquí literalmente di *carro* non *cariño*.
2906. **O que con rapaces se deita, cagado se levanta.**
2907. **O que con rapaces se deita, manchado se levanta.**
2908. **O que con rapaces se deita, mexado se levanta.**
2909. **Orates fratres con rapaces nunca trates.**
2910. **Os nenos e os tolos din as verdades todas.**
2911. **Os nenos e os tolos din as verdades.**
2912. **Os nenos e os tolos din case todo.**
2913. **Os rapaces non son homes.**

Veciños

2914. **A mala veciña dá a agulla sen liña.**
2915. **O mellor amigo non é o veciño.**
2916. **O sol da porta non quenta.**
2917. **O sol da porta nunca quenta.** Sempre resulta máis interesante a xente de lonxe que a de preto da casa.

Política

2918. **Crece o honor e crece a dor.**
2919. **Medra o honor e medra a dor.**

Xenofobia

2920. **O que trae do estranxeiro a muller, problemas con ela ha traer.**
2921. **Zurdos, calvos e roibos non habían de estar no mundo.**

Educación

2922. **A conversación con persoa lida é media vida.**
2923. **Falar coa boca chea é de mala educación.**
2924. **Nin todo dar, nin todo negar.**
2925. **Ninguén nace aprendido.**

2926. **Nunca te creas inferior ao outro, só porque estudou moito.**
2927. **O que sabe, acerta.**
2928. **O saber non ocupa lugar.**

Oficios

2929. **A casa do rozador non lle leves o trigo ao sol porque che leva trigo e fol.** [Nota da Red.] Este refrán é máis usado coa palabra *rezador*; a forma *rozado*> podería ser un exemplo de labialización do *e* átono pero tamén existen os rozadores (homes ou grupos de homes que, a xornal, rozaban unha leira, cortando o toxo).
2930. **A cazador novo, can vello.**
2931. **Agulla e fío é medio vestido.**
2932. **Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador dunha cana, perden máis do que ganan.**
2933. **Costureira sen dedal, cose pouco e cose mal.**
2934. **Muller costureira e home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.**
2935. **No inverno faite taberneiro e no verán panadeiro.**
2936. **O bo gaiteiro, sempre foi bo casamenteiro.**
2937. **Pescador de cana, máis perde que gan**a.

Cregos

2938. **Abade que foi monaguiño ben sabe quen bebe o viño.**
2939. **O alcipreste non se rega porque crece coa lentura.**
2940. **O crego e mailo raposo, se perden a mañán, perden o día todo.**
2941. **O cura e o raposo, se perden a mañán, pérdeno todo.**
2942. **Predica meu frade, que o que che mandou que che pague.**

Crenzas

2943. **A Deus rogando e co mazo dando.** Débese intentar conseguir as cousas, pero facendo os méritos para acadalas.
2944. **A fe sen obras é fe morta.** [N. da Red.] Este refrán é cita literal da Carta de Santiago 2,17.
2945. **A misa do galo, unha vez ao ano.**
2946. **A San Andrés de Teixido o que non vai de vivo unha vez, vai de morto, tres.**
2947. **Cada un, na súa casa; e Deus, na de todos.**
2948. **A quen non ten fillos Deus lle apara sobriños.**
2949. **Home que madruga, Deus o axuda.**
2950. **Tanto vale o responso cantado coma o rezado.**
2951. **Cada un, na súa casa; e Deus, na de todos.**
2952. **A quen non ten fillos Deus lle apara sobriños.**
2953. **Home que madruga, Deus o axuda.**
2954. **A San Andrés de Teixido vai tres veces de morto o que non foi unha de vivo.**
2955. **Ano novo con xefe de casa, doce mortos no ano.** [Nota de E. Domínguez] Existe a crenza de que, se nunha parroquia o primeiro que morre no ano é un cabeza de familia, ese ano morrerán outras once persoas ata completar a ducia.
2956. **De hora en hora, Deus mellora.**
2957. **Deus *apreta / aperta pero non afoga.** Non todo sae sempre mal; algunha vez, algunha cousa sae ben.
2958. **Deus dá pra todos.**
2959. **En martes con merda te fartes.**
2960. **En martes nin porco mates nin churras deites nin pitos saques.**
2961. **En martes nin te cases nin te embarques.**

2962. **En martes non cortes nin plantes.**
2963. **En martes non plantes.**
2964. **En martes non te embarques.**
2965. **En Pascua, con quen quixeres; e no Entroido, coas túas mulleres.**
2966. **Máis vale a quen Deus axuda que a quen moito madruga.**
2967. **O que de noite asubía polo demo pía. / O que pola noite asubía, polo demo pía.** Non se pode asubiar de noite, porque é tentar o mal, chamar o demo.
2968. **O que dorme o día da Ascensión todo o ano é *dormilón.**
2969. **O que mata a unha abella ten cen anos de pena.**
2970. **O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.**
2971. **Os martes non te cases nin te embarques.**
2972. **Paxaro calado non fai mal agoiro.**
2973. **Pola noite de san Xoán pon a roupa na túa* silla.**
2974. **Quen perdiu e non encontrou, co demo andou.**
2975. **Se non queres ir de morto a San Andrés de Teixido, vai botando contas pra ir de vivo.**
2976. **Se queres que o neno che creza, coa auga do cu lávalle a cabeza.**
2977. **Todo o tempo pasado foi mellor.**
2978. **Un home non é home ata que escribe un libro, ten un fillo e planta unha árbore.**
2979. **Vaite, corvo, do pousado, non me traias un mal fado.** [Nota de E. Domínguez] O corvo é ave de moi mal agoiro e, cando voa en grupo ou cando se pousa preto das casas, a xente di que vai haber algún morto ou calquera outra desgraza.
2980. **Vale máis a quen Deus axuda que a quen moito madruga.**
2981. **Venres e martes non te cases nin te embarques.**
2982. **Xente que canta non pode ser mala.**

Médico

2983. **A mal mortal nin médico nin medicina lle val.**
2984. **Un médico cura, dous dubidan, tres morte segura.**

Compaña

2985. **Canto te vexo, canto te quero.**
2986. **Duro con duro, endexamais se fixo bo muro.**

Xeográficos

2987. **A San Andrés de Teixido vai tres veces de morto o que non foi unha de vivo.**
2988. **Ao pasar O Carromeiro ten coidado, mariñeiro / muiñeiro.** Na ría de Corcubión e Cee, entre a desembocadura do Xallas e a punta do Cabo Cee, hai un faro nunha rocha que non está habitado nin é visitable, con ese nome de Carromeiro [Número Nacional 03940 Latitude 42º54,40N Lonxitude 009º 10,80W].
2989. **En Conxo non están todos os que son nin son todos os que están.** Hai tolos en todas partes. Nin todos os que están mal da cabeza están internados no hospital psiquiátrico de Conxo (en Compostela), nin todos os que están alí, están verdadeiramente loucos.
2990. **En san Miguel non cae mel no Courel. Polo san Miguel, nunca hai mel no Courel.**
2991. **Na feira de Vilaverde, o que máis pon, máis perde.**
2992. **No camiño de Santiago tanto anda o coxo coma o sano.**
2993. **No Carballiño, bo pan e bo viño.**

2994. **O que é burro, tanto o é aquí como en Lugo.**
2995. **Para encaixes e puntillas, en Galicia, Camariñas.**
2996. **Son todos uns, coma os de Cuns.** [Nota de E. Domínguez] Cuns, que tamén é lugar en Outes, neste caso é a parroquia de san Vicenzo en Coristanco. O refrán sinala que os de Cuns eran xente moi unida, que asistía agrupada ás festas e que iso dáballes unha certa homoxeneidade de carácter.

Xogo de cartas

2997. **O primeiro que gaña, despois regaña.**
2998. **Trunfo repetido, xogo perdido.**

3. Informantes

3.1.Alumnado que colaborou achegando os materiais usados nesta recompilación:

CEIP Bormoio-Agualada

1. Abelenda Calvo, Samuel
2. Abelenda Camiño, Gonzalo
3. Abelenda Gómez, David
4. Abelenda Pose, Nicolás
5. Abelenda Pose, Rubén
6. Álvarez Caamaño, Cristina
7. Álvarez Couto, Luís Alberto
8. Alvarez Couto, Rubén
9. Álvarez Muñiz, Yolanda
10. Álvarez Rial, Diego
11. Amado Fernández, Vanessa
12. Amarelle Rama, Noelia
13. Ameijenda Mourelle, Irene
14. Andrade Fuentes, Ana
15. Andrade Fuentes, Paloma
16. Andrade Lema, Vanessa
17. Andrade Muíño, Iker
18. Añón Follente, Alejandro
19. Arantón Martínez, José Alberto
20. Bardanca Rojo, Lucía
21. Bardanca Rojo, Patricia
22. Bermúdez Fernández, Lucía
23. Bermúdez Fernández, Luís Angel
24. Bermúdez Pastoriza, Aurelio
25. Blanco Oliveira, Jénnifer
26. Bouzas González, Iria
27. Bouzas Lado, Natalia
28. Caamaño Ameijenda, Mercedes
29. Caamaño Vieito, Carmen
30. Caamaño Vieito, Rosa
31. Calvo López, Tania
32. Cambón Bastón, Eva María
33. Castiñeira Moreira, Félix
34. Castiñeira Rodríguez, Iván
35. Castro Álvarez, Begoña
36. Castro Álvarez, José Ramón
37. Castro Guillín, Sandra
38. Castro Rama, Fabián Jacobo
39. Castro Rial, Carmen
40. Castro Romero, Virginia
41. Collazo Bermúdez, Aroa
42. Costa Gabín, Diego
43. Couto Ferreiro, José Manuel
44. Couto Ferreiro, Miguel Ángel
45. Couto Ferreiro, Susana
46. Couto Tasende, Verónica
47. Cures Varela, Marcos
48. Deus Verdes, Víctor
49. Echegaray Suárez, Noemí
50. Facal Abelenda, Daniel
51. Facal Abelenda, Raquel
52. Facal González, José Antonio
53. Facal Martínez Bibiana
54. Facal Recarey, Patricia
55. Facal Santos, Nicolás
56. Fariña Lema, Inmaculada
57. Fernández Echegaray, Alejandro
58. Fernández Rial, María del Mar
59. Ferreiro Grille, Lorena
60. Fidalgo Mato, Diego
61. Figueiras Turnes, Alejandro
62. Fondo Fernández, Pablo
63. García Díaz, Laura
64. García Fernández, Uxía
65. García Rellán, Tania
66. Gerpe Calvo, Manuel
67. Gerpe Calvo, Uxía
68. Guiance Silvarredonda, Ana Mª
69. Knösch Souto, Elisabeth
70. Lage Mourelle Ramiro Manuel
71. Lage Mourelle, Ana Belén
72. Lema Núñez, David
73. Lista Pena, Adriana

74. López Fernández, Álvaro
75. López Rodríguez, Lorena
76. López Sousa, Sara
77. Lorenzo Amarelle, Sergio
78. Maroñas Gerpe, Elsa
79. Martínez Antelo, Rocío
80. Martínez López, Ángel
81. Martínez Vázquez, Rafael
82. Mato Oreiro, Soraya
83. Mira Costa, Mercedes
84. Moreira Albela, Rocío
85. Mourelle Mato, Genma Isabel
86. Mouro García, Samantha
87. Mouro Rey, José Manuel
88. Mouro Rial, Ana
89. Mouro Rial, Vanessa
90. Muíño Calvo, Leticia
91. Muíño Leis, Óscar
92. Negreira Mouro, Marcos
93. Negreira Pose, Noelia
94. Núñez Mato, María Jesús
95. Núñez Mato, Óscar
96. Núñez Núñez, Jéssica
97. Núñez Picallo, Carmen
98. Osinde Mourelle, Alejandro
99. Otero Picallo, Jénnifer
100. Otero Picallo, Sandra
101. Pardiñas, Cristina
102. Pastoriza Amado, Nerea
103. Pazos Álvarez, María
104. Peña Castro, William Guillermo
105. Pérez Abelenda, Antonio
106. Pérez García, Lucía
107. Pérez González, Andrea
108. Pérez Martínez, Tania
109. Pérez Rellán, David
110. Pérez Rellán, Marta
111. Porteiro Segovia, Raquel
112. Pose Antelo, José Manuel
113. Pose Pereiro, Patricia
114. Puga Fernández, Visitación* (1)
115. Rabuñal Andrade, Martín
116. Rama Castro, Tania
117. Ramón Rodríguez, Beatriz
118. Ramos Lage, María José
119. Recarey Rey, María del Carmen
120. Rellán Castro, Daniel
121. Rey Busto, Juan Manuel
122. Rial Couto, Valeria
123. Rial Martínez, Margarita
124. Rodríguez Pena, Ángel
125. Rodríguez Rial, Dolores* (2)
126. Rodríguez Souto, Mónica
127. Rojo Amado, Cristina
128. Romero Facal, Estefanía
129. Sánchez González, Joel
130. Sanchez Nieto, Javier
131. Sánchez Porteiro, Alberto
132. Sanchez Rama, Adriana
133. Silvarredonda García, Olga
134. Taboada Pardiñas, Anna
135. Taibo Lema, Sabino* (3)
136. Taibo Puga, Mª del Carmen
137. Tato Romero, Mónica
138. Teijeira Fernández, Ronald
139. Torres Zas, Cristian
140. Trillo Suárez, David
141. Varela Calvo, Sergio
142. Varela Lado, Lorena
143. Varela Martínez, Beatriz
144. Varela Mira, Alexandra
145. Varela Mira, Jéssica
146. Varela Muñiz, Damián
147. Varela Vázquez, Jannette
148. Veiga Facal, Nuria
149. Velo Termenón, Débora
150. Vidal Lema, María Teresa
151. Vila Fondo, Vanessa
152. Vila Sousa, Arturo
153. Vila Sousa, Julia
154. Vilariño Negreira, Laura
155. Zas Regueiro, Diego

* (1) = Nai alumna
* (2) = Persoa maior
* (3) = Pai alumna

CEIP Canosa-Rus

158. Abelenda García, Uxía
159. Andrade Gómez, Laura
160. Bello Martínez, Adrián
161. Bello Pardiñas, Alejandro
162. Calvo Caamaño, Sara
163. Calvo Pensado, Brais
164. Cambre Lamas, Lydia
165. Campos Blanco, Xairo
166. Cancela Pombo, Iván
167. Candal Vázquez, Nuria
168. Carracedo Pena, Mónica
169. Figueira Cerqueiro, José Manuel
170. Franco Rojo, Nerea
171. García García, Tania
172. Gesto Vilas, Noemí
173. Jeandon Rodríguez, Christian
174. Jeandon Rodríguez, Diego Stephan
175. Lema Seoane, Manuel
176. López García, Ismael
177. Lorenzo Alonso, Rubén
178. Mariño Porteiro, Laura
179. Marrozos Loureiro, Uxía
180. Martínez Rodríguez, Rubén
181. Méndez Añón, Marco
182. Mira Remuiñán, Martín
183. Pardiñas Lema, Inés
184. Pardiñas Mendes, Juan José
185. Parente Bermúdez, Xavi
186. Pensado Tasende, Andrea
187. Pombo Álvarez, Bruno
188. Reino Abelenda, Daniel

189. Rodríguez Carracedo, Diego
190. Rodríguez Mourelle, D. Susana (mestra)
191. Rodríguez, David
192. Souto Pérez, Paula
193. Suárez Balsa, Pablo
194. Torres Vázquez, Martín
195. Vázquez Calvete, María
196. Vázquez Viña, Sergio
197. Veiga Fernández, Samara
198. Viña López, Zaira

NOTA: Houbo outro grupo grande de alumnos (case un cento en total) que non asinaron as súas achegas.

3.2. Equipos de Dinamización da Lingua Galega (antes Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística):

C. Educación Infantil e Primaria Canosa- Rus

París Padilla, Cristina (coord.)
Ares García, Lorena
Rodríguez Mourelle, Susana
Sanfiz Pérez, Celia
Trigo Castiñeiras, Mª Dolores

C. Educación Infantil e Primaria Bormoio-Agualada

Domínguez Rial, Evaristo (coord.)
Brandón Rey, Vanessa
Cotelo Eirís, José Manuel
Diéguez Romero, Anxo Manuel
Fernández Fernández, Patricia
Martínez Bardanca, Ana Mª
Ramilo Calvete, Manuel

4. Referencias bibliográficas

APARICIO CASADO, Buenaventura (2011): "Outra volta co relato do abandono dos vellos", en *O tempo dos avós. Mitos e lendas da Terra de Montes*. Forcarei: Concello de Forcarei; 34-43.

BOUZA BREY, Fermín (1490-1982) "Referencias a una eutanasia familiar primitiva en el folclore gallego-portugués", en *Etnografía y folklore de Galicia* 1, Vigo: Edicións Xerais de Galicia; 81-91.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Tomo III N-Z*. Vigo: Editorial Galaxia.

VÁZQUEZ SACO, Francisco (1967-2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.* Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal e Mª Carmen Paz Roca. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5,2003. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

Recensións

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.

Os traballos que contén este volume foron expostos no "Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología" (Santiago de Compostela, 19-22 de setembro de 2006).

- **Elisabeth Piirainen**: "Phraseology from an areal linguistic perspective". A investigación fraseolóxica adoita partir do suposto da existencia dun conxunto homoxéneo de fraseoloxismos dunha lingua concreta vixentes no territorio xeográfico no que esa lingua se fala. Pero ese suposto non é correcto para todos os fraseoloxismos: porque os hai que só se coñecen dentro da área limitada na que se fala unha lingua concreta, pero tamén os hai que están en uso en áreas moito máis grandes e que sobardan as fronteiras desa lingua. Este artigo pretende sinalar os problemas da investigación nunha organización territorial e discutir dous proxectos sobre fraseoloxía, chamados "Survey on the Common Knowledge of Idioms in Colloquial German" ["O Coñecemento Común das Locucións no Alemán a exame"] e "Widespread Idioms in Europe and Beyond" ["Ditos espallados por Europa e máis alá dela"].

- **Roza Ayupova**: "Language convergence and its influence on the phraseological fund". As unidades fraseolóxicas (UFs) son unha clase particular de unidades lingüísticas. Son coñecidas por concentrar información cultural, porque as UFs sempre conteñen información acerca das tradicións, dos costumes, da cultura, da literatura e das peculiaridades do carácter dos falantes da lingua. As análises de UFs amplamente esparexidas nas linguas europeas demostran que unidades co mesmo sentido en linguas diferentes están baseadas en situacións diferentes. Por outra parte, atópanse locucións semellantes en distintas linguas europeas entre as que non hai nin filiación xenética nin contacto xeográfico. Neste artigo examinamos as linguas inglesas, rusas e tártaras, que pertencen a grupos lingüísticos distintos (xermánico, eslavo, turco). A análise dos fondos fraseolóxicos destas linguas demostra a existencia de moitas locucións compartidas. Isto é debido, en primeiro lugar, aos fenómenos universais nos cales están baseados os fondos fraseolóxicos en todas as linguas; en segundo lugar, é sen dúbida un resultado do proceso de globalización. As linguas menos dominantes parecen ter tomado prestadas UFs das máis dominantes. Estas últimas desprazaron locucións nativas e volvéronse máis populares ca elas no proceso de desenvolvemento lingüístico. Un exemplo disto é *take the bull by the horns* (inglés) – взять быка за рога (ruso) – угезне могезеннен алу (tártaro) ["levar o touro polos cornos"].

- **Violetta Benchik**: "Calcos fraseológicos del portugués en el español canario". A influencia lusa sobre o español canario afecta non só os niveis fonolóxico, gramatical, léxico ou sintáctico, senón que abrangue unha parcela lingüística tan resistente ao préstamo como a das frases feitas. O presente artigo inclúe a análise semántica dos modismos e dos xiros sintácticos de procedencia portuguesa que se arraigaron no

español canario e reflicte as coincidencias entre os campos léxicos do caudal canario maior afectados polo léxico luso, por unha parte, e o temario dos modismos de procedencia lusa no español canario, por outra parte.

- **Irina Olegovna Naumova**: "Phraseographical mismatches in Russian and English". O artigo fai fincapé na diverxencia dos datos obtidos da investigación nas fraseografías inglesa e rusa que se centraban nas orixes das unidades fraseolóxicas, ou máis concretamente na súa autoría. Analízase especialmente a orixe da frase popular tomada en empréstito do inglés, *a nation of shopkeepers* ['unha nación de tendeiros']. Existe unha diferenza entre a lingua de procedencia (o inglés) e a lingua receptora (o ruso) en canto á atribución da frase xeralmente aceptada.

- **Ľudmila Mešková e Miriam Olejárová**: "Les différences interculturelles des phrasèmes". Os países e nacións diferéncianse entre eles pola súa cultura. Os aspectos interculturais da comunicación espéllanse en diferentes ámbitos. Este artigo presenta algunhas características das culturas francesa, alemana e eslovaca relacionadas co concepto de tempo, propósito comunicativo, formas de pensamento, creatividade e flexibilidade. As diferenzas interculturais poden atoparse tamén na lingua. A fraseoloxía, como parte da lingua, reflicte a riqueza cultural dunha nación. Este artigo céntrase nas unidades fraseolóxicas específicas (neoloxismos) os textos económicos. A aparición de unidades fraseolóxicas específicas no francés compárase cos seus equivalentes de tradución. Debido a que non sempre é posible atopar un equivalente fraseolóxico na lingua eslovaca, estas expresións cáusanlles moitos problemas aos tradutores e a outros usuarios da lingua, e cómpre un coñecemento económico completo do problema. Para entender unha unidade fraseolóxica dada nunha lingua, é importante definila e dar exemplos no seu contexto.

- **Edith Le Bel Cabos**: "Approche lexicographique et traductologique du 'dire / decir' dans la phraséologie française et espagnole". Despois de ter abordado os problemas teóricos e metodolóxicos de elaboración dun dicionario francés español bilingüe de unidades fraseolóxicas de "dire / decir", preséntase un primeiro esbozo lexicográfico español-francés que lles poida ser útil aos tradutores. Este estudo insírese nun proxecto máis vasto e máis ambicioso que ten por obxectivo clasificar e describir unha gran cantidade de unidades fraseolóxicas que son moi frecuentes e que presentan numerosos matices pragmáticos.

- **Maria Luisa Ortiz Alvarez**: "*Cada macaco no seu galho*: um estudo dos padrões de uso dos provérbios brasileiros e seus equivalentes em espanhol e russo". Os ditos ou proverbios foron xurdindo a medida que os pobos foron desenvolvéndose historicamente. A maior parte destes dicires non teñen ningún certificado de nacemento. É posible observar con frecuencia unha migración dos ditos penetrando a través de culturas e comunidades limítrofes e adquirindo no proceso trazos típicos da área lingüística do seu novo domicilio. Moitos teñen un sentido figurado e formas especiais de expresión con interpretación distinta da súa lectura literal. Este tipo de fraseoloxismo, o dito proverbial, utiliza metáforas sinxelas para establecer a xeneralidade das regras que están por baixo, como un xeito de establecer o carácter de verdade xeral dunha proposición proverbial de tal maneira que é soamente refutable

mediante outro proverbio que implique o contrario: *Quem madruga Deus ajuda (acha o que comer) / Não é por muito madrugar que amanhece mais cedo*. A descrición de tipos comúns de figuras proverbiais pode tamén revelar os tipos de relacións metafóricas, metonímicas e sinedóquicas regulares na lingua. O feito de que as relacións semánticas en tales ditos poidan tomar diversas formas fainas aínda máis interesantes. Hai moitas posibles aproximacións ao estudo lingüístico de ditos ou proverbios. Prevese documentar patróns de uso dos proverbios en sociedades diferentes –neste caso, os de Brasil, Cuba e Russia– revelando as razóns, situacións de uso e intencións dos membros destas comunidades lingüísticas.

- **Lucília Chacoto e Dolors Català**: "Estudio contrastivo de los proverbios portugueses y españoles en el ámbito de las profesiones". Os proverbios son frases fixas dun valor didáctico incontestable. Pertencen ao legado cultural dos nosos antepasados. Foron obxecto de traballos de natureza semántica, estilística e pragmática máis que sintáctica. As autoras céntranse no seu estudo e establecen un corpus de proverbios portugueses e españois. A descrición baseada no seu léxico e na súa sintaxe enmárcase nos traballos do *Léxico-Gramática*. No marco deste artigo, despréndese un interese especial por proverbios do ámbito das profesións —particularmente rico neste tipo de frases— e o propósito de facer unha análise contrastiva léxico-sintáctica dos devanditos proverbios.

- **Carmen Mellado Blanco**: "Wortbildung und ihr Verhältnis zur Idiomatik im Deutschen und Spanischen". Este artigo céntrase na análise comparativa de construcións compostas no alemán e no español. En primeiro lugar, examina as cuestións implicadas na diferenciación entre a composición e a fraseoloxía, poñendo especial énfase nos criterios que definen a polilexicalidade. Os modelos específicos de compostos no alemán e no español que expresan comparación trátanse como un xeito de abordar as relacións entre as equivalencias lingüísticas.

- **Kseniya Kolba**: "Los meses del año en el refranero español y ucraniano". Este traballo presenta un estudo contrastivo do calendario español e ucraíno a través dos proverbios, con particular atención á relación entre a sabedoría metereolóxica e as tarefas agrícolas.

- **M. Celeste Augusto**: "O elemento zoomórfico na paremiologia: uma abordagem léxico-semântica contrastiva". Examínase un conxunto de proverbios portugueses, franceses, españois e holandeses desde un punto de vista lingüístico e cultural. Os proverbios seleccionan prognósticos meteorolóxicos relacionados coa conduta animal. O universo zoomórfico e o seu simbolismo son tomados como base para unha análise léxico-semántica que se concentra nunha comparación dos diferentes xeitos de conceptualizar das comunidades lingüísticas estudadas.

- **Marina García Yelo**: "Estudio contrastivo de las paremias relativas a la *casa* en francés y en español". Tomando como base a elaboración dun corpus de paremias francesas e españolas relativas ao concepto 'casa', descóbrese a microhistoria contida nas ditas paremias, co obxecto de realizar un estudo contrastivo dos aspectos lingüísticos e culturais, o que permite valorar se a proximidade xeográfica existente entre España e Francia inflúe de xeito determinante nos resultados obtidos. Dentro da

tipoloxía paremiolóxica, dedícaselles unha especial atención ás paremias populares, en concreto refráns e frases proverbiais.

- **Mari Carmen Barrado Belmar**: "Religión, sacerdotes, monjes y monjas en los proverbios italianos y españoles". Analízase como quedan reflectidas nos proverbios as crenzas relixiosas relacionadas con Deus, os sacerdotes, frades, monxes e monxas en Italia e España, e tamén os problemas de equivalencia, constatando as diferenzas e semellanzas existentes entre unha e outra lingua dende o punto de vista da expresión de crenzas e opinións relacionadas coa relixión. Aténdese neste sentido o valor sociocultural que permitirá captar a relixiosidade ou mesmo o anticlericalismo nas paremias de ambas as dúas linguas. Ademais nos casos en que se encontra a paremia nas dúas linguas vese que tipo de correspondencia existe.

- **Olga Billere**: "L'analyse comparative des proverbes français et lettons". A verdadeira causa que está na orixe dos proverbios é o ser humano e a súa obra. Tanto os franceses como os letóns asocian o traballo ao pan. En canto ao valor do traballo, prezado dende os tempos bíblicos, os franceses apláudenlle ao que se levanta cedo, mentres que os letóns matizan que o éxito acompaña a quen non dorme. Mentres que, en xeral, os proverbios letóns tratan de xeito metafórico as relacións agrícolas entre o campesiño e o propietario, os proverbios franceses acentúan o valor do traballo en xeral.

- **Radostina Zaharieva**: "L'idée du mensonge à travers la phraséologie française et bulgare". O obxectivo deste estudo é analizar o reflexo da mentira na lingua baixo as súas múltiples facetas a través das correspondentes unidades fraseolóxicas e comparar as concepcións que sobre este asunto teñen dous pobos: franceses e búlgaros. O artigo extrae as características máis importantes do acto de mentir, as imaxes máis típicas que se asocian con el, as especificidades pero tamén os trazos comúns, os valores universais compartidos nas representacións deste fenómeno.

- **Ana Mansilla Pérez**: "Emotionen aus phraseologischer Sicht im Deutschen und im Spanischen". Sería erróneo suxerir que ao mundo das emocións non lle afecta o fenómeno da metáfora. A lingüística cognitiva practicada por Lakoff e Johnson conduciu a algunhas análises interesantes que poñen de relevo o eido das emocións humanas, como a rabia e o amor. Este artigo estuda a fraseoloxía do mundo das emocións humanas en español e alemán e descobre unha gran cantidade de conceptos metafóricos mediante unha observación contrastada. O artigo conclúe que cómpre ter en conta unha gran cantidade de factores distintos. Os diferentes matices que caracterizan cada lingua son o resultado da interacción de factores socioculturais, pragmáticos e históricos.

- **Maria Sardelli**: "Las manos en los fraseologismos italianos y españoles". Neste artigo compárase un corpus de fraseoloxismos españois e italianos relacionados coas mans. Debido á importante cantidade de material encontrado, a autora limítase ao estudo das locucións verbais. Tras a consulta dos repertorios fraseolóxicos ao seu alcance, selecciona e analiza máis de oitenta expresións fixas dende un punto de vista semántico e formal.

- **Claire Nicolas**: "Locutions verbales et nombres cardinaux. Analyse contrastive français-espagnol". Para este traballo faise primeiramente un estudo minucioso e detallado do comportamento dos lexemas numéricos cardinais nas locucións verbais francesas e españolas. Para iso compróbase primeiro se o material fraseolóxico recollido nas dúas linguas cubre unha mesma realidade lingüística e, por conseguinte, se se presta para un estudo contrastivo. A continuación, limítase o corpus ás locucións verbais. Despois procédese ao estudo sémantico-sintáctico das locucións en ambas as dúas linguas. Sublíñase as principais propiedades e usos dos números cardinais no seo das unidades fraseolóxicas. Para rematar preséntase a análise detallada das locucións verbais que conteñen os números 0, 1, 2, 3 e 4.

- **Gonzalo Guillén Monje**: "Estudio contrastivo-culturológico de los antropónimos en unidades fraseológicas comparativas rusas y españolas: *la Biblia y los santos*". Este estudo está baseado nos antropónimos bíblicos presentes tanto na lingua rusa como na española. Nel inténtase demostrar a forte influencia que tivo a Biblia e o feito relixioso no arrequecemento do fondo fraseolóxico de dúas linguas europeas, é dicir, o español e o ruso. Non obstante, a fraseoloxía bíblica non influíu da mesma forma en cada unha das linguas motivo de estudo e isto é precisamente o que se analiza neste artigo. Unha última parte do artigo versa sobre como influíu a haxiografía na creación de UF sobre todo no material español. Os nomes de santos analizados na súa maioría fan referencia a persoas que realmente existiron, aínda que tamén se descobre que existen outros nomes inventados e que entran a formar parte de xogos de palabras.

- **Sabine Geck**: "Fraseología de la despedida en alemán y español. Una aproximación cognitiva". No artigo trátase o concepto da despedida dende o punto de vista da semántica cognitiva en alemán e en español. Para iso proponse en primeiro lugar o escenario cognitivo ou guión (por script) do acto da despedida seguido dunha panorámica das fórmulas rutineiras que forman parte del. En segundo lugar está a análise semántica das palabras que designan a despedida, e tamén doutras lexicalizacións do seu ámbito semántico (palabras compostas, locucións). Por último, analízanse as metáforas cognitivas que interfiren na conceptualización da despedida.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

CONDE TARRÍO, Germán (ed) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter Lang. 302 páxinas.

Os traballos que contén este volume foron expostos no "Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología" (Santiago de Compostela, 19-22 de setembro de 2006).

- **Gunn Aarli e Juan Antonio Martínez López**: "Las variantes geográficas de las UF: innovaciones y ajustes". As expresións fixas, como unidades léxicas que son, participan da plataforma cultural de cada pobo. Así, o mesmo que o léxico monoverbal, as devanditas expresións sufriron os efectos da propagación lingüística en zonas

xeográficas moi distantes. No dito proceso de propagación interviñeron as dúas forzas ás que xa aludiu Saussure: a primeira que tende a unificar e a afogar innovacións; a segunda que tende a favorecer as innovacións localistas como criterios de innovación, no desexo, ás veces, de reivindicar os seus propios valores socioculturais. Neste estudo preténdese poñer de relevo unha serie de procedementos mediante os que os falantes dun territorio fan súas determinadas UF, axustándoas ao seu ámbito e á súa propia idiosincrasia.

- **María Belén Alvarado Ortega e Leonor Ruiz Gurillo**: "Unidades de la conversación y fraseología: acerca de la autonomía de las fórmulas rutinarias". Este artigo amosa un estudo sobre a delimitación e as funcións das fórmulas rutineiras do español falado a partir da aplicación do sistema de unidades que propón Antonio Briz e o Grupo Val.Es.Co. en 2002 para a análise da linguaxe coloquial.

- **Iovka Bojílova Tchobánova e Nadezhda Spássova Kóstova**: "O contributo búlgaro para o desenvolvimento da fraseología e da fraseografía". O obxectivo do artigo é presentar a contribución científica búlgara ao desenvolvemento da fraseoloxía e da fraseografía, seguindo o método simplemente descritivo. É de destacar que a preparación e a publicación da redacción do *Dicionário Fraseolóxico da Lingua Búlgara* (Фразеологичен речник на българския език, 1974-1975, 2 vols.) con 13.000 unidades fraseolóxicas serve de impulso para a aparición dunha gran cantidade de estudos teóricos nos últimos 40 anos. Neste traballo preténdese dar conta tanto dos traballos sincrónicos, coma dos diacrónicos e tamén dos dicionarios fraseolóxicos, monolingües e bilingües. Tense a idea de que o tema é moi amplo e a cantidade dos estudos é inmensa. Por esta razón, esbózanse as liñas xerais que segue a investigación búlgara neste sector, nos nosos días: os traballos teóricos, a elaboración de dicionarios fraseolóxicos (monolingües e bilingües), a colección de bibliografía sobre os estudos fraseolóxicos e a organización de eventos científicos sobre o tema. É de destacar que o desenvolvemento da fraseoloxía en Bulgaria está estreitamente relacionado co desenvolvemento da fraseografia e co desenvolvemento da fraseoloxía na antiga Unión Soviética.

- **Maria Conca e Josep Guia**: "Unitats fràsiques en textos versificats. Notícia de l'*Espill*, obra catalana del segle XV de gran interès fraseològic". Neste traballo abórdase o estudo da presenza de unidades frásicas en obras literarias en verso, tanto dende a perspectiva do autor que as introduce coma dende o punto de vista do fraseólogo que fai a posterior localización. Para iso, analízanse as diferentes modalidades de inserción e sistematízase o procedemento de identificación, fixando novos conceptos, achegando definicións precisas de nocións xa coñecidas e presentando exemplos extraídos das literaturas medievais francesa, occitana, castelá, inglesa, italiana e catalá, ademais dos do *Espill*.

- **Norma Corrales-Martin e Maritza Bell-Corrales**: "Estudio morfosintáctico de refranes españoles desde la perspectiva de la gramática verbal". Este é un estudo baseado en 342 unidades fraseolóxicas recompiladas no transcurso de dous anos en Colombia. Dentro deste corpus, 165 *tokens* son analizados pola característica de non presentaren un verbo principal ou de teren un só verbo. Nesta análise as autoras

perciben que algunhas veces os chamados verbos de soporte non só son factibles de nominalización senón que poden ser elididos.

- **Lucilia Chacoto:** "*Vale mais um gosto na vida que três vinténs na algibeira*. Las estructuras comparativas en los proverbios portugueses". Dende un punto de vista formal, a comparación en portugués (mesmo nas construcións libres da lingua) non fora aínda obxecto dun estudo nin exhaustivo nin sistemático. As gramáticas, a miúdo, non fan distinción entre a *comparatio* e a *similitudo* e, en xeral, consideran só as comparativas de cantidade. Nos proverbios, cando se fala de comparación pénsase sobre todo na metáfora. O obxectivo deste estudo é aclarar algunhas cuestións terminolóxicas e analizar o léxico e a sintaxe dos proverbios portugueses que presentan unha estrutura comparativa.

- **María Isabel González Aguiar**: "La fraseología andaluza en la producción lexicográfica de José Mª Sbarbi". José Mª Sbarbi y Osuna (1834-1910) fixo carreira eclesiástica, aínda que tamén destacou o seu labor como músico, como folclorista e como filólogo. En concreto, sinálanse os modismos, enunciados ou refráns que rexistrou na súa produción lexicográfica como andaluces, co fin de reivindicar o papel que xogou este autor nos inicios das descricións fraseolóxicas do español falado en Andalucía.

- **María Isabel González Rey**: "Le rôle de la phraséologie dans la mise en discours de la langue juridique". A fraseoloxía ten un papel esencial na construción do discurso xurídico. Os seus principios, a fixación e a repetición, están vinculados ao carácter universal da lei. Posta en evidencia nos termos e na sintaxe sobre todo dos escritos lexislativos, a fraseoloxía sostén en realidade todo o pensamento xurídico. A súa función non se limita a unha simple cuestión terminolóxica, senón que representa unha disciplina da expresión escrita e oral que nace dun razoamento fixado polos conceptos e os procedementos xurídicos.

- **Françoise Hammer**: "*Dis-donc, c'est pas pour dire, mais entre nous soit dit*. Phraséologie et interaction conversationnelle". A partir dun estudo empírico, o artigo tenta extraer as funcións dos frasemas de *dire*, non tanto no cadro metadiscursivo da reformulación, coma no contexto da interacción verbal. Deste xeito os resultados obtidos permiten ver que a análise fraseolóxica pode contribuír á investigación dos procesos socioculturais nacentes.

- **Helena Kuster**: "Der Kanon klassischer Zitate - Ein System im soziokulturellen Polysystem". As citas procedentes de obras literarias, fragmentos de obras ou sentenzas de autores clásicos poden ser consideradas como un canon de citas, xa que son alusións aos autores canónicos e ás súas obras ou fragmentos. Isto explica o rico patrimonio de citas clásicas xurdido das continuas alusións a fragmentos de obras (como o corpus Büchmann de citas no ámbito lingüístico-cultural alemán). De acordo coa teoría do polisistema, segundo a cal cada cultura é un sistema de sistemas, considérase o canon de citas igualmente como un sistema en correlación con outros cosistemas no marco dunha determinada cultura. O canon de citas postulado asume, na súa calidade de canon de fragmentos, o papel de intermediario entre o canon literario e o canon de citas activo, e contribúe así decididamente á configuración dun sistema de canons de citas

activo. Simultaneamente, o canon de citas encóntrase tamén en correlación con sistemas lingüísticos, en concreto co sistema de fraseoloxismos, e iso en virtude da tendencia ás alusións e en virtude da función fática que domina nas alusións. As relacións intersistémicas no marco do polisistema vinculan entre si sistemas (de canon) sociais que se formaron na memoria colectiva, e que polo tanto deben ser analizados dende unha perspectiva sociocultural.

- **Abdendi Lachkar**: "Masculin/féminin, discours phraséologique et societé". Interrogarse sobre a alteridade do xénero nas prácticas lingüísticas é unha cuestión que pode encontrar o seu lugar en todas as disciplinas conexas. As locucións en uso teñen necesariamente unha dimensión sociocultural para os seus usuarios e poden corresponder a unha realidade do mundo e da linguaxe. Estas locucións dan conta da capacidade das palabras para representaren o pensamento social dos individuos. Son consideradas como unha rareza que se restrinxe a unha categoría en lugar da totalidade. En efecto, a sociedade, ao xeito dos gramáticos, toma estas expresións como "unha colección de impresións" ás que lles falta precisión, rigor e elegancia. Non obstante, o seu contido compartido entre a trivialidade e a dificultade reflexivas é unha realidade lingüística e psicosocial.

- **Ol'ga Lisyová**: "La función de los adjetivos relacionales en las frases nominales". No presente estudo preténdese analizar o proceso de lexicalización e fraseoloxización das unidades nominais coa estrutura N.+Adx. segundo o criterio da desmotivación semántica. Na opinión da autora, este criterio, o mesmo que os analizados habitualmente na bibliografía ao respecto, non recibiu a atención merecida. A autora sostén que a desmotivación semántica é patente tamén noutros niveis lingüísticos e leva consigo cambios de índole diferente. Tamén postula que a frecuencia do uso dunha determinada combinación libre de palabras conduce á súa desmotivación semántica. Esta última representa un proceso que está en dependencia mutua con outros procedementos como a cohesión dos elementos, a reproducibilidade e a idiomaticidade.

- **María Josefa Marcos García**: "Descripción formal de las unidades fraseológicas en francés y en español". As unidades fraseolóxicas caracterízanse pola fixación formal e esta é unha característica morfosintáctica. As linguas posúen uns esquemas fixos aos que se van adaptando as unidades. A partir destes esquemas, afóndase na análise dos aspectos morfosintácticos que caracterizan os fraseoloxismos. Segundo expresa a autora, aínda que nun principio o proxecto era máis ambicioso, foi necesario limitar o campo de traballo, posto que, o material lexicográfico é demasiado variado e extenso. Analiza, polo tanto, o funcionamento das locucións verbais, partindo das características do elemento máis importante: o verbo. Realiza o devandito traballo dende unha perspectiva contrastiva, establecendo paralelismos entre o francés e o español.

- **Olga Ozolina**: "Quelques apects de la parémiologie comparative". A presente investigación propón a análise semántica, estrutural e gramatical de 600 proverbios franceses e letóns. Permitiu descubrir as converxencias e as diverxencias, en forma e en contido, dos medios de expresión dos proverbios. Distinguíronse as expresións proverbiais, coa estrutura semántica e léxico-gramatical adecuada, e as unidades que se caracterizan pola súa identidade semántica, pero que posúen estruturas léxico-

gramaticais diferentes. O primeiro grupo comprende dous subgrupos: os que teñen a mesma estrutura semántica e estrutural e os que se parecen polo seu contido, pero que se distinguen no plano léxico-gramatical.

- **Walter Quiroga**: "Estudio de los criterios lingüísticos de adaptación paremiológica en el corpus argentino". No ámbito da lingüística, constátase hoxe en día e xa sen sorpresas un renacer vigoroso da paremioloxía. Raros son porén os estudos dedicados ao devandito tema en Arxentina, ou sobre os refráns deste país en Francia. Polo que respecta ao país sudamericano, esta ausencia é aínda máis aguda, excluíndo por suposto as análises folclóricas sobre os refráns locais. Animado por unha abundante literatura lingüística na materia, o autor destas páxinas inquire a validez dunha vulgata da que os seus argumentos son, as máis das veces, intuitivos; constata a moi forte pero non exclusiva herdanza española no corpus arxentino, e por último verifica certos parámetros lingüísticos da adaptación da dita herdanza á variante local do castelán.

- **Teresa María Rodríguez Ramalle**: "Análisis sintáctico y posición de las interjecciones impropias en la estructura funcional de la oración". Este traballo analiza sintacticamente o comportamento das interxeccións impropias formadas por sintagmas que experimentaron un proceso de desemantización e inmobilización. Son interxeccións impropias substantivos como: *lástima, suerte, ojo, cuidado*; adxectivos ou adverbios como *seguro, perfecto, claro*; verbos, xeralmente en imperativo: *anda, fíjate, toma*, *vaya, quita, venga, vamos* e, en xeral, expresións interxectivas procedentes de formas lexicalizadas como *gracias a Dios, menos mal de verdad, pobre de mí*, etc. Neste traballo, préstase especial atención á súa distribución, e á relación que establecen con outras unidades que tamén poden aparecer na marxe esquerda, tales como pronomes interrogativos e exclamativos, e adverbios oracionais de diferentes tipos. O obxectivo da autora é ofrecer unha proposta acerca do lugar que ocupan as interxeccións dentro da estrutura funcional da oración.

- **Marcin Sosiñski**: "A equivalencia entre tipos de locucións en castelán e en polaco". Os estudos fraseolóxicos contrastivos deben fundamentarse nun marco teórico que permita unha cómoda comparación de diferentes sistemas lingüísticos: a definición de unidades fraseolóxicas e a súa clasificación. A comparación das clasificacións fraseolóxicas presentadas para a lingua castelá e para o idioma polaco revela a existencia de numerosas e fundamentais diferenzas, mais tamén algunhas similitudes como a existencia dun grupo autónomo de locucións. Nesta intervención, reflexiónase sobre a posibilidade de establecer equivalencias ou, ó menos, paralelismos entre elas. Tamén se propoñen algunhas solucións prácticas.

- **Jean Philippe Zouogbo**: "Les études empiriques en parémiologie: les principaux axes méthodologiques pour les enquêtes et la constitution du corpus expérimental". Contribución á fraseoloxía e á paremioloxía empíricas (terreos fértiles nestes últimos decenios no seo da lingüística moderna) este artigo establece os campos e o estado da investigación nestes terreos e subliña o interese suscitado polos fenómenos lingüísticos que se agrupan baixo o nome xenérico de frasemas e, por extensión, de proverbios. A fraseoloxía e a paremioloxía empíricas, baseadas en análises cualitativas, pretenden volver a situar no uso estes feitos de lingua, avaliar a competencia e o traballo dos

falantes, probar a validez de certos usos entre certas poboacións, e establecer as obras de referencia mínimas para cada área lingüística e cultural. Por iso é lexítimo interrogarse sobre as técnicas e métodos da enquisa utilizada polos investigadores. Hai aquí unha cuestión de fondo, porque se fala de traballos que establecen postulados que, para algúns, teñen valor de dogma. Agora ben (esta é unha das observacións da presente contribución) non hai a día de hoxe ningún método ou desenvolvemento de enquisa que sirva de patrón ou referencia para este xénero de estudos. Insuficiencia notable, polo tanto, e susceptible de cuestionar o carácter científico das investigacións nestes eidos: porque ¿como proceder cando se afronta un estudo empírico en fraseoloxía e en paremioloxía? O presente artigo realiza un amplo inventario de traballos de investigación que se remonta ás orixes destas disciplinas. Marca para o lector os métodos que considera máis pertinentes e fai unha síntese deles. Esta síntese non pretende ser un un axioma senón ofrecer algunhas indicacións metodolóxicas estables que orienten o investigador poñendo en evidencia a súa liberdade de manobra na elaboración e desenvolvemento das propias hipóteses.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos.* José Enrique Gargallo Gil (coordinador) Maria-Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana i Tous y Antonio Torres Torres. Barcelona: Universitat de Barcelona. 334 páxinas.

Os urbanos non dependemos do campo (nin polo tanto da metoroloxía) para conseguirmos un salario. Por iso para os urbanos (incluídos moitos meteorólogos) un día soleado é *bo tempo* e un día chuvioso é *mal tempo*. Os urbanos paseamos e admirámo-la paisaxe. Un labrego, en cambio, nunca lle chamaría *paisaxe* ás terras que el e outros coma el traballan con tanto esforzo: os seus ollos non ven nelas paisaxe. Un labrego nunca pasea. Para un labrego un día soleado a destempo pode ser mal tempo e o mal tempo no seu tempo é bo tempo. Direino doutro xeito: a paremioloxía meteorolóxica é exclusivamente labrega, gandeira ou mariñeira; non urbana. Os refráns meteorólóxicos urbanos, se os hai, deben de ser ben poucos. Aparentemente os urbanos nunca miramos para o ceo, as nubes, os animais e as plantas: se cadra, porque o noso pan non depende do estado da natureza.

Pensaba eu que isto era privativo de Galicia pero o libro que vou comentar demostra, para min por primeira vez, que os labregos, gandeiros e mariñeiros romances non só teñen moi semellantes o calendario agromómico e as estratexias técnicas de adecuación ó medio natural senón tamén certas semellanzas na visión do mundo. E todo iso condénsase nun refraneiro meteorolóxico, que permite memorizar toda esa ciencia agronómica de maneira doada e eficaz.

A presenza dos mesmos e requintados aforismos en tódalas linguas e dialectos romances parece, polo tanto, fonte e resultado da semellanza dos traballos e os días dos

gandeiros e agricultores romances. E isto suscita moitas cuestións: unha delas, a de cal puido se-la fonte da que emanou esta doutrina internacional. ¿Foi o monaquismo cluniacense e cisterciense que reconstruíu Europa dende o campo e que dende o campo fixo unha revolución industrial xa na Idade Media como demostrou Jean Gimpel? ¿Ou vén desa confluencia de saberes que se produciu na antigüidade en Alexandría, en Atenas e en Roma? ¿Ou vén xa do inicio do Neolítico? Se para isto aínda non temos resposta, máis difíciles de responder son as preguntas que suscita a visión do mundo que hai por baixo de todas esas paremias romances tal e como se albisca nos últimos artigos deste libro, que reúne as actas do Primer Seminari Internacional sobre Paremiologia Romànica (PRISEREME) que tivo lugar na Universitat de Barcelona os días 25 e 26 de maio de 2009.

Se a creación dunha base de datos de refráns meteorolóxicos romances (BADARE)[1], baixo a batuta de J.E. Gargallo Gil, foi unha iniciativa brillante e fértil, que irá mellorando en volume e calidade cos anos, a posta en marcha dos Seminarios de Refráns Meteorolóxicos converteu a Universitat de Barcelona no epicentro dunha reflexión internacional sobre este corpus europeo. Este libro recolle os traballos do primeiro. A pluralidade de enfoques fixo deste primeiro Seminario a saborosa proba dos dous que seguirían no 2010 e 2011.

- **Germà Colón Domènech**: "Los refranes en la Romania". Tras unha reflexión terminolóxica, salienta a primeira evidencia que percibimos ó poñer en común a paremioloxía romance: a unidade do mundo occidental, que é compatible con diferenzas entre románicos e xermánicos, relixiosos e laicos, ricos e pobres. Tamén os hai peculiares de cada comunidade étnica.

- **Carlos Alberto Crida Álvarez**: "Los refranes meteorológicos y la herencia cultural grecolatina". A unidade cultural que crearon Grecia e Roma espéllase no refraneiro e Crida sorpréndese que non apareza nese fondo común a meteoroloxía, aínda que encontra algunhas trazas en Hesíodo (*Os traballos e os días*) e en Virxilio (*Xeórxicas*); pero fai unha importante referencia ó Neolítico, como posible orixe de moita paremioloxía meteorolóxica. Artigo que apunta a fontes non moi divulgadas e que marcan un camiño que cómpre explorar.

- **José Manuel Pedrosa**: "Paremias, creencias, ritos. Los augurios del cuco". Documentada análise dos refráns europeos do cuco que, por contextualizalos con contos populares e fórmulas máxicas do mesmo asunto, desvelan que todo ese conxunto de tradición oral é a parte visible das crenzas, supersticións, mitos e ritos subxacentes que chegan a nós en formato literario. Só a análise conxunta permite a luz, como demostra cando analiza un conto vasco do pastor e marzo que permite entender tantos enigmáticos refráns dialogados dese mes.

---

[1] BADARE (*Base de Datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*) xa é ben coñecida dos lectores de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* por informacións de Pilar Río Corbacho (11,2009,173-190 e neste mesmo número): esta ferramenta de traballo para o estudo da paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romania, na primavera de 2010, permitía consultar un amplo caudal paremiolóxico (unhas 10.000 entradas pertencentes a 34 linguas) na páxina de internet <http://stel.ub.edu/badare>.

- **Julia Sevilla Muñoz**: "La investigación sobre refranes meteorológicos en la revista Paremia". Julia Sevilla, precursora de tantos paremiólogos hispanos, fai balance dos primeiros 16 anos desa importante revista que tanto fomentou a investigación paremiolóxica, o intercambio de opinións e coñecementos, e, sobre todo, a aparición de novos investigadores. E sinala neste artigo que os temas máis recorrentes son a estrutura dos refráns, a meteoroloxía e a agronomía, a comparación interlingüística, a presenza na literatura e nos medios de comunicación: un enfoque maioritariamente lingüístico ou literario.

- **Pilar Río Corbacho**: "Contribución galega a BADARE". Describe de forma sintética o contido das 814 paremias meteorolóxicas galegas que hai en BADARE e que condensan a información indiciaria que ó labrego-gandeiro de Galicia lle ofrecen o comportamento dos animais, a aparición do arco da vella ou a forma das nubes, que el considera fiables por estaren fundadas na experiencia reiterada. Refírese sobre todo a dous bloques importantes: os que se refiren a unha data (388) ou ós animais (141).

- **Lucília Chacoto**: "Algumas observações sobre os proverbios meteorológicos portugueses". Reflexiona verbo dos proverbios portugueses presentes en BADARE. Contrapón os que son de ámbito local por teren unha referencia xeográfica (maiormente as numerosas variantes de... *nem bom vento nem bom casamento*) ou os xenéricos (*A água de Janeiro mata o onzeneiro*). Alude despois ós diferentes oficios que o refraneiro constata na muller e no home: a división do traballo por meses do ano e por sexos fai que, na opinión da autora, correspondan as mulleres os traballos non convertibles en diñeiro.

- **Antonio Torres Torres**: "La obra paremiográfica de Luis Martínez Kleiser y su representación en BADARE". Analiza a xigantesca recompilación do paremiólogo español Martínez Kleiser cos seus 65.083 refráns que reúnen o máis importante dos paremiólogos anteriores e o esforzo de ordenalos por temas nun sistema exemplar. Do *Refranero general ideológico español* (1983) nútrese a presenza castelá en BADARE. O autor comenta algunhas das observacións do interesantísimo prólogo de Kleiser, detense na personificación dos meses (cos que se chega a dialogar) e tamén de certos meteoros e comenta o que acontece cos refráns exportados a América. Utilizando palabras anteriores de S. L. Arora, conclúe que BADARE permite unha colaboración internacional que provocará un salto cualitativo na paremioloxía meteorolóxica.

- **Vicente Franco Anchelergues**: "Asturias, Navarra y Aragón en BADARE". Suxerente comparación conceptual e formal de paremias meteorolóxicas de Asturias, Navarra e Aragón. Conceptualmente compara os fríos serodios, os roibéns matutinos, os montes con sombreiro, os indicios que ofrecen os animais ou cousas coma o candil, a cinza, a feluxe, a madeira ou o sal; os dialoxismos entre meses que emprestan días a outros. Tamén dá unha presa de refráns humorísticos que expresan un prognóstico autocrítico: *Fornigas en ringlera, temporal... u serenera. Cuando la aloda canta, agua viene; pero aún es señal más clara, cuando llueve*. *Esta sequera se acabará cuando llueva*. *Siempre que veigas boiras grasas os domingos a puesta de sol, al otro día, lunes.* Este tipo de mensaxe irónica e ambigua demostra que o home refraneiro é máis científico do que habitualmente se concede.

- **José Enrique Gargallo Gil**: "Representació catalana dins BADARE". A lingua con máis entradas en BADARE é o catalán, con 1774 fichas que encaixan en tres conceptos: cronoloxía (estacións, meses, datas, partes do día), meteoros (choiva, neve, vento, brétema, tronos, lóstregos, frío, calor, ceo, choiva, arco da vella, montañas con sombreiro) e miscelánea (lúa e estrelas, prognósticos dados por animais e cousas, referencias a topónimos etc). No artigo emparéllanse refráns cataláns cos equivalentes doutras linguas de BADARE para un comentario crítico dos que fan prognósticos a longo prazo (*lluna setembrina* ou *d'octubre*), valorando máis os de prognóstico máis curto (*Cèu rogent, ratlla de Sant Martí*). Pero tamén comenta conxuntos paremiolóxicos ben definidos en BADARE: os diálogos entre meses, os consellos de abrigo, o *estivet de Sant Martí,* o *cel aborregat,* a *oreneta que vola per terra* ou os montes *que portan capell*. Resulta unha boa mostra das posibilidades de BADARE.

- **Maria-Reina Bastardas Rufat**: "Tractament dels refranys meteorològics occitans dins *Lou Tresor dóu Felibrige* de Frederic Mistral". Analiza os 660 refráns meteorolóxicos occitanos contidos na obra enciclopédica (2.300 páxinas) que Mistral empezou a publicar en 1878 e detense nos 60 refráns do mes de abril para analizar onde os inclúe, como trata as variantes, cando os explica. Mistral, o gran normalizador da lingua occitana, non indica a procedencia de cada refrán porque aí, como é habitual na lexicografía, os refráns teñen a función de simples exemplos de uso da palabra que encabeza a entrada. O artigo contén un magnífico apéndice no que se reproduce unha parte deses refráns, e mesmo ofrece o facsímile dalgunha entrada.

- **Aitor Carrera Baiget**: "Provèrbis meteorologics en occitan dera Val d'Aran. Arrepòrt dera situacion actuau des donades sus eth gascon dera nauta arribèra de Garona". Describe a dispersión das paremias aranesas, carentes dunha recolleita sistemática e expostas á suplantación por paremias doutras partes da Gascuña ou da Occitania e mesmo por refráns traducidos do catalán. Ofrece un inventario crítico das escolmas existentes: o excursionista Soler i Santaló (196), o poeta Jusèp Condò (1896,1914), o xuíz galego en Arán Fermín Bouza Brey (1928), o Institut d'Estudis Ilerdencs (1962), a revista Terra Aranesa (1978), Joan Coromines (1990), o Centre de Normalisacion Lingüistica dera Val d'Aran (1992), Cels Gomis (1998) e Ricard Serra (1998). Analiza as relacións entre elas. Di que os refráns coma a toponimia manteñen vivas palabras perdidas no uso diario e que, ben estudados, axudan a coñece-la cosmovisión tradicional aranesa.

- **Germán Conde Tarrío**: "Labores do campo e refráns meteorolóxicos en galego, castelán e francés". Despois de explicita-los matices que distinguen a agricultura galega non só da mediterránea e da francesa senón tamén da actividade mariñeira, porque a emigración dos máis activos deixaba a agricultura nas mans dos máis débiles, ofrece os refráns que máis caracterizan a agricultura no inverno e no verán. A carón deses refráns galegos ofrece (e algunha vez contrapón) paralelos en xeral franceses. Este conxunto ordenado de paremias, cos seus oportunos comentarios, constitúe un didáctico calendario da actividade agrícola atlántica que ten o mérito de estar elaborado por un filólogo con previa experiencia labrega e que sabe ben do que fala.

- **Jean René Klein**: "Enseignements et vicissitudes d'une expérience parémiologique. La constitution d'une base de données des proverbes français DicAuPro (Dictionnaire automatique et philologique des proverbes français)". DICAUPRO é unha base de datos de 1700 refráns franceses, que conteñen 25.000 variantes e todos coa súa fonte ben identificada. O sistema xerárquico permite non só ver tódalas variantes e maila primeira documentación senón que tamén permite establecer razoablemente a forma canónica. Exemplifica cos seguintes. *On ne prend pas les mouches avce du vinaigre. Oignez vilai, il vous poindra; poignez vilain, il vous oindra. Il n'y a si bon cheval qui ne bronche. Qui a bu boira. Bonjour lunettes, adieu fillettes. Les lunettes et les cheveux gris sont des quittances d'amour.* A característica disposición en cadros diacrónicos é resultado dunha rigorosa análise de cada peza en si e no conxunto e facilita moito a análise do material paremiolóxico.

M. Valeria Miniati: "Marcatori meteorologici e previsioni del tempo nelle tradizioni popolari italiane". A previsión do tempo na actividade agrícola equivale á prospección do mercado nunha industria: isto é o que fixo nacer moitos refráns meteorolóxicos. O artigo de M.Valeria Miniati recolle un rico repertorio de indicios que permiten planifica-la actividade agrícola a longo e curto prazo formulados nas diversas linguas e dialectos de Italia. Artigo sólido pola cantidade de linguas e dialectos, de feitos meteorolóxicos e de elementos sincrónicos (e por veces diacrónicos) que a autora tece nun discurso ben fiado. A explicación do despertar do oso e do lagarto fai comprende-lo verdadeiro senso dos refráns do sorriso ou do pranto da Candeloria. A afirmación de que os refráns da choiva non falan tanto de cantidades estatísticas senón de oportunidade ou inoportunidade nun determinado mes, a interpretación física do comportamento dos animais, e tamén a insistencia en que os refráns son expresión dunha visión do mundo que entende a vida como un movemento cíclico e regular e no que as asociacións analóxicas son unha das claves de interpretación (p. 214) poñen en evidencia que a autora quere e sabe ir máis alá da forma material do refrán. Artigo ben informado (mesmo cando cita elementos litúrxicos) e aberto á antropoloxía, como ten que ser, porque os refráns son material científico e antropolóxico nun envoltorio literario.

- **Temistocle Franceschi**: "La paremiologia territoriale (geoparemiologia) in Italia. Meteorologia e calendario nell'Atlante Paremiologico Italiano (API)". Artigo no que o creador da xeoparemioloxía describe o nacemento desta disciplina en 1968 na Università di Urbino, a partir dos datos do Atlante Linguistico Italiano pero que, felizmente, aínda non está pechada. Afirma que esta xeración é a última que pode recuperar proverbios vivos, que hoxe só viven nos dialectos e cos dialectos van morrer. Fai unha matización terminolóxica verbo do proverbio (*valere un Perù, lottar contro i mulini di vento*), que distingue do dito didáctico (*Chi vuole un bell'agliaio lo metta di gennaio*) e do dito paremíaco (*Chi va piano va sano. Ogni promessa é debito*): este último é o que el considera verdadeiro proverbio. Ofrece despois unha interesante mostra de 500 refráns sobre os ventos, os montes con sombreiro, as nubes de la, os roibéns, o arco da vella, o temporal matutino, o orballo máis eficaz cá choiva, a xeada, a neve, o sol barbado, a lúa e a estrelas; e despois os supersticiosos: os anos que traen moito de algo, os meses con erre, as sortes dos primeiros 12 días de xaneiro, os días da

semana etc. A escolma é tan rica de matices e tan suxerente (mesmo nas contradicións duns refráns con outros) que fala de seu e o autor deixa ó lector os comentarios.

- Giovanna Ceccarelli: "I proverbi meteorologici nella tradizione della Svizzera italiana". Os campesiños dependen da meteoroloxía e por iso a observan con extrema atención, condensando en fórmulas a experiencia milenaria. Os urbanos somos indiferentes a esta ciencia, porque aparentemente non dependemos do clima para gaña-lo pan. Esa ciencia meteorolóxica, que condensa as observacións dos campesiños, fíxase e transmítese oralmente por medio de elementos formais que axudan a gravala na memoria. O artigo ofrece un repaso paremiolóxico polas peculiaridades de cada mes e polos indicios que ofrece o que chama *libro aberto dos animais*, das plantas e dos astros do ceo. Constata que o primeiro semestre do ano é moito máis produtivo paremioloxicamente, tanto en volume coma en contidos, porque é a época do ano na que se precisa que conflúan moitos factores para acada-la produción e o alimento do ano enteiro; e que a segunda metade é menos produtiva pero fala das colleitas e da intimidade socializadora. Resulta grato neste artigo que a cita sexa sempre na forma lingüística (dialectal) orixinal pero que acompañe sempre a tradución en italiano estándar, que nolos fai transparentes ós foráneos; tamén é grato que non se oculte o feito das (¿aparentes?) contradicións entre refráns, que tamén sinalou T. Franceschi; que se sinale o carácter hiperbólico dalgúns refráns (en Airolo din que coa primeira choiva de agosto acaba o verán (*La prüma aqua d'aóst la ména vía la stèd*); e en Galicia, na Pontevedra de clima benigno, tamén se di que *Despois da Peregrina* [16.8], *inverno encima*).

- Gabriele Iannàccaro: "I proverbi della meteorologia in ladino dolomitico". Nesa zona extrema da Romania, xa en contacto con linguas xermánicas e eslavas, o autor reflexiona sobre os refráns meteorolóxicos non como lingüista estrutural que observa paralelismos e significados senón como lingüista pragmático, antropolóxico e histórico que busca o impacto comunicativo, as raíces culturais e a etimoloxía. Observa que nos refráns ladinos aparecen santos peculiares (Rozintruda, Gorgon, Conigonda, Ghéadra, Vito); que os ladinos axeitan os refráns ó seu peculiar clima que en maio aínda ten neve; que senten impotencia ante abril, do que non saben qué dicir, porque, coma as mulleres, fai o que lle parece (*Del meis d'Aorì ne san che dì: el fege co quel ó, les eles fege anche insci*), refrán, por certo, moi significativo, xa que, mentres o home se di *cristian* (como nalgúns refráns galegos), a muller é simplemente *ela,* o que indica que o home é o representante da casa mentres que a muller queda relegada a cousas secundarias ou a ser portadora de tradicións non cristiás (bruxería, medicina popular etc.), cousa curiosa tan preto de Trento. Tamén observa que na paremioloxía ladina tamén funciona a estrutura románica de que as temperaturas e fenómenos atmosféricos deben presentarse no seu xusto tempo os refráns; que con eles fan tamén xogos manipuladores de palabras (do tipo "Se febreiro non febreirea...": *Se Jené no'l jeneéa e Firé no'l fereéa, Marz e Oril tira na corèa*) e que funcionan como servizo de predición meteorolóxica para gobernarse en tempo. Estes datos e, sobre todo, a análise lingüística demostra que a Romania chega ata alí pero que alí ten xa influencias trentinas, vénetas e sobre todo xermánicas.

- **Joan Fontana i Tous**: "Beât ţăranul... Março, abrils i maigs als refranys friülans i romanesos sembrats a BADARE". Os 619 refráns friulanos e os 378 romaneses de BARDARE suxeriron estudar comparativamente a paremioloxía friulana (70) e romanesa (25) da primavera. O primeiro, o caprichoso marzo (*il re dai caprits*) que fai o que en galego chamamos *marzadas*. O estudo sitúa os refráns de marzo, abril e maio primeiro nas tradicións étnicas friulanas e romanesas que lles dan sentido (por exemplo as sortes que os romaneses sacan dos primeiros nove días de marzo, os días das vellas (*Zilele babelor*), a historia da *Baba Dochia*, o costume romanés de regalar a *Mărtişor* (equivalente á *Martenitsa* dos búlgaros); seguidamente as paremias describen as características climatolóxicas de cada mes e maila relación ou a influencia da meteoroloxía dese mes na dos outros meses do ano. O autor sitúa todo este material no conxunto dos datos que BADARE ofrece dende o Atlántico ata o extremo oriental da Romania.

-D. Munteanu: "Elementos de mitología autóctona en refranes rumanos meteorológicos y del calendario". Nos refráns romaneses os *Moşi* son algo parecido ó que os galegos chamamos *as almiñas,* os devanceiros: nalgúns casos divinizados e posteriormente encriptados en lendas de santos con rituais relixiosos ou en lendas laicas con rituais lúdicos. Noutra linguaxe as mesmas raíces dan en Galicia a Santa Compaña e os entroidos máis arcaicos. A outra historia é a da *Baba Dochia*, a vella Dochia que ousou subir ó monte en marzo, aproveitando uns momentos de sol, e despois morreu conxelada e petrificada no alto do monte: tal aconteceu nos nove días primeiros de marzo en memoria das nove mozas que acompañaron a Baba Dochia, que dá unhas sortes para adiviña-lo tempo dos nove meses seguintes pero tamén a sorte da persoa nese ano. Describe tamén *Dragobete* (24.2), personaxe mítico do inicio do celo dos animais e do mocear dos mozos; *Rusaliile* (Pentecoste) día no que arden os tesouros, é dicir, vese un lumiño onde hai un tesouro, cousa que evoca inmediatamente que así foi como Teodomorio descubriu en Compostela a tumba de Santiago; as *Mărtişor* que levan mulleres, nenos e mozos dende o 1 de marzo e finalmente a historia do oso (*Ursul*) que sae o día da Candeloria e, se vai sol e ve a súa sombra, regresa ó seu letargo. Todos estes elementos son fonte de paremias.

Se agora se refundisen organicamente cos seus comentarios tódolos refráns que, dende diferentes países, linguas e dialectos, converxen neste libro, teriamos unha verdadeira enciclopedia de paremioloxía meteorolóxica. Pois, en boa medida, iso é, ou está chamada a ser, BADARE.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 314 páxinas.

Como se di na recensión anterior, o equipo que coordina J. E. Gargallo Gil na Universidade de Barcelona, conseguiu non só crear unha base de datos de paremioloxía meteorolóxica romance (BADARE) senón tamén realizar en tres anos tres encontros internacionais sobre paremioloxía e meteoroloxía. No segundo encontro, que agora se comenta, os coordinadores quixeron esculca-los confíns da Romania (do Atlántico lusófono, á Suíza xermano-latina e ós arumanos do Sudeste de Europa) e, de camiño, botar unha ollada ó que queda pola banda de fóra da nosa estrema lingüística: Euskadi, Bretaña, a Suíza alemánica, os pobos eslavos, albaneses, búlgaros e gregos das costas adriáticas; e tamén ó maltes. Con razón se subtitula este libro: *Ai confini dell'Europa romanza.* Corresponde ó encontro do *Segundo Seminario Internacional sobre Refranes Meteorológicos de 27 e 28 de maio 2010* onde se encontraron estudosos/as europeas de diferentes áreas científicas e humanísticas. As actas, que acaban de ve-la luz neste volume de 2011, ofrecen os artigos que seguen:

- Lucília Chacoto: "Semellanças e diferenças dos provérbios meteorológicos no espaço lusófono". Sendo a lusofonía un mundo europeo, africano, asiático e americano cabe preguntarse se hai un único adaxiario portugués, que se impón en toda a área lingüística, ou se os refráns meteorolóxicos se adaptan ás peculiares condicións climáticas, topografía, toponimia, fauna, estacións do ano peculiares de cada lugar e se neles asoman os rexionalismos de cada zona (máis especificamente no Algarve, nos Azores e no Brasil). Conclúe cun par de propostas para engadir nas colecções de proverbios: 1) indicar cales proverbios meteorolóxicos son de uso restrinxido indicando a área xeográfica onde foron recollidos e 2) sinalar aqueles que teñen un uso xenérico.

- Javier Calzacorta Elorza: "Los refranes meteorológicos vascos: dos colecciones poco conocidas". Comeza explicando a estrutura dos refráns atmosféricos vascos: *Se A, entón B* é a estrutura que comparten refráns do francés, do castelán e do éuscaro (analizan o elemento augural A e a consecuencia B); trata tamén refráns atmosféricos dobres: *Se A, entón B; se C, entón D*. A segunda parte do traballo considera o contido dos refráns en datas clave como a Candeloria e os solsticios de verán e inverno, e do santoral no elemento *A*. O principal obxectivo deste traballo foi o de ofrecer dúas colecções de refráns meteorolóxicos vascos pouco coñecidas: a da revista *Eskual Herria* de California e os refráns marítimos recollidos por Evaristo Bustinza.

- Jean Le Dû: "Les dictons météorologiques de la Basse-Bretagne". A Bretaña occidental (Bas Bretagne) fala bretón (*brezoneg*) e a Bretaña oriental (Haute Bretagne) fala unha lingua romance (*gallo*). Jean Le Dû empeza lembrando a polémica de 1868 sobre a autenticidade da grandiosa recompilación que fixo Villemarqué, titulada *Barzas-Breiz, chants populaires de la Bretagne* (1839), e que acabou acusada de falsificación ó estilo do *Ossian* de J. Macpherson. Posteriormente Sauvé na parte céltica e Sébillot na romance recolleron o refraneiro. Jean Le Dû afirma que as paremias célticas da Bretaña occidental veñen sendo, máis ou menos, as mesmas que noutras linguas europeas, porque responden ó mundo conceptual do labrego-gandeiro

europeo, que mestura crenzas cristiás e tradicións milenarias. Remata dicindo que hoxe a xente fíase máis do prognóstico da TV que dos refráns.

- **Hans Bickel: "**Dictons météorologiques de la Suisse alémanique. Aspects historico-linguistiques, sources et rapports interlinguistiques". O artigo, que se inicia cunha sinopse diacrónica dende o galo-romano á xermanización do século VI e á actualidade, permite constatar que, polo de agora, non hai unha pescuda lingüística sistemática dos refráns da Suíza xermana e aínda menos dos meteorolóxicos. Só hai recolleitas de paremioloxía das catro rexións lingüísticas de Suíza pero tampouco se investiga a influencia entre elas. O autor sinala as bases do que debería ser unha paremioloxía comparada en Suíza, por outra banda, prometedora.

- **Gabriele Iannàccaro:** "'Broahut volli a hut, all moanada gnug'. Proverbi meteorologici nelle comunità walser a sud delle Alpi". Este capítulo, que complementa o de Hans Bickel, analiza os refráns desa zona de fronteira xermano-romance e amosa como neste territorio dos dialectos walser, no que ninguén é monolingüe, os refráns están construídos con léxico e morfoloxía xermánica pero con sintaxe romance e que, aínda así, teñen máis pureza e menos interferencia cá fala normal. Tamén se usan proverbios directamente romances. As influencias da paremioloxía romance proceden maiormente dos dialectos lombardos.

- Roberto Fontanot: "Els refranys meteorològics als dialectes de les costes vènetes i istrianes". Fai unha achega ó estudo da historia lingüística e cultural da área comprendida entre Chioggia e Pola nas costas máis setentrionais do Adriático –tamén chamada Golfo de Venecia– que comparten unha orixe común. Trata de discernir, na paremioloxía meteorolóxica, o que provén da influencia veneciana e o que pertence á neolatinidade autóctona das falas destas zonas. Para isto analiza a distribución topográfica dos refráns e pescuda nas variantes das paremias (a nivel léxico, na prótase e na apódose e os engadidos) para ve-la súa evolución e tentar explica-la súa diacronía.

- **Simona Škrabec: "**Poesia i paremiologia: un exemple des d'Eslovènia". France Prešeren (1800-1848) foi un escritor que nesa época crucial para tódalas linguas menores de Europa quixo salva-lo esloveno, non recollendo a tradición oral como se fixo noutras linguas, senón dignificándoo coa difícil disciplina do soneto e, aínda máis difícil, cuestionando as crenzas tradicionais e propoñendo unha reflexión crítica. Este artigo, que, en parte, é un breve ensaio sobre as complexas relacións entre a poesía e o universo do saber ancestral, estuda o segundo soneto de *Poezije* "Oh, Vrba!" no que analiza, parafrasea e sitúa un dos dez proverbios meteorolóxicos máis frecuentes na lingua eslovena: *Po toči zvoniti je prepozno* ['Despois da sarabiada xa é tarde para repenica-las campás'].

- **Nikola Vuletić: "**L'herència cultural romànica als refranys meteorològics del croat txacavià". Analiza a paremioloxía do croata chacaviano a partir do material oral relacionado co mar recollido a través de enquisas nas illas de Murter e de Dugi Otok (arquipélago de Zadar). Estuda a influencia románica (veneciana) e os calcos paremiolóxicos: por unha banda trata os refráns italorrománicos que se utilizan inalterados pero adaptados á fonoloxía croata; pero sobre todo atende noutro apartado máis extenso os que si foron adaptados ó croata. Finalmente, para facer posible unha

paremioloxía comparada reivindica a compilación dos refraneiros máis completos das falas adriáticas croatas e do veneciano dálmata e istriano.

- Ivan-Boško Habuš: "L'element romànic als refranys meteorològics de l'arbënishtë de Zadar". Este capítulo presenta unha realidade pouco coñecida: a lingua arbënisht, do barrio zaratino de Arbanasi, en Zadar (Croacia), que é a que fala a comunidade albanesa que se estableceu alí hai uns 300 anos e que ten as lóxicas influencias romances, eslavas e albanesas. Todo isto espéllase na paremioloxía.

- Francesco Altimari: "Proverbi meteorologici delle comunità arbëreshe d'Italia". Analiza refráns e locucións de falas *arbëreshe* (italo-albanesas) da Italia central e a súa incidencia na cultura agraria tradicional e tamén na maneira de vivir consonte o calendario mes a mes. Ofrece algunhas correspondencias das áreas romances limítrofes italo-meridionais e tamén fai algunha analoxía coas áreas albano-balcánicas de orixe.

- Antonio Romano: "'Quando il vento soffia, facciamo come la canna'. La paremiologia grika e salentina tra meteorognostica e metafore meteorologiche". O grico é unha variante italiana do grego moderno (deriva probablemente dunha inmigración medieval a un territorio onde dende mil anos antes xa había colonias gregas) e que se escribe con caracteres latinos. Fálase hoxe na punta e no taco da bota italiana. O autor achega e analiza 83 paremias meteorolóxicas, das que algunhas cadran coas da Romania pero non poucas presentan un contido orixinal. Sorprende a 18, que valora máis a choiva de marzo e abril có "cabalo e o teu carro", por ser un tema forte na fraseoloxía galega

- Mario Cassar: "Maltese meteorological and calendar proverbs". O maltés non é un simple dialecto árabe, senón unha lingua semítica con superestrato románico, vivo na fronteira europea dos romances. Analiza unha mostra de refráns meteorolóxicos e do calendario en Malta a partir dos estudos de AQUILINA (1911-1997) publicados en 1986 en *A Comparative Dictionary of Maltese Proverbs* (Malta: The University of Malta). Moitos destes refráns deixan ve-los vínculos socioculturais e políticos existentes entre Malta e outros países do Mediterráneo, porén o achado de determinados calcos e traducións literais indica que son herdados principalmente a través de Sicilia e do sur de Italia. Tratan do tempo, do matrimonio e das tarefas agrícolas e da caza e, aínda que non sempre reflicten a verdade, constitúen xeneralizacións aceptables da mesma.

- **Manuela Nevaci: "**L'aroumain: aspects ethnographiques réflétés dans un dialecte roumain parlé dans les Balkans". Os arrumanos fărsherots viven en Albania pero tamén en Grecia, Macedonia. Hai arrumanos tamén en Bulgaria, Serbia e Romanía. Neste artigo estúdanse os que viñeron dos Balcáns e que se estableceron en Dobrudja e que son os que teñen unha fala máis próxima ó romanés. Pobos trashumantes en función dos pastos para as ovellas. O artigo é unha breve pero interesante descrición etnolingüística deste pobo.

- **Tania Dimitrova Láleva: "**Paremias meteorológicas relacionadas con la primavera. Sobre el material búlgaro en comparación con el español y el rumano". Analiza as paremias relacionadas co tempo inestable da primavera e a súa influencia na

agricultura. Repara na predición dos tronos segundo o mes no que se dean e segundo a dirección que collan; no vaticinio derivado da observación dos animais –as andoriñas, o cuco, a cegoña e as ras–; en cómo se presenta marzo e nos meteoros propicios para os meses de febreiro, abril e maio. Todo isto comparando o búlgaro co español e co romanés.

- **Nicolae Saramandu: "**Les enseignements d l'Atlas Linguarum Europae (ALE)". Os atlas lingüísticos multilingües (Atlas Linguarum Europae ou o Atlas Linguistique Roman) que ofrecen os consabidos mapas onomasiolóxicos e semasiolóxicos, crearon, entre outras innovacións, unha nova maneira de interpreta-los datos léxicos, coa elaboración de *mapas motivacionais,* que permiten visualiza-la mentalidade común dos falantes de linguas diferentes. Todo axuda a facer luz sobre a motivación e a remotivación do signo lingüístico.

- Javier Martín-Vide: "Qué tienen de verdad los refranes meteorológicos?". Este importante artigo analiza os refráns meteorolóxicos dende o punto de vista da ciencia meteorolóxica e, despois de sentar conceptos básicos de meteoroloxía e de previsión meteorolóxica, clasifica os refráns segundo a súa finalidade (preditivos, descritivos do clima ou do comportamento de animais, dos labores agrícolas, dos meses, os desiderativos ou os preventivos), segundo o elemento observacional (nubes, brétemas, choiva, tormentas, vento, fotometeoros, frío ou calor etc.) e segundo a escala espacial (universais, rexionais e locais). Seguidamente rexeita algúns que se contradín con outros; aponlle a outros que carecen de valor por predicir a máis longo tempo do razoable e fala doutros que teñen algún fundamento pero que non resisten a verificación estatística. Conclúe que os descritivos (astronómicos, climáticos, preventivos) son fiables; que a utilidade da predición é maior canto máis restrinxido e local é o indicio; e que os que predín o tempo a meses ou estacións carecen de creto.

- Károly Morvay: "Entre 'la feina feta' i 'un ja esta fet'. Estudis comparatius de fraseologia i de paremiologia en les llengües d'Europa". O autor presenta e analiza o manual *European Proverbs* de Gyula Paczolay (DeProverbio.com) que consegue documenta-la existencia de 106 refráns que podemos chamar paneuropeos ou europeísmos en 55 linguas europeas (e tamén en hebreo e esperanto, latín, grego antigo, árabe, persa, sánscrito, chinés ou xaponés). A esta hercúlea obra aponlle non ter contado con algunha lingua paremioloxicamente ben documentada coma o galego e tamén que manexa información insuficiente no caso do éuscaro. Pero recoñécelle que abre un camiño que permite definir cales son as condicións para que un proverbio sexa europeísmo e verifícao examinando as paremias vascas. Morvay considera válido o traballo feito pero para facer máis fiables os resultados cómpre repasar certas cuestións básicas: o nexo entre fraseoloxía e paremioloxía, a importancia da definición exacta da significación do refrán en cada unha das linguas e reconsiderar fenómenos como sinonimia e equivalencia no ámbito da paremioloxía plurilingüe. Fai referencia á obra de Baránov-Dobovol'skij *Aspectos teóricos da fraseoloxía* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro) (2009).

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GONZÁLEZ REY, Isabel (Ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras.* Cortil-Wodon: E-M.E. & InterCommunications.

Os traballos que contén este volume foron expostos no "Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología" (Santiago de Compostela, 19-22 de setembro de 2006).

- **Elisabete Aparecida Marques**: "Las unidades fraseológicas desde la perspectiva cognitiva. Estado de la cuestión". Neste traballo preséntase o estado da cuestión sobre os estudos realizados no ámbito da fraseoloxía cognitiva co fin de amosar as implicacións dos resultados destes estudos para o ensino e a aprendizaxe de linguas. Centrámonos, sobre todo, nos traballos que teñen a lingua española como foco das análises, sexa desde unha perspectiva interlingüística ou non.

- **Catherine Bolly**: "La notion de 'compétence phraséologique'. Verbes à haute fréquence et corpus d'apprenants anglophones avancés". Hoxe existe clara conciencia de que as unidades fraseolóxicas constitúen obstáculos na adquisición dunha segunda lingua, maiormente para chegar a un nivel avanzado de aprendizaxe. Pero pódese falar non obstante dunha competencia "fraseolóxica"? Para intentar responder a esta cuestión, analiza 589 secuencias (semi)fixadas construídas con verbos moi frecuentes como *prendre* e *donner*, sacadas dun corpus de estudantes anglófonos avanzados de francés como segunda lingua (190.000 palabras) e dun corpus de francés como lingua primeira (180.000 palabras). En paralelo a unha análise contrastiva sobre corpus de estudantes efectúase unha análise paramétrica e estatística dos datos de corpus. Este dobre enfoque permite traducir en termos cuantitativos a influencia de certos factores internos e externos sobre a produción de erros cometidos polo estudante avanzado.

- **Araceli García Fuentes**: "*There's no such thing as a free lunch*: The acquisition of negative polarity idioms in English as a foreign language". Este estudo pretende amosar a baixa frecuencia de uso de locucións de polaridade negativa (NPIDs) –construcións idiomáticas que sempre aparecen en forma negativa e expresan un sentido negativo– na interlingua (IL) de aprendices españolas de inglés como lingua estranxeira (EFL). As aprendices estudan un nivel avanzado de inglés. Tamén analiza se utilizan o coñecemento da súa lingua nativa (L1) –español/galego– para comprender e producir locucións na lingua estranxeira (FL). Elixe 15 NPIDs inglesas, –5 idénticas na forma e no significando para as construcións correspondentes en español, 5 similares aos seus correspondentes en español, e 5 totalmente diferentes das correspondentes locucións españolas. A comprensión e a produción destas NPIDs examinouse nun exercicio de elección múltiple e unha tarefa de tradución. Finalmente, compáranse as diferenzas no uso destas locucións negativas por aprendices españois de EFL con datos doutros aprendices españois de inglés do SULEC (Corpo de Aprendices de Inglés da Universidade de Santiago).

- **Nely Milagros Iglesias Iglesias**: "Vermittlung von Phraseologismen im DaF-Unterricht für Anfänger". Nesta contribución, a autora parte do feito de que –dende unha perspectiva cognitiva e didáctica– a ensinanza sistemática de fraseoloxismos (en especial os idiomáticos) pode resultar de gran proveito precisamente na clase de linguas

estranxeiras para principiantes (DaF). Os aprendices tenden, xa sexa consciente ou inconscientemente, a empregar na lingua estranxeira as mesmas estratexias de comprensión que xa empregaron na súa lingua materna ou L1, tanto para (a) a identificación, como para (b) a comprensión dos fraseoloxismos. Dende esta convicción, a autora cre máis que xustificada a existencia de tipoloxías de exercicios que fomenten tales competencias receptivas procedimentais xa dende o nivel básico.

- **Susana Lugo Mirón**: "Algunas consideraciones sobre la enseñanza-aprendizaje de la fraseología española con estudiantes griegos". No presente traballo comézase dando unhas breves pinceladas sobre os cambios que supuxo o concepto de competencia léxica a través da historia do ensino do español e as súas consecuencias no tratamento didáctico da fraseoloxía, para despois profundar no caso concreto do colectivo grego. Lugo Mirón céntrase nas características particulares destes estudantes para así marcar certas pautas que considera relevantes á hora de levar á práctica a didáctica das unidades fraseolóxicas a gregofalantes.

- **Adelaida Martín Bosque**: "Fraseología, didáctica y traducción: español e italiano". É evidente que as unidades fraseolóxicas forman parte da competencia comunicativa dun falante, polo que, no ámbito do ensino - aprendizaxe de E/LE, o seu tratamento é imprescindible. Agora ben, que ocorre cando falamos de dúas linguas tan afíns como son o español e o italiano? A que problemas se enfronta o estudantado italiano de español como lingua estranxeira á hora de traducir textos? Pódese codificar e descodificar con acerto este tipo de unidades léxicas? En que medida axudan os dicionarios bilingües e monolingües de aprendizaxe?

- **María Montes López**: "Observacións e estudio contrastivo dalgúns proverbios e frases feitas en italiano e galego". A finalidade deste traballo é analizar algunhas locucións e proverbios italianos, o que teñen en común e as diferenzas con locucións e proverbios galegos. A autora céntrase no campo semántico que fai referencia ás partes do corpo, clasificando alfabeticamente as expresións feitas pola parte á que se refiren e explicando o seu significado en galego. Aproveita esta clasificación e complétaa con outras frases feitas. Comproba que existen nas dúas linguas locucións idénticas, o cal fai pensar que non son propias de ningunha de ámbalas linguas, senón que seguramente son locucións procedentes da lingua latina. Nalgunhas destas locucións atópanse diferenzas léxico-morfolóxicas que identifican unha e outra lingua. As locucións distintas poden revelar aspectos culturais diferentes en cada unha delas.

- **Mona Noueshi**: "Feste Wortverbindungen im DaF-Unterricht fuer aegyptische Studenten. Ein sprachliches Hindernis der Hilfe? Einige Ueberlegungen zur Phraseodidaktik". Xa dende hai tempo é irrefutable que temos que vivir no noso ámbito con frases feitas, e que a meta das clases de lingua estranxeira non pode consistir en negar a existencia de tales frases. O feito de que as frases feitas se encontren en diferentes tipos de texto é o que lles concede importancia para o uso activo da lingua (Parole), e con iso, tamén para o ensino do alemán como lingua estranxeira. Quen hoxe en día siga un xornal alemán ou un relato, ou na radio ou na televisión un *Talk-Show*, vese confrontado coas frases feitas. Por este motivo, hai que asumir que é frecuente tratar con frases feitas nas clases de alemán como lingua estranxeira. Isto podería

reportar problemas para os aprendices de alemán, problemas que se abordan con detalle neste traballo. O punto central da presente contribución está dominado pola busca de respostas ás seguintes preguntas: "É posible aprender e entender frases feitas nas clases de alemán como lingua estranxeira?"; "Que problemas representan as frases feitas no proceso de aprendizaxe da lingua alemá?"; "Como se poden aprender sen esforzo as frases feitas nas clases de alemán?" A estas preguntas déuselles resposta tendo en conta as observacións e experiencias propias. Neste artigo preséntanse os resultados dunha serie de experimentos que a autora en persoa levou a cabo na Universidade do Cairo (Facultade de Filosofía) e noutras universidades exipcias (Universidade Outubro, Facultade de Pedagoxía).

- **Maria Luisa Ortiz Alvarez**: "As expressões idiomáticas nas aulas de ELE: Um bicho de sete cabeças?". Actualmente moitas persoas cren que a mellor forma de ensinar unha lingua é a de ensinar tamén as súas variantes (xergas, expresións idiomáticas, proverbios, refráns e outras unidades fraseolóxicas), pois todas elas cumpren algún papel na interacción dos falantes nas diferentes situacións en que se desenvolven. Esas expresións forman parte da linguaxe informal que usamos no día a día e do noso saber lingüístico. Xúlgase relevante o tema da inserción das expresións idiomáticas no proceso de ensino/aprendizaxe de calquera que sexa a lingua estranxeira por acreditar que o estudo desas expresións pode arrequecer e facilitar o ambiente de ensino/aprendizaxe. Estas, máis alá de ofrecer información cultural, ofrecen tamén materiais funcionais e interactivos na lingua-meta. Tendo en consideración esas cuestións preséntanse algunhas propostas de utilización destas expresións na aula de español lingua estranxeira para falantes brasileiros.

- **Fernande Ruiz Quemoun**: "Les expressions idiomatiques, tributaires de la notion de figement". Aprender unha lingua é apropiarse non só dos elementos mínimos senón tamén da riqueza da súa fraseoloxía. Agora ben, captar o sentido dunha expresión fixa noutra lingua esixe un certo dominio da lingua fonte e da lingua meta. É responsabilidade do profesorado facer captar o sentido. Non chega con propoñer a tradución ou a explicación na lingua meta: as unidades fraseolóxicas deben formar parte da aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Este estudo baséase nos valores metafóricos de certas expresións fixas e escolle expresións moi asimétricas na tradución e contextualízaas para favorecer a súa asimilación. Esta análise contrastiva pretende axudarlle ao estudante a encontrar unha equivalencia que corresponda non só ao sentido senón tamén á formulación como por exemplo: *Entrer comme dans un moulin* / "Andar como Pedro por su casa"; *Il fait un froid de canard* / "Hace un frío que pela". Aínda que as expresións sexan distantes na imaxe, a visión do mundo achégaas.

- **Mª Ángeles Solano Rodríguez**: "El papel de la conciencia fraseológica en la enseñanza y aprendizaje de una lengua extranjera". O *Marco europeo común de referencia para as linguas* estipula que o usuario do nivel A1 debe poder "comprender e empregar expresións cotiás de uso moi frecuente". Por tanto, as unidades fraseolóxicas deben formar parte integral e específica das programacións de toda lingua estranxeira (LE) desde un primeiro momento. Pero, para unha boa integración destas, antes de abordalas na LE, cómpre producir no aprendiz unha reflexión metalingüística

enfrontándoo aos fraseoloxismos da súa propia lingua, a fin de que tome consciencia do feito fraseolóxico como universal lingüístico. Danse exemplos do francés.

- **Monika Sułkowska**: "Expressions figées au cours de l'enseignement-apprentissage des langues étrangères". O artigo estuda a cuestión das expresións fixas no proceso de ensino-aprendizaxe das linguas estranxeiras. Analiza o concepto de expresión fixa e presenta algunhas teorías verbo da súa adquisición. Despois, analiza este problema a partir das experiencias realizadas cun grupo de estudantes na Universidade de Silesia en Polonia.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources*. Cortil-Wodon: E-M.E. & InterCommunications.

Os traballos que contén este volume foron expostos no "Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología" (Santiago de Compostela, 19-22 de setembro de 2006).

- **Pilar Blanco**: "La didáctica de las paremias en la enseñanza rural en España y Provenza: dos realidades distintas, una misma solución". Sen saber que se chamaban paremias, nin falta que lles facía, os nenos e os maiores que tiveron a gran sorte de nacer nun medio rural foron aprendendo ese saber popular desprezado, da mesma maneira que eles mesmos o eran cando falaban cos seus homólogos da capital. Durante moito tempo, e incluso sempre, foron desprezados por empregaren esas "frases", tan ridículas, por aqueles que se crían máis cultos. Isto que sucedía en España tamén acontecía en Francia dun xeito case paralelo. O que a autora se propón é pór de manifesto como as paremias son rescatadas do lugar onde se refuxiaran despois de tanto desprezo para ver a luz do día unha vez máis no ensino regrado.

- **Mª José Corvo Sánchez**: "Los refranes en los manuales de lenguas extranjeras". O obxectivo desta exposición é analizar a función dos refráns nos manuais de ensino de linguas estranxeiras no momento histórico en que con este fin empezaron a facerse presentes nos primeiros manuais das linguas modernas de Europa, é dicir, nos séculos XVI e XVII, cando moitos dos máis coñecidos e máis grandes mestres de linguas estranxeiras os inclúen nos seus manuais xunto doutros elementos de contido lingüístico. Para isto faise unha aproximación ás obras dalgúns destes grandes mestres de linguas, a través das que se ilustra a forte presenza do refrán nos manuais deste período; de xeito particular, non obstante, a autora sérvese da de Juan Ángel de Zumaran para coñecer como dentro dos manuais destes séculos estas paremias, ademais de serviren para a adquisición do vocabulario, tamén son elementos destinados a un estudo máis específico do mesmo, ao servizo da composición escrita e dunha práctica oral máis avanzada, cumprindo con isto unha función moi útil e concreta que convén

coñecer para ser tida en conta de xeito máis conveniente nas clases de idioma na actualidade.

- **Mª Teresa Barbadillo De La Fuente**: "Enseñar refranes mediante textos literarios". As carencias paremiolóxicas que se observan actualmente na xente nova aféctanlle ás súas competencias lingüística e comunicativa. Coa aprendizaxe de refráns búscase mellorar a súa instrución idiomática e a súa formación cultural, o que se vai reflectir cando logren recoñecer as unidades paremiolóxicas, entendelas ben e empregárenas eficazmente nos contextos oportunos de uso da lingua. Un dos posibles procedementos para conseguir este propósito consiste en traballar con fragmentos de textos literarios en que figuren refráns, e é o que se elixiu para esta proposta teórico - práctica.

- **Mercedes Ariza, Maria Giovanna Biscu e María Isabel García**: "La fraseología de las emociones y la adquisición de la competencia comunicativa intercultural". A proposta didáctica das autoras aplica a actividade teatral na formación de futuros mediadores lingüísticos e, en particular, na adquisición da competencia fraseolóxica e da competencia comunicativa intercultural. A lectura multisensorial dun texto dramático como ferramenta para o estudo da fraseoloxía e a visualización das emocións humanas foron o punto de partida destas autoras para o desenvolvemento dunha trama creativa por parte dos estudantes. Isto brindoulles a oportunidade de reflexionar sobre o universo metafórico subxacente ao caudal fraseolóxico das linguas e sobre a relación entre lingua e cultura na expresión dos estados emotivos.

- **Mª José Martínez Rodríguez**: "Las unidades fraseológicas del español: una propuesta didáctica en la clase de E/LE". Nesta comunicación reflexiónase sobre a aprendizaxe e a adquisición das unidades fraseolóxicas (UFs) en E/LE a través dunha proposta didáctica que favoreza o desenvolvemento da competencia fraseolóxica (encadrada dentro da competencia léxica) que o alumnado debe adquirir para ter un bo dominio da lingua. A adquisición da devandita competencia implica o coñecemento e a habilidade para usar adecuadamente as UFs nun ámbito comunicativo e, por tanto, na proposta didáctica terase en conta a carga pragmática e cultural que levan consigo as ditas unidades. Para a presentación das UFs seleccionadas na presente proposta, farase uso dun texto auténtico: unha obra de teatro, mediante a que aparecerán contextualizadas as UFs xunto dunha serie de actividades para que o alumno desenvolva estratexias que lle permitan enfrontarse dun xeito autónomo a este tipo de unidades léxicas.

- **Patricia Martín Ortiz**: "La adaptación al teatro de la obra de Roald Dahl como técnica de enseñanza y aprendizaje de la fraseología. Una propuesta didáctica". Neste estudo preténdese abordar a ensinanza da fraseoloxía a través da análise contrastiva, tomando como material de estudo a obra infantil orixinal do autor galés Roald Dahl e a súa tradución ao español, e a súa posterior adaptación para o teatro. Seleccionáronse principalmente aqueles exemplos en que a frase orixinal sufriu unha alteración buscando un efecto humorístico. A proposta práctica consiste nunha actividade de dramatización en que os alumnos crearán *gags, sketches* ou pequenas obras de teatro a partir dos textos elixidos e representaranos nos dous idiomas: inglés e español.

- **Marta Mellado San Máximo**: "Didáctica de la fraseología en lengua alemana a través de textos de literatura infantil y juvenil". As múltiples aplicacións didácticas que ofrece a literatura infantil e xuvenil (LIX) na aula de lingua estranxeira supoñen un apoio importante para a ensinanza e a aprendizaxe dun idioma. Por isto, a LIX pode servir tamén de soporte ó ensino da fraseoloxía, contribuíndo deste xeito a acabar coa habitual carencia de materiais didácticos e con dous importantes problemas na aula: a aburrida rutina e a conseguinte falta de motivación do alumnado. Nesta sección preséntase, a partir de exemplos concretos, unha serie de propostas metodolóxicas aplicables no ámbito da fraseoloxía en lingua alemá. O feito de que este tipo de léxico apareza dentro dun contexto coherente e próximo ao alumno como é o da LIX facilita, sen dúbida, a súa comprensión, a súa aprendizaxe e a súa posterior aplicación.

- **Sabela Moreno Pereiro**: "El tebeo como recurso didáctico para la enseñanza de unidades fraseológicas". A necesidade de tratar unidades fraseolóxicas (UFs) na clase de linguas estranxeiras derívase da alta frecuencia coa que os falantes nativos fan uso delas. A banda deseñada pode ser unha ferramenta de inestimable axuda para a presentación de UFs. Nelas facilítase un contexto verbal e visual que fai máis doada a comprensión do esquema cognitivo e a memorización das UFs. Ademais, o elemento cómico favorece a motivación do alumnado. Aquí amósase as vantaxes que ofrecen os cómics de *Mortadelo* para a clase de español lingua estranxeira e formúlase propostas para a explotación deste material na aula.

- **Beatriz Cortina Pérez**: "Una aproximación metodológica a los fraseologismos de los actos de habla en las segundas lenguas". É indiscutible que os actos de fala xogan un papel elemental nos intercambios conversacionais. Estes, á súa vez, materialízanse en patróns (*chunks*) que responden a estratexias conversacionais concretas, englobándose, así, dentro do ámbito da fraseoloxía. De acordo con Widdowson "a great part of communicative competence is merely a matter of knowing how to use such conventionalised expressions". Por tanto, este artigo recolle unha aproximación metodolóxica directa aos patróns fraseolóxicos dos actos de fala do inglés, a través do DDL (*Data Driven Learning*), co fin de mellorar a competencia conversacional do inglés como lingua estranxeira. Deste modo, e dado que a conversa é de natureza oral, a proposta que aquí se presenta integra este aspecto na metodoloxía impulsando a utilización do DDL multimodal.

- **María Moreno Jaén**: "Un modelo para la enseñanza de colocaciones de una lengua extranjera mediante herramientas digitales". Esta comunicación enmárcase no ámbito das colocacións e pretende amosar un modelo para o ensino das mesmas a través das ferramentas dixitais. Preséntase, en primeiro lugar, os criterios empregados neste estudo para identificar e delimitar as colocacións da lingua inglesa, diferenciándoas das combinacións libres e dos modismos. A segunda fase deste modelo de ensino pretende ofrecer uns parámetros para a correcta selección de colocacións mediante as vantaxes que ofrece a Lingüística de Corpus e Computacional. Finalmente, amósase unha serie de materiais virtuais e interactivos para a ensinanza de colocacións deseñados no marco do proxecto I+D ADELEX, un programa dixital para a avaliación e o desenvolvemento do léxico implementado desde hai varios anos na Universidade de Granada con excelentes resultados.

Xacinta Varela Martínez

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač. 311 páxinas.

Baixo un título moi atraente, Mª Isabel González Rey compila 17 artigos de especialistas en tradución e fraseoloxía de 5 países europeos (Bélxica, España, Francia, Grecia e Romanía) que foron expostos no "Congreso Internacional de Fraseología y Paremiología" (Santiago de Compostela, 19-22 de setembro de 2006) e nos que se abordan problemas concretos de tradución das unidades fraseolóxicas entre español, vasco, catalán, francés, romanés, inglés, alemán, ruso, grego e árabe, tratando de achegar técnicas para posibles solucións. As universidades que teñen representación neste volume son a Lessius Hogeschool Antwerpen (Bélxica); a Universitat de Valencia, a Universidad de Salamanca, a Universidad Autónoma de Madrid, a Universitat Pompeu Fabra, a Euskal Herriko Unibertsitatea, a Universidad de Alicante, a Universidad de La Laguna, a Universidad Politécnica de Madrid, a Universidade de Vigo e a Universidad de Extremadura (España); a Université de Marne-la-Vallée (Francia); a Universidade Nacional e Kapodistríaca de Atenas (Grecia); a Université de Craiova, o Instituto Cervantes de Bucarest e o Instituto de Filoloxía Rumana "A. Philippide" (Romanía).

Tal e como recoñece a propia Mª Isabel González Rey na presentación desta obra que estamos a analizar, o libro divídese en tres grandes bloques ou áreas: as expresións fixas en xeral, as expresións fixas dun campo específico (léxico, semántico ou estilístico) e as expresións fixas nas obras literarias.

No primeiro bloque atópanse os artigos de B. Assam, J. Brumme, R. Pisot Díaz e C. Teodorovici, G. Scurtu, O. Tsaknaki e H. W. am Zehnhoff e R. van den Broeck.

En primeiro lugar, **B. Assam** en "Enfoque discursivo de la traducción de la fraseología: aplicación a la traducción del árabe al español" realiza un repaso xeral dos postulados teóricos nos que se basea para realizar o seu estudo e analiza a tradución das unidades fraseolóxicas do árabe ao español mediante exemplos ilustrativos. De especial interese son as figuras que incorpora nas páxinas 53 e 54, nas que se achega unha serie de solucións tradutolóxicas das unidades fraseolóxicas nas que se presenta sempre o tradutor como mediador interlingüístico, intersemiótico e intercultural.

J. Brumme estuda no seu artigo "La traducción de la frase hecha. El caso del castellano de Cataluña" as frases feitas no contexto bilingüe de Cataluña. Parte dunha enquisa realizada a través dun cuestionario con catorce contextos que incluían frases feitas con equivalencia total, frases feitas con equivalencia parcial, frases feitas sen equivalente en castelán e frases feitas non documentadas en catalán (que, polo tanto, son calcos do castelán). O cuestionario pasóuselle en decembro de 2004 a unhas cincuenta persoas cuxa selección non foi aleatoria e na análise dos resultados chega a conclusións interesantes, logo de analizar as porcentaxes acertadas, aproximadas e erróneas de cada tipo de tradución.

O traballo de **R. Pisot Díaz** e **C. Teodorovici** "Una mirada a los frásicos del español y del rumano" analiza de maneira exhaustiva a tradución das UUFF do romanés ao

castelán dende catro perspectivas: léxica, semántica, morfosintáctica e pragmática no que se estudan tres graos de correspondencia: total, parcial e cero. Consideran de grande interese a equivalencia parcial, que caracterizan como un concepto suxeito a gran flexibilidade e verdadeira vocación de *contínuum*.

Da autoría de **G. Scurtu** é "Deux types d'équivalence pour les 'expressions figées'?", traballo no que estuda a tradución das frases feitas, centrándose no francés e no rumano. Fronte ás propostas de clasificación tradicionais deste tipo de expresións, propón unha nova categoría segundo o grao de transparencia á hora de traducilas ("traducibilidade").

O. Tsaknaki ofrécenos no seu artigo "Proverbes transparents en grec moderne et en français" un estudo de dúas categorías diferentes de proverbios transparentes en grego moderno e en francés: proverbios con equivalencia formal nas dúas linguas e proverbios que non teñen equivalencia pero que un falante non nativo pode comprender sen problema debido á ausencia de elementos culturais específicos. No caso da primeira categoría, analizan os puntos en común da paremioloxía de ambas as dúas linguas e culturas e no da segunda propoñen a súa tradución literal.

H. W. am Zehnhoff e **R. van den Broeck** explican en "Im Sprichwort kann der Fuchs auch einmal ein Reh sein. Ein Theoretisches Modell für die Übersetzung von Repertoremen" o seu interese polos refráns e a forma na que se traducen ás diferentes linguas. No seu artigo, a partir do modelo paremiolóxico de Permjakov sobre todo, revisan varios métodos de tradución de paremias e unha das conclusións máis importantes ás que chegan é que o tradutor é o elemento clave no proceso de tradución, xa que debe tratar de atopar un equivalente adecuado para que a paremia siga mantendo o seu valor e a súa función no texto meta. Inspirados na que califican como "a biblia da Ciencia da Tradución", *Descriptive Translation Studies and beyond* (1995) de G. Toury, comentan a "Lei do incremento da estandarización" e a "Lei da interferencia" e opinan que a ciencia da tradución é o suficientemente fiable como para obter solucións razoables para tradutores e críticos. Rematan cunha recomendación a lexicógrafos para que consideren tanto a tradución idiomática como a literal nos dicionarios multilingües, xa que podería ser de grande utilidade práctica. No segundo bloque, centrado nas expresións máis específicas (campo léxico, semántico ou estilístico), inclúense os traballos de A. Aierbe Mendizábal; S. Molina; P. Romero Ganuza, J. J. Batista Rodríguez e D. García Padrón; A. Sierra Soriano; e L. Timofeeva e L. Ruiz Gurillo.

A. Aierbe Mendizábal explica en "La traducción a la lengua vasca de las unidades fraseológicas especializadas del lenguaje administrativo" o grao de variación existente nas unidades fraseolóxicas vascas empregadas na linguaxe administrativa. Comeza o artigo cunha breve introdución sobre a situación xeral da lingua vasca e continúa coa explicación da situación desta lingua na administración. Na análise da tradución de unidades fraseolóxicas ao vasco selecciónanse catro tipo de estruturas: 1. Verbo (transitivo) (+artigo) + substantivo (obxecto directo); 2. Substantivo + adxectivo; 3. Substantivo + preposición + substantivo; 4. Verbo + preposición + artigo + substantivo e unha das conclusións ás que chega a autora é que a falta de fixación da lingua estándar implica unha falta de estabilización da fraseoloxía especializada.

Pola súa parte, **S. Molina** en "English and Spanish Phraseology in Contrast: A Functional and Cognitive View" trata de propoñer, baseándose en estudos teóricos, uns principios para a análise contrastiva dende unha perspectiva funcional mediante a utilización de datos empíricos referidos ao uso real das expresións. As linguas do seu estudo son o inglés e o castelán. Resulta realmente ilustrativo o apartado 5 do seu artigo, no que analiza unha serie de colocacións e expresións idiomáticas que conteñen a palabra "can" ("dog").

Outro artigo moi interesante é o de **P. Romero Ganuza**, **J. J. Batista Rodríguez** e **D. García Padrón**: "Aproximación contrastiva a las UF del campo semántico-conceptual de la 'alegría' en español y alemán". Estes autores realizaron a súa análise dende unha perspectiva interlingual e unilateral do castelán ao alemán aplicando os conceptos de equivalencia (total, parcial ou nula) e congruencia (total, parcial ou nula). O campo semántico-conceptual no que basean o seu estudo é o da 'alegría' e as conclusións ás que chegan son que a maioría das UUFF deste campo non teñen correspondencia en alemán. Ademais, dentro das que si son equivalentes a maioría delas presentan unha equivalencia parcial, adoitando ser non congruentes dende un punto de vista formal.

O traballo "La phraséologie de la tauromachie dans la langue populaire: aspects sémantiques de la traduction espagnol-français" de **A. Sierra Soriano** céntrase nas unidades fraseolóxicas relacionadas coa tauromaquia. Recoñece a autora que en castelán existen gran cantidade de expresións que teñen como referencia o mundo do touro, contrariamente ao que ocorre en francés. Por este motivo, a autora céntrase en analizar o proceso de tradución destas unidades, propoñendo estratexias lingüísticas, pragmáticas ou cognitivas e analizando os problemas de tradución que poden xurdir.

L. Timofeeva e **L. Ruiz Gurillo** no seu artigo "La ironía en locuciones nominales del español y del ruso" realizan unha análise de varias locucións nominais españolas nas que o seu significado indica unha actitude irónica do falante respecto ao denominado ('ojo clínico', 'mosquita muerta', 'cráneo privilegiado', 'el ombligo del mundo' ou 'hermanita de la caridad') e tratan de achegar o seu equivalente en ruso. Para iso, seguen o modelo macrocompoñencial de significación fraseolóxica desenvolvido por Telia.

No terceiro e último bloque, no que se estudan as expresións fixas nas obras literarias, atópanse as achegas de M. J. Barsanti Vigo, E. Guerbek, J. A. Marín Calvarro, A. Papageorgiou, P. Sancho Cremades e M. M. Soliño Pazó.

M. J. Barsanti Vigo realiza en "Análisis del primer y último refrán de Sancho en *El Quijote* de Ludwig Tieck" unha análise contrastiva dun refrán do Quijote na tradución alemá de Ludwig Tieck. Neste estudo analízase tamén a evolución do escudeiro ao facer uso dos refráns e compróbase que L. Tieck tende a ser o máis fiel posible á estrutura da paremia orixinal.

Pola súa banda, **E. Guerbek** en "A importancia do significado literal do fraseoloxismo na tradución da obra literaria" destaca que o significado literal das unidades fraseolóxicas pode desempeñar unha función importante na literatura. Esta autora afirma que, á parte de ter relacións contextuais e situacionais, o significado literal

tamén pode caracterizar unha personaxe, pode crear efectos humorísticos, irónicos, etc. Por esta razón, Guerbek avoga por transmitir o significado de maneira exacta ou, de isto non ser posible, tratar de traducilo da forma máis próxima ao texto orixinal. Para isto, o tradutor debe recorrer a recursos aplicando o criterio semántico mixto, baseándose en primeiro lugar no significado fraseolóxico e logo no literal.

O artigo de **J. A. Marín Calvarro** "Los enunciados fraseológicos en los textos dramáticos isabelinos y jacobeos y su traslado al español" céntrase, como ben indica o título, nos textos dramáticos dese período, que presentan non só un léxico con connotacións e matices, senón tamén diversos enunciados paremiolóxicos. En concreto, Marín Calvarro traballa coas paremias empregadas por Ben Jonson en *Volpone, or The fox* e a súa tradución do inglés ao castelán. Neste traballo identifícanse estas fórmulas, para posteriormente realizar unha análise discursiva da súa función no texto orixinal e estudar a súa tradución mediante a comparación entre o texto orixinal e as versións castelás.

A. Papageorgiou ofrece en "La traducción de algunos de los refranes de *La Celestina* al griego" unha aproximación á obra *La Celestina* de Fernando de Rojas mediante a análise de varios dos refráns incluídos na mesma. O autor realiza unha análise contrastiva entre os refráns casteláns e a tradución grega, para tratar de achegar solucións. Ademais, presenta e comenta os procedementos técnicos que emprega (tradución literal, equivalencia e adaptación dos refráns).

Resulta interesante tamén a achega de **P. Sancho Cremades** "La traducció al català dels proverbis en *Astérix le Gaulois*", na que analiza a tradución ao catalán dos proverbios aparecidos en *Astérix le Gaulois*. Céntrase nas unidades fraseolóxicas que soportan unha modificación creativa interna (substitución, adición ou alteración da estrutura sintáctica) ou externa (énfase do significado literal do proverbio). O autor analiza ademais as estratexias empregadas para solucionar as dificultades intrínsecas á tradución da fraseoloxía.

Por último, **M. M. Soliño Pazó** inclúe en "La traducción de unidades fraseológicas en la literatura infantil y juvenil alemana y española" unha breve análise da teoría da tradución para definir o que se entende por tradución de unidades fraseolóxicas e intentar determinar o concepto de equivalencia. Esta autora trata de identificar as principais dificultades que se poden atopar á hora de traducir fraseoloxismos de textos de literatura infantil e xuvenil. O tradutor debe achegar unha equivalencia translémica e comunicativa do texto para que o texto cumpra a súa función.

Cabe engadir a modo de resumo final que este libro ten un enorme interese e utilidade para tradutores e fraseólogos, ademais de ser tamén moi atractivo para o público en xeral pola súa temática.

Emma Mª Salgueiro Veiga

CEIP de Sillobre

LUQUE NADAL, Lucía (2010): *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología*. Granada: Educatori (Colección: Granada Lingvistica), 245 páxinas[2].

Os dicionarios lingüístico-culturais dan conta daqueles fenómenos lingüísticos que se conectan con realidades físicas, culturais e sociais dos falantes dunha comunidade lingüística, reflectidos nas súas crenzas, ritos e tradicións. Veñen a ser un complemento dos dicionarios de fraseoloxismos, dicionarios de refráns, dicionarios de xiria, etc. e supoñen, polo tanto, a apertura a novos horizontes nas relacións entre a fraseoloxía e a lexicografía canalizada a través dos estudos culturolóxicos. A proposta de Lucía Luque intenta establecer os fundamentos que deben rexer este tipo de dicionarios.

O traballo do que estamos a falar é un volume denso que está estruturado en catro extensos capítulos. No primeiro, "Introdución: relacións entre linguaxe e cultura", fai unha revisión das principais definicións de *cultura* segundo as diferentes dimensións individual, colectiva, estética, xerárquica, diferencial e xenérica. Tamén incorpora o debate sobre a universalidade e a especificidade das culturas, así como a polémica relativa ó vínculo entre linguaxe e cultura, por unha banda, e linguaxe e visión do mundo, por outra. Aborda a necesidade de establecer factores de medición de cultura atendendo a parámetros para a avaliación das sociedades segundo as súas peculiaridades lingüísticas.

Entre os conceptos e nocións que cómpre ter en conta pola súa relevancia e pertinencia na investigación dos dicionarios lingüístico-culturais, a autora fala das *culturas de contexto máximo* e das *culturas de contexto mínimo*, e do *concepto do eu* (na súa vertente física, social, cognitiva e espiritual ou na súa dimensión pública, privada e colectiva).

Para a autora, un dicionario lingüístico-cultural debería poder equipararse ó esbozo dun *mapa mental* no que quedaran reflectidos e incluídos multitude de feitos e hábitos comunicativos e cognitivos dos falantes. Na súa opinión, xogan un papel relevante as *palabras específico-culturais*, que representan realidades propias dunha cultura, non existen noutra e son de difícil tradución. Ilustra este tipo de palabras con abundantes mostras de moitas linguas. Vou poñer uns exemplos, para facérmonos unha idea. Presenta a española *corrida*, a cubana *jinetera*, a mexicana *cuate*, a galega *morriña*, a vasca *abertzale*, a catalá *masía*, a francesa *bistrot*, a italiana *cappuccino*, a portuguesa *fado,* a alemá *Drachenffuter* 'agasallo que un home culpable lle fai á súa dona', a checa *pohoda* 'estado anímico caracterizado pola ausencia de problemas, dor ou ansiedade', a rusa *perestroika*, a turca *mameluco*, a xaponesa *origami*, a tibetana *sherpa*, a hebrea *kibutz*, a árabe *cuscús*, entre outras.

Por outra banda, nos dicionarios lingüístico-culturais deben terse en conta as *palabras clave,* caracterizadas por posuír unha alta complexidade semántica e pragmática xa que

[2] A realización desta recensión está encadrada no proxecto de investigación *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico* (código HUM2007-62198/FILO), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación con fondos FEDER e dirixido na USC por Carmen Mellado Blanco.

aluden a miúdo a trazos psicolóxicos, individuais ou colectivos. Algunhas delas están ligadas ó que se coñece como 'carácter nacional', como a xaponesa *miai kekkon* 'casamento concertado' e as árabes *tahdiya* 'alto táctico no camiño' e *hudna* 'armisticio'.

Lucía Luque subliña neste capítulo a importancia excepcional da *fraseoloxía* e a *paremioloxía* para a pescuda dos fenómenos de simbolización na linguaxe, pois ve nelas espellos dos sistemas de valores dunha sociedade, por tratarse dun conxunto estruturado de imaxes transmitidas a través das súas unidades lingüísticas. A palabra 'pantalóns', exemplo de concentración simbólica en español pola gran diversidade de fraseoloxismos que reforzan a mesma idea, está vinculada mentalmente a masculinidade, autoridade, poder, dignidade, valentía, etc. Para ilustrar a importancia da *paremioloxía*, bota man da imaxe da muller que desprenden os refráns españois: un suxeito fráxil e débil pero con mañas para conseguir o que quere, sen talento, de curto entendemento e escasa cordura, moi intuitivo (resultando nun imaxinario da muller que remite a un retrato tradicional, moi discutible na España de hoxe).

Pecha o capítulo atendendo á *kinesis*, o estudo dos movementos corporais (posturas, expresións faciais e movementos das distintas partes do corpo), á linguaxe dos xestos e á comunicación non verbal.

No segundo capítulo, "Sociedades e culturas do mundo", parte das oito grandes culturas maioritariamente aceptadas (a sínica, a xaponesa, a hindú, a islámica, a ortodoxa, a occidental, a latinoamericana e a africana) para deterse nas principais diferenzas culturais entre Oriente e Occidente e nas diferenzas intraculturais en países multiculturais como os Estados Unidos de América, onde conviven asiáticos, hispanos e anglosaxóns (brancos). Aborda a traxectoria percorrida polo tratamento concedido ó *carácter nacional* e á *identidade nacional* ó longo da historia, e detense máis polo miúdo nos estudos de autores españois e estranxeiros con respecto ó espírito nacional español e os estereotipos que xiran arredor da paixón, o pesimismo, a envexa, a bravura, a lástima, a falta de mala conciencia ante as inxustizas alleas, etc. A autora dá conta de como as anécdotas e os chistes reflicten o que os falantes dun país pensan de si mesmos e doutros países.

Se entendemos a relixión como a orientación fundamental do home fronte á realidade, entón hai que falar da relación entre relixión, cultura e linguaxe. As crenzas relixiosas, por exemplo, impoñen pautas no consumo de determinados alimentos, na forma de vestir e na maneira de nomear días fastos e días nefastos (*en trece y martes no te cases ni te embarques)*, de tal xeito que a cultura tamén pode ser vista como unha forma de represión, non soamente como unha fonte de sabedoría. O individuo é beneficiario (recibe coñecementos útiles para a supervivencia) ou vítima (é receptor do receo e o desprezo cara ós demais) da cultura, e por iso xira arredor das súas supersticións e dos seus prexuízos, plasmados lingüisticamente na lingua (pénsese por exemplo en *tocar madera, hacer una judiada, gritar como una verdulera, vivir como los gitanos* para o castelán). O emprego destas expresións perpetúa a concepción negativa sobre as realidades aludidas e os falantes serven de transmisores ideolóxicos activos creando nos nenos (e nas novas xeracións), que herdan as expresións a través da lingua e non da

súa experiencia persoal, moldes mentais que logo deberán superar cun esforzo intelectual adicional. A autora fai un repaso das expresións denigrantes que ten o inglés e o francés para referirse a individuos doutras nacionalidades ou grupos étnicos.

Neste capítulo tamén atende á influencia que a política e a economía teñen sobre a linguaxe. As tiranías do século XX veñen de salientar como a lingua é unha ferramenta esencial no adoutrinamento e na ocultación da realidade. Pola banda da economía, unha liña de investigación transcultural moi desenvolvida é a que atende ás peculiaridades psicolóxicas, ideolóxicas, lingüístico-comunicativas e materiais que interfiren nas transaccións comerciais. Desde a pragmática comunicacional intercultural téñense redactado manuais que informan ós homes e ás mulleres de negocios das dificultades comunicacionais que poden ter e facilítanlles información xeral de onde poden xurdir os problemas, de como obvialos e de como solucionalos.

Para enfrontarse correctamente ó *choque cultural,* 'contacto repentino con outra cultura que implica un trastorno emocional, persoal ou colectivo', é moi importante ter presente o papel que xoga o coñecemento cultural da outra comunidade lingüística á hora das interaccións (pensemos, por exemplo, na concepción do tempo que se agocha detrás da expresión inglesa *time is money* e da española *el tiempo es oro*). Sen dúbida ningunha, a inevitabilidade das colisións culturais reforza a importancia da intermediación lingüístico-cultural na necesidade de atopar e desenvolver estratexias que faciliten a compatibilidade e a comunicación entre comunidades ou individuos de diferentes culturas. Co obxectivo de evitar ou minimizar tales choques, é preciso anticipar eses conflitos mediante unha comprensión previa da visión do mundo e hábitos da outra cultura (pensemos na súa importancia no caso de costumes ancestrais e prácticas atávicas que afectan á muller e que limitan a súa liberdade e os seus dereitos).

O capítulo terceiro, "Os fundamentos teóricos da relación entre linguaxe e cultura: escolas e tendencias", é o miolo desta monografía dedicada ós dicionarios lingüístico-culturais. A autora fai un percorrido moi suxestivo polas distintas contribucións dos estudosos da materia nos marcos do relativismo lingüístico e da lingüística cultural, deténdose nas figuras de Wilhelm von Humboldt e os seus seguidores da escola americana (Franz Boas, Edward Sapir, Leonard Bloomfield, Benjamin Lee Whorf, Margaret Mead e Eugene Nida) e os seus continuadores en Europa (Ernst Casirrer, Jost Trier, Karl Vossler e Walther von Wartburg). Tamén expón as principais achegas nos eidos da antropoloxía cultural (e a súa influencia en John R. Firth, Dell Hymes e Clifford J. Geertz), a semiótica da cultura (desenvolvida pola escola de Tartu-Leningrado-Moscova, máis concretamente por Iuri M. Lotman e Boris A. Uspenskii), a lingüística cognitiva (impulsada fundamentalmente por George Lakoff e Ronald W. Langacker), a lexicografía estrutural (a través de autores como Jurij D. Apresjan, Igor Mel'čuk e Anna Wierzbicka) e a culturoloxía (nos autores Nikolai Danilevski, Pavel Florensky e Mikhail N. Epstein), como rama específica das humanidades que serve para situar o investigador nun plano superior desde onde pode observar criticamente todas as culturas, inclusive a súa.

Para Lucía Luque a lingüística cognitiva proporciona unha serie de elementos que son de grande utilidade nas investigacións relativas ós dicionarios lingüístico-culturais.

Entre eles considera *a teoría da metáfora e a metonimia*, as nocións de *background knowledge* e *esquema cultural*, así como *a natureza do significado lingüístico* concibido como orientacional, dinámico e flexible, enciclopédico, non autónomo e baseado no uso e na experiencia. Pola súa banda, da lexicografía estrutural recolle a noción de *mapa lingüístico do mundo*.

O cuarto e último capítulo do volume, "A fraseoloxía e a súa importancia para os estudos lingüístico-culturais", céntrase nos fraseoloxismos por ser, xunto coas *palabras específico-culturais* e as *palabras claves*, unha das principais materias primas coas que traballa un dicionario lingüístico-cultural. Nesta parte a autora dá conta das distintas unidades fraseolóxicas e as súas clasificacións máis aceptadas, así como dos avances producidos no eido da fraseoloxía dentro e fóra de España.

Este traballo de Lucía Luque Nadal ***Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología***, cobra especial relevancia ó pór en valor, unha vez máis, unha ferramenta lexicográfica da que non podemos prescindir nos procesos de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, no desenvolvemento das distintas actividades tradutolóxicas, nin nas situacións de interacción inmediata con usuarios doutras linguas. Quedamos expectantes pola chegada de dicionarios lingüístico-culturais que palíen as carencias existentes na lexicografía española e galega actuais, para poder garantir unhas relacións máis doadas e eficaces neste mundo actual de globalización e de mobilidade que estamos a vivir.

M. Carmen Losada Aldrey

Centro de Linguas Modernas. Universidade de Santiago de Compostela

PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*. Santiago de Compostela: Meubook. Edición en formato electrónico, 935 páxinas.

O *Dicionario fraseolóxico bilingüe* de Xosé A. Pena ve a luz dez anos despois de que o autor publicase o *Diccionario Cumio de Expresións e frases feitas castelán-galego*. (Vigo: Edicións do Cumio. 2001; 926 páx.). Unha e outra obra gardan unha clara relación. De feito, pódese dicir que o libro electrónico supón unha reelaboración, unha edición ampliada do libro en papel. O aspecto cuantitativo é salientable: a contribución nova case que duplica o número de entradas con respecto á publicada en 2001 (sen contar os suplementos, tiñamos 1520 entradas en castelán, fronte ás 2555 na presente edición), e practicamente triplica o número total de UFs e expresións.

1. Descrición

O libro consta das seguintes partes:

1. Unha Introdución, onde o autor fala da motivación que o levou a escribir a obra, dos obxectivos, dos criterios, para finalmente ofrecer exemplos prácticos de guía e consulta do dicionario. Neste apartado hai un par de ideas que nos parecen fundamentais: unha é a necesidade por parte do usuario –ao non seren totais as equivalencias semánticas que

se nos van dar, senón contextuais –de botar man da súa propia *competencia lingüística* para decidir cal é a opción máis axeitada en cada caso; outra versa sobre a conveniencia de mesturar o plano lingüístico, máis forte –o que toca á pureza filolóxica, ás esixencias do código como sistema– co plano pragmático, máis social –necesitado de normalización–, o cal leva ao autor a asumir algunhas expresións propias do castelán, en aras da modernidade e da necesidade de explorar todas as situacións comunicativas reais con que se enfrontan os falantes de Galicia, sobre todo os máis novos, no día a día.

2. O dicionario propiamente dito. Esta parte aparece ordenada alfabeticamente. Dentro de cada letra, por exemplo dentro do A, a orde subseguinte vén ditada polas palabras-chave en castelán, en maiúscula vermella e tamén por orde alfabética. Como criterio xeral para elixir a palabra-chave tomouse o concepto "palabra de maior peso semántico" dentro das UFs a ela vinculadas. Déuselle prioridade ao nome sobre o verbo, e ao verbo sobre o adxectivo. Isto, por vía de regra, salvando excepcións concretas. Dentro do campo abranguido por unha palabra-chave a información organízase da seguinte maneira: a) aparece un número de referencia (moi útil para localizar as UFs castelás no índice correspondente, ao final do libro); b) segue o encabezamento, é dicir, a unidade fraseolóxica ou a expresión en castelán, en negriña e, se hai varios encabezamentos, a orde é a alfabética; c) dáse a definición, o significado, entre chaves (en ocasións a información refírese á contextualización de uso); d) achéganse as UFs en galego, en negriña, ordenadas alfabeticamente e con especificación –novidade importante que lle confire un alto valor á obra– nunha porcentaxe de máis do 90% dos casos, da fonte (oral ou bibliográfica) de onde foi extraída a UF galega. Neste subapartado d) aparece un certo número, variable pero en xeral elevado, de UFs ou expresións galegas. A tendencia é, insistimos, á rica acumulación. Toda esta fraseoloxía aparece organizada en subconxuntos, aos que chamaremos *bloques*, en negriña. Entre bloque e bloque adoitan aparecer fórmulas separatorias do tipo: " Tamén...", "E mesmo tamén...", "E inda, tamén en contextos, expresando...". Estas fórmulas, que como dicimos, se repiten sistematicamente ao longo de todo o libro, cumpren unha dobre función: funcionan a modo de separadores formais de bloques de sinónimos, e doutra banda, introducen ou pretenden introducir (porque non sempre o logran) aclaracións sobre os contextos de uso do bloque seguinte. A cantidade de UFs galegas, sumando todos os bloques, é variable. Algún encabezamento pasa de 100 correspondencias galegas (nº 1643, *Dar una paliza*). Hai bastantes que pasan de 50 (nn: 118, 150, 219, 291, 308, 320, 379, 1350, 1990, por exemplo). Máis de dous terzos superan os 20. A maioría dos encabezamentos levan un par de exemplos de uso, en cursiva, en castelán e mais en galego; son exemplos tomados basicamente da oralidade ou inventados ad hoc.

3. Un Suplemento con novas achegas de UFs, que segue a estrutura da parte 2. Consta de 114 encabezamentos.

4. Un Suplemento de Expresións ou UFs 'Só en galego'. Neste novo conxunto falta a correspondente entrada en castelán. Excepcionalmente, dentro do apartado da contextualización, dásenos unha posible correspondencia en castelán (así ocorre nos números 2811, 2827 (bis)).

5. Un Índice de expresións castelás, que remite ás entradas do apartado 2. A diferenza do que ocorría na edición do dicionario en soporte de papel publicado no ano 2001, na edición electrónica falta o correspondente índice de expresións galegas.

6. Unha Listaxe de expresións de "Só galego". Esta listaxe remite ás entradas do apartado 4.

7. A bibliografía. Aquí soluciónanse as referencias citadas nas fontes ás que aludimos no apartado 2 (aínda que non todas, hai algún que outro lapso).

2.Valoración crítica

2.1. O libro, obra inmensa de un autor, non dun equipo, presenta aspectos mellorables e aspectos admirables. Citaremos primeiros os mellorables, na espera de que o autor os comprenda como suxerencias para unha ulterior revisión.

En primeiro lugar, encontramos como encabezamentos ou lemas algunhas frases dubidosas que nós non nos atreveriamos a considerar UFs: *Saciar el antojo* (nº 95), *No ser quien parece* (nº 104, significado literal), *Abrir el apetito* (nº 107), *Todo se aprovecha* / *Todo es bueno* (nº 112, significado literal), *Dar un balonazo* (nº 164), *Cuando pueda (puedas…) /Cando poida (poidas…)* (nº 184), *Darle mucha difusión/repercusión/resonancia* (nº 213), *Estar (físicamente) cambiado* (nº 327), *Ser un maleducado* (nº 1310), *Ser muy malo* (nº 1313), *Estar bastante bien* (nº 1309), *Tirar de la cadena* (da cisterna) (nº 296), *Decir que no* (= "dar calabazas") (nº 304), *Gustar más* (nn. 1030, 1031), *Sus rifirrafes* (nº 1389), *Aparentar ser más viejo de lo que es* (nº 1386), *Mearse* (nº 1398), *Verbo + mucho* (nº 1487), etc. En ocasións, para traducir unha UF castelá recorre a expresións galegas que dificilmente se poden etiquetar de UFs, así por exemplo, *Ser moi mañoso/ Ser moi xeitoso*, correspondentes á UF *Ser un manitas* (nº 1321).

En segundo lugar, hai frases en castelán que son obsoletas ou están en franco desuso; certamente, figuran no *Diccionario da Real Academia Española* (DRAE) pero hai que ter en conta que o DRAE é, en parte, un dicionario histórico, non un dicionario de uso do español actual. Nós seriamos partidarios de substituílas por outras máis actuais. Referímonos, por exemplo ás seguintes: *Parecer que se ha tragado el molinillo* (nº 46), *Bueno anda el ajo* (nº 46), *Ponerse con la barba sobre el hombro* (nº 54), *Al quebrar albores* (nº 67), *No caérsele la venera* (nº 86), *Jugar los años* (nº 102), *Echarlas por arrobas/ Echar de bolina/ Echar de baranda* (nº 127), *A la baqueta* (nº 169, presenza cero no *Corpus de Referencia del Español Actual,* CREA), *Hombre sentado no gana un cornado* (nº 183, non figura en ningún dos dous corpus académicos, CREA e CORDE), *Andar a la briba/a la gandaya* (nº 242), *Llevar/traer de los cabezones,*(nº 285), *¿A do irá el buey…?* (nº 254), *Muchas mercedes* (nº 999), *Es muy tentado de la hoja de* (nº 1904), *Saber a la madera* (nº 1292), *Tener horca y cuchillo* (nº 1316), *Por su misma mesmenad* (nº 1422), etc.

Un terceiro aspecto polémico radica no carácter heteroxéneo da propia materia lingüística que este dicionario organiza en varios milleiros de entradas: mestúranse UFs con paremias ou refráns e mais con palabras. Ao noso entender, o peso dos refráns é

excesivo. Tomando como mostra as cen primeiras entradas, en vinte hai refráns, ora comparezan como nucleares nos encabezamentos, ora comparezan de maneira circunstancial, complementaria. Levado por un claro afán de lle abrir todas as portas posibles ao compoñente léxico, e levado por un nobre desexo de enriquecemento idiomático, Pena acumula sen reparo paremias, talvez demasiadas (algunhas de dubidosa vixencia: *Abracijos no hacen hijos, pero son preparativos*, nº 7). Ben é verdade que en ocasións, cando a UF galega ten un difícil emparellamento en castelán, parece lícito botar man dun refrán: é o caso nº 1492, onde lemos *La muerte es traidora, nunca dice el día ni la hora*, correspondendo á UF galega *Non/ Nunca sabe un onde a ten*, mais nós preferiríamos outro encabezamento cunha frase (por exemplo, *Nadie sabe cuándo le llega la hora*), porque ao cabo este é, en principio, un dicionario fraseolóxico, non paremiolóxico. Igualmente discutible é o uso, ou o abuso, das palabras. Vexamos algúns exemplos: na entrada nº 93 aparece *anticuado* como sinónimo; na nº 98: *trinzar, esnaquizar, ascachizar, esnacar, escachar* (e veñen logo de achegar xa 6 UF galegas); na nº 104, *enganar*; na nº 113, *velaquí*; na nº 141, *intranquilo, inquedo, impaciente, nervioso, preocupado, desacougado*; na nº 149, r*ecuar, acovardarse, apoucarse, amedrentarse, engruñarse, encartarse*, etc.

Esta querencia coas palabras leva o autor a facer algún encabezamento inapropiado, por ex. a entrada nº 309, *Caliente*: aí integra UF galegas como *Quentiño coma un roxón*, e máis abaixo aparece o cast. *Caliente como un horno*, que é realmente a UF que debería funcionar de encabezamento, de tal forma que *Caliente* remitise directamente a *horno*, tal como ocorre na maior parte das UFs con estrutura comparativa que hai no libro.

Con todo, incluso este punto, o de integrar un número alto de palabras como formas sinónimas de UFs, presenta aspectos que, desde outro enfoque, poden resultar positivos, en canto que abren un certo debate –e xa se sabe que das discrepancias tamén nace o coñecemento. Pensemos en unidades do tipo *resbalarle* (nº 190) (sinónimo de *pelársela, soplársela, sudársela*, palabras pertencentes ao rexistro coloquial da linguaxe xuvenil-urbana), ou nestoutras do tipo *abrirse, guillarse, pirarse* (na entrada nº 1440, caracterizadas coas mesmas coordenadas de uso espazo-temporais cás anteriores). Por que *resbalarle* non ten entrada nun dicionario fraseolóxico e *resbalársela* si? Ao cabo, a diferenza entre *Me resbala* e *Me la resbala* case se podía dicir que é de número (un clítico fronte a dous) porque os outros factores diferenciais son bastante relativos, son opinables e non anulan o valor fraseolóxico desas fórmulas (*Me abro, me guillo, me resbala*...), a moita distancia semántica das acepcións primeiras (e da sintaxe estándar) dos verbos correspondentes exentos de pronominalización. (Considérase que o pronome reflexivo é un constituínte interno do verbo e polo tanto non conta como palabra distinta do verbo; as formas pronominais femininas fan referencia a algo externo non mencionado.).

Examinemos agora outro aspecto: as definicións que van entre chaves. Percibimos aí tres clases de faltas: unha, falta de adecuación: nalgunhas definicións o rexistro en galego é indebidamente vulgar, por ex. nas entradas nn. 9, 897, 1538, 2834 (en todas elas aparece a expresión *carallada*). Noutras falta simplicidade; como exemplo de definicións rebuscadas e profusas citemos os números 889 e 1312 (con hipérbatos

innecesarios). Evidentemente, nun dicionario tan ciclópeo coma este sería moi difícil acertar con todas as definicións: hai algún caso onde faltou fineza, non atinou o autor cos semas precisos; por ex. cando define *carne de canón* (nº 390): está a idea de perigo e/ou sufrimento, está a indefensión, pero faltan claves. Un meniño indefenso que morre de asfixia no coche porque a nai se esqueceu del non entra na categoría de "carne de canón", nin tampouco as vítimas dun terremoto en Xapón, por exemplo. Faltan semas que marquen o axente dese maltrato (normalmente macrosistemas humanos, de tipo militar, social ou económico).

Pero sen dúbida ningunha, os problemas maiores xorden da delimitación do espazo semántico. Son frecuentes os encabezamentos ou lemas abundantes en sinónimos e isto provoca a sensación de que se esvaecen os límites daquilo que se quere definir. E o argumento esgrimido nos prolegómenos da obra (o receptor-lector debe botar man da propia competencia lingüística, como falante natural do idioma galego) non sempre vale para establecer eses límites necesarios.

Fronte aos numerosos casos de ampla sinonimia baixo un só encabezamento, hai casos de desdobramentos aparentemente innecesarios, canto menos discutibles: por ex., entrada nº 98 ('hacer añicos una cosa material') fronte á nº 99 ('Hacer añicos una cosa inmaterial'); nº 203, *ser un bocazas* ('sen discreción, incapaz de gardar segredos') fronte á nº 204, *ser un bocazas* ('sen tino, sen sentido da oportunidade'), e cómpre ter presente que estas entradas *desdobradas* comparten UFs, que se repiten; *A caballo* volve xeminarse innecesariamente, ao noso entender, en dúas entradas, nn. 266 e 267, segundo sexa a cabalo dunha cabalería ou a cabalo dunha persoa (no DRAE, por exemplo, só hai unha acepción para *A horcajadas*). Outros casos deste tipo, de discutibles multiplicacións de entradas serían: nn. 303, 304; nn. 446, 447; nn.1168, 1169; nn.1298, 1299; nn.1484, 1485, etc. Téñase en conta que en moitos destes casos cabería a opción de establecer dentro da mesma entrada distintas acepcións ordenadas por número, seguindo o procedemento normal nos dicionarios (o número 1 para a que se considera a acepción primeira, o 2 para as acepcións que se producen por extensión da 1ª, etc. Un exemplo témolo na entrada nº 283).

Achegaremos, por último, un par de exemplos do que se podería etiquetar *sinonimia laxa en exceso*: *De rompe y rasga = De mucho cuidado* (nº 120). Pero hai semas diferenciais claves, que cumpriría precisar: o 2º caso aplícase a substantivos do tipo: *suxeito, individuo, tipo* e leva implícito o sema 'temible por malvado', mentres que o primeiro aplicado a persoas ou entes personificados implica o sema 'rachado, que tira para adiante rompendo con límites, ousado'. Son semas moi distintos.

Entre *Servir en bandeja de plata* e *Meter/poñer no papo* (figuran como sinónimos na entrada nº 66) hai unha diferenza clara que toca ao rexistro, conviña marcalo.

2.2. Falaremos agora dos aspectos admirables e inequivocamente positivos. As principais virtudes da obra que nos ocupa son dúas: unha, a innegable e inapelable riqueza léxica. Descubrímonos diante da achega de fraseoloxía xeral. Valoramos inequivocamente as longas horas de traballo de campo, no ámbito do silencioso estudo diante dos libros e no contexto vivo onde traballa, faena, xoga e se divirte o noso pobo.

É o léxico o maior tesouro, repetimos. Sen ánimo de sermos exhaustivos, e tomando como referencia o *Dicionario de Dicionarios* que coordina Antón Santamarina (DdD), velaquí algunhas das palabras (extraídas das correspondentes UFs) que figuran na obra de Pena, ausentes do DdD: *estouravergas* (nº 118), *chapuzos* (nº 141), *varandelas* (nº 161), *bandola* (nº 177), *trelo* (nº 182), *pelacorpo* (nº 202), *chanciña* (nº 207), *pandolada* (nº 208), *sandangas* (nº 244), *atolascado* (nº 280, no DdD só se documenta en Sobreira), *tarabigo* (nº 291), *mediofoguete* e *medianena* (nº 323), *pilindroques* (nº 372), *sorrateira* (nº 453), *estartelo* (nº 600), *cagarrabizas*, *caguicha*, *calfurras* e *calfurrias* (nº 956), *escarrichados* (nº 994), *gañifa* (nº 1008), *ambradas* (nº 1041), *pallamallada* (nº1069), *sulfido* (nº 1168), *tocafociño* e *rompecollofes* (nº 1289), *retralla* e *esfurrique* (nº 1294), *escachapexegueiros* (nº 1350), *garruchada* (nº 1372), *imalia* (nº 1455), c*locló* (nº 1455), *esperreche* (nº 1460), *enfoleca* (nº 1619), *chosca,* (subs, nº 1643), *resvel* (nº 1975), *barloantes* (nº 1988), *aforrincha* (nº 1990), *burrandaina* e *burrandón* (nº 2361), *contraxeito* (nº 2401). E inda podiamos engadir unha serie de UFs que como tales non figuran no DdD e que, no que nós sabemos, supoñen unha novidade con respecto ao publicado ata a data no panorama da fraseoloxía galega: *Pegado con cuspe* (= *Cogido con alfileres*), *A todo guispar* (= *A toda leche*), *Pasar polo punteiro da gaita* (=*Pasar por el arco de triunfo*), *Cerrado a barra e pedra* (=*Cerrado a cal y canto*), *Meter palabra* (=*Meter baza*), *Ter arolas* (=*Tener perendengues*), *Por arte de meigas* (=*Por arte de birlibirloque*), *Non facer branca de pan* (=*No pegar golpe*), *Non estar para paxaradas do arco da vella* (=*No estar de humor*), *Facer as brochas* (=*Dar cabezadas*), *De punta a chicote* (=*De cabo a rabo*), *Carne de machada* (=*Carne de cañón*), etc.

A outra virtude, a presenza da linguaxe da xente nova. Este dicionario supón un esforzo considerable por integrar a fala dos mozos, da xuventude que frecuenta bares e discotecas. A fala que podiamos incluso etiquetar como propia de adolescentes, ou de mozos que están na vintena, está aí, en UFs galegas que aparecen baixo encabezamentos coma os seguintes: *¡Qué rollo!, Pasarse tres pueblos, No te tires (de la moto), Me la suda, Estar hecho puré*, *Está que se sale*, *Un morro que se lo pisa*, etc.

Esta virtude leva emparellada outras non desprezables: explosión de futuro, de vida potencial para un idioma nativo minorizado.

E logo están os valores metalingüísticos: na obra hai materia de pensamento e motivo de traballo para os lexicógrafos, para os amigos dos estudos etimolóxicos (pensemos no caso de *sacoteado*, na entrada nº 625, para a que o autor propón unha hipótese etimolóxica), para os teóricos da sintaxe (por exemplo, na entrada nº 476 fálase de complemento directo introducido pola preposición "en"; na nº 1326 aparece analizado *¿A que hora saídes de traballar/do traballo?* Como "saír + suplemento", en ambos casos podería revisarse a cuestión), etc.

A modo de conclusión e síntese:

Congratulámonos de que no noso espazo cultural apareza unha obra individual deste tamaño, porque é un indicio visible da paixón que ós galegos nos inspira a lingua galega. Eis unha obra que rescata o pasado e que, abrindo a porta, deixa entrar novo osíxeno de esperanza para a pervivencia e a pureza do idioma de Galicia.

Referencias bibliográficas:

CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español.* <http://www.rae.es> [Data de consulta 10/05/2011].

CREA = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus de referencia del español actual.* <http://www.rae.es> [Data de consulta: 04/11/2011].

DdD = *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega.* <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [Data de consulta: 04/11/2011].

DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la lengua española.* <http://buscon.rae.es/draeI/> [Data de consulta: 04/11/2011].

PENA, Xosé Antonio (2001): *Diccionario Cumio de Expresións e frases feitas castelán-galego*. Vigo: Cumio.

María do Rosario Soto Arias

IES Eusebio da Guarda

PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography* (Serie: Phraseologie und Parömiologie, vol. 25). Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren, 267 páxinas.

O traballo sobre fraseoloxía que aquí nos ocupa plasma as inquietudes investigadoras que foron xurdindo ao longo dos últimos anos a raíz do espectacular desenvolvemento da lingüística de corpus.

A disciplina da lingüística de corpus está a ter actualmente un importante impacto en distintos campos da lingüística como o da pragmática ou o da lingüística textual, facendo posible a busca de estruturas e construcións con tan só un movemento de rato. As repercusións na fraseoloxía encóntranse aínda nun estadio inicial. En efecto, queda por diante un longo camiño que percorrer no que se poderá afondar, entre outros, en aspectos como:

- novos mecanismos para detectar coocorrencias nos textos

- novos mecanismos para detectar fraseoloxismos idiomáticos

- novos mecanismos para permitir unha comparación fiable entre a frecuencia de certas colocacións ou fraseoloxismos idiomáticos en distintos tipos de texto (xergas específicas en contraposición coa lingua común)

- novos mecanismos para explota-los recursos que ofrece a rede en canto a textos pertencentes á fala informal (*chats*, foros de opinión, textos de prensa informais), é dicir, pertencentes á chamada *konzeptuelle Mündlichkeit* ("oralidade conceptual") dentro do medio escrito.

Na primeira parte do libro encontrámonos cos artigos dos seguintes autores:

O volume *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography Corpora*, cunha extensión de 267 páxinas e con contribucións en alemán e inglés, está editado por coñecidos xermanistas que traballan intensamente no ámbito da lingüística computacional e nas súas directas aplicacións na fraseoloxía en sentido amplo, que inclúe tamén as colocacións, os refráns e as fórmulas rutineiras. Despois dun capítulo introdutorio de Noah Bubenhofer e Stefaniya Ptashnyk sobre o estado da cuestión na fraseoloxía e na lexicografía a partir da investigación baseada na lingüística de corpus, a obra aparece dividida en tres bloques. O primeiro deles abrangue seis traballos acerca de aspectos teóricos das investigacións fraseolóxicas baseadas no corpus e na rede, o segundo intérnase nos problemas metodolóxicos e no tema das ferramentas na investigación fraseolóxica baseadas na lingüística computacional, mentres que o terceiro bloque ten un carácter máis experimental e ten o seu obxecto de estudo nos propios corpus e na rede como ferramentas da práctica fraseográfica. Na primeira parte do libro encontrámonos cos artigos dos seguintes autores:

- **Jean Pierre Colson:** "The Contribution ofWebbased Corpus Linguistics to a Global Theory of Phraseology" sobre a achega da lingüística de corpus (baseada na rede) á teoría xeral da fraseoloxía; para o seu estudo céntrase nun experimento baseado na extracción de colocacións adxectivas de internet, nun experimento sobre frecuencias de N-gramas e noutro que persegue o deseño dun novo algoritmo para a extracción automática de triagramas fraseolóxicos.

- **Uwe Quasthoff / Fabian Schmidt / Erla Hallsteinsdóttir**: "Häufigkeit und Struktur von Phraseologismen am Beispiel verschiedener WebKorpora" sobre a frecuencia e a estrutura dos fraseoloxismos a partir de distintos corpus tomados da rede, como *wikipedia* ou textos literarios do proxecto Gutenberg. A diferenza entre oralidade conceptual (textos actuais da rede) e escritura conceptual (textos literarios) faise patente no estudo, no que tamén se aplica a lei de Zipf.

- **Hrisztalina Hrisztova Gotthardt**: "Methoden und Ergebnisse einer korpusbasierten Untersuchung zur Vorkommenshäufigkeit bulgarischer Sprichwörter in zeitgenössischen Zeitungstexten" sobre os métodos e os resultados dunha investigación baseada en corpus para determina-la frecuencia de aparición de refráns búlgaros en textos de prensa actuais.

- **Jussi Niemi / Juha Mulli / Marja Nenonen / Sinikka Niemi / Alexandre Nikolaev / Esa Penttilä**: "BodyPart Idioms across Languages: Lexical Analyses of VP BodyPart Idioms in English, German, Swedish, Russian and Finnish" sobre a frecuencia de determinados lexemas somáticos dentro de fraseoloxismos verbais en inglés, alemán, sueco, ruso e finlandés extraídos de corpus amplos, con resultados diverxentes para cada unha das linguas.

- **Christine Konecny**: "Lexikalische Kollokationen und der Beitrag der Internet Suchmaschine *Google* zu ihrer Erschließung und Beschreibung" sobre colocacións léxicas e a achega do buscador de internet *Google* para detectalas e describilas, para o que a autora –con fins didácticos– propón partir do colocado e non da base e estudar verticalmente tódalas posibilidades de coocorrencia do colocado; iso permitiría establecer un *ránking* de preferencias prototípicas de bases a partir dun determinado colocado.

- **Jelena Parizoska**: "The Canonical Form in Murky Waters: Idiom Variation and the Croatian National Corpus" sobre as variacións da forma canónica do fraseoloxismo *murky waters* ("augas turbias") a partir do estudo desta unidade no corpus nacional do croata, o cal permite ver claramente a relatividade do concepto de "fixación" que se lles adoita aplicar ós fraseoloxismos idiomáticos. Este traballo dá a pauta para establece-la forma canónica dos fraseoloxismos nos dicionarios baseándose no aspecto da frecuencia e da prototipicidade.

Na segunda parte do volume, os autores e as súas contribucións son os seguintes:

- **Ruth Vatvedt Fjeld / Lars Nygaard/Eckhard Bick**: "SemiAutomatic Retrieval of Phraseological Units in a Corpus of Modern Norwegian" sobre a detección semiautomática de unidades fraseolóxicas nun corpus do noruegués actual por medio da nova ferramenta *deep dict*, a fin de elaborar un dicionario noruegués de colocacións que xunte criterios sintácticos e semánticos ó mesmo tempo; para esta investigación pártese da análise de dous dicionarios actuais do noruegués que presentan serias deficiencias na descrición dos lemas elixidos.

- **Peter Ďurčo**: "Einsatz von Sketch Engine im Korpus – Vorteile und Mängel" sobre as vantaxes e desvantaxes do uso da ferramenta *sketch engine* no proceso de compilación do primeiro dicionario de colocacións do eslovaco; a nova ferramenta permite deseñar de xeito eficiente o perfil colocacional das palabras, así como a agrupación automática de combinacións léxicas; non obstante, o autor sinala a importancia do labor do lexicógrafo á hora de avalia-los resultados.

- **Oksana Petrova**: "Computer Mediated Discourse vs. Traditional Text Corpora as a Data Source for Idiom Variation Research in Finnish" sobre os diferentes resultados que se desprenden do uso do *Usenet Newsgroups* como base de datos fronte ós corpus de textos tradicionais (neste o caso o *Language Bank of Finland*), para o que toma o FR finlandés *heittää helmiä sioille* (*botar perlas ós porcos*) e estuda cales son as modificacións e estruturas máis frecuentes nos dous tipos de corpus; os modelos de uso do FR son presentados en forma de construcións sintácticas máis ou menos prototípicas.

- **Melita Aleksa Varga**: "Methoden und Tools zur Erstellung eines korpusbasierten Kollokationswörterbuchs (am Beispiel des Kroatischen)" sobre os métodos e ferramentas para a elaboración dun dicionario de colocacións baseado en corpus, para o que a autora usa dous programas estatísticos de busca automática de coocorrencias léxicas: *NSP*, *Collocations Extract* e *KWIC Concordance for Windows*.

No terceiro bloque inclúense os traballos de:

- **Marcel Dräger / Britta Juska Bacher**: "Online Datenerhebungen im Dienste der Phraseographie" sobre a recollida de datos por formularios vía internet para a elaboración de dicionarios *on line*, o cal leva consigo moitas vantaxes sobre todo cara á descrición de fraseoloxismos específicos dunha determinada zona; esta proposta de dicionario *on line* permite que a información dada no dicionario se poida mellorar polas opinións dos usuarios.

- **Maria Toporowska Gronostaj / Emma Sköldberg**: "Swedish Medical Collocations: A Lexicographic Approach" sobre a elaboración dun dicionario electrónico de colocacións do sueco procedentes da linguaxe técnica da medicina, para o que as autoras parten do corpus *MedLex* e as colocacións son descritas de xeito integral tanto dende un punto onomasiolóxico como semasiolóxico. Este procedemento permite verifica-las hipóteses de partida en canto ós tipos de relacións sintácticas e semánticas entre as colocacións examinadas.

- **Franziska Wallner**: "Kollokationen in Wissenschaftssprachen: Zur lernerlexikographischen Relevanz der Textarten und Diskursspezifik von Kollokationen" sobre a importancia –para a didáctica e a fraseografía– dos tipos de bases de datos para os resultados dos estudos sobre colocacións; neste artigo contrapóñense resultados de corpus de textos científicos con corpus de prensa en relación a categorías gramaticais das colocacións como o número ou os trazos semánticos do actante de suxeito.

- **Sixta Quassdorf / Annelies Häcki Buhofer**: "... you are quoting Shakespeare: Quotations in Practice" sobre a recepción histórica dunha cita de tres liñas da obra Hamlet (it is a custom more honour'd in the breach than the observance) en distintos tipos de bases de datos (literatura, ámbito cultural, xornais, etc.), onde se observa unha clara tendencia á debilitación da fixación e ó acurtamento da cita, o cal se ve compensado coa explicitación do autor desta (Shakespeare).

- **Natalia Filatkina / Ane Kleine / Birgit Ulrike Münch**: "Verbale und visuelle Formelhaftigkeit: Zwischen Tradition und Innovation" sobre a estabilidade / fixación léxica e visual a partir dos datos recollidos en catro proxectos interdisciplinares que se están a levar a cabo na Universidade de Tréveris; para iso utilízanse métodos de lingüística de corpus que permiten analiza-la variación diacrónica de expresións e imaxes (p. ex. en corpus de historia da arte).

- **Frank Richter / Manfred Sailer / Beata Trawínski**: "The Collection of Distributionally Idiosyncratic Items: An Interface between Data and Theory" sobre unha recompilación electrónica de subgrupos de elementos léxicos que se caracterizan pola súa distribución idiosincrásica: *CoDII* (*Collection of Distributionally Idiosyncratic Items*), investigación que se desenvolve no marco da gramática de construcións e da teoría funcionalista.

Como se pode apreciar polo contido dos artigos, esta obra representa a consolidación da fraseoloxía como importante campo de aplicación dos avances da lingüística de

corpus e computacional. Como afirman Noah Bubenhofer e Stefaniya Ptashnyk no capítulo introdutorio (páx. 18), os traballos do volume demostran, en parte de xeito exhaustivo, en parte de xeito ilustrativo, as moitas e variadas posibilidades de aplicación da análise computacional e da lingüística de corpus nos campos da lexicografía práctica e da didáctica das linguas estranxeiras

Unha conclusión á que se chega en numerosas contribucións do libro é que ó aplica-los métodos de análise estatística faise patente o fina que é a liña entre a fraseoloxía e o chamado discurso libre, tratándose por natureza de algo máis que de categorías definidas dun *contínuum* que os lingüistas nos empeñamos en dividir en compartimentos e etiquetar. En vista dos resultados que se desprenden das investigacións realizadas parece razoable amplia-lo obxecto de estudo da fraseoloxía e abranguer todo tipo de construcións patrón da lingua, ata o momento practicamente non contempladas na fraseoloxía tradicional. Este novo punto de vista repercutirá, sen dúbida ningunha, moi positivamente nas cuestións lexicográficas, didácticas e textuais da descrición das linguas.

Para iso quedan, non obstante, aínda algúns capítulos pendentes metodoloxicamente como é a fixación dun *tertium comparationis* claro como criterio comparativo entre distintos tipos de corpus, os cales foron moitas veces recompilados de acordo con distintos criterios (tamaño diferente, etc.) e as súas unidades reflicten unha frecuencia dada dende distintos e descoñecidos algoritmos de busca, sobre todo no caso de corpus elaborados a partir da rede.

Por outra parte, o rápido avance en materia computacional non nos debe enganar sobre o feito de que os datos sacados dos corpus non se interpretan sós. Aínda necesitamos do lingüista que sexa capaz de ler e transcribi-las táboas de resultados estatísticos, e ademais que saiba elaborar con eles teorías fundamentadas que axuden no progreso da descrición da lingua en xeral e da fraseoloxía en particular. Para todo iso necesítase unha perfecta colaboración e conxunción de esforzos entre o informático e o lingüista que ata agora non sempre se deu.

Para finalizar, quero resalta-la relevancia desta obra como pedra angular para o desenvolvemento sólido de aspectos da fraseoloxía computacional como a detección de unidades fraseolóxicas, a aplicación de novos sistemas e ferramentas e a ampliación do campo de estudo da fraseoloxía cara a construcións patrón recorrentes na lingua común ou nas xergas científicas das distintas linguas europeas.

Carmen Mellado Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

Novas

NOVAS

1. Libros, revistas ou artigos recibidos

AGUILAR RUIZ, Manuel José (2010): "La locución (*hecho un*) *eccehomo* y sus variantes", en *Paremia* 19, 2010, 185-195.

ALONSO PÉREZ-ÁVILA, Elena (2010): "El tratamiento computacional de paremias: problemática y estado de la cuestión", en *Paremia* 19, 2010, 71-82.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): "As variantes funcionais das locucións verbais", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 33-51.

ÁLVAREZ DÍAZ, Juan José (2010): "Escuderos e hidalgos en los refranes españoles", en *Paremia* 19, 2010, 29-40.

AMIGO TEJEDOR, Melisa (2010): "Estudio de la fraseología en la novela de Carmen Martín Gaite *Entre visillos* y de su traducción francesa", en *Paremia* 19, 2010, 177-184.

AYENSA PRAT, Eusebi (2010): "Prólogo", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 13-14.

BAPTISTA, Jorge (2008): Véxase FERNANDES, Graça; BAPTISTA, Jorge (2008).

BARANI, Nazia (2003): "Los refranes más frecuentes del español actual y su enseñanza a hablantes de farsi", en MUÑOZ MARTÍN, Ricardo (ed.): *I AIETI. Actas del I Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Granada 12-14 de Febrero de 2003*. Granada: AIETI. Vol. n.º 1, pp. 253-266. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/I/AIETI_1_NB_Refranes.pdf].

BARRIOS RODRÍGUEZ, María A. (2008): " Propuesta de descomposición semántica de fórmulas rutinarias del español en el marco de la Teoría Sentido-Texto", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 211-231.

BOUAZZA, Assam (2005): "¿Traducción en la publicidad?: Notas traductológicas sobre el tratamiento fraseológico en el discurso publicitario", en ROMANA GARCÍA, María Luisa (ed.): *II AIETI. Actas del II Congreso Internacional de*

la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Madrid, 9-11 de febrero de 2005. Madrid: AIETI, pp. 674-684. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/II/AIETI_2_BA_Traduccion.pdf].

BRUMME, Jenny (2008): "La traducción de la frase hecha. Un primer sondeo en un contexto bilingüe (catalán-castellano)", en PEGENAUTE, L.; DECESARIS, J.; TRICÁS, M. y BERNAL, E. (eds.): *Actas del III Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. La traducción del futuro: mediación lingüístca y cultural en el siglo XXI. Barcelona 22-24 de marzo de 2007*. Barcelona: PPU. Vol. n.º 2, pp. 89-100. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/III/AIETI_3_JB_Traduccion.pdf]

BUSTOS PLAZA, Alberto (2008): "Relaciones de dependencia sintáctica y semántica en combinaciones verbonom inales lexicalizadas", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 53-67.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2010): "Los verbos 'hablar' y 'callarse' en el refranero español", en *Paremia* 19, 2010, 19-27.

ČERMÁK, František (2010): "Fifteen commandments of a phraseologist", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 179-182.

CHELMI, Evlampía (2010): "Fraseologismos relativos a los colores en español y griego moderno", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 195-204.

CONCA, Maria (2011): "Anàlisi de les parèmies en l'assaig contemporani. Josep Pla i Joan Fuster", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique [http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.] [31/03/2011].

CONDE TARRÍO, Germán (2010): "El vino, según los refraneros castellano, gallego, portugués y francés, en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 172-194.

COTEUS, Steve (2011): " 'Trouble Never Sets Like Rain': Proverb (In)Direction in Michael Thelwell's *The Harder They Come*", en *Proverbium* 28, 2011, 1-30.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010a) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA.

(2010b): "Introducción", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 15-20.

(2010c): "La imagen del varón transmitida por los refraneros español y griego moderno", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 122-140.

CUARTERO SANCHO, María Pilar (2010): "Paremias insertadas en sentencias: El *Loor de virtudes* (1524) de Alfonso de Zamora", en *Paremia* 19, 2010, 157-168.

DASCA, Maria (2011): "Le rapport entre les proverbes et la littérature catalane contemporaine: un exemple chez Carner", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique: http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2010): "Idioms: Motivation and etymology", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 73-96.

DUBROCA GALIN, Danielle (2005): "Stereotypes, clichés et tournures recurrentes: des ressources linguistiques au service de la mercatique", en ROMANA GARCÍA, María Luisa (ed.): *II AIETI. Actas del II Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Madrid, 9-11 de febrero de 2005*. Madrid: AIETI, pp. 739-749. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/II/AIETI_2_DDG_Stereotypes.pd f].

DURANTE, Vanda (2010): "La noción de 'tiempo' en la fraseología española e italiana", en *Paremia* 19, 2010, 41-51.

EGYA, Sule E. (2011): "Beyond the Boundary of Age. Proverb Variation in Agatuland", en *Proverbium* 28, 2011, 31-43.

ETTINGER, Stefan (2010): "Phraseologie und Wortschatzerwerb. Anmerkungen zu A. Martin und F. Leray: Les idiotismes et les proverbes de la conversation allemande. Paris 1900", en GNUTZMANN, Claus; KÖNIGS, Frank G.; ZÖFGEN, Ekkehard (coords.) (2010): *Flul - Fremdsprachen Lehren und Lernen* 39. Tübingen: Gunter Narr Verlag, 88-102. [http:// www.narr.de/]

FARØ, Ken (2010): Véxase HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; FARØ, Ken (2010).

FERNANDES, Graça; BAPTISTA, Jorge (2008): "Frozen sentences with obligatory negation: linguistic challenges for natural language processing", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 85-96.

FERNÁNDEZ BELLO, Pedro (2008): "Las colocaciones en el lenguaje jurídico", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 69-84.

FIEDLER, Sabine (2010): "Phraseology in a time of crisis: The language of bank advertisements before and during the financial crisis of 2008-2010", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 1-17.

FILATKINA, Natalia; HANAUSKA, Monika (2010): "Wissensstrukturierung und Wissensvermittlung durch Routineformeln: Am Beispiel ausgewählter althochdeutscher Texte", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 45-71.

GARCÍA YELO, Marina (2010): "*Parentesco que tiene u, tómatelo tú*. Retratos de las suegras, nueras y cuñadas en la paremiología española y francesa", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 141-171.

GARCÍA-PAGE, Mario (2010a): "Contribución del léxico en la opacidad de las locuciones" en MOGORRÓN HUERTA, Pedro; MEJRI, Salah (dirs.) (2010): *Opacidad, idiomaticidad, traducción / Opacité , idiomaticité, traduction*. Encuentros Mediterráneos 3. Alicante: Universitat d'Alacant, 129-149.

(2010b): "Locuciones verbales con clítico en español del tipo 'dársela'" en *Verba Hispanica* XVIII, 2010,135-145. Ljiubljana.

(2011): "Collocations complexes (application à l'espagnol)" en *Linguisticae investigationes* 34:1, 2011, 68-111. John Benjamins Publishing Company.

GARGALLO GIL, José Enrique (2010): "Aves y ciclo estacional en el calendario romance de refranes. Cigüeñas, golondrinas y cucos en BADARE, en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 54-82.

(2011a): "Refráns meteorolóxicos e atlas románicos, paremioloxía e territorio" en *Estudos de Lingüística Galega* 3, 2011, 31-50. [http://ilg.usc.es/elg/volume/3/#PESCUDA]

(2011b): "Romanicitat i particularisme dels refranys meteorològics del català a partir de BADARE", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique [http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.] [31/03/2011].

GONZÁLEZ AGUIAR, María Isabel (2008): Véxase ORTEGA OJEDA Gonzalo; GONZÁLEZ AGUIAR, María Isabel (2008).

GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2010): "La Parémiographie: éclosion et constitution d'une discipline à part entière", en *Paremia* 19, 2010, 145-156.

GÜELL, Mònica (2011): "Català, catalans, catalanes dans les recueils parémiologiques", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique [http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.] [31/03/2011].

GUIA I MARÍN, Josep (2011): "Particularismes catalans i europeismes en el fràsic de l'Espill", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique [http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.] [31/03/2011].

GUILLÉN MONJE, Gonzalo (2003): "Mínimo cultorológico para la traducción de unidades fraseológicas rusas al español", en MUÑOZ MARTÍN, Ricardo (ed.): *I AIETI. Actas del I Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Granada 12-14 de Febrero de 2003.* Granada: AIETI. Vol. n.º 1, pp. 547-557. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/I/AIETI_1_GGM_Minimo.pdf].

HALLSTEINSDÓTTIR, Erla; FARØ, Ken (2010): "Interlinguale Phraseologie", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 125-158.

HANAUSKA, Monika (2010): Véxase FILATKINA, Natalia; HANAUSKA, Monika (2010).

HEINEMANN, Axel (2008): "El tratamiento de las unidades fraseo lógicas en las diferentes ediciones del Diccionario de la Academia", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 247-256.

HRISTZTOVA-GOTTHARDT, Hrisztalina (2010): Vom gedruckten Sprichwörterbuch zur interaktiven Sprichwortdatenbank. Überlegungen zum linguistischen und lexikographischen Konzept mehrsprachiger

Sprichwortdatenbanken. Bern / Berlin/ Bruxelles / Frankfurt am Main / New York / Oxford / Wien: Peter Lang. (Sprichwörterforschung 27).

HULME, F. Edward (2007): *Proverb lore*. Edited by Wolfgang Mieder. Supplement series of Proverbium; Volume 23. Burlington, Vermont: *Proverbium* in cooperation with the Dept. of German and Russian, University of Vermont.

IDSTRÖM, Anna (2010): "Inari Saami idioms of time", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 159-178.

KAMENETSKAIS KOTSERUBA, Sofía (2010): "Del dicho al hecho... Sobre el conocimiento del refrán en la ciudad de México", en *Paremia* 19, 2010, 83-92.

KONSTANTINOVA, Anna (2011): "Proverbs in Feature Interviews: A Cognitive-Discursive Study of Oprah Winfrey's Inerviews", en *Proverbium* 28, 2011, 45-75.

KORHONEN, Jarmo (2011): *Phraseologie und Lexikographie. Phraseologismen in ein- und zweisprachigen Wörterbüchern mit Deutsch*. Edited by Wolfgang Mieder. Supplement series of Proverbium; Band. 32. Burlington, Vermont: *Proverbium* in cooperation with the Dept. of German and Russian, University of Vermont.

KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010a): *Phraseologie global - areal - regional. Akten der Konferenz EUROPHRAS 2008 vom 13.-16.8.2008 in Helsinki*. Narr Verlag.

(eds.) (2010b): *EUROPHRAS 2008. Beiträge zur internationalen Phraseologiekonferenz vom 13.-16.8.2008 in Helsinki*. Band 2. Online: www.helsinki.fi/deutsch/europhras/ep2008.pdf

KUL'KOVA, Marija A. (2011): "Eine pragmalinguistische Untersuchung von Bauernregeln (Am)", en *Proverbium* 28, 2011, 77-86.

LAMPINEN, Nina (2008): "Diccionario paremiológico español-jinés. ", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 257-262.

LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2008): "Theorie zum Begriff"Kollokation" und kontrastive Methodologie", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 97-106.

LITOVKINA, A. (2011): "The Nature of Women as Revealed Through Anglo-American Anti-Proverbs", en *Proverbium* 28, 2011, 87-120.

LÓPEZ SIMÓ, Mireia (2005): "Pour un nouveau traitement lexicographique des formules associées à une situation recurrente: traduction français-espagnol", en ROMANA GARCÍA, María Luisa (ed.): *II AIETI. Actas del II Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Madrid, 9-11 de febrero de 2005*. Madrid: AIETI, pp. 330-342. [http://www.aieti.eu/pubs/actas/II/AIETI_2_MLS_Traitement.pdf]

LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008): "Problemas na elaboración dun dicionario fraseolóxico galego. ", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 283-298.

LUQUE DURÁN, Juan de Dios (2010): "Bases teóricas del Diccionario Intercultural", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 21-32.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A. (2008): "Sobre la estructura morfosintáctica de las locuciones adjetivas", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 107-116.

MARTÍNEZ, Béatrice (2010): "La visión del 'saber' en la paremiología francesa y española", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 205-212.

MARTINS, Pedro (2010): "Do provérbio em contexto didáctico: proposta de trabalho", en *Paremia* 19, 2010, 93-102.

MATAMALA RIPOLL, Anna (2008): "La traducció de les interjeccions en comèdias de situació doblades", en PEGENAUTE, L.; DECESARIS, J.; TRICÁS, M. y BERNAL, E. (eds.): *Actas del III Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. La traducción del futuro: mediación lingüística y cultural en el siglo XXI. Barcelona 22-24 de marzo de 2007.* Barcelona: PPU. Vol. n.º 1, pp. 359-371. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/III/AIETI_3_AMR_Traduccio.pdf].

MCKENNA, Kevin J. (2011): "The Role of the Proverb in Leo Tolstoy's Novel *Anna Karenina*", en *Proverbium* 28, 2011, 121-146.

MELLADO BLANCO, Carmen (2008): "Introducción: colocaciones y algunas cuestiones teórico-prácticas de fraseografía", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 7-31.

MÉNDEZ CENDÓN, Beatriz (2008): "Las colocaciones en la prosa académica médica: Análisis contrastivo inglés-español", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 117-130.

MIEDER, Wolfgang (2001): No struggle, no Progress. Frederick Douglass and his proverbial rhetoric for civil rights. New York: Peter Lang.

(2002): 'Call a Spade a Spade'. *From classical phrase to racial slur: a case study.* New York: Peter Lang.

(2011a): " 'Hat alles seine Zeit': Sprichwörter in Otto Ludwigs Dramen", en *Proverbium* 28, 2011, 193-218.

(2011b): " 'Life, Liberty, and the Pursuit of Happiness': Martin Luther King's Proverbial Struggle for Equality", en *Proverbium* 28, 2011, 147-192.

(2011c): "Alan Dundes as Book Collector", en *Proverbium* 28, 2011, 409-416.

(ed.) (2010a): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010a)

(ed.) (2010b): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010b)

MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2008): "Diccionario electrónico multilingüe de construcciones verbales aplicado a la traducción. ", en MELLADO BLANCO,

Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 263-281.

MONTERO MONTERO, Pilar (2010): "Refranero de un idiolecto de Riaza (Segovia)", en *Paremia* 19, 2010, 61-70.

MONTORO DEL ARCO, Esteban Tomás (2008): "El concepto de "locución con casillas vacías", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 131-146.

MULLET, Etienne (2011Véxase NETO, Félix; MULLET, Etienne (2011).

NACISCIONE, Anita (2010): "Visual representation of phraseological image", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 19-43.

NÁRAY-SZABÓ, Márton (2008): "Figement, pragmatique et syntaxe", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 299-308.

NETO, Félix; MULLET, Etienne (2011): "Lay Conceptualizations of Forgiveness Among Portuguese Adults: A Proverb Endorsement Approach", en *Proverbium* 28, 2011, 219-233.

NOLTE, Andreas (2011): " 'Ten Spoonfuls Make a Bowl of Rice': An Introduction to Korean Culture with the Help of Its Proverbs", en *Proverbium* 28, 2011, 235-258.

OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugenia (2008): "El tratamiento lexicográfico de las locuciones verbales con se", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 309-319.

OLTRA RIPOLL, María D. (2003): "La traducción de los fraseologismos en el cine y la literatura", en MUÑOZ MARTÍN, Ricardo (ed.): *I AIETI. Actas del I Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Granada 12-14 de Febrero de 2003.* Granada: AIETI. Vol. n.º 1, pp. 233-252. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/I/AIETI_1_MDOR_Traduccion.pdf].

ORTEGA OJEDA Gonzalo; GONZÁLEZ AGUIAR, María Isabel (2008): "La técnicafraseográfica: el DRAE-20OJ frente al DEA-J999", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 233-245.

PAMIES BERTRÁN, Antonio (2010): "El componente (inter)cultural en la metáfora: el caso de la ictionimia", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 33-53.

PEDROSA BARTOLOMÉ, José Manuel (2010): "*Por Santiago y Santa Ana* / *pintan las uvas*: el calendario agrícola, entre cristianismo y paganismo", en *Paremia* 19, 2010, 111-122.

PELLEGRINELLI, Marco (2010): "La mujer en la Paremiología italiana y japonesa", en *Paremia* 19, 2010, 133-143.

PIIRAINEN, Elisabeth (2010c): "Common features in the phraseology of European languages: cultural and areal perspectives", en KORHONEN, Jarmo et al.

(eds.) (2010): *Phraseologie global - areal - regional. Akten der Konferenz EUROPHRAS 2008 vom 13.-16.8.2008 in Helsinki*. Tübingen: Narr Verlag, 15-27.

(ed.) (2010a): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010a).

(ed.) (2010b): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010b).

(2010d): "Phraseologie und Areallinguistik: ein interdisziplinärer Forschungsansatz", en FÖLDES, Czaba (ed.) (2010): *Phraseologie disziplinär und interdisziplinär.* Tübingen: Gunter Narr Verlag, 361-372.

(2010e): "Phraseology from a Eurolinguistic Perspective", en URELAND, P. Sture (ed.) (2010): *From the Russian Rivers to the North Atlantic – Migration, Contact and Linguistic Areas* (Studies in Eurolinguistics Vol. 7). Berlin: Logos Verlag, 127-147.

(2010f): "The Convergence of European Idioms and the So-called Globalization", en CATE, Abraham P. Ten et al. (eds.) (2010): *Grammatik Praxis Geschichte. Festschrift für Wilfried Kürschner*. Tübingen: Narr Verlag, 343-350.

(2010g): Véxase DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2010)

(2011a): "Dat is mien paoskebeste-sunndaggsnaomeddaggske Kleed! Zur Augmentation in der westmünsterländischen Mundart", en OEBEL, Guido (ed.) (2011): Ergänzungsband zum Wörterbuch der Volkssuperlative: von aalglatt bis zappenduster. Hamburg: Verlag Dr. Kovač, 157-184.

(2011b): "Folk narratives and legends as sources of widespread idioms: Toward a Lexicon of Common Figurative Units", en *Folklore. Electronic Journal of Folklore.* Tartu, 117-142 - *http://www.folklore.ee/folklore/vol48/piirainen.pdf*

(2011c): "Idiom motivation from cultural perspectives: metaphors, symbols, intertextuality", en PAMIES, Antonio; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (eds.) (2011): *Linguo-Cultural Competence and Phraseological Motivation.* Baltmannsweiler: Schneider Verlag, 65-74.

(2011d): "La recherche en phraséologie dans une perspective européenne: de nouvelles missions pour la linguistique européenne", en *Ateliers 42 : L'Eurolinguistique : aspects lexicologiques et didactiques.* Lille : Université Charles-de-Gaulle – Lille 3, 31-46.

(2011e): "Phraseologie und Kleinsprachen Europas", en PRINZ, Michael; RICHTER, Ulrike (eds.) (2011): *Idiome, Konstruktionen, 'verblümte rede' – Beiträge zur Geschichte der germanistischen Phraseologieforschung.* Stuttgart: S. Hirzel Verlag [Beiträge zur Geschichte der Germanistik 3], 203-222.

(2011f): "Technology of Modern Times as a Source of the 'Lexicon of Common Figurative Units", en *Proverbium* 28, 2011, 259-279.

(2011g): "Weit verbreitete Idiome in kulturhistorischen Bezügen: zum Verbreitungsmodus einiger Idiomgruppen", en *Das Wort. Germanistisches Jahrbuch Russland 2010*. Bonn/Moskau: DAAD, 167-181.

(2011h): "Weit verbreitete Idiome und das „Lexikon der gemeinsamen bildlichen Ausdrücke": Gewinn für den Fremdsprachenunterricht?", en *Deutsch als Fremdsprache* 3/48, 157-165.

PIÑEL, Rosa (ed.) (2010a): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010a)

(ed.) (2010b): Véxase KORHONEN, Jarmo; MIEDER, Wolfgang; PIIRAINEN, Elisabeth; PIÑEL, Rosa (eds.) (2010b)

RIVAS GONZÁLEZ, Manuel (2008): "Sobre la vinculación de algunas estructuras a lajraseología. Las solidaridades de Coseriu y sus derivaciones", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 147-161.

ROSEN, Ilana (2011): *Soul of Saul. The Life, Narrative, and Proverbs of a Transylvanian-Israeli Grandfather*. Edited by Wolfgang Mieder. Supplement series of Proverbium; Band. 31. Burlington, Vermont: *Proverbium* in cooperation with the Dept. of German and Russian, University of Vermont.

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, Pedro Alipio (2010): "Las expresiones de ponderación máxima o superlativa en Cuba", en *Paremia* 19, 2010, 123-132.

SÁNCHEZ NIETO, María Teresa (2003): "Expresión de la repetición de una situación: Un estudio contrastivo unilateral a partir de construcciones perifrásticas españolas", en MUÑOZ MARTÍN, Ricardo (ed.): *I AIETI. Actas del I Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Granada 12-14 de Febrero de 2003*. Granada: AIETI. Vol. n.º 1, pp. 287-312. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/I/AIETI_1_MTSN_Expresion.pdf].

SÁNCHEZ PÉREZ, María (2010): "Los refranes de la revista sefardí *Yerushalayim* (1909)", en *Paremia* 19, 2010, 53-60.

SARDELLI, Maria Antonella (2010a): "La figura del campesino en la tradición paremiológica española e italiana", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010) (ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 99-121.

(2010b): "Le ricerche geparemiologiche in Italia Termistcocle Freanceschi, il CIG (*Centro Interuniversitario di Geoparemiologia*) e l'API (*Atlante Paremiologico Italiano*)", en *Paremia* 19, 2010, 11-18.

SCHEELKE, Anne-Marthe (2011): "Zum Sprichwortgebrauch von Kindern und Jugendlichen –Eine empirische Studie an Regionalschulen der Hansestadt Rostock", en *Proverbium* 28, 2011, 281-322.

SCHMALE, Günter (2010): "Ist ein idiomatischer Ausdruck immer expressiv? Korpusbasierte und fragebogengestützte Beobachtungen zu einer verbreiteten Prämisse", en *Yearbook of Phraseology* 1, 2010, 97-124.

SERRANO LUCAS, Lucía Clara (2010): "Metodología para la enseñanza de la fraseología en traducción: la ficha fraseológica como tarea final", en *Paremia* 19, 2010, 197-206.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2010a): "El refranero hoy", en *Paremia* 19, 2010, 215-226.

(2010b): "Los oficios artesanales en el refranero español, francés e italiano, con especial atención al herrero", en CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2010)

(ed.): *Fraseo-Paremiología e Interculturalidad*. Atenas: TA KALÓS KEIMENA, 83-98.

SIERRA, Ascensión (2003): "L'emploi metaphorique des armes dans la phraséologie du langage quotidien: analyse contrastive français-espagnol", en MUÑOZ MARTÍN, Ricardo (ed.): *I AIETI. Actas del I Congreso Internacional de la Asociación Ibérica de Estudios de Traducción e Interpretación. Granada 12-14 de Febrero de 2003*. Granada: AIETI. Vol. n.º 2, pp. 101-122. [http:// www.aieti.eu/pubs/actas/I/AIETI_1_AS_Emploi.pdf].

SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008): Véxase LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008).

TEIXEIRA DE FARIA, Sandra (2010): "El proceso de la anticipación en refranes españoles y portugueses", en *Paremia* 19, 2010, 103-110.

TRAVALIA, Carolina (2008): "Las colocaciones coloquiales en español", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 163-179.

TRESACO BELIO, Mª Pilar (2010): "El santoral y el vino en los refraneros español y francés (II): los santos y la meteorología", en *Paremia* 19, 2010, 207-214.

UGARTE BALLESTER, Xus (2011): "El Polònia de TV3: tastets paremiològics amb versions en francès i castellà", en *Parémiologie et identité catalane*, sous la direction de Mònica Güell, *Catalonia* 8, Mars 2011, Université Paris-Sorbonne, revue électronique [http:// www.crimic.paris-sorbonne.fr.] [31/03/2011].

UNSETH, Peter (2011): "A Culture 'Full of Choice Apophthegms and Useful Maxims': Invented Proverbs in C.S. Lewis *The Horse and His Boy*", en *Proverbium* 28, 2011, 323-338.

VELASCO MENÉNDEZ, Josefina (2008): "Clasificación léxico-gramatical de las unidades jraseológicas deanimalísticas de la lengua rusa", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 181-192.

WINICK, Stephen D. (2011): "Fall into the (Intertextual) Gap: Proverbs, Advertisements and Intertextual Strategies", en *Proverbium* 28, 2011, 339-380.

WOTJAK, Gerd (2008): "Acerca del potencial combinatorio de las VL: procedimientos escenogenésicos y preferencias sintagmático-colocacionales", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 193-210.

WU, Fan (2010): "Estudio fraseológico contrastivo del cerdo en chino y español", en Paremia 19, 2010, 169-176.

XATARA, Claudia Maria (2008): "Expressions idiomatiques en interface bilingue électronique. ", en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, vol. 44. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH, 321-332.

YITAH, Helen (2011): "Conceptions of Motherhood in Proverbs Used by Ghanaian Women", en *Proverbium* 28, 2011, 381-408.

1.1. Recensións

AKTAŞ, Ayfer (2008): Usuelle Wortverbindungen in der Wirtschaftssprache im Deutschen und ihre Entsprechungen im Türkischen. Frankfurt a. M. [etc.]: Peter Lang (= Europäische Hochschulschriften Reihe 21 Linguistik, Band 328). Recensión de Elisabeth Piirainen, en *Neuphilologische Mitteilungen. Bulletin de la Société Néophilologique* 1/ 60, 2011,125-127.

BARTA, Péter (eds.) (2009): Véxase LITOVKINA, Anna T; BARTA, Péter (eds.) (2009).

CORTÈS, Colette (2009): Véxase KOTSCHI, Thomas; DETGES, Ulrich; CORTÈS, Colette (2009).

DETGES, Ulrich (2009): Véxase KOTSCHI, Thomas; DETGES, Ulrich; CORTÈS, Colette (2009).

FELLBAUM, Christiane (ed.) (2007): *Idioms and collocations: Corpus-based linguistic and lexicographic studies*. London: Continuum. Recensión de Elena Dnestrovskaya, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 183-189.

IDSTRÖM, Anna; MOROTTAJA, Hans (2007): *Inarisaamen idiomisanakirja* [Idiomwörterbuch des Inari-Sámi]. Inari: Sämtigge. Recensión de Elisabeth Piirainen, en *Proverbium* 28, 2011, 421-426.

JALETA JIRATA, Tadesse (2009): *A Contextual Study of the Social Function of Guji-Oromo Proverbs.* Saarbrücken: VDM Verlag Dr. Müller. Recensión de Peter Unseth, en *Proverbium* 28, 2011, 427-434.

KOTSCHI, Thomas; DETGES, Ulrich; CORTÈS, Colette (2009): Wörterbuch französischer Nominalprädikate: Funktionsverbgefüge und feste Syntagmen der Form <être + Präposition + Nomen>. Tübingen: Gunter Narr. Recensión de Annette Sabban, en Yearbook of Phraseology 1,2010, 194-198.

LITOVKINA, Anna T; BARTA, Péter (eds.) (2009): Acta Ethnographica Hungarica, An International Journal of Ethnography –Humor and Folklore, Volume 54, Number 1, June 2009. Budapest: Akadémiai Kiadó. Recensión de Melita Aleksa Varga, en Proverbium 28, 2011, 435-438.

MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios.* Frankfurt A.M.: Peter Lang. Recensión de Mario García-Page en *Anuario de Estudios Filológicos* XXXIII, 2010, 401-427. Universidad de Extremadura.

(ed.) (2009): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*. Tübingen: Max Niemeyer. Recensión de Juan Pablo Larreta en *Proverbium* 28, 2011, 417-420.

MIEDER, Wolfgang (2009): Yes we can. *Barack Obama's Proverbial Rhetoric*. New York: Peter Lang. Recensión de Sabine Fiedler, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 190-194

MOKIENKO, V. M.; NIKITINA, T. G.; NIKOLAEVA, E. K. (2010): *Bol'shoi slovar' russkikh poslovits / The Great Dictionary of Russian Proverbs.* Moskova: OLMA Media Group. Recensión de Kevin J. Mckenna, en *Proverbium* 28, 2011, 439-444.

MOROTTAJA, Hans (2007): Véxase IDSTRÖM, Anna; MOROTTAJA, Hans (2007).

MÜLLER, Hans-Georg (2009): *Adleraug und Luchsenohr: Deutsche Zwillingsformeln und ihr Gebrauch.* Frankfurt am Main: Peter Lang. Recensión de John M. Jeep, en *Proverbium* 28, 2011, 445-453.

NIKITINA, T. G. (2010): Véxase MOKIENKO, V. M.; NIKITINA, T. G.; NIKOLAEVA, E. K. (2010).

NIKOLAEVA, E. K. (2010): Véxase MOKIENKO, V. M.; NIKITINA, T. G.; NIKOLAEVA, E. K. (2010).

PTASHNYK, Stefaniya (2009): *Phraseologische Modifikationen und ihre Funktionen im Text. Eine Studie am Beispiel der deutschsprachigen Presse*. Recensión de Elisabeth Piirainen, en *Deutsch als Fremdsprache* 2/48,2011, 213-124.

(2009): *Phraseologische Modifikationen und ihre Funktionen im Text: Eine Studie am Beispiel der deutschsprachigen Presse*. Recensión de Martina Häcker, en Yearbook of Phraseology 1,2010, 198-203.

SCHLEE, Günther (2007): Véxase SHONGOLO, Abdullahi A.; SCHLEE, Günther (2007).

SHONGOLO, Abdullahi A.; SCHLEE, Günther (2007): *Boran Proverbs in their Cultural Context.* (Wortkunst und Dokumentartexte in afrikanischen Sprachen 24) Köln: Rüdiger Köppe Verlag. Recensión de Peter Unseth, en *Proverbium* 28, 2011, 427-434.

SIMEONOVA, Ruska (2009): *Deutsche und bulgarische Sprichwörter und Antisprichwörter. Plovdiv*: Koala Press. Recensión de Hrisztalina Hristztova-Gotthardt, en *Proverbium* 28, 2011, 455-463.

WRAY, Alison (2008): *Formulaic language*. Oxford / New York: Oxford University Press. Recensión de Sixta Quassdorf, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 203-209.

1.2. Recensionantes

ALEKSA VARGA, Melita (2011): Recensión de LITOVKINA, Anna T; BARTA, Péter (eds.) (2009): Acta Ethnographica Hungarica, An International Journal of Ethnography –Humor and Folklore, Volume 54, Number 1, June 2009. Budapest: Akadémiai Kiadó, en *Proverbium* 28, 2011, 435-438.

DNESTROVSKAYA, Elena (2010): Recensión de FELLBAUM, Christiane (ed.) (2007): *Idioms and collocations: Corpus-based linguistic and lexicographic studies*, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 183-198.

FIEDLER, Sabine (2010): Recensión de MIEDER, Wolfgang (2009): Yes we can. *Barack Obama's Proverbial Rhetoric*. NY: Peter Lang, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 190-194.

GARCÍA-PAGE, Mario (2010): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios.* Frankfurt A.M.: Peter Lang, en *Anuario de Estudios Filológicos* XXXIII, 2010, 401-427. Universidad de Extremadura.

HÄCKER, Martina (2010): Recensión de PTASHNYK, Stefaniya (2009): Phraseologische Modifikationen und ihre Funktionen im Text: Eine Studie am Beispiel der deutschsprachigen Presse, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 198-203.

HRISTZTOVA-GOTTHARDT, Hrisztalina (2011): Recensión de SIMEONOVA, Ruska (2009): *Deutsche und bulgarische Sprichwörter und Antisprichwörter. Plovdiv*: Koala Press, en *Proverbium* 28, 2011, 455-463.

JEEP, John M. (2011): Recensión de MÜLLER, Hans-Georg (2009): *Adleraug und Luchsenohr: Deutsche Zwillingsformeln und ihr Gebrauch.* Frankfurt am Main: Peter Lang, en *Proverbium* 28, 2011, 445-453.

LARRETA, Juan Pablo (2011): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2009): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*. Tübingen: Max Niemeyer, en *Proverbium* 28, 2011, 417-420.

MCKENNA, Kevin J. (2011): Recensión de MOKIENKO, V. M.; NIKITINA, T. G.; NIKOLAEVA, E. K. (2010): *Bol'shoi slovar' russkikh poslovits / The Great Dictionary of Russian Proverbs.* Moskova: OLMA Media Group, en *Proverbium* 28, 2011, 439-444.

PIIRAINEN, Elisabeth (2011): Recensión de AKTAŞ, Ayfer (2008): Usuelle Wortverbindungen in der Wirtschaftssprache im Deutschen und ihre Entsprechungen im Türkischen. Frankfurt a. M. [etc.]: Peter Lang (= Europäische Hochschulschriften Reihe 21 Linguistik, Band 328), en *Neuphilologische Mitteilungen. Bulletin de la Société Néophilologique* 1/60,2011 125-127.

(2011i): Recensión de IDSTRÖM, Anna; MOROTTAJA, Hans (2007): *Inarisaamen idiomisanakirja* [Idiomwörterbuch des Inari-Sámi]. Inari: Sämtigge, en *Proverbium* 28, 2011, 421-426.

(2011l): Recensión de PTASHNYK, Stefaniya (2009): Phraseologische Modifikationen und ihre Funktionen im Text. Eine Studie am Beispiel der deutschsprachigen Presse, en *Deutsch als Fremdsprache* 2/48, 2011, 123-124.

QUASSDORF, Sixta (2010): Recensión de WRAY, Alison (2008): *Formulaic language*, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 203-209

SABBAN, Annette (2010): Recensión de KOTSCHI, Thomas; DETGES, Ulrich; CORTÈS, Colette (2009): Wörterbuch französischer Nominalprädikate: Funktionsverbgefüge und feste Syntagmen der Form <être + Präposition + Nomen>, en *Yearbook of Phraseology* 1,2010, 194-198.

UNSETH, Peter (2011a): Recensión de JALETA JIRATA, Tadesse (2009): A Contextual Study of the Social Function of Guji-Oromo Proverbs. Saarbrücken: VDM Verlag Dr. Müller, en Proverbium 28, 2011, 427-434.

(2011b): Recensión de SHONGOLO, Abdullahi A.; SCHLEE, Günther (2007): Boran Proverbs in their Cultural Context. (Wortkunst und Dokumentartexte in afrikanischen Sprachen 24) Köln: Rüdiger Köppe Verlag, en Proverbium 28, 2011, 427-434.

2. Congresos e Seminarios

1. TERCER SEMINARIO INTERNACIONAL SOBRE REFRANES METEOROLÓGICOS. GEOPAREMIOLOGÍA ROMANCE. Universitat de Barcelona (UB). 6 -7.6.2011.

Joan VENY (Universidad de Barcelona): "Paremiología y variación dialectal".

Antonio TORRES TORRES (Universidad de Barcelona): "Refranes hispánicos y proyección americana".

Carlos Alberto CRIDA ÁLVAREZ (Universidad Nacional y Kapodistríaca de Atenas): "Los refranes meteorológicos en Uruguay".

João SARAMAGO (Centro de Linguística da Universidade de Lisboa): "Os provérbios meteorológicos no Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores. Comparação com outras fontes".

Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ (Universidad de Santiago de Compostela): "O mal tempo no seu tempo é bo tempo: refráns galegos referidos ao mes de xaneiro".

Xesús FERRO RUIBAL (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela): "Notas de xeoparemioloxía galega".

Pilar GARCÍA MOUTON (CSIC): "Los refranes meteorológicos en el Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha (ALeCMan)".

Víctor PÀMIES (http://refranys.com): "Quan al cel hi ha cabretes, a la terra hi ha pastetes. Comparació entre les dades lexicogràfiques i les obtingudes en enquestes d'ús de refranys catalans".

Aitor CARRERA (Universitat de Lleida): "Paremiologia, onomàstica i territori. L'element toponímic en els refranys meteorològics occitans".

Julia SEVILLA MUÑOZ (Universidad Complutense de Madrid): "La investigación geoparemiológica en España, Francia y Bélgica a través de la sección El refranero hoy de la revista Paremia".

Guylaine BRUN-TRIGAUD (Universidad de Niza): "Les dictons dans les atlas linguistiques de l'espace galloroman".

Michel Contini (Universidad Stendhal de Grenoble): "Temps chronologique et météorologique dans les dictons sardes".

Elisabetta CARPITELLI (Universidad de Niza): "Proverbi meteorologici e zoonimi nell'ambito italoromanzo".

Tullio TELMON (Universidad de Turín): "I proverbi della Candelora in Piemonte".

Nikola VULETIĆ (Universidad de Zadar, Croacia): "N-av ni de nåp, e kotro de vęrze. Refranys meteorològics istroromanesos i relacions interlingüístiques".

Morvay KÁROLY (Universidad Eötvös Loránd de Budapest): "Mirar amb un ull a Xerta i l'altre a Tivenys. Fraseologia i territori dins l'obra literària de Jesús Moncada".

José Enrique GARGALLO GIL y Marc RUIZ-ZORRILLA CRUZATE (Universidad de Barcelona): "El concepto de 'veranillo' en Europa. Ensayo semántico-motivacional".

Antoni MIR I FULLANA (Linguamón - Casa de les Llengües): "Linguamón, la Casa de les Llengües a Can Ricart".

Mesa redonda y conclusiones: ¿Es posible un atlas paremiológico romance? Con la participación de Gabriele IANNÀCCARO (Universidad de Milán-Bicocca) y Vittorio DELL'AQUILA (Atlas Linguistique Roman). Moderador: José Enrique GARGALLO GIL.

2. SEMINARIO "LA FRASEOLOGÍA EN EL CORRIDO MEXICANO". (Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo, México) Raúl Eduardo González Hernández. 17.6.2011 (10,00 – 12,00). Facultade de Filoloxía. UCM).
Coordinación: Julia SEVILLA MUÑOZ (sevilla@filol.ucm.es), Marina GARCÍA YELO (marinagyelo@yahoo.es).

3. SEMINARIO INTERNACIONAL. UNIDADES FRASEOLÓGICAS Y TIC. 5, 6 –7.10.2011. Facultade de Filoloxía (edif. A) Universidad Complutense de Madrid
Coordinadoras: Julia Sevilla Muñoz (UCM), Mª Isabel González Rey (USC), Ana Mansilla (Univ. Murcia), Maria Antonella Sardelli (UCM). UFRATIC@gmail.com

Gloria CORPAS PASTOR (Univ. Málaga): "Posibilidades y limitaciones de la Lingüística de Corpus para el estudio contrastivo de UFs en contextos".

André GALLEGO BARNÉS (Univ. Toulouse, Francia): "El investigador en UFs frente a las nuevas tecnologías de información y comunicación. Investigación y docencia".

Julia SEVILLA MUÑOZ (UCM): "El Refranero multilingüe".

Germán CONDE TARRÍO (USC): "Las paremias gallegas del Refranero multilingüe".

José Luis RANGEL MUÑOZ (Univ. Guadalajara, México): "Uso de las TIC para la recogida de UFs con fines etnográficos"

José Enrique GARGALLO GIL (Univ. Barcelona): "BADARE: una herramienta multidisciplinar".

Mª Vanessa FERNANDEZ PAMPIN (USC): "Paremiología y fraseología en Educación Secundaria. El Refranero multilingüe como herramienta".

Maddalena GHEZZI (Univ. de Salamanca): "Creación de una base de datos para el estudio de las comparaciones estereotipadas y su explotación en la enseñanza".

Luisa MESSINA FAJARDO (Univ. degli Studi Roma Tre, Italia): "La lingüística de corpus y la fraseología".

Marina GARCIA YELO (Univ. de Comillas): “No hay mail que por bien no venga. La influencia de las nuevas tecnologías en la forma canónica del refrán”.

Mario MARCON (Univ. degli Studi Udine, Italia): “Des proverbes sur les murs. Aspiration automatique de proverbes français sur Facebook”.

Leonor RUIZ GURILLO (Univ. Alicante): “Unidades fraseológicas y TIC: enseñanza-/aprendizaje de ELE”.

Pedro MOGORRÓN HUERTA (Univ. Alicante): “Explotación informática de una base de datos de expresiones fijas”.

Iván MARTÍNEZ BLASCO (Univ. Alicante): “El tratamiento lexicográfico de las UFs pertenecientes al campo de las descripciones físicas en francés y en español. Reflexiones para la elaboración de diccionarios electrónicos”.

Pierre Henri ANOY N’GUESSAN (Univ. Alicante): “Las unidades fraseológicas francesas de Costa de Marfil en FRASYTRAM”.

Mona SALAH ELDIN SHALAN (Univ. Ain Shams, Egipto): “Diseño de una base de datos informática para la elaboración de un diccionario fraseológico español-árabe”.

Annette Myre JORGENSEN (Univ. de Bergen, Noruega): “La traducción al noruego de las unidades fraseológicas españolas del lenguaje juvenil”.

Carmen MELLADO BLANCO (USC): “Optimización de los recursos TIC en fraseografía bilingüe alemán-español”.

Justyna PIETRZAK, Maria Antonella SARDELLI (UCM): “Los refranes en la clase de italiano L2. Propuesta de ejercicios interactivos”.

Angela MURA (UCM): “Los esquemas fraseológicos de desacuerdo en español y en italiano”.

Manuel SEVILLA MUÑOZ (Univ. Murcia): “Aplicación de Internet a la enseñanza/aprendizaje de traducción de unidades fraseológicas”.

Silvia MOLINA PLAZA (Univ. Politécnica de Madrid): “Translation quality assessment in technical texts via TIC: the case of collocational equivalence”.

José Luis ONCINS MARTÍNEZ (Univ. Extremadura): “Anglicismos fraseológicos en el español del siglo XXI: La utilidad –y necesidad– de corpus y datos digitalizados para su estudio”.

Mª Isabel GONZÁLEZ REY (USC): “Adquisición de la competencia idiomática y discursiva del FLE en contexto español: elaboración de un corpus textual bilingüe francés-español”.

Mª Ángeles SOLANO RODRÍGUEZ (Univ. Murcia): “Reflexiones sobre las unidades fraseológicas, TIC y aprendizaje de lenguas extranjeras”.

Lucía Clara SERRANO LUCAS (Univ. Murcia): “Aplicaciones didácticas de las TIC para la traducción de unidades fraseológicas modificadas”.

Mª Ángeles FUSTER ORTUÑO (Univ. Alicante): "IvitraTECH: Herramientas para la gestión de corpora textuales con especial aplicación a la detección de locuciones y colocaciones".

Elena SÁNCHEZ LÓPEZ (Univ. Alicante): "Estudio de las colocaciones en Ausiàs March: un ejemplo de la detección semiautomática de fraseología".

Mª Lucía NAVARRO BROTONS (Univ. Alicante): "Analizadores sintácticos informatizados aplicados a la detección y recuperación de refranes en textos periodísticos como elemento de ayuda para la traducción".

Natalia VYSHNYA (Univ. de Poltava, Ucrania): "El paquete temático fraseológico y paremiológico y su aplicación en la metodología de proyectos a través de las TIC".
Joulia NIKOLÁEVA (Univ. La Sapienza, Roma, Italia): "Las TIC en la Lingüística de Corpus aplicada a la paremiografía rusa".

4. NACE O REFRANEIRO GALEGO, UNHA APLICACIÓN PARA IPHONE CON CASE 10.000 REFRÁNS PARA CONSULTAR OFFLINE

A aplicación para iPhone, iPod ou iPad xa se pode mercar na Apple Store por 0,79 euros // Os refráns vanse publicando diariamente na web, Facebook e Twitter

A tradición oral de Galicia conta desde agora cunha nova ferramenta de consulta e referencia: o Refraneiro Galego para iOS, unha aplicación para móbiles que permite consultar case 10.000 refráns diferentes desde trebellos como o iPhone, o iPod ou o iPad. Desde o pasado xoves está dispoñible na Apple Store esta anovadora aplicación, que trata de achegar o patrimonio cultural galego e a tradición oral do país ás tecnoloxías da información e as redes sociais.

A aplicación, que se vende por 0,79 euros, permite consultar en modo offline (sen necesidade de estar conectado a internet) os 9.500 refráns que forman esta colección do Refraneiro Galego, visualizándoos en modo aleatorio ou mediante a busca por palabras. Tamén é posible gardar os refráns preferidos na sección favoritos, así como compartilos pola rede vía correo electrónico, Facebook ou Twitter. O Refraneiro Galego para iOS tamén inclúe un sistema de alerta opcional que permite recibir no teléfono un refrán diferente cada día ou cada semana sen ter que abrir a aplicación.

Unha ferramenta útil, entretida e divulgativa; unha xoia da tradición oral e da sabedoría popular de Galicia. E é que? non hai refrán vello que non sexa verdadeiro!!

A aplicación do Refraneiro Galego para iPhone tamén conta cunha versión reducida na rede: www.refraneirogalego.com, unha web que publica novos refráns diariamente e onde calquera pode enviar as súas suxerencias, do mesmo xeito que no Facebook e no Twitter (@RefraneiroGZ).

O Refraneiro Galego para iOS é un proxecto persoal da xornalista coruñesa Pilar Mera, encargada de recompilar os case 10.000 refráns, deseñar a interface da aplicación e poñer en marcha a web e os perfís en facebook e twitter do Refraneiro, todo baixo o alias de Decrecemento Feliz. Canto ao código, a programación do Refraneiro está asinada por Víctor Pena e Esteban Bouza, os dous enxeñeiros informáticos que forman

o selo Filloa Dev e autores de O Tempo, outra aplicación para móbiles publicada en xaneiro de 2011 e que ofrece con detalle e actualizacións frecuentes todas as predicións e informacións meteorolóxicas de Galicia.

[http://www.galiciahoxe.com/vivir-hoxe-galicia/gh/nace-refraneiro-galego-unha-aplicacion-iphone-case-10-000-refrans-consultar-offline/idEdicion-2011-09-14/idNoticia-700227/] [14.9.2011]

5. II JORNADAS DE LENGUA Y COMUNICACIÓN "La fraseología y la paremiología (60 años después de la Introducción a la lexicografía moderna de D. Julio Casares)". Alcalá de Henares 9-10.11.2011

6. II INTERNATIONAL CONFERENCE ON PHRASEOLOGY AND PAREMIOLOGY. I BRAZILIAN CONFERENCE ON PHRASEOLOGY. TOPIC Current trends in descriptive and applied research on phraseology and paremiology, Brasilia 13-18. 11. 2011.

7. CONGRESO INTERNACIONAL DE FRASEOLOXÍA CONTRASTIVA ALEMÁN-ESPAÑOL/GALEGO. Santiago de Compostela, 24 e 25.11.2011 < www.usc.es/frasespal> Organiza: grupo FRASESPAL (frasespal@usc.es)

CONFERENCIAS:

Dimitrij DOBROLVOL'SKIJ (Univ. Moscú / Univ. Viena): *Idiome in der Übersetzung und im zweisprachigen Wörterbuch*

Hans SCHEMANN (Univ. do Minho Braga / Forschungsgruppe FRASESPAL): *Umrisse einer kontrastiven Idiomatik*

Aina TORRENT (Fachhochschule Köln / Univ. Wien): *La figura de la lítotes en los sistemas fraseológicos del español y del alemán*

PRESENTACIÓNS E COMUNICACIÓNS:

Xesús FERRO RUIBAL e M.ª ÁLVAREZ DE LA GRANJA: *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e outros traballos fraseolóxicos do Centro Ramón Piñeiro

Hans SCHEMANN e Carmen MELLADO: *Vorstellung des Wörterbuchs Deutsch-Spanische Idiomatik (2012)*

M.ª Carmen LOSADA ALDREY (grupo de investigación FRASESPAL): Presentación do libro de exercicios *El español idiomático da juego*.

Grupo de investigación FRASESPAL: *Todo sobre mi... fraseología contrastiva*

FÓRMULAS RUTINEIRAS

Laura AMIGOT CASTILLO (Univ. Complutense de Madrid): "Was weiß ICH! – ¡Vete tú a SABER!: el componente prosódico en las fórmulas rutinarias expresivas del alemán y del español".

Karen Lorena BAQUERO CASTRO (Univ. Salamanca / Univ. Leipzig): "¿Cómo digo "¿cómo así?" en alemán?: apuntes de la investigación sobre fórmulas rutinarias en la película colombiana *La estrategia del caracol* y su subtitulación en alemán".

M.ª Luisa SCHILLING RODRÍGUEZ (Univ. Complutense de Madrid): "Wem sagst du das! - ¡Si lo sabré yo! Fórmulas rutinarias alemanas y españolas que expresan asentimiento".

FRASEODIDÁCTICA

Claudia HERRERO (Univ. de Santiago de Compostela, grupo FRASESPAL): "Lernerfallen bei der Suche nach phraseologischen Äquivalenzen im Begriffsfeld REDEN / HABLAR".

Maciá RIUTORT (Univ. de Tarragona): "Refranes y frases hechas en el aprendizaje de la fonética del alemán".

FRASEOGRAFÍA

Herbert J. HOLZINGER (Instituto Interuniversitario de Lenguas Modernas Aplicadas IULMA, Valencia): "Kollokationen im Deutschen und im Spanischen".

Meike MELISS (Univ. de Santiago de Compostela): "Viel Lärm um nichts - Das Konzept "GERÄUSCH" in phraseologischen Einheiten des Deutschen und Spanischen".

Paloma SÁNCHEZ (Univ. Complutense de Madrid): "La lematización de las unidades fraseológicas en diccionarios generales semasiológicos y onomasiológicos".

Aina TORRENT; Lucía URÍA e Anja DE WERTH (Fachhochschule Köln, Univ. Wien): "El controvertido tema de las equivalencias fraseológicas en los diccionarios bilingües español-alemán y viceversa".

FRASEOLOXÍA COGNITIVA

Iria M. BELLO e Catharina MÜLLER (Univ. da Coruña): "Españoles holgazanes vs. alemanes aplicados: metáfora cognitiva y configuración conceptual de la expresión de "trabajo" en español y alemán".

Carmen CASTRO (Univ. de Sevilla): "Kontrast der phraseologischen Satzstrukturen im Spanischen und im Deutschen".

Idalete DIAS (Univ. do Minho de Braga): "Die idiomatische Synonymie in kontrastiver Perspektive (Deutsch - Spanisch - Portugiesisch)".

Sabine GECK (Univ. de Valladolid): "Phraseologie der Sinne (deutsch-spanisch)".

Nely IGLESIAS e M. Carmen LOSADA (Univ. de Salamanca, Univ. de Santiago de Compostela, grupo FRASESPAL): "Kontrastive Analyse spanischer und deutscher Phraseologismen rund um die konzeptuellen Felder GESUNDHEIT und KRANKHEIT".

Inés OLZA (GRADUN, Univ. de Navarra): "Sobre los límites entre metáfora y metonimia en la motivación de las unidades fraseológicas, con ejemplos del español y el alemán".

M.ª Ángeles RECIO (Univ. Salamanca): "El enfoque cognitivista en la fraseología".

Conchi RICO (Goethe-Universität Frankfurt am Main): "Elementos lingüísticos generadores de fraseologicidad y las equivalencias traslaticias en el par alemán/español a partir de fraseologismos emocionales (Fr.Ems.) de base verbal".

FRASEOLOXÍA COMPUTACIONAL

Britta JUSKA-BACHER e Cerstin MAHLOW (Univ. Basel): "Deutsche und spanische Phraseologie im Vergleich - ein Kampf gegen Windmühlen?"

Zuriñe SANZ (Univ. del País Vasco): "Hacia la creación de un corpus digitalizado, paralelo, trilingüe (alemán-español-euskara)".

Victoria VÁZQUEZ; Barbara LÜBKE e Pia SLOTH POULSEN (Univ. de Santiago de Compostela): "El papel de las restricciones léxicas en el análisis valencial".

FRASEOLOXÍA XURÍDICA

Alejandro PASTOR (Univ. München): "Términos y su entorno en el discurso procesal penal español-alemán."

Cornelia PLAG (Univ. de Coimbra): "Phraseologische Wortverbindungen in der juristischen Fachsprache als Übersetzungsproblem".

Encarnación TABARES (Univ. Leipzig) e José Juan BATISTA RODRÍGUEZ (Univ. de La Laguna): "Delimitación y análisis de las unidades fraseológicas jurídicas desde la perspectiva de la traducción (al.-esp. / esp.-al.)".

FRASEOPRAGMÁTICA

Óscar LOUREDA; Adriana CRUZ; Frank HARSLEM e Laura NADAL (grupo "Partículas discursivas y cognición", Univ. de Heidelberg): "Partículas discursivas y cognición: apuntes experimentales y contrastivos (español-alemán) a partir de variables del sujeto (hablante nativo/no nativo)".

Óscar LOUREDA; Adriana CRUZ e Laura NADAL (grupo "Partículas discursivas y cognición", Univ. de Heidelberg): "Partículas discursivas y cognición: apuntes experimentales y contrastivos (español-alemán) sobre los focalizadores y reformuladores".

Lucía LUQUE e José Manuel PAZOS (Univ. de Córdoba): “Análisis pragmático-situacional de los fraseologismos que constituyen ‘expresiones ad hoc’: estudio contrastivo alemán-español-gallego”.

Ana MANSILLA (Univ. de Murcia, grupo FRASESPAL) “Apuntes de fraseología contrastiva (alemán-español) a propósito de la "injuria", la "crítica" y la "humillación" desde un enfoque cognitivo”.

Carmen MELLADO (Univ. de Santiago de Compostela, grupo FRASESPAL): “Polisemia y equivalencia interlingüística en el campo conceptual STERBEN / MORIR en el par de lenguas alemán-español”.

Esteban MONTORO (Univ. de Granada) e Carsten SINNER (Univ. de Leipzig): “Las locuciones pronominales: definición, valores pragmáticos y análisis contrastivo español-alemán”.

Ferran ROBLES I SABATER (Univ. de València): “La fraseología extraoracional: construcciones participales marcadoras con decir y sagen”.

PAREMIOLOXÍA

Chus BARSANTI (Univ. de Vigo): “Estudio de los refranes españoles y alemanes de Juan Ángel de Zumaran (II): Perspectiva fraseológica”. Ver M.ª José CORVO.

M.ª José CORVO (Univ. de Vigo): “Estudio de los refranes españoles y alemanes de Juan Ángel de Zumaran (I): Perspectiva didáctica”. Ver Chus BARSANTI.

TRADUCIÓN

Jenny BRUMME (Univ. Pompeu Fabra): “Diálogo ficcional y fraseología”.

Patricia BUJÁN (Univ. de Vigo, grupo FRASESPAL): “A tradución de tecnicismos na fraseoloxía do alemán-español/galego”.

Mireia CALVET (Univ. de Barcelona): “Küchenphraseologie: Nennstrategien zwischen Wortbildung und Phraseologie”.

Analia Rosa CUADRADO (Univ. de Alicante): “Análisis de un corpus fraseológico de la obra de Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, y sus traducciones al español y al alemán”.

Britta JUSKA-BACHER e Cerstin MAHLOW (Univ. Basel): “Deutsche und spanische Phraseologie im Vergleich - ein Kampf gegen Windmühlen?”

Jorge LEIVA (Univ. de Málaga): “La traducción de unidades fraseológicas (alemán-español/español-alemán) como parámetro para la evaluación y revisión de traducciones”.

8. EXPOSICIÓN VIRTUAL: REFRANES Y AFORISMOS EN LA ESPAÑA DEL S. XVII. Biblioteca Histórica de Madrid. Exposición realizada entre marzo e outubro de 2009. <http://hispanismo.cervantes.es/recurso.asp?DOCN=3924>

9. INTERNATIONAL CONFERENCE UNDER THE AUSPICES OF THE EUROPEAN SOCIETY OF PHRASEOLOGY (EUROPHRAS) "PHRASEOLOGY AND CULTURE". Maribor (Slovenia) 27-31.8. 2012. http://www.europhrasmaribor.si/

10. COLOQUIO INTERNACIONAL FRADITRAD: "FRASEOLOGÍA, DIDÁCTICA DE LAS LENGUAS Y TRADUCCIÓN". Universidade de Santiago de Compostela. Campus de Lugo (Facultade de Humanidades). 29-31.10.2012.

Balance

Índice temático dos trece primeiros números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 13,2011

1. Relación de autores e traballos

1.1. Índice temático de artigos

XENERALIDADES	
Taxonomía	ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas", en *CFG* 4,2003,9-34.
Lit-metaf / prov-non prov	LACHKAR, Abdenbi (2008): "Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para identificar as locucións estereotipadas expresivas", en *CFG* 10,2008,163-173.
Gramática	BAPTISTA, Jorge; FERNANDES, Graça; CORREIA, Anabela (2005): "Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación", en *CFG* 7,2005,41-53.
	ODRIOZOLA PEREIRA, Juan Carlos (2010): "Conectores, gramaticalización e polaridade: o caso de *ere* 'tamén' na lingua vasca", en *CFG* 12,2010, 175-194.
	CHACOTO, Lucília (2007): "A sintaxe dos proverbios. As estruturas *quem* / *quien* en portugués e español", en *CFG* 9,2007,31-53.
Fixación	ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka; GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos (2008): "Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas", en *CFG* 10,2008,15-33.
	FERRO RUIBAL, Xesús (2004): "Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas", en *CFG* 6,2004,57-80.
Modelación	GUERBEK, Ekaterina; MOKIENKO, Valerii; VLASÁKOVÁ, Kateřina (2004): "Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun diccionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos", en *CFG* 6,2004,131-139.
	MELLADO BLANCO, Carmen (2004): "A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía 'Fraseoloxía Eslava' (1980/trad. 2000)", en *CFG* 6,2004,149-158.
	MORVAY, Károly (2004): "Reflexións verbo da 'Fraseoloxía eslava' de V. Mokienko", en *CFG* 6,2004,169-189.
Estilo	NOGUEIRA SANTOS, António (2007): "Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués", en *CFG* 9,2007,167-171.

Rexistro e nivel	GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María (2004): "Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego", en *CFG* 6,2004,81-112.

ESTRUTURAS	
FRASEOLOXÍA	
Colocacións	LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2004): "Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica", en *CFG* 6,2004,141-147.
	PAZ ROCA, Mª Carmen (2004): "Estudo das colocacións a través da análise de corpus: un estudo práctico das colocacións co verbo galego 'caer' e o correspondente inglés 'to fall'", en *CFG* 6,2004,205-219.
	MUÑIZ ÁLVAREZ, Eva María (2005): "Notas para unha análise comparativa das nocións de 'restrición léxica' e 'colocación'", en *CFG* 7,2005,177-190.
	ALONSO RAMOS, Margarita (2006): "Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións", en *CFG* 8,2006,29-43.
	BLANCO ESCODA, Xavier (2006): "Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?", en *CFG* 8,2006,95-110.
	LAREO, Inés (2011): "Colocacións con make, take e do + nome nun corpus do século XIX de textos ingleses científicos e literarios escritos por mulleres", en *CFG* 13,2011, 191-214.
Col-Loc	MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A.; AARLI, Gunn (2008): "Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes", en *CFG* 10,2008,175-188.
Locucións	MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2005): "As locucións verbais nos dicionarios", en *CFG* 7,2005,149-176.
	PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2010): "Información superflua da orixe pragmática na definición lexicográfica das locucións verbais", en *CFG* 12,2010, 209-232.
	CATALÀ GUITART, Dolors (2004): "Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán" , en *CFG* 6,2004,11-26.
	CATALÀ GUITART, Dolors (2008): "Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario", en *CFG* 10,2008,55-65.
	ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2005): "Glosario de locucións adverbiais do galego medieval", en *CFG* 7,2005,13-40.
	GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2005): "Castelán 'a hecho', galego 'a eito': dúas locucións de diferente fortuna", en *CFG* 7,2005,91-117.
Fórmulas	LASKOWSKI, Marek: Fórmulas rutineiras na teoría e na práctica" en *CFG* 11,2009,113-138.
	MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2007): "108 fórmulas galegas", en *CFG* 9,2007,235-246.
Outros	GARCÍA-PAGE, Mario (2006): "O acrónimo fraseolóxico", en *CFG* 8,2006,111-121.
	CARBONELL BASSET, Delfín (2005): "O clixé e a fraseoloxía tópica española", en *CFG* 7,2005,55-73.

PAREMIOLOXÍA	
Fraseoloxía / Paremioloxía	KÓTOVA, Marina (2005): "Unha vez máis sobre a co relación entre paremioloxía e fraseoloxía", en *CFG* 7,2005,135-148.
FrasParContos	(2009): "Folclore contístico, fraseoloxía e paremioloxía. Interrelacións xenésicas", en *CFG* 11,2009,209-225.
Lit-metaf / prov-non prov	LACHKAR, Abdenbi (2008): "Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para identificar as locucións estereotipadas expresivas", en *CFG* 10,2008,163-173.
Paremioloxía	FERRO RUIBAL, Xesús; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega", en *CFG* 4,2003,35-58.
	PEREIRA GINET, Tomás (2005): "Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés", en *CFG* 7,2005,191-223.
Mínimo paremiolóxico	VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica", en *CFG* 4,2003,9-116.
	SARDELLI, Mª Antonella (2009): "Aproximación á elaboración do mínimo paremiolóxico italiano", en *CFG* 11,2009, 191-209.
Véxase tamén **Argumentos e Interpretación**	

DICIONARIOS	
Fraseografía	GUERBEK, Ekaterina; MOKIENKO, Valerii; VLASÁKOVÁ, Kateřina (2004): "Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos", en *CFG* 6,2004,131-139.
	MORVAY, Károly (2004): "Por unha metafraseografía peninsular", en *CFG* 6,2004,159-168.
	PAMIES BERTRÁN, Antonio; PAZOS BRETAÑA, José Manuel (2004): "Extracción automática de colocacións e modismos", en *CFG* 6,2004,191-203.
	PÉREZ MARTÍNEZ, Herón (2005): "Os ditos do 'Diccionario de mejicanismos' de Santamaría", en *CFG* 7,2005,225-238.
	BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2006): "Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico", en *CFG* 8,2006,45-94.
	ARES LICER, Elisabete (2007): "Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)", en *CFG* 9,2007,13-30.
	SCHEMANN, Hans (2007): "Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego", en *CFG* 9,2007,195-221.
	TORRENT-LENZEN, Aina (2009): "Lema, categoría e definiens na fraseografía monolingüe do español e bilingüe español-alemán", en *CFG* 11,2009,229-256.
Historia da fraseoloxía e da fraseografía	MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2003): "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro", en *CFG* 4,2003,59-77.
	CONDE TARRÍO, Germán (2004): "Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos", en *CFG* 6,2004,27-56.

	HEINEMANN, Axel (2007): "La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España", en *CFG* 9,2007,113-135.
	SOTO ARIAS, M. do Rosario e GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2007): "Do *verbo antigo* en Johan Garcia de Guilhade", en *CFG* 9,2007,223-232.
	BÁRDOSI, Vilmos (2010): "Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna", en *CFG* 12,2010, 29-39.
Paremiografía	KLEIN, Jean René (2006): "Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)", en *CFG* 8,2006,147-163.
	SOTO ARIAS, Mª do Rosario (2003): "Achegas a un dicionario de refráns galego castelán, castelán -galego", en *CFG* 3, 2003 (vol. monográfico; 344 pp.).

TRADUCIÓN	
	SEVILLA MUÑOZ, Julia (2004): "O concepto 'correspondencia' na tradución paremiolóxica", en *CFG* 6,2004,221-229.
	WIRRER, Jan (2005): "'Wat mehr regelt en Gesett'. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada", en *CFG* 7,2005,261-276.
	ARES LICER, Elisabete (2007): "Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)", en *CFG* 9,2007,13-30.
	MOLINA PLAZA, Silvia (2008): "Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos", en *CFG* 10,2008,207-219.
	QUITOUT, Michel (2009): "Traduci-los refráns. Elementos de tradutoloxía", en *CFG* 11,2009,163-171.
	PASTOR LARA, Alejandro (2010): "Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución", en *CFG* 12,2010, 195-208.

USOS LITERARIOS, XEOGRÁFICOS E POR IDADES	
Fraseoloxía e literatura	CONCA, Maria (2005): "Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura", en *CFG* 7,2005,75-89.
	ZULUAGA OSPINA, Alberto (2005): "Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos", en *CFG* 7,2005,277-289.
	ACUÑA, Ana (2006): "Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas", en *CFG* 8,2006,13-27.
	ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel; ARBULU AGUIRRE, Javier (2008): "Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura", en *CFG* 10,2008,79-94.
	BIOSCA POSTIUS, Mercè; MORVAY, Károly (2009): "A fraseoloxía moncadiana", en *CFG* 11,2009,49-64.
	FERRO RUIBAL, Xesús (2011): "Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía", en *CFG* 13,2011, 77-111.

Xeografía	PÉREZ MARTÍNEZ, Herón (2005): "Os ditos do 'Diccionario de mejicanismos' de Santamaría", en *CFG* 7,2005,225-238.
	PIIRAINEN, Elisabeth (2007): "Locucións espalladas por Europa e máis alá", en *CFG* 9,2007,173-193.
	PIIRAINEN, Elisabeth (2011): "Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do 'Lexicon of Common Figurative Units'", en *CFG* 13,2011, 227-246.
	FERRO RUIBAL, Xesús (2007): "*Cando chove e dá o sol* ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?", en *CFG* 9,2007,67-94.
	BRUMME, Jenny (2008): "As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica", en *CFG* 10,2008,35-53.
Xornalismo e publicidade	RECIO ARIZA, Mª Ángeles (2010): "O emprego da fraseoloxía como recurso específico na publicidade", en *CFG* 12,2010, 233-245.
	CAJARAVILLE ARAÚJO, Héctor (2010): "A manipulación das expresións fixas nos titulares da prensa gratuíta: *De Luns a Venres*", en *CFG* 12,2010, 41-68.
Usos por idade	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Eva (2011): "Refráns e linguaxe xuvenil en alemán e español. Unha análise empírica", en *CFG* 13,2011, 65-76. SOTO ARIAS, María Rosario (2011): "Interaccións verbais entre rapaz-adulto ou rapaz-rapaz. Contribución á fraseoloxía", en *CFG* 13,2011, 279-297.

ARGUMENTOS E INTERPRETACIÓN	
Persoas	NOUESHI, Mona (2008): "Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo", en *CFG* 10,2008,221-238.
	FERRO RUIBAL, Xesús; GRYGIERZEC, Wiktoria (2009): "Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués", en *CFG* 11,2009,81-111.
	RÍO CORBACHO, Pilar (2011): "BADARE: A personificación nos espazos de tempo", en *CFG* 13,2011, 247-262.
Somatismos	OLZA MORENO, Inés (2009): "*Habla, soy todo oídos*. Reflexo das accións e das actitudes do receptor na fraseoloxía somática metalingüística do español", en *CFG* 11,2009,137-160.
	BOJÍLOVA TCHOBÁNOVA, Iovka (2009): "Os somatismos máis frecuentes na fraseoloxía portuguesa", en *CFG* 11,2009,65-79.
	BÁRDOSI, Vilmos (2009): "Os perfís lingüísticos da man en francés, contrastados co húngaro, español, galego e alemán", en *CFG* 11,2009,17-48.
	FERRO RUIBAL, Xesús (2010): "Dentes e moas na fraseoloxía galega", en *CFG* 12,2010, 69-126.
Animais	NOGUEIRA SANTOS, Antonio (2006): "Fraseoloxía comparada portugués-inglés: *cão/gato-dog/cat*", en *CFG* 8,2006,165-175.
	MARTÍNEZ BLANCO, Xulián; VEIGA ALONSO, Serxio (2010): "Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños", en *CFG* 12,2010,155-173.
	SILVA LÓPEZ, Martina (2010): "Símbolos nos fraseoloxismos con nomes de animais en alemán e español", en *CFG* 12,2010, 273-286.
	GROBA, Fernando (2010): "*A cabalo regalado non se lle mira o dente*. Compilación da fraseoloxía equina galega actual", en *CFG* 12,2010, 317-372.

	GROBA BOUZA, Fernando (2011): "*Onde hai eguas, poldros nacen*. A realidade vista dende os equinos", en *CFG* 13,2011, 149-176.
Plantas	RUÍZ LEIVAS, Cristovo; EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A. (2003): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos", en *CFG* 4,2003,371-387.
Máquinas	GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2011): "Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas", en *CFG* 13,2011, 113-148.
Verde	MENAKER, Angelika (2008): "As funcións da cor verde en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás", en *CFG* 10,2008,189-205.
Afectos	MASIULIONYTĖ, Virginija; ŠILEIKAITĖ, Diana (2007): "¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana", en *CFG* 9,2007,145-165.
	SANROMÁN VILAS, Begoña (2010): "Unidades fraseolóxicas na sección de agradecementos dos escritos académicos", en *CFG* 12,2010, 247-271.
	HERRERO KACZMAREK, Claudia (2011): "El encuentro y desencuentro expresado a través de los fraseologismos del campo cognitivo HABLAR", en *CFG* 13,2011, 177-190.
Música Al E	MANSILLA, Ana (2007): "A fraseoloxía da música na vida cotiá Un estudo contrastivo (alemán - español)", en *CFG* 9,2007,137-144.
Paremioloxía meteorolóxica	RÍO CORBACHO, Pilar (2005): "O 'refrán meteorolóxico': estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación", en *CFG* 7,2005,239-260.
	GARGALLO GIL, José Enrique (2007): "*Garda o teu saio para maio*. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns", en *CFG* 9,2007,95-112.
	CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2007): "Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno", en *CFG* 9,2007,55-66.
	FERRO RUIBAL, Xesús (2007): "*Cando chove e dá o sol* ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?", en *CFG* 9,2007,67-94.
	RÍO CORBACHO, Pilar (2009): "BADARE: unha ferramenta de traballo na paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romania", en *CFG* 11,2009,173-190.
	RÍO CORBACHO, Pilar (2011): "BADARE: A personificación nos espazos de tempo", en *CFG* 13,2011, 247-262.
Hermenéutica	GONDAR PORTASANY, Marcial (2008): "A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos "dicta" populares sobre o paseo e a paisaxe", en *CFG* 10,2008,129-161.
	AGUILAR RUIZ, Manuel José (2011): "Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego*", en *CFG* 13,2011, 17- 48.

DIDÁCTICA	
	VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica", en *CFG* 4,2003,9-116.
	GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2004): "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada", en *CFG* 6,2004,113-130.
	SOTO ARIAS, María Rosario; GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2004): "Aplicacións didácticas dos refráns", en *CFG* 6,2004,231-250.

	CONCA, Maria (2005): "Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura", en *CFG* 7,2005,75-89.
	GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2006): "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia paras as linguas", en *CFG* 8,2006,123-145.
	CORVO SÁNCHEZ, Mª José (2008): "Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos *Sprachbücher* de Juan Ángel de Zumaran", en *CFG* 10,2008,67-78.
	ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación", en *CFG* 10,2008,95-127.
	IÑESTA MENA, Eva Mª (2010): "Didáctica das expresións idiomáticas dende un enfoque plural: imaxes e emocións na aula de lingua estranxeira", en *CFG* 12,2010, 141-154.
	DETRY, Florence (2011): "Do literal ó figurado: descodifica-las expresións idiomáticas na clase de LE", en *CFG* 13,2011, 49-63. MONTES LÓPEZ, María (2011): "Consideracións sobre a didáctica da fraseoloxía italiana a estudantes galegófonos", en *CFG* 13,2011, 215-226. RUIZ QUEMOUN, Fernande (2011): "O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)", en *CFG* 13,2011, 263-277.

PANORAMAS	
	JORGE, Guilhermina (2005): "Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica", en *CFG* 7,2005,119-133.
	BALÁZS, Géza (2010): "Panorama da fraseoloxía húngara", en *CFG* 12,2010, 17-28.
	FIEDLER, Sabine (2010): "Fraseoloxía do Esperanto", en *CFG* 12,2010, 127-139.

1.2. Función e índice da sección de recadádivas

		Col-Loc	Fórmulas	Refráns
RIVAS, Paco	"Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa" (*CFG* 1, 2000, 11-90)	614		26
TABOADA CHIVITE, Xesús	"Refraneiro galego" (*CFG* 2, 2000, 47-192)			3.703
SOTO ARIAS, Mª do Rosario	"Achegas a un dicionario de refráns galego castelán, castelán -galego" (*CFG* 3, 2003; 344pp)			4.453
VIDAL CASTIÑEIRA, Ana	Mínimo paremiolóxico de Viana do Bolo (*CFG* 4,2003,79-116)			348
VIDAL CASTIÑEIRA, Ana	"Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" (71 H.Núñez 72 Sobreira) (*CFG* 4,2003,117-128)			143

PAZ ROCA, Mª Carmen	"Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)" (*CFG* 4,2003,129-141)			502
VÁZQUEZ, Lois	"Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López" (*CFG* 4,2003,143-171)			311
BUJÁN OTERO, Patricia; FERRO RUIBAL, Xesús; PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana	"Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)" (*CFG* 4,2003,173-343)			3.875
BUJÁN OTERO, Patricia	"El refrán y su sombra (Faro de Vigo) por José Sesto" (*CFG* 4,2003, 345-369)			70
RUÍZ LEIVAS, Cristovo; EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A.	"Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" (*CFG* 4,2003,371-387)			104
VÁZQUEZ SACO, Francisco	"Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal; Mª. Carmen Paz Roca". Locucións (*CFG* 5, 2003, 943-952) Fórmulas (*CFG* 5, 2003, 933-942) Refráns (*CFG* 5, 2003, 5-842)	263	238	22.939
VÁZQUEZ SACO, Francisco	"Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal; Mª. Carmen Paz Roca". Ref. con topónimo (*CFG* 5, 2003, 843-910). Dialoxismos (*CFG* 5, 2003, 911-924) Enunc. fras. (*CFG* 5, 2003, 925-928) Frases proverbiais (*CFG* 5, 2003, 929-932)			1.410 267 59 56
PAZ ROCA, Mª Carmen; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana	"Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco" Refráns (*CFG* 6,2004, 253-264))			81
PAZ ROCA, Mª Carmen	"Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco" Refráns (*CFG* 9,2007,247-293) Wellerismos-Dialox Enunciados Frases Prov.	57	61	1.097 24 17

CONDE TARRÍO, Germán	"Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos" (*CFG* 6,2004,27-56)			54
GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María	"Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego" (*CFG* 6,2004,81-112)	176		
ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María	"Glosario de locucións adverbiais do galego medieval" (*CFG* 7,2005,13-40).	404		
BARBEITO LORENZO, María Dolores	"Frases feitas do Concello das Neves" (*CFG* 7,2005,293-301)	144		
FERRO RUIBAL, Xesús; VEIGA NOVOA, Cristina	"'Paremias selectas'. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez" (*CFG* 8,2006,265-315)			706
LÓPEZ BARREIRO, Margarita	"Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)" (*CFG* 8,2006,317-327)	129		
FERRO RUIBAL, Xesús	"Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas" (*CFG* 8,2006,179-264)	5300	97	
MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo	"108 fórmulas galegas" (*CFG* 9,2007,235-246)		108	
FERRO RUIBAL, Xesús	"Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro" (*CFG* 10, 2008,241-253)			254
PENÍN RODRÍGUEZ, Dorinda	"Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo" (Porqueira) (*CFG* 10,2008,255-264)	88	25	6
FERRO RUIBAL, Xesús; GROBA BOUZA, Fernando	"*Dichos y refranes en dialecto vianés* de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5)" (*CFG* 11,2009,259-282) Dial/Wellerismos	94	21	229 6
HERMIDA ALONSO, Anxos	"Fraseoloxía de Matamá (Vigo)" (*CFG* 11,2009,283-304)	227	27	
PRIETO DONATE, Estefanía	"Refraneiro escolar galego do cambio de milenio" (*CFG* 11,2009,305-369)			4.072
GONZÁLEZ GUERRA, Anxo	"Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)" (*CFG* 12,2010,289-315) Dial/Wellerismos	177	77	260 6
GROBA BOUZA, Fernando	"*A cabalo regalado non se lle mira o dente*. Compilación da fraseoloxía equina galega actual" (*CFG* 12,2010,317-372). Dial/Wellerismos Refráns con topónimo	355	46	1.450 21 97
MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo	"120 locucións verbais galegas" (*CFG*12,2010,373-386)	120		

VENTÍN DURÁN, José Augusto	"Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Edición crítica de Xesús Ferro Ruibal, Raquel Rial Santos, Emma Mª Salgueiro Veiga, Ana Vidal Castiñeira, e cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira." Anexo 1,2007 de *CFG*.	314	173	2.618
DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo	"Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)" (*CFG* 13,2011, 301-404)	446	125	2.400
	TOTAL	8.908	998	51.664

1.3. Recensións

ALESSANDRO, Arianna (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica (2006).

ALMELA, R.; RAMÓN, E.; WOTJAK, G. (eds.) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Recensión de Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 8,2006,331-333.

ALONSO RAMOS, Margarita (ed.) (2006): *Diccionarios y Fraseología*. Recensión de Cristina Veiga Novoa, en *CFG* 9,2007,297-322.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas*. Recensión de Jorge Leiva Rojo, en *CFG* 6,2004,267-270.

(ed.) (2008a): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Recensión de Luis González García, en *CFG* 10,2008,267-274.

(ed.) (2008b): *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*. Recensión de Xacinta Varela Martínez, en *CFG* 13,2011, 407-411.

ANDRÉS, Olimpia de (2005): Véxase SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de; RAMOS, Gabino (2004).

BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Recensión de Mª Isabel González Rey, en *CFG* 12,2010,389-402.

BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* (Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas). Recensión de Ekaterina Guerbek, en *CFG* 7,2005,305-308.

BOSQUE MUÑOZ, Ignacio (2004): *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Recensión de María Isabel González Rey, en *CFG* 7,2005,308-313.

BUBENHOFER, Noah (2010): Véxase PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010).

BUJÁN OTERO, Patricia (2010): Véxase MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010).

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2001/2008): Véxase SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2001/2008).

(2008 [2002]): Véxase SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2008 [2002]).

CARBONELL BASSET, Delfín (2004): *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)*. Recensión de Ana García Lozano, en *CFG* 6,2004,271-272.

CASADO VELARDE, Manuel (2006): Véxase GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (2006).

CASTRO OTERO, Salvador; DURÁN PAREDES, Lucía; GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel; HARGUINDEY BANET, Henrique; MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé; ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 7,2005,314-316.

CONDE TARRÍO, Xermán (2007a): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Recensión de Emma Mª Salgueiro Veiga, en *CFG* 10,2008,274-279.

(ed.) (2007b): *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Recensión de Cristina Rodríguez Nieto, en *CFG* 10,2008,279-282.

(ed.) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*. Recensión de Xacinta Varela Martínez, en *CFG* 13,2011, 411-416.

CONSELLO DE REDACCIÓN (2004): "Noticia de traballos fraseolóxicos feitos en Galicia ou en curso de elaboración dende o ano 2000 e que están inéditos en prensa ou en elaboración", en *CFG* 6,2004,285-288.

CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota*. Recensión de Cristina Rodríguez Nieto, en *CFG* 12,2010,403-404.

COUCEIRO, Xosé (2005): *Expresións populares da nosa comarca [Forcarei]*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 7,2005,318-320.

DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín (2007): Véxase LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007).

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): Véxase BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009).

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*. Recensión de Cristina Veiga Novoa, en *CFG* 8,2006,334-337.

(2009): *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*. Recensión de Martina Silva López, en *CFG* 12,2010,405-408.

DURÁN PAREDES, Lucía (2005): Véxase CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005).

ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (2006): Véxase GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (2006).

ETTINGER, Stefan; NUNES, Manuela (2006): *Portugiesische Redewendungen*. Recensión de Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 9,2007,301-304.

GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Recensión de Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 11,2009,373-378.

GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos*. José Enrique Gargallo Gil (coordinador) Maria-Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana i Tous y Antonio Torres Torres. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 13,2011, 416-422.

(2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 13,2011, 423-426.

GONZÁLEZ BARREIRO, Xosé Manuel (2005): Véxase CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005).

GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el refranero*. Recensión de Xacinta Varela Martínez, en *CFG* 12,2010, 408-409.

GONZÁLEZ REY, Isabel (2002): *La phraséologie du français*. Recensión de María Álvarez de la Granja, en *CFG* 6,2004,272-274.

(2007a): *La didactique du français idiomatique*. Recensión de Xermán Conde Tarrío, en *CFG* 10,2008,283-284.

(dir.) (2007b): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources.* Recensión de Xacinta Varela Martínez, en *CFG* 13,2011, 430-432.

(ed.) (2007c): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras.* Recensión de Xacinta Varela Martínez, en *CFG* 13,2011, 427-430.

(ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation.* Recensión de Emma Mª Salgueiro Veiga, en *CFG* 13,2011, 433-436.

GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (2006): *Discurso, Lengua y metalenguaje –Balance y perspectivas*. Recensión de Claudia Herrero Kacmarek, en *CFG* 11,2009,378-380.

HALLSTEINSDOTTIR, Erla (2010): Véxase PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010).

HARGUINDEY BANET, Henrique (2005): Véxase CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005).

HERRERO, Claudia (2010): Véxase MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010).

IGLESIAS, Nely (2010): Véxase MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010).

IÑESTA MENA, Eva María; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Recensión de Patricia Buján Otero, en *CFG* 7,2005,320-323.

IOPPOLI, Eleonora (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica (2006).

LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007): *Seminario Internacional Colección paremiológica, Madrid, 1922-2007*. Recensión de Vanessa Fernández Pampín, en *CFG* 11,2009,381-384.

LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Recensión de Xosé María Gómez Clemente, en *CFG* 10,2008,284-287.

LUQUE DURÁN, J. de D.; PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Recensión de Leopoldo Cañizo Durán, en *CFG* 8,2006,337-340.

LUQUE NADAL, Lucía (2010): *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología*. Recensión de M. Carmen Losada Aldrey, en *CFG* 13,2011, 437-440.

LURATI, Ottavio (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 9,2007,305-311.

MANSILLA, Ana (2010): Véxase MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010).

MARTÍNEZ GARCÍA, Xosé (2005): Véxase CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005).

MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán*. Recensión de Cristina Veiga Novoa, en *CFG* 6,2004,275-279.

(2008a): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Recensión de Claudia Herrero Kaczmarek, en *CFG* 10,2008,287-289.

(2008b): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Recensión de Alba Vidal Fernández, en *CFG* 10,2008,290-293.

(ed.) (2009): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*. Recensión de Patricia Buján Otero, en *CFG* 11,2009,384-388.

MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*. Recensión de M. Carmen Losada Aldrey, en *CFG* 12,2010,410-413.

MIEDER, Wolfgang (2004): *Proverbs: a handbook*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 8,2006,340-342.

MOKIENKO, Valerii M. (1998): Véxase BIRIKH, Alexander K.; MOKIENKO, Valerii M.; STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998).

NETZLAFF, Marion (2005): *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol*. Recensión de Mª Isabel González Rey, en *CFG* 10,2008,294-298.

NUNES, Manuela (2006): Véxase ETTINGER, Stefan; NUNES, Manuela (2006).

OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Por Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 10,2008,298-303.

PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.) (2002): Véxase IÑESTA MENA, Eva María; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002).

(eds.) (2005): Véxase LUQUE DURÁN, J. de D.; PAMIES BERTRÁN, A. (2005).

PAMIES BERTRÁN, Antonio; RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)*. Recensión de Mª Isabel González Rey, en *CFG* 9,2007,311-313.

PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*. Recensión de María do Rosario Soto Arias, en *CFG* 13,2011, 440-446.

PIIRAINEN, Elisabeth (2006): Véxase DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2005).

(2009): Véxase DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN, Elisabeth (2009).

PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography*. Recensión de Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 13,2011, 446-450.

RAMÓN, E. (ed.) (2005): Véxase ALMELA, R.; RAMÓN, E.; WOTJAK, G. (eds.) (2005).

RAMOS, Gabino (2005): Véxase SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de; RAMOS, Gabino (2004).

RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 12,2010, 414-417.

ROCAMONDE GÓMEZ, Ramón (2005): Véxase CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005).

RODRÍGUEZ LEÓN, Mª Esmeralda (2003): *Pequeno refraneiro alemán-galego*. Recensión de Cristina Veiga Novoa, en *CFG* 6,2004,279-283.

RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): Véxase PAMIES BERTRÁN, Antonio; RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005).

RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias*. Recensión de Xesús Ferro Ruibal, en *CFG* 7,2005,316-318.

RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2005): *Diccionario temático de frases hechas*. Recensión de Carmen Mellado Blanco, en *CFG* 7,2005,323-329.

SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch*. Recensión de Isabel Giráldez Arias, en *CFG* 9,2007,314-318.

SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão*. Recensión de Isabel Giráldez Arias, en *CFG* 9,2007,314-318.

(2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Recensión de Isabel Giráldez Arias, en *CFG* 9,2007,314-318.

SCHEMANN-DIAS, L. (1979): Véxase SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L. (1979)
(2005): Véxase SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L. (2005).

SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Recensión de Luis González García, en *CFG* 7,2005,330-333.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007): Véxase LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007).

SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2008 [2002]): *Pocas palabras bastan: vida e interculturalidad del refrán. Recensión de* Mª Isabel González Rey, en *CFG* 11,2009,388-391.
(dirs.) (2001/2008): *1001 refranes españoles con su correspondencia en alemán – árabe – francés – inglés – italiano – polaco – provenzal y ruso*. Recensión de Germán Conde Tarrío, en *CFG* 11,2009,391-392.

SEVILLA MUÑOZ, Manuel (2007): Véxase LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007).

SIMONA, Federica (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica (2006).

SOTO ARIAS, María Rosario (2008): Véxase LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, María Rosario (2008).

STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): Véxase BIRIKH, Alexander K.; MOKIENKO, Valerii M.; STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998).

WOTJAK, G. (ed.) (2005): Véxase ALMELA, R.; RAMÓN, E.; WOTJAK, G. (eds.) (2005).

ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica (2006): *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseologia e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2*. Recensión de Paula Quiroga Munguía, en *CFG* 10,2008,304-307.

1.4. Recensionantes

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2004): Recensión de GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2002): *La phraséologie du français*, en *CFG* 6,2004,272-274.

BUJÁN OTERO, Patricia (2005): Recensión de IÑESTA MENA, Eva María; PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*, en *CFG* 7,2005,320-323.
(2009): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2009): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*, en *CFG* 11,2009,382-386.

CAÑIZO DURÁN, Leopoldo (2006): Recensión de LUQUE DURÁN, J. de D.; PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, en *CFG* 8,2006,337-340.

CONDE TARRÍO, Xermán (2008): Recensión de GONZÁLEZ REY, Isabel (2007): *La didactique du français idiomatique*, en *CFG* 10,2008,283-284.
(2009): Recensión de SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (dirs.) (2001/2008): *1001 refranes españoles con su correspondencia en alemán – árabe – francés – inglés – italiano – polaco – provenzal y ruso*, en *CFG* 11,2009,391-392.

FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa (2009): Recensión de LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007): *Seminario Internacional Colección paremiológica, Madrid, 1922-2007*, en *CFG* 11,2009,381-384.

FERRO RUIBAL, Xesús (2005a): Recensión de CASTRO OTERO, Salvador et alii (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo* en *CFG* 7,2005,314-316.

(2005b): Recensión de COUCEIRO, Xosé (2005): *Expresións populares da nosa comarca [Forcarei]*, en *CFG* 7,2005,318-320.
(2005c): Recensión de RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias*, en *CFG* 7,2005,316-318.
(2006): Recensión de MIEDER, Wolfgang (2004): *Proverbs: a handbook*, en *CFG* 8,2006,340-342.
(2007): Recensión de LURATI, Ottavio (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee*, en *CFG* 9,2007,305-311.
(2010): Recensión de RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*, en *CFG* 12,2010, 414-417.
(2011a): Recensión de GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos*. José Enrique Gargallo Gil (coordinador) Maria-Reina Bastardas Rufat, Joan Fontana i Tous y Antonio Torres Torres, en *CFG* 13,2011, 416-422.
(2011b): Recensión de GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza*, en *CFG* 13,2011, 423-426.
GARCÍA LOZANO, Ana (2004): Recensión de CARBONELL BASSET, Delfín (2004): *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)*, en *CFG* 6,2004,271-272.
GIRÁLDEZ ARIAS, Isabel (2007a): Recensión de SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch*, en *CFG* 9,2007,314-318.
(2007b): Recensión de SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão*, en *CFG* 9,2007,314-318.
(2007c): Recensión de SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L. (2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*, en *CFG* 9,2007,314-318.
GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María (2008): Recensión de LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, en *CFG* 10,2008, 284-287.
GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2005): Recensión de SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia de; RAMOS Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*, en *CFG* 7,2005,330-333.
(2008): Recensión de ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*, en *CFG* 10,2008,267-274.
GONZÁLEZ REY, Isabel (2005): Recensión de BOSQUE MUÑOZ, Ignacio (2004): *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo*, en *CFG* 7,2005,308-313.
(2007): Recensión de PAMIES BERTRÁN, Antonio; RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)*, en *CFG* 9,2007,311-313.
(2008): Recensión de NETZLAFF, Marion (2005) : *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol*, en *CFG* 10,2008,294-298.
(2009): Recensión de SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2008 [2002]): *Pocas palabras bastan: vida e interculturalidad del refrán*, en *CFG* 11,2009, 388-391.
(2010): Recensión de BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*, en *CFG* 12,2010,389-402.
GUERBEK, Ekaterina (2005): Recensión de BIRIKH, Alexander K.; MOKIENKO, Valerii M.; STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): *Словарь русской фразеологии: Историко-*

этимологический справочник (Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas), en *CFG* 7,2005,305-308.

HERRERO KACZMAREK, Claudia (2008): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*, en *CFG* 10,2008,287-289.

(2009): Recensión de GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel (2006): *Discurso, Lengua y metalenguaje –Balance y perspectivas*, en *CFG* 11,2009,378-380.

LEIVA ROJO, Jorge (2004): Recensión de ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas*, en *CFG* 6,2004,267-270.

LOSADA ALDREY, M. Carmen (2010): Recensión de MELLADO, Carmen, BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia, IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán*, en *CFG* 12,2010,410-413.

(2011): Recensión de LUQUE NADAL, Lucía (2010): Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología, en *CFG* 13,2011, 437-440.

MELLADO BLANCO, Carmen (2005): Recensión de RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2004): *Diccionario temático de frases hechas*, en *CFG* 7,2005,323-329.

(2006): Recensión de ALMELA, R.; RAMÓN, E.; WOTJAK, G. (eds.) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*, en *CFG* 8,2006,331-333.

(2007): Recensión de ETTINGER, Stefan; NUNES, Manuela (2006): *Portugiesische Redewendungen*, en *CFG* 9,2007,301-304.

(2008): Recensión de OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*, en *CFG* 10,2008,298-303.

(2009): Recensión de GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*, en *CFG* 11,2009,373-378.

(2011): Recensión de PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography*, en *CFG* 13,2011, 446-450.

QUIROGA MUNGUÍA, Paula (2008): Recensión de ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica (2006): *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseologia e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2*, en *CFG* 10,2008,304-307.

RODRÍGUEZ NIETO, Cristina (2008): Recensión de CONDE TARRÍO, Xermán (2007): *El componente etnolingüístico de la paremiología*, en *CFG* 10,2008,279-282.

(2010): Recensión de CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota* , en *CFG* 12,2010,403-404.

SALGUEIRO VEIGA, Emma Mª (2008): Recensión de CONDE TARRÍO, Xermán (2007): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*, en *CFG* 10,2008,274-279.

(2011): Recensión de GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*, en *CFG* 13,2011, 433-436.

SILVA LÓPEZ, Martina (2010): Recensión de DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; PIIRAINEN Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*, en *CFG* 12,2010, 405-408.

SOTO ARIAS, María Rosario (2011): Recensión de PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego*, en *CFG* 13,2011, 440-446.

VARELA MARTÍNEZ, Xacinta (2010): Recensión de GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el refranero*, en *CFG* 12,2010, 408-409.

(2011a): Recensión de ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective*, en *CFG* 13,2011, 407-411.

(2011b): Recensión de CONDE TARRÍO, Germán (ed) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas*, en *CFG* 13,2011, 411-416.

(2011c): Recensión de GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources*, en *CFG* 13,2011, 430-432.

(2011d): Recensión de GONZÁLEZ REY, Isabel (Ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras*, en *CFG* 13,2011, 427-430.

VEIGA NOVOA, Cristina (2004a): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán*, en *CFG* 6,2004,275-279.

(2004b): Recensión de RODRÍGUEZ LEÓN, Mª Esmeralda (2003): *Pequeno refraneiro alemán-galego*, en *CFG* 6,2004,279-283.

(2006): Recensión de DOBROVOL'SKIJ, D.; PIIRAINEN, E. (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*, en *CFG* 8,2006,334-337.

(2007): Recensión de ALONSO RAMOS, Margarita (ed.) (2006): *Diccionarios y Fraseología*, en *CFG* 9,2007,297-322.

VIDAL FERNÁNDEZ, Alba (2008): Recensión de MELLADO BLANCO, Carmen (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, en *CFG* 10,2008,290-293.

1.5. Novas

Novas (2005): Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía, en *CFG* 7,2005,337-338.

Novas (2005): *Europhras*, en *CFG* 7,2005,338.

Novas (2005): *Paremia*, en *CFG* 7,2005,338-339.

Novas (2005): *Proverbium*, en *CFG* 7,2005,339-340.

Novas (2006): Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía, en *CFG* 8,2006,345-351.

Novas (2008): Fraseonet, en *CFG* 10,2008,311.

Novas (2008): Frasespal, en *CFG* 10,2008,312-313.

Novas (2009): Baránov, Anatolij; Dobrovol'skij, Dmitrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en *CFG* 11,2009,395-397.

Novas (2009): *Coloquio Internacional de Fraseografía* (Santiago de Compostela), en *CFG* 11,2009,398-399.

Novas (2009): Unha novidosa páxina web fraseolóxica <http://www.ettinger-phraseologie.de> (Stefan Ettinger, Univ. Augsburg), en *CFG* 11,2009,399-401.

Novas (2010): Congreso de EUROPHRAS (Granada 30.6-2.7.2010). *Cross-Linguistic And Cross-Cultural Perspectives On Phraseology And Paremiology*, en *CFG* 12,2010,433-439.

Novas (2010): *Internationale Tagung Zur Kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch*, 24.-25. November 2011. Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago. Grupo organizador: FRASESPAL. Coordinadora do congreso: Carmen Mellado Blanco, *CFG* 12,2010,439.

Novas (2010): *XII Simposio Internacional de Comunicacion Social*. Centro de Lingüística Aplicada (Santiago De Cuba. 17-21.1.2011), en *CFG* 12,2010,439.

Novas (2011): *Tercer Seminario Internacional sobre Refranes Meteorológicos. Geoparemiología Romance* (Universitat de Barcelona (UB). 6 -7.6.2011), en *CFG* 13,2011,466.

Novas (2011): Seminario *"La Fraseología en el Corrido Mexicano". (Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo, México) Raúl Eduardo González Hernández* (Universidad Complutense de Madrid (UCM). 17.6.2011), en *CFG* 13,2011,467.

Novas (2011): Seminario Internacional. *Unidades Fraseológicas y TIC* (Universidad Complutense de Madrid (UCM). 5, 6 –7.10.2011), en *CFG* 13,2011, 467-469.

Novas (2011): Nace *O Refraneiro Galego*, unha aplicación para Iphone con case 10.000 refráns para consultar offline, en *CFG* 13,2011, 469.

Novas (2011): *II Jornadas de Lengua y Comunicación "La fraseología y la paremiología (60 años después de la Introducción a la lexicografía moderna de D. Julio Casares)"* (Alcalá de Henares 9-10.11.2011), en *CFG* 13,2011,470.

Novas (2011): *II International Conference on Phraseology and Paremiology. I Brazilian Conference on Phraseology. Topic "Current trends in descriptive and applied research on phraseology and paremiology"*. (Brasilia 13-18.11.2011), en *CFG* 13,2011,470.

Novas (2011): *Congreso Internacional de Fraseoloxía Contrastiva Alemán-Español/Galego. < www.usc.es/frasespal>* (Santiago de Compostela, 24-25.11.2011), en *CFG* 13,2011,470.

Novas (2011): Exposición virtual: *Refranes y Aforismos en la España del s. XVII.* (Biblioteca Histórica de Madrid. Exposición realizada entre marzo e outubro de 2009), en *CFG* 13,2011,474.

Novas (2011): *International Conference under the Auspices of the European Society of Phraseology (EUROPHRAS) "Phraseology and Culture" <http://www.europhrasmaribor.si/ .>* (Maribor, Slovenia. 27-31.8.2012), en *CFG* 13,2011,474.

1.6. Publicacións recibidas na redacción

Libros e separatas recibidos na Redacción, en *CFG* 7,2005,340-343.
Libros, separatas e revistas recibidas na Redacción, en *CFG* 8,2006,352-363.
Libros, revistas ou artigos recibidos, en *CFG* 9,2007,325-332.
Libros, revistas ou artigos recibidos, en *CFG* 10,2008,313-331.
Libros, revistas ou artigos recibidos, en *CFG* 11,2009,402-416.
Libros, revistas ou artigos recibidos, en *CFG* 12,2010,421-433.
Libros, revistas ou artigos recibidos, en *CFG* 13,2011,453-466.

2. Procedencia dos autores

A	Universität Salzburg	Heinemann, Axel
	Universität Wien (Universidade de Viena)	Torrent-Lenzen, Aina
B	Université Catholique de Louvain	Klein, Jean René
D	Fachhochschule Köln (Universidade de Ciencias Aplicadas de Colonia)	Torrent-Lenzen, Aina
	Geisteswissenschaftliches Zentrum. Universität Leipzig	Fiedler, Sabine
	Universität Bielefeld	Wirrer, Jan
	Universität Tübingen	Zuluaga Ospina, Alberto
	Universität Augsburg	Ettinger, Stefan
	Steintfurt	Piirainen, Elisabeth (2)
E	Universidade da Coruña	Alonso Ramos, Margarita
		González García, Luis (6)
		Lareo, Inés

	Universidade de Santiago de Compostela		Cajaraville Araújo, Héctor
			Conde Tarrío, Germán (3)
			Fernández Pampín, Vanessa
			Gondar Portasany, Marcial
			González Rey, Mª Isabel (8)
			Herrero Kaczmarek, Claudia (3)
			Losada Aldrey, M. Carmen
			Mellado Blanco, Carmen (7)
			Muñiz Álvarez, Eva María
			Pastor Lara, Alejandro
			Río Corbacho, Mª Pilar (3)
			Silva López, Martina (2)
		Instituto da Lingua Galega	Álvarez de la Granja, María (3)
		Centro de Linguas Modernas	Guerbek, Ekaterina (2)
			Losada Aldrey, M. Carmen
			Vlasáková, Katerina
	Universidade de Vigo		Acuña, Ana
			Ares Licer, Elisabete
			Buján Otero, Patricia (2)
			Corvo Sánchez, Mª José
			Gómez Clemente, Xosé María (2)
			Pereira Ginet, Tomás
	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades		Beloso Gómez, Josefa
			Buján Otero, Patricia (2)
			Cañizo Durán, Leopoldo
			Ferro Ruibal, Xesús (19)
			García Lozano, Ana
			Giráldez Arias, Isabel (3)
			Groba Bouza, Fernando
			Paz Roca, Mª Carmen (3)
			Prieto Donate, Estefanía
			Rodríguez Añón, Marta
			Rodríguez Nieto, Cristina (2)
			Salgueiro Veiga, Emma Mª (2)
			Varela Martínez, Xacinta(5)
			Veiga Novoa, Cristina (5)
			Vidal Castiñeira, Ana (6)
			Vidal Fernández, Alba
	I.E.S. Eusebio da Guarda. A Coruña		Soto Arias, Mª do Rosario (6)
	I.E.S. Sánchez Cantón. Pontevedra		González Guerra, Anxo
	C.E.I.P. Bormoio-Agualada		Domínguez Rial, Evaristo
	C.E.I.P. de Sillobre		Salgueiro Veiga, Emma Mª
	Escola Oficial de Idiomas. Vigo		Barbeito Lorenzo, Mª Dolores
			Hermida Alonso, Anxos
			López Barreiro, Margarita
			Martínez Blanco, Xulián

		Martíns Seixo, Ramón Anxo (3)
		Penín Rodríguez, Dorinda
		Veiga Alonso, Serxio
	Escola Oficial de Idiomas. Vilagarcía	Paz Roca, Mª Carmen
	Lugo (A Mariña)	Rivas, Paco
	Madrid	Carbonell Basset, Delfín
	Ourense	Eiroa García-Garabal, Juan A.
		Ruíz Leivas, Cristovo
	Ponteareas. Pontevedra	Groba Bouza, Fernando (2)
	Santiago de Compostela	Veiga Novoa, Cristina
	Revista *Estudios* (Madrid)	Vázquez, Lois
	Euskal Erico Unibertsitatea (Universidade do País Vasco)	Echevarría Isusquiza, Isabel
		Arbulu, Aguirre, Javier
		Odriozola Pereira, Juan Carlos
		Ondarra Artieda, Ainara
	Universitat d' Alacant	Ruiz Quemoun, Fernande
	Universidad de Alcalá	Penadés Martínez, Inmaculada
	Universitat Autònoma de Barcelona	Blanco Escoda, Xavier
		Català Guitart, Dolors (2)
	Universidad Complutense de Madrid	Sevilla Muñoz, Julia
		Sardelli, Mª Antonella
	Universidad Europea de Madrid	Detry, Florence
	Universitat d'Alacant	Mogorrón Huerta, Pedro
	Universitat de Barcelona	Gargallo Gil, José Enrique
	Universitat de Girona	Detry, Florence
	Universidad de Granada	Pamies Bertrán, Antonio
		Pazos Bretaña, José Manuel
	Universitat de Lleida	Biosca Postius, Mercè
	Universidad de Málaga	Leiva Rojo, Jorge
	Universidad de Murcia	Mansilla, Ana
	Universidad de Navarra	Olza Moreno, Inés
	UNED	García-Page, Mario
	Universidad de Oviedo	Iñesta Mena, Eva Mª
	Universidad Politécnica de Madrid	Molina Plaza, Silvia
	Universitat Pompeu Fabra	Brumme, Jenny
	Universidad de Salamanca	Recio Ariza, Mª Ángeles
		Fernández Álvarez, Eva
	Universidad de Sevilla	Larreta Zulategui, Juan Pablo
	Universitat de València	Conca, Maria
		Aguilar Ruiz, Manuel José
	Universidad de Valladolid	Ángelova Nénkova, Véselka
		González-Espresati, Carlos
		Quiroga Munguía, Paula
EG	Universidade do Cairo	Noueshi, Mona
F	CPST- Université de Toulouse - Le Mirail	Quitout, Michel
FIN	Helsingin Yliopisto (Universidad de Helsinki)	Sanromán Vilas, Begoña
GR	Universidade de Atenas	Crida Álvarez, Carlos Alberto
HU	Eötvös Loránd Tudományegyetem	Balázs, Géza

	(Universidade Eötvös Loránd de Budapest)	Bárdosi, Vilmos (2)
		Menaker, Angelika
		Morvay, Károly (3)
	Nyugat-magyarországi Egyetem	Balázs, Géza
LT	Universiteto Vilnius	Masiulionytė, Virginija
		Šileikaitė, Diana
MA	Université Ibn Zohr, Agadir	Lachkar, Abdendi
MX	Colegio de Michoacán, México	Pérez Martínez, Herón
NO	Norges Handelshøyskole Forsiden (NHH)	Martínez López, Juan A,
	Universitetet i Bergen	Aarli, Gunn
P	Universidade de Lisboa	Jorge, Guilhermina
	Universidade do Algarve	Baptista, Jorge
		Fernandes, Graça
	Universidade do Algarve e Onset-CEL	Chacoto, Lucília
	Universidade de Lisboa	Bojílova Tchobánova, Iovka
	Universidade do Minho	Schemann, Hans
	L2F - Spoken Language Laboratory, INESC-ID Lisboa	Correia, Anabela
	San Pedro de Moel, Portugal	Nogueira Santos, Antonio (2)
PL	Uniwersytet Jagielloński w Krakowie	Grygierzec, Wiktoria
	Uniwersytet Zielonogórski	Laskowski, Marek
RU	Academia Rusa das Ciencias; Universidade Estatal de Moscova	Dmitrij Dobrovol'skij
	Academia Rusa das Ciencias	Baránov, Anatolij
	Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet	Kótova, Marina
RU, D	Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet; Institut für Slawistik, Universität Greifswald	Mokienko, Valerii
UK	University of Wolverhampton	Paz Roca, Mª Carmen (2)

Contido dos Cadernos de Fraseoloxía Galega

Cadernos de Fraseoloxía Galega 1,2000

RECADÁDIVA. RIVAS, Paco (2000): *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa*.

Cadernos de Fraseoloxía Galega 2,2000

RECADÁDIVA. TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego*.

Cadernos de Fraseoloxía Galega 3,2003

DICIONARIO. SOTO ARIAS, María do Rosario: *Achegas a un dicionario de refráns. Galego-castelán, castelán-galego*.

Cadernos de Fraseoloxía Galega 4,2003

ESTUDOS. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas". FERRO RUIBAL, Xesús; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: "Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega". MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo: "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro". VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: "Aproximación ó *mínimo paremiolóxico* galego. Unha proposta didáctica".

RECADÁDIVAS.VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía". PAZ ROCA, María Carmen: *Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré* (1898-1965). VÁZQUEZ, Lois: Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López. BUJÁN OTERO, Patricia; FERRO RUIBAL, Xesús; PAZ ROCA, Mª Carmen; RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: *Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)*. BUJÁN OTERO, Patricia: *El refrán y su sombra (Faro de Vigo) por José Sesto*. RUÍZ LEIVAS, Cristóbal; EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A.: "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos".

Cadernos de Fraseoloxía Galega 5,2003

RECADÁDIVA. VÁZQUEZ SACO, Francisco: *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal; Mª Carmen Paz Roca.

Cadernos de Frasoloxía Galega 6,2004

ESTUDOS. CATALÀ GUITART, Dolors: "Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán". CONDE TARRÍO, Germán: "Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos". FERRO RUIBAL, Xesús: "Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas". GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María: "Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego". GONZÁLEZ REY, Mª Isabel: "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada". GUERBEK, Ekaterina; MOKIENKO, Valerii; VLASÁKOVÁ, Kateřina: "Aplicación da teoría de modelos semánticoestruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos". LARRETA

ZULATEGUI, Juan Pablo: "Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica". MELLADO BLANCO, Carmen: "A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía *Fraseoloxía Eslava* (1980/trad. 2000)". MORVAY, Károly: "Por unha metafraseografía peninsular". MORVAY, Károly: "Reflexións verbo da *Fraseoloxía eslava* de V. Mokienko". PAMIES BERTRÁN, Antonio; PAZOS BRETAÑA, José Manuel: "Extracción automática de colocacións e modismos". PAZ ROCA, Mª Carmen: "Estudo das colocacións a través da análise de corpus: un estudo práctico das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*". SEVILLA MUÑOZ, Julia: "O concepto *correspondencia* na tradución paremiolóxica". SOTO ARIAS, Mª do Rosario; GONZÁLEZ GARCÍA, Luis: "Aplicacións didácticas dos refráns".

RECADÁDIVA. PAZ ROCA, Mª Carmen; VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: "Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco".

RECENSIÓNS. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: *As locucións verbais galegas* (Jorge Leiva Rojo). CARBONELL BASSET, Delfín: *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)* (Ana García Lozano). GONZÁLEZ REY, Mª Isabel: *La phraséologie du français* (María Álvarez de la Granja). MELLADO BLANCO, Carmen: *Fraseologismos somáticos del alemán* (Cristina Veiga Novoa). RODRÍGUEZ LEÓN, Mª Esmeralda: *Pequeno refraneiro alemán-galego* (Cristina Veiga Novoa).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 7,2005

ESTUDOS. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: "Glosario de locucións adverbiais do galego medieval". BAPTISTA, Jorge; FERNANDES, Graça; CORREIA, Anabela: "Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación". CARBONELL BASSET, Delfín: "O clixé e a fraseoloxía tópica española". CONCA, Maria: "Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura". GONZÁLEZ GARCÍA, Luis: "Castelán *a hecho*, galego *a eito*: dúas locucións de diferente fortuna". JORGE, Guilhermina: "Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica". KOTOVA, Marina: "Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía". MOGORRÓN HUERTA, Pedro: "As locucións verbais nos dicionarios". MUÑIZ ÁLVAREZ, Eva María: "Notas para unha análise comparativa das nocións de *restrición léxica* e *colocación*". PEREIRA GINET, Tomás: "Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés". PÉREZ MARTÍNEZ, Herón: "Os ditos do *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría". RÍO CORBACHO, Pilar: "O *refrán meteorolóxico*: estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación". WIRRER, Jan: *Wat mehr regelt en Gesett*. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada". ZULUAGA OSPINA, Alberto: "Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos".

RECADÁDIVA. BARBEITO LORENZO, María Dolores: "Frases feitas do Concello das Neves".

RECENSIÓNS. BIRIKH, Alexander K.; MOKIENKO, Valerii M.; STEPÁNOVA, Liudmila I.: *Словарь русской фразеологии: Історико-этимологический справочник* ("Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas") (Ekaterina Guerbek). BOSQUE MUÑOZ, Ignacio: *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo* (María Isabel González Rey). CASTRO OTERO, Salvador et alii: *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. COUCEIRO, Xosé: *Expresións populares da nosa comarca* [Forcarei] (Xesús Ferro Ruibal). IÑESTA MENA, Eva María; PAMIES BERTRÁN, Antonio: *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos* (Patricia Buján Otero. RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel: *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias*. RODRÍGUEZ VIDA, Susana: *Diccionario*

temático de frases hechas (Carmen Mellado Blanco). SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de; RAMOS, Gabino: *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles* (Luis González García).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 8,2006

ESTUDOS. ACUÑA, Ana: "Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas". ALONSO RAMOS, Margarita: "Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións". BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij: "Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico". BLANCO ESCODA, Xavier: "Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?". GARCÍA-PAGE, Mario: "O acrónimo fraseolóxico". GONZÁLEZ REY, Mª Isabel: "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia paras as linguas". KLEIN, Jean René: "Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)". NOGUEIRA SANTOS, Antonio: "Fraseoloxía comparada portugués-inglés: *cão/gato dog/cat*".

RECADÁDIVAS. FERRO RUIBAL, Xesús: "Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas". FERRO RUIBAL, Xesús; VEIGA NOVOA, Cristina: "*Paremias selectas*. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez". LÓPEZ BARREIRO, Margarita: "Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)".

RECENSIÓNS. ALMELA, R.; RAMÓN, E; WOTJAK, G. (eds.): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano* (Carmen Mellado Blanco). DOBROVOL'SKIJ, D.; PIIRAINEN, E.: *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives* (Cristina Veiga Novoa). LUQUE DURÁN, J. de D.; PAMIES BERTRÁN, A. (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología* (Leopoldo Cañizo Durán). MIEDER, Wolfgang: *Proverbs: a handbook* (Xesús Ferro Ruibal).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 9,2007

ESTUDOS. ARES LICER, Elisabete: "Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)". CHACOTO, Lucília: "A sintaxe dos proverbios. As estruturas *quem / quien* en portugués e español". CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto: "Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno". FERRO RUIBAL, Xesús: "*Cando chove e dá o sol*... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?". GARGALLO GIL, José Enrique: "*Garda o teu saio para maio*. Consellos de abrigo no calendario romance de refráns". HEINEMANN, Axel: "La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España". MANSILLA, Ana: "A fraseoloxía da música na vida cotiá. Un estudo contrastivo (alemán - español)". MASIULIONYTĖ, Virginija; ŠILEIKAITĖ, Diana: "¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana". NOGUEIRA SANTOS, António: "Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués". PIIRAINEN, Elisabeth: "Locucións espalladas por Europa e máis alá". SCHEMANN, Hans: "Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego". SOTO ARIAS, María Rosario; GONZÁLEZ GARCÍA, Luis: "Do *verbo antigo* en Johan Garcia de Guilhade".

RECADÁDIVAS. MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo: "108 fórmulas galegas". PAZ ROCA, Mª Carmen: "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco".

RECENSIÓNS. ALONSO RAMOS, Margarita (ed.): *Diccionarios y Fraseología* (Cristina Veiga Novoa). ETTINGER, Stefan; NUNES, Manuela: *Portugiesische Redewendungen* (Carmen Mellado Blanco). LURATI, Ottavio: *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee* (Xesús Ferro Ruibal). PAMIES BERTRÁN, Antonio; RODRÍGUEZ

SIMÓN, Francisca: *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)* (Mª Isabel González Rey). SCHEMANN, H.; SCHEMANN-DIAS, L.: *Dicionario Idiomático Português-Alemão*; SCHEMANN, H.: *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch*; SCHEMANN, H.; DIAS, I.: *Dicionario Idiomático Português–Alemão* (Isabel Giráldez Arias).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 10,2008

ESTUDOS. ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka; GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos: "Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas". BRUMME, Jenny: "As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica". CATALÀ GUITART, Dolors : "Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario". CORVO SÁNCHEZ, Mª José : "Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos *Sprachbücher* de Juan Ángel de Zumaran". ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel; ARBULU AGUIRRE, Javier: "Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura". ETTINGER, Stefan: "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación". GONDAR PORTASANY, Marcial: "A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos *dicta* populares sobre o paseo e a paisaxe". LACHKAR, Abdenbi: "Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para unha identificación das locucións estereotipadas expresivas". MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A.; AARLI, Gunn: "Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes". MENAKER, Angelika: "As funcións da cor verde en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás". MOLINA PLAZA, Silvia: "Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos". NOUESHI, Mona: "Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo".

RECADÁDIVAS. FERRO RUIBAL, Xesús: *Refraneiro de Grou (Lobios) recolleito por Bieito Fernandes do Palheiro*. PENÍN RODRÍGUEZ, Dorinda: "Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo".

RECENSIÓNS. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología* (Luis González García). CONDE TARRÍO, Germán: *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées* (Emma Mª Salgueiro Veiga). CONDE TARRÍO, Germán: *El componente etnolingüístico de la paremiología* (Cristina Rodríguez Nieto). GONZÁLEZ REY, Isabel: *La didactique du français idiomatique* (Xermán Conde Tarrío). LÓPEZ TABOADA, Carme; SOTO ARIAS, María Rosario: *Dicionario de fraseoloxía galega* (Xosé María Gómez Clemente). MELLADO BLANCO, Carmen: *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht* (Claudia Herrero Kaczmarek). MELLADO BLANCO, Carmen. *Colocaciones y fraseología en los diccionarios* (Alba Vidal Fernández). NETZLAFF, Marion: *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol* (Mª Isabel González Rey). OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia: *Fraseografía teórica y práctica* (Carmen Mellado Blanco). ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora; SIMONA, Federica: *Hai voluto la bicicletta… Esercizi su fraseologia e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2* (Paula Quiroga Munguía).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 11,2009

ESTUDOS. BÁRDOSI, Vilmos: "Os perfís lingüísticos da man en francés, contrastados co húngaro, español, galego e alemán". BIOSCA POSTIUS, Mercè; MORVAY, Károly: "A fraseoloxía moncadiana". BOJÍLOVA TCHOBÁNOVA, Iovka: "Os somatismos máis frecuentes na fraseoloxía portuguesa". FERRO RUIBAL, Xesús; GRYGIERZEC, Wiktoria: "Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués". LASKOWSKI, Marek: "Fórmulas rutineiras na teoría e na práctica". OLZA MORENO, Inés: "*Habla, soy todo oídos*. Reflexo das accións e das actitudes do receptor na fraseoloxía somática metalingüística do español". QUITOUT, Michel: "Traduci-los refráns. Elementos de tradutoloxía". RÍO CORBACHO, Mª Pilar: "BADARE: unha ferramenta de traballo na

paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romania". SARDELLI, Mª Antonella: "Aproximación á elaboración do mínimo paremiolóxico italiano". SOTO ARIAS, Mª Rosario; GONZÁLEZ GARCÍA, Luis: "Folclore contístico, fraseoloxía e paremioloxía. Interrelacións xenésicas". TORRENT-LENZEN, Aina: "Lema, categoría e definiens na fraseografía monolingüe do español e bilingüe español-alemán".

RECADÁDIVAS. FERRO RUIBAL, Xesús; GROBA BOUZA, Fernando: *Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5)*. HERMIDA ALONSO, Anxos: "Fraseoloxía de Matamá (Vigo)". PRIETO DONATE, Estefanía: "Refraneiro escolar galego do cambio de milenio".

RECENSIÓNS. GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario: *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones* (Carmen Mellado Blanco). GONZÁLEZ RUÍZ, Ramón; CASADO VELARDE, Manuel; ESPARZA TORRES, Miguel Ángel: *Discurso, Lengua y metalenguaje – Balance y perspectivas* (Claudia Herrero Kaczmarek). LAFUENTE NIÑO, Mª Carmen; SEVILLA MUÑOZ, Manuel; DE LOS REYES GÓMEZ, Fermín; SEVILLA MUÑOZ, Julia: *Seminario Internacional Colección paremiológica, Madrid, 1922-2007* (Vanessa Fernández Pampín). MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher* (Patricia Buján Otero). SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús: *Pocas palabras bastan: vida e interculturalidad del refrán* (Mª Isabel González Rey). SEVILLA MUÑOZ, Julia; CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (dirs.): *1001 refranes españoles con su correspondencia en alemán – árabe – francés – inglés – italiano – polaco - provenzal y ruso* (Germán Conde Tarrío).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 12,2010

ESTUDOS.BALÁZS, Géza: "Panorama da fraseoloxía húngara". BÁRDOSI, Vilmos: "Michel Bréal e Charles Bally, dous precursores da fraseoloxía moderna". CAJARAVILLE ARAÚJO, Héctor: "A manipulación das expresións fixas nos titulares da prensa gratuíta: *De Luns a venres*". FERRO RUIBAL, Xesús: "Dentes e moas na fraseoloxía galega". FIEDLER, Sabine: "Fraseoloxía do Esperanto". IÑESTA MENA, Eva Mª: "Didáctica das expresións idiomáticas dende un enfoque plural: imaxes e emocións na aula de lingua estranxeira. MARTÍNEZ BLANCO, Xulián; VEIGA ALONSO, Serxio: "Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños". ODRIOZOLA PEREIRA, Juan Carlos; ONDARRA ARTIEDA, Ainara: "Conectores, gramaticalización e polaridade: o caso de *ere* 'tamén' na lingua vasca". PASTOR LARA, Alejandro: "Unidades fraseolóxicas especializadas e tradución". PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada: "Información superflua da orixe pragmática na definición lexicográfica das locucións verbais". RECIO ARIZA, Mª Ángeles: "O emprego da fraseoloxía como recurso específico na publicidade". SILVA LÓPEZ, Martina: "Símbolos nos fraseoloxismos con nomes de animais en alemán e español". SANROMÁN VILAS, Begoña: "Unidades fraseolóxicas na sección de agradecementos dos escritos académicos".

RECADÁDIVAS. GROBA BOUZA, Fernando: "*A cabalo regalado non se lle mira o dente*. Compilación da fraseoloxía equina actual". GONZÁLEZ GUERRA, Anxo: "Fraseoloxía e paremioloxía de Pilar Guerra (Trasar, Carballedo, Lugo)". MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo: "120 locucións verbais galegas".

RECENSIÓNS. BARÁNOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmtrij (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía* (María Isabel González Rey). CORTIZAS, Antón (2010): *Ao pé da Laxa da Moa. Literatura de tradición oral de Carnota* (Cristina Rodríguez Nieto). DOBROVOL'SKIJ Dmitrij; PIIRAINEN Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie - Kognitive und kulturelle Aspekte*. (Martina Silva López). GONZÁLEZ RADÍO, Vicente (2007): *Comunicación e interpretación de la vida en el refranero* (Xacinta Varela Martínez). MELLADO, Carmen; BUJÁN, Patricia, HERRERO, Claudia; IGLESIAS, Nely; MANSILLA, Ana (eds.) (2010): *La fraseografía del S. XXI. Nuevas propuestas para el español y el alemán* (M. Carmen

Losada Aldrey). RÍO CORBACHO, María Pilar (2010): *El refranero y el santoral. Un santo y un refrán para cada día*. (Xesús Ferro Ruibal).

Cadernos de Fraseoloxía Galega 13,2011

ESTUDOS. AGUILAR RUIZ, Manuel José: "Coñece-lo mundo baixomedieval hispánico a través dos seus refráns: *Los refranes que dizen las viejas tras el fuego*". DETRY, Florence: "Do literal ó figurado: descodifica-las expresións idiomáticas na clase de LE". FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Eva: "Refráns e linguaxe xuvenil en alemán e español. Unha análise empírica". FERRO RUIBAL, Xesús: "Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía". GONZÁLEZ GARCÍA, Luis: "Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas". GROBA BOUZA, Fernando: "*Onde hai eguas, poldros nacen*. A realidade vista dende os equinos". HERRERO KACZMAREK, Claudia: "O encontro e o desencontro expresado a través dos fraseoloxismos do campo cognitivo FALAR". LAREO, Inés: "Colocacións con make, take e do + nome nun corpus do século XIX de textos ingleses científicos e literarios escritos por mulleres". MONTES LÓPEZ, María: "Consideracións sobre a didáctica da fraseoloxía italiana a estudantes galegófonos". PIIRAINEN, Elisabeth: "Ditos espallados por Europa e máis alá dela: O substrato máis antigo do 'Lexicon of Common Figurative Units'". RÍO CORBACHO, María Pilar: "BADARE: A personificación nos espazos de tempo". RUIZ QUEMOUN, Fernande: "O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)". SOTO ARIAS, María Rosario: "Interaccións verbais entre rapaz-adulto ou rapaz-rapaz. Contribución á fraseoloxía".

RECADÁDIVAS. DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo: "Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)".

RECENSIÓNS. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.) (2008): *Fixed Expressions in Cross Linguistic Perspective* (Xacinta Varela Martínez). CONDE TARRÍO, Germán (ed) (2008): *Aspectos formales y discursivos de las expresiones fijas* (Xacinta Varela Martínez). GONZÁLEZ REY, Isabel (Ed.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères. Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras* (Xacinta Varela Martínez). GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms acquisition. Methodology and didactic Resources* (Xacinta Varela Martínez). GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (ed.) (2008): *A multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation* (Emma Mª Salgueiro Veiga). GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2010): *Paremiologia romance. Los refranes meteorológicos*. (Xesús Ferro Ruibal). GARGALLO GIL, José Enrique (coord.) (2011): *I proverbi meteorologici. Ai confini dell'Europa romanza* (Xesús Ferro Ruibal). LUQUE NADAL, Lucía (2010): *Fundamentos teóricos de los diccionarios lingüístico-culturales. Relaciones entre fraseología y culturología* (M. Carmen Losada Aldrey). PENA, Xosé A. (2011): *Dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego* (Mª do Rosario Soto Arias). PTASHNYK, Stefaniya; HALLSTEINSDOTTIR, Erla; BUBENHOFER, Noah (2010): *Korpora, Web und Datenbanken. Computergestütze Methoden in der modernen Phraseologie und Lexikographie. Corpora, Web and Databases. Computer-Based Methods in Modern Phraseology and Lexicography* (Carmen Mellado Blanco).

Anexos de Cadernos de Fraseoloxía Galega

Anexo 1,2007

RECADÁDIVA. VENTÍN DURÁN, José Augusto: *Refraneiro de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Edición crítica de Xesús Ferro Ruibal, Raquel Rial Santos, Emma Mª Salgueiro Veiga, Ana Vidal Castiñeira e cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira.

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Notas para a presentación de colaboracións

1 Cadernos de Fraseoloxía Galega (*CFG*) é unha revista de temática fraseolóxica que posúe tres obxectivos fundamentais: a) difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos, b) contribuír á reflexión sobre o ámbito fraseolóxico de calquera lingua c) dar a coñece-los eventos e as publicacións máis importantes verbo da fraseoloxía, moi especialmente da fraseoloxía galega. Debe terse en conta que o termo fraseoloxía é entendido nun sentido amplo, dando cabida non só ás locucións, senón tamén ás colocacións, ós termos compostos sintagmáticos e ás paremias. Consonte estes obxectivos, a revista subdivídise en catro seccións:

1) *Estudos*: publicaranse artigos de investigación orixinais sobre fraseoloxía, aceptándose tanto reflexións de corte esencialmente teórico como traballos aplicados (tradución, didáctica, fraseografía...). O corpus de análise pode se-lo repertorio fraseolóxico de calquera lingua e tamén se admite a comparación entre os córpora de diferentes linguas.

2) *Recadádivas*: publicaranse recolleitas orixinais de fraseoloxía galega.

3) *Recensións*: publicaranse recensións críticas orixinais de obras recentes de temática fraseolóxica.

4) *Novas*: daranse a coñecer congresos, proxectos, traballos e publicacións (obras recibidas na redacción) que teñan relación co ámbito fraseolóxico. Farase fincapé na difusión de traballos académicos inéditos.

2 A lingua de publicación é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo gratuíto de tradución ó galego para os artigos dos investigadores que non puidesen redactalos directamente nesta lingua e que resulten admitidos. Os artigos que cheguen á Redacción poden estar escritos en calquera lingua románica da Península Ibérica, en francés, en italiano ou en inglés.

3 Cadernos de Fraseoloxía Galega ten unha periodicidade anual e edítase en papel no último mes do ano. A partir de maio do ano seguinte, tódolos artigos publicados poden consultarse en PDF en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_numeros

4 Os traballos deben elaborarse sobre as follas de estilo que se poden encontrar en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_estilo

A extensión máxima desexable para os artigos da sección *Estudos* é de aproximadamente 3950 palabras (15 páxinas) e a mínima de 1830 palabras (8 páxinas), para as *Recensións* un máximo de 1370 (5 páxinas) e un mínimo de 750 (3 páxinas). No caso das *Recadádivas*, aínda que se recomenda unha extensión similar á indicada para os traballos da sección *Estudos*, faranse algunhas excepcións en consideración ó carácter do material recollido.

Como se pode comprobar na folla de estilo indicada, tódolos artigos deben ir encabezados por un resumo e palabras clave. O resumo, as palabras clave e o título do artigo deben figurar tanto en galego como en inglés.

5 Os orixinais deberán enviarse en versión electrónica (compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC) ó enderezo electrónico paremias@cirp.es. No caso de ser preciso, o autor deberá facer chegar á redacción da revista os permisos necesarios que aseguren o respecto á propiedade intelectual na reprodución dos materiais utilizados no artigo. Para tal caso, o enderezo postal é o seguinte:

Cadernos de Fraseoloxía Galega

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Estrada Santiago-Noia, Km. 1 – A Barcia

15896 Santiago de Compostela

Galicia (España)

6 A data límite para o envío de traballos potencialmente publicables no ano en curso é o 1 de marzo. O Consello de Redacción fará unha primeira lectura dos traballos recibidos para determinar se cumpren cos requisitos mínimos para a súa publicación. En caso afirmativo, remitiranse como **traballos anónimos** a **dous expertos** (membros ou non do Consello Científico), que deberán emitir **cadanseu informe tamén anónimo** sobre a calidade e a conveniencia da súa publicación. Seguirase nisto un sistema de **dobre anonimato**, polo que nin os avaliadores coñecerán quen é o autor ou autora do traballo nin estes coñecerán a identidade dos avaliadores. Para que o artigo se publique, os dous informes deben ser positivos; no caso de que só unha das avaliacións recomende a publicación, o traballo remitirase a un **terceiro** avaliador e o ditame deste será definitivo. De aceptarse a publicación con reservas, o autor disporá de dúas semanas para presenta-las alegacións ós cambios solicitados ou realizar xa as oportunas modificacións.

En recibindo os traballos modificados, o Consello de Redacción deberá acorda-la súa aceptación ou o rexeitamento definitivo. O último día para notifica-la aceptación ou o rexeitamento dun traballo é, en principio, o 15 de xuño, aínda que, en función da marcha do proceso global de avaliación de traballos, o Consello poderá ampliar esa data.

7 O Consello de Redacción só poderá alterar levemente os traballos recibidos; e o obxectivo destas alteracións será o de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos.

8 Os autores dos traballos publicados recibirán un exemplar da revista e 20 separatas e beneficiaranse ademais da seguinte difusión: tódalas Universidades de España e Portugal e tamén noventa e cinco fraseólogos de Europa, América e África recibirán de maneira gratuíta un exemplar de Cadernos de Fraseoloxía Galega, que manterá intercambio con outras publicacións similares.

9 Pasados seis meses da publicación en papel, o número de Cadernos de Fraseoloxía Galega ofrecerase tamén íntegro na Rede en www.cirp.es.

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
1994-2011

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECADA *Servizo de Terminoloxía Galega* (http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html).
BILEGA: *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (http://www.cirp.es/bdo/bil/).
CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (http://balteira.cirp.es/codolga).
CORGA: *Corpus de Referencia do Galego Actual* (http://corpus.cirp.es/corgaxml).
COTOVÍA: *Conversor texto-voz* (http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html).
ES>GL: *Tradutor automático español-galego* (http://www.xunta.es/tradutor/).

Literatura

BIRMED: *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED).
MEDDB: *Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2).
DITERLI: *Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D)* (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=DITERLI).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	*Título*	Nº publ.
	LINGÜÍSTICA	
I	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	11
I	*Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE.* Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	*Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.*	115
I, W	*Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL).* Elvira Fidalgo et al.	132
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2004).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	144
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004).* Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
	LINGÜÍSTICA: FRASEOLOXÍA	
I, W	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* .	30
I, W	*Refraneiro galego da vaca.* Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	*As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	*Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I	*Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 1. *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa.* Paco Rivas.	54
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 2. *Refraneiro galego.* Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 3. *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.* Mª do Rosario Soto Arias.	84
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 4. *Estudos e recadádivas.* VV. AA.	85

I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 5. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.* Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004.	107
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 7, 2005.	118
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 2006.	129
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 9, 2007.	146
I, W	*Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.* José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 10, 2008.	156
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009.	174
I,W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 12, 2010.	187
I	*Cadernos de fraseoloxía galega* 13, 2011.	196
	LINGÜÍSTICA: TERMINOLOXÍA	
I+D	*Formulario notarial.* Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	*Regulamentos municipais I.* Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	*Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.* Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	*Vocabulario multilingüe de acuicultura.* Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	*Dicionario galego da televisión.* Edith Pazó Fernández.	117
I, W	*O nome e o símbolo dos elementos químicos.* M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I	*Glosario de termos para a avaliación de linguas.* Alte.	154
I I	*Dicionario galego de recursos humanos.* Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
	LINGÜÍSTICA: LEXICOGRAFÍA	
I, W	*Diccionario Italiano-Galego.* Isabel González (dir.) et al.	64
I, W	*O libro das palabras (obra xornalística completa).* Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I	*Dicionario Galego-Latino clásico e moderno.* Xosé López Díaz.	178
I	*Dicionario galego de Bioloxía galego-castelán-inglés.* J. Gómez Márquez, A. Mª Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
	LINGÜÍSTICA: ETNOLINGÜÍSTICA	
I, W	*O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
	LITERATURA E FONTES MEDIEVAIS	
I	*As Cantigas de Loor de Santa María.* Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar.	106
I, W	*Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.* Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I	*Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.* Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	*Cantigas do mar de Vigo.* Antonio Fernández Guiadanes et al.	35
I, W	*Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.* Mercedes Brea (coord.).	113
I	*Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.* Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4

I	*Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*. Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	*Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Mercedes Brea (coord.) et al.	19
I, W	*O cancioneiro de Pero Meendiz de Fonseca*. Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	*Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII)*. Santiago Gutiérrez García.	75
I	*Tratado de Albeitaria*. José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I	*Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Mercedes Brea (coord.)	165
I	*Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa*. Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.)	182
I	*Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco*. Mercedes Brea (coord.).	185
I	*Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*. Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	*Antoloxía do conto neozelandés*. María Fe González Fernández (ed.).	58
I	*Diccionario de termos literarios. A-D*. Equipo Glifo.	38
I	*Diccionario de termos literarios. E-H*. Equipo Glifo.	81
I	*Informe de literatura 1995*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	14
I	*Informe de literatura 1996*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	25
I, CD	*Informe de literatura 1997* (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	37
I, CD	*Informe de literatura 1998* (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	48
I, CD	*Informe de literatura 1999* (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	62
I, CD	*Informe de literatura 1995-2000*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	73
I, CD	*Informe de literatura 1995-2001*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	79
I, CD	*Informe de literatura 1995-2002*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	93
CD	*Informe de literatura 2003*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	109
CD	*Informe de literatura 2004*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	119
CD	*Informe de literatura 2005*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	135
CD	*Informe de literatura 2006*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	145
CD	*Informe de literatura 2007*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	159
CD	*Informe de literatura 2008*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	173
CD	*Informe de literatura 2009*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	179
CD	*Informe de literatura 2010*. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	194
I	*Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico*. Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	*Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia*. Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I	*Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV*. Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
	LITERATURA: FACSÍMILES	
I, W	*A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889*). Luís Alonso Girgado et al. (eds.) / 2ª ed.: 2006.	51, 122
I	*A saudade nos poetas gallegos*. Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	*Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	*Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	112

I	*Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	8
I+CD, W	*Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	*Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	*Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	2
I	*Aturuxos*. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I	*Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)*. Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.)	152
I, W	*Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)*. Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	*Cristal (Pontevedra, 1932-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	29
I, W	*Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)* [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	45
I	*Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	*Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)* [Facsímile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	*El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre*. Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	*Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	*Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	*Galicia. Revista del Centro Gallego*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	*Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	76
CD, W	*Galicia Nueva (Montevideo, 1918)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	*Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	42
I	*Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	12
I	*La Alborada (A Habana, 1912)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	43
I	*La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	20
I	*La Primera Luz*. Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	*La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	*La Tierra Gallega (A Habana, 1915)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	*La Unión Gallega*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	*Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	*Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69

CD	*O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai.* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	*Plumas e Letras en 'La Noche'* (1946-1949). Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	13
I	*Posío (Ourense, 1945-1946).* Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	9
I	*Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954).* Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	17
CD, W	*Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar.* Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	*Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990).* Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	28
I	*Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953).* Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)	149
I, W	*Suevia.* (*Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega*). Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	*Tapal.* Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	*Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado* (Montevideo, 1917-1918). Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	*Universitarios. Revista de la F.U.E.* (Santiago de Compostela 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	*Yunque. Periódico de vanguardia política.* Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	137
CD, W	*Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana – Galicia].* Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I	*1985. Almanaque gallego.* F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	*Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962).* Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	*Prensa galega da Arxentina (1935-1964).* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I	*Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades.* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
I	*Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz.* Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189

LITERATURA: NARRATIVA E POESÍA RECUPERADA

I	*A cruz de salgueiro.* Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	*A obra narrativa en galego.* Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	*Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos.* Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	*As noites no fogar e outros textos.* Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	*Baixo do alpendre e outros relatos.* M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I	*Escolma.* Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	*Escolma.* Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	*Folla Bricia. Poesía galega Completa.* Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	*Gallegada e outros textos en prosa* de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102

I, W	*Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*. [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	*O vento segrel*. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	*Obra galega*. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	*Obra galega*. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	*Obra narrativa en galego*. Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	*Obra narrativa en galego*. Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	*Obra narrativa en galego*. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	*Obra narrativa en galego*. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	*Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras*. José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	*Relatos e outras prosas*. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	*Salayos e outros poemas*. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	*Sulco e vento*. Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
I	*Contos do Turreiro*. Avelino Rodríguez Villar [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
	FILOSOFÍA E ENSAIO	
I	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
I	*Castelao humorista*. Siro López.	16
I, W	*Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo*. Ramón López Vázquez.	143
I	*Ética xeral*. Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	*Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*. Anxo González Fernández.	46
I	*Hamlet e a realidade cunqueirana*. Anxo González Fernández.	10
I	*Historia do pensamento antropolóxico en Galicia*. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	*O Padre Feixoo, escolástico*. Ramón López Vázquez.	7
I	*O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo)*. Ramón López Vázquez.	21
I	*Suma da lóxica*. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	*Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas*. Luís Rey Núñez.	94
I	*Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica)*. Ramón López Vázquez.	99
	CINE	
I	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
I	*Filmografía galega. Curtametraxes*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
	RAMÓN PIÑEIRO E CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO	
I	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
I	*Ramón Piñeiro* (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24
I	*Conversa con Ramón Piñeiro*. Manuel Rico Verea.	87
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas*. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*. José Ángel García López.	98

I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.* Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469).* Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.* Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra.* Manuel Forcadela.	120
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote.* Siro López.	127
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'*O porco de pé *de Vicente Risco).* Alba Martínez Teixeiro.	136
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros.* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado.* Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971).* Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I	*Homenaxe a Ramón Piñeiro.* Alexandra Cilleiro Prieto e Élida Abal Santorum (eds.)	169
I	*Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo).* Siro López.	170
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)*	*175*
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XV).Ramón Piñeiro: epistolario lugués.*	176
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Uxío Novoneyra II.* Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum (eds.).	186
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.* Luís Alonso Girgado e outros.	190
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antífona.* Luís Cochón.	191
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.* Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I	*Cadernos Ramón Piñeiro XX. Álvaro Cunqueiro. Miscelánea de prosas.* Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Lorena Domínguez Mallo.	195
	Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	

OUTROS

I	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno.* Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	*Guía de alimentación.* Pedro Benavente Jareño.	5
I	*Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro.* Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	*Escritos sobre Federalismo e Galeguismo.* Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I	*Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional.* Alain Gagnon.	171
I	*A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937).* Xavier R. Madriñán	184
I	*A prensa galega de Cuba.* Xosé Neira Vilas	193